

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

**A ortografía e a gramática do galego  
nos estudos gramaticais do século  
XIX e primeiros anos do XX.**

Ernesto Xosé González Seoane

Tese de doutoramento realizada baixo a dirección  
do Profesor Doutor D. Manuel González González

Santiago de Compostela, 1992

A ORTOGRAFÍA E A GRAMÁTICA DO  
GALEGO NOS ESTUDIOS  
GRAMATICAIS DO SÉCULO XIX E  
PRIMEIROS ANOS DO XX

ERNESTO XOSÉ GONZÁLEZ SEOANE

A aparición dos primeiros estudos lingüísticos sobre o galego coincide, e non por casualidade, co despegue e progresivo avance do proceso de recuperación deste idioma, fundamentalmente como instrumento de expresión literaria. Sen o rexurdimento do cultivo literario e, máis en xeral, sen o espertar no plano social e político da 'conciencia galega' resultaría imposible explicar este inusitado interese por unha lingua da que, salvo honrosas e contadas excepcións, ninguén se preocupara durante os séculos inmediatamente anteriores.

Deste xeito, os traballos lingüísticos e, máis especificamente, as gramáticas preséntanse como unha faceta máis da realidade poliédrica que coñecemos co nome de rexionalismo. Así, da mesma maneira que os historiadores se empeñan en demostrar que Galicia é unha entidade diferenciada cunha historia propia e singular e mesmo cunha composición étnica privativa, da mesma maneira que os escritores se esforzan en forxar unha lingua apta para expresa-los máis elevados sentimentos e os conceptos máis sutís, os gramáticos tratan de probar que o galego non é o *patois* bárbaro e anárquico que pretenden algúns, senón unha lingua 'con gramática', susceptible de ser 'sometida' a regras, exactamente igual que calquera outro idioma. A situación, pois, non é radicalmente diferente da que tiveron que enfronta-los primeiros gramáticos provenzais. Se daquela o latín era a lingua escrita, a lingua culta por excelencia,

e a única digna como obxecto de estudio, agora, no caso de Galicia, esta posición está ocupada polo castelán, erixido en modelo de estabilidade e de unidade. Pola contra, o vulgar daquela e o galego despois presentábanse como unha realidade cambiante e asistemática.

Así as cousas, non será estraño que as persoas preocupadas polo porvir do galego sintan como necesidade urxente a de contar cunha boa gramática e cun dicionario o máis completo posible. Gramática e dicionario son, pois, dous requisitos imprescindibles para que o galego, aínda que con séculos de retraso, poida acceder á condición de moderna lingua de cultura. Deste xeito, os nosos primeiros gramáticos asumirán o reto de demostrar que, por riba da pluralidade dialectal e da inestabilidade ortográfica, o galego non é diferente dos seus veciños, senón tan digno de estudio e de atención coma eles. Será esta reivindicación o argumento central da acendida defensa da lingua galega que é o prólogo da gramática de Saco:

¿No es por ventura esa lengua de tan noble origen como cualquiera de sus hermanas, tan pintoresca y flexible como la primera, dulce y onomatópica como ninguna? (p. vi).

Por outra banda, detrás das manifestacións sobre a urxencia de contar con gramáticas escritas ou con dicionarios pode percibirse un certo complexo de inferioridade que nace de identificar lingua *sen gramáticas* con lingua *sen gramática*. Contra este tópico, que debía estar bastante difundido reaccionara xa Pintos ó insistir no

carácter primaria e esencialmente oral da linguaxe humana<sup>1</sup> e ó minimiza-la importancia de que no seu tempo o galego aínda non contase con ningún destes dous instrumentos:

Ah de Dios, dicen alguns,  
 Que gramatica non temos  
 Nin dicionario tampouco  
 De sinificados cheo!  
 [...]  
 Que gramatica estudieron  
 Moises nin tampouco Homero?  
 E non fono os escritores  
 Millores do mundo inteiro?  
 Escriban tod'os que saben  
 O noso idioma gallego;  
 Fáganse dimpois apuntes  
 O millor sempre escollendo  
 Redondeese o language  
 Como tod'os mais fixeron,  
 Que gramaticas dimpois  
 E dicionarios a centos  
 Veredes po los mercados  
 E nas tendas dos libbreiros  
 (*Gaita*, pp. 37-38).

Así pois, para Pintos a gramática *existe* na lingua independentemente de que esta conte ou non con estudos gramaticais escritos. Sen embargo, a maioría dos que nas décadas seguintes se referiron a esta cuestión continuarían insistindo nesta necesidade. Nin sequera a publicación dos primeiros traballos, e de forma singular da gramática de Saco, conseguiu acalar estas demandas. Isto é en boa medida lóxico se temos en conta que o tipo de gramática que requirían estas voces non podía limitarse a ser unha simple descrición das formas e usos da linguaxe oral. Pola contra, na gramática desexada debía ter un importante peso o

---

<sup>1</sup> "Mira rapaz o language / non se compon de procesos / nin de folliñas escritas / nin de libriños impresos / que se compon de palabras / que van da boca correndo / para decir òs demais / todo o noso pensamento. / E cando miles de homes / nados no mesmo terreo / daquela moda se entende / dendes de anos muitos centos / e porque teñen language / con puntos e comas feito" (Xoán Manuel Pintos, *A gaita tocada po lo gaitero, ou sea Carta de Cristus pra ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e aínda mais*. Imprenta de José y Primitivo Vilas, Pontevedra, 1853, p. 36. Reproducción facsimilar da Real Academia Galega, A Coruña, 1981).

compoñente prescritivo. Xa que logo, o verdadeiramente importante non era tanto contar con *gramáticas* como dispoñer dunha gramática con maiúsculas, dunha gramática normativa que sinalase cal era o modelo de lingua a que debían suxeitarse os escritores e mailos falantes cultos. Como era de prever, esta tarefa non podía ser acometida por individuos particulares, senón que debía encomendarse a unha institución dotada de autoridade e de prestixio. Por esta razón, as demandas dunha gramática destas características adoitan ir asociadas ós chamados á constitución da Academia Galega<sup>2</sup>. Sen embargo, aínda que a institución finalmente se constituíu, a gramática nunca chegou a redactarse.

Así pois, a produción gramatical galega no século XIX é obra do esforzo individual dunha serie de persoas ben intencionadas, pero non sempre dotadas dos coñecementos e da preparación que serían de desexar. Tradicionalmente vénselles aplicando a etiqueta de 'gramática' a catro obras redactadas neste período<sup>3</sup>: o *Compendio de gramática gallego-castellana* de Francisco Mirás, aparecido en 1864<sup>4</sup>; *El habla gallega* de Juan Cuveiro Piñol, que sae do prelo en 1868<sup>5</sup>; a

<sup>2</sup> Véxase, por exemplo, Aureliano J. Pereira, "Academia gallega", *Galicia. Revista Regional*, I, n. 2 (02.1887): "Se necesita un buen *Diccionario*, y una buena *Gramática*; obra que no creemos sea bastante á realizar con el grado de perfección que se necesita, una sola persona, por grande que sea su voluntad. Para tal trabajo se necesita la asociación que lo hará mucho más llevadero y completo" (pp. 107-108).

<sup>3</sup> Cfr. Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo, 1981<sup>3</sup>, p. 66, e *Gramática elemental del gallego común*, Galaxia, Vigo, 1979<sup>1</sup>, pp. 31-34; Francisco Fernández del Riego, *Historia da literatura galega*, Galaxia, Vigo, 1981<sup>3</sup>, pp. 88-90, e A. Santamarina, s.v. 'gramática' en *Gran Enciclopedia Gallega*, 16, pp. 191-194.

<sup>4</sup> Francisco Mirás, *Compendio de gramática gallego-castellana, con un vocabulario de nombre y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La Creacion y Redencion. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*, Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás, Santiago, 1864. Existe unha reprodución facsimilar de Akal, Madrid, 1978.

<sup>5</sup> Juan Cuveiro Piñol, *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, Imp. de José A. Antúnez y C<sup>â</sup>, Pontevedra, 1868.

*Gramática gallega* de Saco Arce, publicada neste mesmo ano<sup>6</sup>, e os *Elementos de gramática gallega* de Marcial Valladares, rematados en 1892 pero inéditos ata 1970<sup>7</sup>. En realidade, trátase dun grupo de obras moi heteroxéneo no que se mesturan traballos de certa entidade con outros, singularmente os de Mirás e Cuveiro, que dificilmente encaixarían dentro do que hoxe entendemos por gramática. En calquera caso, nós manteremos convencionalmente, aínda que con reservas, esta denominación para referirnos a todas elas. Actuando con esta mesma amplitude de criterio, poderíamos completa-la nómina engadindo algúns traballos de Manuel R. Rodríguez, concretamente a serie de artigos titulada "Declinación gallega"<sup>8</sup>, que deixou inconclusa, os "Apuntes gramaticales" sobre a lingua da *Crónica Troiana*<sup>9</sup>, que, aínda que pretenden ser unha introducción ó galego desta obra, constitúen unha descrición parcial e incompleta do galego do seu tempo, e "Un bosquejo filolóxico sobre las lenguas neo-latinas", unha serie de dúas 'disertacións' das cales a segunda é unha sinxela exposición dalgunhas características ortográficas e morfolóxicas do galego moderno<sup>10</sup>.

---

<sup>6</sup> Juan A. Saco Arce, *Gramática gallega*, Imprenta de Soto Freire, Lugo, 1868. Existe unha segunda edición en Ourense, 1967.

<sup>7</sup> Marcial Valladares Núñez, *Elementos de gramática gallega*, Galaxia, Vigo, 1970.

<sup>8</sup> Manuel R. Rodríguez, "Declinación gallega", *Galicia. Revista Regional*, I, 2ª época, n. 5 (11.1892), pp. 267-275; n. 6 (12.1892), pp. 335-345; n. 7 (01.1893), pp. 385-390; n. 8 (02.1893), pp. 461-469; n. 9 (03.1893), pp. 525-528.

<sup>9</sup> Manuel R. Rodríguez, "Apuntes gramaticales sobre el romance gallego de la *Crónica Troyana*", en Andrés Martínez Salazar, *Crónica Troyana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*, Imprenta de la Casa de Misericordia, A Coruña, 1900, vol. I, pp. 1-87.

<sup>10</sup> Manuel R. Rodríguez, "Un bosquejo filolóxico sobre las lenguas neo-latinas", *Santiago. Revista literaria*, III (1902), n. 1, pp. 12-15; n. 2, pp. 12-15; n. 3, pp. 11-13. A "Disertación II" ocupa os nn. 2 e 3.

Un intento fanado foi o proxecto do noiés Ramón Álvarez de la Braña titulado *Gramática y vocabulario del dialecto gallego*. A obra comezou a publicarse por entregas en 1863, pero dela, segundo parece, só chegaron a aparecer dous pregos<sup>11</sup>. Por outra parte, o seu prólogo, titulado "Del origen y la formación del dialecto gallego", de escaso interese para o noso estudio, aparecería algúns anos máis tarde en *El Buscapié*, e logo na obra *Galicia, León y Asturias*<sup>12</sup>. Pola nosa parte engadiremos que a obra estaba concibida como unha gramática teórico-práctica seguida dun vocabulario no que figurarían as voces nela empregadas. Polo menos así se anuncia nun folleto de propaganda con que se abre a subscripción:

Para facilitar el conocimiento de este *dialecto*, juntamente con la *Gramática*, se publicará un *Vocabulario* de las voces menos peregrinas, y de las que comprenden los trozos en prosa y verso, que, por via, de ejercicios, contendrá la misma.

A xulgar polos detalles que proporciona o dito folleto a obra, que constaba de vintecinco fascículos de a dezaseis páxinas, debía de estar xa rematada e disposta para a imprenta. Finalmente a súa publicación suspenderíase por razóns que descoñecemos, pero non parece arriscado supoñer que a causa sería a falta de subscritores.

Polo que se refire ós contidos das obras efectivamente publicadas, cómpre destacar que estes traballos se

<sup>11</sup> Cfr. Couceiro Feijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. 1, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1954, p. 41; *Gran Enciclopedia Gallega*, 2, p. 14 s.v. 'Álvarez de la Braña, Ramón'; Xesús Alonso Montero, *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica*, Celta, Lugo, 1970, p. 61, n. 35, e Carme Hermida, *O rexurdir da conciencia idiomática (1840-1891)*, tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 1991, p. 152.

<sup>12</sup> Ramón Álvarez de la Braña, "Del origen y la formación del dialecto gallego", *El Buscapié*, 102 (10.04.1868), pp. 2-3; 103 (18.04.1868), pp. 2-3. Reproducido en *Galicia, León y Asturias*, A. Martínez Salazar, editor, A Coruña, 1894, pp. 255-264.



caracterizan por ser en maior ou en menor medida obras misceláneas. Deste xeito, todos eles sen excepción dan cabida a materias que pouco ou nada teñen que ver coa gramática. Esta circunstancia faise máis patente en traballos coma os de Mirás e Cuveiro, nos que os contidos non gramaticais superan claramente en extensión a descrición propiamente gramatical, que, por outra parte, se limita á simple exposición dalgúns paradigmas. Con todo, esta característica non é privativa deles. Nin sequera un gramático serio e solvente como Saco conseguiu fuxir da tentación de integrar na súa obra unha breve escolma de textos literarios, unha colección de refráns, unha relación de nomes propios galegos coas súas correspondencias castelás, etc.

Noutra orde de cousas, o contexto en que se produce a aparición destas primeiras gramáticas explica tamén algunhas das súas insuficiencias máis notables. En primeiro lugar, semella innegable que a proximidade lingüística entre galego e castelán incidiu decisivamente na propia composición interna das gramáticas, nas que se observa unha clara descompensación entre os contidos. Deste xeito, os nosos autores tenden a obviar aqueles aspectos en que as dúas linguas coinciden e sobrancean principalmente as características que lles permiten individualizalo galego fronte ó seu poderoso competidor. En xeral, os gramáticos galegos non se recatan en recoñecer de forma explícita este propósito. Mirás, por exemplo, tras aclarar que a súa obra "no tiene otro objeto que el aclarar cuanto sea posible las locuciones y vocablos mas oscuros del dialecto gallego", engade que lle parece suficiente consignar só "la declinacion del artículo, nombre, pronombre; la conjugacion de los verbos regulares, y la de algunos irregulares de mas

complicacion" (p. 9). Máis franco, Cuveiro declara abertamente:

Siendo el habla gallega en su estructura y formas, igual á la castellana, con algunas diferencias que iremos estampando, *nos parece inutil explicar aqui los sonidos, partes de la oracion, declinacion del artículo, números, personas y géneros*, puesto que en cualquiera de nuestras gramáticas, se hallarán nociones generales, no solo de aquellas, sinó de las cuatro partes en que se divide ésta: ortografía, analogía, sintaxis y prosodia (p. 7; subliñado noso).

Tamén Saco, que ofrece con diferencia a mellor e máis completa descrición do galego do seu tempo, acaba admitindo que na súa obra, ou polo menos nalgúns capítulos, o seu interese estará centrado só nos aspectos diferenciais:

Si bien los dialectos gallego y castellano, como hijos de un mismo idioma en lo esencial, no presentan gran número de diferencias en su sintaxis, no es sin embargo tan exacta su conformidad en este punto, que no ofrezca algunas verdaderamente dignas de consideración. *En estas diferencias se fijará casi exclusivamente nuestra atención, pasando por alto ó contentándonos con mencionar lo que sea comun á entrambos idiomas* (p. 155; subliñado noso).

Deste xeito, as obras producidas durante este período non son nunca instrumentos autosuficientes, senón que xa desde a súa concepción se supeditan e subordinan á gramática española, á que inexcusablemente deberá acudir todo aquel que desexe coñece-la galega.

Por outra banda, esta dependencia da gramática española explica tamén a notable despreocupación dos nosos autores polos aspectos teóricos. Este escaso nivel de elaboración que se aprecia nos textos galegos podería achacarse certamente á falta de preparación de boa parte dos gramáticos, que na maioría dos casos non pasan de ser

simples afeccionados<sup>13</sup>. Sen embargo, un autor como Saco, de quen sabemos que tiña unha formación máis sólida, cando menos nos estudos clásicos, tampouco amosa gran preocupación pola fundamentación teórica da súa obra. De tódolos xeitos, é de xustiza recoñecer que o ourensán é, xunto con Valladares, o único que se detén a clasificar e definir cada unha das 'partes da oración', por máis que en moitos casos as súas definicións sexan puramente rutinarias.

En calquera caso, por riba das súas insuficiencias e das numerosas imperfeccións que presentan estas obras, a información que ofrecen é sumamente valiosa para coñecérmo-lo estado da lingua galega durante o período do seu renacemento como instrumento de cultura.

Paralelamente á aparición da produción gramatical, é tamén durante a segunda metade do século cando teñen lugar os primeiros intentos logrados de establece-lo corpus léxico do idioma. É ben certo que este tipo de traballos contaba con máis tradición cós de corte gramatical. Sen embargo, as obras producidas durante o século anterior por estudiosos como Cornide, Sarmiento ou Sobreira ou ben eran moi parciais, ou ben quedaron inconclusas ou ben permaneceron longos anos á espera da súa publicación. Deste xeito, non é ata ben entrado o século XIX cando se rexistra a aparición do primeiro dicionario, o *Diccionario gallego* de Francisco

---

<sup>13</sup> Ora ben, a impresión de falta de profesionalidade que producen algúns textos pode conducirnos a conclusións precipitadas e erróneas. Así, á vista da obriña de Mirás, calquera podería supoñer que o seu autor, de quen a penas temos noticias, era todo o máis un curioso sen ningunha preparación gramatical ou lingüística. Sen embargo, este mesmo Francisco Mirás publicaba uns anos antes do *Compendio* unha obra titulada *Elementos de análisis ideológico-gramatical, ó La ciencia del lenguaje con aplicación á la lengua latina* (Imprenta de la Viuda de Compañel e Hijos, Santiago, 1848). Aínda que a obra non é propiamente orixinal, senón un 'extracto' dun texto inédito de José Ignacio da Silva Pimenta, revela que o noso autor tiña certos coñecementos de gramática latina e non era o aprendiz torpe e inexperto que imaxinabamos. Naturalmente isto non altera para nada o xuízo negativo que nos merece o seu *Compendio*.

Javier Rodríguez, publicado postumamente en 1863<sup>14</sup>. Seguirían os seus pasos dous autores xa coñecidos, Cuveiro Piñol, que publica a súa obra en 1876<sup>15</sup>, e Marcial Valladares, que dá a coñece-lo seu diccionario en 1884<sup>16</sup>. A esta curta nómina habería que engadir traballos menos ambiciosos como os glosarios con que algúns autores tentaron clarexa-lo significado dalgunhas voces por eles empregadas nas súas obras literarias. Refírome a pezas como o *Breve diccionario gallego* de Pintos<sup>17</sup>, o "Catálogo" de voces do dialecto berciano obra de Antonio Fernández Morales<sup>18</sup>, ou o *Glosario* atribuído a Murguía que cerra os *Cantares gallegos* de Rosalía<sup>19</sup>. Outras obras non tiveron tanta fortuna e permaneceron inéditas ata época recente ou ben se perderon, quizais definitivamente. Entre as primeiras están un vocabulario galego-castelán dunhas sete mil voces atribuído a Pintos<sup>20</sup>, outro moito máis modesto de Eduardo Pondal sacado recentemente á luz por Gómez Clemente e Arias

---

<sup>14</sup> Francisco Javier Rodríguez, *Diccionario gallego*, editado por Galicia. *Revista Universal de este Reino*, Imprenta do Hospicio Provincial, A Coruña, 1863.

<sup>15</sup> Juan Cuveiro Piñol, *Diccionario gallego. El más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares y su pronunciación*, Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y C<sup>3</sup>, Barcelona, 1876.

<sup>16</sup> Marcial Valladares, *Diccionario gallego-castellano*, Estab. tip. del Seminario Conciliar, Santiago, 1884.

<sup>17</sup> Xoán Manuel Pintos, *Breve diccionario gallego, escrito por el tamborilero para facilitar la inteligencia de la Gaita gallega tocada por el gaitero*, Imprenta de José y Pírrimitivo Vilas, Pontevedra, 1853.

<sup>18</sup> Antonio Fernández y Morales, "Catálogo y significacion de las voces del sub dialecto berciano, usadas en este libro", en *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, Establecimiento tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñon, León, 1861, pp. 371-379.

<sup>19</sup> M[urguía], [Manuel], "Glosario", en Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*, Imprenta de D. Juan Compañel, Vigo, 1863, pp. 173-183.

<sup>20</sup> Cfr. Suso Riveiro Costa, "Nota sobre o vocabulario galego-castelán de X.M. Pintos", *Cadernos de lingua* 1 (1990), pp. 145-153.

Freixedo<sup>21</sup>, e o dado a coñecer xa hai algúns anos por Pensado Tomé<sup>22</sup>. Entre os proxectos frustrados cómpre citar, ademais do de Álvarez de la Braña, o de Luis Aguirre y del Río. O seu *Diccionario del dialecto gallego*, varias veces anunciado como de inminente publicación, non chegou a ve-la luz en letra impresa, polo menos na súa integridade<sup>23</sup>.

En xeral, as obras lexicográficas producidas ó longo do século XIX presentan unha coincidencia fundamental cos textos gramaticais deste mesmo período. Como as gramáticas, os dicionarios do XIX, e mesmo os de boa parte do XX, en ningún momento aspiran a ser instrumentos completos e autosuficientes. Así, o proceso de selección léxica non pretende establecer un corpus máis ou menos completo pero coherente e depurado, senón que trata de recoller simplemente as voces, ou eventualmente as acepcións, diferenciais con relación ó castelán. Por outra parte, a presenza do castelán como idioma de referencia evidénciase no feito de que todas estas obras, por máis que nalgúns casos de denominen "diccionario gallego", son en realidade dicionarios ou vocabularios bilingües<sup>24</sup>.

---

<sup>21</sup> Xosé María Gómez Clemente e Xosé Bieito Arias Freixedo, "O 'Vocabulario gallego-castellano de Eduardo Pondal", *Cadernos de lingua* 2 (1990), pp. 11-46. Conforme indican os seus editores "o manuscrito en si parece máis ben unha fase previa do labor de redacción de papeletas para o Diccionario da Academia" (p. 18).

<sup>22</sup> José Luis Pensado Tomé, "Un vocabulario gallego del siglo XIX", en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo, 1958, pp. 275-286.

<sup>23</sup> Hermida, *Rexurdír*, p. 151, sinala de que cando menos unha entrega apareceu como suplemento de *El Alba Católica* de Madrid. Máis adiante, esta mesma autora informa de que chegaron a publicarse catro pregos (p. 494). En calquera caso, o certo é que a súa obra, inédita na súa maior parte, non tivo incidencia ningunha na época.

<sup>24</sup> Para unha revisión crítica da produción lexicográfica galega, cfr. A. Santamarina, s.v. 'dicionarios', en *Gran Enciclopedia Gallega*, 9, pp. 90-92.

Coa súa recuperación literaria o galego non só se converte en obxecto de estudo, senón que tamén pasa a ser motivo de polémica. Á parte das controversias sobre a necesidade ou a oportunidade de preservalo das forzas que ameazaban con facelo desaparecer, ó longo da segunda metade do século XIX rexístranse numerosas discusións a propósito de cuestións relacionadas máis ou menos directamente coa lingua. Na maior parte dos casos os debates centráronse ó redor de problemas puntuais, sobre todo dos relativos á ortografía (apóstrofos, representación do /ʃ/, emprego de <b>, <v> ou <h>, etc.), pero non faltaron tampouco as opinións encontradas sobre asuntos de máis transcendencia, como a conveniencia do achegamento ó portugués, a finalidade da ortografía ou os criterios en que se debía fundamentalo patrón culto. A expansión que experimentou a prensa periódica, por outra parte sempre disposta a acoller nas súas páxinas o debate e a controversia, posibilitou este fenómeno das 'polémicas' ó facilita-la difusión e o intercambio de ideas. Sen a función dinamizadora da prensa toda esta produccion dificilmente podería aflorar.

Ademais de gramáticas, repertorios léxicos e polémicas de prensa, existe outro instrumento sumamente valioso. Refírome ós textos literarios e moi especialmente ós seus prólogos, onde con certa frecuencia atopamos reflexións sobre a lingua, consideracións sobre a ortografía, notas xustificativas de certas escollas, noticias, normalmente pouco precisas, sobre a distribución territorial de certas formas, etc. Ó seu lado, as recensións críticas de obras publicadas fornecen tamén a miúdo noticias sobre estas mesmas cuestións.

Todos estes materiais constitúen a base do noso estudio. Como é natural, as gramáticas serán o núcleo e o

punto de referencia fundamental do traballo, pero non por iso descoidaremos todas estas outras fontes de información. Sobre esta base, nas páxinas que seguen trataremos de achegarnos ós problemas con que os primeiros estudiosos do galego moderno tiveron que se enfrontar á hora de elaboraren para el un modelo ortográfico e gramatical, ós medios empregados para superalos e ás solucións finalmente recollidas e propostas nos seus traballos. Se ben é certo que en moitos aspectos, sobre todo no terreo da descrición gramatical, estas obras non mostran unha grande vocación normativa, non o é menos que todo tratado gramatical agocha en maior ou en menor grao un proceso de selección e depuración da realidade lingüística. Por esta razón, a análise dos criterios manexados nesta operación permitíranos coñecer-la actitude e a valoración dos nosos autores con respecto á lingua viva e popular do momento, á distribución dialectal de certas solucións ou á permisividade para cos castelanismos. Por outra parte, por máis que a descrición que ofrece un gramático non pode considerarse sen máis unha fotografía fiel da lingua do seu tempo, constitúe sen dúbida un instrumento privilexiado para aproximarse a ela. Así, aínda que a lingua non cambiou substancialmente nos últimos cento cincuenta ou douscentos anos, estes traballos permitirannos comproba-la vixencia na época de formas que hoxe se encontran en franco retroceso, así como o proceso de emerxencia ou expansión de solucións innovadoras.

Para completar esta visión confrontaremos, sempre que o consideremos útil, as solucións rexistradas e propostas polas gramáticas coas empregadas polos escritores contemporáneos a elas. Con este fin tomaremos como base un reducido corpus de textos literarios entre os que cómpre

destacar *A gaita gallega* de Pintos, *Cantares gallegos*<sup>25</sup> e *Follas novas*<sup>26</sup> de Rosalía de Castro, *Aires da miña terra*<sup>27</sup> e *O divino Sainete*<sup>28</sup> de Curros, *Saudades gallegas*<sup>29</sup> de Lamas Carvajal, *Queixumes dos pinos*<sup>30</sup> de Pondal, e dúas compilacións de literatura oral, o *Cancionero popular gallego*<sup>31</sup> de Pérez Ballesteros e a *Literatura popular de Galicia*<sup>32</sup> de Saco Arce. Somos conscientes de que o corpus é limitado e non permite tirar conclusións definitivas acerca da lingua literaria do momento, pero ó mesmo tempo cremos que nos permitirán cando menos coñecer as súas tendencias fundamentais.

Algunhas páxinas máis atrás dicíamos que en xeral os nosos autores non manifestaban unha grande preocupación polos aspectos máis técnicos da descrición gramatical. Aínda así, cremos que pode resultar de interese analizar as definicións e as clasificacións que propoñen para así tratar

---

<sup>25</sup> Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*, Imp. de D. Juan Compañel, Vigo, 1863. A non ser que se indique o contrario citaremos sempre pola segunda edición, a derradeira que a autora puido revisar (Imprenta de Ribadeneira, Madrid, 1872).

<sup>26</sup> Rosalía de Castro, *Follas novas. Versos en gallego*. Precedidos de un prólogo de Emilio Castelar, La Propaganda Gallega, Habana, 1880.

<sup>27</sup> Manuel Curros Enríquez, *Aires d'a miña terra. Colección de poesías gallegas*. C'un prólogo de D. José Ogea, Tipografía de A. Otero, editor, Ourense, 1880. Se non indico o contrario cito pola terceira edición, corrixida e aumentada de Latorre y Martínez, Editores, A Coruña, 1886.

<sup>28</sup> Manuel Curros Enríquez, *O divino Sainete. Poema en oito cantos*, Imprenta de Ferrer, A Coruña, 1888.

<sup>29</sup> Valentín Lamas Carvajal, *Saudades gallegas*, Imp. de La Propaganda Gallega, Ourense, 1880.

<sup>30</sup> Eduardo Pondal, *Queixumes d'os pinos*, Latorre y Martínez, Editores, A Coruña, 1886.

<sup>31</sup> José Pérez Ballesteros, *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña, con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theófilo Braga, y concordancias por Antonio Machado y Alvarez*, 3 vols., Est. tip. de Ricardo Fé, Madrid, 1885-1886.

<sup>32</sup> Juan Antonio Saco Arce, *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Edición y estudio preliminar de Juan Luis Saco Cid, Deputación Provincial de Ourense, 1987.



de descubri-las fontes de que se serviron para o seu traballo e a tradición en que deliberada ou inconscientemente se inscriben.

O arco temporal que cobre o noso traballo abrangue desde as primeiras reflexións conscientes sobre a lingua, que se producen nos anos cincuenta con obras como a de Pintos, ata a primeira década do século XX, en que inicia as súas actividades a Academia. Certamente a data proposta como *terminus ad quem* é convencional -no fondo, tódolos marcos temporais o son en maior ou menor medida-, pois non se aprecia un cambio significativo, unha ruptura entre os escasos traballos xurdidos ó abeiro desta institución e toda a produción anterior. Sen embargo, cremos que pode ser válida por canto nos permite xebra-la produción decimonónica da que na segunda década do século, e sobre todo nos anos vinte e trinta, se produciu no seo de organizacións como as Irmandades da Fala ou do Seminario de Estudos Galegos.

Por último, gustaríame destacar que o traballo está estruturado en dous grandes bloques. No primeiro, dedicado á ortografía, seleccionamos aqueles aspectos do sistema gráfico que máis problemas causaron ós primeiros estudiosos do galego e, en xeral, a tódolos seus usuarios. O segundo, centrado propiamente na gramática, segue o esquema de clasificación proposto para as 'partes da oración' e pretende ser un estudio das formas e usos rexistrados e propostos nestas obras.

# I. ORTOGRAFÍA

## 1. Introducción

### 1.1. O Rexurdimento literario e o espertar dunha conciencia normativa.

O rexurdimento da literatura galega na segunda metade do século XIX espertou o interese polo estudio da lingua que lle servía de vehículo de expresión. Polo demais, a extensión cada vez maior do cultivo literario do galego foi poñendo de manifesto a existencia de numerosas diverxencias entre os patróns ortográficos, gramaticais e léxicos adoptados polos escritores. Non podía ser doutro xeito tendo en conta as condicións en que se encontraba o idioma cando se inicia o seu proceso de recuperación. Así, mentres que nos séculos inmediatamente anteriores os idiomas veciños foran creando e consolidando os seus respectivos rexistros cultos, en Galicia a lingua do país vivía unha situación de absoluta prostración. Esta circunstancia produciu como consecuencia máis directa que os escritores do Rexurdimento non dispuxesen dunha tradición escrita recente que lles puidese servir de punto de referencia. Por outra banda, o confinamento do galego á condición de lingua oral e familiar e o seu afastamento dos rexistros cultos impediu que este, a diferenza das outras linguas, puidese crear ou habilitar toda a terminoloxía que demandaban os adiantos do século. Noutra orde de cousas, a forte penetración do castelán provocara, sobre todo nos medios urbanos, a deturpación do propio sistema lingüístico. Por último, a falta dunha norma que actuase como elemento aglutinante das distintas variedades xeográficas propiciou que o galego, abandonado ás súas propias forzas, continuase avanzando no proceso de disgregación dialectal.

Pese a ser unha cuestión menor se a comparamos con outras de máis fondo calado, entre as que habería que cita-la necesaria actualización do idioma, a depuración de elementos alleos ou a determinación dos criterios polos que se había rexe-la fixación do rexistro culto, o problema da unificación ortográfica vaise magnificar ata o punto de se converter no obxecto fundamental do debate lingüístico durante a segunda metade do século<sup>1</sup>. Tanto as persoas comprometidas coa recuperación do galego coma aquelas outras que avogaban por abandonalo ó seu destino coinciden en sinalar que a inexistencia dun acordo en materia ortográfica pode repercutir negativamente nas posibilidades de supervivencia do idioma. Estas denuncias da confusión ortográfica que reina na escrita do galego van normalmente encamiñadas a urxi-la constitución dunha institución, á maneira das academias que xa daquela funcionaban noutros espazos lingüísticos, coa autoridade necesaria para atinxi-la tan ansiada unificación<sup>2</sup>. Como testemuño desta preocupación podemos citar, entre outras, as opinións de Aureliano J. Pereira, para quen na ortografía galega "reína la más completa anarquía: la *x*, la *j* y la *g* se usan indistintamente, por exemplo: unos escriben *de a* y otros

---

<sup>1</sup> Como é ben sabido, as polémicas ortográficas caracterizan en xeral tódolos procesos de renacemento dunha lingua. Algo semellante acontece en Cataluña durante a Renaixença. Mila Segarra xustifícaa así: "Era lògic que, en el moment en que la producció literària culta començava a incrementar-se, veus autoritzades -i d'altres de no tan autoritzades- s'alcessin, per defensar en uns casos, per combatre en d'altres, aquells punts de l'ortografia moderna més problemàtics i insatisfactoris" (*Història de l'ortografia catalana*, Empúries, Barcelona, 1985, p. 172).

<sup>2</sup> Sobre a reclamación da Academia, vid. Xesús Alonso Montero, "Prehistoria da Academia. Á procura da norma culta de 1875 a 1905", *Grial* 99 (1988), pp. 8-18. Véxase ademais outro traballo deste mesmo autor "O día en que se inaugurou a Academia Galega: o problema da(s) lingua(s)", en *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. II, Universidade de Santiago, 1991, pp. 7-18. Este traballo está reproducido no volume *Informe(s) sobre a lingua galega (Presente e pasado)*, Edicións do Cumio, Vilaboa, 1991, pp. 157-170.

d'a. No hay regla etimológica alguna para la escritura"<sup>3</sup>. O seu non é un caso illado. Pola contra, a súa visión é en xeral compartida por todos aqueles que se deteñen a analiza-la situación do galego escrito durante este período<sup>4</sup>. Como causa fundamental desta falta de acordo cítase con frecuencia o individualismo, o desleixo e a nugalla intelectual dos propios escritores, que prefiren a comodidade de non se someteren a máis disciplina ca á súa propia. Neste sentido, Martínez Salazar censura a intransixencia dalgúns deles, sempre reacios a renunciar a ningún dos seus hábitos, adquiridos en moitas ocasións por pura imitación do escritor favorito e non a través dun proceso reflexivo e científico<sup>5</sup>.

Entre as consecuencias derivadas desta confusión podemos destacar, por unha banda, a inseguridade que se xera nos usuarios, que non saben ben a que aterse á hora de poñérense a escribir. Por outra, existe o temor de que esta situación caótica poida producir nos que contemplan desde fóra, e non sempre con simpatía, o proceso de recuperación do galego unha impresión de escasa seriedade, o que en última instancia non faría máis ca restar credibilidade a

---

<sup>3</sup> Aureliano J. Pereira, "Academia gallega", p. 107.

<sup>4</sup> Por citar algún exemplo máis, o escritor e xornalista ourensán Luciano Cid Hermida, "Parolemos", *La Pequeña Patria*, I, n. 10 (10.02.1891), propón tamén a fundación dunha Academia para "concruir coese desconcerto etimolóxico, sintáxico, prosódeco e ortográfeco que se ven ouservando n-os traballos de cuáseque tódol-os que queren figurar com'esquirtores galaicos d'algun tempo a esta parte" (p. 155). En parecidos termos se expresa tamén Roque Pesqueira Crespo, "Sobre la Academia gallega", *Álbum literario*, II, n. 70 (20.06.1889), que denuncia ademais o desinterese e a apatía que reina entre os cultivadores do galego escrito:

Solo así podríamos explicarnos el abandono en que yace nuestro idioma dividido en tantos diccionarios y gramáticas como son las personas que se dedican á su cultivo (p. 3).

<sup>5</sup> Cfr. A. Marsal, "Á uno, á otro y á todos", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 6 (06.1888), p. 245.

este movemento. Esta é, polo menos, a opinión de Luciano Cid:

É mester que [...] percuremos sin sosego a máis compreta unidade n-o que se refira â perfeución d'a nosa lingua, estabrecendo regras fixas e preceutos gramaticás que desterren d'unha vez ése desbaraxuste que nos espón ô descreto d'os estranos<sup>6</sup>.

De tódolos xeitos, tampouco faltan as voces que minimizan a importancia desta situación. Tal é o parecer de Manuel Pardo Becerra, quen, aínda recoñecendo que a falta de uniformidade gráfica do galego escrito pode facer desistir a moitas persoas da idea de escribir en galego, engade:

Non e tanta a difréncia como algunhos supoñen porque se pode dicir, que fora de tres ou catro esquirtores, moi respetabres por certo, todol-os demais van á unha n-o modo d'usal-a ortografía gallega<sup>7</sup>.

Non obstante, cómpre ter en conta que as palabras de Pardo Becerra parecen redactadas pensando nun problema particular, o da representación do /ʃ/, e non na ortografía en xeral.

Pese ás iniciativas a prol da Academia, a súa fundación aínda demoraría uns anos e, mesmo despois da súa constitución, as controversias e a división de criterio continuarían por causa da incapacidade manifesta deste organismo para aunar opinións e para impoñe-la súa

---

<sup>6</sup> Luciano Cid Hermida, "Parolemos", p. 155.

<sup>7</sup> Manuel Pardo Becerra, "D'a fala gallega", *A Monteira*, I, n. 10 (17.12.1889), p. 75.

autoridade, axiña cuestionada desde diversos foros<sup>8</sup>. En todo caso, a inexistencia desta institución primeiro, e a súa incompetencia despois, deixou en mans de persoas ben intencionadas, pero non sempre coa preparación e os coñecementos necesarios, a tarefa de procura-la unificación e normativación do idioma galego. Por esta razón, os debates necesariamente tiveron que centrarse ó redor de propostas unipersoais, que, como era de prever, en ningún caso acadaron o consenso necesario para se converteren en norma común.

O proceso de unificación e regularización da ortografía presentaba, no caso galego, unha dificultade de partida: a inexistencia dunha tradición escrita continuada. Os puntos máis conflictivos da ortografía, ou polo menos os que máis discusión xeraron, eran, por unha banda, os relativos á adecuación entre o sistema gráfico e o sistema fonolóxico (representación gráfica dos fonemas /ʃ/ ou /b/, utilización do grafema <h>, distinción gráfica de vocais abertas e pechadas, etc.), e, por outra, os relacionados coa representación escrita de certos procesos fonotácticos (especialmente as contraccións resultantes dos encontros

---

<sup>8</sup> Desde o momento mesmo da súa constitución a Academia, e especialmente o seu primeiro presidente Manuel Murguía, sufriu os ataques de diversos sectores da clase intelectual do país. Entre os máis furibundos pódense cita-los dos membros do círculo integrado, entre outros, por José María Riguera Montero, Manuel Rodríguez Rodríguez, Celso García de la Riega e Leandro de Saralegui, descontentos co procedemento de constitución da institución e co xeito de dirixila de Murguía. Riguera Montero recollería posteriormente os escritos deste grupo nun curioso volume, que o profesor Alonso Montero tivo a xentileza de proporcionarme, titulado *Películas académicas. Entresacadas de una copiosa y selecta variedad*, Papelería e Imprenta Garcibarra, A Coruña, 1908. Por outra parte, a Academia tampouco colmou as aspiracións das promocións máis novas do galeguismo, que a xulgaban incompetente para inxectar vida no desgastado organismo do idioma. Así, por exemplo, Eugenio López Aydillo, "Los nuevos rumbos", *Estudios Gallegos*, I (1915), n. 6, advertía en 1915:

Y urge poner en actividad el gallego antes de que le dé piadosa sepultura la Real Academia Gallega, en el voluminoso panteón del Diccionario que trae entre manos (s.p.).

vocálicos, a conveniencia de representalas e os procedementos gráficos máis axeitados para facelo). Outras linguas cun rexistro culto consolidado tiñan xa resoltas estas cuestións dun xeito máis ou menos satisfactorio. A ortografía do español, por exemplo, quedara fixada na súa forma actual no ano 1815 coa oitava edición da *Ortografía* da Real Academia Española<sup>9</sup>, que viña a reducir notablemente a complexidade da ata entón practicada. O obxectivo das reformas introducidas era o de conseguir unha adecuación o máis perfecta posible entre o sistema gráfico e o sistema fonolóxico:

Siendo la letra la menor parte de la voz que se puede escribir, y debiendo haber entre las letras y sonidos la mas perfecta correspondencia [...] puede considerarse el alfabeto castellano usual reducido á veinte y siete letras (pp. 11-12).

As revisións posteriores limitaríanse a modificar algúns aspectos puntuais e a muda-lo sistema de acentuación gráfica<sup>10</sup>. No caso do portugués, a reforma e racionalización da ortografía foi algo máis serodia. De feito, non sería ata os anos finais do século XIX e os iniciais do XX cando, coincidindo cun certo auxe do foneticismo, algúns autores comezaron a cuestiona-la ortografía ata daquela practicada e a aborda-la súa actualización. Non obstante, estas linguas contaban, a diferenza do galego, coa sólida base que ofrecía unha norma que, aínda que discutida, funcionaba aceptablemente, mentres que no galego esa norma aínda non existía, senón que estaba en proceso de constitución. Esta carencia que presentaba o galego ofrecía, en cambio, a vantaxe de permitir establecer unha norma pensada para a

---

<sup>9</sup> Real Academia Española, *Ortografía de la lengua castellana*, Imprenta Real, Madrid, 1815<sup>8</sup>.

<sup>10</sup> Cfr. Rafael Lapesa, *Historia de la lengua española*, Gredos, Madrid, 1981<sup>9</sup>, pp. 419-424.



lingua do momento, unha norma que, sen resabios arcaizantes, nacesse con vocación e con garantías de perdurar.

## 1.2. A tradición escrita e o establecemento da norma ortográfica.

A publicación serodia dos cancioneros medievais foi causa de que os primeiros escritores do Rexurdimento descoñecesen, no momento de compoñeren as súas obras, a existencia dunha tradición literaria antiga, ou, no mellor dos casos, que só tivesen leves indicios da súa importancia. Este feito, que hoxe se acepta sen discusión, foi xa posto de relevo polo profesor Alonso Montero no seu estudio *Constitución del gallego en lengua literaria*, onde indicaba:

Escritor habrá hacia 1860 que sólo vagas noticias tenga de la existencia de una literatura medieval en gallego. Por revistas y publicaciones diversas circulaban algunos poemas, muy pocos, de Alfonso X y de los poetas tardíos que, como Macías y Villasandino, llegaron a figurar en compilaciones hechas en Castilla. Aún no se han publicado los tres grandes cancioneros que recogen la poesía profana gallego-portuguesa de los siglos XIII y XIV, ni tampoco las "Cantigas de Santa María" del Rey Sabio (*Constitución*, pp. 16-17).

En parecidos termos se expresa tamén Catherine Davies no seu estudio sobre a traxectoria poética e vital de Rosalía de Castro. Segundo a estudiosa británica, pódese asegurar que "os poetas da primeira metade do século XIX descoñecían a existencia dos *Cancioneiros* dos séculos XIII e XIV"<sup>11</sup>, pois os escasos textos publicados na primeira metade do século<sup>12</sup> eran en todo caso insuficientes para sustentaren

---

<sup>11</sup> Catherine Davies, *Rosalía de Castro no seu tempo*, Galaxia, Vigo, 1986, p. 221.

<sup>12</sup> Refírese a profesora Davies ás edicións parciais dos cancioneros medievais que viron a luz ó longo da primeira metade do século XIX. Do *Cancioneiro da Ajuda* Charles Stuart de Rothesay publicou en 1823 en París uns *Fragments de hum Cancioneiro Inedito que se acha na Livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa*, dos que só se tiraron vintecinco exemplares. Este dato abonda para dar idea da difusión que acadou. En 1840 Bellermann realizou tamén unha edición parcial, *Die alten*

unha tradición literaria consistente. Pola contra, cara a mediados do século si que eran coñecidos, case diríamos populares, algúns trobadores da chamada escola galego-castelá, e moi especialmente Macías o Namorado. Da súa popularidade, á que debeu de contribuír moi decisivamente a publicación en 1851 do *Cancioneiro de Baena*<sup>13</sup>, pode dar idea o feito de que nos Xogos Florais de 1861 se reservase un premio para a mellor composición dedicada á súa figura<sup>14</sup>.

Aínda que non publicadas na súa totalidade, as *Cantigas de Santa María* tamén eran coñecidas xa desde antigo. Sarmiento, por exemplo, deixou noticia delas en varias das súas obras:

---

*Liederbücher der Portugiesen*, aparecida en Berlín, e en 1849 apareceu en Madrid a edición de Francisco Adolfo de Varnhagen, *Trovas e Cantares de um Codice do XIV Século: Du antes, mui provavelmente, «O Livro das Cantigas» do Conde de Barcellos*. Por outra parte, en 1847 publicáronse en París algunhas cantigas de Don Dinis contidas no *Cancioneiro da Vaticana*. Para completar esta información véxanse Silvio Pellegrini e Giovanna Marroni, *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica galego-portoghese*, Japadre Editore, L'Aquila, 1981; Ivo Castro, "Carolina Michaëlis e a arte de erguer monumentos", prefacio á reimpresión facsimilar do *Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1990, vol. I, pp. j-1; C[arme] G[arcía] R[odríguez] e L[ydia] F[ontoira] S[urís], s.v. 'Cancioneiros', *Gran Enciclopedia Gallega*, 4, pp. 240-241. Sobre o desvelamento en Galicia da existencia dunha literatura medieval en lingua galega, véxase Carme Hermida, *Rexurdir*, pp. 132-133 e 191-202, e especialmente o recente traballo de Teresa López titulado *Névoas de antano. Ecos dos cancioneros galego-portugueses no século XIX*, Edicións Laiovento, Santiago, 1991.

<sup>13</sup> *El Cancionero de Juan Alfonso de Baena (siglo XV), ahora por primera vez dado á luz, con notas y comentarios*. Prólogo de D. Eugenio de Ochoa. Edición y notas de D. Pedro José Pidal, Madrid, 1851.

<sup>14</sup> Cfr. as bases da convocatoria que figuran na p. xiv do propio *Álbum de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, Imprental del Hospicio Provincial, A Coruña, 1862.

El hecho constante es que don Alfonso el Sabio, siendo castellano y siendo rey, no se desdeñó de estudiar y aprender la lengua gallega y de llegar a hablarla de modo que en ella pudiese componer coplas y cantares devotos en loor de Nuestra Señora y de sus milagros [...]. Yo vi una copia en Toledo, en folio y en pergamino y creo que está diminuta. Se que en El Escorial hay otro códice manuscrito más completo y no se si será el de Sevilla<sup>15</sup>.

En calquera caso, a tradición medieval, sen dúbida insuficientemente coñecida, non era ignorada por completo polos homes do XIX. Antonio de la Iglesia, por exemplo, na "Memoria del secretario" do *Álbum de la Caridad* refírese ó galego como "la lengua en que [...] se encuentran los primeros destellos de la literatura española, la lengua lírica del Rey Sabio, del enamorado Macías y del gran Camoens"<sup>16</sup>.

Conforme avanza a segunda metade do século vaise incrementando a difusión, non só dos textos literarios, senón tamén da prosa documental producida no país durante a Idade Media. A profesora Davies cita a publicación en diversas revistas durante a década dos sesenta de varios poemas de Afonso o Sabio<sup>17</sup>. Tamén reviste certo interese para a difusión destes textos en Galicia a noticia de Teodosio Vestreiro Torres sobre a poesía de Martín Codax<sup>18</sup>, e máis tendo en conta a proxección da revista en que se publicou, *El Heraldo Gallego* de Lamas Carvajal.

---

<sup>15</sup> [Fr. Martín Sarmiento], "Escritos filológicos del Padre Sarmiento", *BRAE* 18 (1931), p. 120. Véxase ademais a súa obra *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, Madrid, 1775.

<sup>16</sup> *Álbum de la Caridad*, p. xlix.

<sup>17</sup> Trátase dunha cantiga do Rei Sabio que deu a coñecer *Galicia*. *Revista Universal de este Reino*, n. 10 (15.02.1861), e das que publicou Janer en *El Museo Universal* en 1862. Cfr. C. Davies, *Rosalía de Castro*, pp. 221-222).

<sup>18</sup> "Martín Codax", *El Heraldo Gallego*, n. 147 (07.07.1876).

Así e todo, a publicación completa dos cancioneros é relativamente serodia. Non será ata 1875 cando apareza a primeira delas, a edición diplomática de Monaci do *Cancioneiro da Vaticana*<sup>19</sup>. Só tres anos despois publicarase en Lisboa a edición crítica de Braga<sup>20</sup>. Para o *Colocci-Brancuti*, en cambio, unicamente contamos nesta época coa edición diplomática parcial, pois inclúe soamente aquelas composicións non comúns co *Cancioneiro da Vaticana*, debida a Enrico Molteni<sup>21</sup>. Aínda máis había tardar en aparecer publicado o cancionero máis antigo, o *Cancioneiro da Ajuda*, que editaría dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos xa nos comezos do século XX<sup>22</sup>. Pola súa parte, o cancionero mariano do Rei Sabio publicaríao a Real Academia Española en 1889 en edición de Leopoldo Cueto, marqués de Valmar<sup>23</sup>.

Deixando á parte as edicións completas dos cancioneros, un fito fundamental para a difusión da tradición escrita medieval, literaria e non literaria, constituírao a aparición da antoloxía realizada por don Antonio de la Iglesia co título de *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*<sup>24</sup>, que inclúe, ademais de escritos contemporáneos, numerosas cantigas trobadorescas e textos

---

<sup>19</sup> Ernesto Monaci, *Il canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Max Niemeyer, Halle a.S., 1875.

<sup>20</sup> Teóphilo Braga, *Cancioneiro portuguez da Vaticana. Edição crítica*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1878.

<sup>21</sup> Enrico Molteni, *Il canzoniere portoghese Colocci-Brancuti pubblicato nelle parti che completano il codice vaticano 4803*, Max Niemeyer, Halle a.S., 1880.

<sup>22</sup> Carolina Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro da Ajuda*, 2 vols., Max Niemeyer, Halle a.S., 1904.

<sup>23</sup> Alfonso X el Sabio, *Cantigas de Santa María de don Alfonso el Sabio*, Real Academia Española, Madrid, 1889.

<sup>24</sup> Antonio de la Iglesia, *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, 3 vols., Latorre y Martínez, editores, A Coruña, 1886.

medievais en prosa, algúns deles apócrifos<sup>25</sup>. Aínda recoñecendo o escaso interese que esta antoloxía reviste para o estudio filolóxico, principalmente por causa da falta de rigor do compilador, a súa publicación sen dúbida serviu para espallar e popularizar un coñecemento ata o momento vedado para a maioría das persoas interesadas na defensa e propaganda do galego. Menor repercusión pública tivo o *Cuadro de la literatura gallega en los siglos XIII y XIV* de Augusto González Besada<sup>26</sup>. Dous anos máis tarde este mesmo autor daría á imprenta unha *Historia crítica de la literatura gallega*<sup>27</sup>.

Por último, é mester recoñece-lo importante papel que xogaron para a recuperación da herdanza medieval, e especialmente do patrimonio documental, varias publicacións galegas, entre as que non podemos deixar de citar *El Pensamiento Gallego*, onde López Ferreiro editou a *Corónica de Santa María de Iria* e mailo *Liber Tenencie de Horro*, a revista *Galicia Diplomática*, que dirixía Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, e a *Galicia Histórica* coa súa *Colección Diplomática*, das que era responsable López Ferreiro. O propio López Ferreiro publicaría tamén na última década do século os *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*<sup>28</sup>, e

---

<sup>25</sup> Vid. Alonso Montero, *Constitución*, p. 17. Para a recepción e a fortuna crítica desta obra, vid. Teresa López, *Névoas de antano*, pp. 85-89.

<sup>26</sup> Augusto González Besada, *Cuadro de la literatura gallega en los siglos XIII y XIV*, Tip. de Luis Carragal y Puga, Pontevedra, 1885.

<sup>27</sup> Augusto González Besada, *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua*, Tip. de La Voz de Galicia, A Coruña, 1887.

<sup>28</sup> Antonio López Ferreiro, *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*, 2 vols., Tip y Enc. del Seminario Conciliar Central, Santiago, 1895.

iniciaría a publicación da súa *Historia de la S. A. M. I. Catedral de Santiago de Compostela*<sup>29</sup>.

Así pois, se ben é correcta a afirmación de que os primeiros escritores do Rexurdimento non contaban con modelos literarios de que se puidesen servir, os testemuños achegados, que en ningún momento pretenden ser exhaustivos, abundan para demostrar que no derradeiro cuartel do século, que é cando se concentra unha boa parte dos traballos sobre o galego, era imposible que os estudiosos puidesen descoñecer a existencia da produción escrita medieval. Quizais Saco, Cuveiro ou Mirás non contasen máis que con noticias vagas e imprecisas no momento de escribiren as súas obras<sup>30</sup>, pero de certo este non era o caso de Valladares, que completa os seus *Elementos* en 1892, e moito menos o de Antonio de la Iglesia, o de Martínez Salazar, primeiro editor da *Crónica Troiana*<sup>31</sup>, ou de Rodríguez Rodríguez, responsable da introducción lingüística a esta mesma edición. A pesar disto, os materiais fornecidos polos textos medievais non propiciaron un debate xeral sobre a conveniencia de acudir a este tipo de obras para atopar solucións para os problemas ortográficos que se lles presentaban ós "constructores" do galego moderno. En realidade, podemos dicir que as apelacións ó galego antigo se circunscriben á cuestión da representación do /ʃ/, como teremos ocasión de ver por extenso máis adiante. Fronte a isto destaca a énfase que se pon, ben na fidelidade á

---

<sup>29</sup> Antonio López Ferreiro, *Historia de la Santa A. M. Iglesia Catedral de Santiago de Compostela*, 11 vols., Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, Santiago, 1898-1909.

<sup>30</sup> Sen embargo, no seu coñecido traballo "Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes", *Heraldo Gallego*, III, n. 104, Saco referíase á lingua galega como "esa lengua tan amada de los antiguos trovadores, como desdeñada hoy de aristocráticos pedantes" (p. 4).

<sup>31</sup> Andrés Martínez Salazar (ed.), *Crónica Troyana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*, 2 vols., Imprenta de la Casa de Misericordia, A Coruña, 1900.

estructura fonolóxica do idioma, ben na conservación literal dos radicais latinos ou na coherencia das solucións galegas coas das demais linguas románicas. Pintos, o primeiro 'etimoloxista', non podía ter presentes estes textos ó formula-las súas teses. Pero en todo caso, os que en anos posteriores se mostrarán partidarios da representación do /ʃ/ por medio dos grafemas <g>, <j> e <x> propugnan un criterio de utilización distinto do que era habitual no galego antigo. Por outra banda, nin sequera eles defenden tampouco unha distribución dos grafemas <b> e <v> semellante á que presentan os textos medievais. Do mesmo xeito, tampouco achamos propostas encamiñadas a restaurar vellos grafemas como o <ç>, que, en cambio, si empregan algúns autores, entre eles e sinaladamente Rosalía, se ben nunca de xeito sistemático e moi posiblemente co único obxectivo de representa-lo seseo<sup>32</sup>. A única desviación notable con respecto a esta tendencia xeral é a protagonizada por López Ferreiro, que de forma deliberada trata de achega-lo seu galego ó dos textos antigos. Esta fuxida diferencialista cara ó pasado maniféstase non só no plano gráfico (emprego do grafema <ç>; *ao* e *aa* como representación do encontro da preposición *a* co artigo; mantemento dos hiatos producidos pola caída das consoantes intervocálicas), senón que tamén atinxe ó plano morfolóxico (emprego dos sufixos antigos *-zón* / *-çón* e *-són* ou da solución arcaizante *animaes* para o plural dos nomes en *-l*). De tódolos xeitos, cómpre advertir que a pretensión de López Ferreiro a penas contou con seguidores no seu tempo.

---

<sup>32</sup> Rábade Castinheira, "As formas «proibidas» nos precursores, nos grandes mestres e nos gramáticos do século XIX", en *Actas. I Congreso Internacional da lingua galego-portuguesa na Galiza*, AGAL, A Coruña, 1986, pp. 475-476, só rexistra o emprego deste grafema en Rosalía. Con respecto ó seu valor, Rábade cuestiona a tese comunmente aceptada de que se trata dun procedemento para representa-lo seseo.

En conclusión, non podemos dicir que a recuperación do herdo medieval influíse dun xeito considerable nas propostas ortográficas que estamos a tratar. Isto lévanos a supoñer que tal vez os cultivadores decimonónicos consideraban que o sistema gráfico empregado nos textos medievais non era o máis axeitado para a realidade lingüística contemporánea.

Por outra banda, tampouco é frecuente o recurso á produción escrita máis recente. Cando se apela a ela faise normalmente para xustificar unha opción como solución maioritaria, mais non para escudarse nun autor determinado atribuíndolle prestixio ou forza de autoridade. Parece evidente que os textos producidos durante as primeiras décadas do século non podían gozar desta consideración. A súa importancia menor e a súa escasa calidade literaria non permitían que alcanzasen ese recoñecemento. Algúns deles tal vez nin sequera fosen coñecidos. Polo demais, textos máis próximos no tempo eran demasiado recentes para mereceren a consideración de clásicos. Así o fai constar Saco en nota á súa gramática cando xustifica a súa renuencia a acudir ós textos literarios en busca de exemplos para os seus preceptos gramaticais:

No es esto decir que carezcan de mérito los pocos escritos que hay en gallego, sino que sus autores son demasiado modernos para tener autoridad de clásicos. Solo citaré á veces, por razon de su mayor antigüedad y de su erudicion vastísima, al ilustre P. Sarmiento (p. ix n.).

### 1.3. Á procura dun modelo. Galego fronte a español e portugués.

Á parte da fuxida cara ó pasado, outra vía teórica para solucionar os problemas ortográficos do galego era o recurso a dúas linguas coas que o noso idioma, por razóns diversas, estaba directamente relacionado: por unha banda, o



portugués, unha lingua coa que o galego mantiña estreitos lazos de parentesco, e, por outra, o español, o idioma oficial do Estado, que xa daquela estaba fortemente introducido na sociedade, e dun xeito especial entre as clases acomodadas e ilustradas, e que ademais disfrutaba dun grande prestixio como lingua de cultura<sup>33</sup>. Outra circunstancia xogaba tamén en favor do castelán: os estudiosos do galego e os escritores galegos en xeral recibiran a súa formación intelectual nesta lingua, que era por outra parte a que utilizaban adoito<sup>34</sup>. Polo demais, todos eles, salvo excepcións, rexeitaban o que denominaban "exclusivismo", e, pola contra, manifestábanse partidarios da utilización "harmónica" dos dous idiomas en conflito, o que na práctica viña a significar un reparto de papeis no que o galego quedaba relegado á condición de lingua literaria ou, máis propiamente, poética. Non será de estrañar, pois, que nestas circunstancias se recorra ás veces, deliberada ou inconscientemente, á ortografía do castelán.

### 1.3.1. Galego e portugués.

Durante o século XIX Portugal e o portugués van ser obxecto de sentimentos contradictorios. Por unha parte, o

---

<sup>33</sup> Para unha análise do contexto sociolingüístico en que se produce o renacemento, cfr. Hermida, *Rexurdír*, pp. 48-124.

<sup>34</sup> Son coñecidas as invectivas neste sentido de dona Emilia Pardo Bazán: "Hoy el gallego posee, como el catalán y el provenzal, una nueva literatura propia; pero á diferencia de estos dos romances meridionales, el gallego no lo hablan los que lo escriben" ("¿Idioma ó dialecto?", *De mi tierra*. Cito pola reedición publicada por Edicións Xerais, Vigo, 1984, p. 296). Por outra parte, os escritores e estudiosos eran conscientes da transcendencia deste feito, que superaba o mero plano ortográfico. Así, Martínez Salazar indicaba no seu traballo xa citado "A uno, á otro y á todos": "Se han deslizado ya en el idioma gallego no pocas palabras y giros castellanos, lo cual tiene fácil explicación por cuanto la educación intelectual de los que escriben en gallego ha sido genuinamente castellana, y hasta parece, á veces, que aquéllos han leído y pensado en castellano y expuesto sus ideas en gallego" (p. 248). En parecidos termos se expresa tamén Aureliano J. Pereira en "Academia Gallega", p. 107.

portugués ofrecíase como un exemplo do estado en que podería esta-lo galego se non vise tronzada a súa traxectoria pola competencia desigual do español. Por outra, esta xeral admiración non estaba exenta dun certo receo diante da posibilidade de que unha identificación sen matices de portugués e galego puidese conducir á perda dun sinal de identidade tan fundamental como a lingua para manter viva a conciencia galega.

Por esta razón, a cuestión das relacións entre galego e portugués provocou na prensa do Rexurdimento máis de unha controversia<sup>35</sup>. O debate, que nunca pasou dun intercambio de superficiais declaracións de principios, centrouse sobre todo na discusión sobre a independencia do galego como idioma e sobre a posibilidade, ou mellor a lexitimidade, de acudir ó portugués na procura de solucións para o galego. Certamente a polémica non atinxiu a transcendencia nin a profundidade doutros debates, pero interesa na medida en que nos permite coñecer-las posturas a este respecto dos autores comprometidos en maior ou menor grao coa causa da recuperación do galego.

En xeral, podemos afirmar que o recoñecemento das numerosas afinidades existentes entre galego e portugués é común a tódolos autores, pois ningún deles descoñece a estreita relación xenética que vincula a ámbolos idiomas. Así, o portugués é sempre presentado como un fillo avantaxado do galego que, tras compartir con este unha fase de unidade, foi arredándose da primitiva raíz galaica a medida que se ía consolidando como lingua de ciencia e de

---

<sup>35</sup> Véxanse os traballos de Carme Hermida, "Galego e portugués durante o século XIX (1840-1891)" e de Ernesto González Seoane, "O debate sobre a independencia do galego na última década do século XIX", próximos a aparecer no volume de homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta que está a prepara-lo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago.

cultura<sup>36</sup>. En realidade, a descrición deste proceso non difire grandemente da que a principios do século XVII trazaba Duarte Nunes de Leão na súa obra *Origem da Lingua Portuguesa*:

Ambas [as linguas galega e portuguesa] eram antigamente quase ãa mesma, nas palavras e nos ditongos e pronunciação que outras partes de Espanha não têm. Da qual lingua galega a portuguesa se avantajou tanto, quanto na copia como na elegancia dela vemos. O que se causou por en Portugal haver reis e corte que é a oficina onde os vocábulos se forjam e pulem e donde manam para outros homens, o que nunca houve na Galiza<sup>37</sup>.

Compárense, se non, as seguintes liñas de D. Pazos García, que poden considerarse paradigmáticas da opinión máis xeneralizada entre os seus contemporáneos, coas que case tres séculos antes pronunciaba o gramático portugués:

El portugués es una ligerísima desviación originaria del gallego, y que por razones fáciles de comprender se encuentra hoy en un estado más adelantado. Su tronco, su patrón, el gallego, que se habla hoy con escasa diferencia, como se hablaba hace siglos<sup>38</sup>.

Tampouco esta idea era nova. Isto era, en síntese, o que opinaban, por exemplo, o Padre Álvarez Sotelo, Feijoo ou

---

<sup>36</sup> Sirvan de exemplo as seguintes palabras de Murguía no seu artigo "¿Desaparecerán los dialectos?", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, I (1879), n. 21 (1879):

El gallego es padre y origen del portugués, y éste tiene vida propia y tan lozana como el castellano (p. 252).

<sup>37</sup> Cito pola edición de Maria Leonor Carvalhão Buescu, *Ortografía e origem da língua portuguesa*, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1983, pp. 219-220.

<sup>38</sup> D. Pazos García, "Los ataques que al regionalismo gallego dirige el Excelentísimo Señor Don Juan Valera", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 1 (01.1888), p. 18. Opinións semellantes pódense atopar, por exemplo, en Ramón Otero, *Galicia médica*, Tip. de José R. Rubial, Santiago, 1867, p. 52; A. Balbín de Unquera, "Estudios lingüísticos. El portugués y el gallego", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, III (1881), n. 27, pp. 315; Leandro de Saralegui y Medina, "El regionalismo en Galicia", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 7 (07.1888), p. 296.

o mesmo Sarmiento, que chega a compara-la expansión do galego cara ó sur coa do catalán por terras de Valencia<sup>39</sup>.

A constatación destas afinidades conduciu a algúns a proclama-la identidade dos dous idiomas e a cuestionar, en última instancia, a independencia do galego. Ora ben, a identificación dos dous idiomas pódese facer desde perspectivas de ningún xeito equiparables e con finalidades así mesmo distintas. Deste xeito, cando desde posicións antirrexionalistas se lle nega ó galego a consideración de lingua, como fai por exemplo Valera, o obxectivo non é outro có de lles negar ós rexionalistas unha das bases que sustentan as súas reclamacións. Por outra parte, no bando rexionalista non faltan autores que, como Antonio de la Iglesia<sup>40</sup> ou José López de la Vega<sup>41</sup>, se declaran admiradores de Portugal, da súa lingua e en xeral de todo o portugués. Desde estas posicións, as afirmacións sobre a identidade esencial dos dous idiomas e a minimización das diferencias que os separan responden ó desexo de sobrancea-la importancia do galego como berce dunha moderna lingua de cultura.

---

<sup>39</sup> Cfr. Ramón Mariño, "Estudios, informacións e ideas sobre o galego entre os séculos XVI, XVII e XVIII", *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. II, Universidade de Santiago, 1991, pp. 128-130.

<sup>40</sup> Este autor escribía en 1862 un pequeno artigo, "Portugal", *Galicia. Revista Universal de este Reino*, III, n. 7 (01.04.1862), no que poñía de relevo as mínimas diferencias que segundo a súa opinión separaban a galego e portugués: "La lengua del Portugal es nuestra lengua. ¿Qué esencial y profunda diferencia daríamos á la siguiente composición portuguesa, si quisiéramos verterla el [sic] idioma galiciano? [...] Lo que podríamos variar aquí sería tan poco que pasaría casi desapercibido para muchos extraños. Una variación de dialecto, mucho menor que la que media entre una producción andaluza traducida al castellano ó vice-versa" (pp. 97-98).

<sup>41</sup> Para López de la Vega, "La poesía portuguesa y la poesía gallega", *Galicia. Revista Universal de este Reino*, IV, n. 5 (01.03.1863), "la analogía que hay entre el idioma portugués y el gallego, nos hacen creer que es fácil unir ambos y formar un lenguaje rico y sonoro, que pueda rivalizar en expresión y dulzura con el italiano, y en fecundidad con el germánico" (p. 39).

A estas acendidas mostras de devoción polo portugués sucedeu, andando o tempo, algunha que outra discusión sobre a independencia lingüística do galego. Unha delas foi, por exemplo, a que enfrontou a *La Concordia* de Vigo co *Diario de Lugo* durante o debate que estas e outras publicacións do país sostiveron en 1877 co *Heraldo Gallego* de Lamas Carvajal a propósito do fomento do galego na prensa<sup>42</sup>. Os dous xornais, que coincidían na súa postura contraria ás iniciativas do *Heraldo*, discrepaban en cambio con respecto á identidade de galego e portugués. En opinión da publicación viguesa portugués e galego eran un mesmo idioma, o primeiro cultivado e perfeccionado en tanto que lingua de Estado, o segundo en vías de desaparición por causa da preeminencia do castelán. O *Diario de Lugo*, en cambio, sostíña que se trataba de dous idiomas que, se ben en tempos formaran unha soa unidade, o paso do tempo e o cultivo literario separou:

El gallego [...] es de creer que será el que han usado nuestros primeros poetas regionales como Pondal, Camino, Añón, Rosalía Castro y otros mil, y en el que está redactado *O tío Marcos d'a Portela*<sup>43</sup>.

Esta cuestión, a penas levemente insinuada nesta ocasión, rexurdirá vinte anos despois, en 1896, desta vez en termos moito máis radicais, nas páxinas da sección "Campo neutral" da *Revista Gallega*, que dirixía na Coruña Galo Salinas. Ó longo da primeira metade deste ano ven a luz nesta publicación unha serie de artigos baixo o título xenérico de "Los orígenes del gallego". Se ben o artigo que deu o pé para a polémica foi en última instancia o de

---

<sup>42</sup> Vid. Ernesto González Seoane, "O debate sobre o galego na prensa do XIX. Algúns datos para unha historia do antigaleguismo", *Grial* 110 (1991), pp. 275-287. Dela dá xa noticia Alonso Montero, *Constitución*, p. 24.

<sup>43</sup> Os artigos que publicaron *La Concordia* e o *Diario de Lugo* reproducéos o *Heraldo Gallego* na súa *Edición de Intereses Generales*, ano IV, n. 8 (25.02.1877), pp. 2-3.

Santiago Fernández Neira<sup>44</sup>, o certo é que quen introduciu a cuestión das relacións entre galego e portugués foi o autor anónimo que asinaba "Otro Fernández", responsable do primeiro artigo de resposta<sup>45</sup>. Consideraba este autor que o prioritario era "dar al idioma gallego todo el espendor posible" e procura-la súa unificación, e para isto propoñía a adopción do portugués.

Na discusión que seguiu a esta proposta interviñeron en defensa da independencia do galego R.G.V.<sup>46</sup>, Aureliano José Pereira<sup>47</sup> e Manuel Rodríguez Rodríguez<sup>48</sup>. Defendían a identidade de galego e portugués e, en consecuencia, propugnaban a unificación dos dous idiomas, ademais do "Otro

---

<sup>44</sup> Santiago Fernández Neira, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 45 (19.01.1896), p. 3. Segundo se deduce da resposta publicada no número 47, este é o pseudónimo dun "distinguido escritor gallego muy aficionado á los estudios clásicos y no muy conocido por ocultar siempre modestamente sus trabajos bajo psudónimos ora griegos, ora latinos" (p. 2). O tamén anónimo autor desta resposta infórmanos ademais doutro dos pseudónimos que este escritor adoitaba utilizar, "Ortófilo", e atribúelle un artigo titulado "El portugués es nuestro idioma". Probablemente se trata do mesmo Ortófilo que en 1893 publicara unha serie de catro artigos baixo o título de "Más sobre el gallego", nos que defende precisamente a identidade de galego e portugués. Este traballo, do que coñezo só as entregas segunda, terceira e cuarta, apareceu nos números 238 (12.02.1893), 242 (12.03.1893) e 244 (26.03.1893) do semanario *El Eco de Vivero*.

<sup>45</sup> Otro Fernández, "Los orígenes del gallego", "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 47 (02.02.1896), pp. 2-3.

<sup>46</sup> R.G.V., "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 48 (09.02.1896), p. 4. A orde correcta das iniciais destoutro autor debía de ser V.G.R., tal e como insinúa Martelo Paumán na súa réplica. en efecto, nun dos exemplares desta publicación que se custodía na Real Academia Galega, e que pertenceu a Martelo, unha man, quizais a do propio don Evaristo, completou as iniciais co nome de "Valentín García Rivera". Quizais se refería a Ventura García Ribera, que neste ano de 1896 dirixía o xornal coruñés *La Mañana* e colaboraba no *Diario de Avisos*. Ora ben, se o lugar en que asina a carta, Arousa, é real, habería que revisar esta hipótese.

<sup>47</sup> Aureliano J. Pereira, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 49 (16.02.1896), pp. 2-3; n. 56 (05.04.1896), pp. 3-4.

<sup>48</sup> Manuel R. Rodríguez, "Los orígenes del gallego. La lengua lusitana no es el idioma propio y natural de los gallegos", *Revista Gallega*, II, n. 62 (10.05.1896), p. 4.

Fernández", Fulvio Vergodense<sup>49</sup> e Cristobo das Viñas<sup>50</sup>. Evaristo Martelo Paumán<sup>51</sup> concorda en xeral coas teses destes tres autores, mais non se pronuncia verbo da unificación. Na polémica interveu tamén cun extenso artigo por entregas Andrés Martínez Salazar, que oculta o seu nome baixo a inicial R.<sup>52</sup>, así como Juan Martínez Merino<sup>53</sup>.

A discusión aberta na *Revista Gallega* cruzouse coa que nas páxinas de *El Alcance* de Santiago sostiveron o propio Martínez Salazar e Manuel R. Rodríguez. Martínez Salazar criticara nunha recensión de *A tecedeira de Bonaval*, publicada orixinariamente en *La Voz de Galicia*, a opinión que López Ferreiro expresaba no prólogo á súa obra de que o portugués era fillo do galego. Cando *El Alcance* reproduciu esta recensión, Manuel R. Rodríguez acudiu en defensa de López Ferreiro. Posteriormente Rodríguez continuaría publicando neste mesmo xornal unha serie de traballos sobre esta cuestión.

Tamén en *La Idea Moderna* de Lugo apareceron opinións ó respecto. A través dun dos participantes na discusión da *Revista Gallega*, Juan Fernández Merino, sabemos que o xornal

<sup>49</sup> Fulvio Vergodense, "Do idioma galego", *Revista Gallega*, II, n. 65 (31.05.1896), pp. 3-4. Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo, 1981<sup>3</sup>, p. 472, e Xesús Alonso Montero, *Constitución*, p. 45, identifícanos como Florencio Vaamonde Lores.

<sup>50</sup> Cristobo das Viñas, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 67 (14.06.1896), pp. 2-3.

<sup>51</sup> Evaristo Martelo Paumán, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 50 (23.02.1896), pp. 2-3.

<sup>52</sup> R., "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 51 (01.03.1896), pp. 3-4; n. 52 (08.03.1896), pp. 2-3; n. 53 (15.03.1896), pp. 3-4; n. 54 (22.03.1896), pp. 3-4; n. 55 (29.03.1896), pp. 2-3. A autoría de Martínez Salazar queda confirmada, ademais de pola abondosa documentación medieval que manexa, polas referencias a un traballo que di estar preparando para demostra-la orixe latina do artigo galego. Non é difícil identificar este traballo co opúsculo titulado *Antiguallas de Galicia. Apuntes acerca del origen e historia del artículo definido gallego-portugués*, Imprenta y Fotograbado de Ferrer, A Coruña, 1907.

<sup>53</sup> Juan Martínez Merino, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 66 (07.06.1896), pp. 2-3.

lugués recolleu polo menos dous artigos, asinados por "Otro más" e dedicados a Galo Salinas, que sintonizan coas ideas de Fernández Neira.

O argumento fundamental dos partidarios da reunificación é o da identidade dos dous idiomas durante o período medieval. A posición destes reintegracionistas *avant la lettre* resúmea moi ben "Otro Fernández": dado que galego e portugués son "si no padre e hijo, hermanos, y que hubo un tiempo en que no se diferenciaban uno de otro", o que cómpre é aceptar "en todo lo posible [...] el idioma portugués" (p. 2). Para el, como para os escritores aliñados no seu bando, as diferencias que na actualidade separan os dous idiomas son consecuencia da diferente fortuna histórica de Galicia e Portugal, e non se terían producido de non cae-lo galego na órbita de influencia da coroa de Castela. Este sometemento, pois, apartou o galego da que debera se-la súa evolución "natural". De aí que interpreten que o portugués contemporáneo representa o estadio ideal da evolución do primitivo romance común. Será esta consideración do portugués como modelo para o galego o que aboe a pretensión de reparar ese erro histórico pola vía de achega-lo galego actual ó portugués.

Do radicalismo da súa postura poden dar idea as reservas de "Otro Fernández" ou de Florencio Vaamonde con respecto á utilidade dos estudos gramaticais e filolóxicos acerca do galego:

Dicennos todos que el gallego y portugués [...] son sino padre e hijo, hermanos, y que hubo un tiempo en que no se diferenciaban uno de otro. Siendo esto una verdad inconcusa, ¿á qué perder el tiempo inútilmente en trabajos de gramática, ortografía y demás? ("Otro Fernández", p. 3).



Por outra parte, un e outro recordan tamén os aspectos negativos das críticas con que foi acollida a gramática de Saco fóra de Galicia. Segundo "Otro Fernández", "el Instituto de Francia [...], al acusar recibo á la *Gramática gallega* del malogrado Saco y Arce, le dió una desconsoladora contestación al elogiar su trabajo pero al decirle también que ya todo aquello era conocido por existir la *Gramática portuguesa*" (p. 2). Moi semellante é o comentario de Florencio Vaamonde:

Ao ser o seu libro juzgado pol-os críticos estranxeiros, estos o louvaron pero dixeron que era un traballo inútil o que se tomara porque ja había gramáticas portuguesas<sup>54</sup> (p. 3).

Esta descualificación da obra do gramático ourensán provocaría a resposta de Pérez Ballesteros, que no prólogo de *Muxenas*<sup>55</sup> sae en defensa do seu admirado amigo para desmenti-las afirmacións de Vaamonde:

Cuánto de sus labios llegó a mi oído, y, mejor consta en la correspondencia epistolar sostenida entre el finado catedrático y algunas ilustraciones científico-literarias de dentro y fuera de España; abiertamente se opone á la afirmación, acaso indeliberada, que á volar echó el anónimo *Fulvio Vergodense* (p. xxiv)<sup>56</sup>.

Desde a posición contraria, as réplicas van desde os que discuten a existencia desa primitiva unidade ata os que, aínda aceptando esa unidade, consideran irreversible o proceso de separación. Entre os primeiros está Rodríguez Rodríguez, que aínda que recoñece a evidente proximidade dos

---

<sup>54</sup> Estes dous autores refírense probablemente á recensión da obra de Saco publicada na revista *Romanía* en 1872 (pp. 243-244).

<sup>55</sup> Cfr. José Pérez Ballesteros, "Prólogo" a Amador Montenegro Saaveda, *Muxenas*, Emp. de Anxel Varela, Vigo, 1896, pp. xxiii-xxiv.

<sup>56</sup> Cfr. Xesús Alonso Montero, *Constitución*, p. 45.

dous idiomas, considera que nin sequera na fase máis antiga cabe falar dun único romance:

La formación de ambos idiomas obedece á distintos móbiles, sendo muy diferente el origen filolóxico de la mayoría de sus voces y la organización lingüística de las palabras romanceadas [...]. Rogamos al autor del elocuente y erudito artículo que baje más su ilustrado criterio sobre el lenguaje arcáico de los gallegos y el de los portugueses, y se convencerá que, llamar un mismo romance á ambos idiomas, equivale á decir que gallego y castellano son una misma lengua, el provenzal y catalán son idénticos lenguajes<sup>57</sup>.

Menos radical, Aureliano J. Pereira acepta, non sen certas reticencias, a premisa da unidade das dúas linguas durante a Idade Media, pero nega que a adopción do portugués supoña restaura-la unidade perdida. Para el, máis ca unha restauración este proceso viría a ser unha suplantación:

Pasemos por que nuestro idioma y el de los lusitanos haya sido el mismo -que el tiempo, por lo ménos ha ido separándolos bastante. Cabe preguntar si la adopción del portugués sería, como quiere el citado articulista ["Otro Fernández"], *unificar* el idioma gallego [...]. Tal solución sería, en puridad, tirar al arroyo el poco ó mucho idioma que nos queda, para tomar uno ajeno (n. 49, p. 3).

A posición de Martínez Salazar é moito máis matizada e conciliadora. Así, aínda recoñecendo a existencia de variantes<sup>58</sup>, afirma "la identidad esencial de los romances gallego y portugués" (n. 53, p.3) na Idade Media. Non

---

<sup>57</sup> Resposta de Manuel R. Rodríguez á recensión de Martínez Salazar sobre *A tecedeira de Bonaval*, publicada en *El Alcance*. Dado que non nos foi posible consultar esta publicación, citamos pola reprodución parcial que deste artigo fai o propio Martínez Salazar na *Revista Gallega*, n. 51, p. 3.

<sup>58</sup> Nun breve artigo de 1903 no que reivindicaba a filiación galega da *Crónica de 1404*, Martínez Salazar sinalaba algunhas diferencias gráficas e morfolóxicas que separaban os textos medievais galegos dos portugueses. Entre elas citaba a alternancia *oy / uy*, a vacilación *-m / -n*, a utilización de *ll* e *ñ* ou a presenza do pronome *che* como características dos textos galegos, fronte ó uso constante de *oy* [sic], de *-m*, de *lh* e *nh* e do pronome *te* nos portugueses. Vid. Andrés Martínez Salazar (1903): "Por la lengua gallega", *Galicia Histórica*, II, n. 12, pp. 808-810.

obstante, recoñece que a partir do século XVI as dúas variedades foron afastándose por causa das transformacións que sufriu o portugués no proceso de consolidación como lingua moderna. Esta íntima vinculación dos dous romances permite ós galegos botar man dos dicionarios e gramáticas portuguesas para poñeren ó día o seu idioma, pero non avala esa fusión que algúns propoñen:

Lo dicho no debe ser obstáculo para que la lengua gallega deje de cultivarse, porque, como se ha indicado, al modificarla los portugueses para darle carácter nacional, olvidaron giros, formas y vocablos genuinamente gallegos, tomando en cambio otros exóticos [...]. La gramática portuguesa, en todas sus partes, deja aún mucho que desear; y, además de los nombres de lugares, posee el romance gallego copiosas formas dialectales y locales propias (n. 53, p. 3).

Esta idea de Martínez Salazar non era nova. Xa Balbín de Unquera manifestara a utilidade do portugués para supri-las carencias que presentaba o galego tras varios séculos de abandono:

Los gallegos tienen á falta de la suya propia una literatura, la portuguesa, que puede servirles como excelente modelo [...]. Tomar lo que se necesite de allende el Miño para escribir en gallego, es como tomarlo del propio peculio. El portugués puede contribuir al enriquecimiento del gallego con un elemento de tanto valor como el árabe<sup>59</sup>.

O propio Martínez Salazar tamén se pronunciara en parecidos termos ó informar de "cómo se encuentran reunidos y estudiados en todas las lenguas y dialectos derivados del latín, los materiales necesarios para fijar la prosodia y ortografía gallegas, especialmente en la portuguesa, que es la misma gallega, cultivada y profundizada científicamente,

---

<sup>59</sup> A. Balbín de Unquera, "¿Cómo deben cultivarse los dialectos?", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, II (1880), n. 28, p. 349.

y con no más voces extrañas que las que ha menester toda lengua que es *viva* [sic] y progresa"<sup>60</sup>.

Por outra banda, os partidarios do achegamento ó portugués manifestan unha certa desconfianza con respecto ás posibilidades de facer do galego unha lingua apta para a expresión de calquera clase de contidos. Por esta vía négase que o galego poida atopar un camiño propio e independente no seu proceso de recuperación. Xa que logo, soamente caben dúas opcións: deixar que continúe esmorecendo ata que por último acabe satelizado polo castelán, ou orientalo decididamente cara ó portugués. Ó meu modo de ver, son dúas as razóns que os inducen a pensar así. En primeiro lugar, o estado en que a esa altura se encontra o galego, deturpado pola penetración do castelán e coas limitacións propias dunha lingua que durante longo tempo estivo confinada a un uso oral e familiar. Estas circunstancias facían inviable, en opinión deles, toda tentativa de construír sobre esa base un rexistro culto. A isto poden apunta-las críticas que autores como Martelo Paumán dirixiron contra a introducción na lingua literaria de voces e riscos que consideraban vulgares<sup>61</sup>. Certamente estas censuras poden interpretarse como unha reacción saudable contra a tendencia, cada vez máis notoria, a retorcer-la feitura das palabras galegas para fuxir da coincidencia co castelán. Non obstante, como ben sinala Alonso Montero (*Constitución*, pp. 44-45), a inclusión nestas relacións de voces tan lexitimamente galegas como

---

<sup>60</sup> A. Marsal, "En tela de juicio", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 4 (04.1888), p. 160.

<sup>61</sup> Vid. Evaristo Martelo Paumán, *Os afillados do demo. Conto*, Establecemento Tipográfico de J. Puga, A Coruña, 1885, esp. pp. 12-13. Existe unha reprodución facsimilar de Edicións do Cerne, Santiago, 1990. En *Líricas gallegas*, Imp. de Viuda de Ferrer e Hijo, A Coruña, 1894, Martelo reproduce a obriña de 1885 e engade unha segunda parte (pp. 125-144). Entre as voces novas que inclúe na súa sátira figuran, entre outras, voces galegas como *beixar*, *deputado*, *beizo*, *lingua*, *corenta*, *xulgar*, etc.

*esbagullar, bandullo, estomballado, malpocado* ou *lingua*, por non citar xa fenómenos como a gheada ou o seseo, está denunciando unha actitude prexuízosa e diglósica que leva a identificar como rústico ou vulgar o que é simplemente galego<sup>62</sup>. É precisamente este prexuízo o que se agocha trala censura do propio Martelo ós escritores que pretenden aprende-lo galego entre criadas e arrieiros. Opinións semellantes atopámolas en Florencio Vaamonde, para quen a restauración do galego debe pasar pola depuración dos castelanismos e "das voces bárbaras que inventaron os camponeses" (p. 3). Nada máis lonxe ca isto das teses de Saco, para quen o patrón do galego debía sustentarse na fala das únicas camadas que se mantiñan aínda máis ou menos libres da influencia do castelán, os campesiños<sup>63</sup>.

A resposta a esta argumentación, máis insinuada ca explícita, parte de R.G.V., que é precisamente quen volve a sacar á luz estas críticas de Martelo contra a corrupción e deformación do galego que practican algúns escritores. O anónimo autor, que non rexeita estas imputacións, responde que esta práctica é debida máis á ignorancia ou á preguiza dos escritores ca ás propias limitacións do idioma:

El primero [o idioma galego] es más rico en su léxico de lo que se cree, y solo por desconocimiento de la mayoría de los que se dedican á escribir en gallego puede sentarse la afirmación de su pobreza (p. 4).

A segunda das razóns que, ó meu entender, pode pesar á hora de negarlle ó galego a posibilidade de seguir un camiño independente é o desexo de darlle á cultura galega en xeral, e especialmente á súa literatura, unha maior proxección

---

<sup>62</sup> Heraclio Pérez Placer respondería algunhas destas críticas nunha recensión das *Líricas gallegas* publicada en *As Burgas*, II, n. 7 (03.02.1895), pp. 2-3.

<sup>63</sup> Cfr. Saco, *Gramática*, p. viii.

exterior para así fuxir dun certo provincianismo que podía limitar ou mesmo afoga-lo seu desenvolvemento. Isto, segundo o seu razoamento, só se podía conseguir a través dunha cultura superior e máis universal como a portuguesa, que "Otro Fernández" sitúa entusiasticamente por riba da castelá.

En relación con este argumento, algún dos defensores da unificación chega a suxerir que as obxeccións que opoñen os escritores galegos reacios a acepta-lo aliñamento coa lingua e coa cultura portuguesa están motivadas por intereses espurios e mesquiños e non por conviccións profundas. Así, por exemplo, a xuízo do derradeiro dos intervenientes na polémica, Cristobo das Viñas, ás principais figuras do *Parnasillo galaico* preocúpalles antes ca nada preserva-lo seu estatuto e mante-lo recoñecemento de que gozan, uns beneficios que sen dúbida perderían ó integrárense no *Parnaso portugués*. Excesos verbais coma este poden servir de mostra da vehemencia e o acaloramento a que chegou a discusión.

Fronte ó obxectivo de universalidade que perseguen os defensores da unificación, Aureliano J. Pereira opón a necesidade de acadar unha identificación afectiva do falante coa súa lingua. Esta identificación, imprescindible para afirma-la recuperación do galego sobre bases sólidas, dificilmente pode lograrse renunciando ás características específicas da lingua do país:

Supongamos que se adoptase el idioma portugués [...]. En primer término, surge la dificultad de que, si no es posible reconstruir nuestro idioma propio, aprovechando los muchos materiales que tenemos [...], mucho más difícil sería, imposible puede decir, propagar otra lengua que no es la nuestra [...]. ¿Cómo, por qué medios, habríamos de sustituir en la población rural un idioma con otro, tropezando con las resistencias naturales en quien vé que se le quiere quitar lo propio para imponerle lo ajeno? (n. 56, p. 3).

Esta substitución sería, ademais, incompatible coa pretensión que expresa "Otro Fernández" de converte-lo galego no idioma de expresión normal do país, e non limitarse á súa promoción como instrumento meramente literario.

En calquera caso, o certo é que estas propostas de unificación non pasaron do plano teórico. Dada a enerxía con que se formularon, non deixa de ser sorprendente que non houbera ningunha tentativa seria de levalas á práctica, pero o certo é que o galego que os seus promotores empregan non difire radicalmente do habitual no momento. O aportuguesamento que Pérez Ballesteros lle atribúe a Florencio Vaamonde é pouco máis que anecdótico, e pasaría case desapercibido para un lector moderno. Así e todo, sempre resulta aventurado precisar se manifestacións coma estas son algo máis ca un puro exercicio verbal. Pola miña parte, creo que esta evidente incoherencia non pode esgrimirse como un argumento para dudar da sinceridade dos que así opinaban. Por máis que as razóns de fondo sexan ben diferentes, non é menos contradictorio o feito de que as máis acendidas defensas da lingua galega se escribisen precisamente en castelán. Quizais asumían que a súa tarefa era prepara-lo terreo, suscita-lo debate para acadar un certo consenso entre os círculos ilustrados. Quizais fose porque simplemente non se sentían capacitados para escribiren directamente en portugués.

No terreo ortográfico o achegamento ó portugués foi mínimo, por non dicir nulo. Certo é que no longo e estéril debate de 1888 sobre a representación da prepalatal fricativa xorda sae a relucir con certa frecuencia o argumento de que a solución galega debe ser coherente coa que outros idiomas, entre eles o portugués, adoptaron para representaren o fonema ou fonemas correspondentes<sup>64</sup>. Non obstante, isto non quere dicir que o sistema que defenden os chamados "etimoloxistas" sexa unha pura mímese do empregado no portugués ou do habitual nos textos galegos medievais. Pola contra, a súa preocupación fundamental é preservar a grafía dos étimos latinos. A este respecto abonda con citalos reproches que Martínez Salazar lle dirixe a Valladares por abusar do <g> e mais do <j>, ou a Antonio de la Iglesia por grafar con <j> a voz *hoxe*, cando "el correspondiente latino *hodie* no lleva *g*, *j* ni *x*"<sup>65</sup>. Por outra parte, Manuel R. Rodríguez, que intervén na polémica da *Revista Gallega* en defensa da independencia do galego, pronunciouse en favor da tripla representación deste fonema:

A pesar de que la mayoría de los escritores representan este sonido especial con la *x*, soy de opinión que debieran proponerse algunas reglas con el fin de introducir también el uso de la *g* y de la *j* para conciliar el origen etimológico de las voces<sup>66</sup>.

Nin sequera discordancias tan rechamantes como a representación das palatais lateral e nasal mereceron máis ca algún que outro breve comentario, as máis das veces simplemente para advertir da diferenza<sup>67</sup>. De feito, o único

<sup>64</sup> Vid. *infra*, pp. 116-119.

<sup>65</sup> A. Marsal, "En tela de juicio", pp. 162 e 164, respectivamente.

<sup>66</sup> Manuel R. Rodríguez, "Bosquejo" II, p. 13.

<sup>67</sup> Saco, por exemplo, censura o emprego que Sarmiento fai do *-#* para representa-la nasal implosiva final:



que propón que o galego adopte neste punto o sistema portugués é o madrileño de orixe asturiana Antonio Balbín de Unquera, que sinala:

La manera de escribir algunas [consoantes], contraria al uso de Portugal, no se explica sino por la influencia del castellano. La *ll* y la *ñ*, proscritas del portugués y admitidas en el dialecto, son prueba de la verdad que indicamos. Si en la literatura gallega se obrase un renacimiento completo que diese á las palabras una fisonomía característica, debiera adoptar la ortografía portuguesa<sup>68</sup>.

Algúns anos atrás o doutor Ramón Otero referíase tamén ós dígrafos *nh* e *lh* presentándoos como características gráficas do galego opostas ó castelán:

Hay en gallego además de las consonantes dobles del castellano, las *nh* que equivale á la *n*, y *hl* [sic], igual á *ll*. *Caminho* se pronuncia *camiño*, *Fihlo*, *fillo*, *Ohlos*, *ollos*<sup>69</sup>.

Non obstante, a inversión dos dous grafemas no caso de <lh> e o feito de que no resto da obra non os volva a empregar dan proba da súa escasa convicción.

Tocante ó emprego literario, a penas achamos mostrados dígrafos característicos do portugués. Soamente Pondal, quizais baixo a influencia de Camoëns, os emprega nunha fase 'intermedia' da súa produccion, tal e como indica Ferreiro:

---

No nos parece fundada la *m* que el P. Sarmiento emplea al fin de las sílabas, como *bem*, *vim*, *sem*, *algunha*, *com poucos*, por mas que afirme emplear la ortografía usada en antiguos códices. Tal ortografía es mas bien portuguesa que gallega (p. 227 n.)

<sup>68</sup> Antonio Balbín de Unquera, "Estudios lingüísticos. El portugués y el gallego", p. 316.

<sup>69</sup> Ramón Otero, *Galicia médica*, p. 34.

Pondal comeza usando ñ no fragmento de *Os Eoas* publicado en 1857; despois xeneraliza o uso de *nh* no período 1858-1872. A partir deste ano a utilización de ñ é sistemática<sup>70</sup>.

En xeral tampouco atopamos tentativas de empregar á portuguesa os grafemas <b> e <v>. Neste sentido, é puramente anecdótica a apelación ó portugués de Martínez Salazar para xustifica-lo emprego do <v> na voz *carballo*. Pola contra, as observacións máis frecuentes a propósito do emprego destes dous grafemas refírense á conveniencia de aplicar con máis rigor o criterio etimolóxico<sup>71</sup>.

Polo demais, tampouco Florencio Vaamonde adopta a ortografía portuguesa cando, para demostra-la proximidade de galego e portugués, contrapón no artigo antes citado as versións portuguesa e galega dalgúns poemas.

Tamén a actualización do léxico a través do portugués foi motivo de controversia. Segundo vimos, foron varios os autores que se referiron á utilidade do portugués para supri-las carencias que neste terreo presentaba o galego tras varios séculos de abandono. Contra esta corrente de opinión levantáronse voces como a de Barreiro Meiro, que polemizaría con Martínez Salazar a propósito desta e doutras cuestións. En concreto, Barreiro Meiro advertía alarmado que a incorporación de lusismos, coma a de castelanismos, debía realizarse con prudencia e só naqueles casos en que isto fose estrictamente necesario, pois "cada cual en su propia casa, siendo hacendosito y cuidadoso, puede arreglárselas con los recursos que tiene á mano"<sup>72</sup>.

---

<sup>70</sup> Manuel Ferreiro, "A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego", *Cadernos de lingua* 4 (1991), p. 52, n. 16.

<sup>71</sup> Sobre esta cuestión, vid. *infra*, pp. 149-150.

<sup>72</sup> J. Barreiro Meiro, "Á todos y á uno", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 5 (05.1888), p. 213.

Determinar ata que punto foron atendidos estes chamados esixiría un estudio atento e detallado do léxico literario da época. Así e todo, unha visión superficial non permite inferir que tiveran demasiado éxito. En palabras de Alonso Montero, "el número de portuguesismos que podemos registrar antes de 1900 es muy escaso" (*Constitución*, p. 45). Polo demais, a presenza de lusismos esporádicos tampouco creo que se poida atribuír en xeral a un intento deliberado de achegarse ó portugués, senón máis ben a unha fuxida diferencialista con respecto ó castelán que ten no portugués unha das súas vías de escape.

### 1.3.2. O peso da ortografía española.

A ortografía española era o outro punto de referencia para os escritores galegos. Por máis que se recoñeza que galego e español son idiomas diferentes e que o galego está moito máis próximo do portugués, nestes momentos está moi difundida a idea de que o galego non é estraño nin esencialmente distinto do español<sup>73</sup>. Esta afirmación fundaméntase na crenza, compartida pola maioría dos escritores e estudiosos, de que o español é, igual có portugués, un produto da evolución do galego antigo. Tal e como indica Alonso Montero<sup>74</sup>, de pouco servirían as atinadas advertencias de Martínez Salazar sobre o proceso real de formación dos romances<sup>75</sup>. Quizais por ignorancia, ou máis

<sup>73</sup> Véxase, por exemplo, Leandro de Saralegui y Medina, "El Regionalismo en Galicia", p. 296.

<sup>74</sup> Cfr. Xesús Alonso Montero, *Constitución*, p. 34, que cita algunhas opinións de Pazos García e Antonio de la Iglesia.

<sup>75</sup> A. Marsal, "En tela de juicio", p. 166:

Es doctrina elemental y aceptada por los filólogos -excepto por algunos gallegos- la de que las lenguas románicas se formaron paralela y simultaneamente del latín en cierto período de tiempo, sin que ninguna de ellas pueda atribuírse la prioridad de su formación.

probablemente por un intento de subliña-la súa importancia e maila súa antigüidade -dous conceptos que a miúdo van unidos-, o certo é que a interpretación máis común é a que ofrece Antonio de la Iglesia, que presenta o galego como "Fillo d'o latino e pai / D'o precioso castillano"<sup>76</sup>. Se a intención de Antonio de la Iglesia era utilizar este argumento para reivindicar-lo galego fronte ós que o desprezaban, desde as posicións contrarias tamén se apelaría a el para demostrar que o galego xa cumprira coa súa misión ó dar vida a dous importantes idiomas modernos. Así, o *Diario del Ferrol* presentaba o galego como un produto híbrido, como un *patois*, do que chamaba 'galego asturicense' ou español e 'galego bracarense' ou portugués<sup>77</sup>.

Independentemente de cal fose a relación xenética do castelán co galego, a preeminencia do primeiro como lingua do Estado aseguráballe unha influencia de feito sobre o segundo da que quizais non eran nin sequera conscientes os seus usuarios. Se temos en conta que, como xa antes puxemos de manifesto, a formación intelectual dos escritores galegos era basicamente castelá, non será de estrañar que practiquen un certo seguidismo espontáneo, non necesariamente deliberado, con relación ó español. Por esta vía poderían explicarse prácticas gráficas en principio un tanto desconcertantes, como é o caso do uso, frecuente entre os autores do primeiro tercio do século XIX<sup>78</sup>, do <x> con til

<sup>76</sup> Antonio de la Iglesia, "Ortografía gallega (II)", *Galicia Humorística*, I, n. 11 (15.06.1888), p. 337.

<sup>77</sup> Con estas opinións o *Diario del Ferrol* respondía a convocatoria á prensa de Galicia que fixo o *Heraldo Gallego* de Ourense para que colaborase no fomento do galego. Non puiden consulta-los artigos do xornal ferrolán, pero si as reproducións que deles fixo o *Heraldo* na súa *Edición de Intereses Generales*, ano IV, n. 7 (20.02.1877), p. 1; n. 9 (01.03.1877), p. 1; n. 13 (25.03.1877), pp. 1-2. Cfr. Ernesto González Seoane, "O debate sobre o galego", pp. 279-281.

<sup>78</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do prerrexurdimento galego (1805-1837)*, tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, pp. 171-173.

circunflexo sobre a vocal seguinte para representa-la prepalatal fricativa xorda. Non convén esquecer que este era o procedemento recomendado pola Academia Española para representa-lo grupo /ks/, tal e como indica Rafael Lapesa:

La *Orthographía* académica de 1741 dispuso que se marcara con acento circunflejo la vocal vecina a *ch* (*châridad, mechânico*) y a *x* (*exâmen, exôrbitante*) para indicar que estas consonantes habían de pronunciarse como /k/ y /ks/ o [gs] respectivamente, no como la /c/ de *muchacho* ni la /X/ de *xabón, caxa* (*Historia*, pp. 423-424 n.).

Non será ata a oitava edición da *Ortografía*, en 1815<sup>79</sup>, cando a mesma Academia reforme esta práctica, que, pese a todo, continuaría posiblemente aínda durante uns anos.

Tamén no relativo ó uso dos grafemas <b> e <v> se aprecia o peso da ortografía española. Exemplos coma o de *bran*, forma sincopada de *verán* que aparece con moita frecuencia grafada con <b> nos textos literarios do XIX, só se xustifican pola prohibición da ortografía española, vixente aínda hoxe, da combinación gráfica <vr><sup>80</sup>.

O mesmo podemos dicir de casos coma os de *hovo*, *hoso*, *hoco*, etc., grafados con <h-> inicial simplemente por mímese con respecto ó *huevo*, *hueso* ou *hueco* do español, que prescribe, en contra do criterio etimolóxico, o uso do <h> inicial naquelas palabras que comezan cun ditongo <ue> xerado pola ditongación dun ð breve latino.

---

<sup>79</sup> "El sonido gutural que la *x* ha tenido hasta ahora en algunas voces, y nos vino del árabe, debe remitirse en adelante á la *j* y á la *g* en sus casos respectivos" (p. 54).

<sup>80</sup> Cfr., por exemplo, RAE, *Prontuario* (1845), p. 11. A Comisión de Gramática da Real Academia Española, no seu *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1973, mantén esta proscrición:

Se escribe siempre *b*, cualquiera que sea el origen de la palabra, cuando el fonema /b/ precede a *l* o *r* seguidas de vocal en grupo tautosilábico (p. 122).

Diante disto, ¿debemos concluir que a ortografía practicada na segunda metade do século XIX e sancionada nas gramáticas é a ortografía española? Algúns pronunciamentos dos propios autores dan pé para pensar que efectivamente era así. Saco, por exemplo, advertíao en nota dentro do capítulo dedicado á ortografía:

Siendo aplicables casi en su totalidad á la ortografía del dialecto gallego, en lo relativo al uso de las letras y á la puntuacion, las reglas de la ortografía castellana; nos limitaremos á hacer unas advertencias sobre las letras *i-y*, *n-m*, *x*, sobre los acentos y algún otro signo (p. 226).

Para Lamas Carvajal a ortografía do castelán era o último recurso para solucionar-las dúbidas que non se podían resolver a través do latín:

Acodiria, pro n'as últimas, n'as boqueadas, á ortografía castillana<sup>81</sup>.

Pese a isto, en opinión do profesor Ramón Lorenzo, no galego do século XIX non cabe falar de ortografía castelá. En todo caso, as posibles coincidencias puntuais coa ortografía do castelán débense, sempre segundo o seu parecer, máis á igualdade dos resultados ca á vontade deliberada de aplicarlle ó galego o sistema ortográfico do castelán:

---

<sup>81</sup> Un gallego vello, "A o señor de Torre-Cores", *Revista de Galicia*, I, n. 12 (25.06.1880), p. 150.

¿Como pode considerarse ortografía castelá a duns escritores que utilizan a reo o apóstrofo, toda clase de acentos, mesmo en palabras que hoxe non o levan, e constantes guións, moitos deles á maneira portuguesa? O que fan os escritores é un intento de normas ortográficas, que unhas veces coinciden en todos e outras son diferentes, mais moi distantes das normas ortográficas castelás. Se hai, ás veces, coincidencia co castelán e non co portugués, débese á igualdade dos resultados galego-casteláns fronte á outra lingua<sup>82</sup>.

Na miña opinión, advertencias coma a de Saco fundaméntanse en que as descrições gramaticais toman sempre o castelán como idioma de referencia. Pénsese que este tipo de obras van dirixidas fundamentalmente a un público culto que, igual cós propios gramáticos, ten o castelán como lingua normal de comunicación e que emprega este idioma de forma habitual nos seus escritos, exceptuando nalgúns casos os de carácter literario. Non obstante, a declaración de Saco non implica submisión á ortografía da lingua dominante. De feito, o mesmo Saco rexeita a posibilidade de emprega-lo y coma en español, aducindo como razón que o tal uso non ten xustificación en galego (pp. 226-227). Por outra parte, poucas páxinas máis atrás cita como exemplos as palabras *avó* e *alelí* (p. 224), que non concordan graficamente coas correspondentes formas do castelán.

En resumo, se ben non se pode dicir que se adopte a ortografía do castelán -os argumentos que aduce o profesor Lorenzo son contundentes e incontestables-, o certo é que existe unha influencia de feito que non se pode esquecer, e que se manifesta nalgúns puntos febles do sistema ortográfico en que os escritores e gramáticos se deixan arrastrar pola convención gráfica que mellor coñecen. Por

---

<sup>82</sup> Ramón Lorenzo, "A lingua literaria na época de Rosalía", en *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, vol. III, Consello da Cultura Galega-Universidade de Santiago, Santiago, 1986, p. 32.

outra banda, a ortografía española, tralas reformas simplificadoras dos séculos XVIII e XIX, convertérase nun modelo de ortografía racional para as demais linguas pola máis que aceptable adecuación que ofrecía entre o sistema gráfico e o sistema fonolóxico. De aí que desde linguas que teñen en marcha procesos de reforma e racionalización da ortografía, como é o caso do portugués entre finais do século XIX e principios do XX, se contemple o español como exemplo do que os reformadores pretenden conseguir:

Em Espanha, como em Itália, são raras as cacografias e os erros de leitura, porque a sinjeleza racional dos seus sistemas ortográficos é estôrvo eficaz ao capricho individual, e dá marjem a poucas dúvidas<sup>83</sup>.

Certamente, en Galicia tamén se percibe en ocasións a intención, oculta ou mesmo manifesta, de aproxima-la ortografía do galego da do castelán simplemente para facela máis 'dixerible'. Algo disto se aprecia en Valladares, que por exemplo aconsella usa-lo <g> e o <j> para representa-lo /j/ sempre que a palabra da que se trate se escriba cunha destas letras en español<sup>84</sup>, pero non creo que se poida considerar unha tendencia xeral. Ademais, esta actitude dificilmente se compadecería co purismo que xa desde Pintos manifesta a maioría dos autores e que, por exemplo, leva a Saco a rexeitar como modelo de lingua a fala acastrapada das cidades, onde se fala "una abigarrada mezcla de gallego y castellano" (p. x); ou co vulgarismo e o 'enxebrismo' que afloran, moi timidamente nas primeiras obras, con máis decisión nos textos das dúas últimas décadas do século, e

---

<sup>83</sup> A.R. Gonçalves Viana, *Ortografia Nacional. Simplificação e uniformização sistemática das Ortografias Portuguesas*, Viuva Tavares Cardoso, Lisboa, 1904, p. 6.

<sup>84</sup> Nos seus *Elementos* Valladares iría aínda máis alá ó proscribir moitas formas e usos galegos polo mero feito de non coincidiren co castelán. Paradoxalmente, noutro traballo seu, "Escritura gallega", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 6 (06.1888), aconsellaba "galleguizar, ó traducir del castellano al gallego las menos voces que se pueda" (p. 269).



que revelan precisamente un intento de afasta-lo galego da lingua dominante.

#### 1.4. O galego diante dos procesos de reforma ortográfica de fins do XIX e principios do XX. A polémica entre etimoloxistas e foneticistas.

En Galicia a discusión ortográfica xurdiu pola necesidade, esgrimida por uns, de adecua-lo sistema gráfico tradicional nos idiomas veciños e noutros períodos históricos do propio galego ás características que naquela altura presentaba a estrutura fonolóxica do idioma. Dúas foron as tendencias que se enfrontaron, unha de carácter erudito, coñecida como etimoloxista, e outra de inspiración foneticista, designada, ás veces pexorativamente, como simplificadora. En realidade, para sermos precisos, o alcance do debate foi moi limitado, xa que se restrinxiu á representación gráfica da prepalatal fricativa xorda /ʃ/, que quizais sexa o asunto ó que máis páxinas se lle dedicaron en todo o século XIX. Outras cuestións non menos importantes, como a pervivencia do uso dos grafemas <b> e <v> para representa-lo fonema /b/ ou o emprego do grafema <h>, non mereceron nin de lonxe unha atención similar, e só foron obxecto de simple comentario ou de alusión circunstancial, as máis das veces en traballos de natureza non estrictamente lingüística.

A verdadeira dimensión do debate que se produciu en Galicia no último cuartel do século XIX só se pode entender cabalmente tendo presentes as tentativas de reforma e racionalización da ortografía portuguesa que case simultaneamente se estaban a producir en Portugal por iniciativa sobre todo de Aniceto dos Reis Gonçalves Viana. Por outra parte, tampouco convirá esquece-lo precedente que sentou a Real Academia Española coa actualización progresiva

da ortografía do español, que se inicia co prólogo ó *Diccionario de Autoridades* de 1726 e que culmina practicamente coa publicación da oitava edición da *Ortografía* en 1815. Durante este período de case un século foron caendo sucesivamente vellas prácticas gráficas, como a distinción <-ss-> / <-s-> ou o emprego do <ç>, das grafías latinizantes <ph>, <th> e <ch>, do <y> en voces como *lyra*, do <q> de *quarto*, do <x> con valor de /x/, etc<sup>85</sup>. Sen embargo, sabemos tamén por algúns testemuños directos que a pesar dos esforzos da Academia, moitos escritores continuarían ignorando estas innovacións:

Ciertos escritores que, rebeldes á elevadas indicaciones prosódico-ortográficas, hace años continúan escribiendo en la forma siguiente, las palabras: *ageno, Genaro, homenage, magestad, muger, expontáneo, excéptico, tradición, discrección, occéano, viage, etca.*<sup>86</sup>.

Pola contra, outros autores, considerando que aínda era posible simplificar máis a ortografía opinaban que as reformas introducidas pola Academia resultaban insuficientes e que era preciso continuar avanzando nesa liña. Entre os que así pensaban destaca a figura de don Andrés Bello, que en 1823 chega a propoñer un programa completo de reforma asentado en bases fonéticas<sup>87</sup>. Para o ilustre lingüista

---

<sup>85</sup> Cfr. Lapesa, *Historia*, especialmente o § 102, "Los grupos cultos y las reformas ortográficas", pp. 421-424.

<sup>86</sup> José Pérez Ballesteros, "Prólogo" a *Muxenas*, p. xxi.

venezolano o obxectivo último da reforma era conseguir unha correspondencia biunívoca perfecta entre fonemas e letras:

El mayor grado de perfección de que la escritura es susceptible [...] se cifra en una cabal correspondencia entre los sonidos elementales de la lengua y los signos o letras que han de representarlos, por manera que a cada sonido elemental corresponda invariablemente una letra, y a cada letra corresponda con la misma invariabilidad un sonido (p. 804).

Evidentemente, nun sistema como o que propoñía Bello a etimoloxía malamente podía desempeñar nin sequera un papel secundario. Así o subliñaba o propio autor:

La etimología es la gran fuente de la confusión de los alfabetos de Europa. Uno de los mayores absurdos que han podido introducirse en el arte de pintar las palabras es la regla que nos prescribe deslindar su origen para saber de qué modo se han de trasladar al papel [...]. Destiérrese, replica la sana razón, esa superflua multiplicidad de signos, dejando de todos ellos aquél solo que por su unidad merezca la preferencia (p. 805).

A diferenza do caso español, no que a Academia liderou o proceso, en Portugal a reforma foi máis serodia e levouse a cabo pola iniciativa e o empeño dun reducido grupo de prominentes filólogos e eruditos, formado, entre outros, por A. R. Gonçalves Viana, Guilherme de Vasconcelos Abreu, Cândido de Figueiredo, Carolina Michaëlis de Vasconcelos,

---

<sup>87</sup> Cfr. Andrés Bello, "Indicaciones sobre la conveniencia de simplificar y uniformar la ortografía en América", en *Antología general*, vol. I, Ediciones Edime, Caracas-Madrid, 1981, pp. 798-812. A reforma que propoñía Bello era en síntese a seguinte: nunha primeira fase, reducir as representacións do fonema /x/ a un único grafema, o <j>; substituí-lo <y> por <i> como representación da vocal /i/; suprimi-lo <h>; usar sempre <rr> para representar a vibrante múltiple; elimina-lo <c> como representación de /θ/, e reducir en <g> o dígrafo <qu>; nunha segunda fase eliminaríase o <c> en favor de <q> como representación de /k/, así como o <u> do dígrafo <gu> diante de /e/ e de /i/. Para as ideas de Bello en materia ortográfica, cfr. Angel Rosemblat, "Las ideas ortográficas de Bello", in *Obras Completas de Andrés Bello. V. Estudios gramaticales*, Ministerio de Educación, Caracas, 1951, pp. ix, cxxxviii, e Antonio Alcalá Alba, "La reforma ortográfica de Andrés Bello", in *Homenaje a Andrés Bello. Memoria*, Universidad Nacional Autónoma de México, México, 1983, pp. 75-107.

Francisco Adolfo Coelho e José Leite de Vasconcelos<sup>88</sup>. Por outra parte, no proceso de modernización da ortografía catalana as propostas de Fabra inscríbense tamén nesta liña de simplificación e racionalización no emprego dos signos gráficos<sup>89</sup>.

As descrições con que pintan a situación os críticos do caos ortográfico que reina no portugués non difiren moito das que, como vimos pouco máis arriba, trazaban pola mesma época, e mesmo antes, galegos como Aureliano J. Pereira, Luciano Cid, Pesqueira Crespo ou Martínez Salazar. A título de exemplo vexamos unhas liñas que en 1904 escribía Gonçalvez Viana a propósito do portugués e que parecen redactadas pensando na situación galega:

As ortografias dos documentos oficiais impressos, assim como as dos livros e publicações dados á estampa por editores, ou autores, também não são uniformes, e ainda o são menos as dos documentos manuscritos [...] Quanto á imprensa diária, sabemos todos que cada periódico tem a sua maneira de ortografar: em uns a escrita é ultra-etimológica, sem deixar de ser errônea, e em outros mais ou menos simplificada; e essas simplificações possíveis variam de época para época, de revisor para revisor, de página para página, com assombrosa incoerência<sup>90</sup>.

A ortografía habitual no portugués, consagrada pola autoridade da Academia das Ciências de Lisboa, rexíase, a

---

<sup>88</sup> Para coñece-la historia da ortografía portuguesa e das súas reformas, é fundamental o traballo de Ivo Castro, Inês Duarte, Isabel Leiria (eds.), *A demanda da ortografia portuguesa. Comentário do Acordo Ortográfico de 1986 e subsídios para a compreensão da Questão que se lle seguiu*, Sá da Costa, Lisboa, 1987, e especialmente os capítulos 3 e 4, pp. 139-275.

<sup>89</sup> Cfr. Mila Segarra, *Història de la normativa catalana*, Enciclopèdia Catalana, Barcelona, 1985, pp. 9-20. Segundo a opinión de Segarra, "Fabra pretendia crear una ortografía fonética i no pas «foneticista», moderna, sense que deixés d'estar lligada a la tradició, etimològica només en l'indispensable, gramaticalment significativa sense deixar de ser convencional i, sobretot, catalana i nacional [...]. Era evident que una ortografía més senzilla, sense símbols diversos pera un mateix so i sense grafies desproveïdes de correspondència fonètica esdevenia molt més operativa" (pp. 12-13).

<sup>90</sup> A.R. Gonçalvez Viana, *Ortografía Nacional*, p. 3.

diferencia da española, polo principio etimolóxico. Entre as posibles causas que explican o triunfo desta tendencia, Williams cita a influencia da ortografía francesa e tamén o "desejo pedante de marcar un fosso distintivo entre os homens de letras e o pequeno número de persoas que sabiam ler"<sup>91</sup>. A estas hipóteses Tavani engade outra non menos verosímil: o "desejo de tornar a língua portuguesa, até no plano gráfico, cada vez mais diferenciada da sua vizinha peninsular"<sup>92</sup>.

Esta moda erudita, que se iniciara xa en época antiga, consolidouse no século XVIII, sobre todo a partir da publicación en 1734 da *Orthographia ou arte de escrever e pronunciar com acerto a lingua portugueza*, de João de Moraes Madureyra Feyjó. A confusión xorde cando, nunha especie de fuxida cara adiante, comezan a multiplicarse as grafías exóticas e a reconstruírse grupos cultos en palabras patrimoniais que xa sufriran a súa redución. Foi a partir de entón cando empezaron a prolifera-las cacografías debidas a interpretacións etimolóxicas fantasiosas: Carolina Michaëlis cita, entre outras, formas como *thesoura*, que resulta do cruce e confusión con *thesouro*, *dymnastia*, *Santhiago*, etc.<sup>93</sup>; Gonçálvez Viana menciona *exgottar* (p. 69), *prophano* ou *christal* (p. 45) e indica ata cento noventa e dous modos distintos de escribi-lo nome de *Hipólito* (pp. 184-185).

---

<sup>91</sup> E. Williams, *Do latim ao português*, Tempo Brasileiro, Rio de Janeiro, 1975<sup>3</sup>, p. 41.

<sup>92</sup> Giuseppe Tavani, "Antecedentes históricos: a ortografia da língua portuguesa", en Ivo Castro et al., *A demanda da ortografia portuguesa*, p. 203.

<sup>93</sup> Carolina Michaëlis de Vasconcelos, "A ortografia nacional", in *Lições de Filologia Portuguesa, segundo as preleções feitas aos cursos de 1911/12 e de 1912/13*, Dinalivro, Lisboa, s.d., p. 104. Este traballo fora publicado orixinalmente no xornal *O Primeiro de Janeiro* entre o 14 e o 18 de marzo de 1911 e logo recollido tamén na *Revista Lusitana*.

Independentemente dos abusos provocados por un exceso de celo, a complicación intrínseca da ortografía etimolóxica facíaa impracticable para o pobo en xeral e dificultaba enormemente o acceso á escrita dos escolares. Esta preocupación latexa nos escritos dos reformadores portugueses, especialmente en Carolina Michaëlis, que insiste, igual que anos antes fixera Saco<sup>94</sup>, en que a ortografía non é un fin en si mesmo:

Num país, atrasadíssimo quanto á instrução e educação, em que quatro milhões estão á espera dos benefícios da luz espiritual, o que importa é facilitar o ensino da leitura e escrita; acabar com todas as complicações desnecessárias; eliminar todos os artifícios eruditos; abreviar a aprendizagem [...]. Porque (será preciso lembrá-lo?) o ensino elementar da leitura e escrita não é *fim*, mas apenas *meio*, indispensável para o desenvolvimento da faculdade de pensar, raciocinar, julgar, protestar e emendar o que encontramos de imperfeito e obnóscio no nosso caminho: faculdades, sem as quaes não pode haver verdadeira liberdade ("A ortografia nacional", pp. 101-102).

Así as cousas, Gonçálvez Viana e Vasconcelos Abreu inician en 1885, coa publicación das *Bases de Ortografia Portuguesa*<sup>95</sup>, o proceso que culminará coa reforma de 1911. Os principais postulados da súa tese eran a supresión das grafías <th>, <ch> (con valor de /k/), <rh>, <ph> e <y>; a simplificación das consoantes duplas, salvo <rr> e <ss> mediais; a eliminación das consoantes mudas que non influísen no timbre da vocal precedente; a supresión de <x> con valor de /ks/ e de <g> con valor de /ʒ/, e a regularización da acentuación gráfica. Atrás quedaban intentos fallidos coma o de Barbosa Leão, que en 1875

---

<sup>94</sup> "La ortografía debe ser del dominio de todos, por lo que conviene simplificarla y ponerla al alcance de la multitud" (*Gramática*, p. 228).

<sup>95</sup> Publicadas pola Imprensa Nacional, Lisboa, 1885.

propuxera unha reforma "sónica" radical que foi rexeitada pola Academia das Ciencias tres anos despois.

Gonçalves Viana, o principal animador da reforma, publicaría posteriormente, en 1900, un *Questionário* de cento cincuenta e cinco preguntas que recollían os principais problemas ortográficos que cumpría resolver. As súas propias respostas aparecerían no seu traballo *Ortografias Portuguesas*, de 1902. Por último, en 1904 daría á imprenta a *Ortografia Nacional. Simplificação e Unificação Sistemática das Ortografias Portuguesas*, que recolle o máis substancial dos seus traballos anteriores. Na súa obra declárase admirador da simplicidade das ortografías italiana e española e móstrase un crítico implacable da denominada ortografía etimolóxica, que considera "uma superstição herdada, um erro científico, filho do pedantismo que na época da ressurreição dos estudos clássicos, a que se chamou Renascimento, assoberbou os deslumbrados adoradores da antiguidade clássica e das letras romanas e gregas" (*Ortografia Nacional*, pp. 8-9).

A reforma chegaría en 1911, cando o goberno portugués nomea unha comisión de filólogos, entre eles o propio Gonçalves Viana, que actuaría como relator, encargada de elabora-lo proxecto de simplificación da ortografía. A proposta da comisión, aprobada polo goberno no mesmo ano, non recolleu tódolos postulados dos reformadores, concretamente a supresión do x con valor de /ks/ e a eliminación das grafías <ge>, <gi>, para que a "estranheza, que poderiam ocasionar no público certas innovações ou renovações gráficas, nao viesse prejudicar a aceitação dos demais preceitos"<sup>96</sup>. Con todo, a reforma constituíu un

<sup>96</sup> Cit. en Ivo Castro e Isabel Leiria, "As reformas ortográficas: do romantismo à actualidade", en Ivo Castro et al., *A demanda da ortografía portuugesas*, p. 208.

incuestionable avance na racionalización da ortografía portuguesa.

En Galicia a cuestión era diferente: non se trataba de reformar unha ortografía máis ou menos confusa, pero aceptablemente consolidada, senón determina-lo modelo e os criterios sobre os que construí-lo sistema ortográfico. Sen embargo, a discusión entre etimoloxistas e foneticistas que se produciu en Galicia presenta numerosos puntos en comúns debates que sobre a mesma cuestión se suscitaron en Portugal. Naturalmente, os problemas concretos son ben diferentes, mais non así os argumentos e os principios doutrinais. Dos relativos ó galego que foron tratados durante esta discusión ocuparémonos a seguir.



## 2. A representación da prepalatal fricativa xorda

O galego moderno presenta no seu sistema fonolóxico un elemento fricativo prepalatal xordo /ʃ/, que é o resultado da confluencia nunha soa unidade dos dous fonemas fricativos prepalatais, xordo e sonoro, con que contaba o galego antigo. Deste xeito, o galego contrasta abertamente con outras linguas románicas, entre as que se encontra o seu veciño máis próximo, o portugués, que mantiveron a vella distinción entre /ʒ/ e /ʃ/. Pola contra, a evolución operada no galego é bastante similar á que sufriu o español, que tamén contaba no período medieval con estes dous fonemas, que logo confluíron para posteriormente evolucionaren ó fricativo velar xordo /x/ actual.

Durante o período medieval, pois, o galego distinguía entre a prepalatal fricativa sonora /ʒ/, representada normalmente polos grafemas <j> (ou <i>) e <g>, e o seu correlato xordo /ʃ/, representado na lingua escrita a través da letra <x>. Aínda que o índice de confusións entre os grafemas correspondentes a un e outro fonema é considerablemente inferior ó que se rexistra nas representacións das outras parellas de fonemas sibilantes (<ç> e <z> para /ts/ e /dz/, <-s-> e <-ss-> para /s/ e /z/), o que podería interpretarse como proba da maior estabilidade da oposición de que estamos a tratar, o certo é que xa desde o século XIII se perciben indicios de que o proceso de enxordecemento da prepalatal sonora estaba en marcha. Así o afirma, por exemplo, a profesora Clarinda de Azevedo Maia,

que rexistra nos documentos por ela estudiados dous exemplos, o topónimo *Lourixe* e o antropónimo *Tereixa*, ambos do século XV, e que aduce varios anteriores tirados doutras coleccións documentais<sup>1</sup>. Máis radical se mostra Ramón Lorenzo, para quen o mantemento da oposición gráfica, máis que reflecti-la pervivencia da oposición fonolóxica, é un índice do divorcio existente entre a lingua culta e a popular, que, segundo el, descoñecería as sonoras xa desde época primitiva<sup>2</sup>. En calquera caso, reducida ou non a oposición fonolóxica, o certo é que no plano gráfico se mantén con relativa estabilidade.

### 2.1. A representación gráfica do /ʃ/ no galego moderno.

Nos textos producidos durante o período comprendido entre os séculos XVI e XVIII, que coñecemos tradicionalmente co nome de Séculos Escuros, é claro que o proceso de desonorización estaba xa consumado. Así o confirma indirectamente en varias ocasións o padre Sarmiento ó reflexionar sobre o difícil que resulta decidirse por escribir con <g>, con <j> ou con <x> algunhas palabras de orixe incerta. De feito, o erudito bieito recoñece máis dunha vez que esta oposición gráfica carece de fundamento fonolóxico, o que demostra que a vella oposición carecía xa de vixencia:

---

<sup>1</sup> Cfr. Clarinda de Azevedo Maia, *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*, Instituto Nacional de Investigação Científica, Coimbra, 1986, pp. 468-472.

<sup>2</sup> Cfr. Ramón Lorenzo, *Crónica Troiana*, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1985, p. 94. Segundo o profesor Lorenzo, na parte da *Crónica* escrita por Fernán Martís non aparece ningunha confusión entre os grafemas que representan a prepalatal sonora e a xorda. Si que as hai, en cambio, na segunda parte, escrita por unha ou varias persoas menos competentes no manexo do sistema gráfico. "Dous casos importantes de confusión de xorda por sonora son *fixe* (262.11) por *fige* e *beixaruos ey* (359.59), en lugar de *beixaruos ey*, dous preciosos testemuños da utilización á moderna da grafía *x* xa no séc. XIV" (p. 134).

El que sólo oye *geito* no sabe si su ortografía es *xeito*, *keyto*, si *jeito*, *jeyto* o si *geito*, *geyto*<sup>3</sup>.

Sen embargo, a pesar dos numerosos atrancos que ten que superar, frei Martín intenta manter, sempre de forma artificiosa, o vello sistema gráfico. O criterio de emprego dos tres grafemas pódese deducir das súas reflexións a propósito dalgunhas palabras de etimoloxía dubidosa ou difícil de precisar. Así pois, a posición de Sarmiento, que, como veremos, non difire en nada da que anos máis tarde vai adoptar Pintos, pódese resumir do seguinte xeito:

1. Empregar <g> en todas aquelas palabras que teñan g no étimo, como sucede no caso de *agiña* 'axiña', que Sarmiento fai derivar do verbo *AGINO* (*Colección*, p. 167), ou no de *Genxo* 'Xenxo', de *GINESIO* (*Colección*, p. 174).

2. Emprega-lo <j> cando no étimo estea presente j. Así sucede en *junto* 'xunto' (*Colección*, p. 174) ou en *jeito* 'xeito', un caso este sobre o que Sarmiento discorre longamente ata chegar á seguinte conclusión:

Véase aquí el origen y la ortografía de *geito*. Es error escribirle con G y no con J: se debe escribir *jeyto* de *jactus* (*Colección*, p. 422).

3. Empregar <x> cando o fonema /ʃ/ proceda ben de s, ben de x latino. Son moi numerosos os exemplos que se poderían aducir. Sirvan como mostra significativa os seguintes:

*Dixemos* de *diximus*, por eso tiene X (*Colección*, p. 167).

Y por estar en la raíz la letra sibilante S se debe escribir con X y no con J: *enxoagar*. Por lo mismo, porque la voz *sucus* tiene S, se debe escribir *xugo*, y no *jugo* (*Colección*, p. 247).

---

<sup>3</sup> Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J.L. Pensado, Universidade de Salamanca, 1970, p. 421.

Del supino *pulsum*, se formó el frecuentativo *pulso*, *as*. Este sibilando la S en X pasó a *puxo*, *as*, *puxar* [...]. Así, es error escribir con J y no con X, *empuxo*, *rempuxo*, etc., pues la S jamás se muda en J por ser de órganos distintos (*Colección*, p. 371).

*Jato* o *Xato*. Llaman así a un becerro (de vitellus). Acaso del latín *satus*, que en Virgilio, etc., significa hijo: *sate Dea* (de *sero*, *is*) como si dijese *cría*, *crianza*, o hijo o sato de la vaca. Siendo así se debe escribir con X *xáto*, y viene bien<sup>4</sup>.

Ademais, grafaríase tamén con <x> o /ʃ/ procedente de -sɪ- intervocálico: GINESIO > *Genxo*.

Do celo e dos escrúpulos de Sarmiento poderían dar idea algúns casos en que, tras vacilar durante longo tempo, non acaba de decidirse por un dos posibles étimos, ou ben, chega á conclusión de que a palabra en cuestión ten étimos diferentes segundo o seu significado. Neste caso están, por exemplo, as palabras *mexacán* e *ameixa*:

De este modo se podrá fijar la ortografía gallega para los dos significados de *mexacán*. Cuando significa la planta hedionda que en Galicia se llama *calzamo* se debe escribir con J, *mejacan*, derivado de *meio*, *is*, porque los perros van a orinar a ese género de yerbas, que son muy comunes; cuando significa la *zarzaparrilla* se debe escribir con X, *mexacan*, derivado de la voz *smilax* o *milax* (*Colección*, p. 311).

La voz *ameixa*, pronunciada a la gallega, es equívoca pues significa «ciruela» y «un marisco de concha», pero escrita según ortografía no hay equívoco: *ameija* significa el marisco y *ameixa* la ciruela" (*Colección*, p. 217).

En liñas xerais este é o comportamento maioritario dos escritores deste período, que, coas vacilacións e erros que

---

<sup>4</sup> Fr. Martín Sarmiento, *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J.L. Pensado, Universidade de Salamanca, 1973, p. 337.

cabería esperar, representan o /ʃ/ mediante <g>, <j> ou <x> segundo os casos<sup>5</sup>.

En vista disto, podemos concluír que, se ben no plano fonolóxico o galego dos séculos XVI, XVII e XVIII confirma e consolida os cambios que se insinuaban a finais da Idade Media, non ocorre o mesmo no plano gráfico, no que se mantén sen a penas cambios a situación medieval. Só escapa a esta tendencia maioritaria a pluma de Diego Antonio Cernadas de Castro, coñecido como o Cura de Fruíme, posiblemente o primeiro escritor galego que se inclina claramente pola grafía única.

Cando a principios do século XIX o galego comeza a manifesta-los primeiros síntomas de recuperación, prodúcese o conflito entre unha tradición gráfica moi pouco coñecida, pero non ignorada absolutamente, e a realidade lingüística, que ofrece unha soa unidade fonemática. Diante disto, as persoas que nas primeiras décadas do século se enfrontan coa necesidade de "reinventar" un patrón lingüístico para o galego literario vense na obriga de optar, ben por conservar unha distinción gráfica artificiosa, pero cimentada na tradición, ben por empregar unha grafía única para representa-lo que é un fonema así mesmo único.

Entre os textos producidos nas tres primeiras décadas do século percíbese, segundo Ramón Mariño, un claro predominio daqueles que "evidencian que o seu autor non tiña

---

<sup>5</sup> Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 153-154, sinala diversos exemplos de erros e incorreccións destes escritores na representación do fonema de que estamos a tratar: "Ata o século XVIII tódolos escritores intentan en xeral mante-la distinción gráfica de *g*, *j* e *x*, pero semellan bastante desorientados [...], Os máis eruditos estarían en disposición de apelar á etimoloxía, ó modelo portugués ou tal vez ó uso observado en vellos pergamiños [...]. Contra todos ou contra algún destes tres posibles criterios alzaríanse as seguintes formas: *Almexas* (Olea, s.v.), *coRexidor* (Gondomar<sub>3</sub>, ls. 13-14), *deija* (Gondomar<sub>3</sub>, l. 28), *beyxo* (Gondomar<sub>2</sub>, l. 25), *baijos* (Neira, v. 11), *queija* (Torrado, v. 37), *deija* (Torrado, v. 40), *dijen* (Feijoo, v. 18)" (p. 153).

intención ningunha de practica-la antiga distinción ortográfica entre *g*, *j* e *x*" (*Estudio*, p. 170). Tan é así que de tódolos textos que analiza na súa tese só en catro tentan os seus autores mante-la grafía etimolóxica, en concreto no diálogo coñecido como *O Tío Farruco*, de Pedro Boado<sup>6</sup>, na *Parola de Cacheiras*<sup>7</sup>, na "Carta recomendada" de González Senra<sup>8</sup> e nun dos vilancicos de L. Corral Rodríguez<sup>9</sup>. Polo demais, sempre segundo Ramón Mariño, que cita abondosos exemplos<sup>10</sup>, os seus autores non conseguen evitar incorrer en numerosos erros e confusións.

A división de criterios continuaría ó longo de todo o resto do século, pero, a diferenza do sucedido nas primeiras décadas, nas que os escritores non se consideraban na obriga de xustificaren a súa escolla, agora, cando a necesidade de establecer un rexistro culto se deixa sentir con máis forza, xorde a discusión teórica sobre cal dos ditos sistemas lle acae mellor á nosa lingua.

Unha cuestión previa que convén deixar aclarada é a da fiabilidade que merecen os textos tal e como nos chegaron editados. É coñecida a postura intervencionista de editores como Antonio de la Iglesia (se por el nos fiamos, resultaría

---

<sup>6</sup> Pedro Boado Sánchez, *Diálogo entre dos Labradores gallegos afligidos y un Abogado instruido, despreocupado y compasivo. CUADERNO PRIMERO al cual seguirá el segundo. Contiene las principales disposiciones eclesiásticas y civiles, relativas á los que comunmente se llaman derechos de estola y pie de Altar*, Orense: oficina de D. Juan María de Pazos, 1823.

<sup>7</sup> *Parola k'houbó entre Goriño Antelo, Farruco Allende, e Antón Terelo a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada ó pé da letra por un urbano que à oeu agachado tras d'unha pipa; que viña de camiño*. Trátase dun manuscrito inédito.

<sup>8</sup> Publicada na *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 1812, pp. 17-21.

<sup>9</sup> En concreto o titulado "Vamos a Belén, amigos", que se conserva na catedral de Mondoñedo.

<sup>10</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 178-181.

que tódolos autores do noso Rexurdimento usaban o <g> e o <j> conforme as regras que el mesmo propugnaba<sup>11</sup>) ou Lamas Carvajal, que no decurso da polémica ortográfica de 1888, que logo trataremos por extenso, chega a publicar coa grafía simplificada mesmo os textos en que o seu contendente Antonio de la Iglesia avogaba polo sistema etimolóxico. Isto molestou moito a don Antonio, que quizais non comprendía que lle estaban aplicando a mesma medicina que el administraba<sup>12</sup>. Con todo, esta situación só parece afectar a textos recollidos en antoloxías ou en publicacións periódicas. Polo menos non temos datos que nos fagan pensar que esta práctica fose corrente nas editoriais. Por exemplo, Martínez Salazar, que en 1888 asina diversos artigos en defensa do <g> e do <j>, edita sen alterar obras de decididos partidarios do <x>, como é o caso de Pérez Ballesteros<sup>13</sup>.

---

<sup>11</sup> En efecto, don Antonio de la Iglesia era pouco mirado con estas cuestións e non dubidaba en altera-la literalidade dos textos que editaba para unificalos graficamente. Así o fai no "Mosaico poético", publicado no *Álbum de la Caridad*, e na súa antoloxía *El idioma gallego*.

<sup>12</sup> Lamas reproduce no seu xornal *O tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 232 (10.06.1888), p. 4, a primeira parte dun escrito de A. de la Iglesia titulado "Ortografía gallega", publicado previamente en *El Ciclón* e en *Galicia Humorística*, ano I, tomo I, n. 10 (30.05.1888), pp. 305-307, pero substituíndolle o <g> e o <j> por <x>. A don Antonio non lle debeu gustar moito e protestou indignado: "¿Pois non foi o gran *equista* / A tomar (cal sémpre tóma / Sin licencia de seus páis) / Meu artículo d'o idioma? / [...] / O prencipal d'a malicia / Foi, que sendo a miña óbra / de régras d'a *ortografía*, / Práuticas, de algunha monta, / ¿El que fai? o cundanado / ¡Aprensión ningunha! pón-nas / D'o mesmo módo e maneira / Qu'el escrêbe as súas cópras. / Agora vexan, vostedes, / si somellantes liórias / Son de cristianó ou judía / Ou d'emprensor d'as Batócas" ("Ortografía gallega. III", *Galicia Humorística*, ano I, tomo II, n. 1 (15.07.1888), p. 13). A protesta de don Antonio sería respondida por Manuel Martínez González, que critica o ton que emprega "achacando á outros, lo que dicho señor tiene por hábito, y ha hecho con producciones del que esto escribe; esto es, sustituir la ortografía y prosodia agena por la propia" ("La ortografía gallega del Sr. D. Antonio Maria de la Iglesia", *Galicia Humorística*, ano I, tomo II, n. 2 (30.07.1888), p. 41). Sobre esta cuestión, vid infra, pp. 98-100. Cfr. ademais Carme Hermida, "A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [ʒ]", *Grial* 97 (1987), p. 311.

<sup>13</sup> Por citar só un caso especialmente significativo, Martínez Salazar editaríalle os *Foguetes*, A Coruña, 1888, que contiñan un poema titulado "Custión gramatical. Conto", pp. 145-150, no que Pérez Ballesteros ridiculizaba os partidarios da grafía etimolóxica.

Pero antes de entrarmos na análise dos argumentos que uns e outros aducen en favor das súas teses, quizais sexa conveniente referírmonos á situación que reflicten as obras dos principais autores do Rexurdimento literario galego.

Ramón Lorenzo identifica un grupo de escritores, entre os que cita a Valladares, Pondal e Antonio de la Iglesia, partidario de emprega-los tres grafemas, fronte ó que se sitúa "a maioría dos autores", que se decide "correctamente polo uso único do x" ("A lingua literaria", p. 32). No grupo dos "etimoloxistas" habería que incluír ademais a dous autores etiquetados tradicionalmente como "precursores", Xoan Manuel Pintos e Francisco Añón.

Pintos, bastante atinado á hora de establece-los criterios para o emprego de cada un dos grafemas, non ten tanta fortuna cando trata de levalos á práctica na *Gaita gallega*. Boa proba disto son os erros e vacilacións que con certa frecuencia se rexistran na súa obra. Sirvan como exemplos os seguintes: *baixaban* (p. 57), *baixando* (p. 143), *abaixo* (p. 178), pero *baija* (p. 5), *baijando* (p. 99), *debaijo* (p. 4), *abaija* (p. 4); *lejos* (p. 99), pero *lexos* (p. 99); *deixa* (p. 4), *deixarias* (p. 8), *deixe* (p. 45), pero *deija* (p. 4), *deije* (p. 8); *aboujando* (p. 99), *abouxaban* (p. 48); *vexo* (p. p. 8), *vexas* (p. 15), *bexa* (p. 156), *vejo* (p. 56), etc.

A inclusión de Añón dentro deste grupo resulta un tanto forzada, xa que, segundo nos informa en nota o responsable da edición das súas *Poesías*, publicadas postumamente, "en ninguno de los autógrafos, que hemos examinado, usa el autor de la x que sustituye por la g ó la j"<sup>14</sup>. Xa que logo, non

---

<sup>14</sup> Francisco Añón, *Poesías*. Prólogo de Victorino Novo y García, A. Martínez Salazar, editor, A Coruña, 1899, p. 29.



sería exacto dicir que Añón emprega o sistema 'etimolóxico', pois prescinde absolutamente do <x>. Así nolo confirman formas como *quijera* (p. 34), *deijala* (p. 36), *baijabámos* (p. 41), *deijaron* (p. 115), *déijate* (p. 141), *deijey* (p. 147), *dijo* (p. 147), etc., que poboan a súa obra. Non obstante, segundo testemuño de Martínez Salazar, Añón "no sabía tampoco á que carta quedarse en achaques prosódicos y ortográficos, por cuanto de manuscritos suyos que he examinado y copias de otros, cuya fidelidad me merece confianza, resulta que el inspirado Añón no tenía seguridad en el uso de los acentos y apóstrofos y que de sus composiciones proscribía unas veces la x, y otras la g y la j"<sup>15</sup>.

Por outra banda, Curros declara, en carta datada en 1887 e dirixida a Martínez Salazar, que "en los últimos años de su vida logré traer al insigne Añón a mi partido (que es el partido de la Rosalía y de Saco)"<sup>16</sup>.

Pondal, pola súa parte, mudou tamén de opinión ó longo da súa traxectoria literaria, pero en sentido contrario a Añón. Así, conforme indica Manuel Ferreiro, tras unha primeira fase de vacilación o da Ponteceso decídese en *Rumores de los pinos* pola grafía única, para cambiar logo de criterio en *Queixumes*:

---

<sup>15</sup> A. Marsal, "Á uno, á otro y á todos", p. 246.

<sup>16</sup> A carta está recollida no Apéndice II de Alonso Montero, *Constitución*, pp. 103-106. O fragmento transcrito pode verse na p. 104.

Na primeira fase da súa produción literaria vacilaba no uso destas grafías. En 1857, nos fragmentos publicados de *Os Eoas*, aparece unicamente x [...]. Na primeira versión de QP [*Queixumes*] (1858) xa se encontra *Joan e Argel* fronte a *voxo* e en *A fada dos montes* (1872) rexístrase *virgen, gentil, junta, Angeriz, presagio, genio* e *fugente* fronte a *xa*; pero en *Rumores de los pinos* (1877) xa é dominante a grafía x ("A lingua pondaliana", p. 52, n. 16).

Este cambio de actitude percibírao xa Alonso Montero, que ademais atribúe a Pondal a paternidade do etimoloxismo que se respira nos círculos galeguistas coruñeses de contra finais do século:

En 1877 Pondal en «Rumores de los pinos» escribe «xaneiro» y «lonxe», pero en «Queixumes dos pinos» escribirá «janeiro» y «longe». El magisterio de Pondal no es ajeno al interés manifestado por algunos coruñeses a finales del siglo hacia esta ortografía, lo cual está en consonancia con ciertos afanes cultistas del grupo (*Contitución*, pp. 52-53).

A este respecto cómpre ter presente que, se ben Pondal nunca se manifestou publicamente, a súa militancia no bando etimoloxista era coñecida por todos. Así o declaraba el mesmo en carta privada dirixida a Martínez Salazar:

Como V. y el Sr. Valladares en sus conclusiones no hacen otra cosa que corroborar más y más mi sistema ortográfico, seguido en la impresión de los *Queixumes* (y que pienso seguir en los *Eoas*), no me huelgo poco en tener a VV. por compañeros en esta cuestión vitalísima. Ha tiempo recuerdo haber manifestado a V., en ésa, y al Sr. Valladares, en Santiago, mis opiniones explícitas sobre el particular; y este señor y todo el mundo saben que soy un etimologista sin eufemismos ni ambages<sup>17</sup>.

---

<sup>17</sup> Cit. en M. Ferreiro, *Pondal: Do dandysmo á loucura. Biografía e correspondencia*, Edicións Laiovento, Santiago, 1991, p. 149.

Non obstante, a pesar da súa formación clásica, tampouco Pondal se librou de incorrer en numerosos erros, tal e como sinala Ramón Lorenzo<sup>18</sup>.

A presenza de Antonio de la Iglesia neste grupo xustifícase, máis que pola calidade da súa obra literaria (só é autor dunhas poucas composicións en verso de cativo mérito<sup>19</sup>, publicadas no *Álbum de la Caridad* e nalgúns xornais, e dalgún texto en prosa<sup>20</sup>), pola súa actividade como director dunha das publicacións de máis incidencia nos primeiros anos do Rexurdimento, *Galicia. Revista Universal de este Reino*, e como responsable de dúas antoloxías de notable influencia e difusión, o "Mosaico poético" do *Album de la Caridad* e *El idioma gallego*. Don Antonio, ardente defensor das teses etimoloxistas, tampouco se puido librar das confusións na utilización dos tres grafemas, como ben se pode comprobar nos textos por el escritos ou editados<sup>21</sup>.

Valladares, pola súa parte, é outro dos defensores da tripla representación, mais non do seu uso de acordo con criterios etimolóxicos, como teremos oportunidade de ver máis adiante. As súas teses poríaaas xa en práctica nas súas composicións en verso espalladas por diversas publicacións e

---

<sup>18</sup> Ramón Lorenzo, "A lingua literaria", p. 32, cita numerosos exemplos da utilización do grafema <x> en voces que esixirían <g> ou <j>, ou, ó revés, do emprego de <g> ou <j> no canto de <x>: *axiña*, *despoxo*, *foxen*, *engebre*, etc.

<sup>19</sup> Son abondo significativos os comentarios que lle dedica o profesor Carballo Calero, *Historia*, p. 102.

<sup>20</sup> O máis importante quizais sexa a "Reseña stórica de Galicia", publicada por *Galicia. Revista universal de este Reino*, II, n. 24 (15.09.1861), p. 369-371. Incompleto pero con notables variacións e engadidos, sería publicado posteriormente en *A Monteira*, II, n. 58 (08.11.1890), pp. 41-42, e n. 63 (13.12.1890), pp. 81-82.

<sup>21</sup> Por citar só algúns exemplos, na "Reseña stórica de Galicia", *Galicia. Revista universal*, atopamos, entre outros casos, *cinxida*, *rexida* ou *axudando* (p. 371), onde don Antonio emprega o <x> en lugar de <g> ou <j>.

na novela *Majina, ou a filla espúrea*, publicada por entregas en *La Ilustración Gallega y Asturiana*<sup>22</sup>. Pero sería no seu *Diccionario gallego-castellano*, e sobre todo nos *Elementos de gramática gallega* e en varios artigos publicados en *Galicia. Revista Regional* onde exporía detalladamente a súa postura.

Polo que se refire á nómina de escritores partidarios, ou polo menos usuarios, da representación única, debemos sobrancea-los nomes de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Lamas Carvajal, López Ferreiro ou Pérez Ballesteros. É necesario distingui-lo caso de Rosalía, que, polo que sabemos, nunca se pronunciou verbo desta polémica cuestión, dos demais, que si o fixeron. En calquera caso, o emprego constante nos seus textos da representación única é abondo significativo.

Pola contra, manifestáronse abertamente en favor da representación única Curros, na carta xa citada a Martínez Salazar; Lamas, que é un dos principais valedores das teses simplificadoras durante a polémica de 1888; López Ferreiro, que expón a súa opinión no prólogo á súa obra *A tecedeira de Bonaval*<sup>23</sup>, e don José Pérez Ballesteros, que dedica á cuestión diversos artigos e varias notas do seu *Cancionero popular gallego*. Como é lóxico, todos eles aplicaron nas súas obras literarias as teorías que con tanto ardor

---

<sup>22</sup> Marcial Valladares, *Majina, ou a filla espúrea*, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, II (1880), nn. 21-36. Na primeira entrega advírtese en nota: "Nuestro amigo el Sr. Valladares cree, y no sin razon, que la *j* gallega equivale en valor y en sonido á la *j* francesa, más bien que á la *x* castellana. De aquí el que no use esta última en los casos en que *de comun acuerdo* la emplean los demás escritores gallegos" (n. 21, p. 266 n. Os subliñados son meus).

<sup>23</sup> Antonio López Ferreiro, *A tecedeira de Bonaval. Episodio da hestórea de Compostela no século XVI*, El Pensamiento Gallego, Santiago, 1894.

defendían<sup>24</sup>. Dos seus argumentos ocuparémonos máis adiante. Polo de agora, abonda con deixarmos constancia das divisións existentes no panorama literario galego do Rexurdimento.

Polo que se refire á representación do fonema /ʃ/ naqueles textos en que se opta pola grafía única, percíbese o predominio absoluto do grafema <x>, se ben hai que recoñecer que existen tamén, especialmente nos textos producidos nas tres primeiras décadas do século, exemplos doutros procedementos alternativos.

Así, segundo o estudio de Ramón Mariño, nas obras do primeiro tercio do XIX en que se utiliza a representación simplificada do /ʃ/ as solucións maioritarias son o <x> ou ben o <x> seguido dun acento circunflexo colocado sobre a vocal seguinte (<x<sup>^</sup>>)<sup>25</sup>. Nos textos producidos na segunda metade do século obsérvase, en cambio, unha notable redución desta variedade en favor da solución <x>, que é a adoptada por practicamente tódolos escritores. A única desviación significativa desta tendencia maioritaria constitúea *Follas novas*, onde se emprega o <x> cunha diérese enriba<sup>26</sup>. Non obstante, nesta obra non faltan tampouco as

---

<sup>24</sup> Téñase en conta ademais que Lamas, ademais de ser un importante literato, xogou un destacado papel como director de diversas publicacións, algunhas delas de tanta influencia como *El Heraldillo Gallego* e *O tío Marcos d'a Portela*.

<sup>25</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 171-172. Ademais destas dúas grafías este mesmo autor rexistra o emprego ocasional do dígrafo <xs>, e algúns casos de <x> con acento grave ou agudo ou ben cun punto sobre a vocal seguinte, e de <xi>. A esta nómina habería que engadir, a título anecdótico, o procedemento empregado polo anónimo autor dun breve vocabulario galego-castelán, complementado por unhas breves pinceladas descritivas, redactado probablemente antes de 1833 e non publicado ata 1958. Refírome, claro está, ó manuscrito editado polo profesor Pensado baixo o título de "Un vocabulario gallego del siglo XIX" na *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo, 1958, pp. 275-286. Nel o /ʃ/ represéntase habitualmente a través do dígrafo <ch> seguido dun acento circunflexo sobre a vocal seguinte. Cfr. ademais José Luis Pensado, "Nuestras letras conflictivas", en *Galicia en su lengua y en sus gentes (Ensayos)*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1991, pp. 7-9.

<sup>26</sup> Isto sucede só no limiar da autora e nos poemas, xa que na dedicatoria ós membros da Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia na Habana (p. v) utiliza o <x> sen ningún aditamento.

excepcións, que moi ben poderían atribuírse a simples descoidos tipográficos: *anxeles* (p. 29), *baixo* (p. 35), *relox* (pp. 60, 61), *fuxir* (p. 64), *deixa* (p. 100), *baix' enemigo* (p. 114), *xemidor* (p. 115), *dixo* (p. 115), *mormoruxar* (p. 115), *afrixidor* (p. 115), etc. De calquera xeito, as razóns da utilización da diérese son pouco doadas de precisar. Cabería pensar que se trata dun sinal diacrítico para diferencia-lo <x> con valor /ʃ/ do <x> con valor /ks/. Sen embargo, esta práctica resultaría antieconómica por seren moi escasos os exemplos de <x> con valor de /ks/<sup>27</sup>. Polo tanto, podería tratarse quizais dunha indicación para individualizar este grafema e presentalo como característico do galego, fronte a outros idiomas, singularmente o español, en que tamén existe este signo, pero asociado a outros valores.

## 2.2. O debate sobre a representación do /ʃ/.

Conforme acabamos de expoñer, a representación do /ʃ/ foi desde o comezo unha cuestión conflictiva que dividiu o movemento literario galego. Ora ben, aínda que desde época temperá coexistan as dúas tendencias ortográficas, nun principio son poucos os escritores que reflexionan en voz alta sobre a pertinencia de conservar un sistema gráfico concibido para un sistema fonolóxico xa caducado ou, pola contra, de adoptar un novo que resulte máis axeitado para a realidade fonolóxica contemporánea. Conforme avanza o século e vai adquirindo máis forza o movemento a prol da recuperación do galego, comeza a percibirse a necesidade de acadala unificación ortográfica. Deste xeito, non será ata ben entrado o século cando xurda a discusión aberta sobre a

<sup>27</sup> Normalmente Rosalía elimina a consoante implosiva do grupo, como en *espresadas* (p. xxvii) ou en *espríco* (p. xxvii), ou ben vocalízaa, como en *eisalan* (p. xxvi). Ora ben, o certo é que cando mantén o grupo <x> aparece sen diérese: *existe* (p. 100).

necesidade de adoptar de xeito definitivo un dos dous sistemas.

O primeiro precedente desta reflexión debemos procuralo en frei Martín Sarmiento, que xa no século XVIII se pronuncia sobre a cuestión. Aínda que consciente, como vimos pouco máis arriba, da dificultade de empregar sen erros un sistema de base etimolóxica, considera conveniente conservalo por fidelidade á grafía latina, tal e como se pode deducir das súas palabras:

Siendo *geito* con G acaso vendrá del latín *gestus*. Pero es difícil concordar tantas acepciones de *geito*. *Por no saber la etimología de geito no se puede fijar su ortografía ni señalar el primitivo y genuino significado.* [...] Véase aquí el origen y la ortografía de *geito*. Es error escribirle con G y no con J: se debe escribir *jeyto* de *jactus* (Colección, pp. 421-422. O subliñado é meu).

Sen embargo, no momento en que Sarmiento escribe estas palabras as posibilidades de rehabilitación do galego eran tan remotas que unha cuestión coma esta dificilmente podía converterse en asunto de debate.

### 2.2.1. Xoán Manuel Pintos.

Teremos que agardar a que Pintos dea a primeira aldrabada para que o debate sobre a representación do /ʃ/ vexa a luz por primeira vez en letra impresa. En efecto, nas páxinas de *A gaita gallega*, Pintos alude por dúas veces a esta cuestión. Na primeira delas, na "Advertencia" que cerra a primeira foliada, adopta un ton polémico que ben podería indicar que a discusión xa estaba aberta, por máis que aínda non transcendera. Polo menos, así pode interpretarse a referencia ós que "murmuran das letras e palabras en secreto":

Os que pensan que *gentes* mal escrito  
Está con *g*, poñamos por exemplo,

Ou digan que *taberna, pan é carne*  
 Son termos castellanos non gallegos:  
 Aqueles que sentenzan que *jamais*  
 Non è da nosa terra puro termo:  
 Os que dicen que o o de *foliada*  
 Debe ser *u* fundándose no vento:  
 Os que fan mais reparos, e murmuran  
 Das letras e palabras en secreto,  
 Suplícolles e rógolles que agarden  
 E queiran dar vagar e tempo ò tempo (p. 24).

Con todo, a exposición máis completa da súa postura atopámola máis adiante, nunha tirada de versos na que Pedro Luces lle dá conta ó seu mestre o gaitreiro dos progresos que vai facendo na aprendizaxe do galego e das dificultades que atopa:

La j, g, la x y la h  
 Tienen para mi su mas y menos  
 [...]  
 Siempre tengo presente en la memoria  
 La regla que V. anda repitiendo  
 A saber que se atienda en la escritura  
 A la etimología del gallego.  
 Pues aunque no sea regla única  
 Se evitaran con ella mil defectos  
 Asi del latin *homo* escribo home,  
 Y de *gente* y de *genio* gente y genio.  
 De *jam* proviene ja, de *jugo* jugo,  
 De *sepia* escribo xibia, y asi mesmo  
 De *inserto* inxerto, y xordo escribo  
 De *surdo*, y de *juvenco* item juvenco.  
 Horta de *horto*, non de *non*, herba de *herba*  
 De *hodie* hoje, y de *Genesio* Genxo (p. 70).

Polo tanto, segundo se deduce dos exemplos propostos, é posible determina-las regras que Pintos propoñía e aplicaba:

lat. g + e, i	>	gal. <g>: <i>gente, genio, Genxo.</i>
lat. i-	>	gal. <j>: <i>ja, juvenco, jugo.</i>
lat. -d <sub>i</sub> -	>	gal. <j>: <i>hoje.</i>
lat. s-	>	gal. <x>: <i>xibia, xordo.</i>
lat. -s-	>	gal. <x>: <i>inxerto.</i>
lat. -s <sub>i</sub> -	>	gal. <x>: <i>Genxo.</i>

Non obstante, o fonema /ʃ/ pode ter outras orixes á parte destas que acabamos de citar. Aínda que Pintos non se refire explicitamente a elas, podemos completar e confirma-la



relación por medio do vocabulario etimolóxico incluído nas páxinas da *Gaita*. Así, segundo se deduce das formas nel recollidas<sup>28</sup>, Pintos parece partidario de representar con <g> o fonema que resulta da evolución do g latino en contacto con vocal palatal: *gente*, *genio*, *longe* (p. 85), etc. O grafema <j> reservárase para os resultados do j inicial ou medial non intervocálico (*ja*, *juvenco*, *jugo*, etc.), así como para os do grupo -D<sub>I</sub>- intervocálico: HŎDIE > *hoje*, INVIDIAM > *enveja* (p. 79). Por último, grafaríanse con <x> os resultados dos seguintes grupos latinos:

a) -KS- medial: AXEM > *eixo* (p. 78), FRAXINUM > *freixo* (p. 81), MATAxAM > *madeixa* (p. 85), SAXUM > *seixo* (p. 93).

b) -PS- medial: CAPSAM > *caixa* (p. 75).

c) -SC- + E, I OU -SCI- mediais: FASCEM > *feixe* (p. 80), PISCeM > *peixe* (p. 89), FASCIAM > *faixa* (p. 80), FASCIARE > *faixar* (p. 80).

d) s- ou -SS-: SABULŎNEM > *xabre* (p. 96), SAPŎNEM > *xabrón* ou *xabón* (p. 96), SŪLPHŪREM > *xufre* (p. 96), PASSARU > *paxaro* (p. 89), VESSICAM > *vixiga* (p. 96).

e) -GI- medial: SPONGĪAM > *esponxa* (p. 79).

f) -SSĪ- intervocálico: RŪSSĔŪM > *roxo* (p. 92).

g) -SI- intervocálico: CASĔŪM > *queixo* (p. 91), PHASEOLUM > *feixón* (p. 80).

En xeral, podemos dicir que Pintos distingue con bastante acerto os grupos latinos que deron orixe ós fonemas fricativos prepalatais sonoro (grafías <j> e <g>) e xordo (grafía <x>) do galego medieval. En realidade só se equivoca nos resultados dos grupos -SI- (*queixo*) e -GI- (*esponxa*), ós que lles atribúe a grafía <x> cando tanto no galego medieval

<sup>28</sup> Nalgúns casos Pintos fai deriva-las palabras galegas do nominativo do étimo latino (AXIS, PISCIS, etc.). Noutros, en cambio, parece optar polo ablativo (SAXO, FRAXINO, etc.). Nós aquí corrixirémo-lo caso do étimo, pero conservaremo-las formas galegas que el ofrece como resultado mesmo naqueles casos en que non sexan as variantes preferidas polo galego actual (\**xufre*, \**vixiga*, por *xofre* e *vexiga*).

coma no portugués actual todos eles se representan con <j> (*queijo, esponja*) por se tratar de fonemas sonoros. No caso de -s̄- podemos aventurar como xustificación o feito de que Pintos, que, como é lóxico, non sabía nada de iodes, establecía unha relación entre a grafía latina s ou ss e a galega <x>.

Ora ben, unha cousa é que Pintos atine ó establece-las regras e outra ben distinta que saiba logo levalas á práctica coherentemente, como se pode apreciar nunha lectura mesmo superficial da súa obra. Pódese ver ó respecto a relación de erros citada pouco máis arriba<sup>29</sup>, que, non sendo nin con moito exhaustiva, pode servir cando menos para ilustra-las dúbidas e a inseguridade con que o escritor pontevedrés manexaba o seu sistema.

As razóns que moven a Pintos a inclinarse polo emprego de tres grafemas para a representación do /ʃ/ son, de crérmo-las súas palabras ("que se atienda en la escritura / a la etimología del gallego"), de índole estrictamente filolóxica. Nada hai na súa obra que nos induza a pensar que co seu proceder estivese a procurar un achegamento ó modelo ortográfico do portugués. Pola contra, casos coma os de *queixo* e *esponxa* parecen demostrar que non era este o seu obxectivo. Considero máis ben que, como escritor culto que era, o que perseguía era máis ben ser fiel á ortografía latina, unha preocupación que comparte con Sarmiento e, como veremos máis adiante, con outros sinalados defensores da tripla representación. De feito, é máis que posible que na súa decisión xogase un papel determinante o maxisterio do frade bieito.

---

<sup>29</sup> Vid. supra, p. 72.

### 2.2.2. O período 1853-1868.

Entre a data de publicación do libro de Pintos e da saída á rúa da *Gramática* de Saco editanse dúas obras fundamentais na historia da lingüística galega por seren as primeiras nos seus respectivos xéneros: o diccionario de Francisco Javier Rodríguez, que ve a luz en 1863, e o *Compendio de gramática gallega-castellana* de Francisco Mirás, que sae da imprenta ó ano seguinte. En ningunha das dúas obras atopamos ningún tipo de xustificación do sistema ortográfico empregado. De tódolos xeitos, pode resultar de interese coñecer cal era a postura dos seus autores.

Sobre a primeira delas cómpre advertir que, aínda que na portada figure como autor o presbítero compostelán, a responsabilidade última do texto publicado debe atribuírse en boa parte ó seu editor, o xa citado erudito coruñés Antonio María de la Iglesia. Segundo demostra o profesor Pensado, que cotexou as versións manuscrita e impresa da obra, no seu estudio<sup>30</sup> o editor non se limitou a dar á imprenta o texto de Rodríguez, senón que corrixiu moitas definicións, definiu voces que o autor deixara en branco, suprimiu algunhas das entradas do manuscrito e engadiu outras pola súa conta.

A longa man de don Antonio alterou tamén en moitas ocasións a grafía orixinal do texto. Deste xeito, por máis que o sistema gráfico utilizado no *Diccionario* para a representación do /ʃ/ pretende achegarse ó etimolóxico, isto non quere dicir que haxa que atribuílo á vontade do seu autor, que, segundo Pensado, tende a emprega-lo <x>. A esta

---

<sup>30</sup> José Luis Pensado, *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F.J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*, Universidad de Salamanca, 1976.

conclusión chega o citado profesor trala súa análise comparativa da versión orixinal e da publicada:

La preferencia por la grafía con X a lo largo de toda la obra de Rodríguez ha sido bastante desfigurada por A. de la Iglesia, que introdujo, sin un criterio fácil de adivinar, en lugar de ella la grafía J (p. 29).

A restra de exemplos da intervención de don Antonio é excesivamente longa como para reproducírmola aquí. Con todo, abundará con citármolo caso das letras j e x, que pode ser ilustrativo da magnitude da alteración:

La letra J como tal tiene en el manuscrito 5 palabras sin definir: *jamaís, jantar, Juvia, jacovea* y *julia*. En el impreso se convierten en 35, casi todas provenientes de la letra X, que prácticamente fue eliminada de la siguiente forma, convirtiendo las X- en J-, pero siguiendo un criterio un tanto extraño, hasta el punto de que bajo la X no quedaron más que *cuatro* palabras: *xarda, xastre, xo* y *xoya*, de las 76 (48 definidas y 28 sin definir) que entraban en el manuscrito (p. 20).

Mirás, que tampouco se detén en tratar ou discutir problemas ortográficos, utiliza sempre o <x>, poida que por convicción ou ben forzado pola necesidade de evita-la colisión coa representación gráfica da gheada, da que, ó que parece, era partidario. En efecto, a utilización sistemática dos grafemas <j> e <g> para a gheada aconsellaría reservalos en exclusiva para este mester co fin de evita-las confusións que poderían producirse en caso contrario: *ajudo* 'agudo' / *ajudo* 'axudo', *justo* 'gusto' / *justo* 'xusto', *jato* 'gato' / *jato* 'xato', etc.

Así mesmo, escaso interese revisten as consideracións sobre esta cuestión do doutor Ramón Otero, que en 1867 publica unha curiosa obra de carácter misceláneo titulada

*Galicia médica*<sup>31</sup>. Tocante á representación do /j/ parece inclinarse pola opción etimoloxista, pero a súa argumentación, pobre, non pasa de ser unha paráfrase da formulada por Pintos uns quince anos antes. En ocasións, máis ca de paráfrase cabería falar de reprodución literal, como de feito sucede na exposición do criterio xeral que debe rexe-la ortografía e na relación de exemplos:

En fin, aunque no sea regla única, conviene en gallego, que se atienda en la escritura á la etimología de las palabras (p. 34)<sup>32</sup>.

Polo demais, límitase a sinalar que <g>, <j> e <x> representan un mesmo son, que el caracteriza como *sch*, se ben engade que existen entre elas certas diferencias fonéticas que resulta difícil (¡e tan difícil!) precisar. Tampouco fai referencia ó criterio con que se debe empregar cada un dos tres grafemas, salvo no caso do <x>, resultado "en que suele transformarse la *s* al principio y medio de dicciones derivadas del latin" (p. 34).

### 2.2.3. Cuveiro.

En 1868, ano de publicación da *Gramática* de Saco, aparece tamén outro intento de descrición gramatical do galego, a obra de Cuveiro titulada *El habla gallega*, que nalgúns capítulos vén a ser case unha versión en prosa de fragmentos de *A gaita gallega* de Pintos. Tal é o que

---

<sup>31</sup> Ramón Otero, *Galicia médica. Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Galicia*, Establ. tip. de José R. Rubial, Santiago, 1867. O seu contido é moi heteroxéneo. Na primeira parte ("Apreciación del país") estudia a xeografía física de Galicia, a súa climatoloxía, a flora, a fauna e a distribución das estacións termais. A segunda, que leva o título de "Apreciación del pueblo" pretende ser unha caracterización do pobo galego, e céntrase no estudio da raza, da historia e tamén da lingua.

<sup>32</sup> Cfr. Pintos, *Gaita*, p. 70: "A saber que se atienda en la escritura / A la etimología del gallego. / Pues aunque no sea regla única / Se evitaran con ella mil defectos".

acontece, por exemplo, a propósito da representación do /ʃ/<sup>33</sup>, sobre a que Cuveiro indica o seguinte:

En las consonantes no hay mas dificultad que en la *g*, *j* y *x* que en gallego se pronuncian indistintamente como la *j* francesa, ó como la *sh* inglesa; y proviniendo del latin una infinidad de palabras, que por consiguiente hay que escribirlas con la *g* ó la *j* y otras con la *x*, pondremos algunos ejemplos de voces latinas, para que el lector sepa como ha de escribirlas, aun cuando la pronunciacion sea constantemente de *j* ó de *sh* (p. 2).

A seguir, explica brevemente o criterio que, segundo el, se debe seguir para empregar correctamente <g>, <j> e <x>, para o que establece unha relación entre a grafía do étimo latino e a do resultado galego. Non obstante, a súa aportación resulta pouco significativa, xa que se limita a indicar unicamente tres das fontes etimolóxicas do /ʃ/<sup>34</sup>, precisamente as que ofrecen menos problemas:

a. lat. *g* > gal. <g>: GEMMA > *gema*; GEMERE > *gemer*, GENTES > *gentes*, GENIO > *genio*, GENISTA > *gesta*.

b. lat. *j* > gal. <j>: JAM > *ja*, JUBILEUS > *jubileu*, JUGUM > *jugo*, JUDICARE > *julgar*, JUVENCO > *juvenco*.

c. lat. *s* > gal. <x>: SEPIA > *xibia*, INSERTO > *inxerto*, SURDO > *xordo*, SUCUS > *xugo*, SULFUR > *xufre*, SATOR > *xastre*, BUSSO OU BUXXO > *buxo* (pp. 2-3).

Por outra banda, a relación de exemplos que propón é unha mostra máis da influencia de Pintos. As voces *gentes*, *genio*, *ja*, *jugo*, *juvenco*, *xibia*, *inxerto*, *xordo* son precisamente as que cita Pedro Lucas para ilustra-las súas regras. Ademais, estas e tódalas demais están tal cal no vocabulario etimolóxico. Sen embargo, non sempre cumpre

<sup>33</sup> Cuveiro reproduce en ocasións as tiradas de exemplos que proporciona Pintos. Así o fai, por exemplo, na relación de palabras que esixen o emprego dun acento diacrítico co fin de rompe-la homografía (Pintos, pp. 69-70; Cuveiro, pp. 1-2), ou nalgunhas equivalencias galego - castelán (Pintos, pp. 70-71 e 147-148; Cuveiro, pp. 4-6).

<sup>34</sup> Tanto nos étimos coma nas voces galegas reproducímo-las formas tal e como aparecen na obra de Cuveiro.

Cuveiro as sinxelas regras que defende: sirva como exemplo o *fuxir* da p. 4.

Por último, gustaríame chama-la atención sobre a identificación que fai Cuveiro da realización do /ʃ/ galego ([ʃ]) coa do fonema do francés representado neste idioma polo <j> (ou polo <g>), que en realidade é sonoro [ʒ]. Como é sabido, o /ʃ/ francés represéntase na escrita por medio do dígrafo <ch>. Esta equiparación constitúe un erro que, como habemos de ver, se vai repetir con frecuencia nas argumentacións de moitos dos partidarios das teses etimoloxistas, que aducirán en defensa do seu criterio a necesidade de que o sistema gráfico do galego sexa harmónico co adoptado en linguas como o portugués ou o francés, sen se decataren de que o sistema fonolóxico destes dous idiomas é diferente do galego.

Anos despois da saída de *El habla gallega*, en concreto en 1876, Cuveiro publica o seu *Diccionario gallego*, no que reitera as ideas expostas na súa obra anterior e corrixe o erro que acabamos de consignar:

Su pronunciacion es como la *ch* francesa, la *sh* inglesa, ó la *x* catalana (p. 6).

Ademais, o *Diccionario* introduce a novidade de que os grafemas <g> e <j> van coroados por un til circunflexo, moi probablemente para indicarlle ó lector que non debe ler /x/, á castelá, senón [ʃ]. Estes sinais diacríticos a penas encontraron eco entre os escritores<sup>35</sup>. Pola contra, foron a miúdo obxecto de mofa por parte dos defensores da grafía simplificada. En concreto, á proposta de Cuveiro referiríase

---

<sup>35</sup> Recórdense os casos xa citados do <x> con diérese de *Follas novas*, ou do <x> con til circunflexo sobre a vocal seguinte, usual entre os textos de primeiros de século.

ironicamente Lamas ó falar dos que usan o <j> con "monteira" para facer pasar esta letra como galega:

Teñen ademais os *jotistas* outra gracia que os fai simpátecos, porque proban que hastra escribindo son gallegos enxebres. A' sua decantada jota póñenlle unha monteiriña, co-a que como si fose por arte de birlebirloque din equis fágote jota<sup>36</sup>.

#### 2.2.4. A gramática de Saco.

Así como Pintos pode considerarse, con permiso de Sarmiento, o primeiro valedor da grafía etimolóxica, correspóndelle a Saco a honra de se-lo primeiro en propugnar de forma aberta o uso exclusivo do <x>.

Para comprendermos cabalmente as razóns do seu rexeitamento da grafía etimolóxica cómpre termos presentes as súas conviccións sobre a función que debe desempeña-la ortografía e, máis en xeral, sobre o modelo de lingua que teñen que describir e, sobre todo, prescribi-los estudos gramaticais. En contraste coa actitude dos máis dos seus colegas, Saco parece pensar no pobo como principal destinatario da súa obra. Por esta razón o erudito ourensán aposta nela por un patrón lingüístico firmemente alicerzado na fala popular, no galego "rústico" non contaminado polo castelán. Consecuentemente con estes postulados, non pode aceptar un sistema ortográfico como o que propugnan os etimoloxistas, pois a súa complicación intrínseca -nin sequera os seus defensores conseguían dominalo- impediría que fose asequible para a inmensa maioría dos seus usuarios potenciais. En opinión de Saco, é a ortografía a que debe estar ó servicio da aprendizaxe, e non a aprendizaxe ó servicio da ortografía. Deste xeito, aínda recoñecendo a utilidade que a escrita etimolóxica pode reportar para os

<sup>36</sup> "A custión X", *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 238 (22.07.1888), p. 2.



estudios etimolóxicos, considera Saco que esta debe subordinarse a outro obxectivo máis primario e elemental:

Aquellos estudos [os etimolóxicos] están destinados á los eruditos, los cuales sabrán superar cualquier dificultad producida por la falta de conformidad entre la etimología y la actual escritura; mientras que la ortografía debe ser del dominio de todos, por lo que conviene simplificarla y ponerla al alcance de la multitud (p. 228).

Á parte disto, o principal inconveniente que Saco encontra na grafía etimolóxica radica no feito de que o /ʃ/ teña tan diversas procedencias etimolóxicas. O gramático ourensán establece unha clasificación que é, con diferenza, a máis completa e acertada de tódalas propostas na súa época, por máis que conteña algúns erros de vulto como o de considera-lo nominativo como caso de onde derivan os resultados romances, ou algunhas equivocacións na atribución dos étimos, como sucede no caso de *roxo*, que fai derivar de RUFUS e non de RŮSSĚŮM. En calquera caso, estas son, segundo Saco (pp. 227-228), as orixes da prepalatal fricativa xorda do galego<sup>37</sup>:

a. lat. G: GENIUS > *xenio*, GENISTA > *xesta*.

b. lat. J: JAM > *xa*, JOANNES > *Xan*, JURARE > *xurar*.

c. lat. X: EXEMPLUM > *enxemplo*, DIXI > *dixen*, BUXUS > *buxo*.

d. lat. S: SULPHUR > *xofre*, SURDUS > *xordo*, BASIUM > *beixo*, CASEUS > *queixo*.

e. lat. SS: PASSER > *paxaro*.

f. lat. SC: PISCIS > *peixe*, FASCIS > *feixe*, FASCIA > *faixa*.

g. lat. PS: CAPSA > *caixa*.

h. lat. F: RUFUS > *roxo*.

---

<sup>37</sup> Mantémo-los étimos e os resultados galegos tal e como aparecen no texto de Saco.

A coincidencia de moitos dos exemplos que aporta Saco cos que utiliza Pintos podería descubri-la existencia neste punto dunha relación entre as obras de ambos, mais resulta difícil aseguralo con tan fracos argumentos.

Outro motivo que, segundo Cuveiro, aconsellaba a adopción da grafía etimolóxica era o paralelismo con outros idiomas románicos, en concreto co francés. Saco desbota este argumento cando nunha nota, que parece escrita tendo diante as palabras do seu colega, rexeita este paralelismo ó sinala-las diferencias entre os sistemas fonolóxicos francés e galego:

Muchas de las palabras que en gallego tienen esta letra [o <x>], se escriben en francés con *g* ó *j* segun su etimología latina, como *xenro*, yerno, en francés *gendre*; *xaneiro*, enero, en francés *janvier*. Sin embargo, el sonido de nuestra *x* no es igual al de la *g* y *j* francesas, que se pronuncian todavía con mas suavidad y delicadeza, sino al de la *ch* de la misma lengua, como en la palabra *chercher*, buscar (p. 13 n.).

Foi probablemente esta puntualización de Saco o que levou a Cuveiro a corrixir no *Diccionario* a súa posición inicial.

Por outra banda, sempre segundo Saco, aboan a adopción do <x> como grafía única o feito de que esta sexa a solución maioritariamente empregada polos escritores contemporáneos e a circunstancia de que este grafema, "la letra castellana cuyo sonido se imita mas al nuestro" (p. 228), fora empregado xa no castelán antigo con este mesmo valor. A xustificación de Saco non resulta neste punto moi satisfactoria, pois introduce na súa argumentación, polo xeral coherente co criterio xeral de basea-las escollas en razóns de carácter interno, elementos alleos ó propio sistema.

### 2.2.5. O período 1868-1888.

Nas dúas décadas que median entre a publicación da *Gramática* de Saco e o ano en que a discusión atinxe o seu momento de máxima virulencia cabe supoñer que esta cuestión se converteu en obxecto de debate e controversia nas tertulias dos círculos ilustrados do país. Así, aínda que a polémica propiamente dita non vise a luz en letra impresa ata o ano de 1888, neste período intermedio achamos algúns indicios da tensión entre os partidarios de ámbalas opcións ortográficas. A título de exemplo podemos cita-lo incidente que tivo lugar en outubro de 1880 cando a *Revista de Galicia*, que dirixía na Coruña dona Emilia Pardo Bazán, reproduciu un texto de Pérez Ballesteros, a "Paráfrasis d'o salmo 113 de David"<sup>38</sup>, pero coa ortografía corrixida ó xeito etimoloxista. Este feito non lle debeu agradar moito ó autor, fervente partidario da grafía única, xa que a mesma publicación insería no número seguinte unha breve nota aclaratoria para advertir das correccións realizadas sobre o orixinal:

En la paráfrasis del salmo 80 publicada en nuestro último número se ha omitido *involuntariamente* el uso de la X en sustitución de la G y J con sonido de CH francesa, de cuyo uso es partidario su autor en la que concierne á la ortografía del dialecto gallego<sup>39</sup>.

É máis que dubidoso que a alteración do orixinal fose debida a un erro 'involuntario', e máis aínda á vista da aclaración, que, ó referirse ó emprego do <x> en *substitución* de <g> e <j>, parece indicar que o criterio da revista, ou polo menos dalgún dos seus responsables, era o de dar preferencia o sistema etimolóxico. Non era esta a primeira vez que Pérez Ballesteros vía alterada a grafía dos

<sup>38</sup> Foi publicado na *Revista de Galicia*, ano I, n. 19 (10.10.1880), p. 332.

<sup>39</sup> *Revista de Galicia*, ano I, n. 20 (25.10.1880), p. 356. O subliñado é meu.

seus escritos. Xa no *Álbum de la Caridad* (pp. 310-312) Antonio de la Iglesia reproducira corrixido un poema seu, o titulado "Un soño", e o mesmo faría anos máis tarde en *El idioma gallego*<sup>40</sup>. En 1896 Pérez Ballesteros aproveitaría o prólogo de *Muxenas*, de Amador Montenegro Saavedra, para queixarse destas intervencións que tanto prodigaba don Antonio<sup>41</sup>.

Fóra disto, o único que atopamos nestes vinte anos son simples declaracións de principios que, pola contundencia con que están formuladas, permiten inferir a existencia dun debate soterrado. De feito, os seus responsables participarán logo no debate aberto de 1888.

Este é o caso de Manuel Martínez González, vehemente partidario da grafía simplificada, que no escueto apéndice gramatical que acompaña os seus *Poemas gallegos*<sup>42</sup> rexeita o uso que algúns escritores fan do <g> e do <j> pois considera que o sistema ortográfico do galego non pode ser unha mera copia dos adoptados por outras linguas cunha estrutura fonolóxica diferente, senón que pola contra debe adecuarse á súa propia:

---

<sup>40</sup> Neste caso tratábase de varios "Epigramas" publicados orixinalmente en *Versos en dialecto gallego y correspondencia castellana de sus principales voces*. Con un prólogo por D. Juan Saco y Arce, P. Calleja y Compañía, editores, Madrid, 1878. Vid. A. de la Iglesia, *El idioma gallego*, vol. I, pp. 109-110.

<sup>41</sup> "Refiérese la primera [observación] al *Mosaico* de composiciones en 1862 publicado con el título de *Álbum de la Caridad*, donde su colector prescindió de la ortografía de origen de varias de aquéllas, incluso al copiar una mía del año de 1853 que insertose cuarenta años ha en un folletín que conservo, del periódico "La Oliva", de Vigo, y, con el aditamento, de haber el mismo colector, más tarde acomodado también á la suya la ortografía de muchas de las incluídas en la obra que bajo el título "El idioma gallego" forma parte de la *Biblioteca* de que es perseverante editor en esta capital Andrés Martínez Salazar". José Pérez Ballesteros, "Prólogo" a Amador Montenegro Saavedra, *Muxenas*, Emp. de Anxel Varela, Vigo, 1896, pp. xviii-xix.

<sup>42</sup> Manuel Martínez González, *Poemas gallegos, seguidos d'un tratado sobre o modo de falar e escribir con propiedade ó dialeuto*, Tip. de J.M. Madrigal, Pontevedra, 1883. O "Tratado" ocupa as pp. 121-127.

Si bien algunos escritores gallegos escriben la *x* como *j* para mandar pronunciarla como en francés, en nuestro concepto no debe hacerse, porque *el gallego es un idioma propio*, y el primer lenguaje románico que se nació en la península, llegando á hablarse en toda ella; por cuya razón en nada se relaciona con el francés, ni con otro idioma en que no se escriba del mismo modo que se habla (p. 122).

Da militancia de José Pérez Ballesteros no bando dos "equistas" xa temos constancia mercede á aclaración da *Revista de Galicia* que acabamos de citar. Poucos anos máis tarde, Pérez Ballesteros exporá claramente a súa postura en varias das notas ó seu *Cancionero popular gallego*<sup>43</sup>. Non obstante, malia o seu valor testemuñal, o certo é que as ditas notas pouco máis fan á parte de reitera-los coñecidos argumentos de Saco Arce, que ás veces aparecen reproducidas case á letra: dado que o /ʃ/ pode ter ata oito fontes etimolóxicas diferentes, o emprego dos tres grafemas constituiría un grave atranco para a aprendizaxe da ortografía, "que debe ser del dominio de todos" (I, p. 5 n.).

Tampouco ten máis interese que o puramente testemuñal a declaración de Curros en carta dirixida a Martínez Salazar:

Yo no quiero que se destierre la *j*; pero menos que se destierre la *x*: ésta, creo que debe usarse como la *ch* francesa; aquélla debe usarse sólo para los nombres patronímicos extranjeros<sup>44</sup>.

Por outra parte, Marcial Valladares, que tamén intervirá na polémica de 1888 cunha proposta persoal, adopta no seu *Diccionario gallego-castellano* a representación

---

<sup>43</sup> Véxanse especialmente as notas das páxinas I, 5 e II, 87 e 123.

<sup>44</sup> Cit. en Alonso Montero, *Constitución*, p. 105.

tripla, tal e como advirte nunha nota previa<sup>45</sup>. O que non aclara é por que razóns opta por este sistema e con que criterio emprega cada un dos grafemas. De tódolos xeitos abonda con botarmos unha ollada ás súas páxinas para nos decatarmos de que os seus criterios son os que poucos anos máis tarde defenderá no curso da polémica e nos *Elementos de gramática gallega*<sup>46</sup>.

#### 2.2.6. 1888, o ano da polémica<sup>47</sup>.

1888 é, como queda dito, o ano da polémica. Se ata daquela a diferenza de criterio só se podía apreciar a través de declaracións illadas e da utilización nos medios escritos de sistemas gráficos distintos, agora a discusión abrolla con forza nos textos cruzados entre os partidarios dun e doutro sistema. Nela vese implicado un bo número de publicacións, algunhas satíricas como *El Ciclón*<sup>48</sup> e *Galicia Humorística*<sup>49</sup>, outras máis serias e prestixiosas como o

---

<sup>45</sup> Cfr. Valladares, *Diccionario*, p. xi. Nesta obra o autor emprega ademais un signo diacrítico (ˇ) sobre o <j> para destacar certas palabras que coinciden formalmente en galego e castelán: *justo*, *jacinto*, etc. El mesmo aclara este uso nunha nota inicial: "ˇ Signo manifestativo de palabra gallega, ó castellana, segun se pronuncie la letra que le lleve" (p. xi). Non creo, pois, que se trate dunha tentativa de impoñer este uso na práctica. Por outra parte, no resto da súa produción non volvemos a atopar nada semellante. Cfr. Pensado, "Nuestras letras conflictivas", p. 9.

<sup>46</sup> O *Diccionario* de Valladares foi obxecto dunha recensión de Juan Barcia Caballero, que erroneamente consideraba o seu autor partidario da escrita etimolóxica. Nela Barcia criticaba esta tendencia baseándose nos argumentos expostos por Saco. Só coñezo a existencia desta recensión a través das referencias do propio Barcia nun dos escritos que cruzou con Aurelio Ribalta en *El Eco de Santiago* a propósito da reforma ortográfica que este propoñía no *Libro de Konsagrazión*. Vid. *El Eco de Santiago*, 26.04.1910, p. 1.

<sup>47</sup> Sobre a polémica de 1888 véxase Carme Hermida, "A polémica ortográfica".

<sup>48</sup> *El Ciclón*, unha revista de carácter satírico, comezou a publicarse en Santiago en 1883 baixo a dirección de José Peña. En 1889 inicia unha segunda época en Pontevedra.

<sup>49</sup> *Galicia Humorística* foi unha revista quincenal fundada en Santiago en xaneiro de 1888 e desaparecida en xullo do mesmo ano. Dirixíaa Enrique Labarta Pose.

*Álbum literario*<sup>50</sup> ou *Galicia. Revista Regional*<sup>51</sup>. A elas habería que engadir ademais *O tío Marcos d'a Portela*<sup>52</sup>, un expoñente do que poderíamos denominar "prensa popular".

A discusión preséntase un tanto encerellada debido ó elevado número de publicacións e de escritores que nela interveñen. En realidade, aínda que a materia da discusión sexa a mesma, poderían distinguirse dous debates que se desenvolven con certa independencía, por máis que existan alusións entre os contendentes nun e noutro. O primeiro deles enfronta a *El Ciclón* de Santiago, desde onde se defenden as teses simplificadoras, co *Álbum literario* de Ourense, que acolle os traballos de A. Marsal, pseudónimo de Andrés Martínez Salazar, que actúa como valedor das teses etimoloxistas. Pouco máis adiante *Galicia. Revista Regional*, que reproduce os artigos xa publicados nestas revistas, dá a coñece-las opinións ó respecto de Valladares e de Pérez Ballesteros. Paralelamente, e sen dúbida motivado por esta discusión, xorde nas páxinas da *Galicia Humorística* un novo debate que enfronta a Antonio de la Iglesia e a Manuel Martínez González. Nel intervén ademais Lamas Carvajal, que dedica á cuestión varios artigos desde *O tío Marcos d'a Portela*, o xornal que dirixía en Ourense.

---

<sup>50</sup> O *Álbum literario* foi un semanario fundado en 1888 en Ourense. Dirixíao o escritor e xornalista Luciano Cid Hermida.

<sup>51</sup> *Galicia. Revista Regional de Ciencias, Letras, Artes, Folk-lore, etc.* foi unha das publicacións de máis prestixio do momento. Fundada na Coruña en 1887 deixaría de publicarse en maio do 1889 para reaparecer novamente entre xullo de 1892 e xuño de 1893. Dirixíaa Andrés Martínez Salazar.

<sup>52</sup> *O tío Marcos d'a Portela* foi a primeira publicación redactada integramente en lingua galega. Fundouna e dirixiuna en Ourense o escritor e xornalista Valentín Lamas Carvajal. Coñeceu dúas etapas: 1876-1880 e 1883-1889. Morto xa Lamas volvería a aparecer, desta vez como voceiro das Irmandades da Fala de Ourense (1917-1919).

### 2.2.6.1. O desenvolvemento do debate.

A polémica iníciase en febreiro de 1888, cando José Barreiro Meiro comenta en *El Ciclón* un libro de epigramas de Benito Losada titulado *Contiños*<sup>53</sup>. Á parte da recensión da obra, o artigo contiña, ó que parece, algunhas reflexións sobre a necesidade de unifica-la ortografía do galego, caótica a criterio do autor, e un chamado para que as persoas interesadas expuxesen as súas opinións ó respecto. Por outra parte, descoñecemos se Barreiro Meiro insinuaba xa neste seu primeiro artigo en que sentido se tiña que producir esa unificación.

O primeiro en acudir é José Pérez Ballesteros, que no número 230 desta mesma revista publica un artigo de resposta no que se pronuncia en defensa do foneticismo<sup>54</sup>. Paralelamente, tamén en marzo deste ano, o *Álbum literario* daba a coñece-la opinión de don Andrés Martínez Salazar, que, baixo o pseudónimo de A. Marsal, publica un traballo titulado "En tela de juicio", no que avoga pola adopción da grafía etimolóxica<sup>55</sup>. As réplicas e contrarréplicas non se fan esperar, e así, tamén en marzo, aparece en *El Ciclón*, "Á

---

<sup>53</sup> *El Ciclón*, ano VI, n. 227 (02.1888). Desafortunadamente as coleccións de *El Ciclón* conservadas nas bibliotecas e hemerotecas están moi incompletas e non me foi posible atopar nin este nin ningún dos números nos que apareceron os traballos sobre a grafía do /j/. Tampouco o reproduciu *Galicia. Revista Regional*, polo que só sabemos da súa existencia polas referencias de Martínez Salazar en "En tela de juicio", publicado orixinalmente no *Album literario* e logo reproducido en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 4 (04.1888), pp. 159-167.

<sup>54</sup> *El Ciclón*, ano VI, n. 230 (03.03.1888). Igual có anterior, tampouco o reproduciu *Galicia. Revista Regional*. Non obstante, neste caso coñecémo-la súa existencia a través dalgunhas alusións de Martínez Salazar no desenvolvemento do debate, e sobre todo das referencias de Leopoldo Pedreira, *El Regionalismo en Galicia*, La Linterna, Madrid, 1894, p. 129, e do propio autor, que reproduce algún parágrafo no prólogo que escribiu para o libro de Amador Montenegro Saavedra, *Muxenas*, pp. xiii-xv.

<sup>55</sup> Igual que acontece con *El Ciclón*, tampouco as hemerotecas conservan os números que nos interesan do *Album literario*. Por fortuna, os artigos en cuestión están reproducidos en *Galicia. Revista Regional*.



todos y á uno"<sup>56</sup>, un artigo de Barreiro Meiro no que este se aliña xa claramente no bando dos foneticistas. Respóndelle Martínez Salazar desde a tribuna do *Álbum literario*<sup>57</sup> e cerra provisoriamente o debate Barreiro Meiro co seu artigo "Dos cartas", publicado tamén orixinalmente en *El Ciclón*<sup>58</sup>.

Ó reproducir *Galicia. Revista Regional* os textos máis representativos dunha e doutra posición, o debate cobra novo pulo coas contribucións de Valladares<sup>59</sup> e de Pérez Ballesteros<sup>60</sup>, que responde ó verse involucrado na discusión polas alusións de Martínez Salazar ó seu artigo inicial de *El Ciclón*. A *Galicia* inserira ademais nun número anterior un poema satírico de Pérez Ballesteros no que este ironizaba sobre os etimoloxistas<sup>61</sup>, o que moveu a Valladares a publicar unha resposta<sup>62</sup>.

---

<sup>56</sup> Reproducido en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 5 (05.1888), pp. 211-214.

<sup>57</sup> "Á uno, á otro y á todos", reproducido en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 6 (06.1888), pp. 241-250.

<sup>58</sup> "Dos cartas. I. Á uno, al mismo y á todos. II. En pro de mi lengua", reproducido en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 7 (07.1888), pp. 335-341.

<sup>59</sup> "Escritura gallega", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 6 (06.1888), pp. 267-270.

<sup>60</sup> "Indicaciones acerca de la Prosodia y Ortografía gallegas", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 8 (08.1888), pp. 379-385.

<sup>61</sup> Trátase do poema titulado "Custión gramatical. Conto", reproducido en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 5 (05.1888), pp. 237-238. O poema aparece datado en 1880 e, segundo manifesta o seu autor en *El Ciclón*, n. 230 (03.03.1888), fora xa publicado anteriormente: "tuve el honor de iniciar entre nosotros [o foneticismo] por medio de un *cuento* escrito en verso gallego, el cuál, pasó como herejía á los ojos de sesudos escritores en el dialecto [...]. Debido á que en él intencionadamente hice trece veces aplicación de la J con sonido igual al que tiene en castellano y prescindiendo de orígenes etimológicos" (cito pola reprodución parcial do "Prólogo" a Amador Montenegro, *Muxenas*, p. xiv). O poema figura recollido en José Pérez Ballesteros, *Foguetes*, Andrés Martínez Salazar, editor, A Coruña, 1888, pp. 145-150. Debeu ser moi celebrado, pois, á parte destas dúas reproducións, atopámolo tamén en *O Novo Galiciano*, I, n. 18 (16.12.1888), pp. 2-3, e en *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 257 (09.12.88), pp. 2-3.

<sup>62</sup> "Una reflexión", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 8 (08.1888), pp. 397-399.

Se este primeiro debate se produciu en xeral dentro dos límites da cortesía académica, non podemos dici-lo mesmo do que viu a luz nas páxinas da *Galicia Humorística*. Movido sen dúbida polo desexo de intervir na polémica aberta, Antonio de la Iglesia comeza a publicar nesta revista un romance titulado "Ortografía gallega"<sup>63</sup>. Nel, ademais de defende-la grafía etimolóxica, don Antonio trata de descualificarlos partidarios da tese contraria tratándoos de ignorantes, e mesmo chega a propoñer que se non entran en razón alguén os faga entrar "a estacazos" (II, p. 339).

As sucesivas entregas da "Ortografía gallega" provocan a resposta, na mesma publicación, de Manuel Martínez González, que envía primeiramente un poema no mesmo ton satírico<sup>64</sup> e logo unha carta na que manifesta sentirse seriamente agraviado polos ataques e insultos vertidos polo señor De la Iglesia nas dúas últimas entregas da súa composición<sup>65</sup>. En ámbalas contribucións Martínez González pouco máis fai que reitera-las opinións formuladas no apéndice ós seus *Poemas*, que xa tivemos ocasión de comentar. Outra reacción en contra do autor de *El idioma gallego*

---

<sup>63</sup> Antonio de la Iglesia, "Ortografía gallega", *Galicia Humorística*, ano I, tomo I, n. 10 (30.05.1888), pp. 305-307; n. 11 (15.06.1888), pp. 337-339; tomo II, n. 1 (15.07.1888), pp. 13-15. A partir de aquí denominarémolo abreviadamente "Ortografía" I, II ou III.

<sup>64</sup> Manuel Martínez González, "A-o meu estimado amigo o señor don Anton Maria d-a Igrexa", *Galicia Humorística*, ano I, tomo I, n. 11 (15.06.1888), pp. 346-347.

<sup>65</sup> Manuel Martínez González, "La ortografía gallega del Sr. D. Antonio Maria de la Iglesia", *Galicia Humorística*, ano I, tomo II, n. 2 (30.07.1888), pp. 41-43.

procede da pluma de Pérez Ballesteros, que nuns epigramas reproba a autosuficiencia do seu opoñente<sup>66</sup>.

Na discusión aberta na *Galicia Humorística* viuse involucrado tamén Lamas Carvajal, que reproduciu, corrixindo a ortografía, a primeira tirada da "Ortografía gallega" de Antonio de la Iglesia no seu xornal *O tío Marcos d'a Portela*<sup>67</sup>. Don Antonio protestou airado na terceira entrega, na que se acusaba a Lamas de ladrón de versos e manipulador. Como resposta, o xornal ourensán pasou á ofensiva e entre xullo e setembro publicou un total de seis artigos, algúns deles asinados baixo pseudónimo, en contra dos etimoloxistas, ademais do poema de Pérez Ballesteros "Custión gramatical"<sup>68</sup>. De tódolos artigos que *O tío Marcos* dedicou á cuestión sobresaen dous, "A custion X"<sup>69</sup> e as "Cartas d'un maestro d'escola"<sup>70</sup>, que aparecen asinadas por Alberte Vidueiros. Neles Lamas, á parte de censurar con dureza a actitude autosuficiente e despectiva de Antonio de la Iglesia, realiza unha crítica seria e bastante coherente ós seus postulados. No extremo contrario sitúanse os poemas

---

<sup>66</sup> José Pérez Ballesteros, "Epigramas", *Galicia Humorística*, ano I, tomo II, n. 2 (30.07.1888), p. 50. Antonio de la Iglesia recomendáballes ós ignorantes "equistas" unha visita ó Santo dos Croques da catedral de Santiago ("Ortografía" II, p. 338). Ballesteros suxire que don Antonio fala con coñecemento de causa, pois sabe por propia experiencia que o tratamento funciona cos 'bodoques': "Moi práctico en cértos toques, / repenica Antón d'Oural, / n-o tambor, c'os palitroques, / e dí «qu'atopou -¡formal!- / para'os que sódes *bodoques* / a *pédra filosofal*». / -¿Dixo tal? (¡no-nos amoques!) / e ¿cál é esa pédra, cál? / É a d'o santo d'os croques / qu'él probóu n-a catedral".

<sup>67</sup> Antonio de la Iglesia, "Ortografía gallega", *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 232 (10.06.1888), pp. 4-5.

<sup>68</sup> Vid. supra, p. 97, nota 61.

<sup>69</sup> "A custion X", *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 238 (22.07.1888), pp. 1-2.

<sup>70</sup> Alberte Vidueiros, "Cartas d'un maestro d'escola ô tío Marcos da Portela", *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 239 (29.07.1888), pp. 1-2; parr. 240 (05.08.1888), pp. 1-2; parr. 242 (19.08.1888), pp. 1-2; parr. 243 (26.08.1888), pp. 1-2; parr. 244 (02.09.1888), pp. 1-2. En diante "Cartas" I, II, III, IV ou V.

"¡Alá eu vou co-a miña moca!"<sup>71</sup> e "¡Arde o eixe!"<sup>72</sup>, e a entrevista ficticia co rei Afonso VI titulada "A x n-un intreviewu"<sup>73</sup>, todos eles escritos satíricos cheos de retranqueiradas, descualificacións persoais e argumentos demagóxicos e falaces de interese puramente anecdótico para a cuestión en debate. O derradeiro traballo, "Que sigan"<sup>74</sup>, vén a ser un colofón que recolle e resume algúns dos argumentos xa expostos nos anteriores.

#### 2.2.6.2. As propostas ortográficas.

As propostas ortográficas discutidas ó longo deste debate non son novas, a excepción, naturalmente, da defendida por Marcial Valladares. A corrente simplificadora ou foneticista, representada por Pérez Ballesteros, Barreiro Meiro, Martínez González e Lamas Carvajal, defende, seguindo a Saco, a utilización dun único grafema, o <x>, para a representación do fonema prepalatal fricativo xordo. Os etimoloxistas que interveñen na discusión, Andrés Martínez Salazar e Antonio de la Iglesia, propoñen en cambio o emprego das grafías <g>, <j> e <x> en función da orixe etimolóxica da palabra de que se trate. Por último, a tendencia que representa Marcial Valladares, que polo que sabemos non foi secundado por ninguén, poderíamos cualificala de *jotista*, mais en ningún caso de etimoloxista.

Concretando algo máis, os dous defensores da liña etimoloxista coinciden no tratamento das palabras que no

---

<sup>71</sup> "¡Alá eu vou co-a miña moca!", *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 240 (05.08.1888), pp. 5-6.

<sup>72</sup> "¡Arde o eixe!", *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 242 (19.08.1888), pp. 5-6.

<sup>73</sup> Pedro d'Ourelo, "A X n-un intreviewu", *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 241 (12.08.1888), pp. 1-2.

<sup>74</sup> Manoel de Lence, "Que sigan", *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 247 (30.09.1888), pp. 1-2.

étimo presentan g, j ou x. Así, Antonio de la Iglesia, logo de proclama-la necesidade de conservar estes tres grafemas:

Vivan JOTAS, Equis, GES,  
 Todo esto é necesario  
 Para escribir noso idioma  
 Nóbrega, digno, propio e craro  
 ("Ortografía" II, p. 337).

expón o criterio de uso de cada un deles. Segundo don Antonio escribíranse con <j> as palabras que no seu étimo presenten j:

Jota é o nome d'o I  
 'N o grégo alfabeto dado:  
 Sea con I sea con JOTA  
 Leu sempre I o romano.  
 D'ahi *Jesus* ou *Iesus*  
 O mesmo d'a, «monta tanto».

Usarase o <x> cando o étimo ofrezca este grafema:

ENXEMPRO non vai con JOTA  
 Que vén de EXEMPLUM o caso;  
 Nin EXERCITO que é fillo  
 D'o EXERCITUM d'o Lacio.

Por último, empregárase o <g> cando a palabra en cuestión se escribíse en latín con esta letra:

VIRGEN s'escrebe con GE  
 Que vén de VIRGO mui craro,  
 Como vén GENTE de GENS  
 E GEADA de GELATIO  
 ("Ortografía" II, p. 337).

Sen embargo, De la Iglesia só toma en consideración tres das posibles fontes etimolóxicas do /ʃ/, por outra parte as que menos dificultades ofrecen. Como antes sucedera con Cuveiro, os criterios defendidos polo erudito coruñés son insuficientes na medida en que non ofrecen ningunha solución para os casos en que este fonema procede, por exemplo, dun s latino ou dun grupo -ɲ- . Esta falla faranlla notar a don Antonio non só os seus adversarios, Lamas

fundamentalmente, senón tamén o seu colega Martínez Salazar, como teremos ocasión de ver a seguir.

A proposta de Martínez Salazar si contempla tódolos casos posibles. Segundo el deben empregarse o <g>, o <j> e mailo <x> cando no étimo figure, respectivamente, unha destas letras. Nos casos restantes, isto é, cando o étimo non presente ningunha das tres, deberá empregarse preferentemente o <x>:

Tratándose de voces de origen latino en cuya composición entren aquellas letras [o <g>, o <j> e mailo <x>], deben conservarse, y que no llevando la palabra originaria ninguna de las mismas y siendo forzoso emplear una de ellas para fijar de algún modo la pronunciación, debe preferirse en este caso la x ("En tela de juicio", p. 163).

Non se trata, pois, de aplicar ó galego moderno o sistema empregado no galego medieval, que don Andrés sen dúbida coñecía ben. Boa proba disto son as críticas que dirixe a algúns dos seus correligionarios, sinaladamente a Antonio de la Iglesia, por escribir *hoje* cando o correspondente étimo latino *hodie* non leva <g>, nin <j> nin <x>, e a Valladares, que utiliza case que sempre <g> e <j> sen ter para nada en conta os étimos ("En tela de juicio", pp. 164 e 162 respectivamente).

Polo que respecta a Marcial Valladares, a súa intervención na discusión de 1888 non fai senón avanza-la proposta que logo defenderá nos seus *Elementos de gramática gallega*. En síntese, no primeiro artigo dedicado a esta cuestión, "Escritura gallega", propón "deshacerse de la x, como el castellano se deshizo en las voces *Alejandro*, *ejemplo*, *ejército* y otras", reservándoa en todo caso para "muy raros casos, tales como en las voces *xastre*, *xostrá* y algunas otras que ofrezcan dudas", e "usar, en cambio, la g

y la *j*, como lo hacen los portugueses" (p. 268). Non obstante, a proposta concreta de utilización de cada un destes grafemas non adquirirá forma ata os *Elementos*:

Nosotros escribimos y escribirémos, no *xe*, *xi*, sino *ge*, *gi* en las voces que así se escriban en castellano [...]. Escribimos y escribirémos también, no *xa*, *xe*, *xi*, *xo*, *xu*, sino *ja*, *je*, *ji*, *jo*, *ju* en las voces que en castellano lleven estas últimas sílabas [...], reservando la *x* únicamente para ciertos casos dudosos y algunas voces que en castellano lleven *s* (pp. 19-20).

Así pois, aínda que a proposta de Valladares garda aparentemente certa semellanza coa que defenden os etimoloxistas -coma eles emprega os tres grafemas-, este parecido é puramente superficial xa que os criterios de uso son netamente diferentes.

#### 2.2.6.3. Os argumentos do debate.

Se deixamos a un lado os enfrontamentos persoais e as acusacións mutuas de ignorancia e intolerancia que se produciron ó longo da discusión, é factible identificar unha serie de cuestións ó redor das cales se centra o debate. Algunhas delas foran xa obxecto de reflexión por parte dos autores que nas décadas anteriores se ocuparan do problema, sinaladamente Pintos e Saco, pero agora, á calor da discusión, adquiren unha formulación máis completa e precisa. Así, ó trataren os dous bandos de xustificar cadansúa proposta e de critica-las posicións contrarias vaise suscitando a discusión sobre cuestións de carácter xeral, pero de grande transcendencia, como a relativa ós criterios que deben prevalecer na pretendida unificación ortográfica, ou a que se centra no debate sobre a función e a finalidade do propio sistema ortográfico. O outro núcleo de atención da polémica localízase na análise, e na crítica,

do grao de sistematicidade e de coherencia interna de cada un dos sistemas propostos.

#### A. TRADICIÓN VS. ACTUALIZACIÓN.

Tódolos participantes na polémica concordan en que, tocante á representación do /ʃ/, a praxe maioritaria entre os escritores contemporáneos está en contradicción co que poderíamos denominar tradición antiga do galego, e que en certa medida constitúe unha infidelidade con respecto ó sistema gráfico do latín. A discrepancia nace da insistencia con que os etimoloxistas proclaman a necesidade de que o galego se manteña por riba de todo fiel ás súas orixes, en contra da opinión dos foneticistas, que poñen o acento no carácter puramente convencional dos sistemas ortográficos e sobrancean a conveniencia de que estes se reformen sempre que así o esixan os cambios e as transformacións do propio sistema lingüístico.

Para o etimoloxista Martínez Salazar, por exemplo, altera-la grafía dos étimos latinos, á parte de resultar pouco científico<sup>75</sup>, equivale a negar ou a ocultar-la procedencia latina do idioma galego, o que constitúe, nas súas palabras, un "parricidio filolóxico y etimolóxico" ("En tela de juicio", p. 161).

En parecidos termos se expresa tamén Antonio de la Iglesia, para quen o galego non é un *volapük* artificialmente creado nun laboratorio, senón un idioma cunha orixe ilustre e cun pasado esplendoroso no que disfrutou dun enorme

---

<sup>75</sup> Adopta-lo <x> como grafía única para o /ʃ/ equivalería a desterra-lo <j>, e case tamén o <g>, do alfabeto galego, "lo cual no nos parece lógico y á la altura de la ciencia" ("En tela de juicio", p. 163).



prestixio e foi cultivado como lingua de cultura<sup>76</sup>. Xa que logo, agora que o galego rexorde como lingua escrita, o seu sistema gráfico non pode establecerse de costas á súa historia. En consecuencia, non será admisible unha proposta que, como a simplificadora, carece de tradición:

¿A que vén ese *Xesus*  
 Ese *Xan*, ese *Xerome*  
 E outras badulacadas  
 Qu'en jamás 'n o latin hoube  
 Nin s'escrebéu 'n o gallego  
 D'o mesmo sígalo *once*?  
 ("Ortografía" I, p. 306).

Tamén Martínez Salazar sinala esta falta de tradición, que, segundo o seu parecer, pode supoñer, ademais dun atranco para os estudos etimolóxicos, unha dificultade para que os non galegos, que malamente poden identificar este grafema co fonema /ʃ/, poidan comprende-lo noso idioma:

¿Cómo se pronunciará la *x* en gallego?, preguntábame yo que [...] ignoraba hubiese tenido esta letra más sonidos que el de la *x* (*ji* griega) y el de *c.s.* y *g.s.* latinas y castellanas ("Á uno, á otro y á todos", p. 242).

Este argumento contradí implícitamente a súa proposta ortográfica, que contempla, ó lado de <g> e <j>, tamén o <x>. Ademais, garda escasa coherencia co que sinala unhas páxinas máis adiante, cando, para discuti-la validez do argumento, esgrimido xa por Saco e reiterado nos textos dos seus seguidores, de que o <x> xa se usara no castelán antigo para representa-lo fonema /ʃ/, recoñece como certa esta afirmación, se ben engade que tamén <g> e <j> tiveron nesta mesma lingua "una pronunciación idéntica ó parecida á la que

---

<sup>76</sup> Vid. A. de la Iglesia, "Ortografía I", p. 305. O erudito coruñés, que só dous anos antes publicara unha mostra da produción poética trobadoresca, cita entre os cultivadores do galego durante o período medieval a Afonso X, Airas Nunes, Bernal de Bonaval, Pero da Ponte, Afonso Eanes do Coton, Meendiño, Don Dinis, e engade na súa nómina a Camoẽs.

se pretende dar á la *x* gallega" ("Á uno, á outro y á todos", p. 249).

Esta última afirmación discútea Martínez González dun xeito un tanto confuso nas súas respostas a Antonio de la Iglesia, onde vén a dicir que no castelán antigo existía efectivamente o grafema <j>, como dicía Antonio de la Iglesia, pero cun valor distinto de /ʃ/:

Nunca se lle usaba á jota  
sinon com' ll, i e y greca:  
por eso cando nomeaban,  
ou escribian *abeja*,  
escrebian e nameaban,  
así á tal palabra, *abeia*.  
("A-o meu estimado amigo", p. 346)

Esta continua apelación á tradición do galego e á súa relación xenética coa lingua do Lacio parece obedecer ó desexo de reivindicar para o galego, fronte ós que desde posicións antirrexionalistas lle negaban a consideración de lingua, unha liñaxe nobre e un pasado ilustre que xustificasen a súa recuperación<sup>77</sup>. Ó mesmo tempo, podería así mesmo interpretarse como unha reacción contra os defensores de teorías peregrinas acerca da orixe do galego<sup>78</sup>.

Se os etimoloxistas fundamentan a súa postura na necesidade de preserva-la tradición, os simplificadores

---

<sup>77</sup> Pode percibirse un certo paralelismo coa situación do portugués, que denunciaba en 1912 dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos. A ilustre filóloga, ó reclama-la reforma urxente e a simplificación da ortografía portuguesa, "caótica e incoerente em extremo", sinalaba a entrada no sistema gráfico de "símbolos exóticos [...] e letras supérfluas", como o *y*, o *ph*, o *rh*, o *th*, etc. "Tudo isto com o pretexto de conservar vestígios visíveis de ilustres prosápias ou sugerir etimologías. Por mera ostentação, por pedantismo, por espírito de reacção. Ou em virtude da preocupação, mórbida de que a queda de um *h*, a substituição de um *y* por *i*, possa dissimular a origem de uma palavra; e a sua conservação inculcar ciência etimológica aos iletrados" (*Lições de Filologia Portuguesa*, pp. 36-38).

<sup>78</sup> Pode verse ó respecto Xesús Alonso Montero, *Constitución*, especialmente o capítulo titulado "Teorías y fantasías lingüísticas", pp. 32-38.

apelan á conveniencia de reforma-la ortografía, por máis que esta sexa tradicional, sempre que así o esixa a realidade lingüística. Esta é a idea na que abunda Manuel Martínez González, cando se refire ás sucesivas reformas ortográficas que sufriron tódolos idiomas, e entre eles o español:

Ninguen dí *Joseph, fazaña,*  
 n-a castellana conversa  
 por moito qu'antes d'agora  
 empregábanse estas letras  
 ("A-o meu estimado amigo", p. 346).

En definitiva, o que insinúa este autor é que os sistemas gráficos non son invulnerables ó paso do tempo, senón que deben irse actualizando para responderen ós cambios provocados pola evolución lingüística. Así pois, carece de sentido atrincheirarse nunha postura conservadora e, case diríamos, inmovilista, cando a realidade que este sistema ortográfico pretendía reflectir pertence a un estadio superado pola propia dinámica da lingua.

Por outra banda, tanto Lamas Carvajal como Pérez Ballesteros sinalan que nos procesos de reforma ortográfica que se están levando a cabo noutros idiomas están triunfando as teses foneticistas. En concreto, Lamas cita o exemplo da Academia Española, que "preferiu a fonética á etimoloxía en casos somellantes. E sinon ahí están as palabras -como *exemplo*- que s'escribían con *equis* e tiñan sonido gutural, en que foi remplazada pol-a *jota*, a pesar d'a etimoloxía" ("Cartas" V, p. 2).

Pérez Ballesteros, pola súa parte, xa desde o artigo inicial publicado en *El Ciclón* en resposta ó chamado de Barreiro Meiro<sup>79</sup> -antes, polo tanto, de que a polémica propiamente dita comezase- apostaba decididamente polo

---

<sup>79</sup> Cfr. Pérez Ballesteros, "Prólogo" a *Muxenas*, pp. xiii-xv.

foneticismo como pauta pola que se debía rexe-lo proceso de reforma e posta ó día non só do galego, senón de tódolos idiomas. Naquel traballo Ballesteros referíase ó foneticismo como tendencia imperante na lingüística europea moderna, unha tendencia avalada e defendida polos máis ilustres filólogos do momento<sup>80</sup>. Polo demais, o noso erudito indicaba que a lingua galega, ó atoparse en proceso de elaboración como lingua literaria e de cultura, era un terreo idóneo para a introducción da escrita fonética. Outras linguas cun rexistro culto xa consolidado oporían máis atrancos á reforma por causa do peso da inercia e do costume. Non obstante, no seu escrito inmediatamente posterior ("Indicaciones", pp. 381-382), Pérez Ballesteros, diante da alarma de Martínez Salazar, matizaría a súa opinión precisando que a reforma non podía levarse a cabo cunha transición brusca, senón dun xeito lento e progresivo.

#### B. O 'ELEMENTO DEMOCRÁTICO' FRONTE Á 'AUCTORITAS'.

Outra cuestión moi debatida na polémica que vimos comentando foi a do valor do 'elemento democrático', que, segundo Pérez Ballesteros, "es el que disfruta fueros de soberanía en el lenguaje é impone de ordinario sus inapelables mandatos á encopetados académicos, redactores de diccionarios" ("Indicaciones", p. 381), fronte ó principio da 'auctoritas' que enarbora principalmente, aínda que non sexa o único en facelo, don Antonio de la Iglesia.

Os simplificadores apóianse no feito de se-lo sistema que propoñen a opción seguida polos máis e os mellores dos escritores galegos. En palabras de Lamas:

---

<sup>80</sup> Neste sentido citaba as opinións de Passy, membro da *Société de Reforme Orthographique*, e do filólogo Max Müller, da Universidade de Oxford, responsable do *Phonetic Journal*.

¿Non ha de valer algo o uso de todos ou casi todos os escritores e poetas qu'en gallego falan? ("Que sigan", p. 2).

Entre eles o escritor ourensán cita a Curros Enríquez, a García Mosquera, a García Ferreiro, a Martínez González ("A custion x", p. 2), e a Rosalía, a Pérez Ballesteros e a si mesmo ("Que sigan", p. 2).

Tamén Pérez Ballesteros, pouco optimista verbo da unificación do galego escrito nun prazo de tempo curto, considera, como vimos pouco máis arriba, que será o uso o que termine por inclina-la balanza en favor de unha ou outra postura ("Indicaciones", p. 381). Algúns anos máis tarde, cando redacta o xa citado prólogo ás *Muxenas* de Amador Montenegro, insiste na idea de que pouco e pouco a unificación vai abríndose camiño, se non polo acordo entre os filólogos e os eruditos, si pola práctica diaria dos usuarios, contra a que de nada valeron, segundo el, as severas admonicións de Antonio de la Iglesia ou a autoridade do *Diccionario de Valladares* ("Prólogo", p. xix). Tampouco confiaba Pérez Ballesteros en que unha futura Academia Galega puidese acabar con este e outros problemas ortográficos. Así, se xa no artigo de *El Ciclón* manifestaba o seu escepticismo ("Prólogo", p. xiii), anos máis tarde, en 1896, cando a constitución da Academia estaba xa próxima, Ballesteros volvía a reafirmarse na súa opinión:

Debo aseverar igualmente que persisto en mi opinión acerca de la probable esterilidad de toda Academia en el período que pudiéramos denominar de verdaderos comienzos literarios del dialecto, como fácilmente puede inducirse de lo que hoy ocurre al idioma castellano, á pesar de los plausibles esfuerzos de la Academia Española en frente de ciertos escritores que, rebeldes á elevadas indicaciones prosódico-ortográficas [...], continúan escribiendo [...] *ageno, Genaro, homenage, magestad, muger, expontáneo* [...] ("Prólogo", p. xxi).

Se nin sequera a Academia Española conseguía impoñe-lo seu criterio ós escritores, dificilmente se podería concibir que o puidese logra-la aínda nonnata Academia Galega.

Fronte a este argumento, os etimoloxistas, que admiten sen discusión que as súas propostas só son seguidas por unha minoría, discrepan na valoración do feito e responden que en materia lingüística a autoridade radica non tanto na cantidade coma na calidade dos usuarios. Así de claro o expresaba Antonio de la Iglesia:

E anque o vulgo non-o escriba  
 D'aquel geito, porq'o ignora,  
 Non por eso ha de pasar  
 Sua imperfeucion por *nórma*,  
 Senon o escrito d'os sabios.  
 Se *cantidá* fore pouca,  
 Sempr'entr'os hómoes de letras  
 A *calidá* é vencedora  
 ("Ortografía" III, pp. 14-15).

Martínez Salazar, pola súa parte, trataba de analizar as causas de por que era a grafía simplificada a solución maioritariamente aceptada polos escritores, e chegaba á conclusión de que o factor determinante era a súa sinxeleza e comodidade, razóns que el, adoptando unha actitude de certa superioridade, consideraba insuficientes:

No hay necesidad de devanarse los sesos para averiguar si la palabra que se emplea es de origen latino ó griego y si lleva *g* ó *j* y no *x* en aquellas lenguas ("En tela de juicio", p. 162).

Por esta razón non é estraño que desde o bando etimoloxista se apele con frecuencia ó principio de autoridade como aval das súas teses. Con todo, este recurso non é exclusivo deste grupo, pois desde a posición contraria tamén se exhibe con frecuencia a figura de Saco como avogado do "equismo". Xorde deste xeito unha nova controversia, que ben podemos cualificar de "guerra de autoridades", na que se

viron implicadas persoas que, como Saco ou Francisco Javier Rodríguez, faleceran había xa tempo e que, de forma cando menos pouco elegante, viron cuestionada a validez das súas obras e mesmo a súa conducta persoal.

Lamas é quizais o que con máis empeño insiste na autoridade de Saco como xustificación suficiente da validez da postura que defende:

O señor Saco e Arce n-a sua Gramáteca gallega [...] sostén que a jota non eusiste n-o abecedario gallego [...]. Esta autoridade, hoxe por hoxe, abonda pra xustificar o emprego d'a X n-os escritos gallegos ("A cusion X", pp. 1-2).

Pero Saco non disfrutaba da mesma consideración en tódolos sectores ilustrados do país. Martínez Salazar, por exemplo, consideraba que a toma de posición de Saco supuxera un prexuízo para a pureza do idioma e fomentara a escisión en dous bandos dos escritores galegos ("Á uno, á otro y á todos", p. 161). Así e todo, o ataque máis violento contra a figura de Saco procedeu de don Antonio de la Iglesia, que, aínda recoñecendo os seus dotes de poeta e de gramático, acúsao de ceder covardemente diante das presións das "turbas d'os *equistas*" e de renegar da ciencia e da razón:

Deixou, o reino d'a cência  
Pol-o d'a «stultitia antro»  
("Ortografía" II, p. 338).

En contraposición a Saco cita don Antonio as figuras de Francisco Javier Rodríguez, de Marcial Valladares, de Juan Cuveiro e de Xoán Manuel Pintos ("Ortografía" II, p. 337). O encargado de discuti-la súa validez como autoridades será desta vez Lamas ("Cartas" IV, p. 2), que en lugar de acudir á descualificación persoal, como fixera De la Iglesia, demostra que os dicionarios de Rodríguez, Cuveiro e Valladares discordan no tratamento de infinidade de voces.

En concreto, o escritor ourensán cita exemplos como os de *aturuxar* e *aturuxo*, que aparecen no diccionario de Rodríguez como *aturuxar* e *aturujo* ("pondo, como quen dí, unha vela á Dios y-outra ô demo"), mentres que no de Cuveiro figuran como *aturuxar* e *aturuxo* e no de Valladares como *aturujar*; os de *caixa*, *lagrimexar*, *paxariño* e *peixe*, que Rodríguez e Valladares escriben con <j> en tanto que Cuveiro os representa con <x>; o de *lixeiro*, grafado con <j> por Rodríguez e por Cuveiro e con <g> por Valladares, e o de *queixo*, con <j> en Rodríguez e Cuveiro e con <x> en Valladares.

### C. A ORTOGRAFÍA, ¿PARA QUEN E PARA QUE?

A discusión ortográfica sobre un problema tan concreto como a representación gráfica do fonema /ʃ/ foi derivando ata se converter nun debate teórico de carácter xeral sobre a función e a finalidade dos sistemas gráficos, e, en última instancia, sobre o verdadeiro alcance da recuperación do galego.

Cando Martínez Salazar censuraba a nugalla intelectual dos escritores galegos, que preferían utiliza-lo sistema simplificado sinxelamente por razón da súa comodidade, e cando enumeraba as vantaxes e minimizaba os inconvenientes do sistema que el mesmo propugnaba, parecía estar pensando exclusivamente nun reducido círculo de usuarios cultivados. En contraposición, a corrente foneticista defendía, xa desde Saco, a universalización da ortografía, para o que a simplificación era un requisito inexcusable.

En efecto, entre as virtudes da escrita etimolóxica cita Martínez Salazar a de que a súa adopción facilitaría por unha banda o avance dos estudos filolóxicos e etimolóxicos, e por outra a aprendizaxe e comprensión do



galego escrito por parte dos estranxeiros. Tocante ós inconvenientes, e sinaladamente á dificultade para identificar en moitos casos os étimos, o erudito astorgano, esquecendo que noutras linguas a distinción gráfica <g>, <j> / <x> tiña un fundamento fonolóxico, replicaba que este problema non era exclusivo do galego, senón que afectaba igualmente a outros idiomas.

Malia as explicacións de Martínez Salazar, a dificultade, ou eventualmente a imposibilidade, de precisalo étimo de moitas palabras converterase nun lugar común nas críticas dos simplificadores. Barreiro Meiro reitera a este respecto o argumento da variedade das fontes etimolóxicas do /ʃ/, para o que cita as notas do *Cancionero popular gallego* de Pérez Ballesteros, que, como xa quedou sinalado, reproducen case que á letra as liñas que Saco lle dedicara a esta cuestión na súa *Gramática*. Pero Barreiro Meiro vai aínda máis alá ó soste-lo sistema etimolóxico equivalería a adquirilo compromiso de mudala grafía dunha palabra cada vez que os estudos filolóxicos revelasen que o étimo admitido ata entón era erróneo ("Dos cartas", p. 336).

Por outra banda, a necesidade de coñece-lo étimo obriga a que calquera que pretenda simplemente escribir con corrección deba ter coñecementos de todas aquelas linguas que exerceron algunha influencia sobre a galega, un requisito que non se pode esixir á maioría dos falantes:

Para que el *origen* [...] nos fuera indicador sólido y cabal, habríamos de dominar íntegra y luminosamente el vascuence, el fenicio, el griego, el latín, el godo, el árabe, el francés, el alemán... ni aún esto bastaría porque son numerosas las palabras sobre cuya procedencia andan discordes los etimologistas ("Á todos y á uno", p. 213).

En definitiva, o que Barreiro Meiro rexeita é o elitismo que agocha a proposta etimoloxista, xa que vulnera unha norma para el básica: a de que o sistema ortográfico dunha lingua debe establecerse pensando, antes ca nada, nos seus posibles usuarios. Poida que a escrita etimolóxica ofrezca numerosas vantaxes para os eruditos, pero desde logo é "inarmozable con la sencillez inherente á todo elemental estudio ortográfico, que por necesidade ha de estar al alcance de los que aspiran no máis que á la corrección en la escritura, sin dárselos una higa por que el *capricho* venga de la *cabra*" ("Dos cartas", p. 336).

En parecidos termos se expresa Pérez Ballesteros, para quen un dos principios xerais que deben presidi-lo establecemento do sistema ortográfico dunha lingua é o da súa sinxeleza e facilidade. En casos coma os do /j/, un fonema de procedencias tan diversas, a escrita etimolóxica nin sempre é posible, pois descoñécemo-lo étimo de moitas palabras, nin sequera desexable:

Sería [...] muy reprehensible, añadiré, poner en tortura al escritor gallego obligándole á consultar á cada instante el diccionario ("Indicaciones", pp. 382-383).

Lamas, pola súa parte, subliña a imposibilidade de aplicar na práctica un criterio que nin sequera os que o propugnan son capaces de usar con corrección. Isto débese, por unha banda, a que en moitas ocasións resulta difícil determinar con seguridade o étimo, e, por outra, a que non tódolos usuarios son expéritos filólogos:

â probe lingua, como á total-as románicas, e mais que á ningunha, sucédelle o que ôs queixos, qu'están feitos de cincuenta leites ("Cartas" I, p. 2).

¿Como van á arreglarse os moitos gallegos que hoxe teñen á gala escribir n-a sua lingua, pra facelo con arreglo ás tradicións etimolóxicas? Porque non se pode esixirlles á todos grandes conecementos de filoloxía, ciencia que poucos sábios dominan con algunha profundidade ("Cartas" IV, p. 1).

E así, para demostrar que don Antonio de la Iglesia "é o promeiro que non sabe escribir o gallego etimolóxico" ("Cartas" I, p. 2), comeza Lamas a comenta-lo que considera contradicións entre os criterios que enunciaba o coruñés e a aplicación práctica nos seus escritos. Os exemplos que sinala corresponden todos a palabras que don Antonio grafa con <j> cando, segundo Lamas, proceden de étimos que carecen desta letra. Entre elas cabe cita-los casos de *hoje* ("Cartas" II, p. 2), que xa fora obxecto de reprobación por parte de Martínez Salazar, e de *meijela* ("Cartas" III, pp. 1-2). Ademais, Lamas cita tamén outras palabras, como *jardin*, que fai derivar do céltico *garden* ("Cartas" II, p. 1), e varios castelanismos adaptados tales como *cejas* ("Cartas" III, p. 1) ou *entojarse* ("Cartas" III, p. 2), que considera incorrectos non por seren castelanismos, senón por estaren escritos con <j>. Válida é en cambio a reflexión de Lamas, que ironiza sobre o etimoloxismo de De la Iglesia a propósito desta última voz:

Aquí sí que o defensor d'a escritura etimolóxica se pasou a etimoloxía pol-os sobacos. E sinon díganme vostedes a razon d'empezar por e a palabra *entojarse* ("Cartas" III, p. 2).

A relación de erros de Antonio de la Iglesia complétase coa análise comparativa dos tres dicionarios galegos daquela existentes, que, como xa tivemos ocasión de comprobar máis arriba, discrepan no tratamento de moitas voces.

Así pois, se os principais valedores da escrita etimolóxica non son quen de usala sen incorreren en numerosos erros, conclúe Lamas, ¿que se pode esperar dos

simples usuarios que carecen dunha adecuada formación filolóxica? De tódolos xeitos, o escritor e xornalista ourensán intúe que esta cuestión non lles preocupaba excesivamente ós seus opoñentes, xa que os acusa de forma velada de estaren interesados no galego só como pasatempo ou como "antigüidade" ("Que sigan", p. 2), algo que non satisfacía as aspiracións de Lamas, que non se conformaba con que o galego sobrevivise como lingua exclusivamente literaria<sup>81</sup>.

#### D. A SOLIDARIEDADE COAS LINGUAS ROMÁNICAS E A COHERENCIA CO PROPIO SISTEMA FONOLÓXICO.

Outro motivo de controversia vén dado pola imposibilidade de harmonizar neste punto a necesaria solidariedade coas solucións adoptadas polas demais linguas románicas e o respecto e fidelidade á estrutura fonolóxica da lingua galega. Antonio de la Iglesia indica con razón que o galego non está só no mundo, senón que ó seu carón ten unha serie de linguas irmás que lle poden servir de modelo no proceso de fixación do rexistro culto. En consecuencia, rexeita a grafía simplificada por considerar que sitúa o galego nunha posición de marxinalidade con respecto ós demais idiomas románicos:

¿Vedes facer outro tanto  
Os poetas e scriptores  
De Portugal, sendo a mesma  
Vosa língoa e vóso corte?  
¿Vedes vól os catalans  
Qu'escreban aqueles nómes  
Nin outros barbaramente  
Con somellante desórde?

---

<sup>81</sup> Once anos antes, en 1877, Lamas e o seu xornal *El Heraldo Gallego* víranse involucrados con outros xornais galegos, especialmente o *Diario de Lugo* e o *Diario del Ferrol* nunha polémica a propósito da "propaganda" do galego. Naquela ocasión o xornal de Lamas manifestábase tamén en contra de que o galego puidese converterse un simple divertimento para un reducido grupo de eruditos e intelectuais e avogaba pola súa potenciación como idioma de uso *normal*. Vid. Ernesto González Seoane, "O debate sobre o galego", p. 279.

("Ortografía" I, p. 306).

Tamén Martínez Salazar se apoia neste razoamento cando, finxíndose un estranxeiro que observa con imparcialidade a realidade do galego, manifesta a súa estrañeza diante da discordancia gráfica entre este idioma e os veciños:

Parecíame raro que la *j* latina se hubiera transformado en *x* en este nombre gallego [*Xan*], habiéndose conservado aquélla en casi todas las lenguas románicas y aun en otras en qué ejerció algunha influencia la latina ("Á uno, á otro y á todos", p. 242).

O contraargumento dos foneticistas fundaméntase nas peculiaridades que o galego presenta neste punto do seu sistema fonolóxico, unhas peculiaridades que os etimoloxistas en ningún momento tomaban en consideración e que afastan o galego dos idiomas veciños. A este feito podería estar aludindo Pérez Ballesteros cando indica:

Los entusiastas de la *Jota* (baile) son compatibles con los de la Muiñeira, pero ésta es, indudablemente, más propia para ser bailada por gallegos ("Indicaciones", p. 381).

Aínda que o parágrafo é pouco explícito, coido que o autor está a insinuar que ningún dos dous sistemas en discusión presenta no plano teórico máis vantaxes có outro. Dito doutro xeito, un determinado sistema ortográfico pode ser excelente para unha lingua e pouco axeitado para outra. Polo tanto, a ortografía que se propoña para o galego deberá adecuarse á súa realidade lingüística e dar resposta ás súas necesidades.

Nesta mesma liña van as consideracións de Martínez González, que conclúe que sería superfluo empregar tres signos gráficos para o que non é máis ca unha soa unidade fonolóxica:

Mire qu'as *equis* y as *jotas*  
dinse d-a propia maneira,

tanto entre Xans é Xeromes  
 coma entr'á outra xente lerda  
 ("A-o meu estimado amigo", p. 346)

Moi semellante é a argumentación de Lamas Carvajal, que tampouco comprende o empeño dos etimoloxistas na tripla representación cando o fonema é unico e a solución máis xeneralizada é o emprego do <x>:

¿Como se pronuncia a *jota*? O mesmo que a *ch*  
 francesa ou como a *equis*.  
 ¿Pois tendo a *equis*, á que ven a *jota*?  
 ("A custion X", p. 2)

Outro factor que aconsellaría non utiliza-lo <j> para representa-la prepalatal fricativa xorda é o emprego desta letra para representa-la gheada por parte daqueles autores que optan por facelo. Certamente este argumento só se insinúa de forma velada e con pouca convicción. Así o fai Pérez Ballesteros no poema satírico titulado "Custion gramatical. Conto". A resposta dos etimoloxistas exprésase de xeito contundente e no sentido esperable. Así, Martínez Salazar descarta esta posibilidade de colisión porque considera a gheada como un fenómeno vulgar inadmisíbel que de ningún xeito pode ter cabida na lingua literaria ("En tela de juicio", pp. 163-164; "Á uno, á outro y á todos", pp. 244-245). No mesmo sentido se expresa tamén Valladares, de quen é ben coñecida a súa aversión por este fenómeno ("Una reflexión", p. 398).

Capítulo á parte merece o recurso demagóxico e capcioso que utiliza Lamas ó atribuírlles ós seus contrincantes a pretensión de introducir no galego non só as grafías <j>, <g>, senón tamén a pronuncia que esta letra representa en español. Así o fai no romance "Alá eu vou co-a miña moca":

Ja che dicen Jan que a caija  
 (parés que un gato se trouxa)  
 Jan, Jan, Jan eu ja cho dicen

hoje sin ajuda tróujena  
 ¿Esta xerga non somella  
 cás de palleiro que rosman?  
 [...]

Unhas palabras tan duras,  
 tan d'arrastro e tan noxosas,  
 que non s'amoldan â lengoa  
 e que cando san d'a boca  
 mais que decilas parece  
 que as gomitamos â forza (p. 6).

#### E. A SISTEMATICIDADE E COHERENCIA INTERNA DAS PROPOSTAS

O debate sobre a coherencia interna das dúas teses enfrontadas limitouse a un cruce de acusacións sobre a falta de sistematicidade con que cada un dos grupos levaba á práctica as ideas que defendía no plano teórico.

Así, Martínez Salazar observa que os seus adversarios, que no caso do /j/ procuran o achegamento entre o sistema fonolóxico e o sistema gráfico, non se aplican co mesmo rigor noutros puntos fracos da ortografía galega. Di Martínez Salazar:

De adoptarlo [o sistema fonético], la reforma en la ortografía gallega tendrá que ser radical, puesto que habrán de eliminarse del alfabeto las letras mudas y aquellas que puedan ser reemplazadas por otras de idéntico sonido ("Á uno, á otro y á todos", pp. 243-244).

Como xa vimos máis atrás, Pérez Ballesteros, que non desbota explicitamente que no futuro haxa que practicar novas reformas no sentido da simplificación, aclara que a introducción da escrita fonética debe ser paulatina e progresiva.

Antonio de la Iglesia, pola súa parte, vai aínda máis alá que o seu colega Martínez Salazar, e apunta a variedade dialectal do galego como impedimento para unha unificación ortográfica baseada nas teses foneticistas. Así, impútalles

ós seus adversarios na polémica a idea, que eles en ningún momento expuxeran, de que cadaquén debía escribir de acordo co sistema fonético da súa área de procedencia. De ser isto así, a ortografía galega, lonxe de unificarse, diversificaríase aínda máis:

O mesmo gallego scríbese  
C'o fonetismo d'o Gróbe,  
C'o de Maside, o de Jallas  
[...]  
E basta para que os démos  
Fujan d'o tramo d'a torre  
De Babél que aquí se arma  
("Ortografía" I, p. 306).

Non obstante, as acusacións de asistematicidade non son exclusivas dos etimoloxistas, e así, tamén desde o bando contrario se fai notar que estes non son fieis en tódolos casos ós principios que din defender. Barreiro Meiro, por exemplo, pregúntase:

¿Por qué no escriben hoy *Zacheo*, *Zacharías*, *eucharistía*, *exemplo*, *philosophía* y otras muchas palabras cuya etimología es bien conocida? ("Dos cartas", p. 336).

Tamén Pérez Ballesteros, no prólogo a *Muxenas* (1896), critica esta falta de coherencia dos etimoloxistas, tan escrupulosos á hora de esixírenllela ós seus contrincantes. Ballesteros percibe un marcado contraste entre a actitude puntillosa na cuestión do /ʃ/ e a pasividade con que aceptan outras alteracións das grafías antigas:

[...] para recordarles que nuestros antepasados escribían *Corunna*, *ninpha*, *scéptico*, *simhpática* [sic], *sseis*, *abbreviar* y *priuillegio*, y hacerles, de paso, ver que ellos son los primeros en prescindir de los radicales etimológicos de ciertas palabras como ayer (*heri*), *arúspice* (*haruspex*), *halagar* (*afalegar*), *huérfano* (*orphanus*), *huevo* (*ovo*), etcétera ("Prólogo", p. xix).

Unha crítica á falta de coherencia interna agóchase tamén nas denuncias de Lamas a propósito do tratamento



contradictorio de moitas voces nos dicionarios daquela existentes e dos erros de don Antonio de la Iglesia.

#### 2.2.6.4. A singular proposta de Valladares.

A proposta de Valladares, avanzada en "Escritura gallega" e desenvolvida nos *Elementos*, consiste en empregar <g> e <j> naquelas voces que en español se escriban con estas letras, e <x> nos casos dubidosos e nas palabras que en español se escriban con <s>. En certa medida podería interpretarse que Valladares busca unha posición intermedia desde a que lanzar unha proposta conciliadora ou de síntese, a medio camiño entre a etimoloxista e a simplificadora. O que ocorre é que nesta coma noutras moitas cuestións Valladares adopta unha postura seguidista con respecto ó castelán, o que lle resta validez á súa tese, pois para domina-lo sistema que el propón é preciso coñecer previamente a ortografía doutra lingua.

Valladares fundamenta a súa posición no que considera insuficiencias das dúas correntes fundamentais do debate. Así, critica por un igual a tese etimoloxista, polas dificultades que a súa adopción suporía para a aprendizaxe, e a simplificadora, que, de ser aceptada, afastaría o galego dos demais idiomas románicos.

Con respecto á escrita etimolóxica Valladares sinala, coincidindo cos foneticistas, que a etimoloxía das palabras non sempre é doada de precisar. Por outra parte, o coñecemento desta disciplina lingüística non está ó alcance do común da xente. Non sería, pois, razoable, pretender que todo aquel que desexe escribir en galego teña que estudar antes filoloxía:

Nosotros, sin entrar en honduras acerca del origen y etimología de ciertas palabras, si estas vienen del griego, del persa, del árabe, vascuence, latino, italiano, ó alemán, cosas que á la generalidad no interesan, poca ó ninguna, utilidade reportan [...] (*Elementos*, p. 19).

Pola contra, a crítica da escrita simplificada baséase nos mesmos argumentos que utilizan os etimoloxistas. Valladares insiste sobre todo na necesidade de que a solución galega sexa harmónica coa adoptada nos demais idiomas románicos:

¿Porqué, si el latino escribe *justitia*, por exemplo; el francés *justice*; el castellano *justicia* y el portugués *justiza*, pronunciando cada uno esta palabra segun su lengua, hemos de escribir nosotros *xusticia* con *x*? ("Escritura", p. 268)<sup>82</sup>.

Valladares engade ademais que a letra <x> está asociada máis ó grupo /ks/ ca á prepalatal fricativa xorda e que linguas coma o español xa a eliminaron das palabras en que representaba sons diferentes daquel (en *abaxo*, *exército*, *exemplo*, etc., nas que a través de <x> se representaba a fricativa velar xorda) (*Elementos*, pp. 19-20).

Por último, refírese tamén á gheada, que, ó se tratar, segundo el, dun fenómeno inadmisibile na lingua culta e literaria, non constitúe un impedimento serio para a utilización de <g> e <j> con valor de /ʃ/ (*Elementos*, pp. 20-21).

En definitiva, a proposta de Valladares, ademais de ser mimética, presenta unha longa serie de insuficiencias e de contradiccións internas, así como erros de partida que non é posible obviar. Entre estes poderíamos destacar que o seu

<sup>82</sup> Nos *Elementos* volvería a reiterar esta idea con palabras case que idénticas: "Sí, pues, el latino escribe v.g. *justitia*, el castellano *justicia*, el portugués *justiza*, el francés y el inglés *justice* y el italiano *giustizia*, pronunciando cada uno esta palabra según su lengua, ¿por qué lo hemos de hacer con *x* los gallegos y no procurar la uniformidad en la escritura de los vocablos?" (*Elementos*, p. 20).

razoamento revela un descoñecemento absoluto da realidade fonolóxica na que asentan as convencións gráficas doutros idiomas (mesmo chega a equipara-la pronuncia galega coa portuguesa ou coa francesa).

Polo demais, a súa proposta peca de falta de concreción. Neste sentido, por exemplo, non aclara suficientemente cal debe ser-lo criterio para escribir aquelas palabras que en castelán non presentan nin <g>, nin <j> nin <s>. Así, non será estraño que o propio Valladares incorra en numerosas contradicións internas, das que quizais a máis rechamante é a que se lle escapa cando, ó referirse á "supresión e adición de letras", sinala que o galego "añade á outras [palabras] x (j, ó x dirémos y escribiremos nosotros, segun los casos) entre dos vocales. Por exemplo: clarear = *clarejar*; pelear = *pelejar*; pestañar = *pestanear*; acarrear = *carrejar*; blanquear = *branquejar*; cacarear = *cacarejar*, *cascarejar*; gotear = *gotejar*; veo = *vexo*; huir = *fujir*; patear = *patejar*; tatear = *tatejar*, meada = *mexada*; mear = *mexar*" (*Elementos*, p. 35). ¿Con que criterio casos usa nuns casos o <j> (*patejar*, *gotejar*, etc.) e noutros o <x> (*mexar*, *mexada*, *vexo*)?

Son así mesmo contradictorias e inconciliables as pretensións, formuladas repetidas veces, de elimina-lo <x>, a imitación do español, en palabras, como *Alejandro*, *ejemplo*, *ejército*, e, o mesmo tempo, de usa-lo <g> e o <j> "como hacen los portugueses" ("*Escritura*", p. 268). Non obstante, a súa praxe demostra que o achegamento ó español tiña máis peso có pretendido desexo de procura-la uniformidade gráfica da familia románica. Deste xeito, a coincidencia do galego cos outros idiomas resulta soamente aparente e superficial.

Polo tanto, podemos concluír que a solución que propón Valladares, movida por unha sorte de animadversión contra a letra <x>, non pretende outra cousa que a adopción da ortografía do castelán como o único medio de buscar unha saída ó conflito entre etimoloxistas e foneticistas. Non obstante, esta "terceira vía" que pretendía abrir Valladares quedou fanada pola nula resonancia que acadou.

### 2.2.7. Despois da polémica.

Como era de prever, a polémica resultou estéril, pois tras ela non se acadou o obxectivo de unifica-la ortografía do galego que perseguía o chamado de Barreiro Meiro en *El Ciclón*. Pola contra, na última década do século XIX e nos primeiros anos do XX continuou a división de opinións, e, en consecuencia, sucedéronse os pronunciamentos en favor dunha e doutra corrente. Nin sequera a recién constituída Academia logrou o consenso necesario para impoñer unha das dúas solucións. O uso, en cambio, si que sería un factor decisivo, tal e como prevía acertadamente Pérez Ballesteros, ó relega-la opción etimoloxista á condición de posición marxinal e testemuñal.

Un exemplo das dúbidas que asaltaban ós escritores galegos á hora de colleren a pluma ofrécenolo don Antonio López Ferreiro, que no prólogo da súa novela *A tecedeira de Bonaval* confesa que tocante á representación do /ʃ/ vacilou non pouco entre seguir "as regras que tan sabeamente sentou o Sr. D. Marcial Valladares no seu Dicionario galego" e admitir "a autoridá do noso insine e malogrado mayestro Saco e Arce"<sup>83</sup>. Como erudito e bo coñecedor da tradición medieval repugnáballe a idea de altera-la grafía dos antecedentes

---

<sup>83</sup> López Ferreiro, "Un aviso ao bondoso lector". Cito pola edición *Novelas de López Ferreiro*, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1953, p. 5.

etimolóxicos e da tradición antiga. Por outra banda, se ben recoñecía que a representación simplificada facilitaba a escrita e a comprensión do idioma, mantiña certas reservas sobre o valor decisorio deste argumento. Sen embargo, as escasas expectativas de que no futuro o galego fose obxecto de estudos filolóxicos e etimolóxicos, así como o peso do maxisterio de Saco Arce, inclinaron a súa decisión cara ó bando dos simplificadores. Non obstante, López Ferreiro declárase humilde e disciplinadamente disposto a "adoutar e seguir ao pe da letra as regras que d'algún modo oficial se poñan e establezan" (p. 6).

Xa no século XX, o gramático Manuel R. Rodríguez, que non se pronunciara explicitamente sobre a cuestión nos seus escritos anteriores<sup>84</sup>, expón tamén o seu parecer, que concorda en liñas xerais coa postura etimoloxista. En efecto, aínda recoñecendo que a maioría dos escritores usan o sistema simplificado, opina que "debieran proponerse algunas reglas con el fin de introducir también el uso de la *g* y de la *j* para conciliar el origen etimológico de las voces" ("Bosquejo", II, p. 13). As regras que propón non difiren moito das que defendían Martínez Salazar ou Antonio de la Iglesia. Así, recomenda escribir con <j> "las palabras de origen latino, que tengan la *i* vocal convertida en *j* ó *y*, al pasar al romance castellano"; representar con <g> os vocábulos que teñan esa letra no étimo, e, por último, reserva-lo <x> para as palabras que teñan <x> ou <s> no étimo latino, así como para aquelas palabras que sexan "puramente gallegas", como *enxebre*, *enxiña*, *enxiofre*, *pixiota*, etc. (n. 2, p. 14).

---

<sup>84</sup> No seu traballo "Declinación gallega", publicado por entregas en *Galicia. Revista Regional*, Manuel R. Rodríguez utilizaba como exemplos as palabras *queijo*, *cereiña*, *feije* e *seijo* (ano I, 2 época, n. 5 (11.1892), p. 271). Sen embargo, na seguinte entrega (n. 6, p. 335) estas formas aparecen emendadas en <x>, conforme ós criterios que logo defendería o autor.

Non obstante, Rodríguez non ignoraba que estas regras constituirían un obstáculo dificilmente superable para a maioría dos posibles usuarios, que estaban moi lonxe de domina-lo latín coa soltura necesaria. Para salvar esta dificultade propón como solución a consulta dos dicionarios da lingua española e establece como guía unhas poucas regras elementais. Segundo se deduce dos seus exemplos deberanse escribir con <g> e con <j> as palabras que en español se escriban con estas letras, e con <x> as que en español se escriban con <s> (*puso, quiso*) e as que antigamente se escribían con <x> (*dixo, México, xícara*).

Por outra parte, as esperanzas de que a Academia Galega puidese poñer fin á discrepancia axiña se viron defraudadas. Durante toda a segunda metade do século XIX foran moi numerosas as persoas que deixaran oír a súa voz para reclamaren a constitución dunha institución das características dunha academia como único medio para fixar e unifica-la ortografía e maila gramática do galego. Cando por fin en 1905 a dita institución inicia as súas actividades, asume como obxectivo prioritario o de elaborar un dicionario e mais unha gramática co fin de "dar unidade al idioma gallego", tal e como indica o artigo 2.1 do "Reglamento de la Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega"<sup>85</sup>. Non obstante, o primeiro pronunciamento oficial aínda tardaría varios anos en se producir.

O 1 de febreiro de 1907 nomeáronse as comisións para a confección e clasificación do dicionario, entre as que figuraba unha ortográfica, integrada por José Pérez Ballesteros, Andrés Martínez Salazar, Marcial Miguel de la

---

<sup>85</sup> "Constitución de la Academia", *BRAG*, I, n. 2 (20.06.1906), p. 25.

Iglesia, Manuel Lugo Freire e Rafael Pérez Barreiro<sup>86</sup>. De tódolos xeitos, antes de que esta comisión puidese emitir-lo seu dictame, a Academia distribuíu unhas "Instrucciones para la redacción de papeletas para el Diccionario", entre as que figuraba a recomendación de que, "sin perjuicio de la ortografía que se adopte por la Comisión correspondiente, se representasen los sonidos *ge*, *gi* y *j* por medio de *x*"<sup>87</sup>.

Na acta da sesión celebrada o 21 de novembro de 1907<sup>88</sup> a Academia alteraría a composición destas comisións aducindo como causa a ausencia e enfermidade de varios membros. Deste xeito, a comisión ortográfica queda formada por Martínez Salazar<sup>89</sup>, que en diante actuará como presidente, Salvador Golpe Varela, Lugo Freire, Pérez Barreiro e Carré Aldao. Pérez Ballesteros, que ata o momento a presidía, pasaría a integrarse na comisión xestora e na de clasificación das papeletas. Un ano máis tarde, esta comisión de clasificación solicitaría da Academia que determinase con urxencia "si la ortografía que ha de emplearse ha de ser la etimológica, que es la adoptada por las Academias de todas las lenguas cultas", que establecese os signos e caracteres ortográficos e que decidise se o diccionario ía ser enteiramente galego ou ben galego-castelán<sup>90</sup>. Na solicitude apréciase unha inclinación cara ás posturas etimoloxistas, actitude coa que

<sup>86</sup> *BRAG*, II, n. 10 (20.02.1907), pp. 217-218. Esta comisión acordaría posteriormente nomear presidente a Pérez Ballesteros e secretario a Lugo Freire. Vid. *BRAG*, II, n. 11 (20.03.1907), p. 243.

<sup>87</sup> "Instrucciones para la redacción de papeletas para el Diccionario", *BRAG*, II, n. 11 (20.03.1907), p. 244.

<sup>88</sup> *BRAG*, III, n. 18 (20.01.1908), p. 114.

<sup>89</sup> Martínez Salazar presentaría a súa dimisión por causa das súas discrepancias sobre a celebración duns cursos organizados pola institución. A Academia, sen embargo, non lle aceptou a renuncia e Martínez Salazar retirouna na xunta celebrada o 26 de abril de 1909. Vid. *BRAG*, IV, n. 26 (20.05.1909), p. 44.

<sup>90</sup> Vid. acta da sesión do 4 de novembro de 1908, reproducida no *BRAG*, III, n. 21 (20.12.1908), p. 185.

difícilmente podería concordar Pérez Ballesteros, que sen embargo a asina. En calquera caso, a Academia acordou trasladar-la solicitude á comisión ortográfica para que esta emitise o seu informe.

A comisión reuniríase finalmente o 15 de abril de 1909, coa ausencia de LUGRÍS, para aproba-lo dictame sobre a ortografía pola que se había rexe-la confección do dicionario. Nel recoméndase que a Academia empregue en tódolos seus escritos a ortografía etimolóxica, "no sólo por ser la aceptada por las Academias de las lenguas cultas, sino por su conveniencia para los estudios filológicos" e que aconselle ós escritores que a utilicen nos seus escritos. Tocante á representación do /ʃ/ o dictame indica que "la x deberá de emplearse en sustitución de la g y j en las voces que en su origen no las tengan"<sup>91</sup>. A proposta da comisión ortográfica, que descansa nos argumentos que anos atrás defendera o propio Martínez Salazar, sería aprobada na sesión plenaria da corporación celebrada o 26 de abril de 1909.

O dito informe, lonxe de satisfacer-los partidarios do <x>, conseguiu facer que rebrotase a vella polémica. Así, Aurelio Ribalta, propulsor dunha reforma radical da ortografía galega para a achegar á realidade fonética, cuestiona a autoridade da institución, á que acusa de vivir de costas ás necesidades do país e de ignora-la tendencia imperante na filoloxía moderna<sup>92</sup>. Por esta razón conclúe que, se a institución chamada a racionaliza-la ortografía renuncia a facelo, terán que se-los escritores particulares

<sup>91</sup> Tanto a proposición coma o dictame foron publicados no *BRAG*, IV, n. 26 (20.05.1909), pp. 46-47.

<sup>92</sup> Aurelio Ribalta, "Nota sobre reforma da ortografía gallega", en *Libro de Konsagrazión. Feixe de poesías gallegas*, Librería de los Sucesores de Hernando, Madrid, 1910, pp. 139-165. Vid. especialmente as pp. 141-143.



os encargados da tal misión. O mesmo Ribalta, con ocasión da discusión que sostivo con Juan Barcia Caballero sobre a reforma que propoñía, volvería a critica-lo informe da Academia por considerar que a ortografía proposta para o /j/ só sería asequible para as persoas que coñecesen en profundidade a lingua latina:

Vea Barcia si hace falta ser erudito, y muy erudito. Como que este *origen* de que la Academia habla es el generalmente llamado «origen latino», y por lo tanto los labradores que sachan la tierra y el *rapaziño* que guarda las vacas, cuando vayan á emplear la *x* en gallego, necesitarán saber que palabras no tienen *g* ni *j* en latín<sup>93</sup>.

Como é ben sabido, a discusión sobre a representación do /j/ nunca chegou a cerrarse definitivamente. Tras unha fase de vacilación que ocupa as tres primeiras décadas do século e outra de relativo consenso en favor da grafía única nas décadas centrais do século XX, o debate rexurdiu con certa virulencia en época recente e e moitos aspectos continúa vivo aínda hoxe.

---

<sup>93</sup> "Por la ortografía gallega", *El Eco de Santiago*, ano XIV, 20.04.1910, p. 1.

### 3. O emprego do grafema <h>

Se a cuestión da representación do fonema /ʃ/ fixo correr, como acabamos de ver, verdadeiros ríos de tinta, outros puntos problemáticos, como a pervivencia do grafema <h>, ou como a alternancia de <b> e <v> para representar un único fonema /b/, a penas mereceron a atención dos estudiosos. Os escritores, pola súa parte, manexábanse como podían e en xeral deixábanse arrastrar pola tradición gráfica que mellor coñecían, a do castelán.

O grafema <h>, ó se tratar dun signo gráfico sen correlato no sistema fonolóxico, foi causa de non poucas vacilacións xa nos textos medievais galegos e portugueses. Para o profesor Lorenzo, nestes textos antigos percíbese unha certa inclinación a eliminar este signo. Sen embargo, esta tendencia vese contrarrestada por unha especie de prexuízo cultista que tende a conservalo e mesmo a empregalo alí onde a etimoloxía non o xustifica<sup>1</sup>. De entre os usos non conformes coa etimoloxía que Lorenzo sinala para a *Crónica Troiana*, podemos entresaca-los casos de *ha* como

---

<sup>1</sup> Cfr. Ramón Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 106 e 147-148. Segundo Lorenzo, "como o *h* latino non se pronunciaba, nos textos medievais máis arcaicos e en toda a Idade Media houbo tendencia a facelo desaparecer da escrita, pero non dunha maneira sistemática. Por recordo do latín e por se tratar, ás veces, de cultismos, sempre hai casos de utilización e mesmo en ocasións de forma ultracorrecta" (p. 106). Sobre esta cuestión véxase tamén Edwin B. Williams, *Do latín*, pp. 35-37, e Joseph Huber, *Gramática*, p. 48. Tanto Williams coma Huber xustifican algúns destes usos antietimolóxicos do <h> considerándoo unha indicación de que que as dúas vocais que separa están formando un hiato. Tal é o caso de formas como *tehudo*, *sahir*, etc. Williams aventura ademais a hipótese de que no caso de *he 'é'* o <h> sexa un sinal diacrítico para distingui-la forma verbal da conxunción homófona *e*.

preposición e pronome, de *ho* como artigo, do indefinido *hun* ou de *he*, presente de indicativo de *ser*.

En idiomas como o castelán ou o portugués as tendencias eruditas que se manifestaron en séculos posteriores estenderon o costume de restaura-lo <h> etimolóxico. Non obstante, esta práctica aínda tardaría en converterse en norma. No caso do español, a desaparición da aspiración do [h] procedente do F- latino viría a engadir máis confusión e inseguridade<sup>2</sup>. A Academia, coa publicación en 1726 do *Diccionario de Autoridades*, acabaría con esta situación imponendo por fin o criterio etimolóxico.

Este será, en liñas xerais, o criterio que intentará aplicar en galego frei Martín Sarmiento, que coñecía ben o *Diccionario de Autoridades*, a xulgar polas numerosas ocasións en que o cita. Así, na súa obra atopamos a miúdo indicacións sobre o modo máis correcto de ortografar algunhas palabras que ofrecen dúbidas:

En las coplas puse *Hermèlo*, y en la copia *Ermèlo*, que es su verdadera *ortografía*. La voz *Ermèlo* es diminutivo de *eremus* que significa *desierto* (*Colección*, p. 379).

Nesta obra atopamos varias indicacións máis neste mesmo sentido:

La voz homes viene de *homines* y se debe escribir con H (p. 212).

Nebrija usó con H las voces Harre, Harrear y Harriero, y le han seguido otros. Yo dudo mucho de esa H, y cuando más, la juzgo introducida por la pronunciación andaluza. En *italiano, francés, portugués y gallego* hai la misma voz *arre* y *arri* [...], y en ninguna de aquellas naciones tiene H (p. 254).

---

<sup>2</sup> Cfr. Lapesa, *Historia*, pp. 422-423.

Non obstante, conforme indica o Pensado<sup>3</sup>, non é infrecuente que o erudito bieito utilice o <h> ben para separar dúas vocais en hiato (*sahir*) ou ben para separalo pronome enclítico da forma verbal precedente (*porein-has*). Polo demais, Sarmiento vacila en non poucas ocasións ó escribir algunhas palabras. Sirvan como exemplos os seguintes, tirados todos eles do *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*: *hurro* / *urro* (pp. 266 e 365), *ome* / *hóme* (p. 322), *humiña* / *umiña* (p. 359), *azaya* ou *azaia* / *hazaia* (p. 368), *hortigas mortas* (p. 494) / *ortigas* (p. 303). Algunhas destas dúbidas poderían explicarse pola incerteza dos étimos, mais non en casos coma os de *home* ou de *ortiga*. Quizais no primeiro deles influíse o feito de que *ome* era a grafía habitual nos textos antigos (ás veces Sarmiento emprega a forma *hum-ha* e *hum-a*<sup>4</sup>); para o segundo podería pensarse nun lapsus por un cruce con *horta*. De calquera xeito, as vacilacións de Sarmiento son todo un síntoma da inseguridade do sistema gráfico.

No século XIX será Xoán Manuel Pintos o primeiro en defende-lo emprego do <h> conforme á etimoloxía. O escritor pontevedrés, fiel ó principio etimolóxico, que establece como criterio rector da ortografía do galego, prescribe o seu uso naquelas voces que presenten este grafema no étimo correspondente:

Así del latin *homo* escribo home  
[...],  
Horta de *horto*, non de *non*, herba de *herba*  
(*Gaita*, p. 70)

<sup>3</sup> Cfr. J. L. Pensado, "Estudio preliminar" a Fr. Martín Sarmiento, *Colección*, pp. 45-46.

<sup>4</sup> Cfr., por exemplo, *Colección*, p. 165, onde indica que *humha* é a forma que se rexistra nos textos medievais. Conforme sinala Pensado (p. 47), Sarmiento equivócase nesta ocasión. Sen embargo, si que é común nestes escritos o uso do <h> inicial.

Declaracións teóricas á parte, *A gaita gallega*, ó incluír un vocabulario etimolóxico, permítenos constata-la coherencia con que o seu autor levaba á práctica os seus preceptos. Neste caso concreto, as voces que inclúe o vocabulario non fan senón confirma-la regra. Sirvan como exemplo da fidelidade á grafía orixinaria palabras como *ermo* (p. 79), *ermida* (p. 79), *herba* (p. 82), *home* (p. 82), *inflar* (p. 83), *orfo* (p. 88) ou *ovo* (p. 88). Soamente nos casos de *edra* (p. 78), para a que dá o étimo HETERA, e de *inverno* (p. 83), de HYBERNUS, se desvía da regra etimolóxica. Por outra parte, a presenza do <h> en *hombro* (p. 82) xustifícase polo étimo HUMERO que lle atribúe Pintos; a súa ausencia en *anduriñas* (p. 73), de HIRUNDINES, pode explicarse polo cruce con *andar* que tal vez sospeitaba xa o noso escritor.

Unha proba máis do seu acerto proporcionanola a relación de voces que demostra a correspondencia existente entre o ditongo /ue/ do castelán e o /ɔ/ do galego. Pintos deixa constancia unha vez máis do seu rigor e mais da súa coherencia ó xebrar correctamente aqueles casos en que o castelán presenta un <h> inicial non etimolóxico (*hueco-oco*, *huevo-ovo*) daqueles outros en que o <h> ten orixe latina (*huerta-horta*) (p. 71).

Ora ben, fóra do vocabulario etimolóxico e destas relacións de exemplos, Pintos contradí con moita frecuencia a súa regra, e así emprega moi a miúdo o <h> para separar dúas vocais en hiato<sup>5</sup>, como en *sahiche* (p. 32), *sahiu* (pp. 49, 152, 167), *sahime* (p. 128), *sahe* (pp. 141, 203), *sahen* (pp. 155, 157, 159, 169, 181), *sahian* (p. 160), *sahir* (pp. 182, 186, 191, 203), *sahiamos* (p. 202), *sahe* (p. 203), *trahe*

---

<sup>5</sup> Este recurso é bastante frecuente nos textos galegos do XIX. Cfr., por exemplo, Rosalía, *Cantares* (1863): *sahira* (p. 14), *muhíño* (pp. 32, 57, 77), *sahindo* (p. 41). Son, así e todo, casos illados. Para este emprego do <h> en textos do prerrexurdimento, cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 42-43.

(pp. 130, 137), *trahe* (p. 179), *atrahes* (p. 186). Sen embargo, formas como *cairas* (p. 48) ou *caiu* (p. 104) revelan que tampouco nisto actúa con sistematicidade.

Tamén emprega Pintos, igual que facía Sarmiento, e posiblemente influído por el, o indeterminado *hum*. Os exemplos son, con todo, bastante esporádicos: *hum* (p. 149), *huns* (p. 149), alternando sempre con *un*, *uns*, que é a solución absolutamente maioritaria. Sen embargo, no poema titulado "Os birbirichos e os birbiricheiros" atopamos máis ocorrencias ca no resto do libro: *hum* (pp. 155, 156, 157, 158), *n'hum* (p. 157), *huns* (p. 156), *hums* (p. 158), *hum-ha* (p. 157). Así e todo, non faltan tampouco neste poema formas como *un* (p. 155) ou *uns* (p. 156). Outros casos de <h> non etimolóxico son, por exemplo, *hachaban* (p. 41), que contrasta co maioritario *achar*, *achadizo* (p. 55), etc.; *Hermidas* (p. 33), pero *Ermida* (p. 187); *hirmans* (p. 140), *hirmás* (p. 162), etc. Por último, Pintos incorre nalgún caso na supresión do <h> etimolóxico: *espitales* (p. 10).

Menos tino demostraría Cuveiro, que, pese a que nos parágrafos iniciais da súa descrición gramatical parafrasea a Pintos sen citalo<sup>6</sup>, segundo xa vimos a propósito do /ʃ/, non pode evitar verse arrastrado polo castelán. Polo demais as evidentes contradicções en que con frecuencia incorre revelan ben ás claras a súa deficiente formación lingüística e, ó tempo, serven de mostra da escasa calidade do seu traballo.

A súa posición de principio coincide basicamente coa que anos atrás expoñía Pintos. Así, recomenda conserva-lo

---

<sup>6</sup> Os epígrafes titulados "De las vocales", "De las consonantes" e "De los diptongos" (pp. 1-6) non son senón unha versión en prosa de varias tiradas de versos de *A gaita gallega* (pp. 69-71, 147-148). Vid. supra, p. 86, nota 33.

<h> fundándose, segundo parece deducirse das súas palabras, na conveniencia de mante-la fidelidade á grafía latina, e maniféstase en contra de prescindir deste grafema naquelas voces en que a etimoloxía esixe a súa presenza:

La *h*, aunque no se pronuncia, como sucede en el castellano, no por eso debe dejarse de escribir, y tambien traen origen del latino muchas palabras, como vr. gr. *horta* (huerta) de hortas, *herba* (yerba) de herba, *home* (hombre) de homo etc. que de ningun modo debe escribirse orta, erba, ome etc. (*El habla gallega*, p. 3).

Non obstante, pese a esta contundente condena da supresión do <h> etimolóxico, poucas liñas máis adiante quizais polo seu descoñecemento do latín e, sen dúbida, por causa da influencia da ortografía española, incorre no erro de empregar un <h> anti-etimolóxico en palabras como *hovo* ou *hoso*, para as que mesmo chega a admiti-la realización vulgar do castelán *güevo* e *güeso*:

Tambien suele mudarse la *h* en *g* algunas veces, por exemplo, hueso-güeso, huerta-güerta, huevo-güevo etc. que se pronuncia así en varias comarcas en vez de hoso, horta y hovo (p. 4).

De igual xeito, na relación de parellas de exemplos que ilustran a correspondencia do ditongo castelán /ue/ co galego /ɔ/, Cuveiro reproduce literalmente a que ofrecía Pintos, mesmo coas repeticións que figuran por erro na obra deste, e engade algúns exemplos máis. Entre as parellas coincidentes nas dúas obras están as de *hueco-oco* e *huevo-ovo*, que Cuveiro, sen dúbida intentando emenda-lo que consideraba un descoido do seu mestre e modelo, corrixe en *hueco-hoco* e *huevo-hovo* (Cuveiro, p. 6). É moi probable, pois, que Cuveiro ignorase que *huevo*, *hueso* ou *hueco* se grafan con <h> inicial en español en virtude da regra que prescribe o seu uso diante do ditongo /ue/ en posición inicial. En calquera caso, declaracións de principios á

parte, semella que en Cuveiro pesa máis, polo menos nesta cuestión, a imitación da ortografía española.

Esta é a tendencia que se percibe tamén en Saco, que, a diferenza de Cuveiro, non se refire directamente ó uso deste grafema. O gramático ourensán incorre con frecuencia nun uso seguidista do <h>, como sucede por exemplo en *hirmao* ou *hirmau* (p. 15), *hencher* (p. 79), *hachar* (p. 249). Sen embargo, noutras ocasións escribe *ôso* (p. 18) ou *alelí* (p. 224).

Tampouco Mirás segue unha regra fixa: mentres que nuns casos parece guiarse polo castelán, e así escribe *hirmán* (p. 44) ou *hachar* (p. 52), grafadas cun <h> non etimolóxico por imitación de *hermano* ou *hallar*, noutros prescinde do etimolóxico, mesmo en contra do castelán, como sucede en *oxe* (p. 37).

Contra o erro de deixarse guiar polo castelán para o emprego do <h> en galego advertiría anos máis tarde dona Emilia Pardo Bazán. En efecto, a escritora e crítica literaria, nunha recensión da obra *Saudades gallegas* de Lamas Carvajal<sup>7</sup>, consideraba censurable esta práctica, bastante común ó que parece entre os escritores galegos do momento, e recomendaba preservar a grafía latina orixinaria:

Percibo que, siempre fieles á la etimología latina, los poetas gallegos (siguiendo á Añon, que si no me engaño ortografió así en *A Pantasma*) escriben *hoso*, hueso, siendo así que yá que el génio de nuestra lengua conserva inalterable la raíz latina *os*, debiera respetarla también ortográficamente (p. 137).

Este comentario da Pardo Bazán non pasou inadvertido e xerou unha breve controversia na *Revista de Galicia*, que publicou no número seguinte un artigo de resposta, asinado

<sup>7</sup> Emilia Pardo Bazán, "Saudades gallegas", *Revista de Galicia*, I, n. 11 (10.06.1880), pp. 136-137.



por "Un gallego vello" e dirixido equivocadamente ó señor de Torre-Cores<sup>8</sup>. A resposta, que parece obra do propio Lamas, resulta contradictoria, xa que, se ben nun principio o autor semella admiti-lo erro e acepta-lo principio etimolóxico, a seguir defende a escrita fonética:

Nin as B,B,B,B, nin as V,V,V,V, nin as H,H,H,H, me puxeron nunca médo; nin os *vermes* d'a duda me royen oso nin polpa, mentras teño á mao aquela lingua que tan ben parolou Ciceron e outros moitos (p. 149).

N'as linguas que sonan como se escriben, a castillana poño por caso, cóido que se deben de escribir como s'han de pernunciar (p. 150).

En calquera caso, ningún dos dous sistemas admitiría a grafía *hoso*.

Así o entendería Torre-Cores, que intervén tamén ó se ver implicado na polémica<sup>9</sup>. Segundo el, na ortografía do idioma deben conxugarse tradición e racionalidade<sup>10</sup>, pero neste caso nin unha nin outra aboan o emprego do <h> antietimolóxico:

Comprendo la supresion de las *hh* mudas [...], pero ¿añadirlas así, por gusto y pasatiempo, donde una lengua etimológicamente no las tiene? (p. 177).

A conservación do <h> etimolóxico non foi, en contra do que cabería pensar, motivo de disputa entre os etimoloxistas e foneticistas que en 1888 sostiveron o coñecido debate sobre a representación do /j/. Pola contra, os máis

---

<sup>8</sup> Un gallego vello, "A o señor de Torre-Cores", *Revista de Galicia*, I, n. 12 (25.06.1880), pp. 149-150.

<sup>9</sup> Torre-Cores, "Respuesta á un gallego viejo", *Revista de Galicia*, I, n. 13 (10.07.1880), pp. 177-178.

<sup>10</sup> Segundo Torre-Cores, os idiomas 'novos', a diferenza dos que contan cunha tradición de séculos, permiten o establecemento de "reglas naturales y racionales; *naturales* porque vienen del ayer, son raíces del árbol del pasado, *racionales* porque se estatuyen con sujecion al mejor saber y entender presente" (p. 178).

destacados defensores da grafía simplificada para o /j/ ou ben non se pronunciaron con respecto ó <h>, ou ben se limitaron a intervir para censuraren casos concretos de emprego antietimolóxico deste grafema. Tal foi o caso, por exemplo, de Pérez Ballesteros, que en diversas notas ó seu *Cancionero popular gallego*, advertía contra esta práctica con palabras moi semellantes ás que sobre esta cuestión pronunciara a Pardo Bazán:

Algunos escritores escriben *hobo*, y *hoso*, creyendo que dichas voces necesitan *h*, como las castellanas *huevo* y *hueso* (I, p. 118).

*Ovo* no lleva *h*, porque no la necesita (II, p. 85).

No necesita la *h* como en castellano *huevo*, á semejanza de lo que ocurre á *orfos* por *huérfanos* y, en castellano mismo con *orfandad*. Con frecuencia se olvidan los orígenes latinos y que la *h* la exige el diptongo inicial (III, p. 165).

O mesmo Pérez Ballesteros volvería a reitera-lo seu parecer nun poema titulado "Unha opinión sobre prosódea e ortografía gallegas":

Bèn òrfo e òso escrebiche  
Deixánd-os limpos d-a *hache* (p. 5).

En certo modo non deixa de ser paradoxal que un destacado foneticista apele ó latín para o emprego dun sinal 'suplerfluo' como o <h>.

Tamén desde as filas etimoloxistas Martínez Salazar lle dedicou unhas liñas ó <h> non etimolóxico. Sen embargo, se Pérez Ballesteros ou dona Emilia centraban a súa atención na influencia do español, neste caso a censura vai dirixida contra aqueles autores, entre eles Pondal e Posada, que trasladan ó galego moderno hábitos máis ou menos comúns nos textos galegos antigos. En opinión de Martínez Salazar trátase dunha práctica pouco recomendable, dado que a

ortografía do galego medieval, "caprichosa y arbitraria", non pode seguirse indiscriminadamente como guía:

Lo raro es que los mismos partidarios del sistema etimológico caen á veces en flagrante contradicción, como, por ejemplo, los Sres. Pondal y Posada, quienes emplean la *h* en la segunda y tercera persona de singular del indicativo del verbo *ser*, fundándose sin duda, en que Camoens la usó en *Os Luisiadas* y en que se lee en escritos gallegos antiguos, regla que no debe seguirse en absoluto por cuanto en gallego y castellano aun en el siglo XVIII se ven escritas aquellas personas del verbo *ser* ya con *h* ya sin ella ("En tela de juicio", p. 164).

Así pois, aínda que sexa esaxerado dicir que os foneticistas se manifiestan entusiasticamente en defensa da grafía etimolóxica, o certo é que ningún deles se pronuncia pola supresión deste signo gráfico. Pola contra, semella impoñerse, polo menos de forma provisoria, a opción máis prudente de acatar neste punto o principio etimolóxico, sen que isto queira dicir que nun futuro máis ou menos próximo non se poida revisar esta postura para dar un paso máis na introducción da grafía fonética. A esta introducción paulatina da reforma foneticista se refería un dos seus máis vehementes propagandistas, Pérez Ballesteros, que, lonxe do radicalismo que anos máis tarde había caracteriza-la postura de Ribalta, apostaba pola sensatez e pola moderación. Así, respondendo ós ataques de Martínez Salazar sobre a falta de coherencia dos foneticistas na aplicación práctica dos seus principios, advertía:

No es, por tanto, radical [...] la pretendida reforma de la ortografía gallega, ni para verificada de repente, pues [...] progresar no es lo mismo que ir de prisa ("Indicaciones", pp. 381-382).

A posición con respecto ó <h> dos foneticistas galegos coincidía coa que mantiñan os reformadores da ortografía

portuguesa, que decidiron mantelo de forma transitoria. A el se refire, por exemplo, Gonçálvez Viana:

Emprêgo do h inicial, emquanto não for de todo proscrito, sendo-o já daquelles vocábulos em que êle contra a etimolojia ainda figura (*Ortografia Nacional*, p. 18).

A razón que aduce o lingüista portugués para conservar un grafema sen correspondencia no plano fonolóxico non é outra que a de evita-la estrañeza que suporía a supresión dun hábito moi arraigado:

Conservo o h inicial, provisóriamente, proscrevendo o h medial entre vogais ou depois de consoante, porque esta simplificação causará menor estrañeza do que a da sua supressão quando inicial (*Ortografia Nacional*, p. 61).

Tamén Carolina Michaëlis de Vasconcelos se sente tentada de proscribi-lo emprego do <h>, pero acaba contemporizando e admitíndoo nos casos en que sexa etimolóxico:

*H*, sempre nulo, debería suprimir-se em todos os casos, tanto no meio de palavras, onde na escrita comum servia para desunir vocaes que em regra formam ditongo (*sahimento cahir*) como no princípio de palavra, e depois de preficosos (*aderir desonesto coherente*), sobretudo depois de *n* (*inerente, inibir inábil*). Onde for etimolóxico (*história homen hospede haver*) será todavia mantido provisóriamente ("A ortografia nacional", p. 115).

Así as cousas, non deberá estrañar que haxa que esperar ata a publicación da "Nota sobre reforma da Ortografía gallega" de Ribalta para atopármola primeira proposta clara de abolición do <h>:

O *h* suprimino. No gallego falado non soa nunca. No gallego eskirto e sinzillamente una añadizi3n dos eruditos ke non sirbe mais ke destorbo para maraballar aos ke enseñan a eskirbire.- Somentes o uso, koma bai dito, ko o *ch*" (p. 149).

Na polémica que con motivo da publicación do seu libro o enfrontou con Barcia Caballero, Ribalta reafírmase na súa opinión e rexeita o argumento da historia e da etimoloxía:

El uso de la *h* ha nacido sencillamente de las vacilaciones y del no saber á que carta quedarse de los antiguos *escribans*. Estos escribían el gallego AL BUEN TUN TUN, ya representando los sonidos como Dios les daba á entender [...] ya aplicando al gallego la ortografía latina, no siempre con acierto, ni mucho menos; ya inventando por su cuenta grafías pedantescas y que ni en latín encuentran justificación alguna<sup>11</sup>.

Non lle faltaba certa razón a Ribalta. Sen embargo, neste coma noutros puntos, o seu programa de reforma non foi atendido.

---

<sup>11</sup> "Por la Ortografía gallega", *El Eco de Santiago*, XIV, 06.05.1910, p. 1.

#### 4. A representación do fonema /b/

Segundo a opinión máis xeneralizada entre os romanistas<sup>12</sup>, no primitivo romance galego-portugués, como en todo o norte peninsular, a distinción gráfica <b> / <u>, <v> representaba unha oposición fonolóxica entre un fonema oclusivo bilabial sonoro /b/ e outro fricativo bilabial sonoro /β/. De acordo con esta tese, o grafema <b> representaría nestes textos o fonema /b/, resultante da evolución do b- inicial, do -b- medial non intervocálico e do -p- intervocálico, en tanto que as grafías <u>, <v> corresponderían ó fonema /β/, procedente de v- inicial e de -v-, -b- e -f- mediais<sup>13</sup>. Estes dous fonemas /b/ e /β/ axiña confluirían no galego e no portugués setentrional nun único fonema /b/<sup>14</sup>.

As numerosas confusións que presentan os textos medievais en todo o norte peninsular, xa desde a época máis antiga, fai pensar que o proceso de confluencia se iniciou en época moi temperá. A inicial oposición fonolóxica, pois, quedou suspendida ó confundírense estas dúas unidades

---

<sup>12</sup> Hoxe en día é comunmente aceptada a tese de que en todo o norte peninsular nunca chegou a existilo fonema fricativo labiodental sonoro /v/. A este respecto, poden citarse os traballos de Dámaso Alonso, "B = V en la Península Hispánica", en *La fragmentación fonética peninsular*, suplemento ó tomo I da *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, C.S.I.C., Madrid, 1962, pp. 155-209. Reproducido en *Obras Completas*, I (*Estudios Lingüísticos Peninsulares*), Gredos, Madrid, 1972, pp. 215-290. Sobre a situación no norte de Portugal, vid. Alvaro Galmés de Fuentes, "El arcaísmo fonológico de los dialectos del norte portugués y su importancia para la lingüística románica general", *Actas do IX Congreso Internacional de Lingüística Románica*, III, Centro de Estudos Filolóxicos, Lisboa, 1962, pp. 19-30 (especialmente pp. 26-30); Adelina Angélica Pinto, "A neutralização da oposição fonológica v/b em português: estudo sincrónico e diacrónico", *Biblos*, 56 (1980), pp. 597-651.

<sup>13</sup> Cfr. Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 472-485, esp. pp. 482-483.

<sup>14</sup> Para algunhas mostras da incipiente confusión que se observa xa en textos medievais, cfr., por exemplo, Ramón Lorenzo, "Un documento galego de 1466", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. II, Universidade de Santiago, 1991, pp. 374-375

fonolóxicas nun único fonema bilabial, con dúas realizacións dependentes do contorno fonético. A causa desta confusión estribou probablemente na variación que admitía o fonema /b/, que se realizaría [b] en posición forte e [β] en posición fraca<sup>15</sup>. A confluencia, pois, principiou por esta posición para logo estenderse tamén á posición forte. A oposición mantívose, en cambio, nos falares centrais e meridionais de Portugal, onde o /β/ do latín vulgar evolucionou a unha fricativa labiodental sonora /v/, evitando así o risco de colisión con /b/.

Non obstante, a pesar das dificultades para manter no plano gráfico unha oposición sen fundamento fonolóxico, os escribáns tentaron, aínda que con desiguais resultados, perpetua-la distinción <b> / <v>, <u>. Por exemplo, Fernán Martís, traductor e copista de boa parte da *Crónica Troiana*, aínda se manexaba bastante ben, conforme indica Ramón Lorenzo:

Esta diferenza mínima [entre /b/ e /β/] empeza a romperse xa na época medieval e hai textos que presentan constantes confusións, aparecendo cada vez con máis frecuencia o uso de *b* por *v*. F. Martís aínda fai ben a distinción gráfica e presenta poucas transgresións á norma (p. 95).

De calquera xeito, as informacións que proporcionan os gramáticos quiñentistas e seiscentistas, que consideran característica do galego e do portugués setentrional a indistinción dos dous fonemas, revelan que o proceso de neutralización xa se consumara había tempo<sup>16</sup>. Entre os testemuños máis antigos adoita citarse o parágrafo en que

---

<sup>15</sup> Neste parecer coinciden Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 482-483 e Rafael Lapesa, *Historia*, pp. 205-206.

<sup>16</sup> Poden verse os numerosos testemuños ó respecto que recolle Adelina Angélica Pinto, "A neutralização".

Duarte Nunes de Leão atribúe ós galegos e ós portugueses de Entre-Douro-e-Minho a confusión recíproca entre os fonemas /b/ e /v/:

Tem outrossim esta letra *b* algũa semelhança com o *u* consoante. Porque assim na língua latina, como na nossa, muitas vezes se muda o *b* em *v* como nesta palavra composta de *ab* e *fero*, porque dizem os latinos *aufero*, e de *ab* e *fugio*, *aufugio*. E nós dizemos *absente* e *ausente*, e *abano* e *avano*, e *aljaba* e *aljava*, e de *faba*, dizemos *fava*, e de *tábula*, *távoa*, e de *abhorreo*, *avorreço*, e de *cibus*, *cevo*. O que muito mais se vê nos Galegos, e em alguns Portugueses de Entre Douro e Minho, que por *vós*, e *vósso*, dizem *bos*, e *bosso*, e por *vida*, dizem *bida*. E quase todos os nomes, em que ha *u* cosoante mudam em *b*. E como se o fizesse às avessas, os que nós pronunciamos por *b* pronunciam eles por *v*<sup>17</sup>.

A inadecuación neste punto entre o sistema fonolóxico, que presentaba unha soa unidade, e o sistema ortográfico tradicional, que empregaba dous grafemas para representala, converteríase en fonte de continuos problemas. As posibles vías de solución pasaban, ben por elimina-la distinción gráfica para axeitala á realidade fonolóxica, ben por conservala a pesar de todo, aínda a risco das confusións e vacilacións que sen dúbida había xerar. No caso de que se optase por este segundo camiño cumpriría decidi-lo criterio que había rexe-lo emprego de <b> e <v>. As posibilidades eran, en principio, dúas: adopta-lo criterio etimolóxico, grafando con <v> os resultados do *v* ou do *-f-* latinos, e con <b> os de *b* e *-p-*, ou ben mante-la distribución tradicional conforme se facía nos textos medievais.

A Academia Española, no *Diccionario de Autoridades* (1726) e nas sucesivas edicións da súa *Ortografía*, optou por

---

<sup>17</sup> Cito por Duarte Nunes de Leão, *Ortografía e origem da língua portuguesa*. Introdução, notas e leitura de Maria Leonor Carvalhão Buescu, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1983, p. 54.



mante-los dous grafemas<sup>18</sup>, pero empregándoos segundo a etimoloxía e dando preferencia ó <b> nos casos dubidosos e naqueloutros en que o seu emprego antietimolóxico estivese xa consagrado polo uso:

Aunque algunas voces hayan de escribirse con *v*, segun su orígen, ha prevalecido el uso comun y constante de escribirlas con *b*, como *abogado*, *baluarte*, *borla*, *buitre*<sup>19</sup>.

En Galicia Sarmiento foi o primeiro autor que intentou aplicar rigorosamente o criterio etimolóxico. En efecto, son varias as pasaxes da súa obra que deixan translucir os esforzos de frei Martín, que por outra parte vacila en moitos casos<sup>20</sup>, para distinguir graficamente <b> e <v> conforme a este criterio. A este respecto son especialmente significativas as abondosas reflexións que a miúdo acompañan a discusión etimolóxica. Así, por exemplo, o frade bieito dubida entre escribir *herba do becho* e *herba do vecho*, pois, segundo el, non está claro se neste caso *becho* significa *lombriga* ou se, pola contra, procede de VETERNUM

<sup>18</sup> En realidade a Academia seguía a considerar que <b> e <v> representaban dous fonemas distintos, por máis que, segundo ela mesma recoñecía implicitamente, ninguén practicaba a distinción: "El confundir el sonido de la *b* y de la *v*, como sucede comunmente, es mas negligencia ó ignorancia de los maestros y preceptores; y culpa de la mala costumbre adquirida en los vicios y resabios de la educacion doméstica y de las primeras escuelas, que naturaleza de sus voces" (*Ortografía* 1815, p. 51). O *Prontuario* de 1854 comezaba o capítulo correspondente a <b> e <v> dicindo: "Siendo en nuestro idioma igual por lo comun, *aunque no lo debiera ser*, la pronunciacion de la *b* y de la *v* [...] conviene tratar aquí de las dos" (p. 10; subliñado meu).

<sup>19</sup> *Ortografía* (1815), p. 26. Observacións semellantes atopámolas en edicións posteriores. Por exemplo, no *Prontuario de ortografía de la lengua castellana dispuesto de real orden para el uso de las escuelas públicas*, Imprenta Nacional, Madrid, 1854, indícase: "Cuando el uso es constante, debe ser preferido al orígen, aunque este sea notorio, como sucede con las voces *abogado*, *aviles*, *maravilla*" (p. 12).

<sup>20</sup> Só no *Catálogo* atopamos, entre outros, os casos de *vasoira* / *basoira* (p. 263), *balde* / *valde* (p. 264), *viqueira* / *viqueira* (p. 267), *valoco* / *balóco* (p. 268), *baraza* / *varaza* (p. 271), *binco* / *vinco* (p. 271), *rodaballo* / *rodavallo* (p. 284), *cavála* ou *cavaliña* / *cabálo* (p. 286), *valinéas* / *balinéas* (p. 313), *vagaxeiro* / *bagaxeiro* (p. 320), *touba* / *touva* (p. 326), *abáda* / *aváda* (p. 326), *albariza* / *alvariza* (p. 326), *brillas* / *vrilles* (p. 338), *borrón* / *vorrón* (p. 339), *bedreiro* / *vedreiro* (p. 367), *bêcho* / *vecho* (p. 397), *bezár* / *vezár* (p. 418), *verce* / *berce* (p. 427).

'hidropisía'<sup>21</sup>. Do mesmo xeito, vacila tamén entre *berrar* e *verrar*, pois "si se escribe con v vendrá de *verres*, el *verraco* por su gruñido alto y desagradable, por eso en gallego se llama el *verro* o *verrón* [...]. Si se escribe con b *berraba* tiene su origen en la voz horrisona o *barrito* de el *elefante*, cuyo verbo latino es *barrite*" (*Colección*, p. 371)". Pola contra, cando considera que o étimo está claro, non o dubida un instante:

El verbo *botar* [...] se debe escribir con B y no con V, para distinguirlo de *votar* de *voveo*, es (*Colección*, p. 371)<sup>22</sup>.

Esta foi tamén a liña que seguiu Pintos. En coherencia co seu principio de atender na escrita á etimoloxía, o escritor pontevedrés grafa con <v> no seu vocabulario o fonema /b/ procedente do v latino. Entre os exemplos que se poden citar destacarémo-las palabras *avó*, *avò* (p. 74), *verme* (p. 96), *vulto* (p. 96), *alvariza* (p. 72), que, por seren casos de discordancia gráfica entre castelán e galego ou por apareceren moi a miúdo grafadas con <b>, non deixan lugar á dúbida con respecto á independencia de criterio do autor.

Pola contra, cando o /b/ procede dun b ou dun p latino, Pintos utiliza regularmente o <b>:

b-: *biber* (p. 74).

-bb-: *abade* (p. 72).

-b- medial non intervocálico: *alba* (p. 72).

-b-: *árbores* (p. 73), *cabalo* (p. 74), *deber* (p. 77).

---

<sup>21</sup> Fr. Martín Sarmiento, *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*. Edición e estudio de J. L. Pensado, Universidade de Salamanca, 1986, p. 109.

<sup>22</sup> Non é este o único exemplo: "Salta a los ojos que *vilorto* y *vilorta* parece que se han de escribir con B, siendo cierto que *billart*, *billard*, *billarda*, *bigarda*, *bofordo*, *bohordo*, y en italiano *bagordo*, *bigordo* y *billi* o *billiardo* se escriben con B" (*Colección*, p. 313).

-p-: *abella* (p. 72), *cabra* ou *craba* (p. 75).

Constitúen excepcións a esta regra xeral os casos de *vívora* (p. 96), quizais debida a un descoido, e de *inverno* (p. 83), onde posiblemente Pintos se deixaría levar pola tradición. A aceptable corrección na aplicación deste criterio dentro do vocabulario etimolóxico da *Gaita* contrasta, coma no caso do <h>, cos numerosos casos de vacilación gráfica. Sirvan como exemplos os seguintes: *vran* (pp. 53, 63) / *bran* (pp. 62, 151); *vafa* (p. 23), *vafarme* (p. 34), *desvafe* (p. 10), *vafo* (p. 203) / *abafo* (p. 62), *bafalos* (p. 147); *vizcoitos* (p. 62) / *biscoito* (p. 22); *bermello* (pp. 99, 194) / *vermello* (p. 153); *creva* (p. 53) / *crebada* (p. 64); *cravos* (p. 50) / *craba* (p. 44), *crabando* (p. 153), *crabados* (p. 144); *becho* (p. 44) / *vecho* (p. 44); *asovalla* (p. 199) / *asoballada* (p. 204); *víboras* (p. 23) / *vívora* (p. 96); *bellos* (p. 31) / *vella* (p. 95); *visabós* (p. 20) / *avó* (p. 74); *bulto* (p. 43) / *vulto* (p. 96); *bexa* (p. 156) / *vexas* (p. 15); *proveito* (p. 90) / *probeito* (p. 158); *navo* (p. 31), *basoiras* (p. 30), *veiras* (p. 28), *barre* (p. 16), *ven 'ben'* (pp. 22, 30), *veiral* (p. 49), *povo* (pp. 104, 123), *carabilla* (p. 147), *abogado* (p. 154), etc.

Polo demais, non atopamos en ningunha gramática referencias explícitas ó uso de <b> e <v>. Semella existir, pois, unha especie de acordo tácito para admitir neste punto o criterio que, salvo excepcións, se adoptara para a ortografía do español. Con todo, a presenza de formas como *avó* nas obras de Saco (p. 224) ou de Cuveiro (p. 2) poden interpretarse como indicios da vontade por parte dos seus autores de aplicaren a regra etimolóxica con independencia das excepcións que, por razóns diversas, introducira a

Academia Española<sup>23</sup>. Valladares, en cambio, rompe o que case era unha tradición entre os gramáticos, polo menos con respecto a esta palabra, e gráfaa con <b> tanto nos *Elementos* (pp. 13-14) coma no *Diccionario* (p. 3). Mirás, que por outra parte non se caracterizaba precisamente polo rigor nin pola coherencia interna, escribe <b> e <v> sen criterio aparente. Sirva como mostra a alternancia nas formas que propón para o pretérito perfecto de *andar*, que grafa con <v> na primeira e terceira persoas de singular (*andoven*, *anduvo*) e con <b> nas demais (*andubeches*, *andubemos*, *andubechedes*, *anduberon*). Por outra parte, as formas que dá como correspondencias castelás presentan a mesma alternancia gráfica (p. 33). Polo demais, no breve vocabulario que inclúe na súa obriña apréciase unha marcada tendencia a empregar <b> por <v>, e nunca ó revés: *abó*, *aboa* (p. 39), *bermello* (p. 40), *bixijas* (p. 40), *balo* (p. 40), *carabilla* (p. 41), *crabo* (p. 42), *pabor* (p. 47), *chober* (p. 55), *ferber* (coa correspondencia castelá *herbir*) (p. 55).

A pesar de todo, a primeira referencia directa con relación ó uso de <b> e <v> é bastante tardía. Trátase dunha indicación de dona Emilia Pardo Bazán, que, na recensión xa citada de *Saudades gallegas*, censura a Lamas e a outros escritores por non se suxeitaren á grafía etimolóxica:

Advierto que la palabra *berme*, gusano, derivada del latin *vermis*, se ortografía con *b*: y quisiera saber la causa, si es que la hay. Observo asimismo que la palabra *vagullas*, *vágoas* (lágrimas) que los portugueses ortografían con *b*, y cuya radical segun mi doctísimo amigo el Padre Fita es comun al gallego, al euskaro y al breton, aparece con *v* unas veces, con *b* otras en el tomo, lo cual inspira dudas acerca del verdadero modo de escribirla (p. 137).

<sup>23</sup> Non faltan, con todo, os exemplos en sentido contrario. En Saco temos, entre outros, os casos de *bermello* (p. 250) ou os de *brao*, *brau* (p. 15), estes últimos cun <b> que non autorizan nin o latín nin o castelán. Para estas dúas últimas formas cabe supoñer que Saco se deixou guiar pola norma da ortografía española que impide a combinación <vr>.

O carácter marxinal desta indicación, unha simple observación inserida nun artigo de crítica literaria, non favoreceu que se abrise un debate a fondo, similar ó que anos máis tarde se suscitou, tamén a partir dunha recensión, a propósito do /ʃ/. Polo demais, Lamas, na súa ambigua carta de resposta, xa comentada ó tratarmos do emprego do <h>, tampouco achega materiais dignos de mención.

É en 1888, durante a discusión sobre a representación do /ʃ/, cando se produce a primeira escaramuza entre os partidarios da reforma fonética e os defensores da escrita etimolóxica. En realidade, o debate, que non foi máis alá dun mero intercambio de declaracións, resultou moi limitado e careceu de transcendencia, xa que nel só interviñeron Barreiro Meiro e Martínez Salazar.

Será Barreiro quen dea pé á discusión ó propoñe-lo emprego do <b> como grafía única para representa-lo fonema /b/. Así, tras ironizar sobre o bizantinismo das discusións dalgúns eruditos, entre os que cita a un tal Domínguez, que pretendía que a voz *carballo* debía grafarse con <b> cando era topónimo e con <v> cando funcionaba como substantivo común, engade:

Por fin vienen los míos y acabando de una vez con estas disputas de Bajo imperio puro, y de acuerdo con el uso en este caso, dicen -también mi sistema tiene ventajas- *carballo* y *bran* siempre ("Dos cartas", p. 340).

Deste xeito, Barreiro Meiro destácase como o membro máis radical do bando foneticista, desde o que ninguén o secundou na súa proposta, e anticipa a postura que, andando o tempo, adoptará e aplicará Ribalta.

Fronte a el, Martínez Salazar defende o criterio etimolóxico, que complementa co da harmonización co portugués. Así, no caso concreto da voz *carballo*, xustifica

a utilización do <v> propoñendo un étimo peregrino (*car* 'xunto a' + *vallo* 'val' ou 'valado'). Sen embargo, quizais pouco convencido, e con razón, da súa disparatada hipótese etimolóxica, trata de reforzala argumentando que en portugués esta palabra se escribe con <v><sup>24</sup>. O que non aclara Martínez Salazar é se considera a distribución de <b> e <v> do portugués como modelo só para esta palabra, ou se, pola contra, a cre aplicable para o galego en xeral.

O debate morreu, pois, nada máis comezar. Teremos que esperar ata os escritos de Ribalta para vermos resucitada novamente a cuestión. Co obxectivo prioritario de simplifica-la ortografía ata atinxir unha correspondencia total entre fonemas e letras, Ribalta sitúa entre as reformas máis urxentes a de elimina-lo <v> do alfabeto galego. Paradoxalmente na "Nota sobre reforma da ortografía gallega" nin sequera alude a esta cuestión, se cadra por un simple descoido ou por consideralo demasiado obvio. Si que o fai, en cambio, nos artigos de prensa que cruzou con Barcia Caballero. É aquí onde expón de forma contundente as súas razóns, que se poden reducir a dúas: en primeiro lugar, en galego non ten xustificación o uso do <v> dado que non existe a fricativa labiodental sonora; por outra parte, e como consecuencia disto, a esta alternancia gráfica <b> / <v> débenselle un elevado número de faltas de ortografía:

---

<sup>24</sup> Marsal, "Á uno, á outro y á todos", p. 248: "Me parecería correcto escribir *carballo* con *v* por si pudiera ser ésta una palabra compuesta de *car* (junto á) *vallo* (el vallado) ó junto al valle, y porque los portugueses usan de dicha letra en la misma palabra".

Supresión de la *v*. En el gallego hablado no se pronuncia nunca y es natural que no se pronuncie porque el gallego hablado no tiene el sonido glótico-labidental [sic] de *v*. En cuanto á su empleo escrito en documentos y aun en libros gallegos la anarquía es tal y tan grave, que no hay medio de orientarse en ningún sentido. Perdonen, pues, los señores etimologistas [...], y perdonen los amigos de la complicación ortográfica [...]. Además la *v* es la letra que da lugar á mayor número de faltas de ortografía<sup>25</sup>.

Así e todo, como é ben coñecido, o empeño de Ribalta serviu de ben pouco e novamente a súa proposta de reforma caeu no esquecemento.

---

<sup>25</sup> Aurelio Ribalta, "Por la Ortografía gallega", *El Eco de Santiago*, ano XIV, 06.05.1910, p.1.

## 5. A representación da nasal velar en posición intervocálica

O desenvolvemento dunha nasal velar en *ũa* e os seus derivados, *algũa* e *nihũa* ou *nehũa*, obrigou a que os escritores galegos tivesen que habilitar un signo gráfico para representala. Evidentemente, ningún dos grafemas cos que tradicionalmente se representaban as demais consoantes nasais podían asumir este novo valor. Entre as solucións adoptadas para resolver este problema figura xa desde época antiga o dígrafo <nh>, que, segundo a documentación que manexa Pensado, comeza a estenderse a partir de finais do século XVII. En concreto, este investigador recolle como rexistro máis antigo coñecido as formas *unha*, coa variante gráfica *vnha*, do *Romance Gallego* de Fabián Pardiñas:

La primera mención [de *unha*] que conocemos está en el *Romance Gallego* de Fabián Pardiñas que concurre a las *Fiestas Minervales* de Santiago en 1697 hechas en memoria de Alonso de Fonseca el Grande [...]; también en N. Torrado, cura de Urdilde, se lee la misma forma en sus décimas al Apóstol Santiago [...]. En el Cura de Fruime ya es regular la grafía *unha* y desde entonces se generaliza de modo que ya puede adquirir una cierta tradición<sup>1</sup>.

Sarmiento, pola súa parte, emprega habitualmente e defende a grafía *hum-ha* ou *hum-a*. Analizando a articulación da nasal velar, frei Martín conclúe que é *m* e non *n* o grafema máis axeitado para representala:

---

<sup>1</sup> Pensado, "Estudio preliminar" a Sarmiento, *Colección*, pp. 47-48.



No podemos decir *u-na*, como el castellano, ni *un-a*, por la aspereza de quedar con la boca abierta para la N, y volverla a abrir para la A. Así convertimos la N en M para cerrar la boca y abrirla para la A, por lo que se había de escribir *um-a*, y pronunciar no *u-ma* sino *um-a* (*Colección*, p. 165).

Ademais, Sarmiento xustifica a súa predilección por *hum-ha* atribuíndolle a esta forma unha tradición antiga da que, segundo vimos máis arriba, carecía:

En los instrumentos se halla escrito, y bien, *hum-ha*, aspirando las dos vocales casi como *gum-ga*, pero no con G sino con H muy suave (*Colección*, p. 165).

*Unha* será tamén frecuente nos primeiros textos do XIX, se ben en competencia con outras solucións que non chegaron a callar. Atopamos *unha*, por exemplo, en *A casamenteira*<sup>2</sup>, de Antonio Benito Fandiño, no diálogo *O Tío Farruco*, de Pedro Boado Sánchez, ou na carta anónima dirixida a un liberal e publicada no n. 19 da *Estafeta de Santiago*<sup>3</sup>. Pola contra, outros autores empregan procedementos diferentes. Nas *Proezas de Galicia*, Fernández Neira utiliza polo xeral *ùn-a* (pp. 14, 25, 49) e *algun-a* (pp. 15, 41), coas variantes *algu-a* (p. 44) e *ningu-a* (p. 7), *algunas* (p. 53) *algùn as* (p. 21)<sup>4</sup>. Nos *Rogos*<sup>5</sup>, en cambio, é xeral a solución *ua*.

---

<sup>2</sup> Antonio Benito Fandiño, *Sainete en gallego para cuatro personas, del célebre literato D. Antonio Benito Fandiño. Juguete inédito, hallado entre los papeles de un curioso amigo del autor, y se da a luz para honrar su memoria*, Oficina de D. Juan María Pazos, Ourense, 1849 [1812].

<sup>3</sup> *Estafeta de Santiago*, n. 19 (23.06.1813), pp. 149-150.

<sup>4</sup> Cfr. Ramón Mariño, "Glosario das *Proezas de Galicia*", en *Estudio dos primeiros textos en galego do século XIX, con especial atención ás Proezas de Galicia*, memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago, 1986, s.v. *algun* (p. 92), *ningun* (218) e *un* (pp. 287-288).

<sup>5</sup> [Manuel Pardo de Andrade], *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrírlles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector*, Coruña, En la Caxa Tipográfica del Diario, 1813. Véxanse por exemplo as formas *ua* (pp. 1a, 3a, 3b), *dua* (p. 3a), *nua* (p. 3b).

Nas décadas seguintes as preferencias dos escritores irán decantándose pola solución *unha*. Pintos, por exemplo, utiliza de forma habitual *un-ha*, *algun-ha* e *ningun-ha*, separando o dígrafo cun guión, posiblemente para indicar que a nasal se encontra en posición implosiva. De tódolos xeitos, cómpre recoñecer que esporadicamente atopamos solucións diverxentes, como *ningu-ha* (p. 8), *algu-hna* (p. 36) ou *algunha* (pp. 124, 205). Un caso á parte son as formas *num-ha* (p. 157), *cum-ha* (p. 157), *algun-ha* (p. 157) -en concorrencia con *algun-ha* (p. 159)-, e mesmo *hum-ha* (p. 157), que só se rexistran no poema titulado "Os birbirichos e os birbiricheiros". Tendo en conta ademais que neste poema é maioritaria a forma *hum*, que só aparece ocasionalmente no resto do libro, cabería pensar nunha posible influencia de Sarmiento<sup>6</sup>, a quen Pintos tiña por unha autoridade.

Añón escapa a esta tendencia xeral e escribe normalmente *un-a*. Esta é a forma que atopamos, por exemplo, no poema que presentou ós Xogos Florais de 1861 e que figura no *Album de la Caridad* (pp. 1-4). Pola contra, nas composicións súas que Antonio de la Iglesia recolleu para compoñe-lo "Mosaico poético" que acompaña o *Album* aparece sempre *unha* (pp. 120, 121, 446), forma seguramente debida a unha intervención do editor, pois na edición das súas poesías publicada en 1889 é *un-a* a única forma que atopamos<sup>7</sup>. O gramático Rodríguez Rodríguez, partidario de grafar <nh> e inimigo declarado de guións e apóstrofos, referiríase a esta práctica para censurala:

---

<sup>6</sup> Téñase en conta que, como Pintos, tamén Sarmiento, *Colección*, p. 85, lle dedicou tres das súas coplas a este humilde marisco.

<sup>7</sup> Cfr. Francisco Añón, *Poesías gallegas y castellanas. Prólogo de Victorino Novo y García*, A. Martínez Salazar, editor, A Coruña, 1899.

El poeta Añón escribe este artículo, prescindindo de la *h*, y separando la *n* de la *a* por medio de un guión de enlace: gracias á Dios que este signo desempeña un doble oficio; es á saber, de juntar y separar sílabas! ("Declinación", p. 463 n.)<sup>8</sup>.

Na segunda metade do século será xa practicamente unánime o emprego do dígrafo <nh>, por máis que algún autor aínda adoitase separalo, ó xeito de Pintos, a través dun guión, como fai Rosalía en *Cantares*<sup>9</sup> e en *Follas novas*<sup>10</sup>. Polo demais, nin Curros en *Aires d'a miña terra*, nin Pondal en *Queixumes d'os pinos*, nin Lamas en *Saudades gallegas* utilizan máis ca <nh>.

Así pois, segundo o que levamos dito, a representación da nasal velar en posición medial antevocálica era unha cuestión practicamente resolta de forma espontánea cando se inician os estudos lingüísticos sobre o galego. Deste xeito, tódolos autores propoñen *unha*, *algunha*, *ningunha*<sup>11</sup>, coa única excepción de Mirás, que no seu *Compendio* emprega *un a* alternando con *una*<sup>12</sup>. É lóxico, entón, que, se xa non constituía un problema, as gramáticas non lle dediquen sequera unhas liñas a esta cuestión. En realidade, á parte

---

<sup>8</sup> Cfr. ademais os "Apuntes gramaticales sobre el romance gallego de la *Crónica Troyana*" que preceden a edición desta obra realizada por Martínez Salazar, onde reproduce o mesmo parágrafo (p. 18).

<sup>9</sup> Entre outros exemplos temos *un-ha* (pp. iii -2 veces-, vi), *un-has* (pp. iii, 57), *c'un-ha* (p. 44), *c'un-has* (p. v), *algun-ha* (p. vi), *algun-has* (p. iv), *ningun-ha* (p. x), etc. Ben é certo que tampouco faltan exemplos de *unha* (pp. 2, 18), *nunha* (p. 11), *c'unha* (p. 12), *ningunha* (p. 13), etc. Cito neste caso pola primeira edición. De aquí en diante, a non ser que indique o contrario, citarei sempre pola edición corrixida e aumentada publicada en Madrid en 1872.

<sup>10</sup> En *Follas novas* atopamos, entre outros moitos exemplos, *un-ha* (pp. xxiii, xxvii, 6), *d'un-ha* (pp. xxiii, 7), *un-has* (p. 18), etc. Cito pola primeira edición.

<sup>11</sup> Cfr. Saco, p. 26 (*unha*), p. 60 (*algunha*), p. 61 (*ningunha*); Cuveiro, p. 8 (*unha*); Rodríguez Rodríguez, "Declinación", p. 463 (*unha*), Valladares, p. 27 (*unha*), p. 45 (*algunha*, *ningunha*).

<sup>12</sup> Francisco Mirás, *Compendio*, p. 12, dá como formas femininas do artigo indeterminado *un a* e *un as*. Logo, nos textos, a forma maioritaria *un a* alterna con *una*: *un a* (pp. 64, 65), *nun a* (pp. 61, 64), *aljun as* (p. 57), *unas* (p. 62), etc.

de Rodríguez Rodríguez, é Saco o único que se detén brevemente sobre ela para rexeitar como portuguesismo o uso que Sarmiento fai do <-m> para representa-la nasal implosiva final en voces como *bem*, *sem*, etc. Entre estas palabras o gramático ourensán intercala *algumha*, pois, como veremos máis adiante, considera que a nasal está aquí en posición implosiva<sup>13</sup>.

De feito, o éxito desta convención gráfica foi tal que chegou ata hoxe sen a penas contestación. Houbo algún intento de revisala, como o protagonizado por Ribalta, que, considerando que "o *h* é unha letra ke non soa", propoñía substituí-lo dígrafo por un <n> cun til semellante ó do <ñ>, pero colocado debaixo da letra<sup>14</sup>. Será ocioso dicir que o seu intento non disfrutou precisamente dunha acollida entusiasta e, como case tódalas súas innovacións, fracasou.

Resolto o problema gráfico, a preocupación fundamental, e o motivo de discusión, non será, pois, como representar este fonema en posición interior antevocálica, senón describilo articulatoriamente e determinar se se encontra en posición implosiva ou explosiva.

En contra do parecer de parte da lingüística galega actual, que afirma o carácter explosivo da nasal velar en

---

<sup>13</sup> Saco, p. 227 n.: "No nos parece fundada la *m* que el P. Sarmiento emplea al fin de las palabras, como *bem*, *vim*, *sem*, *algumha*, *com poucos*, por mas que afirme emplear la ortografía usada en antiguos códices. Tal ortografía es mas bien portuguesa que gallega".

<sup>14</sup> Cfr. Aurelio Ribalta, "Nota sobre reforma", pp. 147-148 n., e "Por la ortografía gallega", *El Eco de Santiago*, ano XIV, 06.04.1910, p. 1.

posición interior antevocálica<sup>15</sup>, a opinión máis estendida no século XIX, e en xeral en toda a tradición lingüística galega, é a que pretende que este fonema se encontra en posición implosiva. De feito, o costume gráfico de separa-la vocal final da consoante nasal (*un-a*, *hum-ha*, *un-ha*) non pode interpretarse máis ca como un intento de reflectir na escrita cal é a segmentación silábica considerada correcta.

Esta consideración tradicional do carácter implosivo da nasal velar intervocálica arrinca xa de Sarmiento, quen, tras reflexionar sobre a representación máis axeitada deste fonema, conclúe, segundo acabamos de ver, que en *unha* a nasal forma sílaba, non coa vocal seguinte, senón coa anterior (*Colección*, p. 165). Sobre esta mesma idea volverá a insistir novamente ó se referir ó /e/ paragóxico en palabras rematadas en nasal:

"None, por non. No dicen *no-ne* sino *non-e*" (*Catálogo*, p. 268).

Esta opinión de Sarmiento encontrará eco nas obras dos primeiros gramáticos galegos, que reiteran esta mesma idea. Así, Cuveiro, que escribe *unha* na súa obriña *El habla gallega*, cambia de parecer e, oito anos despois, no seu *Diccionario*, recomenda separa-lo dígrafo cun guión, *un-ha*, e pronuncia-la nasal como parte da primeira sílaba:

*Un-ha* - una: se escribe así y se pronuncia tal como está escrito, pues de otro modo sería como *una* en castellano y no habría diferencia entre esta y aquella (p. 311, s.v. 'un-ha').

---

<sup>15</sup> Así o afirma José-Álvaro Porto Dapena no seu traballo "Fonología de la N velar gallega", publicado na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XXXII (1976), pp. 467-477. Xa algúns anos antes manifestara o mesmo parecer Aníbal Otero, en "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXV, 75 (1970), pp. 70-88: "sigo creyendo que na *n* va unida a la *a*" (p. 88). Por outra parte, esta é tamén a opinión de Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira, *Gramática galega*, Galaxia, Vigo, 1986, p. 33: "Cómpre advertir de que, en contra dunha opinión moi estendida, /ŋ/ en posición intervocálica interior de palabra non é implosivo senón explosivo".

Resulta evidente que para Cuveiro a oposición *una / unha* fundábase na distinta posición que ocupaba a nasal con respecto ó núcleo en cada unha destas dúas palabras. De ser esto así, a oposición alveolar / velar carecería de relevancia fonolóxica.

A impresión de Saco é moi semellante. Como Sarmiento ou como Cuveiro, Saco considera tamén que a nasal está en posición postnuclear:

La *h* de *unha* y sus compuestos *algunha, ningunha*, representa la pequeña aspiración ó esfuerzo que es preciso hacer para impedir que la *n* forme sílaba con la *a*. Dicha *n* suena de un modo semejante á la de las dicciones castellanas *enhebrar, inherente* (p. 26).

Esta identificación da realización do fonema nasal do galego *unha* coa do castelán de *enhebrar* ou *inherente* sorprende a Dámaso Alonso, que recolle a cita de Saco apostilándoa cun signo de admiración<sup>16</sup>. Evidentemente Saco non baseaba a súa apreciación na realización estándar do castelán, senón no resultado habitual no castelán de Galicia<sup>17</sup>.

Por outra parte, tamén Pérez Ballesteros se referiu á realización da nasal de *unha* nunha nota do seu *Cancionero popular gallego*. Non obstante, as súas consideracións carecen de interese xa que Ballesteros, sempre aliñado co mestre ourensán, limítase a reproducir case que literalmente as observacións de Saco:

---

<sup>16</sup> Cfr. Dámaso Alonso, "Gallego-asturiano «engalar» 'volar': casos y resultados de velarización de -N- en el dominio gallego", *Homenaje a Fritz Krüger*, II, Mendoza, 1952, pp. 209-215 (reproducido en *Obras Completas*, vol. I: *Estudios Lingüísticos Peninsulares*, Gredos, Madrid, 1972, pp. 457-464). A referencia está na p. 461 n. desta segunda versión.

<sup>17</sup> Cfr. Porto Dapena, "Fonología", p. 471 n.: "Tratándose de palabras compuestas, el empleo de *n* velar es propio incluso del castellano hablado en Galicia. Por lo general, solamente se observa esa pronunciación cuando a la *n* del prefijo sigue otro elemento que comienza por *h* (así, *inhábil, inhabitado*). La realización velar se debe, quizás, a un influjo de la ortografía".

La *h* de *unha*, *algunha*, *ningunha*, representa la pequeña aspiración que es preciso hacer para impedir que la *n* forme sílaba con la *a*. Hace el oficio del llamado espíritu suave de los griegos, que impedía que la vocal inicial de una palabra se juntase, en la pronunciación, con la letra final de la palabra precedente (i, p. 57).

Esta é, salvo excepcións, a concepción que caracteriza toda a tradición lingüística galega, incluída parte da máis recente. Así, entre os defensores da interpretación clásica figuran autores como García de Diego<sup>18</sup>, Dámaso Alonso<sup>19</sup> ou Carballo Calero<sup>20</sup>.

A única voz discordante da opinión unánime de todos estes estudiosos é a de Rodríguez Rodríguez. Sobre a súa posición con respecto a esta cuestión, que non pode ser máis clara, resulta pouco atinada a observación de Porto Dapena<sup>21</sup>, que recolle só moi parcialmente as palabras que o gramático galego lle dedicou a esta cuestión. Menos afortunado anda nesta ocasión Dámaso Alonso, que o agrupa, unto con Sarmiento, Saco, Cuveiro, etc., entre os defensores do carácter postnuclear deste fonema. Pola contra, Rodríguez Rodríguez rexeita explicitamente a interpretación maioritaria e afirma o carácter prenuclear da nasal:

---

<sup>18</sup> Vicente García de Diego, *Elementos de Gramática Histórica Gallega (Fonética - Morfología)*, Imprenta y Librería Hijos de Santiago Rodríguez, Burgos, 1909 (reproducción facsimilar como Anexo 23 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1884). Segundo don Vicente, "la pronunciación exacta de esta palabra [*unha*] se obtiene juntado la *n* no con la vocal siguiente sino con la anterior y haciendo á esta fuertemente nasal" (p. 106 n.).

<sup>19</sup> Dámaso Alonso, "Gallego-asturiano «engalar»", fai súa a interpretación dos que antes ca el se ocuparon desta cuestión, entre os que cita a Sarmiento, a Rodríguez Rodríguez, a Saco, a Cuveiro, e a García de Diego, e corrobóraa coa súa propia experiencia. A inclusión de Rodríguez Rodríguez non está xustificada, como veremos inmediatamente.

<sup>20</sup> Ricardo Carballo Calero, *Gramática*, pola súa parte, opina que "la *n* mantiene su carácter velar de final de sílaba, nasaliza las vocales en contacto con ella y forma unidad espiratoria con la anterior" (p. 136).

<sup>21</sup> Porto Dapena advirte: "Nótese, por lo demás, que M. R. Rodríguez no alude para nada al carácter postnuclear de la nasal intervocálica, sino que, por el contrario, centra todo el valor distintivo en la pronunciación velar" ("Fonología", p. 469).

La mayoría de los escritores gallegos opinan que el artículo indefinido *unha* se escribe colocando una *h* entre la *n* y la *a*, para indicar que la primera debe formar sílaba con la *u*, y que la segunda forma otra sílaba por sí sola; esto no es exacto, porque no hay regla ortológica, que ordene que una consonante, que se halla entre dos vocales, constituya sílaba con la segunda, pues se opone á las leyes de la *fonación* ("Declinación", p. 463)<sup>22</sup>.

Desbota ademais o paralelismo que Saco establecía coa realización do castelán *enhebrar* e *inherente*, ó considerar que se neste caso a nasal forma parte do prefixo, e describe a articulación do fonema que, a xuízo de Porto Dapena, resulta bastante acertada.

---

<sup>22</sup> Este mesmo parágrafo reproducíoo D. Manuel nos "Apuntes gramaticales", p. 18.



## 6. O emprego do grafema <y>

Nos textos medievais galegos, portugueses e casteláns o fonema /i/ podía aparecer representado a través de tres grafemas, <i>, <j> e <y>, en calquera posición. Con todo, a frecuencia relativa de cada un destes signos gráficos variaba en función da colocación do fonema con respecto ó núcleo silábico. Así, nos textos galegos que estudia Clarinda de Azevedo Maia obsérvase en posición nuclear un neto predominio do grafema <i>, o mesmo ca en posición prenuclear non intervocálica, onde alterna, por esta orde, con <y> e con <j> (nos textos portugueses tamén aparece <h>). En cambio, en posición postnuclear e en posición prenuclear intervocálica é <y> o grafema que rexistra unha maior frecuencia de uso<sup>23</sup>. Na súa edición da *Crónica Troiana*, Ramón Lorenzo rexistra así mesmo a alternancia dos tres grafemas, e sinala <y> como a representación habitual da semiconsoante [j] en posición intervocálica: *poyaes*, *Troya*, *troyãos*, etc<sup>24</sup>.

Os textos españois presentan unha alternancia e distribución semellantes. Así, segundo Manuel Ariza, pode observarse un marcado predominio do <i> como representación da vocal /i/ en núcleo silábico, e de <y> en posición postnuclear. O <j>, que aparece escasamente nas dúas

---

<sup>23</sup> Cfr. Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 421-424. A profesora Maia non se refire á distribución destes grafemas en posición prenuclear intervocálica, pero agrupa exemplos como *mayor* ou *Maya* con outros de ditongos decrecentes como *leyra*, *muytos*, *froytos*, etc.

<sup>24</sup> Cfr. Ramón Lorenzo, *Crónica*, pp. 109-110 e 150.

posicións citadas, parece reservado case exclusivamente para representa-lo /i/ en posición prenuclear<sup>25</sup>.

Esta situación de poligrafía viría a complicarse aínda máis co triunfo das modas cultistas que fixeron proliferar en español e en portugués grafías eruditas, entre elas o <y>, en voces de procedencia grega. Como non sempre era fácil discriminar, estas grafías foron estendéndose por ultracorrección a voces en que a orixe non as xustificaba. O español acometeu a reforma no século XVIII. O *Diccionario de Autoridades* aínda mantivo o uso da grafía <y> en palabras de orixe grega (*symbolo, mártyr, lyra*). Posteriormente a Academia Española eliminaría este uso e prescribiría o emprego de <i> como representación do /i/ en núcleo silábico<sup>26</sup>. Con respecto ó emprego de <y> como representación do fonema /i/ en posición postnuclear, a Academia acabaría por restrinxi-lo seu uso a aquelas palabras rematadas en ditongo decrecente: *hay, ley, rey, estoy, soy, voy, muy, etc.*<sup>27</sup>, prescribindo <i> en posición interior de palabra (*reino, sois, aire*). Esta reforma introduciuse na edición de 1815 da Ortografía<sup>28</sup>. Como é natural, o <y> mantívose como representación da consoante fricativa mediopalatal sonora.

---

<sup>25</sup> Cfr. Manuel Ariza, "Sobre la palatal sonora no rehilada en español antiguo", *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, Universidade de Oviedo, 1978, voi. 2, pp. 1-22, esp. pp. 4-15: "Y no era nunca semiconsonante, ni i, j semivocal; diferenciación que se correspondía con la posición de ambas en el hiato: Y nunca ocupaba la primera posición, ni i, j ocupaba nunca la segunda. Ciertamente es que como núcleo silábico -aunque predominaba abrumadoramente i- podían alternar Y, i sin que, al parecer, hubiese ninguna diferenciación en su empleo, pero ello no es más que una de tantas vacilaciones medievales asignificativas, como la de c y ç, etc" (p. 14).

<sup>26</sup> Cfr. Lapesa, *Historia*, pp. 422-423.

<sup>27</sup> Cfr. RAE, *Esbozo*, p. 121.

<sup>28</sup> Cfr. Bello, "Indicaciones", p. 801.

Algo máis serodia foi a modernización da ortografía portuguesa, que seguiu a emprega-las grafías eruditas durante todo o século XIX. Sería a reforma de 1911 a que suprimiría o uso do <y>, usado ata entón para representa-lo ípsilon en voces de procedencia grega. Os reformadores, con Gonçálvez Viana á cabeza, avogarán pola eliminación definitiva deste grafema, que consideran, xunto co <k> e co <w>, un signo gráfico superfluo. Xa que logo, propoñen a súa proscrición tanto en palabras de orixe grega<sup>29</sup>, coma noutras de procedencia distinta, onde o <y> se usaba para representa-la realización do fonema /i/ na marxe silábica. Este último uso, un vestixio da antiga ortografía portuguesa que xa desaconsellaba en 1576 Duarte Nunes de Leão na súa *Orthographia da Lingoa Portuguesa*<sup>30</sup>, era moi pouco frecuente por volta de principios do século XX, conforme recoñece Gonçálvez Viana, pero aínda pervivía na representación da semiconsoante [j] en posición intervocálica nalgunhas palabras:

Valendo por *i* consoante entre vogais ainda vemos y empregado em alguns nomes próprios, como *Arroyos, Foya, Fayal*, e no apelativo *alfayate*. Em tal situação deve êle ser igualmente substituído por *i*, pois a queremos, imitando os espanhóis, dar-lhe essa aplicação, teríamos de alterar a escrita de milhares de vocábulos e de formas gramaticais, como *mayo, joya, sayote, ensayar, creya*, etc., o que ninguém, de certo, aceitaria (*Ortografia Nacional*, p. 86).

Finalmente, a supresión do <y> figuraría na proposta sancionada polo goberno portugués en 1911.

<sup>29</sup> Gonçálvez Viana, *Ortografía Nacional*, p. 17: "Proscrición absoluta e incondicional de todos os símbolos de etimoloxía grega, *th, ph, ch (=k), rh* e *y*". Carolina Michaëlis de Vasconcelos, "A ortografía nacional", p. 114: "Proscrición do *y-grego*, com valor da vogal *i*".

<sup>30</sup> Cfr. Duarte Nunes de Leão, *Ortografia e origem da língua portuguesa*: "Mas assim os Espanhóis, como os Franceses usam dela mal, porque indistintamente se aproveitam dela, em lugar de *i* vogal, em vocábulos originalmente latinos ou próprios da língua espanhola e francesa, que não podem ter aquela letra [...]. Pelo que fique por regra, que toda a dicção escrevamos por *i* latino, tirando os vocábulos gregos, em que entra *y* porque da mesma maneira os escreveremos" (pp. 77-80).

Da análise dos textos galegos non se deduce que existise unha práctica coherente e sistemática. Pola contra, semella que neste punto coma noutros reinaba unha certa arbitrariedade. Non obstante, cómpre distingui-la representación do fonema /i/ nos ditongos decrecentes en posición final de palabra da representación da realización semiconsonántica deste mesmo fonema ben en posición intervocálica interior de palabra, ben en posición inicial, mais intervocálica por fonética sintáctica. Refírome neste último caso á representación do iode antihiático que se introduce para evita-la crase entre o /a/ final dunha palabra e o inicial da seguinte, en sintagmas como *a alma* ou *a auga*.

En realidade, onde a vacilación na representación de /i/ adquire caracteres verdadeiramente significativos é no primeiro dos dous contextos considerados, isto é, en ditongos decrecentes situados en posición final de palabra. Tampouco creo que se poida falar dunha tendencia xeral, xa que a frecuencia relativa dos grafemas <y> e <i> non é nin moito menos a mesma en tódolos autores. Así, na *Gaita gallega* Pintos semella mostrar certa predilección polo <y>, se ben este grafema alterna frecuentemente con <i>, que está tamén moi representado: *hay* (pp. 10, 31, 32, 36, 37, 40, 43, 51, 141, 143), *fay* (p. 173), *ay* (pp. 27, 161), *ley* (pp. 63, 141, 143, 204), *vay* (pp. 173, 174), *formarey* (p. 18), *boy* (p. 29), *muy* (pp. 23, 28, 40, 49, 56, 60, 62, 139), etc.; pero *fai* (pp. 150, 177), *nai* (pp. 55, 58, 161), *pai* (p. 161), *vai* (p. 180), *lei* (p. 84), *rei* (p. 92), *boi* (pp. 23, 41), *foi* (p. 139), *mui* (pp. 37, 43, 44, 50), etc. Tamén en Rosalía está bastante equilibrado o emprego de <y> e de <i> nesta posición. Así, en *Cantares* lemos *ay* (pp. 18, 60, 68), *biquey* (p. 81), *criey* (p. 79), *darey* (p. 105), *ey* (p. 100), *fay* (p. 85), *foy* (pp. vii, x, 104), *hay* (pp. viii, 14, 36,

37, 39, 45, 72), *irey* (pp. 23, 90), *nay* (pp. 88, 101), *pay* (pp. 77, 81, 88), *prantey* (p. 79), *vay* (pp. 62, 63, 96), etc.; pero *amei* (p. 80), *atravesei* (p. vii), *cai* (p. vii), *darei* (p. 2), *direi* (p. viii), *ei* (pp. 1, 6, 7, 21, 47), *prantei* (p. 81), *sei* (pp. 12, 79, 96), *visitei* (p. vii), etc. En *Follas novas* non se aprecia cambio significativo ningún: *ay* (pp. xxiv, xxv, 11, 44, 48, 74), *berrey* (p. 57), *foy* (pp. xxviii, 73), *hay* (pp. 3, 9, 12, 27, 37, 40, 41, 42, 53, 67, 71), *hey* (p. 9), *morey* (p. 57), *moy* (p. 12), *nay* (pp. xxvii, 44), *pilley* (p. 58), *quedey* (p. 57), *recey* (p. 31), *sey* (pp. 25, 26), *tendrey* (p. xxv), *tentey* (pp. xxv, xxvii), *terey* (p. 65), *vay* (pp. xxv, 28, 32, 35, 50, 65), etc.; sen embargo, *acertei* (p. xxvii), *atrai* (p. 18), *busquei* (p. 34), *cai* (pp. 30, 61), *estarei* (p. 12), *fai* (p. 25), *pai* (p. xxvi), *rondei* (p. 58), *sai* (p. 5), *sei* (pp. 3, 10, 19, 65), *terei* (p. 3), *vai* (pp. xxv, 15, 29), etc.

Pola contra, en *Saudades gallegas* de Lamas Carvajal, aínda que hai presenza de formas con <y>, é maioritario o emprego do <i> nesta posición: *axexei* (p. 42), *berrei* (p. 43), *cheguei* (p. 41), *chorei* (p. 5), *ei* (p. 24), *foi* (pp. 3, 5, 12, 45), *nai* (pp. 2, 8, 20, 23, 40), *pai* (p. 18), *pensei* (p. 8), *perguntei* (p. 53), *pousei* (p. 45), *rei* (p. 24), *retornei* (p. 40), *sai* (pp. 33, 34), *saquei* (pp. 7), *sei* (pp. 5, 23, 34), *tei* (p. 24), *tentei* (p. 43), *toleei* (p. 43), *vai* (pp. 7, 18, 19, 20, 30, 33, 34), etc.; fronte a *ay* (pp. 17, 18, 38, 48), *foy* (p. 8), *hay* (pp. 13, 15, 30, 33), *muy* (pp. 2, 9, 38, 44), *vay* (p. 46), etc.

Fronte a esta falta de acordo, a representación da semiconsoante [j] en posición intervocálica non ofrece ningún problema, pois neste contexto é practicamente constante o emprego de <y>. O mesmo sucede coa representación da realización antevocálica da conxunción

copulativa *e*, grafada case que sempre como *y*. Así, ó contrario do que acontecía no caso anterior, en que a grafía variaba de autor a autor, neste podemos afirmar que a coincidencia entre os escritores é máis que notable. Na *Gaita gallega* <i> só aparece nesta posición en contadas ocasións: *doian* (p. 49). Pola contra, <y> preséntase como a solución habitual: *vaya* (pp. 23, 29, 53), *vayan* (p. 158), *joya* (pp. 27, 56), *aboyan* (p. 56), *sayas* (p. 42), *faya* (p. 80), *moyo* (p. 86), *raya* (p. 91), *rayo* (p. 91), *sayo* (p. 93), *froyas* (p. 145), *gandayas* (p. 42), *truyen* (p. 27), *truyeron* (p. 29), *alboyos* (p. 145), *alcayoto* (p. 54), *rayos* (p. 181), *mayúsculas* (p. 137). Unha situación semellante pode percibirse nas obras de Rosalía, onde fronte a casos illados coma o de *deseios* (*Follas*, p. 20), en *Cantares gallegos* atopamos á *yalma* (p. 93), *cheya* (pp. 101, 105), *cheyas* (p. iii), *cheyos* (p. viii), *distraya* (p. vii), *doyo* (p. 59), *feyo* (p. vi), *mayor* (pp. iii, x), *Noya* (p. 37), *oya* (p. 62), *oye* (p. 39), *oyo* (p. 59), *rayas* (p. 36), *rayo* (pp. iii, iv, 35), *rayos* (pp. 43, 104), *sayas* (p. 35), *saye* (p. 23), *sayen* (p. 45), *seyo* (p. 35), *soya* (p. 62, 89), *soyo* (p. 102), *vaya* (pp. 114, 115), *xoya* (pp. 106, 126), etc.; e en *Follas novas*, entre outros casos, *a yalba* (p. 49), *á yalma* (pp. 74, 76), *á yaugua* (p. 53), *cayades* (p. 35), *da yalma* (p. 20), *deseyos* (pp. 45, 54), *epopeya* (p. xxvii), *layada* (p. xxvi), *mayo* (pp. 37, 64, 66), *mayor* (pp. xxiii), *prayas* (p. xxviii), *rayar* (p. 47), *rayo* (pp. 30, 65, 72, 74), *rayos* (pp. 29, 32, 62), *soya* (pp. xxvi, xxvii, 14, 23, 34, 77), *soyas* (p. xxvi), *soye* (p. xxv), *soyo* (pp. xxiv, xxv, 10, 16, 31, 36, 37, 55, 73, 76), *vaya* (pp. xxiii, 7), *vayan* (p. xxiii), *vayás* (p. 15), etc. Tamén sucede o mesmo en *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez<sup>31</sup>, que emprega case sempre

<sup>31</sup> A non ser que se indique o contrario cito sempre pola terceira edición, publicada por Latorre y Martínez, Editores, A Coruña, 1886.

<y>: *a tua y-alma* (p. 25), *ceyo* (p. 30), *oyo* (p. 17), *poyo* (p. 15), *rayo* (p. 22), *rayos* (pp. 2, 24), *xoyas* (p. 11), etc., con algunha excepción contada: *praia* (p. 9); ou en *Saudades gallegas*, de Lamas Carvajal: *Arnoya* (p. 35), *coyos* (p. 11), *leyal* (p. 8), *mayo* (p. 35), *oye* (p. 31), *salayos* (p. 40), *sayas* (p. 6), *xoya* (p. 37).

As aparicións de <y> para representa-la realización vocálica de /i/ en núcleo silábico son meramente anecdóticas. Pódense citar como exemplo os casos de *ygrexa* (pp. 24, 25, 28) que aparecen en *Cantares gallegos* (1863), alternando, por outra parte, con *igrexinha* (p. 57) ou *igrexia* (p. 62).

A única tentativa de racionalizar e sistematiza-lo uso destes dous grafemas procede de Saco, que lle dedica a esta cuestión un parágrafo do capítulo correspondente á ortografía (pp. 226-227).

Do mesmo xeito que parte da fonética actual, Saco distingue unha realización semivocálica do fonema /i/ na rama descendente da sílaba, o que el chama 'vocal i', e unha realización semiconsonántica na rama ascendente, 'consoante y', segundo a súa terminoloxía. En realidade Saco equipara baixo a etiqueta de 'vocal i' a realización de /i/ en núcleo silábico coa realización en posición postnuclear. Con 'consoante y' parece referirse exclusivamente, aínda que a verdade é que non o aclara, á realización do /i/ prenuclear intervocálico. Fiel a esta distinción fonética, recomenda diferenciar graficamente unha realización da outra, grafando <i> só cando "el sonido que se quiere representar, sea vocal y no consonante. Así lo hemos hecho siempre en este libro, escribiendo, por ejemplo: *fai, vai, hai, hei.*" (p. 226). O <y>, pola súa parte, reservaríase

para representa-la realización semiconsonántica intervocálica, interior ou por fonética sintáctica, así como a realización antevocálica da conxunción copulativa <sup>e</sup><sup>32</sup>:

La forma y solo se emplea para evitar el hiato, cuando sigue palabra que empieza por vocal: debiendo advertirse que dicha y no es vocal, sino consonante que se incorpora en la pronunciación y en la escritura y forma sílaba con la vocal inicial de la dición siguiente (p. 208).

Unha vez máis, as razóns con que Saco xustifica a súa posición constitúen unha boa mostra das súas ideas sobre os principios que deben rexe-la fixación da ortografía galega. Deste xeito, avoga por un emprego racional e sistemático dos signos gráficos, para o que debe evitarse que un mesmo signo poida asumir varios valores, e, ó revés, que unha mesma unidade fonolóxica poida aparecer representada por máis de un signo gráfico. Por iso non é estraño que o erudito ourensán, que, en contra do que a fonoloxía actual nos demostra, ve nestas realizacións dúas unidades diferenciadas, propoña distinguilas tamén graficamente de forma sistemática. Con isto o galego escrito gañará en racionalidade e, ó mesmo tempo, en simplicidade:

Evitar la confusion que se sigue de haber dos signos para el sonido vocal de la *i*, y de atribuir á un mismo signo, la *y*, el doble valor de vocal y consonante (p. 226).

Por outra parte, Saco reitera tamén a necesidade de que o sistema ortográfico dunha lingua deba estar concibido desde o propio idioma e para satisfice-las súas necesidades. Dito doutro xeito, non é admisible reproducir mimeticamente hábitos gráficos que poden ter razón de ser noutras linguas, pero que non dan resposta ás necesidades da lingua galega.

---

<sup>32</sup> Este é o mesmo criterio de emprego que defende Couceiro Freixomil no seu artigo "A nosa ortografía. De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras", *Nós* 25 (1926), p. 7.



Non ten sentido, pois, grafar con <y> en galego o /i/ dos ditongos decrecentes en final de palabra, pois esta regra está pensada para o castelán, que forma o plural destas palabras en *reyes, leyes, bueyes*, etc. En galego, en cambio, estas palabras, "siguiendo la ortografía de la Academia para el castellano, tendrían que escribirse con *y* griega en singular, é *i* latina en plural, sin que tal uso se funde en ninguna razón ostensible en nuestro dialecto" (pp. 226-227).

As propostas de Saco tiveron unha fortuna diversa. Por exemplo, Pérez Ballesteros, sempre disposto a segui-las indicacións do mestre, non só tratou de aplicalas na súa obra, senón que se dedicou a facer propaganda activa delas. Así, nunha nota do seu *Cancionero popular gallego* advirte:

El colector ha cuidado de no usar la consonante *y* en lugar de la vocal *i*. De esta suerte se evita tener dos signos para un solo sonido, y se consigue uniformar la escritura evitando, por ejemplo, que en el singular se diga *pay, nay* y en el plural *pais, nais* (I, p. 32 n.).

No seu artigo xa citado "Indicaciones acerca de la Prosodia y Ortografía gallegas" recolle de novo os argumentos de Saco e condena o uso do <y> neste contexto por consideralo unha influencia inadmisíbel da ortografía do español:

No vemos que haya necesidad de conservar la *y* *consonante* haciendo oficio de letra *vocal*; sin duda por imitar, indebidamente, á la Academia Española (p. 383).

Anos máis tarde Ballesteros volverá a referirse novamente ó emprego do <y>, para reitera-la súa opinión e proscribi-lo seu emprego nos ditongos decrecentes:

A Y consonante ou griega,  
que vocal non é, coneces;  
por eso «coma quen frega»  
en ¡áis! nin en pai a ofreces

en honra â fala gallega<sup>33</sup>.

Polo demais, sempre conforme co preceptuado por Saco, si que emprega o *y* para representa-lo iode antihiático:

*Pasa a y-auga.* La *y* interpuesta sirve para interrumpir el hiato y favorecer la eufonía (*Cancionero*, I, p. 34)

Las vocales largas no se prestan, por su doble valor, á ser elididas cuando se pretende evitar el *hiato*, y en tal caso es frecuente sustituir el apóstrofo por una consonante eufónica como la *n* ó la *y*" (*Cancionero* II, p. 307).

Se o caso de Pérez Ballesteros é un bo exemplo do ascendente que Saco puido exercer sobre algúns escritores, Curros Enríquez, que noutras ocasións se declara admirador do seu paisano, representa a resistencia recalcitrante doutros moitos que, reacios a renunciaren a uns hábitos gráficos irracionais e arbitrarios, continuaron empregando o seu propio sistema sen atenderen a razóns e escudándose ás veces en argumentacións peregrinas. A posición de Curros con respecto a esta cuestión coñecémola a través dunha súa carta privada dirixida a don Andrés Martínez Salazar<sup>34</sup>. Na misiva, datada en Madrid o 4 de abril de 1887, Curros acusa recibo do *Cancionero* de Pérez Ballesteros e manifesta o seu agrado ó ver que "el autor se halla conforme en todo con la ortografía de mi ilustre maestro Saco" (p. 101). Pero, a continuación, formula algunha obxección tocante ó emprego dos grafemas <i> e <y>:

Yo difiero de Saco únicamente en que no acepto como él en absoluto el empleo de la *i* latina, sino que la circunscribo a aquellos casos en que suena como vocal. A final de vocablo, su empleo me parece herético (pp. 101-102).

---

<sup>33</sup> J. Pérez Ballesteros, "Unha opinión sobre prosódea e ortografía gallegas", en *Galicia. Revista Quincenal Ilustrada*, III, n. 1 (01.01.1908), p. 5.

<sup>34</sup> Cfr. Alonso, *Constitución*, pp. 101-103.

O grave, con todo, non é a discrepancia, senón os argumentos, ou a falta de argumentos, en que esta se basea. Porque se Curros defende o uso do <y> faino máis por razóns sentimentais ou miméticas que por razóns lingüísticas, por máis que apele á profunda influencia que a lingua grega exerceu sobre a galega<sup>35</sup>. Para el, sería inxusto "proscribir por completo el elemento helénico de nuestro idioma, aunque sólo sea porque este elemento es anterior, históricamente considerado, al romano" (p. 102). Estas afirmacións sobre as supostas relacións de parentesco entre o grego e o galego son moeda de uso corrente na época, e sen dúbida, deben moito da súa popularidade ás opinións nese sentido de moitos estudiosos, algúns deles de tanto prestixio como o propio Saco.

Así pois, Curros proclama o seu dereito de simultanea-lo uso de <y> e de <i> como medio de tributar homenaxe a gregos e romanos e de expresárlle-la súa gratitude a "las razas sojuzgadas en Galicia por Roma" (p. 102). O chocante é que remate a súa exposición de motivos cunha chamada ós eruditos do país para "dar unidad a nuestra lengua, empleando voces corrientes en unas y otras latitudes y creando una ortografía racional, no sistemática y exclusivista" (p. 102; o subliñado é meu).

Non obstante, a pesar da súa rotundidade, as súas obras revelan un emprego vacilante e contradictorio, debido quizais a cambios de parecer ou a intervencións dos editores. Así, na primeira edición de *Aires d'a miña terra*, salvo unhas poucas excepcións como *hay* (p. 29), podemos

---

<sup>35</sup> Entre estas relacións Curros destaca a semellanza dos ditongos gregos cos galegos, que xa sinalara Saco (p. 16). Curros vai aínda máis alá ó atreverse a equipara-la pronuncia galega coa grega: "Un latino, leyendo la palabra *boína* leerá o pronunciará siempre *boína*: un griego y un gallego siempre leerán y pronunciarán *bóyna*" (p. 102).

dicir que é constante e sistemático o emprego de <i> en ditongos decrecentes en final de palabra: *ai* (p. 19), *anunciarei* (p. 5), *cai* (pp. 8, 22), *fai* (pp. 20, 22), *farei* (p. 25), *fiai* (p. 17), *foi* (pp. 11, 25), *hai* (pp. 10, 11, 12, 15, 18, 20, 25, 27), *hei* (pp. 8, 21), *lei* (pp. 2, 31), *levarei* (p. 5), *mirai* (p. 27), *moi* (pp. 24, 26), *nai* (p. 3), *ofercerei* (p. 5), *rei* (pp. 4, 13), *sai* (pp. 9, 21), *sei* (pp. 9, 17, 25, 31), *serei* (p. 25), *vai* (pp. 9, 20, 28, 30), etc. Non obstante, tal e como indica atinadamente Alonso Montero<sup>36</sup>, a proporción invértese na terceira edición, publicada en 1886 na Biblioteca Gallega de Martínez Salazar. Nela é <y> a grafía maioritaria: *anunciarey* (p. 6), *ay* (p. 17), *cay* (pp. 8, 19), *farey* (p. 22), *fay* (pp. 18, 19), *fiay* (p. 15), *foy* (p. 22), *hay* (pp. 10, 11, 12, 14, 16, 17, 21), *hey* (pp. 8, 18), *levarey* (p. 6), *ley* (pp. 4, 26), *miray* (p. 23), *moy* (pp. 20, 22), *nay* (p. 5), *ofercerey* (p. 6), *rey* (pp. 5, 12), *say* (pp. 9, 18), *serey* (p. 22), *sey* (pp. 9, 15, 21, 26), *vay* (pp. 18, 24, 25), etc., fronte a *foi* (p. 10), *hai* (p. 23), *vai* (p. 9) e algún caso máis. Ademais, Curros estende este uso a algúns ditongos decrecentes en posición interior, e non só cando se trata de formas verbais en ditongo cun pronome enclítico: *dayme* (p. 9), *mirayna* (p. 19), *perdonayme* (p. 9), senón tamén en palabras como *primaveyra* (p. 9). Esta mesma vacilación, aínda que en sentido contrario, constátaa Alonso Montero ó confronta-las versións manuscrita e impresa de *O Divino Sainete*: mentres que no texto autógrafo da obra aparece sempre <y>, na primeira edición este grafema aparece substituído por <i><sup>37</sup>.

---

<sup>36</sup> Cfr. Alonso Montero, *Constitución*, p. 112, n. 10.

<sup>37</sup> Cfr. Alonso Montero, "Situando *O Divino Sainete*", en Manuel Curros Enríquez, *O Divino Sainete*, Edición do Castro, A Coruña, 1969, p. 25. Vid. tamén o capítulo "Variantes do texto autógrafo", p. 129, e Alonso, *Constitución*, p. 112, n. 10.

## 7. O sistema de acentuación gráfica e as vocais de abertura media

As gramáticas dedican en xeral pouco espacio a comentar-lo sistema de acentuación gráfica. A maioría das referencias, normalmente ligadas á descrición do sistema vocálico, son para insistir sobre a necesidade de distinguir graficamente as vocais medio abertas e as medio pechadas. As máis das veces, estas indicacións limítanse a consignar algún que outro caso particular de parellas de homógrafos que esixen o emprego dalgún tipo de sinal diacrítico. De tódolos xeitos, fóra destes exemplos puntuais, pódese dicir que non hai ningunha tentativa completa e coherente de explica-lo criterio empregado para a utilización do ou dos acentos gráficos. Ora ben, dos exemplos e dalgunhas informacións fragmentarias podemos, se non reconstruír de forma completa o sistema que utilizaban, isto supoñendo que utilizasen algún 'sistema', polo menos si deduci-la súa fonte de inspiración e os obxectivos que perseguía.

No caso do galego, a necesidade de que o sistema adoptado permitise identificar sempre a sílaba tónica levaba aparellada outra, prioritaria para algúns e secundaria para outros, a de indica-lo timbre da vocal tónica cando esta era unha vocal de abertura media. Para a primeira finalidade abondaría con adaptar ás peculiaridades da lingua galega algún dos sistemas empregados nas linguas veciñas. Para a segunda, en cambio, precisábase crear un sistema 'á francesa', que obrigaría a un uso pouco económico de acentos

gráficos. Diante disto, os máis dos gramáticos intentan concilia-la necesidade de racionalizar no posible o emprego de acentos coa de indica-lo timbre da vocal tónica.

A este respecto, a postura máis extrema é a de Valladares, que utiliza un sistema certamente complexo no que prima a decisión de indica-lo timbre da vocal tónica de abertura media. Así, dependendo de cal sexa esta caben dúas posibilidades. En primeiro lugar, se se trata dunha vocal de abertura mínima /i, u/ ou da vocal de abertura máxima /a/, Valladares utiliza o acento agudo cun criterio semellante ó da ortografía española. En segundo lugar, cando a vocal tónica é unha vocal de abertura media, o noso gramático inclínase por acentualala sempre, calquera que sexa a posición relativa que ocupe a súa sílaba, ben cun acento agudo cando a vocal é pechada, ben cun grave cando é aberta (*Elementos*, pp. 12-14): *cègo*, *dèngue*, *è*, *fènto*, *garèla*, *rèxime*, *abò*, *còrvo*, *chòro* / *bébedo*, *cédo*, *sén* (prep.), *cóto*, *abó*, *outóno*, etc.

A súa vontade de indicar en tódolos casos o timbre das vocais lévaio mesmo a acentuar nalgúns casos as vocais átonas de abertura media, co que ás veces nunha mesma palabra conviven dous acentos gráficos, un para marca-la vocal tónica, que pode ser agudo ou grave no caso das vocais medias, e outro que indica o timbre dunha vocal átona: *sóubèra* (p. 75), *òíramos* (p. 86), *óuíramos* (p. 86). De tódolos xeitos, esquecese con frecuencia de aplica-las súas regras e non acentúa polo común as vocais tónicas medio pechadas. Por citar só uns poucos exemplos: *abella*, *ferrollo*, *coello*, *coenllo*, *consello*, *espello*, *guedella*, *orella*, *ovella*, *piollo*, etc. (p. 23). Esta possibilidade de non acentua-la vocal tónica medio pechada xa a admitía en "Escritura gallega", un artigo anterior ós *Elementos*:

La letra o puede ser abierta ó cerrada. Si lo primero, llevará el acento grave; y, si lo segundo, ninguno, ó cuando más el agudo ("Escritura gallega", p. 269).

Máis sistemático, aínda que sen chegar a ser plenamente regular, é o emprego do acento grave para indica-lo timbre aberto das vocais de abertura media.

Por outra parte, o propio Valladares recoñece as limitacións do seu propio sistema e as dificultades para que chegue a impoñerse. Así, aludindo a procesos de alteración do vocalismo átono como a metafonía ou o influxo de nasal trabando sílaba sobre a vocal tónica de abertura media, indica:

Ocurrirá y ocurre desde luego que las vocales que se pronuncian abiertas en unas localidades, en otras se pronuncian cerradas y al contrario. Dificultad grande es esta que tarde, ó nunca, se vencerá; pero menos mal, si, conformes los escritores en los acentos que atrás dejamos señalados, aplican el circunflejo á la vocal de los dativos y acusativos de los nombres; el grave á las vocales que pronuncien abiertas, y el agudo á las cerradas y preposición á (*Elementos*, p. 16)<sup>1</sup>.

Saco, pola súa parte, móstrase bastante menos radical ca Valladares. No sistema que propón, o ourensán concédelle preeminencia á simplicidade e á economía de signos gráficos, dous requisitos que antepón á conveniencia de sinala-lo timbre das tónicas de abertura media. Cómpre aclarar, non obstante, o que, nunha interpretación apresurada dalgúns parágrafos da súa *Gramática*, podería parecer unha proposta de corte similar á de Valladares. Refírome en concreto á utilización que fai de acentos circunflexos e graves para marcar respectivamente as vocais abertas e pechadas no breve parágrafo en que trata desta oposición de timbre (p. 17).

<sup>1</sup> Unha indicación similar atopámola en Pérez Ballesteros, que recomenda tamén utilizar acentos graves e agudos para indica-lo timbre das vocais tónicas de abertura media. Na súa opinión, o uso destes sinais gráficos deberá variar "según los subdialectos; pues la é cerrada de los unos es é abierta en los otros" ("Indicaciones", p. 383).

Algo semellante sucede cando sinala a existencia desta mesma oposición entre as vocais tónicas das formas de terceira persoa de singular do presente de indicativo e de segunda persoa, tamén de singular, do imperativo dalgúns verbos da segunda conxugación: *el fênde / fènde ti, el côme / còme ti* (p. 79). Na miña opinión, o uso de tiles distintos nestes casos é un simple procedemento gráfico para aclaralos exemplos aducidos, e de ningún xeito debe interpretarse como unha proposta para o seu emprego sistemático na escrita. De feito, en todo o resto da súa obra Saco nunha volverá a utilizar este procedemento.

Sen embargo, contra o final da *Gramática* (pp. 229-230) Saco volve a considerar novamente o emprego de dous tipos distintos de til, esta vez o agudo e o circunflexo, pero cunha función ben diferente á anteriormente comentada. Neste caso, o til circunflexo tería como misión "denotar la pronunciación abierta de las vocales, especialmente en sílabas que han sufrido apóstrofo ó contracción" (p. 229). Ora ben, na práctica o ourensán utiliza o circunflexo exclusivamente para marca-la vocal que é resultado da crase de dúas vocais independentemente de cales sexan estas: *ô, â, cãs, trãs, vês* (p. 229), *têr, vîr, pôr* (p. 92). Polo demais, esta práctica tampouco é constante, xa que son moitos os casos en que acentúa con til agudo ou en que simplemente non acentúa vocais que teñen unha orixe similar a aquelas. Deste xeito, mentes que nunhas ocasións escribe *têr, vîr, pôr* (p. 92), noutras presenta *crer, ler, ver* (p. 104), etc.

Fóra deste uso do acento circunflexo, que se limita a uns poucos monosílabos tónicos, no sistema que Saco adopta non se contempla a utilización de sinais distintos para distingui-lo timbre da vocal tónica de abertura media. Deste xeito, en contra da interpretación de Valladares, que



erroneamente pensa que Saco propugna o uso do acento circunflexo sobre tódalas vocais medio pechadas<sup>2</sup>, o gramático ourensán non usa máis có agudo. O criterio de utilización pódese deducir dos exemplos, e particularmente dos que cita ó clasifica-los distintos tipos de palabra segundo a sílaba sobre a que recaía o acento (pp. 223-225). De acordo con isto as palabras poden ser de catro tipos:

1.- Palabras agudas. Dos exemplos dedúcese que a súa opinión era a de que había que acentualas graficamente cando rematasen en vocal (*hirmá, ehí, eiquí, amistá, piedá, avó, ulló, mañá*), e non cando o fixesen en consoante (*pirifol, culler*), a excepción das rematadas en -s, que si se acentuarían graficamente: *hirmás, relós, verdás, mercés* (p. 31). As rematadas en -n, de acordo co que daquela era o uso habitual en castelán, aparecen sen acentuar: *nugallan, lacazan, bergallan, langran, argallan* (p. 35). O mesmo sucede coas rematadas en -ns: *calzons, boletins* (p. 32).

2.- Palabras "semi-agudas", en realidade agudas rematadas en ditongo "acentuado en su primera vocal", ou sexa, decrecente. Segundo se deduce dos exemplos, Saco decide acentualos sempre: *pituréi, matéi, matóu, pidíu, batéu, pardáu*, etc. (p. 224). Así e todo, tampouco faltan os exemplos onde estas palabras aparecen sen acentuar: *hirmau, cormau, marrau* (p. 35), *pardau, piturei* (p. 28), etc.

3. Palabras "comunes" ou graves. Os exemplos non permiten tirar conclusións, pero, se considerámo-los que aparecen no resto da obra, podemos inferir que a norma xeral era semellante á actual.

<sup>2</sup> Cfr. Valladares, *Elementos*, p. 13 n.: "El señor Saco-Arce prefiere el acento circunflejo para todas las vocales abiertas [...]; de admitir el circunflejo en toda ò abierta, fuera del dativo y acusativo, complicaríamos y hasta desluciríamos la escritura. Ejemplos: *Mêquétrêfe; prôpôñér; pôspôñér; quêcér; vêllete &*".

4. Palabras "semi-esdrújulas", que son "aquellas voces que terminan en diptongo no acentuado" (p. 224). En realidade trátase de palabras graves rematadas en ditongo crecente. As voces que cita como exemplo aparecen acentuadas: *vímbio*, *léria*, *nácea*<sup>3</sup>. Así sucede tamén no resto da obra, onde esta é a tendencia xeral: *léndia*, *códia*, *égua* (p. 15), *váguas*, *chúvia*, *vímbio*, *récua* (p. 17), etc., por máis que tamén haxa exemplos en sentido contrario: *dentamia*, *versamia*, *mouramia* (p. 44).

5. Palabras esdrúxulas. Acentúanse sempre.

Polo demais, con respecto ás vocais /i/ e /u/ tónicas en hiato, o habitual é non acentualas: *miudo* (p. 15), *duas* (39), *tua*, *sua* (p. 63), *falaria* (p. 69), *batia* (p. 70), *bateria* (p. 71), *pidia* (p. 72), *pidiria* (p. 73), *oin*, *oiche* (p. 99), *oia* (p. 99), etc. Esporadicamente podemos atopar algunha excepción ocasional: *saúde* (p. 29).

Na mesma liña de Saco inscríbese Manuel R. Rodríguez, que vai aínda máis alá có ourensán no seu propósito de simplifica-la ortografía. Así, se Saco renuncia en parte á simplicidade por sinalar que unha vocal é o resultado dunha contracción, Rodríguez Rodríguez non fai ningún tipo de concesión e rexeita a complicación dos sistemas de acentuación gráfica que pretenden distingui-las vocais abertas das pechadas:

---

<sup>3</sup> *Nácea* non remata en ditongo decrecente. Sen embargo, é posible que Saco tivese en mente a variante *nacia*, como *cábea* por *cabia*, *pódea* por *podia*, *sábea* por *sabia* (p. 114).

Por lo que toca á la ó abierta y á la ó cerrada de los gallegos, nos conduce á su recta pronunciación la práctica en el lenguaje, sin necesidad de hacerlo notar con semejante signo, inventado por los antiguos, quizá para un empleo diametralmente opuesto; ímprobo trabajo sería, si en castellano hubiéramos de distinguir con acento circunflejo, no sólo la ó abierta de la cerrada, sino también la é, pues es indudable que asimismo se cierra y abre la pronunciación de esta vocal en castellano ("Declinación gallega", p. 389).

Así pois, se ben resulta equivocada a equiparación da oposición de timbre no galego, onde esta ten relevancia fonolóxica, coa que se produce no castelán, Rodríguez Rodríguez móstrase bastante razoable ó considerar que debe se-lo estudio da lingua, e non a ortografía, o que ensine a distingui-las vocais abertas das pechadas.

Xa que logo, na súa opinión, para a acentuación gráfica debe prescindirse de acentos graves e circunflexos, que denomina irónicamente "cucuruchito" ou "montera gallega", e conservarse só o agudo, que, empregado con criterio semellante ó do castelán, pode asumir tamén unha función diacrítica.

Se os criterios xerais de acentuación gráfica ocuparon un lugar moi secundario nas gramáticas, a utilización destes sinais con finalidade diacrítica si que mereceu unha maior atención. Neste terreo a disparidade é tal que case se pode afirmar que hai tantas propostas como autores. Así o entendía xa Manuel R. Rodríguez, que vía esta falta de acordo como un factor máis de confusión e desconcerto:

En cuanto á los acentos, están tan discordes los escritores gallegos en su empleo, que no es posible establecer reglas fijas acerca del particular; unos usan el acento grave para señalar los artículos, preposiciones y conjunciones, otros para distinguir las palabras homónimas que se pronuncian con vocal abierta, otros, en fin, emplean el acento circunflejo, ya para distinguir unos casos de otros, ya para indicar la pronunciación de la ó cerrada ("Declinación gallega", p. 389).

En liñas xerais, e prescindindo do tipo de marca utilizado, o acento gráfico víñase usando para distinguir parellas de palabras que presentaban a mesma forma na escrita e que por diversas razóns conviña manter diferenciadas graficamente. Entre estas figuraban parellas de palabras opostas polo timbre da vocal tónica, aberta nun caso e pechada no outro. Tal era o caso, por exemplo, dos pares *oso* / *óso* ou *bola* / *bóla*. Un caso similar, pero que ás veces recibiu nestes textos un tratamento especial, foi o das contraccións *ó(s)* e *á(s)*, opostas respectivamente ós artigos masculino e feminino *o(s)* e *a(s)*. Noutras ocasións os dous termos non se distinguían polo timbre da vocal, senón polo seu carácter tónico ou átono. Isto opoñía, por exemplo, a conxunción *e* e a forma verbal *é*. Por último, nalgúns casos o acento diacrítico empregábase simplemente para distinguir pares de homófonos, como sucedía no caso do artigo *a* e a preposición *a*, que adoitaba grafarse *á*, probablemente por imitación do castelán.

Con respecto ós sistemas empregados para distinguir en casos de homografía, Martínez Salazar destaca dous fundamentais. O primeiro deles, o máis económico, consiste en non acentualo membro da parella que presenta vocal pechada e en marcar cun acento agudo a vocal aberta do outro termo da oposición. O segundo, en cambio, consistiría en aplicarlle-lo acento agudo ás vocais pechadas e o grave ás abertas<sup>4</sup>.

A cuestión non é tan sinxela como pode parecer á vista da clasificación de Martínez Salazar, que só toma en consideración os pares opostos polo timbre da vocal tónica. En realidade, as propostas son máis numerosas e, asemade,

---

<sup>4</sup> Cfr. Martínez Salazar, "En tela de juicio", p. 162.

máis complexas, xa que non é infrecuente atopar algúns autores que avogan polo emprego de acentos agudos, graves e circunflexos. Así, cinxíndonos só ás propostas que aparecen formuladas explicitamente nas gramáticas, podemos distinguir ata cinco sistemas distintos.

O primeiro deles, que coindice co segundo de Martínez Salazar, consiste en marcar un dos termos da oposición con acento agudo e o outro con acento grave. Este é o sistema que defende Pintos, *Gaita*:

Abre el acento grave las vocales  
 Y las cierra el agudo en ellas puesto  
 De modo que si bien no se distinguen  
 Se trueca en disparate un buen concepto.  
 -E como probas ti a necesidade  
 De facer un bon uso dos acentos?  
 -Contraponiendo voces que varian  
 De significacion solo por eso.  
 [...]  
 A este tenor se ofrecen espresiones  
 Que acentuar se deben sin remedio  
 Y pronunciar abiertas ó cerradas  
 Segun que lo requieran los acentos.  
 (pp. 69-70)

Entre os numerosos exemplos que ofrece figuran sobre todo parellas de palabras opostas polo timbre da vocal tónica (*avò / avó, bòla / bóla, òso / óso, nò / nó, còn / cón*, etc.), entre elas as formadas polos artigos *ó, á* e as contraccións *ò, à*. Na relación inclúense exemplos como *tèn / tén, vèn / vén, mòrde / mórde*, onde esta oposición de timbre permite distingui-la terceira persoa de singular do presente de indicativo e a segunda de singular do imperativo dalgúns verbos irregulares e da segunda conxugación. Tamén figura o par formado pola conxunción copulativa *e*, grafada *é*, e pola forma verbal *é*, grafada *è*, que se se distinguen foneticamente non é polo timbre da vocal, aberta nos dous casos, senón pola atonicidade da conxunción fronte ó carácter tónico da forma verbal. Ora ben, na práctica Pintos

raramente acentúa os artigos *o* e *a*, e cando *o* fai non emprega polo xeral o til agudo senón o circunflexo: "ô mais fero leon" (p. 4), "desde ô cume" (p. 5), etc. Tampouco acentúa as formas verbais citadas: *ten* (p. 5), *come* (p. 62), do mesmo xeito que a conxunción *e*, a preposición *con* ou a contracción *no*.

O segundo sistema, que é o que propón Saco (*Gramática*, p. 229-230), distingue as parellas de palabras homógrafas en que un dos membros presenta vocal pechada e o outro vocal aberta, daquelas que se distinguen porque un elemento do par é tónico e o outro átono. No primeiro destes dous casos a proposta de Saco consiste en escribir sen acento gráfico o termo da parella que presenta vocal pechada e en aplicarlle o circunflexo ó termo que presente a vocal aberta, mais só cando *a* considera resultado dunha contracción. Deste xeito, distínguense os artigos *o*, *a*, *os*, *as* dos resultados da súa contracción coa preposición *a*: *ô*, *â*, *ôs*, *âs*. O mesmo sucede coas terceiras persoas de singular do presente de indicativo dalgúns verbos, como *tên*, *vên*, *pôn*, que presentan vocal aberta, opostas ás segundas persoas de singular dos imperativos: *ten*, *ven*, *pon* (pp. 112-113).

No segundo caso, cando a oposición se establece entre unha palabra tónica e outra átona, Saco emprega o til agudo para marca-la primeira e escribe a segunda sen acento gráfico ningún. Neste caso está, por exemplo, a forma verbal *é*, que se acentúa graficamente a diferenza da conxunción *e*. Saco emprega ademais o til agudo en casos de homofonía, para "indicar la mayor fuerza con que se pronuncian ciertas palabras, cuando vienen en frases interrogativas y admirativas" (p. 229). Caso á parte é o da preposición *a*, que Saco acentúa graficamente cun til agudo para distinguila

por unha parte do artigo feminino *a* e pola outra da contracción *â*.

O terceiro destes sistemas, o que propón Pérez Ballesteros<sup>5</sup>, é en realidade unha simple variante do que defende Saco. A súa proposta consiste en non acentualo membro átono daquelas parellas que se distinguen pola tonicidade ou atonicidade dos seus membros. No caso dos pares opostos polo timbre da vocal tónica, tampouco se acentuará graficamente o membro que presenta vocal pechada. Deste xeito, grafáranse ningunha marca os artigos *o*, *a*, a conxunción copulativa *e* ou a conxunción adversativa *mais*. Pola contra, si que se acentuará o outro elemento da parella, con acento grave se ten vocal aberta, caso da forma verbal *ê*, co circunflexo se esa vocal aberta é produto dunha contracción, coma no caso de *ô* e *â*, ou co agudo nos demais casos, coma no adverbio *máis*. Por outra parte, Ballesteros mantén o uso do acento agudo na preposición *a*.

Anos máis tarde, sen modificar substancialmente a súa proposta, Pérez Ballesteros admite a posibilidade de substituí-los acentos circunflexos polos graves:

Hoxe, acentos *de capucha*,  
 téñenos poucas emprentas,  
 e, si os fan sair d-a ucha,  
 é pr-andar co-eles á tentas  
 [...]  
 Pòd-ir sirvindo pr-o caso  
 o acento abèrto, Sarmento  
 ("Unha opinión, p. 5).

---

<sup>5</sup> Cfr. Pérez Ballesteros, "Indicaciones", p. 383; *Cancionero* I, p. 107 n.; "Unha opinión", p. 5.

<sup>6</sup> En "Unha opinión", p. 5 recomenda, sen embargo, o acento agudo neste caso: "Pídeo igoál, si é verbo, *Ê*; / pro si préstasm-atensión / y-ô meu dito lle das fe, / en ningunha outra ocaseón / *Ê* escribirás con acento". Polo demais, neste artigo mantén o emprego do til grave, e non só en parellas de voces homógrafas: *òso*, pero tamén *òrfo*, *bèn*, *pòde*, *tès*, *nòs*, etc.

En calquera caso, máis alá das propostas concretas, resulta interesante a postura de Pérez Ballesteros con respecto á pervivencia de certos hábitos gráficos como consecuencia dun certo mimetismo con relación ó castelán. Neste sentido é de destacar unha súa observación sobre o costume de acentuar en galego o pronome persoal *ti*:

Como en gallego hay la voz *teu*, equivalente al posesivo *tu* castellano, y *ti* representa el pronombre castellano *tú*, no hay necesidad de acentuar *ti* en ningún caso cuando se escribe en gallego (*Cancionero* II, p. 112 n.).

A proposta que Valladares formula nos *Elementos* é practicamente idéntica á de Ballesteros. Con isto, Valladares modifica levemente a posición que sostiña en 1888, que non consideraba o emprego do acento circunflexo nas contraccións do artigo coa preposición *a*<sup>7</sup>.

Os sistema de Cuveiro é unha simplificación do de Pintos e consiste en emprega-lo til só nun dos dous membros da parella. Así, en *El habla gallega* (pp. 1-2) propón marcar cun acento grave o membro da parella con vocal pechada. Aínda que non considera explicitamente os pares formados por palabra tónica e átona, entre os exemplos que cita figura o da conxunción *e*, que escribe *è*, e a forma verbal *é*, que grafa sen acento. Este mesmo criterio aplicarao tamén no *Diccionario*, onde sen embargo utilizará o circunflexo en lugar do grave:

Las *ê* y *ô*, con el mismo acento [o circunflexo], indican su pronunciacion cerrada ó sea más oscura que las *e* y *o* comunes ó abiertas (p. 6).

Por último, o sistema que propón Rodríguez Rodríguez ("Declinación gallega"), que reduce ó mínimo imprescindible

<sup>7</sup> "En cuanto á los acentos, ninguno debe usarse, en mi concepto, en los artículos, tanto masculinos, como femeninos, á no ser que se hallen en dativo ó acusativo, que entonces llevarán el grave, ó de izquierda á derecha" ("*Escritura gallega*", p. 268).



o emprego do acento con función diacrítica, supón un paso máis no proceso de simplificación. Nel suprímense os graves e circunflexos e resérvase o agudo para casos como o da distinción dos artigos e as contraccións coa preposición *a*, para distingui-la preposición *pra* do resultado da súa contracción co artigo feminino singular, *prá* (pero *pro*, *pros* e *pras*, que non requiren acento dado que non existe posibilidade de confusión), ou para distingui-las contraccións *da* e *das* das formas homófonas do presente do verbo *dar* (p. 526). Así mesmo, suprime o acento da preposición *a*, que segue grafando *á* en castelán. No resto dos casos parece inclinarse por non distinguir graficamente unhas voces das outras. Será o estudio da lingua, segundo indicamos máis arriba, o que permita distinguilas na pronuncia.

A constitución da Academia e a creación da comisión para determina-la ortografía do dicionario non servirían para clarifica-la situación. Pola contra, incapaz de elaborar unhas normas minimamente coherentes e completas, e ignorando as propostas máis razoables, limitaríase a enunciar unhas vagas observacións e recomendacións de todo punto insuficientes. Deste teor son as referencias á acentuación gráfica que figuran entre as "Instrucciones para la redacción de papeletas para el diccionario" que elaborou a Comisión Xestora<sup>8</sup>. Nelas unicamente se indica que deberán empregarse os acentos agudo e circunflexo para sinalar respectivamente as vocais pechadas e as 'dobres'. Con respecto á utilización do agudo sobre as 'vocais pechadas' entendo que a Comisión pretende referirse ó seu emprego con función diacrítica en parellas de voces homógrafas opostas polo timbre da vocal tónica de abertura media.

---

<sup>8</sup> Vid. *BRAG*, II, n. 11 (20.03.1907), pp. 244-245.

Efectivamente, entre os modelos de papeleta figuran dúas que tratan de ilustrar este emprego. Son as correspondentes ás voces *lóro* [lóro] e *loro* [lɔro], en que, contrariamente ó uso actual, o membro acentuado é o que presenta vocal tónica media-pechada. Por outra banda, ó falar de vocais 'dobres' a Comisión estaba pensando moi probablemente nas que resultan dunha contracción ou da crase dunha hiato.

O dictame da Comisión Ortográfica<sup>9</sup>, que tardou aínda dous anos en pronunciarse, veu a emendar este acordo provisorio. Sen embargo, ó introducir un signo gráfico máis, o acento grave, e ó non explicitar convenientemente o criterio de emprego de cada un dos deles, a proposta da Academia non gañou nin en claridade nin en simplicidade. O acordo da Comisión en materia de acentos gráficos é a seguinte:

Podrán diferenciarse las vocales abiertas de las cerradas, tan comunes en gallego, poniendo sobre éstas el acento grave. Se emplearán, además, en la escritura los acentos agudos y circunflejo: el primero para marcar la mayor inflexión de voz que corresponda á una sílaba, y el segundo para señalar la elisión de una vocal cuando deba de escribirse doble, ó cuando aquélla sea larga.

Con respecto ó acento grave, a falta de exemplos impídenos precisar se a Comisión admitía o seu emprego regular ou se, pola contra, o limitaba a aquelas palabras que puidesen presentar algún problema de homografía. En todo caso, o ton da referencia parece indicar que a Comisión consideraba o seu uso facultativo, non obrigatorio. Non é máis clara a referencia ó emprego do til agudo. Por último, o circunflexo parece reservado ós mesmos usos que na proposta anterior.

---

<sup>9</sup> BRAG IV, n. 26 (20.05.1909), p. 47.

## 8. Encontros vocálicos e contraccións: o uso do apóstrofo e do guión de enlace

O desexo de reproducir na escrita coa máxima fidelidade posible a lingua oral levou a que os escritores recorresen adoito a procedementos gráficos que, coma o apóstrofo e mailo guión de enlace, permitían representa-las numerosas contraccións que se producen na fala. Un repaso superficial a calquera dos textos do Rexurdimento abonda para decatármonos da xenerosidade con que os nosos autores botaron man destes dous signos gráficos<sup>10</sup>. Por outra parte, o seu emprego vén avalado por un consenso case que xeral entre os gramáticos do momento, que, coas lóxicas prevencións fronte a algúns usos abusivos, non só os admiten senón que recomendan empregalos.

Ora ben, debe terse en conta que para os escritores e gramáticos do Rexurdimento, o apóstrofo é algo máis ca un simple procedemento gráfico. Tanto é así que nos textos gramaticais deste período asume caracteres de verdadeiro símbolo da "eufonía" do galego, unha peculiaridade esta que figura entre as virtudes tópicas con que adoitan adornalo os que pretenden defendelo e enxalzalo fronte ós seus detractores. Por esta razón, non debe resultar estraño que os textos que estamos a estudar coincidan maioritariamente en propoñe-lo seu emprego en tanto que característica que permite identifica-lo galego fronte a outros idiomas convencionalmente considerados máis "ríxidos", como é o caso do castelán. Sirvan como mostra desta opinión as palabras con que comeza o artigo que Marcial Valladares dedicou a esta cuestión:

---

<sup>10</sup> Poden servir como exemplo os casos referidos por Ramón Lorenzo, "A lingua literaria", pp. 22-28.

El apóstrofo, que tanto diferencia la lengua castellana de las griega, francesa e italiana, es una figura ortográfica que indica la supresión de la vocal final de una palabra, siguiendo otra que empieza tambien por vocal. Consiste en una virgulilla, ó coma, puesta en la parte superior del hueco de la vocal suprimida, y sirve para hacer la pronunciacion más delicada<sup>11</sup>.

Ó mesmo tempo, entre os argumentos que se aducen na súa defensa ocupa un lugar central a vantaxe que a súa utilización supón ó posibilitar unha correspondencia máis fiel entre a lingua oral e a lingua escrita. Este é o parecer, por exemplo, do asturiano Antonio Balbín de Unquera, que se refire só tanxencialmente a esta cuestión:

El apóstrofo para marcar la supresion de una vocal se usó en el castellano antiguo; pero desde que se perfeccionó el idioma desapareció de la escritura; de la conversacion ó de la palabra hablada no desapareció ni desaparecerá nunca, puesto que responde á una necesidad eufónica. Las lenguas que lo han conservado tienen sobre el castellano, en nuestro concepto, la ventaja de una más exacta correspondencia entre la pronunciacion y la escritura<sup>12</sup>.

A distinción que apunta Balbín entre o proceso fonético (a contracción con que na lingua falada se resolven algúns encontros vocálicos) e a súa representación gráfica (a marca con que convencionalmente se pode representar na escrita) non é, sen embargo, xeral nos nosos gramáticos. Saco, por exemplo, confunde o plano fonético e o plano gráfico ó defini-lo apóstrofo como a supresión da vocal final dunha palabra cando esta vai seguida doutra que comeza tamén por vocal (p. 142). Polo demais, a opinión de Valladares de que o apóstrofo fai a pronuncia máis "delicada" nace tamén desta confusión.

---

<sup>11</sup> Marcial Valladares, "Del apóstrofo en la escritura gallega", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, I, n. 11 (1879), p. 123.

<sup>12</sup> A. Balbín de Unquera, "Estudios lingüísticos. El portugués y el gallego", p. 316.

A única persoa que se atreve a pronunciarse en contra dunha práctica tan estendida é Rodríguez Rodríguez, que en tódolos seus escritos avoga pola supresión deste e doutros signos gráficos que considera innecesarios. Non obstante, a batalla dos gramáticos non se centrará tanto na conveniencia de empregar ou non esta marca gráfica, como na determinación dos contextos en que a súa utilización é aconsellable ou obrigatoria e, pola contra, na daqueles outros en que de ningún xeito se debe empregar. Esta énfase na necesidade de empregalo con mesura débese en boa medida ó abuso e á falta de sistematicidade con que viña sendo utilizado nos textos literarios. Conforme indica o profesor Lorenzo, a profusión de apóstrofos nas obras deste período constitúe sen dúbida unha dificultade para a súa lectura, como se pode apreciar a través dalgúns dos exemplos que recolle<sup>13</sup>. Observacións moi semellantes atopámolas xa nalgúns contemporáneos, como en don Manuel R. Rodríguez, un inimigo declarado de toda a complicación gráfica con que adoita presentarse o galego escrito neste período. De acordo coa súa opinión, é preciso desterra-lo emprego tanto do apóstrofo como do guión de enlace, pois un e outro "hacen difícil la lectura y escritura hasta el extremo de ser ilegibles las hermosas y galanas composiciones de nuestros modernos escritores, quienes siguen, cada cual, ortografía diferente sobre el modo de escribir las palabras, vacilando á cada paso en el empleo, no sólo de los dos signos anteriores, sinó también en el de los acentos" ("Declinación", p. 386). En proba da súa afirmación recolle diversos fragmentos literarios inzados de apóstrofos, guións e acentos gráficos de diversos tipos: *Q'antr'os lirios tamen s'abr'a tomba* (F. de la Iglesia), *N'hei d'estál-o s'ò fin vín-o* (Galo Salinas), etc.

---

<sup>13</sup> Cfr. Ramón Lorenzo, "A lingua literaria", p. 22.

Esta mesma preocupación polo excesivo grao de complicación que estaba a adquiri-la ortografía galega latexa tamén nas consideracións sobre o apóstrofo e o guión que figuran nas obras de Saco e Valladares. Cronoloxicamente será Saco o primeiro que tente somete-lo uso destes procedementos gráficos a unha serie de normas máis ou menos estrictas. O gramático ourensán, se ben en principio non establece máis restriccións que a claridade e a eufonía, sinala aqueles casos en que é máis frecuente a contracción e, paralelamente, o emprego do apóstrofo (pp. 142-144). Así, segundo el, as clases de palabras máis afectadas son as preposicións, as conxuncións, os pronomes e mailos adverbios. En cambio, cando a vocal elidida pertence a un verbo ou a un substantivo ou adxectivo recomenda non representa-la contracción. Só recoñece esta posibilidade en caso de que o substantivo ou o adxectivo remate en /e/ (*está trist'o pobre*) ou cando a súa vocal final coincida coa inicial da palabra seguinte (*deixach'a port'aberta*). Así mesmo, engade que a frecuencia varía dependendo de cales sexan as vocais afectadas. Así, "la e es la que más fácilmente se pierde. Antes de i rara vez se elide ninguna" (p. 144). En calquera caso, o apóstrofo só é de regra, sempre segundo Saco, cando a contracción se produce entre a preposición *de* e calquera outra palabra iniciada por vocal, ou ben cando se trata da contracción resultante do encontro dos pronomes dativo *me*, *che*, *lle* co pronome acusativo de terceira persoa: *d'o*, *d'a*, *d'os*, *d'as*; *d'il* / *d'el*, *d'iles* / *d'eles*, *d'elas*, *d'elo* (p. 24); *m'o*, *m'a*; *ch'o*, *ch'a*; *ll'o*, *ll'a*, etc. Con todo, aínda que nos restantes casos o seu emprego sexa facultativo, Saco parece partidario de utilizalo polo menos naqueles contextos en que a contracción se produce de xeito sistemático: *c'o*, *pr'o*, *pr'ôn*, *pr'ônha* (p. 24), *contr'ônha*. Por último, cómpre engadir que, en

contra da súa propia definición, o apóstrofo non sempre marca a elisión dunha vocal, como sucede en *co'a*, *co'iste*, *co'ise*, *co'aquil*, *no'e certo*, *¿que'está?*, *ni'e grande nin pequeno*, *ve'acá* (p. 148), *no'me viu*, *po'm'os elí* (p. 149).

Fronte ó apóstrofo, o guión serve para "indicar que una letra o sílaba que por eufonía se pronuncia unida á outra palabra, pertence á diferente diccion" (Saco, p. 230). Saco, e con el unha boa parte dos escritores, utilízao de xeito sistemático nos seguintes contextos:

a. Nas contraccións da preposición *en* co artigo, co pronome tónico de terceira persoa, cos demostrativos, co artigo indeterminado e cos indefinidos *algún* e *outro*: *n-o*, *n-il*, *n-iste*, *n-un*, *n-algun*, *n-outro*. Así e todo, ás veces o guión alterna nestes contextos co apóstrofo: *n'elas* (p. 203).

b. Para separa-lo segundo alomorfo do artigo ou a forma homónima do pronome persoal acusativo de terceira persoa: *pol-o*, *tí léval-o*, *tí trâl-os bois*, *Diol-o queira*, *o neno e mail-a náí*, *todol-os dias*, *poil-o home non veu*, *sentadol-os dous* (pp. 150-151). Da interpretación do /l/ inicial deste alomorfo como consoante final da palabra precedente ocuparémonos no capítulo correspondente ó artigo.

c. Para indica-la realización alveolar da nasal final nas formas verbais en *-n*, nos adverbios *non*, *ben* e *tamén*, no interrogativo *quen* e nos indefinidos *alguén* e *ninguén* cando van seguidos dun pronome acusativo de terceira persoa<sup>14</sup>: *queren-os compor* (p. 163), *a il levaron-o preso*

---

<sup>14</sup> "En muchas diccionnes se evita el sonido nasal de la *n* final, uniéndose en la pronunciación con la vocal que sigue. Esto sucede con el pronombre *o*, *a*, en su calidad de enclítico: v.g. *Ben-o sei*, bien lo sé; *Quén-o dixo?*, quién lo dijo?, *Tamen-os eu ví*, también yo los ví; cuyas locuciones deben pronunciarse *beno*, *queno*, *tamenos*" (*Gramática*, p. 149).

(p. 165), *home mais malo non-o hai n-o mundo* (p. 168), *ben-o-sei*, *tamen-os eu vin* (p. 149), *quén-o-dixo* (p. 149), *as estrelas que hai ninguen-o sabe* (p. 169). Aínda que esta é a práctica común, non faltan tampouco as excepcións: *ninguen os leva* (p. 162). Tocante ás formas verbais rematadas en *-n*, resulta en certa medida contradictorio que non use o mesmo procedemento cando segue artigo: *todos queren o ben* (169), *os soldados amparan as leis* (173), etc. En principio cabería pensar que Saco trataba de evita-la confusión coa representación do pronome homónimo. Sen embargo, o feito de que no caso do alomorfo *lo* o tratamento de artigos e pronomes sexa común permítenos desbotar esta conxectura.

d. Para separa-lo /n/ do pronome *no*, que considera unha "consoante eufónica" de apoio que, polo tanto, non forma parte do pronome: *levai-n-o*, *hai-n-a*, *traí-n-os*, etc. (p. 146).

e. Para separar da palabra seguinte a realización antevocálica [j] da conxunción copulativa *e*: *y-on*, *y-onha* (p. 145).

f. Para separa-lo iode antihiático: *n-a y-alma*, *ond'a y-outra*, *está-y-o agardando* (pp. 146-147).

g. Para separa-los dous elementos que entran na composición dos presentadores *vel-eiquí*, *vel-ehí* e *vel-elí* (p. 195).

h. Para separa-los elementos que forman algunhas palabras compostas: *martin-peixeiro*, *fouce-gata*, *ourizo-cacheiro*, *carta-fol*, *papo-rubio*, *sapo-concho*, *mosca-morta*, *vaca-loura*, *barre-cañeiras*, *fura-bolos*, *aceixa-ratos*, *tornacas*, *escacha-pedras*, *troca-burras*, *frega-pratos*, *peta-pouco*, *pousa-foles*, *pinga-laceira*, *zume-zuga* (pp. 51-53); sen



embargo, *pantrigo*, *pirifol*, *vichelocrego*, *saltanacriba*. Non parece existir ningún criterio para distinguir uns casos dos outros. O feito de que os elementos conserven ou non o seu acento podería explicar que se grafen unidos en *pantrigo*, *pirifol*, etc., pero isto obrigaría a face-lo propio en *cartafol* ou en *paporrubio*, onde sen embargo os dous elementos aparecen separados por un guión.

Fóra destes contextos poden atoparse ocasionalmente exemplos illados como *boa é-a* (p. 168), que non permiten tirarmos ningunha conclusión. Por outra parte, sorprende que Saco una directamente o resultado da combinación do demostrativo co indefinido *outro*: *istoutro*, *isoutro*, etc. (p. 59).

Tamén Marcial Valladares expresou en repetidas ocasións a necesidade de non abusar destes procedementos gráficos, e especialmente do apóstrofo. Así, nun artigo de 1888 escribía:

Usar con moderación del apóstrofo, suprimirle en los nombres sustantivos, verbos [...]. De lo contrario, el sentido de las frases se oscurece y lector habrá que no entienda lo que dicen, por más que los sesos se devane ("Escritura gallega", p. 269).

Nos *Elementos* volve unha vez máis sobre esta cuestión para insistir na conveniencia de restrinxir paulatinamente o emprego deste signo co fin de garanti-la intelixencia do texto. Para iso recorda a diferenza entre o proceso fonético e a representación gráfica dese proceso e apela ó exemplo do español, que só representa as contraccións nuns poucos casos:

¡Cuántas vocales contraémos en castellano que podrían elidirse á medio del apóstrofo y, sin embargo, no se elíden! (*Elementos*, p. 25).

Así e todo, contra o que puidera parecer á vista destas declaracións, Valladares móstrase, segundo veremos, bastante tolerante co uso deste signo. A primeira formulación da súa proposta ortográfica atópase no seu artigo "Del apóstrofo en la escritura gallega", onde trata de establecer unha serie de normas para unifica-la escrita neste punto.

A proposta de Valladares, aínda que bastante xenerosa, é, con todo, menos libre cá de Saco. A diferencia do gramático ourensán, que non establecía máis restriccións cá claridade e a eufonía, co que practicamente deixaba o uso deste signo a criterio do escritor, Valladares establece unha longa nómina de posibles combinacións e fixa a súa posición con respecto a cada unha. En calquera caso, con ser esta proposta máis completa e detallada, contaba xa de partida con poucas posibilidades de se impoñer. A súa complexidade, provocada pola grande cantidade de excepcións e casos particulares que contemplaba, convertíaa de feito en impracticable.

Existen, con todo, varias coincidencias fundamentais coa proposta defendida por Saco Arce, en especial no tocante ós receos á hora de admiti-la supresión da vocal final de adxectivos, verbos e adverbios, que acepta só en casos moi contados. Así mesmo, ámbolos autores concordan ó considerar obrigatorio o uso do apóstrofo unicamente no caso da preposición *de*<sup>15</sup>.

Sen embargo, Valladares afástase de Saco ó non admitir máis ca nuns poucos casos a representación da contracción

---

<sup>15</sup> Nos *Elementos* reitera este parecer: "el apóstrofo solo con la preposicion *de* es forzoso" (p. 25); "con los sustantivos y adjetivos no debe hacerse uso del apóstrofo, sopena de oscurecer muchas veces lo que se trate de manifestar" (p. 39); "menos aún con los verbos, tanto menos, cuanto que, siendo el verbo vida, parte esencialísima de toda oración, una sola letra que se quite es como si á una persona le amputáran alguno de sus miembros mas necesarios" (p. 98).

cando o segundo elemento é un artigo. Así, en contra do que viña sendo habitual nos textos, proscribe diversas contraccións de preposicións e artigos (*pra o, hastra o, contra o, etc.*) (p. 123 n.). Entre as excepcións a esta regra están naturalmente as contraccións das preposicións *de, con* e *en* co artigo determinado, que se representan respectivamente *d'o, c'o* e *n'o* (este último con apóstrofo e non con guión, como prefería Saco), e ademais outras menos frecuentes como *entr'as froles* ou *ant'o jueves* (p. 123).

Resulta, sen embargo, certamente contradictorio e mesmo incoherente que nuns casos non admita a contracción co artigo e si con adverbios, con demostrativos ou co pronome acusativo de terceira persoa, en tanto que noutras ocasións actúa precisamente ó revés, proscribindo a contracción con este pronome e permitíndoa co artigo. Do primeiro caso temos abondosos exemplos como os seguintes: *j'o vin, pero ja o sol quente; hoj'él chora, pero hoje a miña lira; pr'aquel, pero pra a gaita; hastr'acá, pero hastra as vellas; contr'alá, pero contra as lousas; sobr'unha pedra, pero sobre a pedra.* No segundo caso están, en cambio, conxuncións como *que, porque* ou *se*: *porqu'o fino porte, pero basta que o eu diga; s'a nora empeza, pero se a azoutan.*

Nos *Elementos* Valladares mantén en xeral os criterios expostos no artigo anterior<sup>16</sup>, mais isto non impide que nalgúns ocasións contraveña as súas propias normas. Por exemplo, ó expoñe-lo paradigma do artigo escribe *sobr'a nai, sobr'os pais, sobr'as nais, pero sobre o pai* (pp. 28-29), cando este uso do apóstrofo está condenado explicitamente ó tratar desta preposición (p. 112). Algo semellante sucede co

---

<sup>16</sup> Nos *Elementos* as indicacións sobre o uso do apóstrofo aparecen espalladas por toda a obra. Para o apóstrofo en substantivos, adxectivos e verbos, vid. nota anterior. Para o caso das preposicións e conxuncións vid. pp. 108-115.

exemplo *batèu a cabeza escontr'as pedras* (p. 27), onde o emprego do apóstrofo é incorrecto segundo a norma que establece ó tratar das preposicións *cara*, *contra* e *escontra* (p. 109).

Ademais, o da Estrada engade algunhas consideracións con respecto á práctica, recomendada por Saco, de marcar por medio dun apóstrofo a "supresión eufónica" da nasal final diante da nasal bilabial do pronome *me* en contextos como *no'me viu, ni'me falou siquera, be'm'o dixo il*, etc. (Saco, p. 149). Valladares, que recolle os exemplos de Saco aínda que cambiando os apóstrofos por guións, rexeita a representación deste proceso asimilatorio porque, se ben pode resultar "agradable al oído de nuestros campesinos, tiene algo de desaliño, algo de oscuridad para el que escuche y mas aún para el que lea" (*Elementos*, p. 115). De tódolos xeitos atopamos algún que outro exemplo entre os refráns que recolle ó final da súa obra: *pra comer no-m'hèi d'esconder; pra traballar, no-m'han d'atopar* (p. 123).

Se o apóstrofo centra, xunto coa grafía do /ʃ/, boa parte das preocupacións de Valladares en materia ortográfica, o emprego do guión ocupa un lugar que case se pode cualificar de marxinal. A proposta de Valladares consiste en manter ben diferenciados os empregos de apóstrofos e guións, reservando estes últimos para as contraccións en que o elemento elidido é unha consoante e non unha vocal:

La supresion puede ser tambien de consonantes y no conviene emplear un mismo signo para entrambas cosas. Así, pues, úsese el apóstrofo, siempre que se trate de vocales solas, ó unidas á alguna consonante, y una rayita, el *trait d'union*, como dicen los franceses, siempre que se trate de supresion, ó cambio de consonantes (*Elementos*, p. 25).

Neste caso estarían as contraccións da preposición *con* co artigo feminino, ou cos demostrativos: *co-a*, *co-as* (*Elementos*, p. 28), que alternan coa solución *c'a*, *c'as*; *co-este*, *co-ese*, *co-aquel*, *co-él* (p. 109). Esta práctica provoca que se manteñan diferenciadas graficamente a representación da contracción *co* artigo feminino, sinalada cun guión, e a da contracción desta mesma preposición *co* artigo masculino ou *co* indefinido *un*, *unha*, marcada cun apóstrofo. Neste punto Valladares apártase novamente de Saco, que empregaba regularmente o apóstrofo nestes contextos.

Pero á parte desta función, o guión asume na obra de Valladares algunhas outras que veñen a coindidir coas que, segundo vimos, lle atribuíra Saco. Así, igual có gramático ourensán, Valladares separa con guión o alomorfo *lo* do artigo ou do pronome persoal acusativo de terceira persoa, se ben, a diferencia del, o *l* que resulta da asimilación queda separado da palabra anterior por un novo guión: *perdíche-l-a* *misa*, *tra-l-a* *porta*, *pòl-l-o* *outro*, *a nai e mai-l-a* *filla*, *feita-l-as* *contas*; *amá-l-a*, *espèrta-l-o*, *espèrtabámo-l-os*, *Dio-l-as* *ampare*, *nò-l-o* *dirémos*, etc. (p. 91).

Así mesmo, utiliza tamén o guión para indica-la realización alveolar da nasal final do adverbio *non* cando vai seguido dun pronome acusativo de terceira persoa: *non-a* *creas*, *non-o* *molestes* (p. 14). Cando se trata da nasal final de formas verbais o *n* sepárase delas tamén cun guión: *espèrta-n-o*, *espertába-n-o* (p. 90). Dos outros contextos os *Elementos* non ofrecen exemplos abondos para podermos determinar cal era o criterio de Valladares con respecto a eles. Só o refrán *Grande è o dèmo e n'hai quèn o queira* (p. 122) permite presumi-la súa postura con respecto a *quen*,

mais ó se tratar dun único exemplo sería aventurado tirar ningunha conclusión.

Deste mesmo xeito separa tamén o alomorfo *no* que aparece tralas formas verbais rematadas en ditongo: *eu andèi-n-o*, *el andóu-n-o*, *eu andarèi-n-o*, etc. (p. 91).

Ademais, Valladares considera necesario separalo primeiro alomorfo do pronome acusativo de terceira persoa cando vai enclítico: *espèrto-o eu*, *espèrta-o él*, etc.:

Cuando á la vocal con que termine un verbo siga [...] cualquiera de los pronombres *o*, *a*, *os*, *as*, [procede] el *trait d'union* entre el pronombre y la vocal (*Elementos*, p. 98)<sup>17</sup>.

Como Saco, Valladares tamén emprega o guión para unir á palabra seguinte o <y> con que representa a realización antevocálica da conxunción copulativa *e*: *un y-outro*, *o pai y-a nai* (p. 15). Non fai o mesmo, sen embargo, co iode antihiático, que parece confundir coa conxunción copulativa:

Muchos emplean la conjunción *y* cuando á la voz *alma* antecede *a*, ó palabra terminada en la misma vocal. Por exemplo: *A-y-alma*; *n'a-y-alma*; *esa-y-alma* [...]. Una de dos. O sobra esa conjunción que nada une, ó *y-alma* es una voz sola [...], en cuyo caso no debe separarse la *y* de la palabra *alma* (*Elementos*, p. 15).

En todo caso, non considera aceptable consagrar como norma esta vacilación e propón empregar *alma* de forma constante.

Por último, Valladares separa polo xeral con guión os elementos que entran na formación das palabras compostas: *martín-pèije*, *aguza-nève* (p. 30), *lubi-can*, *boca-abèrta*, *ante-pèito*, *sobre-nòme* (p. 32).

---

<sup>17</sup> Xa no artigo "Del apóstrofo" procedía de igual xeito: "Cuando á la vocal con que termine cualquiera de ellos [dos verbos] siga uno de los artículos [¡sic!] *o*, *a*, *os*, *as*, se coloca una rayita, el *trait d'union*, como dicen los franceses, entre el artículo y la vocal. Ejemplos: *Agárdo-o*, ó *lo aguardo*.- *Léva-a*, *Llévala*.- *Cólle-os*, *Cójeles* ó *cójelos*. *Tóma-as*, *Tómalas*" (p. 123).

A estas posturas contemporizadoras coa práctica común dos escritores galegos oponse a actitude radical de Manuel R. Rodríguez, que, segundo xa queda dito máis arriba, defende a necesidade de desterrar de vez o "ridículo y desmesurado abuso del *apóstrofo y guión de enlace*" ("Declinación", pp. 385-386). Así, fronte ós que consideran o apóstrofo ou o guión como manifestacións da "eufonía" do galego, Rodríguez advirte, con moi bo criterio, que se trata de simples signos gráficos convencionais<sup>18</sup>, que non fan máis que provocar un retorcemento excesivo da ortografía, e que resultan perigosos na medida en que dificultan a lectura e a intelixencia dos textos:

Inverosímil parece que, siendo el objeto de los signos facilitar la lectura é inteligencia del lenguaje, lleguen á surtir efecto contrario por la abusiva superabundancia de los mismos con que nuestros insignes escritores gallegos suelen plagar sus composiciones literarias ("Apuntes gramaticales", p. 11).

Na serie de artigos titulada "Declinación gallega" presenta unha proposta que, se non é completa nin exhaustiva, alomenos pode dar idea de cales eran as saídas que ofrecía para resolve-la situación. En síntese, as solucións que propoñía Rodríguez eran as seguintes:

1. Elimina-lo apóstrofo ou o guión naquelas contraccións que se producen de forma sistemática e regular. Nestes casos debe se-lo estudio da lingua e non o emprego dun signo gráfico o que indique a existencia dunha contracción. En favor do seu criterio Rodríguez aduce o exemplo das contraccións españolas *al* e *del*, nas que os dous elementos se unen directamente sen ningún signo que indique

---

<sup>18</sup> O apóstrofo "no es más que un signo ortográfico para indicar la omisión de una vocal en virtud de la figura *contracción*". O guión de enlace "es una rayita horizontal, que se emplea para indicar que una preposición, un artículo ú otra cualquier palabra que principie con vocal, debe unirse á la consonante anterior, formando con ella articulación silábica" ("Declinación", p. 386 n.).

a elisión da vocal (p. 387). Polo tanto, de acordo coa súa proposta debe suprimirse o emprego do apóstrofo nas contraccións que resultan do encontro de preposición e artigo (p. 387). Deste xeito, os paradigmas quedan como segue:

DE	do	da	dos	das
EN	no	na	nos	nas
CON	co	coa	cos	coas
PRA	pro	prá <sup>19</sup>	pros	pras

Cando o artigo vai precedido da preposición *sin* (*sen*), Rodríguez propón unir ámbalas palabras para denotar que a nasal final da preposición forma articulación silábica coa vocal do artigo<sup>20</sup>: *sino*, *sina*, *sinos*, *sinas*. A falta de exemplos impídenos precisar se en opinión de Rodríguez esta práctica se debía estender tamén a tódolos demais contextos en que a nasal final forma así mesmo sílaba co pronome acusativo de terceira persoa *o*.

Ó se tratar dun traballo inconcluso, "Declinación gallega" non ofrece información sobre as contraccións dos pronomes dativos *me*, *che* e *lle* co pronome acusativo de terceira persoa *o*. Do mesmo xeito, tampouco atopamos neste traballo ningunha indicación sobre o xeito de representar graficamente os encontros das preposicións *de* e *en* cos demostrativos ou coas formas rectas do pronome de terceira persoa. Esta lagoa pódese, sen embargo, suplir en parte cos "Apuntes gramaticales" que preceden a edición da *Crónica Troyana* que realizou Martínez Salazar. Estes "Apuntes", que reproducen, mesmo literalmente, unha boa parte do traballo

<sup>19</sup> Con acento diacrítico para distinguilo da preposición *pra*. Cfr. "Declinación", p. 526.

<sup>20</sup> "Los escritores suelen colocar un guión de enlace entre la preposición *sin* y el artículo subsiguiente, para indicar que ambas palabras forman una sola; nosotros opinamos que el mejor medio es pintar gráficamente dichas letras y prescindir del guión de enlace, para que la *n* forme articulación silábica con la *o*", p. 466).



"Apuntes gramaticales" que preceden a edición da *Crónica Troyana* que realizou Martínez Salazar. Estes "Apuntes", que reproducen, mesmo literalmente, unha boa parte do traballo anterior, constitúen, máis ca un estudio do galego da *Crónica*, unha tentativa de descrición da morfoloxía do galego moderno, ilustrada con algúns exemplos tirados da obra e con outros de procedencia diversa. Deles podemos deducir que Rodríguez era partidario de suprimir apóstrofos e guións na representación destas contraccións: *mo*, *cho*, *llo* (p. 43); *dil* / *del*, *dela*, *delo* (p. 41). A partir de aquí non é arriscado supoñer que o mesmo criterio vale tamén para as contraccións co demostrativo.

2. Suprimir tamén o guión con que se adoitaba separalo segundo alomorfo do artigo ou do pronome acusativo de terceira persoa. En "Declinación" (pp. 467-468) enumera simplemente os diversos procedementos empregados polos escritores para representa-la combinación do artigo coa preposición *por* (*pol-o*, *po-lo*, *po-l'o*, *po-l-o*, *pol o*) e recomenda unir directamente os dous elementos. Nos "Apuntes" refírese ademais ó caso do indefinido *todos*, *todas* seguido do artigo e ás segundas persoas dos verbos cun pronome acusativo enclítico de terceira persoa (p. 24 n.). O mesmo sucede coa secuencia formada polo adverbio interrogativo *u* seguido do pronome acusativo *lo*, que representa *ulo* ("Apuntes", p. 38). Dos demais contextos non hai exemplos nin referencias directas, pero, tendo en conta a súa aversión a admitir calquera destas marcas gráficas, é de supoñer que rexeitaría tamén o seu emprego en todos eles.

3. Eliminar toda marca de unión entre as formas verbais rematadas en ditongo e o pronome de terceira persoa *no*. Do mesmo xeito, une tamén directamente o pronome acusativo de terceira persoa en posición enclítica con respecto a unha

forma verbal rematada en nasal. Sirvan como exemplos, por unha parte, *chagouno* e *derribouno*, e por outra *libraronno* e *sacaronno*. Estas formas aparecen nunha traslación ó galego moderno duns fragmentos da *Crónica* ("Apuntes", p. 13). Nela Rodríguez pretende ilustra-la diferencia entre o sistema gráfico que el propón e o que veñen empregando os escritores. Para iso, ó lado da súa versión do fragmento sitúa outra inzada de apóstrofos e guións. Nesta última as voces antes citadas aparecen grafadas *chagou-o*, *derribou-o*, *libraron-o*, *sacaron-o*.

4. Unir sen guión o iode antihiático á vocal con que forma sílaba: *a yaugua*, *a miña yalma* ("Declinación", p. 526 n.)

5. En compostos como *esoutro*, *aqueloutro*, en que "reunidas las dos voces forman una sola", é tamén escusado empregar calquera sinal gráfico ("Declinación", p. 388):

Nos demais casos, se ben recoñece que na fala é admisible a contracción, desaconsella a súa representación escrita. Para iso propón segui-lo modelo do español, que, fóra duns poucos casos contados, rexeita a representación das contraccións que se producen na fala, e aduce unha serie de exemplos equívocos e mesmo escatolóxicos que apostila con comentarios xocosos:

Es preferible cometer el *hiato* [...] que consignar frases tan indecorosas como las siguientes: [...] -Eu quero *q'a gata* esté solta. ¡Qué asco!. -Dices que *m'amas* e non *m'amas*. ¡Lo qué? ¡la breva? [...]. -Eu levo poucas castañas. Tu traes as *q'hachas*. ¡Estaba fresco el mozo, si viniera sin ellas! ("Declinación", p. 388 n.).

As severas reconvencións e os asisados consellos que Rodríguez dirixía no seu traballo "Declinación gallega" ós escritores galegos non surtiron, sen embargo, o efecto

corrector que el un tanto inxenuamente agardaba. Así, nos "Apuntes gramaticales" da *Crónica Troyana*, publicados só oito anos despois do traballo anterior, recoñece o escaso eco das súas propostas diante das que a maior parte dos escritores galegos "han hecho oídos de mercader" (p. 11). Así e todo, dentro deste balanço xeral negativo percibe un cambio de actitude esperanzador por parte dalgúns que, como Galo Salinas, López Ferreiro ou Alfredo Brañas, reduciron o uso de apóstrofos e guións nas súas últimas publicacións (pp. 11-12). O que xa é discutible é que este cambio se debese, como pretende Rodríguez, á súa influencia. Por exemplo, López Ferreiro, que, conforme indica o noso gramático, manifestaba no prólogo a *A tecedeira de Bonaval* certas reticencias diante do uso de apóstrofos e guións<sup>21</sup>, utilízalos sen embargo con moita frecuencia na obra en contra dos preceptos de Rodríguez<sup>22</sup>. Non parece, pois, que o historiador e novelista compostelán seguise moi fielmente os seus consellos.

A dureza das súas censuras ós escritores provocou a resposta de Barcia Caballero, que nunha recensión da *Crónica Troyana*, que recolle parcialmente o propio Rodríguez nun

---

<sup>21</sup> "Meto, como xa fan moitos, entre as palabras encoladas ou aglutinadas, ora o guión ora o apóstrofo. Por eso, estos sinos conomizoos canto máis podo, para non darlle á a escritura a traza de un papel de música" (p. 6).

<sup>22</sup> Vid. Xosé Antonio Palacio e Blanca-Ana Roig, "Introducción á lingua de López Ferreiro" , en Antonio López Ferreiro, *A tecedeira de Bonaval*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1985, pp. 37-64. Neste traballo os profesores Palacio e Roig sinalan o emprego do guión en diversas contraccións (*n-algunhas*) e asimilacións (*no-me trouxese*), para separa-la segunda forma do artigo (*vencel-a resistencia*) ou do pronome acusativo de terceira persoa (*xa vol-o direi*) ou para indica-la realización alveolar da nasal final diante de pronome acusativo de terceira persoa (*ben-os vín*) (p. 42). Por outra banda, o apóstrofo emprégase ocasionalmente, entre outros casos, en contraccións de preposición e artigo (*pr'o*), demostrativo (*d'este*), indefinido (*d'un, d'algún, d'outro*), ou pronome persoal (*antr'elas*) (pp. 52, 55 e 56). De tódolos xeitos, Palacio e Roig sinalan tamén a presenza de numerosas contraccións sen apóstrofo, entre elas *do* e *co*, que aparecen de forma habitual sen apóstrofo, e *deste, naquel, dun, nun* ou *cun*, que alternan coas representacións con apóstrofo ou guión.

traballo posterior<sup>23</sup>, critica a súa obsesión con respecto ó apóstrofo e ó guión. Barcia móstrase de acordo en proscribi-lo emprego abusivo destes sinais, mais non na súa supresión absoluta:

Contentárase en buen hora con condenar el abuso, y nadie tendrá reparos que oponer á sus diatribas, merecedoras en tal caso exclusivamente de alabanza. Mas no siendo así, como lo demuestran varios de los ejemplos aducidos, justo es que procure colocar las cosas en su verdadero punto (p. 13 n.).

Na súa contrarréplica Rodríguez reafírmase nas súas opinións e responde en termos dunha inusitada dureza:

Tales signos son una abominable antiagualla que, lejos de facilitar la comprensión del idioma, el empleo de los mismos es un procedimiento pedantesco indigno de la pluma de escritores de mediana reputación (pp. 13-14 n.).

A discusión non pasou a maiores. Aínda que finalmente o tempo acabaría por darlle a razón a don Manuel, nos anos inmediatamente seguintes o galego escrito continuaría usando e abusando de apóstrofos e guións. Artigos como os publicados por Couceiro Freixomil na revista *Nós*<sup>24</sup> poden servir de mostra da preocupación con que algunhas persoas vían a afección desmedida que algúns escritores manifestaban por estes signos gráficos.

---

<sup>23</sup> Cfr. "Bosquejo", II, p. 13 n.

<sup>24</sup> Refírome fundamentalmente ás propostas relativas ó emprego do apóstrofo e do guión contidas nos artigos "A nosa ortografía. Sobre o emprego do apóstrofo", *Nós* 24 (1925), pp. 5-8, e "A nosa ortografía. De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras", *Nós* 25 (1926), pp. 7-9.

## II. GRAMÁTICA

# 1. Introducción. O concepto de gramática e a procura da norma culta

## 1.1. A gramática e a súa división.

A primeira cuestión que cómpre abordar é a de determinar que é o que os nosos autores entenden por gramática e cales son, segundo eles, as partes en que se pode considerar dividida esta disciplina. Sen embargo, polas razóns que ó principio expuxemos<sup>1</sup>, os gramáticos galegos, en contra do que viña sendo tradicional na gramática española, a penas dedican espacio a tratar destes asuntos. Así, a única definición de gramática que atopamos é a que Valladares ofrece nos *Elementos*:

Gramática gallega es el arte de hablar y escribir correctamente en gallego por medio de letras, cuyas diferentes combinaciones forman las sílabas de que se componen las palabras (p. 11).

En realidade, a caracterización que ofrece o da Estrada non pasa de ser unha versión mimética e rutinaria das definicións habituais nos tratados gramaticais da época, que por outra banda son polo xeral simples adaptacións da formulada por Diomedes no século IV e logo transmitida de xeración en xeración case ata os nosos días<sup>2</sup>. De tódolos xeitos, sen excluír outras posibilidades, a fonte máis inmediata da definición de Valladares podería moi ben se-la que aparece nalgunhas edicións da gramática da Real Academia publicadas no século XIX:

---

<sup>1</sup> Vid. supra, pp. 10-11.

<sup>2</sup> Cfr. Constantino García, *Contribución a la historia de los conceptos gramaticales. La aportación del Brocense*, CSIC, Madrid, 1960, pp. 55-57; José J. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales en la tradición española (1771-1847)*, Universidade de Salamanca, 1981, pp. 18-23, e María Luisa Calero Vaquera, *Historia de la gramática española (1847-1920)*, Gredos, Madrid, 1986, pp. 29-33.

La *Gramática* es el arte de hablar con propiedad y escribir correctamente<sup>3</sup>.

Tampouco a división interna da disciplina que propoñen os nosos tratadistas achega ningunha novidade digna de interese con respecto ó que viña sendo usual na gramática española da época. Os tres que se refiren a ela, Cuveiro, Saco e Valladares, coinciden en propoñer unha división cuatripartita. Polo demais, a única discrepancia entre eles é de carácter exclusivamente terminolóxico.

Cuveiro (p. 7) e Valladares (p. 11) designan as catro partes coas etiquetas de *analoxía*, *sintaxe*, *ortografía* e *prosodia*. Trátase das denominacións máis difundidas nos textos españois, sobre todo despois de que a Academia Española as adoptase para a súa gramática a partir xa da edición de 1796<sup>4</sup>. Conforme indica a profesora Calero Vaquera, "el simple hecho de que esta división cuatripartita [...] esté propugnada por las autoridades académicas determina que la mayor parte de los gramáticos de que nos ocupamos observen esta misma repartición y con los mismos términos" (*Historia*, p. 40). A adopción destas etiquetas terminolóxicas por parte dos dous gramáticos galegos obedece sen dúbida ó mesmo mecanismo. Por outra banda, esta era así mesmo a división adoptada por Salvá<sup>5</sup>, quen, segundo veremos, exerceu unha influencia considerable sobre Valladares.

Saco, pola súa parte, tamén mantén na súa gramática a división en catro partes, pero troca o termo *analoxía* polo de *lexioloxía* "o tratado de las palabras" (p. 22), rama da

---

<sup>3</sup> Real Academia Española, *Gramática de la lengua castellana*, Imprenta Nacional, Madrid, 1866, p. 5.

<sup>4</sup> Cfr. Domínguez Caparrós, "La gramática de la Academia del siglo XVIII", *RFE* 58 (1976), pp. 85-86.

<sup>5</sup> Cfr. Vicente Salvá, *Gramática de la lengua castellana*. Edición y estudio de Margarita Llisteras, Arco Libros, Madrid, 1988, vol. I, p. 123.

gramática encargada do estudio da "naturaleza de las partes de la oracion" (p. 155). Esta denominación é innovadora en certa medida, pois se ben é certo que algúns gramáticos españois anteriores a el botaron man dela, ou da equivalente de *lexigrafía*, non é menos certo que nestas obras esta subdisciplina non sempre aparece en divisións cuatripartitas, e cando o fai o seu ámbito de estudio non sempre coincide co da *analogía* ou morfoloxía<sup>6</sup>.

O obxecto de estudio asignado nas gramáticas galegas a cada unha destas ramas concorda tamén en liñas xerais co reparto de papeis habitual na tradición española. Deste xeito, a analogía ou lexioloxía ten como misión definir e delimita-las clases de palabras ou 'partes da oración' e estudia-lo funcionamento das categorías gramaticais (os 'accidentes'). A sintaxe centra o seu estudio no emprego de cada unha destas 'partes' dentro do discurso e na orde e as relacións que manteñen entre si "para formar oraciones, esto es, expresiones completas de pensamientos" (Saco, p. 155). Polo demais, a prosodia encargaríase do compoñente fónico da linguaxe, e a ortografía do plano da representación gráfica.

## 1.2. A procura dun 'modelo de corrección' para o galego.

A definición que formula Valladares ("arte de hablar y escribir correctamente"), e que probablemente era a que tiñan en mente os seus colegas, introdúcenos na sempre difícil cuestión de determinar que é o que entenden os nosos gramáticos por falar e escribir 'correctamente'. Expresado doutro xeito, o problema estriba en decidir cal é o modelo

---

<sup>6</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 33-41; Calero Vaquera, *Historia*, pp. 36-48. Entre os gramáticos estudados por estes dous autores só Suárez Escudero emprega o termo *lexioloxía* cun valor idéntico ó da *analogía* tradicional nunha división cuatripartita semellante á de Saco, pero a súa gramática é de 1886, case vinte anos posterior á do ourensán.



de lingua que a gramática debe recoller e / ou impoñer, dependendo de que nela predomine a orientación descritiva ou ben a prescritiva.

Na gramática española da época foron varios os tratadistas que tentaron resolver esta cuestión. Fóra de pequenas diferencias de matiz, as súas respostas coinciden en propoñer como paradigma do 'bo uso' a fala das persoas cultivadas. Así, para Gómez Gayoso, un gramático do século XVIII, o modelo de corrección era o "uso de los varones doctos". Menos sexista, Salvá referíase ós "escritos o conversación de las personas doctas". Bello, pola súa parte, consideraba que o bo uso era o da "gente educada"<sup>7</sup>.

Sen embargo, a situación do galego non era en absoluto comparable á do español. De entrada os nosos primeiros gramáticos tiñan que se enfrontar cunha lingua mal descrita, pois o galego, como é sabido, non contaba cunha tradición minimamente sólida de estudos gramaticais. Pero é que ademais, a presión do idioma oficial do Estado e a conseguinte marxinación da lingua propia do país xerara todo un rosario de problemas de difícil resolución. Entre eles cómpre destacar en primeiro termo o desprestixio social do idioma, que en última instancia conducira a que moitos dos seus usuarios, especialmente en medios urbanos, o rexeitasen por consideralo un símbolo de atraso, rusticidade e incultura<sup>8</sup>. Por outra parte, o galego acusaba tamén a falta

<sup>7</sup> Para estes e outros exemplos cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 18-23; Calero Vaquera, *Historia*, pp. 30-31. Véxase ademais Ramón Sarmiento, "Introducción" a Real Academia Española, *Gramática de la lengua castellana*, edición facsimilar da primeira edición de 1771, Editora Nacional, Madrid, 1984, pp. 40-45.

dunha norma que actuase como aglutinante das distintas variedades diatópicas e que frease as tendencias disgregadoras. Ó mesmo tempo, debe terse en conta que o seu afastamento dos rexistros cultos impedira a súa modernización léxica e terminolóxica. Por último, a penetración do castelán acabara por provocar un certo deterioro do propio sistema lingüístico, que tiña como manifestación máis visible a incorporación de castelanismos e a creación de formas híbridas.

Daquela, ¿cal podía se-lo 'bo uso', o 'modelo de corrección' dunha lingua tradicionalmente asociada ás clases iletradas e ós rexistros coloquial e familiar? Certamente nos últimos anos o galego conseguira traspasar esa esfera para converterse en lingua literaria, ou máis exactamente poética, pero ¿era aconsellable tomar como modelo a lingua de calquera escritor polo mero feito de que escribise en galego?

Con respecto ó galego 'popular' e á conveniencia de empregalo como base para construí-lo patrón culto existen opinións enfrontadas entre os gramáticos. Na miña opinión é posible distinguir dúas tendencias fundamentais<sup>9</sup>: unha, representada por Saco, que podemos denominar 'popularista' na medida en que tenta achegar no posible o uso culto ó uso real dos falantes, e outra, representada por Valladares e por Manuel R. Rodríguez, que designaremos como 'cultista',

<sup>8</sup> Sobre a deserción de falantes e a consideración social do galego, véxanse Alonso Montero, *Constitución*, pp. 19-27; Carme Hermida, "Contribución á caracterización sociolingüística da segunda metade do século XIX", *Cadernos de lingua* 1 (1990), pp. 57-78. Desta mesma autora véxanse ademais "A consideración social do galego no século XIX e os intentos de modificala", en *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. II, Universidade de Santiago, 1991, pp. 95-103, e, sobre todo, *O rexurdir da conciencia idiomática (1840-1891)*, tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 1991, pp. 48-124.

<sup>9</sup> Cfr. Ernesto González Seoane, "Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX", *Actas do XIX Congreso de Lingüística e Filoloxía Románicas*, no prelo.

que considera que o galego popular, e especialmente o aldeán, é un cúmulo de vulgarismos e incorreccións de todo tipo. Tras estas dúas actitudes percíbense ademais dúas concepcións distintas do que debe se-la gramática. Para os primeiros o seu papel é eminentemente descritivo, polo que é a gramática a que debe amoldarse ós modos de dicir da xente e non ó revés. A misión do gramático será, pois, a de consignar todo o que escoita e non a de sancionar ou condenar esta ou aquela forma. Para os segundos, en cambio, o gramático non pode limitarse a describir sen máis a realidade lingüística, senón que está obrigado a realizar un labor de espurgo e de depuración para así elaborar unha lingua que poida servir de instrumento de comunicación para a xente fina e cultivada. Deste xeito, resulta lóxico que nas súas obras o compoñente prescritivo teña un peso moito maior ca nos anteriores.

Consecuentemente coa súa concepción, Saco non ten inconveniente ningún en propoñe-la fala rústica e aldeá que algúns tanto deostaban como base sobre a que alicerza-lo patrón lingüístico do galego. Se o fai así é porque considera que é nestes ámbitos onde o galego se mantivo a resguardo da penetración do castelán, a diferencia do que sucedeu nas cidades, onde segundo o seu testemuño se fala unha "abigarrada mezcla de gallego y castellano" (p. x). A este respecto Saco é tallante:

Una lengua que apenas puede llamarse escrita, no puede tenerse por pura, sino tal como la hablan las únicas personas que no se han dejado aun contagiar del castellano, esto es, los rústicos (p. viii).

De tódolos xeitos, Saco prevía que a súa proposta non ía ser acollida precisamente con entusiasmo nos círculos ilustrados do país, desde onde o acusarían de consagrar como norma o vulgarismo e a incorrección. Saco rebate por

anticipado estes argumentos apelando á necesidade de que o gramático se libere de prexuízos e de que opere de acordo con criterios internos. Moitos dos fenómenos considerados vulgares encontran a súa xustificación en procesos internos do propio sistema. Así o declara na súa obra en máis dunha ocasión:

El exámen atento y comparativo de esas alteraciones, al parecer opuestas á la corrección gramatical, me ha hecho conocer que tienen su fundamento en la naturaleza e índole particular de la lengua misma (p. viii).

As normas da 'corrección gramatical' que con frecuencia se invocan desde a posición contraria carecen, por tanto, de validez universal e, en consecuencia, é un erro aplicar a un idioma criterios de corrección tirados dunha lingua diferente.

Os gramáticos que agrupamos baixo a etiqueta de 'cultistas' non comparten os postulados de Saco. Lonxe disto, tanto Rodríguez como Valladares rexeitan a súa pretensión de elevar á categoría de norma o que consideran unha especie de *patois* bárbaro e vulgar. Neste sentido poden ser paradigmáticas as opinións vertidas por Rodríguez nalgún dos seus traballos. A cita é longa, pero paga a pena reproducírmola:

Tales defectos lingüísticos abundan mucho en las aldeas muy separadas de las capitales adonde van á buscar algunos escritores el verdadero lenguaje gallego, encontrando allí palabras bárbaras, en lugar de voces puras y cultas [...]. Así, pues, el verdadero lenguaje gallego no debe buscarse en la montaña entre las breñas, *cuyos habitantes, en vez de hablar, braman en su lengua natural*; ni tampoco se debe buscar en los pueblos limítrofes con Castilla y reinos vecinos, porque *el habla de estos habitantes es una jerga incomprensible por la mezcla de sus vocablos* [...]. El verdadero gallego debe buscarse en el interior de Galicia en los pueblos comarcanos á las capitales de provincia; pero aun así no se crea que sus palabras son todas puras, sino que

muchas de ellas pertenecen a otros idiomas ("Declinación", p. 341 n. O subliñado é meu).

Esta idea, que Rodríguez expón dun xeito tan contundente, estaba moi difundida durante a segunda metade do século. Xesús Alonso Montero cita opinións semellantes expresadas por Vicente de Turnes, que se mostra partidario "del gallego culto y pulido que se habla en las villas y ciudades civilizadas" e inimigo "del tosco y rudo que hablan las gentes del campo", e por Martínez González, que deplora que os escritores galegos prefiran "en vez del gallego culto o perfeccionado de las grandes poblaciones, el rudo y mal escogido que emplean nuestros aldeanos"<sup>10</sup>. Deste mesmo teor son as opinións xa citadas de Evaristo Martelo Paumán<sup>11</sup> ou as de Martínez Salazar, que censura os escritores que pretenden aprende-lo galego entre os aldeáns, "exponiéndose á tomar, como de buena ley, las *geadas* y barbarismos que acostumbran á usar"<sup>12</sup>.

Esta visión negativa do galego popular compártea tamén Valladares, que sinala como erros propios dos rexistros vulgares certos vocábulos e locucións que na súa obra son caracterizados como faltas contra as "regras da gramática" e contra a "pureza da linguaxe". Entre eles están, entre outros, o infinitivo conxugado ou as perífrases *andar a + infinitivo*, *ir + infinitivo*, *haber + infinitivo*.

Fronte á coincidencia no xuízo acerca da fala popular, Rodríguez e Valladares discrepan no relativo ós criterios

---

<sup>10</sup> Cito por Xesús Alonso Montero, *Constitución*, pp. 42-43. A cita de Turnes está tirada dunha carta inédita datada en 1860; a de Manuel Martínez González procede do seu "Tratado sobre el modo de escribir y hablar con propiedad el dialecto gallego", incluído como apéndice nos seus *Poemas gallegos*, Tip. de J. M. Madrigal, Pontevedra, 1883, p. 130.

<sup>11</sup> Vid. supra, pp. 44-45.

<sup>12</sup> A. Marsal, "Á uno, á otro y á todos", pp. 244-245.

que deben empregarse para dilucidar se unha determinada forma é ou non correcta. Rodríguez, que como moitos dos seus contemporáneos entende a evolución lingüística do latín ó romance como un proceso de corrupción, rexeita habitualmente aquelas formas que, segundo el, constitúen unha desviación con respecto ó que debería se-la súa evolución natural. Deste xeito, non poden ter cabida no galego culto formas como *cantín*, como o infinitivo persoal, ou como as desinencias verbais *-ches* e *-no*. Valladares, en cambio, encontra o seu modelo de corrección na gramática española. Deste xeito, como xa sinalou Antón Santamarina<sup>13</sup>, o da Estrada condena nos seus *Elementos* moitos dos erros sinalados por Álvarez Giménez para o castelán falado en Galicia<sup>14</sup>. Quizais pensaba don Marcial que o que non era digno dabondo para o español tampouco debía valer para o galego.

Un exemplo paradigmático do receo dos tratadistas galegos con respecto ó galego falado é o da gheada, un fenómeno condenado unanimemente por cantos se referiron a el<sup>15</sup>. Entre os gramáticos, soamente Mirás o admitiu abertamente, o que por outra parte lle valeu as censuras de Valladares:

Las *geadas* son un defecto de la gente idiota [...]; y, siendo un defecto, un abuso de simple pronunciacion [...], en ninguna gramática, en ningún vocabulario,

---

<sup>13</sup> Cfr. A. Santamarina, "Gramática", p. 193.

<sup>14</sup> Emilio Álvarez Giménez, *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia*, Pontevedra, 1870. A súa obra coñeceu diversas edicións e cambiou o seu título polo de *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León*. A edición que poden consultar publicouse con este segundo título en Valladolid en 1909.

<sup>15</sup> Para unha breve historia da consideración social deste fenómeno véxanse Alonso Montero, *Constitución*, pp. 43-45, e Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, Xerais, Vigo, 1990, pp. 177-181.

pueden hallar cabida y deslustran la, por otra parte, interesante obra del señor Mirás (*Diccionario*, p. vi)<sup>16</sup>.

Desta mesma opinión era tamén don Andrés Martínez Salazar:

Esta viciosa pronunciación, á que se llama *geadas*, hállase tan arraigada entre los campesinos y pueblo bajo de las ciudades galicianas, que ha dado márgen á que la aceptaran [...] algunos poetas del país ("En tela de juicio", p. 164).

Que esta era a opinión máis estendida demóstrao o feito de que unha persoa allea a Galicia como Cubí i Soler, de quen en principio esperaríamos que fose un observador imparcial, valora negativamente este fenómeno. Nesta actitude influirían sen dúbida as opinións dos seus amigos galegos:

Hay una bastarda pronunciazió palatuo-gutural que se oye en algunas limitadas comarcas, usada en vez de *ga*, *gue*, *gui*, *go*, *gu*; que no puede admitirse cuando se habla de un tipo jeneral que constituya el dialecto gallego<sup>17</sup>

Saco, en cambio, móstrase máis moderado e simplemente observa que "los gallegos sin instruccion" substitúen o /x/ polo /g/ ó trátaren de falar en castelán (pp. 13-14 n.).

Este rexeitamento xeral da gheada no galego culto responde sen dúbida a un prexuízo que leva a identificar como vulgar o que non é senón radicalmente galego. A este mecanismo inconsciente tense referido en varias ocasións o profesor Alonso Montero, para quen a condena da gheada "es síntoma de algo muy grave: creer que el mejor gallego es el

---

<sup>16</sup> Nun artigo de 1888, "Una reflexión", pronunciaríase no mesmo sentido: "Son locuciones inadmisibles, así en gallego, como en castellano, manera incivil de hablar; sólo disculpable en boca de gente zafia" (p. 398). As mesmas palabras figuran tamén nos *Elementos*, p. 20.

<sup>17</sup> Carballo Calero, "Un manuscrito de D. Mariano Cubí y Soler (Observaciones sobre el gallego y otras curiosidades lingüísticas)", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 24 (1969), p. 283.

gallego menos gallego o, de otro modo, el más próximo al castellano" (*Constitución*, p. 44)<sup>18</sup>.

O seseo, en cambio, non tivo tan mala fortuna. O feito de que Rosalía o empregase nas súas composicións sen dúbida debeu axudar, se non a prestixialo, cando menos si a dignificalo no plano literario. Quizais sexa isto o que explica que atopemos algúns exemplos illados de seseo prenuclear en escritores nos que en principio a súa aparición non sería esperable<sup>19</sup>. Por outra banda, o seseo implosivo si aparece representado, e frecuentemente, nos textos literarios. Paralelamente, nas gramáticas detéctase unha maior permisividade que con respecto á gheada. Mirás, como é sabido, represéntao de forma sistemática no seu *Compendio*. Saco rexístrao na súa obra como fenómeno característico do galego 'setentrional' (en realidade occidental) e trátao de forma aséptica, sen un asomo de censura. De tódolos xeitos, das súas palabras parece deducirse unha certa predilección, lóxica por outra banda, polo sistema non seseante:

El gallego del norte sustituye la *s* á la *c* casi siempre antes de *e* ó *i*, diciendo, por exemplo, *grasia*, *naser*, donde el otro, mas conforme á la etimología, pronuncia *gracia*, *nacer* (p. 233).

Valladares, en cambio, equipara o seseo prenuclear coa gheada e, en consecuencia, condénao como vulgar no seu *Diccionario* (p. vi). Pola contra, en posición implosiva

---

<sup>18</sup> Este mesmo autor pronúnciase en parecidos termos en *O que compre saber da lingua galega*, Alborada, Buenos Aires, 1969: "Os escritores -prácticamente todos- que rexeitan a «geada» e o seseo no fondo aceptan un criterio idiomático desgaleguizador. Eles creen fuxir só da rudeza e resulta que tamén fuxen do galego" (p. 41).

<sup>19</sup> Refírome concretamente a casos coma os de Curros e Lamas. Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 200-210, esp. 200-202.



final non só o admite como pronuncia, senón que tamén o representa graficamente<sup>20</sup>:

Las terminaciones castellanas en *az, ez, iz, oz, uz*, usuales en las provincias de Orense y Lugo, hacen en las de Coruña y Pontevedra *as, es, is, os, us* (*Elementos*, p. 39).

En calquera caso, a pesar das consideracións de Saco e da súa proclamada fidelidade inquebrantable ó galego popular, no XIX galego este é mirado polo xeral con desconfianza e mesmo con desprezo.

Por outra parte, tampouco o galego literario conseguiu escapar ás críticas. Son moi numerosos os testemuños que se poderían presentar a este respecto, pero entre eles é preciso destacar inexcusablemente as censuras contra a lingua castelanizada que empregan moitos escritores. Neste sentido é particularmente lúcida a visión que nos ofrecen Aureliano José Pereira ("Academia gallega", p. 107) e Martínez Salazar ("A uno, á outro y á todos", p. 248). Na súa opinión a causa desta situación está no feito de que a maioría dos escritores galegos recibiu a súa formación intelectual en castelán. Deste xeito, cando se poñen a escribir o que realmente fan é traducir a este idioma o que pensan en castelán. Pero, como indica Pereira, "para escribir en galego, no basta emplear palabras gallegas; es preciso conservar la esencia; lo que es verdaderamente gallego; la estructura, la sintáxis, el giro; la propia forma literaria de nuestro idioma" (p. 107).

O castelanismo, tanto léxico como morfolóxico, e o hibridismo castelán-galego figuran tamén entre os erros máis comúns do galego literario sinalados por Saco no seu

---

<sup>20</sup> De feito, na exemplificación dos *Elementos* son frecuentes as voces con seseo implosivo (*rapás / rapaza*, p. 39), o mesmo ca no *Diccionario* (*rapás / rapaces*).

coñecido artigo "Poesía gallega contemporánea. Sus defectos mas comunes"<sup>21</sup>. Neste seu traballo, sen dúbida o máis interesante de cantos se dedicaron a esta cuestión, Saco sinala ademais a tendencia dalgúns escritores ó diferencialismo enxebrista (pp. 10-11), así como a mestura inadecuada de voces pertencentes a rexistros distintos (pp. 11 e 17-18). Polo demais, o ourensán reitera o seu parecer, expresado xa no prólogo da súa gramática (p. ix), de que non existe aínda no panorama literario galego unha figura da talla dun Camoëns ou dun Mistral, susceptible de ser tomada como modelo lingüístico e literario.

### 1.3. A pluralidade dialectal e o establecemento da norma.

Entre os estudiosos do galego e as persoas preocupadas polo seu futuro é case un lugar común a preocupación polo estado de dialectalización da lingua e polas consecuencias que dela poden derivar. Poden servir de mostra desta inquedaanza opinións como as de Pesqueira Crespo, que vía neste proceso unha ameaza para a unidade e para a supervivencia do idioma:

Nuestro dialecto iba perdiendo la unión que le informara; en las costas no era idéntico al de las montañas, variaba con las distintas regiones de una provincia y caminaba con pasos de gigante hacia su tumba<sup>22</sup>.

De tódolos xeitos, é forzoso recoñecer que con frecuencia se percibe unha certa tendencia a magnificar e mitificar esta situación. Esta propensión é patente en observacións como as de Cuveiro, que fala das "infinitas subdivisiones de las cuatro provincias gallegas, en comarcas

<sup>21</sup> Este traballo de Saco apareceu en *El Heraldo Gallego*, III, n. 104 (05.01.1876), pp. 3-5; n. 105 (08.01.1876), pp. 9-11; n. 106 (12.01.1876), pp. 17-18.

<sup>22</sup> R. Pesqueira Crespo, "Cuestión de actualidade", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 8 (08.1888), p. 406.

tambien especiales y en las que tampoco se entienden entre sí, ciertos vocablos ó frases enteras" (p. vi), ou como as de Pardo Becerra, que afirma que "n-un mesmo Auntamento, se falan palabras compretamente difrentes pra expricar unha mesma cousa"<sup>23</sup>. Máis difícil de crer aínda é que, como pretende Joaquín de Arévalo, un inimigo declarado do galego, "apenas podrán reunirse gallegos de las cuatro provincias que se entiendan entre sí"<sup>24</sup>.

Por outra banda, non faltan tampouco as persoas que, lonxe de ver nesta variedade un perigo, considéranla un índice da riqueza e da vitalidade do noso idioma. Esta é, por exemplo, a opinión de Murguía<sup>25</sup>. O propio Saco consideraba tamén que mesturar con discreción e oportunidade formas procedentes de diversas modalidades dialectais resultaba "útil y conducente para aumentar la riqueza y variedad del gallego literario" (p. 234).

En calquera caso, o certo é que tódolos autores son conscientes da diversidade do galego falado. Sen embargo, son moi poucos os intentos de establecer unha clasificación das variedades dialectais do galego. Para sermos exactos, a única tentativa minimamente seria é a de Saco, que, tras sinalar que o galego é "uno e idéntico en lo esencial en las varias provincias que lo usan", distingue un 'subdialecto'

---

<sup>23</sup> M. Pardo Becerra, "D'a fala gallega", *A Monteira*, I, n. 10 (17.12.1889), p. 74.

<sup>24</sup> Joaquín de Arévalo, "El dialecto", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 7 (07.1888), p. 308.

<sup>25</sup> Véxase a súa nota ó artigo de J. Sieiro, "Porvenir del dialecto gallego", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, I (1879), n. 25, pp. 299-300. Nela, despois de sinalar que o castelán non é tan uniforme como se cre, indica: "Sin embargo, no se le ocurre á nadie que estas manifiestas diversidades sean indicio de muerte y aniquilamiento próximo del idioma castellano, ántes al contrario, se tienen como prueba de la vitalidad y se las mira como una de las tantas fuentes de riqueza de su Diccionario" (p. 299 n.).

setentrional e outro meridional (pp. 231-234)<sup>26</sup>. Prescindindo das etiquetas xeográficas (as características do subdialecto setentrional corresponden en realidade ó do galego occidental, en tanto que as do meridional coinciden coas do galego lucu-auriense<sup>27</sup>), Saco acerta ó escolle-los trazos máis significativos para o establecemento das fronteiras interdialectais: seseo, resultados de -ANU / -ANA latinos, plural dos nomes en -n, etc.

Noutra orde de cousas, a conciencia da realidade dialectal non deu lugar a polémicas sobre a conveniencia de elevar á categoría de norma tal ou cal modalidade xeográfica. Pola contra semella que xa desde un principio se impuxo o criterio de que o rexistro culto debía ter en conta tódalas variedades do galego. Neste sentido Pintos chega a propoñer por dúas veces, nunha ocasión por boca de Pedro Luces<sup>28</sup> e noutra a través do seu trasunto literario<sup>29</sup>, a

---

<sup>26</sup> Outras propostas como a do furibundo antigaleguista Leopoldo Pedreira, *Descripción de España*, A Coruña, 1912, só merecen ser citadas a título anecdótico. Véxase a súa caracterización en Ricardo Carballo Calero, "Sobre dialectoloxía do galego", *Grial* 61 (1978), pp. 348-353, esp. p. 349 n. O mesmo se pode dicir do intento de González Besada, *Historia crítica de la literatura gallega. Edad antigua*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1887, que considera insatisfactoria a proposta de Saco, que lle parece demasiado sinxela. Para mellorala propón outra baseada na suposta predilección que os falantes de cada provincia mostran por determinadas vocais: "En la provincia de Pontevedra se habla el gallego de distinta suerte que en Lugo; en la primera se abusa de la a y del diptongo ei; en la segunda de la u. En la de la Coruña hay una tendencia á pronunciar abiertas todas las vocales, llegando á dar á la ó un sonido parecido á la a un poco oscura. Por el contrario, dentro de la misma provincia, en Santiago, hay una tendencia manifiesta al empleo de la u, que sin ser tanto como en Lugo, se acerca más al de esta provincia que á otro ninguno. En Orense usan la e con preferencia á otras vocales" (p. 53). Sobran comentarios.

<sup>27</sup> Para esta identificación, cfr. Antón Santamarina, "Dialectoloxía galega. Historia e resultados", en Ramón Lorenzo e Dieter Kremer (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, Xunta de Galicia, Santiago, 1982, p. 160.

<sup>28</sup> "Y si se unieran tres compostelanos / Con otros tres del orensano suelo / De Pontevedra tres y tres de Lugo / Que una docena forma ese cologio / Dentro de poco se uniformaría / Todo el lenguaje de este antiguo reino" (p. 69).

<sup>29</sup> "Que si catro galleguiños / Das catro esquinas do reino / Se sacoden, co él abrochan / Con patriótico empeño / Po las aldeas é vilas / E cuiden de recollelo, / De compolo e arrombalo, / E facer un todo inteiro [...]" (p. 37).

constituición dunha especie de asemblea de representantes das catro provincias encargada de unifica-lo galego pola vía de recolle-lo mellor de cada unha. Valladares inscríbese na mesma liña, aínda que facendo gala unha vez máis dos seus coñecidos prexuizos antipopularistas:

No debemos, pues, fijarnos demasiado en si la gente ordinaria de tal ó cual, punto habla de esta ó de la otra manera, sino en lo mejor de cada localidad, y formar luego un conjunto de reglas ó preceptos, á que hayan de atenerse todos los gallegos de alguna cultura ("Una reflexión", pp. 398-399).

De tódolos xeitos, aínda que ningún autor mostre explicitamente preferencia por unha variedade dialectal, o certo é que todos eles tenden a describir, como é lóxico, o galego que mellor coñecen, isto é, o galego da súa área de procedencia. Mais non é a súa praxe o que nos interesa agora, senón os postulados teóricos que defenden. E é novamente en Saco onde atopámo-la máis clara declaración de principios:

Ofrece [o galego] gran variedad de formas y de giros, no solo en las diferentes provincias, sino aun en localidades pequeñas y poco distantes entre sí. Por eso mostrará harto censurable exclusivismo aquel que entre las varias formas de que para una misma idea abunda nuestro dialecto, no reconozca como castizas, sino únicamente aquellas que está acostumbrado á oír en la localidad de su nacimiento ó residencia (p. x).

Fiel a este principio, o gramático ourensán declara a súa vontade de rexistra-las variantes, sempre que estas existan, sen concederlle preeminencia a ningunha:

En el tratado de cada una de las partes de la oracion, hemos procurado comunmente presentar las principales formas subdialécticas que de una misma palabra existen, sin mostrar, generalmente hablando, preferencia por ninguna (p. 234).

A isto mesmo parece apuntar Cuveiro cando, despois de enumerar diversas variantes dialectais, remata dicindo que "cualquiera de ellas no disuena" (p. 8).

Sen embargo, a través de varias cartas de Saco a Murguía sabemos que este, máis partidario do galego lugués e compostelán, que consideraba máis próximos ó portugués<sup>30</sup>, o acusou de parcialidade en favor da variedade ourensá. Saco responde recoñecendo que nalgún caso puido deixarse arrastrar pola maior familiaridade das solucións do seu galego nativo, pero reafirma unha vez máis a súa convicción de que "todos [os 'subdialectos'] son buenos y que todos pueden utilizarse con ventaja, ya solos, ya mezclados, según la eufonía en determinados pasajes, el buen oído del escritor y el género de la composición lo exigieran o aconsejaran"<sup>31</sup>.

Así e todo, esta acusación debía estar bastante xeneralizada por canto volvemos a atopala nun artigo de crítica sobre as poesías de Saco publicado en 1878 no *Diario de Santiago*. Lamas saíra en defensa do seu admirado Saco desde as páxinas do seu xornal *El Herald Gallego*:

---

<sup>30</sup> A proximidade ó portugués é para Murguía o factor que permite medi-la pureza do galego. Saco rexeita este criterio: "La semejanza de una lengua con otra rarísima vez podrá ser indicio de pureza, muchas veces lo será de corrupción o alteración de una de las dos". O gramático ourensán rebate tamén a opinión de que o galego ourensán estaba máis castelanizado có doutros lugares de Galicia. Cfr. J.L. Varela, "Cartas a Murguía", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 25 (1953), pp. 292-293. As tres cartas de Saco a Murguía ocupan as pp. 290-294. Desafortunadamente non se conservan as respostas de Murguía. Véxase ademais J.L. Varela, *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*, Gredos, Madrid, 1958, p. 66.

<sup>31</sup> J.L. Varela, "Cartas", p. 293.

Dejemos pasar la frase, aunque galicana, «¡Aparte de ser el subdialecto de la provincia de Orense el empleado en sus poesías gallegas» dicha en son de tacha; pero no sabemos porqué afirma ser esto natural «si se toma en consideracion la índole de la *Gramática* del Sr. Saco», como si esta obra que hemos tenido ocasion de estudiar con detenimiento y en la que se dá igual cabida á las principales diferencias subdialécticas, fuse la gramática, mas bien que de la lengua gallega, de alguno de sus subdialectos<sup>32</sup>.

Uns días despois o *Heraldo* sairía ó contraataque criticando a lingua, singularmente os castelanismos e o seseo, dalgúns escritores occidentais:

Si en estas se diferencia el dialecto gallego de la provincia de Orense, si prefiere las voces puramente gallegas á las castellanas, puede decirse que es mas correcto que ese otro gallego mezcla de castellano y gallego<sup>33</sup>.

O único gramático que escapa á tendencia xeral citada é Mirás, que no seu *Compendio* recolle un galego predominantemente occidental que se adoita identificar co da comarca compostelá. Sen embargo, no vocabulario que segue á descripción gramatical teñen cabida, segundo o propio autor, vocábulos oídos "de viva voz á diferentes gallegos de todos lugares" (p. 10).

Este respecto exquisito pola pluralidade dialectal, que de certo non contribuíu moito ós proclamados desexos de unificación, contrasta abertamente coa rixidez e inflexibilidade con que, segundo vimos, se tratan as cuestións ortográficas. Isto fainos sospeitar que cando falan de unificación o que a maioría dos autores tiña en mente era fundamentalmente a unificación ortográfica.

---

<sup>32</sup> "Al *Diario de Santiago*", *Heraldo Gallego*, V, n. 267 (31.05.1878), p. 235.

<sup>33</sup> "A *El Diario de Santiago*", *Heraldo Gallego*, V, n. 269 (10.06.1878), p. 254.

## 2. As 'partes da oración'

Os tres autores que tratan desta cuestión, Saco, Valladares e Rodríguez, ofrecen cadanseu sistema distinto de clasificación das palabras. Así, mentres que Saco (p. 22) distingue soamente oito clases, catro variables (*artigo, nome, pronome, verbo*) e catro invariables (*adverbio, preposición, conxunción e interxección*), Rodríguez ("Apuntes", p. 14) eleva a nómina a nove ó escindi-la clase nome en *substantivo* e *adxectivo*, que eran en Saco dúas subclases do nome, e Valladares complétaa ó considera-lo *participio*, que en Saco e mais en Rodríguez figuraba como unha forma máis do paradigma verbal, como clase independente.

O sistema en dez partes proposto por Valladares é un dos máis comúns na gramática española do século XIX. Como sinala Calero Vaquera (*Historia*, p. 55), na súa difusión sen dúbida debeu de desempeñar un papel determinante a decisión da Real Academia de asumilo na súa gramática a partir da edición de 1870. É máis que probable que fose esta a fonte directa de que se serviu o gramático galego.

Bastante menos comúns son os sistemas que propoñen Saco e mais Rodríguez. Con respecto ás clasificacións máis tradicionais, as propostas destes dous gramáticos comparten unha innovación fundamental, que non é outra cá exclusión do participio da relación de clases de palabras. A tradición de incluílo como clase independente do verbo arrinca xa da gramática grega do período helenístico, e máis en concreto da obra de Dionisio o Tracio, de onde pasou á gramática latina da man de Prisciano. Ó seu mantemento en época moderna non deberon ser alleos a influencia e mailo prestixio que acadou a *Grammaire* de Port-Royal, que recolle



o sistema de clasificación de Prisciano complementándoo coa inclusión da clase artigo<sup>34</sup>, que por razóns obvias malamente podía figurar no sistema do gramático latino. No ámbito español xogaríase un papel decisivo a gramática académica, que incluíu o participio como clase independente xa na primeira edición<sup>35</sup> e que o mantivo así todo ó longo do século XIX<sup>36</sup>. Deste xeito, a maioría dos gramáticos anteriores e contemporáneos a Saco e a Rodríguez continúan a integralo nas súas clasificacións, ben por convicción ou, máis probablemente, por simple rutina<sup>37</sup>.

De tódolos xeitos, dentro da tradición española non faltan tampouco os precedentes para as clasificacións propostas por estes dous gramáticos galegos. En concreto, o sistema en oito partes polo que opta Saco encontrámolo en diversas gramáticas producidas ó longo da primeira metade do século: as de Pelegrín, Saqueniza, Noboa, Balmes e Núñez de

---

<sup>34</sup> Antoine Arnauld e Claude Lancelot, *Grammaire générale et raisonnée de Port-Royal*, Slatkine Reprints, Genève, 1980: "Les mots de la première sorte [os que refiren o obxecto do noso pensamento] sont ceux que l'on a appelés, *noms, articles, pronoms, participes, prépositions et adverbés*; ceux de la seconde [os que expresan a forma do pensamento], sont *les verbes, les conjonctions, et les interjections*" (pp. 47-48).

<sup>35</sup> "En nuestra lengua son nueve, por este orden. 1. Nombre. 2. Pronombre. 3. Artículo. 4. Verbo. 5. Participio. 6. Adverbio. 7. Preposicion. 8. Conjunction. 9. Interjeccion" (pp. 2-3). Real Academia Española, *Gramática de la lengua castellana*, Joachin de Ibarra, Madrid, 1771, pp. 2-3. Cito pola edición facsimilar con introducción de Ramón Sarmiento publicada pola Editora Nacional, Madrid, 1984.

<sup>36</sup> Na 31ª edición, de 1920, o sistema proposto consta tamén de nove partes, pero nel, a diferenza do que sucedía nas edicións anteriores, non ten cabida xa o participio. A súa supresión queda compensada pola escisión da clase nome en dúas novas: substantivo e adxectivo. Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, pp. 56-57.

<sup>37</sup> Para a evolución na clasificación das 'partes da oración' cfr. Ramón Sarmiento, "Introducción" a RAE, *Gramática (1771)*, pp. 53-65; Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 91-103; Calero Vaquera, *Historia*, pp. 54-66. Véxase tamén Viggo Brøndal, *Les parties du discours. Parties orationis*, Einar Munksgaard, Copenhagen, 1948; Ian Michael, *English Grammatical Categories and the tradition to 1800*, Cambridge University Press, Cambridge, 1970.

Arenas<sup>38</sup>. O sistema de nove partes que propón Rodríguez, moi empregado na gramática inglesa do XVIII, adoptouno por primeira vez en España Jovellanos, a fins deste século, e logo asumírono antes có gramático galego Calleja, Suárez Escudero, Galí Claret e Blanco y Sánchez<sup>39</sup>.

---

<sup>38</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 100; Calero Vaquera, *Historia*, pp. 57-58.

<sup>39</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 98; Calero Vaquera, *Historia*, pp. 56-57.

### 3. O artigo

#### 3.1. O artigo como 'parte da oración'. Caracterización.

A tradición de integra-lo artigo como clase independente e autónoma dentro dos sistemas de clasificación das categorías verbais arrinca xa de antigo, concretamente da gramática grega do período helenístico. No período máis próximo ó que ocupan os nosos gramáticos son excepción os autores que lle negan a consideración de clase primaria e que o integran ora entre os pronomes persoais ora entre os 'adxectivos determinativos'<sup>1</sup>.

Polo que se refire ás gramáticas galegas, cómpre dicir que ningunha delas se afasta desta norma xeral. Así, tanto Saco como Rodríguez ou Valladares, que son os únicos que ofrecen unha clasificación das partes da oración, inclúen invariablemente o artigo entre elas.

Así mesmo, estes tres autores van ser tamén os únicos que intenten unha caracterización do artigo como clase de palabras.

Saco inscríbese na liña que se vén considerando tradicional e que, segundo a autorizada opinión de Lázaro Carreter<sup>2</sup>, ten o seu inicio na *Grammaire* de Port Royal:

---

<sup>1</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 154, e Calero Vaquera, *Historia*, p. 78.

<sup>2</sup> Fernando Lázaro Carreter (1975): "El problema del artículo en español. 'Una lanza por Bello'", in *Homenaje a la memoria de don Antonio Rodríguez Moñino*, Castalia, Madrid, p. 347.

La signification vague des noms communs et appellatifs [...] n'a pas seulement engagé à les mettre en deux sortes de nombres, au singulier et au pluriel, pour la déterminer; elle a fait aussi que presque en toutes les langues on a inventé de certaines particules, appelées *articles*, qui en déterminent la signification d'une autre manière, tant dans le singulier que dans le pluriel (p. 66).

Esta corrente que se adoita caracterizar como loxicista basea a caracterización do artigo na doutrina da *determinación*. É dicir, segundo esta concepción, a función do artigo non é outra que a de determina-lo substantivo restrinxindo a súa extensión. En palabras de Lázaro, "basta con que el artículo definido o indefinido se añada a un nombre, para que se restrinja su extensión (esto es, la suma de las individualidades o de las unidades a que ese nombre se aplica), para que, de general o colectivo que era, se haga más o menos limitado cuantitativamente" (p. 347).

Este será o criterio fundamental da caracterización de Saco. Por outra banda, na doutrina da *determinación* descansa tamén a distinción que este establece entre o artigo determinado e o indeterminado:

Ambos sirven para determinar ó restringir la significacion de los nombres; pero el artículo *el* lo hace de un modo mas concreto que *uno*, por lo cual se le llama *determinado*, y al segundo, *indeterminado* (p. 23).

Para Saco, a maior ou menor concreción na *determinación* está ligada á circunstancia de que o substantivo determinado polo artigo sexa ou non coñecido por ámbolos interlocutores. Segundo o noso autor, o artigo presenta o obxecto que acompaña como coñecido, só polo falante no caso do indeterminado, e polo falante e mais polo oínte no caso do determinado. Para demostralo propón tres exemplos, o primeiro sen artigo (*hay hombres á la puerta*), o segundo con artigo indeterminado (*hay unos hombres á la puerta*) e o

terceiro con artigo determinado (*están los hombres á la puerta*), e concreta a diferenza do seguinte xeito:

La primera no excita mas idea que la de hombres en general: la segunda hace sospechar que éstos son conocidos, á lo menos en alguna de sus circunstancias, por el que habla: y la tercera, que lo son tambien por aquel á quien se dirige la palabra (p. 23).

Así pois, o artigo, determinado ou indeterminado, restrinxe a extensión do nome, individualízao e preséntao como coñecido. Neste sentido, opónse na orde paradigmática á ausencia de artigo. Por outra parte, a oposición entre o determinado e o indeterminado establécese sobre a base de que o substantivo sexa ou non consabido polo oínte.

No capítulo dedicado á sintaxe do artigo Saco engade un trazo máis á súa caracterización sinalando, sen máis precisións, que o artigo desempeña ademais outra función: a de indica-lo xénero do substantivo que acompaña (p. 155).

Ó fundamenta-la súa caracterización do artigo no criterio da determinación e, sobre todo, ó relegar a un lugar marxinal a súa función de anticipador das categorías gramaticais do substantivo, Saco enfróntase á doutrina que xa desde a primeira edición da súa gramática viña sostendo a Academia Española<sup>3</sup>, e con ela boa parte da gramática española<sup>4</sup>, que, ó contrario que Saco, situaban en lugar preferente a función de sinalador do xénero e que discutía o papel preponderante que algúns gramáticos innovadores lle

---

<sup>3</sup> Na edición de 1771 a RAE definía o artigo como a "parte de la oracion que sirve para distinguir los géneros de los nombres" (p. 50). As referencias á súa función determinadora ocupaban neste texto un lugar secundario (pp. 52-53). Na edición de 1866 a Academia mantiña unha definición idéntica á anterior: "El artículo es una parte de la oración que sirve para determinar el género y el número de los nombres sustantivos, y sólo á ellos se junta ó á otra parte de la oración que haga veces de nombre" (p. 8).

<sup>4</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 155-160, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 79-80 e 83-84.

concedían á súa función de determinante. Deste xeito, na edición de 1866, a gramática académica, tras recoñecer que o artigo "sirve tambien en muchos casos para contraer la significación vaga del nombre á objetos especiales", engadía:

Algunos gramáticos generalizan tanto este principio, que lo reputan único objeto del artículo y de forzosa aplicación con leves excepciones (p. 10, n. 1).

A visión que Saco nos ofrece achégase máis á que en 1847 expoñía Bello na súa *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*, onde o gramático venezolano situaba en lugar central a doutrina da determinación, ligándoa, coma o ourensán, á do consabido:

Juntando el artículo definido a un sustantivo, damos a entender que el objeto es determinado, esto es, consabido de la persona a quien hablamos [...]. Si yo dijese: *¿qué les ha parecido a ustedes la fiesta?*, creería sin duda que al pronunciar yo estas palabras se levantaría, como por encanto, en el alma de *ustedes* la idea de cierta fiesta particular, y si así no fuera, se extrañaría la expresión<sup>5</sup>.

A caracterización de Rodríguez Rodríguez non supón ningunha novidade con respecto á que vintecinco anos antes deseñara Saco. Coma el, don Manuel basea a súa formulación na doutrina da determinación, que concibe como limitación da extensión significativa do substantivo. Así, segundo Rodríguez,

---

<sup>5</sup> Andrés Bello, *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*. Con las *Notas* de Rufino José Cuervo. Estudio y edición de Ramón Trujillo, vol. I, Arco Libros, Madrid, 1988, p. 277.

Es el artículo una palabra, que tiene por objeto sacar un nombre común de entre los seres de su misma especie, limitando su significación indeterminada, ó, mejor dicho, individualizándola como si fuera nombre propio; así pues, la palabra *corpo* se halla incluida en la masa común de seres que son *cuerpos*; pero, si le añado el artículo *o*, limitaré su extensión, de manera que *o corpo* no será una idea general sinó particular, por referirse a un ser determinado ("Declinación", p. 462, e "Apuntes", p. 18).

Con respecto á oposición entre *o* artigo determinado e *o* indeterminado, Rodríguez considera que a diferencia radica na 'eficacia' con que un e outro restrinxen "la significación vaga del nombre"<sup>6</sup> ("Declinación", p. 463). Se ben é discutible que esta oposición se poida establecer en termos de 'eficacia determinadora', parece que Rodríguez apunta á 'concreción' na determinación de que falaba Saco.

Merece a pena sinalar tamén as observacións de Rodríguez a propósito da distinción entre *o un* artigo e *o un* numeral ("Declinación", p. 463 n.). Segundo este autor a diferencia radica, por unha parte, na distinta natureza dos elementos con que pode conmutarse, e por outra no feito de que admita ou non flexión de número. De acordo co primeiro criterio, *un* artigo oponse a *un* numeral porque o primeiro alterna na orde paradigmática con indefinidos como *certo* ou *calquera*, en tanto que o segundo -debemos supoñelo, pois Rodríguez non o aclara- o fai cos demais numerais. Polo que se refire ó segundo factor diferencial, *un* artigo admite un morfema de plural, mentres que *un* numeral non. Ora ben, ó conmuta-lo artigo indeterminado cos indefinidos, Rodríguez está cuestionando indirectamente, se cadra sen sequera

---

<sup>6</sup> A expresión que emprega Rodríguez, "contraer la significación vaga del nombre", parece tomada literalmente da definición que ofrece a *Gramática* da Academia na súa edición de 1866 e que reproducimos pouco máis arriba.

sabelo, a inclusión desta forma baixo a etiqueta de 'artigo'<sup>7</sup>.

Fronte ás caracterizacións de Saco e Rodríguez, que se fundamentan case exclusivamente no criterio nocional da determinación, a definición de Valladares semella ser máis ecléctica, na medida en que combina trazos caracterizadores de natureza diversa. O artigo é, segundo Valladares, "una pequena palabra declinable que, antepuesta al nombre, marca la extensión de su significado, género y número á que pertenece" (p. 27). Tanto polo contido como pola súa propia estrutura, a definición de don Marcial resulta moi semellante á que propoñía Vicente Salvá en 1847 na oitava edición da súa gramática do español:

El *artículo* es una palabra corta que, antepuesta al nombre o a alguna otra parte de la oración que haga sus veces, señala la especie a que pertenece el objeto, o bien nos sirve para empezar a determinar el individuo de que hablamos, a más de designar siempre su número y género<sup>8</sup>.

Unha e outra destacan como características definitórias a distribución na frase nominal ("antepuesta al nombre") e as funcións de determina-lo nome e de anuncia-lo seu xénero e mailo seu número.

Como Saco e Rodríguez, Valladares distingue tamén un artigo definido ou determinado (*o, a / os, as*) e outro indefinido ou indeterminado (*un, unha / uns, unhas*), pero, a

---

<sup>7</sup> De feito, este é un dos argumentos que manexan os gramáticos que hoxe lle negan a condición de artigo. Cfr., por exemplo, Amado Alonso, "Estilística y gramática del artículo en español", in *Estudios lingüísticos. Temas españoles*, Gredos, Madrid, 1951, pp. 123-160; Alarcos Llorach, "El artículo en español" e "«Un», el número y los indefinidos", ambos incluídos en *Estudios de gramática funcional del español*, Gredos, Madrid, 1980<sup>3</sup>, pp. 223-234 (esp. 227-228) e 275-286 respectivamente.

<sup>8</sup> Cito pola edición de Margarita Llisteras, Madrid, Arco Libros, 1988, p. 201.



diferencia deles non xustifica a oposición entre as dúas series.

### 3.2. O artigo determinado.

#### 3.2.1. Morfoloxía.

O paradigma do artigo establécese, de acordo coa descrición que fan os nosos gramáticos, a partir de dúas correlacións gramaticais, unha de xénero e outra de número. Ora ben, non existe un acordo total entre todos eles, xa que mentres Saco e Valladares defenden a existencia dun artigo neutro, diferenciado do feminino e do masculino aínda que formalmente coincidente con este último, os demais consideran só dous termos dentro da oposición xenérica: masculino e feminino.

Nin Saco nin Valladares xustifican a súa postura, pero sen dúbida esta é o resultado de identificar, por causa da influencia do español, unha función (a que Gili Gaya<sup>9</sup>, entre outros, denomina "substantivación neutra") co elemento transcategorizador que o español emprega con esta función (o artigo neutro *lo*).

Así o entende Rodríguez Rodríguez, que atribúe esta caracterización a unha transposición mimética dos esquemas de análise da tradición gramatical española:

---

<sup>9</sup> O español é, segundo Gili, a única lingua románica que mantén un artigo neutro invariable que se emprega para substantiva-los adxectivos considerados en abstracto ou en sentido colectivo. Así, fronte á substantivación cos artigos masculino ou feminino, "la substantivación con *lo* da al adxectivo carácter abstracto y colectivo, mientras que con el artículo masculino (definido o indefinido) tiene significación concreta e individual" (Samuel Gili Gaya, *Curso superior de sintaxis española*, Bibliograf, Barcelona, 1980<sup>13</sup>, p. 224, § 169). Cfr. ademais Emilio Alarcos Llorach, "¡Lo fuertes que eran!", en *Estudios de gramática funcional del español*, Gredos, Madrid, 1980<sup>3</sup>, pp. 235-248.

Los adjetivos, sustantivados en abstracto, van, en otras lenguas, determinados por un artículo en distinta forma que los demás, el cual denominan los gramáticos forma neutra, como acontece en la lengua española, y por eso el señor Saco y otros escritores admiten un tercer artículo en gallego ("Declinación", p. 528).

Para Rodríguez, sen embargo, esta forma non é outra có artigo masculino<sup>10</sup>. Non se trata, pois, de que o gallego non poida expresar este tipo de substantivación. O que acontece é que o elemento transpositor que se emprega para este fin é o artigo masculino.

Os textos analizados non inclúen na presentación do paradigma do artigo referencias á existencia de variantes alomórficas. Pola contra, estas preséntanse, como veremos a seguir, como simples procesos fonéticos que afectan á consoante final da palabra que precede o artigo. Deste xeito, de acordo coa descrición que fan os nosos gramáticos, o paradigma do artigo está integrado polas seguintes formas:

a) Mirás (pp. 11-13), Cuveiro (pp. 7-8), Rodríguez ("Declinación", pp. 462-464; "Apuntes", pp. 21 e 25-27; "Bosquejo" III, p. 11):

	masculino	feminino
singular	o	a
plural	os	as

b) Saco (pp. 23-25), Valladares (pp. 27-29):

	masculino	feminino	neutro
singular	o	a	o
plural	os	as	

<sup>10</sup> Exprésase en parecidos termos en "Bosquejo" III: "la lengua gallega carece de artículo neutro y en su lugar emplea el masculino" (p. 11 n.).

### 3.2.1.1. A segunda forma do artigo.

No galego moderno o artigo presenta un sistema de tres alomorfos en distribución complementaria<sup>11</sup>. Todos eles son o resultado da evolución da primitiva serie *lo(s)*, *la(s)*, procedente do demostrativo latino *ĪLLUM*, *ĪLLAM* / *ĪLLOS*, *ĪLLAS*, condicionada polo fonema final da palabra precedente. Así, a chamada primeira forma do artigo, a serie *o(s)*, *a(s)*, aparece como consecuencia da desaparición do /l/ inicial naqueles contextos en que por fonética sintáctica este quedaba en posición intervocálica. A partir de aí esta primeira serie esténdese a outras posicións non condicionadas. A serie *lo(s)*, *la(s)* é o resultado da evolución do primitivo artigo condicionado polo /r/, o /s/ ou o /b/ final da palabra precedente. O /l/ desta segunda forma é o resultado da asimilación regresiva exercida polo /l/ inicial do artigo *lo* sobre cada unha destas consoantes finais. Por último, a serie *no(s)*, *na(s)* é así mesmo produto dunha asimilación, desta vez progresiva, do /l/ inicial do artigo ó /n/ final da palabra precedente<sup>12</sup>. Quizais pola escasa tradición que tiña a súa representación e polas mesmas dificultades que presenta a súa identificación, mesmo en época moderna se tende a esquecer a existencia do terceiro alomorfo.

Sen embargo, se a representación da terceira forma carecía de tradición, non ocorría o mesmo coa segunda. As *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* refírense brevemente á frecuencia da súa representación na tradición literaria antiga e moderna:

---

<sup>11</sup> Cfr. Rosario Álvarez Blanco, "O artigo en galego. Morfoloxía", *Verba* 10 (1983), pp. 169-182.

<sup>12</sup> Cfr. Edwin 8. Williams, *Do latim*, pp. 144-147 (§ 137); Joseph Huber, *Gramática*, p. 144 (§ 251.2), pp. 120-121 (§ 207), p. 146 (§ 255), p. 143 (§ 250); Jose Joaquim Nunes, *Compêndio*, pp. 251-252.

Os textos medievais galegos e portugueses mostran unha clara preferencia pola representación das dúas formas do artigo na distribución indicada, marcadas en portugués ata o século XVIII. O galego do rexurdimento vacila entre a representación e a non representación<sup>13</sup>.

En efecto, a presenza do segundo alomorfo do artigo é habitual nos textos medievais galegos e portugueses, por máis que nalgúns casos a escrita non reflicte a asimilación das dúas consoantes implicadas. Así, é frecuente atopar nestes textos sintagmas como *anbaslas*, *todoslos* ou *porlo*. Isto é, por outra parte, habitual tamén no caso do segundo alomorfo do pronome acusativo de terceira persoa: *façamoslo*, *ajudarlos*, etc.<sup>14</sup>.

Xa en época moderna, os escritores mostran neste punto un comportamento vacilante e escasamente sistemático e coherente. En concreto, nos textos do prerrexurdimento que analiza Ramón Mariño, se exceptuámo-lo caso da preposición *por*, a tendencia xeral que se percibe é a de non representala asimilación e, en consecuencia, a de emprega-lo primeiro alomorfo como forma única en tódolos casos. Segundo o autor deste estudio, en contextos onde na linguaxe oral aparece habitualmente a segunda forma, como pode ser tras formas verbais rematadas en /r/ ou en /s/, "a norma nestes textos constitúea a renuncia a representar graficamente a segunda forma do artigo, en tanto que a súa presenza ocasional nalgún dos documentos soamente pode cualificarse de excepcional" (*Estudio*, p. 399).

---

<sup>13</sup> Instituto da Língua Galega - Real Academia galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, RAG-ILG, Vigo, 1982, p. 54.

<sup>14</sup> Cfr. Ramón Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 88-90 e 126-128; Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 646-648, e Carme Hermida, "O alomorfo *lo* do artigo nas cantigas medievais", *Cadernos de Língua* 4 (1991), pp. 71-85.

Para os escritores do Rexurdimento a penas contamos con datos precisos. Os que nos ofrecen algúns estudos particulares<sup>15</sup> e os que se poden tirar dun repaso superficial dos textos indican que a representación do segundo alomorfo era, se non exhaustiva e coherente, cando menos si frecuente. Naturalmente, a frecuencia relativa varía en función do contexto, e vai desde a regularidade absoluta da súa aparición trala preposición *por* ata as proporcións máis modestas que atinxe a súa representación tralas formas verbais en *-r* e en *-s*.

En calquera caso, parece claro que este fenómeno non podía escapar á atención dos primeiros gramáticos galegos. Deste xeito, se ben ningún deles se ocupa desta cuestión no capítulo correspondente ó artigo, son varios os textos en que se nos dá conta de cal é a distribución deste segundo alomorfo. Máis adiante tentaremos analiza-las causas deste tratamento. De momento vexamos cales son os contextos en que os nosos gramáticos recoñecen a posibilidade de que apareza na fala, e de que se represente na escrita, a segunda forma do artigo. Así e todo, antes ca nada cómpre advertir que a miúdo as informacións a propósito da distribución dos alomorfos do artigo aparece conectada, e ás veces mesmo confundida, coas relativas á distribución dos alomorfos do pronome acusativo de terceira persoa. A pesar de que a orixe e maila distribución duns e doutros sexan basicamente

---

<sup>15</sup> Manuel Ferreiro, "A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego", *Cadernos de Língua* 4 (1991), sinala que "o artigo cando é usado co indefinido *todos*, aparece sistematicamente ligado con el, aínda que unicamente en vinte ocasións se asimila o artigo á forma verbal precedente, acabada en *-r* ou *-s*. Pola contra, aparece algún outro caso infrecuente: *entónce-lo bardo, quezai-lo ferro e féita-las crúas*" (p. 62). Margarita Neira e Blanca Ana Roig consideran tamén usual e mesmo 'abusivo' o emprego do segundo alomorfo no galego de *Maxina*. Cfr. a súa introducción a Marcial Valladares, *Maxina*. Edición de Anxo Tarrío, Margarita Neira e Blanca Ana Roig-Rechou, Xerais, Vigo, 1991, p. 56.

idénticas, razóns metodolóxicas aconsellan analizar por separado artigos e pronomes.

A descrición máis completa ofrécenola coma case sempre Saco. Segundo o gramático ourensán aparece este segundo alomorfo tras formas verbais rematadas en /r/ e en /s/ (*acabál-a obra; a gaita quel-o gaiteiro; tí trâl-os bois?*), entre as que inclúe tamén os participios (*sentadol-os dous*); e despois da locución copulativa e *mais* (*o neno e mail-a nai*), do indefinido *todos / todas* (*todol-os dias*), da conxunción *pois* (*Poi-lo home non veu*) e das preposicións *tras* e *por* (*tral-o lar, pol-o monte*) (pp. 150-151).

A nómina, evidentemente incompleta, podería, así e todo, incrementarse tendo en conta a distribución que neste e noutros capítulos sinala para a segunda forma do pronome, onde inclúe ademais os pronomes átonos *nos*, *vos* e *lles*, e o adverbio interrogativo *u* (p. 62 n.). Por outra parte, secuencias como *Diol-o queira*, onde o pronome *lo* aparece ligado a un substantivo, deixarían aberta a porta para a representación ocasional do segundo alomorfo do artigo noutros contextos máis libres.

Por outra parte, a distribución que indica Valladares nos seus *Elementos* (p. 91) achega poucas novidades. Este autor refírese de forma expresa só a aqueles casos en que o segundo alomorfo aparece tras /s/. En xeral os contextos que sinala coinciden cos que anos atrás indicaba Saco (formas verbais rematadas en /s/, participios, conxuncións *pois* e *mais*, preposición *tras*, e indefinido *todos*). Non obstante, atopamos ademais un exemplo onde o /s/ final asimilado pertence a un adxectivo: *felice-l-os bós*.

No resto das obras non atopamos a penas reflexións sobre este proceso nin referencias á distribución dos

alomorfos. Cuveiro e Mirás, por exemplo, non fan a máis mínima indicación ó respecto. Rodríguez, pola súa parte, sinala unicamente que a preposición *por*, cando se combina co artigo, "tiene la particularidad de cambiar la *r* final en *l*, cuya consonante va á formar articulación silábica con el artículo" ("Declinación", p. 467; "Apuntes", p. 24). En nota engade ademais o caso do indefinido *todos*.

López Ferreiro, pola súa parte, refírese tamén á existencia deste segundo alomorfo, e sobrancea un contexto que escapara á atención de Saco e Valladares:

A s final dos pronombres de plural da primeira persona, cambéase tamen en *l*, cando detrás do pronombre vay enseguida o artigo correspondente; por exemplo: *nol-os galegos* por *nos os galegos*<sup>16</sup>.

Desde un punto de vista normativo, Saco e Valladares coinciden en considerar facultativo o emprego do segundo alomorfo na distribución indicada. Esta dobre posibilidade esténdese ademais ó pronome acusativo de terceira persoa en casos como *Diol-o queira*. Valladares semella considerar igualmente válidas ámbalas opcións. Na gramática de Saco, en cambio, este recoñecemento non impide que o seu autor, apelando á frecuencia de uso e á eufonía, manifeste a súa preferencia polo emprego do segundo alomorfo nestes contextos. Así e todo, o feito de que admita o emprego do primeiro alomorfo mesmo trala preposición *por*, un contexto onde en case toda Galicia é xeral a presenza do alomorfo *lo*, revela ben ás claras a súa orixe ourensá. En efecto, Saco non podía ignora-la existencia do sistema característico dunha pequena área da provincia de Ourense onde o alomorfo /lo/ non aparece tras /r/ e doutra máis

---

<sup>16</sup> Antonio López Ferreiro, "Un aviso ao bondoso lector", p. 6.

reducida no seu interior onde ademais tampouco se emprega tras /s/<sup>17</sup>.

Pode resultar paradoxal que algúns gramáticos describan bastante axustadamente a distribución deste segundo alomorfo e que, sen embargo, ningún deles reflecta a súa existencia á hora de establece-lo paradigma. Pola contra, nos capítulos que en cada unha destas obras se lle dedican á morfoloxía do artigo determinado tódolos gramáticos presentan coincidentemente como única serie a que hoxe coñecemos como primeira forma do artigo. Ora ben, a contradicción é só aparente. O feito de que Saco e Valladares se decatén do resultado do proceso asimilatorio que creou o sistema actual do artigo, o feito de que indiquen os contextos en que este proceso ten lugar non nos autoriza a supoñer que identificasen este fenómeno como un proceso de variación morfolóxica. É máis, probablemente tampouco tiñan unha idea moi clara de que era o que se agochaba detrás desa asimilación. Por outra parte, quizais nin sequera tiñan plena consciencia de cal fora o camiño polo que se chegara a eses resultados. Dito doutro xeito, da observación da asimilación fonética de *face-lo traballo* á identificación de *lo* como forma do artigo hai un treito que só se pode andar tras unha reflexión para a que cómpren unha formación lingüística e unhas informacións que quizais estes homes non tiñan.

Non parece arriscado afirmar que estas descripcións do sistema do artigo galego están condicionadas por unha interpretación errónea do /l/ que resulta da asimilación da consoante inicial do primitivo artigo e do /r/ ou o /s/ final da palabra precedente. As razóns que actualmente se

---

<sup>17</sup> Cfr. Rosario Álvarez, "O artigo", p. 176.



aducen para avala-la segmentación dese /l/ como parte integrante do artigo expúxoas hai xa anos Rosario Álvarez. Se ben é certo que o /l/ é o resultado dunha asimilación, e polo tanto en principio podería segmentarse como consoante final da palabra anterior ou ben como consoante inicial do artigo, o feito de que a asimilación se producise en sentido regresivo, en favor da consoante inicial do primitivo artigo, autoriza a interpretala hoxe como tal<sup>18</sup>. Sen embargo, segundo indicabamos pouco máis arriba, os gramáticos do XIX a penas conseguen pasar da observación sincrónica do fenómeno para reconstruír todo o proceso e identifica-lo primitivo artigo *lo*. Para eles, pois, o /l/ non é produto dunha asimilación, senón o resultado dunha "alteración eufónica" do /r/ ou do /s/ finais tendente a evita-la aspereza dunha combinación de fonemas pouco harmónica<sup>19</sup>. Esta é a razón de que na gramática de Saco esta cuestión apareza incluída no capítulo correspondente á "Eufonía", ó lado das contraccións ou das regras para o emprego do apóstrofo.

Un dato máis vén a reforzar esta interpretación. Na miña opinión non é casual que a representación máis estendida una directamente o /l/ á palabra anterior, como se se tratase da súa consoante final, e separe a vocal do artigo, ou no seu caso do pronome, por medio dun guión: *facel-o traballo, todol-os días, pol-o camiño*. Así o fai, por exemplo, Saco e con el unha boa parte dos escritores do seu tempo.

---

<sup>18</sup> Cfr. Rosario Álvarez Blanco, "O artigo", p. 180 n.

<sup>19</sup> Esta era xa a explicación que daba Duarte Nunes de Leão para o pronome homógrafo: "E dizemos *nós o amamos*, e *amamo-lo*, por *amamos o*, mudando o *s* em *l* por bom soído, como quando dizemos *fizeste-lo? ouviste-la?* por *fizestes o? ouvistes a?*" (*Ortografía e origem*, p. 153).

Outro factor que sen dúbida debeu de influír nesta interpretación é a difusión que neste momento ten a tese segundo a cal o artigo galego é, fronte ó das demais linguas románicas, de procedencia grega. Esta especie circulaba xa deste antigo, e non só en Galicia, senón tamén en Portugal, como demostran as referencias que en 1576 facía Duarte Nunes de Leão:

E porque muitos aspiram os artículos, cuidando que os tomamos dos Gregos, que no masculino e feminino do primeiro caso os têm aspirados, dizendo-o *a'*, lembro que é escusada curiosidade, assim porque não os pronunciamos aspirados, como porque não tomamos esses artículos dos Gregos, ainda que como eles os tenhamos (*Ortografia e origem*, p. 152).

En Galicia o mesmo Padre Sarmiento, que en varias ocasións subliña a procedencia latina do artigo galego<sup>20</sup>, tamén cedeu á tentación de procurar unha orixe máis remota, tal e como sinala Alonso Montero<sup>21</sup>. Xa na época que estamos a estudar, Saco, pouco dado polo xeral a fantasías lingüísticas, tampouco se resiste a insinuar, aínda que con pouca convicción, a posibilidade de que a orixe última do noso artigo estea no dialecto dórico:

El que desee un origen mas alto puede remontarse al griego, en uno de cuyos dialectos, el dórico, las formas masculina y femenina del artículo eran *ó, á* (pp. 24-25 n.).

---

<sup>20</sup> "Cuando al *ad* se añade artículo, v.g., en castellano «vete a la plaza», «vete a la taberna», «vete al estudio», «vete al campo» [...], uno y otro se sincopa en gallego, el femenino por *aâ* y *â*, y lo otro por *aô*, *ô*; v. g.: *ad illum campum* : *a illo campo* : *a lo campo*, y, perdida la L, *aô campo*, y sincopando más *ô campo* : *vay ô campo*. Item *ad illam tabernam* : *a illa taberna* : *a la taberna* : *a â taberna*, y sincopando más, *â taberna*" (*Colección*, p. 163).

<sup>21</sup> O profesor Alonso Montero recolle o seguinte fragmento dun traballo inédito de Sarmiento titulado *Reflexiones sobre el Diccionario de la lengua española que compuso la Real Academia en 1726*: "Y aun los artículos de la gallega son los mismos que los de la griega". Cito pola reprodución de Alonso Montero, *Constitución*, p. 64, n. 65. O manuscrito de Sarmiento consérvase na Biblioteca Nacional de Madrid.

E isto a pesar de que en primeiro lugar daba como étimo o demostrativo latino *İLLE*, *İLLA*, *İLŁUD*. Por outra banda, é xa de sobra coñecida a teima helenista de Manuel R. Rodríguez<sup>22</sup>, ou de Celso García de la Riega<sup>23</sup>, que polemizou a propósito desta cuestión con Martínez Salazar<sup>24</sup>. Non paga a pena entrar máis en detalle nesta discusión, que non ten outro interese que o puramente anecdótico. Si que cómpre destacar, sen embargo, que este empeño en defende-la orixe grega do artigo galego condiciona en boa medida a interpretación do segundo alomorfo do artigo. Admitindo que o artigo galego procede dun dialecto grego resulta evidente que non se pode identificar como tal artigo máis cá serie *o(s)*, *a(s)*. Deste xeito, cando Rodríguez Rodríguez atopa na *Crónica Troiana* numerosos casos en que non se representa a asimilación entre o /r/ ou o /s/ final e a consoante inicial dos artigos *lo(s)*, *la(s)*, considera que se trata de castellanismos inadmisibles:

Se emplean con mucha frecuencia en la redacción de la CRONICA, que nos ocupa, los artículos *el*, *lo*, *la* con sus variantes *los*, *las* pertenecientes á la lengua castellana ("Apuntes", p. 19).

Indo máis alá, o noso erudito engade en nota:

El que se precie de hablar con perfección la lengua gallega debe evitar con sumo esmero tales castellanismos.

---

<sup>22</sup> "Algunos hacen derivar los artículos gallegos del latino *ille*, *illa*, *illud*; nosotros no opinamos de la misma manera, sino que nuestros artículos *o*, *a* son rastros de la antigua lengua galiciana, cuyo vocabulario se componía en su mayor parte de voces griegas mezcladas con vocablos de otra lengua más antigua" ("Declinación", p. 462 n.). Volverá a repeti-la mesma afirmación nos "Apuntes gramaticales" da *Crónica Troiana*: "Estos artículos son de origen griego, á no dudarlo, por más que algunos pretenden que se han romanceado de los artículos latinos *ille*, *illa*, *illud*" (p. 18).

<sup>23</sup> Cfr. Celso García de la Riega, *Dialecto gallego. El artículo definido o, a, o y el Sr. Martínez Salazar*, Imp. Barros hno., Pontevedra, 1907.

<sup>24</sup> Andrés Martínez Salazar, *Antiguallas de Galicia. Apuntes acerca del origen é historia del artículo definido gallego-portugués*, Imprenta y Fotograbado de Ferrer, A Coruña, 1907.

Agora ben, debemos recoñecer que hai algúns elementos que nos permiten supoñer que Saco, e quizais tamén Valladares, chegou a albisca-la clave da xénese da segunda forma, pero o certo é que non conseguiu reconstruír, ata onde temos constancia, o proceso evolutivo. Así, cando nunha nota ó pé o gramático ourensán se refire á posible orixe do artigo galego achégase á teoría universalmente aceptada hoxe:

Es verosímil que la forma en extremo breve de nuestro artículo determinado, traiga origen de las formas *lo*, *la*, tomadas de la segunda sílaba de *il-lo*, *il-la*, habiéndose perdido la *l*, como en *sair*, salir; *moer*, moler; *voar*, volar; etc. [...]. Favorece nuestra suposición el considerar que la forma *lo*, ahora exclusivamente neutra en el artículo castellano, se encuentra usada también como masculina en antiguos escritos castellanos [...]. En italiano y en el dialecto catalán es igualmente masculina dicha forma *lo* (p. 24 n.).

Saco volve a insistir neste punto ó tratar da combinación do adverbio interrogativo *u* co pronome acusativo de terceira persoa. Será ocioso dicir que o comentario é de aplicación tamén para o caso do artigo, como o propio autor se encarga de subliñar:

Tal vez acertaríamos con el origen de este singular vocablo, descomponiéndolo así: *u-lo*. La *u* es la primera sílaba del adverbio latino *ubi* [...]. La segunda sílaba de dicho interrogativo *ulo* es la antigua forma de nuestro pronombre de 3ª persona que se decía *lo*, ántes que, segun dijimos respecto del artículo determinado, resultase de la pérdida de la *l* el actual pronombre enclítico *o*, *a* (p. 62 n.).

Por terceira vez Saco ronda a solución do problema ó confronta-lo resultado galego *facelo* co español antigo *hacello*:

En el antiguo castellano se decía *hacello*, *escribillo*. Si se tiene en cuenta que la segunda *l* de la *ll* pertenece al pronombre unido á estos infinitivos, resultará que la primera procedió del cambio de la *r* final, como en gallego (p. 151 n.).

Saco incorre aquí nunha confusión moi frecuente nos textos que estamos a analizar, ó referirse ó dígrafo <ll>, que neste caso representa o fonema palatal lateral, coma se aínda representase o grupo /ll/ que está na súa orixe. Agora que, se deixamos á marxe este despiste, debemos recoñecer que o noso autor anda atinado nesta ocasión ó sinalar que a súa formación se debe á combinación do /l/ inicial do artigo co /l/ final da palabra que o precede. Desafortunadamente, o autor ourensán non chega a tirar todo o proveito que sería de desexar das súas atinadas observacións, pois, por unha parte, non explica cal foi o proceso que levou a ese cambio de /r/ en /l/, e, por outra, non se decata de que o /l/ do galego *facelo* corresponde en realidade ó /ll/ do español *hacello* e non ó /l/ en que mudou o /r/ final de *facer* ou *hacer* respectivamente.

Resumindo, Saco é consciente da existencia en galego dun primitivo artigo e pronome *lo*, así como da mudanza do /r/ ou do /s/ finais en /l/, pero non consegue poñer en relación estes dous feitos. Así, en *facelo* temos, segundo el, unha forma verbal [faθél], variante fonética de [faθer] cando segue un artigo ou un pronome acusativo de terceira persoa. Por outra banda, con respecto a *ulo*, onde si recoñece un pronome *lo*, parece pensar nunha conservación da forma arcaica do pronome, que se vai combinar co adverbio interrogativo *u*, resultado da redución de *ubi*.

Vexamos agora o caso de Valladares. A primeira vista a caracterización que ofrece o autor dos *Elementos* non parece que achegue ningún novo dato digno de interese. Sen embargo, creo que a súa proposta para a representación gráfica deste segundo alomorfo do artigo merece ser analizada con algo máis de detemento. Nela o /l/ resultante da asimilación aparece illado entre dous guións que o separan, ou o unen, á

palabra anterior e á vocal do artigo: *face-l-o traballo*, *todo-l-os días*, *po-l-o camiño*. Esta práctica gráfica tan pouco económica podería quizais interpretarse como un desexo de salientar que a dita consoante non é propiamente nin a inicial do artigo nin a final da palabra precedente, senón o resultado da asimilación de ambas. Evidentemente o feito de que se trate dun uso pouco económico non é un argumento definitivo nin suficiente nunha época en que a economía de signos gráficos non se sente como necesidade. Agora ben, nun autor como Valladares, que en diversas ocasións se referiu á conveniencia de modera-lo emprego de apóstrofos e guións<sup>25</sup>, pode resultar significativo.

De tódolos xeitos en Galicia será Andrés Martínez Salazar, co seu opúsculo xa citado, o primeiro en expoñer de forma axustada e completa a orixe e formación do sistema de alomorfos do artigo. Desafortunadamente, isto sucedía no ano 1907, cando xa había décadas que os estudos de filoloxía románica e as gramáticas portuguesas o viñan repetindo.

### 3.2.1.2. O terceiro alomorfo.

A terceira das series do paradigma do artigo, ten a súa orixe, igual cá segunda, no proceso asimilatorio que sofren a consoante final da palabra anterior e o /l/ inicial do primitivo artigo *lo*. A diferenza entre unha e outra radica, como xa queda dito, no sentido en que se produce o dito proceso: mentres que no caso do segundo alomorfo é o /l/ do artigo o que actúa como elemento asimilador, no caso do terceiro a asimilación prodúcese en favor da nasal final da palabra que o precede.

---

<sup>25</sup> Vid. *supra*, pp. 193-196.

Na lingua actual, como indica Álvarez Blanco, a existencia do terceiro alomorfo só se percibe a través da realización alveolar da nasal final, unha realización que en galego só se produce diante de artigo ou de pronome acusativo de terceira persoa, pois ante calquera outra palabra que comece por vocal aparece de forma constante unha realización velar.

Esta nasal alveolar só encontra xustificación como resultado da redución da xeminada /nn/ que xurdiu da asimilación das dúas consoantes antes citadas: [láβan lo nēno] > [láβan no nēno] > [láβano nēno].

Sobre a distribución deste alomorfo no galego actual infórmanos tamén Rosario Álvarez:

Aparece de maneira xeral tralas formas verbais rematadas en /n/, trala preposición *sen* (e *en*, anque con maior evolución fonética pola contracción das dúas palabras), tralo adverbio *tamén* e trala conxunción *nin*; noutras palabras, sempre que o artigo e a palabra precedente rematada en /n/ están intimamente ligados dentro do mesmo grupo de entoación ("O artigo", p. 178).

A profesora Álvarez detecta tamén a súa presenza, aínda que de forma esporádica, tras formas verbais rematadas en ditongo: *colleu-nas ferramentas* (p. 179).

Polo que se refire á súa representación, os textos medievais ofrecen abondosos exemplos en que a presenza deste alomorfo ten repercusións gráficas<sup>26</sup>. Pola contra, na tradición moderna non houbo a penas intentos de indicar na

---

<sup>26</sup> Cfr., por exemplo, Clarinda de Azevedo Maia, *História*: "Neste contexto [tras palabra rematada en nasal] pode tamén ocorrer a assimilação de /- do artigo definido à nasal anterior. Este resultado é o único que existe nos documentos da região portuguesa estudada, mas surge tamén com bastante frequência na Galiza. Eis alguns exemplos: «nē no dito frade nē no abbade nē no cōvento nē no moesteyro sobreditos», «so tal condiçõ que uos nēno abbade nēno conuēto que ora y son», «cõ no conuento»" (p. 648). Cómpre ademais ter en conta a súa representación tralas consoantes *en* e *con*: *enno*, *conno* (cfr. p. 649).

escrita, non xa a existencia dun fenómeno de variación morfolóxica, senón simplemente a realización alveolar da nasal final e a segmentación silábica do resultado (*la-va-no-ne-no*). En principio cabería pensar que, ó se tratar dunha diferenza tan sutil, sería fácil que pasase inadvertida. A pesar de todo, cómpre lembrar que no caso do pronome acusativo de terceira persoa os gramáticos e os escritores en xeral si tratan de reflectir a variación, tal e como teremos oportunidade de ver no capítulo correspondente.

Deste xeito, prescindindo da contracción *no*, que se xustifica historicamente por unha asimilación no /l/ inicial do artigo ó /n/ final da preposición (*enno* > *eno* > *no*), a única observación con respecto á realización alveolar da nasal final diante de artigo débemoslla a Rodríguez Rodríguez. Este autor é o único que se refire ó resultado do encontro da preposición *sin* 'sen' co artigo determinado, que el propón grafar *sino* "para que la *n* forme articulación silábica con la *o*" ("Declinación", p. 466; "Apuntes", p. 23).

### 3.2.1.3. Contraccións.

Os resultados dos encontros das preposicións cos artigos determinados preséntanse formalmente nas gramáticas baixo a aparencia de cadros de declinación. En realidade, trátase dun recurso meramente formal, derivado da pervivencia dos métodos de análise das gramáticas gregas e latinas. Así, Saco advirte acertadamente da non pertinencia do caso como categoría morfolóxica:



Las varias relaciones expresadas por los *casos* griegos y latinos se denotan aquí por medio de preposiciones; pero estos giros no constituyen entre nosotros un accidente gramatical del nombre, puesto que en nada se altera con ellos la estructura de la palabra (p. 23).

Sen embargo, na presentación do artigo, recorre a este artificio aínda que advertindo que as formas que se presentan como casos "no son otra cosa que las formas del nominativo, precedidas de las preposiciones *de, pra, á, sin, con &c.*" (p. 25).

A maioría das contraccións de preposición e artigo non ofrecen máis problemas cós derivados do emprego de apóstrofos, guións e tiles, que ocasionalmente pode diverxer de autor a autor. En todo caso, trátase de simples diferencias gráficas que en nada afectan á descrición propiamente dita. Este é o caso das contraccións xeradas polo encontro da preposición *de* coas formas do artigo determinado, que Saco e Valladares sinalan cun apóstrofo do que prescinden Mirás, Cuveiro ou Rodríguez:

Mirás:	do	da	dos	das
Cuveiro:	dò	da	dòs	das
Saco:	d'o	d'a	d'os	d'as
Valladares:	d'o	d'a	d'os	d'as
Rodríguez:	do	da	dos	das

O mesmo sucede coa contracción coa preposición *en*, que Saco indica cun guión, Valladares cun apóstrofo, e Mirás e Rodríguez representan sen ningunha destas dúas marcas:

Mirás:	[no] <sup>27</sup>	[na]	[nos]	[nas]
Saco:	[n-o]	[n-a]	[n-os]	[n-as]
Valladares:	[n'o]	[n'a]	[n'os]	[n'as]
Rodríguez:	no	na	nos	nas

Con respecto ás contraccións da preposición *con* coas formas do artigo tamén hai acordo en tódolos textos gramaticais analizados. As únicas diverxencias nacen, coma nos casos anteriores, do emprego de apóstrofos, guións e tiles diacríticos. As representacións propostas son as seguintes:

Mirás:	co	coa	cos	coas
Cuveiro:	[cò]	còa	còs	coas
Saco:	c'o	co'a	c'os	co'as
Valladares:	c'o	co-a/c'a	c'os	co-as/c'as
Rodríguez:	co	coa	cos	coas

Pode resultar sorprendente que, salvo Saco, que advirte que "en poesía se encuentra *c'a muller*" (p. 148 n.), e Valladares, que admite indistintamente os dous resultados (p. 109), ningún faga a máis mínima referencia ó resultado *ca*, que ten bastante presenza nos textos literarios da segunda metade do século<sup>28</sup>.

Máis debatida resultou a contracción da preposición *a* co artigo, particularmente co masculino. De tódolos xeitos, o problema non saltou nas gramáticas, que, salvo *El habla gallega* de Cuveiro, representan as contraccións e resollen a

<sup>27</sup> Representáanse entre corchetes as formas deducidas ben dos outros elementos do paradigma, ben dos exemplos que figuran nas obras.

<sup>28</sup> Cfr. Ramón Lorenzo, "A lingua literaria", pp. 26-27. Nos textos do prerrexurdimento, en cambio, Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 408-409, só a rexistra esporadicamente.

dificultade da homografía co artigo por medio dun acento diacrítico:

Mirás:	a o / [o]	a	os	as
Cuveiro:	a o	aa	às	aas
Saco:	ô	â	ôs	âs
Valladares:	ô	â	ôs	âs
Rodríguez:	ó	á	ós	ás

Bastante semellante é o tratamento da contracción da forma sincopada de *para*, *pra*, co artigo, que os gramáticos resolven do seguinte xeito:

Mirás:	pro	pra	pros	pras
Cuveiro:	pràð	praa	pràðs	praas
Saco:	pr'o	pr'a	pr'os	pr'as
Valladares:	pra o	pra a	pra os	pra as
Rodríguez:	pro	prá	pros	pras

Cómpre advertir que Saco percibe tamén a tendencia en Sarmiento e noutros escritores, que identifica como santiagueses, de non representa-la contracción: *á o rei*, *á os lados*, *á as mulleres*. O que sucede é que o gramático ourensán interpreta mal este uso gráfico e identifica a non representación da contracción cunha realización [ao], o que o leva a rexeitala como práctica xeneralizada. Así e todo, admíteo naqueles casos en que a representación da contracción poida escurece-lo sentido da frase (p. 25 n.).

Son tamén razóns de claridade as que aduce Cuveiro en defensa da súa proposta de non representa-la contracción da proposición *a*, e tamén de *pra*, co artigo:

Algunos suelen usar, y nosotros lo hacemos también de *o* en dativo, pero esto da lugar á equivocaciones, ó cuando menos á que no se lea con propiedad el gallego, por confundirse el dativo *o*, *ou prao* -al ó para el- con el nominativo *o*; para evitar estos inconvenientes, usaremos el diptongo *âô* v.gr. *âô home*, al hombre, *prâô home*, para el hombre (p. 2).

Non obstante, o verdadeiro debate sobre a conveniencia ou non de representar estas dúas contraccións produciuse fóra do ámbito das gramáticas. Neste sentido pódense citar algunhas observacións dispersas e marxinais que serven para dar idea de que non existía unha opinión unánime entre os escritores. López Ferreiro, por exemplo, no prólogo da súa novela *A tecedeira de Bonaval*, maniféstase partidario de non representa-la contracción non só co artigo masculino senón tampouco co feminino. O cóengo compostelán enfróntase deste xeito ó que era a práctica maioritaria dos escritores, que empregaban usualmente á neste segundo caso. Para don Antonio, que considera pouco coherente que o portugués represente a contracción co artigo feminino e non co masculino, trátase dun lusismo inaceptable, pois "mete moita confusión e destroi a sintaxis, deixando no tinteiro partes tan prencipaes na oración como son as perposicións" ("Un aviso", p. 5). Sen dudar da sinceridade destas razóns, na miña opinión o argumento de fondo non é outro có desexo de recuperar para o galego moderno trazos característicos dos textos medievais, que el tan ben coñecía. El mesmo o insinúa neste mesmo prólogo:

Eu, que son tradicionalista hastr'os miolos, atéñome tamén neste ao que nos insinaron os nosos abóos ("Un aviso", p. 5).

Por outra parte, a súa proposta é coherente co tratamento que reserva para outros encontros vocálicos, como os provocados pola caída dunha consoante intervocálica.

Nestes casos opta comunmente por mante-lo hiato no plano gráfico (*razoos, aboos, pee, riir*), mais non sempre é así<sup>29</sup>.

En calquera caso, a verdadeira discusión non se producirá ata algúns anos despois. O detonante do debate foi a inscrición "Aos mártires da liberdade mortos' o 26 de Abril de 1846" gravada no monumento erixido en 1904 á memoria dos mártires de Carral a instancias dos membros da Liga Gallega<sup>30</sup>. Para sermos precisos a polémica comezou dous anos antes de que o monumento chegara a construírse, cando en 1902 a *Revista Gallega* reproduciu o boceto do proxecto acompañado por unha nota asinada por Xan do Pobo, pseudónimo de Francisco Tettamancy, na que se defendía a galegitude da lenda como resposta ás insinuacións en sentido contrario da Academia de Belas Artes de San Fernando. Sen embargo, o intercambio de artigos non se produciu ata despois da inauguración. Nun primeiro momento a discusión enfrontou a un sector de intelectuais galegos emigrados na Arxentina, integrado por Bernardo Rodríguez, Julio Dávila e Cayetano Aldrey y Salvado, que desde as páxinas de *El Eco de Galicia* de Buenos Aires defenden a postura 'oísta', con varios dos máis destacados representantes dos círculos rexionalistas coruñeses, membros da Cova Céltica e, polo tanto, da Liga, e colaboradores habituais da *Revista Gallega*: Carré Aldao, Tettamancy, Marcial Miguel de la Iglesia e os incógnitos Cidrán de Lemus, que segundo se insinúa desde o bando contrario, era un coñecido escritor residente na Coruña e un dos máis activos promotores do monumento, e J. Pérez das Mariñas. Os seus traballos en defensa de *ao viron* a luz na *Revista Gallega* da Coruña e en *La Idea Moderna* e *El Norte de Galicia*, ambos de Lugo. Por último, os textos dos oístas,

<sup>29</sup> Cfr. X.A. Palacio e B.A. Roig, "Introducción", p. 60.

<sup>30</sup> Cfr. Alonso Montero, *Constitución*, p. 47.

recopilados por Dávila e dispostos para a imprenta por Aldrey, apareceron publicados en 1907 no volume titulado *Barbarismos de la inscripción del monumento á los mártires de Carral*<sup>31</sup>.

Tamén desde a propia Galicia se deixaron oír voces en contra do aos da inscrición. Un dos primeiros en saír á area foi Manuel R. Rodríguez, que nunha nota da súa obra *Origen filolóxico del romance castellano* afirma:

*Aos mártires*, es un lusitanismo intolerable en la lengua de los gallegos [...]. Mereceríamos el calificativo de *xacocos*, según dicen los mismos gramáticos del reino vecino, por introducir en nuestra lengua un barbarismo, o, por lo menos, un arcaísmo ridículo e intolerable<sup>32</sup>.

Na mesma liña se inscribe o poema satírico "Falar enxebre", asinado por Ramón da Penela e aparecido orixinalmente na publicación coruñesa *Coruña Moderna* o 19 de agosto de 1906. Esta composición foi moi celebrada polos oístas, que a reproducen nas súas obras<sup>33</sup>.

Por outra banda, estas críticas serían logo aproveitadas polo grupo de intelectuais galegos liderados por José María Riguera Montero, que nada máis constituída a Academia arremeteron contra ela e contra o seu presidente. Un bo número destes escritos aparece recollido no libro de Ramón Erotiguer, anagrama de Riguera Montero, titulado

---

<sup>31</sup> Cayetano Antonio Aldrey y Salvado (ed.), *Barbarismos de la inscripción del monumento á los mártires de Carral*, Imprenta de Coni Hermanos, Buenos Aires, 1907.

<sup>32</sup> Manuel R. Rodríguez, *Origen filolóxico del romance castellano*, Santiago, 1905, pp. 321-322, n. 1.

<sup>33</sup> Ata onde nós sabemos foi reproducido no libro de Aldrey, *Barbarismos*, pp. 108-109, e nas panfletarias *Películas académicas*, pp. 193-194. Véxase a nota seguinte.

*Películas académicas*, un auténtico panfleto contra Murguía e contra os membros da Cova Céltica<sup>34</sup>.

Tamén pouco despois de constituída a Academia, Salvador Golpe publica un breve artigo no que insta a esta institución a tomar partido por unha ou outra opción para así atalla-lo debate<sup>35</sup>. En realidade, o texto de Golpe vén a ser unha resposta ás palabras que o gramático Rodríguez lle dedicara a esta cuestión. Así, nel rexeita os cualificativos de "barbarismo" e "arcaísmo" que este lle aplicara e defende as solucións *ao* e *aa* argumentando que non só son as formas habituais nos textos galegos medievais e senón tamén as empregadas nas obras de moitos dos escritores contemporáneos.

Aínda que a discusión se presenta baixo a aparencia dun debate filolóxico sobre algúns aspectos puntuais (representación da contracción de *a + o*, resultados das terminacións *-TATEM*, *-TUTEM*)<sup>36</sup>, as razóns últimas son outras. Sen pretender con isto restarlle importancia á dimensión lingüística do debate, na miña opinión existe unha motivación política de fondo: os receos dun sector das clases ilustradas galegas diante do que interpretan como

---

<sup>34</sup> Ramón Erotiguer [José María Riguera Montero], *Películas académicas. Entresacadas de una copiosa y selecta variedad*, Papelería e imprenta Garcibarra, A Coruña, 1908. Dos artigos que fan referencia a esta contracción pódense citar, entre outros, os de Wenceslao Fernández Flórez, "Madeja Céltica", pp. 11-17 (esp. p. 14); Doctor Núñez Miranda [J. M. Riguera Montero], "La Academia Gallega y sus fabricantes", pp. 23-27 (esp. p. 26), publicado inicialmente en *Tierra Gallega* (01.03.1906); J.M. Riguera Montero, "Literatura tettamancyna", pp. 69-75 (esp. pp. 73-74); J.M. Riguera Montero, "El presidente de la Real Academia Gallega y del Parnasillo Gallego D. Manuel Martínez Murguía", pp. 147-160 (esp. p. 155); e Ramón Erotiguer [J. M. Riguera Montero], "Falar enxebre", pp. 193-197, onde se reproducen o poema citado de Ramón da Penela e as opinións de Cayetano Aldrey e de Manuel R. Rodríguez.

<sup>35</sup> Salvador Golpe, "Cuestión gramatical", *BRAG*, I, n. 2 (20.06.1906), pp. 32-36.

<sup>36</sup> Outro motivo de discusión foi ademais o termo *mortos*, que os oístas rexeitaban por consideralo pouco preciso para describi-los sucesos que tiveran lugar en Carral.

sectarismo do círculo coruñés da Cova Céltica, que aspiraba a capitaliza-la dirección do movemento rexionalista e de institucións como a recién creada Academia<sup>37</sup>. Este resentimento, que só aparece insinuado nos textos dos oístas<sup>38</sup>, é xa o motivo central nos ataques do grupo de Riguera Montero.

Por outra banda, as críticas dos oístas deben entenderse tamén como unha reacción contra o aportuguesamento, cada vez máis radical, dos escritores do grupo coruñés<sup>39</sup>.

Polo que se refire á discusión lingüística, é preciso destacar en primeiro lugar a sorprendente coincidencia dos argumentos esgrimidos desde os dous bandos contendentes. Os valedores das teses oístas fundamentan a súa defensa da representación ó no feito de que o resultado fonético da contracción é [ɔ]. De aí deducen que a representación máis axeitada será <o> con algún sinal diacrítico que o distinga do artigo:

Nunca he dicho ni oído decir *aos*, pero sí *òs* (Bernardo Rodríguez, en *Barbarismos*, p. 10).

Ni en Galicia ni entre los gallegos que aquí residimos ói nunca decir *aos*, y sí *òs* (Dávila, en *Barbarismos*, p. 12).

Eu fun por Galicia adiante,  
e pol-o *ao* preguntei,

---

<sup>37</sup> Cando menos nos escritos do grupo de Buenos Aires non se percibe animadversión contra o movemento rexionalista en xeral, senón contra o activo grupo coruñés. Así, en ningún momento se critica a oportunidade da erección do monumento. Sirvan como exemplo as seguintes palabras de Dávila a propósito do emprego da palabra *mortos*: "No murieron por efecto de un desgraciado accidente [...]; les arrancaron violentamente la vida, *los mataron*, por no decir que los asesinaron" (*Barbarismos*, p. 13).

<sup>38</sup> Ben significativas son as palabras de Aldrey diante da actitude despectiva dos seus contrincantes: "¿Nos han tomado por ilotas ó parias, acaso porque no pertenecemos al *Sanedrín* coruñés?" (*Barbarismos*, p. 77).

<sup>39</sup> Vid. supra, pp. 37-47.



y-en ningures atopei  
unha moda semellante.

(Ramón da Penela, en *Barbarismos*, p. 108).

Paradoxalmente, tamén os representantes do sector aoísta recorreron a este argumento, defendendo, sen ningunha base real, que a realización fonética da contracción era [ao]. Deste xeito, Carré Aldao, por exemplo, afirma que "en unas comarcas la *a* suena más ó menos apagada que en outras, pero suena" (cit. en *Barbarismos*, p. 63). O descoñecido que asina Cidrán de Lemus vai aínda máis alá ó lles recomendar ós seus contrincantes que "den una vueltecita por Galicia" e que "vivan -como vivo yo- entre la gente del campo y verán y se convencerán de que siempre en ese caso se dice *aos* y raramente *os*" (cit. en *Barbarismos*, p. 65). A isto mesmo apunta Salvador Golpe cando, tras declarar que "la escritura no es más que la expresión gráfica de la fonética" ("Cuestión gramatical", p. 34), avoga pola escrita *ao*.

Outro aspecto controvertido da discusión foi o da tradición literaria, invocada desde os dous bandos como argumento en favor das súas respectivas teses<sup>40</sup>. Tampouco Saco se librou de saír a relucir na polémica. Foron os aoístas os primeiros en acudir ó maxisterio do mestre ourensán, aínda que a pesar de que uns poucos anos antes a súa autoridade fora cuestionada desde as páxinas da *Revista Gallega*<sup>41</sup>. Os partidarios do *ao* cometían así un novo erro ó poñeren en mans dos oístas un argumento máis ó seu favor. Saco, como ben recordou Aldrey (*Barbarismos*, pp. 68 e 86-87), pronunciárase claramente por *ô* cando, ó atribuír a algúns escritores composteláns o costume de escribir *ao*,

---

<sup>40</sup> Cfr. *Barbarismos*, pp. 82-83.

<sup>41</sup> Cfr. Ernesto González Seoane, "O debate sobre a independencia do galego na última década do século XIX", en *Homenaxe a Pilar Vázquez Cuesta*, Universidade de Santiago, en prensa.

indicaba que "el hiato es sin embargo en tales locuciones bastante notable" (p. 25 n.), polo que por razóns eufónicas debía preferirse a contracción.

Así e todo, na miña opinión, as verdadeiras razóns dos aoístas non eran outras có desexo de facer que a solución galega coincidise coa maioritariamente empregada nos textos medievais e no portugués moderno. Estes obxectivos, recoñecidos de forma explícita por Tettamancy (*Barbarismos*, p. 14), non eran compartidos evidentemente polos seus opoñentes, pero, sendo discutibles, eran argumentos sólidos e suficientes. O erro dos *aoístas* consistiu en entrar no terreo dos seus contrincantes e en intentar apropiarse dos seus argumentos, o que os conduciu a incorrer en numerosas contradicións.

### 3.2.2. Usos do artigo determinado.

As gramáticas do século pasado non son moi pródigas en indicacións acerca dos usos do artigo. En realidade, a penas contamos con algunhas informacións bastante incompletas e, por outra parte, relativas só a aqueles empregos do artigo que non coinciden en galego e castelán. Entre elas ocupa un lugar central o seu emprego con posesivos e con nomes propios.

#### 3.2.2.1. Artigo con posesivo.

Pode establecerse como regra xeral, aínda que con certas restricións, que na lingua actual o posesivo debe ir precedido de artigo ou dalgún outro determinante<sup>42</sup>. Parece lóxico que unha característica tan evidente coma esta non

---

<sup>42</sup> Para unha descrición completa deste uso e das súas excepcións véxase R. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 152-153.

escapase á atención dos nosos primeiros gramáticos. Máis aínda, tendo en conta que se trata dun uso que caracteriza o galego fronte ó castelán, non podía faltar nunhas obras pensadas fundamentalmente para un público que tiña no castelán a súa lingua de referencia. Así, tanto Saco como Valladares ou Rodríguez fan constar esta circunstancia cando se refiren a este emprego do artigo.

Con todo, a caracterización que ofrecen non é moi completa, pois ningún dos tres vai moito máis alá da formulación da regra xeral. O máis preciso é Saco, que limita o contraste co español a aqueles contextos en que o posesivo funciona como adxacente nominal precedendo a un substantivo:

Si el sustantivo va precedido ó seguido de pronombre posesivo, no por eso rehusa el acompañamiento del artículo, que el castellano rechaza en el primer caso (p. 156).

Valladares, pola súa parte, límitase a sinalar nunha nota a pé de páxina que se trata de "artículos forzosos, ó casi forzosos, en nuestro dialecto, que sirven á individualizar mas los objetos, frecuentes en el antiguo castellano, no desconocidos aún hoy en algunos puntos de Castilla y que todos los días usamos en el *Padre-Nuestro*" (p. 27 n.).

Por último, Rodríguez Rodríguez, despois de formula-la regra xeral e de destacar que se trata dun uso galego non coincidente co castelán, apunta que na lingua antiga esta práctica non estaba tan xeneralizada coma na actualidade ("Apuntes", p. 19).

Con respecto ás restriccións a esta regra xeral, as únicas indicacións que nos proporcionan os textos fan referencia ós contextos en que o substantivo que funciona

como núcleo da frase nominal é un nome de parentesco. Nestes casos, o galego moderno admite, aínda que non en tódolos casos, a posibilidade de empregar ou non artigo diante do posesivo sen que por isto se altere o significado. Saco, atento observador da lingua da súa época, constata este feito e indica que o artigo é prescindible cando o núcleo do sintagma "es apelativo de persona" (p. 157). En realidade, os substantivos que cita a título de exemplo son todos nomes de parentesco (*pai, nai, nora, hirmau*). Polo que se refire ás formas do posesivo que os acompañan, cómpre destacar que se trata de formas de singular correspondentes a un só posuidor, salvo *seu*, que no contexto en que aparece pode estar referida tanto a un como a varios posuidores. Así e todo, o número de exemplos é tan exíguo que non nos permite tirar con garantías ningunha conclusión. En calquera caso, cómpre dicir que non contradín a tendencia actual que restrinxe a posibilidade de suprimi-lo artigo cando o posesivo é unha forma de plural correspondente a varios posuidores.

Valladares tamén se refire a esta excepción, pero, a diferenza de Saco, proscribe taxativamente neste caso o emprego do artigo:

No se escribirá, empero, *c'o têu pai; c'a tua nai y sí con têu pai; con tua nai* (p. 109).

### 3.2.2.2. Artigo con nomes propios.

No galego actual, cando menos dialectalmente, é bastante frecuente o emprego de artigo diante de nomes propios de persoa. Non se trata, como é sabido, dunha característica exclusiva do galego, senón que é común a diversas linguas románicas. Isto non impide, sen embargo, que desde o punto de vista normativo algunhas delas rexeiten

este uso no rexistro culto por consideralo propio dun nivel vulgar ou, no mellor dos casos, coloquial ou familiar. Así o fai, por exemplo, a gramática portuguesa, que reconece, non obstante, a presenza deste trazo na lingua falada tanto en Portugal coma no Brasil:

Na linguagem popular e no trato familiar é muito frequente no Brasil e está praticamente generalizada na linguagem corrente em Portugal a anteposição do artigo definido a nomes de baptismo de pessoas, o que lhes dá, como dissemos, um tom de afectividade ou de familiaridade<sup>43</sup>.

Tampouco no español tivo demasiada fortuna este uso. Na *Gramática* de 1771 a Real Academia Española rexeitáboo explicitamente dicindo que "solamente los nombres comunes pueden llevar artículos, como: *el* hombre, *la* muger, *el* reyno, *la* ciudad. Los nombres propios no los admiten, pues no debe decirse: *el* Pedro, *la* Maria, *la* España, *la* Sevilla" (p. 52). En edicións posteriores a Academia aínda endurecería este xuízo. "Los que se precian de hablar bien - indica nunha edición de 1866- no dicen *EL* Pedro, *LA* María" (p. 11). Máis tolerante e respectuoso co uso, Bello admíteo para o "estilo familiar y festivo", e engade ademais en nota:

No creo que hay motivo de reprobar el artículo que se junta casi siempre con los nombres propios de mujer en algunas partes de la América: *la Juanita, la Isabel, la Dolores* (p. 556 n.).

Nas primeiras gramáticas galegas as únicas referencias a este emprego do artigo son as que ofrecen Saco e Valladares. Este último, sen embargo, só se limita a proscribi-lo seu uso, na liña das gramáticas portuguesas e españolas:

---

<sup>43</sup> Celso Cunha e L.F. Lindley Cintra, *Nova gramática do português contemporâneo*, Sá da Costa, Lisboa, 1984<sup>2</sup>, p. 227.

Úsase el artículo delante de los nombres comunes, mas no delante de los propios, excepto cuando se habla de reinos, provincias, montañas y ríos célebres (p. 29).

É máis que probable que esta súa actitude responda á crenza, fundada na doutrina gramatical española, de que se trata dun uso vulgar ou propio de rexistros pouco formais. Téñase presente que con moita frecuencia Valladares rexeita como incorreccións en galego aqueles usos que Emilio Alvarez Giménez condena como galeguismos no castelán de Galicia<sup>44</sup>. Aínda que non é este o caso, creo que pode servir de mostra de cales eran os criterios que seguía Valladares na escolla normativa.

Para Saco, en cambio, o emprego de artigo con nomes propios é, máis que admisible, case indispensable, e mesmo cando vai precedido de fórmulas de tratamento como *don*, *dona*<sup>45</sup> (p. 156). Non podía ser doutro xeito nun autor que basea a súa descrición non en modelos literarios nin en apriorismos cultistas, senón na lingua popular e falada. Ademais, o feito de que no galego ourensán, a variedade que el por razóns obvias debía de coñecer mellor, o emprego do artigo neste contexto sexa sistemático<sup>46</sup> tivo que desempeñar un papel decisivo á hora de Saco sancionar este uso. De tódolos xeitos, quizais consciente de que se trataba dunha característica pouco prestixiada, considera necesario buscar un precedente ilustre que a autorice, e para iso acode, coma case sempre, ó grego, onde era, segundo el, práctica común.

---

<sup>44</sup> Valladares (p. 108) declara coñece-la súa obra *Los defectos del lenguaje*, xa citada.

<sup>45</sup> Carme Hermida Gulías, *O artigo: funcións, valores e usos*, memoria de licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1986, p. 195, afirma que diante de nomes propios introducidos por *don* o artigo confírelle ó enunciado un certo valor despectivo.

<sup>46</sup> Cfr. Carme Hermida Gulías, *O artigo*, pp. 188-206, que ofrece no seu estudo tres mapas, confeccionados a partir dos materiais do *ALGa*, coa distribución dialectal deste fenómeno (pp. 192, 200, 201).

Saco tamén se sente obrigado a xustificar por que o artigo, que el caracteriza como individualizador, aparece tan a miúdo acompañando nomes propios, cando estes designan precisamente seres xa en por si individualizados. Saco entende que este feito pode resultar en aparencia contradictorio, pero aclara que "aunque parece que tales nombres individualizan bastante por sí solos las personas, no es así en realidad, desde el momento en que, como acaece siempre, un mismo nombre es comun á muchas personas, aun en reducidas localidades" (p. 156 n.)<sup>47</sup>.

Menos satisfactoria é a descrición do uso do artigo cos topónimos. Con respecto ós nomes de entidades de poboación, o gramático ourensán considera que a regra é a ausencia de artigo, se ben, segundo recoñece, non faltan as excepcións. Para explicalo acode novamente á capacidade de individualización destes nomes:

No es frecuente que existan en una provincia dos ó mas pueblos de un mismo nombre, y por eso no necesitan artículo (p. 156 n.).

A xustificación resulta, sen embargo, pouco convincente, xa que a seguir engade que coas designacións de comarcas si que é habitual a presenza do artigo. Aplicando a súa tese, parece evidente que neste caso o artigo sería máis escusable ca no caso anterior.

---

<sup>47</sup> Para unha explicación da función do artigo con nomes propios na área dialectal onde este uso é constante, vid. Xulio César Sousa Fernández, "O artigo cos nomes propios de persoa no galego moderno", *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, en prensa. Para Sousa, nesta área a presenza ou ausencia de artigo determina se o nome está individualizado ou se, pola contra, está tomado en sentido xenérico.

### 3.3. O artigo indeterminado.

O paradigma que se presenta e propón para o artigo indeterminado coincide en tódolos textos que estamos a estudar. As formas, en fin, son as seguintes:

un	unha
uns / us	unhas

Como se pode apreciar, as únicas variacións que se rexistran afectan á forma masculina plural<sup>48</sup>, precisamente por se tratar dunha palabra que en singular remata en nasal. Polo de agora limitarémonos a sinalar cal é a posibilidade pola que opta cada un deles para logo tratar máis polo miúdo esta cuestión no capítulo correspondente á formación do plural. Cuveiro (p. 8) e Saco (pp. 25-26) admiten a dobre posibilidade *us / uns*, se ben este último manifesta as súas reservas con respecto á combinación /ns/, que lle parece pouco "eufónica" (p. 32). Mirás (pp. 11-12), pola súa parte, só recolle a forma *us*, mentres que Valladares (p. 27) e Rodríguez ("Declinación", p. 463; "Apuntes", p. 18) dan como forma única *uns*<sup>49</sup>.

Por outra parte, é de subliñar a ausencia nestas descrições de toda referencia á solución *unhos*, que hoxe en día mantén unha presenza máis que apreciable nas falas do bloque central. Sobre este mesmo feito chama tamén a atención Ramón Mariño (*Estudio*, p. 276), que no seu estudio dos textos do prerrexurdimento soamente documenta o

<sup>48</sup> Deixamos á parte as formas *un a*, *un as* que propón Mirás, pois son simples variantes gráficas xa sinaladas no capítulo da ortografía dedicado á representación da nasal velar.

<sup>49</sup> A pesar de todo, Rodríguez non se manifesta favorable a admitir estes grupos en posicións final. A título de anecdótico diremos que chega a dicir que "debieran proscribirse en los idiomas tales terminaciones, porque, trabando la lengua y músculos del aparato vocal, impiden la emisión del hálito sonoro, perjudicando de una manera desastrosa los pulmones del orador y el efecto del discurso oratorio" ("Apuntes", p. 18 n.).



masculino plural *unhos* de forma moi esporádica. A falta de estudos lingüísticos ou de glosarios completos dos textos do rexurdimento impídenos ter unha idea cabal de cal é a súa presenza real nos textos. De tódolos xeitos, creo que pode ser de interese subliña-lo feito de que nin en *Aires d'a miña terra* nin en *Saudades gallegas*, as dúas de autores procedentes dunha área onde hoxe *unhos* case conseguiu desprazar a *us*, apareza *unhos* nin sequera unha vez<sup>50</sup>. Isto viría a confirma-la hipótese, suxerida por Mariño, de que se trata dunha forma de introducción recente. Ora ben, tampouco podemos excluír de entrada outras hipóteses que poderían explicar tamén este comportamento. Penso sobre todo na posibilidade de que estes escritores evitasen deliberadamente a solución *unhos* por considerar, seguindo a Saco ("Poesía gallega", p. 9), que se trataba dun castelanismo.

Saco (p. 145) rexistra ademais unha variante fonética *on* [ɔŋ], que xorde cando esta forma vai precedida da realización antevocálica da conxunción copulativa *e*:

*unha navalla y-on coitelo*

*un regueiro y-onha fonte*

Este fenómeno é unha característica da fala ourensá das moitas a que Saco dá cabida na súa obra. Non obstante, a pesar de que manifesta a súa preferencia por ela -parécelle máis "suave" a pronuncia [jɔŋ] ca [εúŋ] ou [júŋ]-, admite igualmente a representación *e un*.

---

<sup>50</sup> Na terceira edición de *Aires d'a miña terra* atopamos como forma única *us*, tanto cando funciona como núcleo coma cando funciona como modificador (pp. 19, 21, 45, 55, 57, 132, 149). O mesmo sucede no *Sainete* (pp. 9, 20, 82, 108). En *Saudades gallegas* temos *uns* unha soa vez (p. 99), contra numerosas ocorrencias de *us* (pp. 6, 9, 35, 36, 57, 65, 80, 111).

Tocante ás contraccións coas preposicións, os únicos que se refiren a elas son Saco (pp. 147-149) e Valladares (pp. 109 e 111), que recollen as solucións normais e esperables *d'un*, *c'un* e *n'un*. Así e todo, cómpre advertir que no caso da contracción coa preposición *con* Valladares admite igualmente *con un*.

Máis interese revisten as indicacións de Saco (p. 145) acerca das contraccións deste artigo indeterminado coa preposición *a*, ou con calquera outra rematada en /-a/. Trátase dun resultado característico do galego ourensán, como a variante [ɔn] que viamos anteriormente. Os resultados da contracción son os seguintes:

ôn	ô nha(s)
pr'ôn	[pr'ô nha(s)]
[contr'ôn]	contr'ô nha(s)

A contracción non se verifica co masculino plural *us*, co fin de evitar, segundo Saco, a confluencia co artigo determinado *os*. Non obstante non alude á outra forma 'subdialéctica' *uns* nin ó feminino *unhas*. Neste último caso nada hai que impida que se verifique a contracción, como sucede hoxe na fala. No caso do masculino plural *uns* resulta máis difícil de admitir, xa que se trata dunha forma propia do bloque occidental, onde esta contracción non adoita ter lugar.

Entre os escritores de procedencia ourensá contemporáneos a Saco destaca polo uso desta contracción, e

non só tras preposición, Curros Enríquez, que a emprega adoito a núa obra<sup>51</sup>.

---

<sup>51</sup> Na primeira edición de *Aires* é practicamente constante a súa aparición: *ón* (pp. 62, 77), *ónha* (p. 119), *pr'onha* (p. 1), *com'on* (pp. 33, 35, 51, 53, 74, 137), *com'onha* (pp. 3, 21, 22, 28), *com'onhas* (p. 49), *contr'on* (p. 78), *decí'onha vella* (p. 69). Tamén aparece [ n ] trala realización [j] da conxunción *e*: *y-on* (pp. 57, 68, 102, 111). Benito Varela Jácome, "Introducción" a Manuel Curros Enríquez, *Aires da miña terra*, Xerais, Vigo, 1990, pp. 53 e 61 n., insinúa que este uso se debe á influencia da gramática de Saco. Certamente Curros deu mostras de coñecer e admirar esta obra, tal e como se pode comprobar en Alonso, *Constitución*, p. 101. De tódolos xeitos, na miña opinión, o emprego sistemático destas contraccións débese sen dúbida a que estas eran formas que el tiña no seu galego nativo. Téñase en conta ademais que, tal e como advirte o propio Varela Jácome (pp. 75 n., 77 n., 85 n.), Curros corrixe algunhas destas contraccións na terceira edición de *Aires*. Concretamente os casos de *com'on* das pp. 3, 35, 51 e 53 aparecen emendados en *com'un* (pp. 28, 29, 42, e 44 respectivamente). O mesmo sucede con algúns exemplos de *com'onha* (pp. 21, 22, 28 da 1ª ed.) e *com'onhas* (p. 49), corrixidos en *com'unha* (pp. 18, 19, 24) e *com'unhas* (p. 40). Sen embargo, nos poemas engadidos atopamos novamente *pr'on* (p. 137) e *com'onha* (pp. 126, 137). No *Sainete*, en cambio, só aparece unha vez no texto publicado: *pr'on* (p. 92). Un *ón* que Alonso Montero advertiu no manuscrito foi corrixido en *a un* ó manda-lo texto á imprenta. Cfr. Alonso Montero, "Variantes do texto autógrafo", na súa edición de *O divino sainete*, Edicións do Castro, A Coruña, 1969, p. 130. Outro escritor ourensán, Lamas Carvajal, tamén afervorado admirador de Saco, emprega sen embargo en todos estes contextos *un*, *unha*. Así, en *Saudades gallegas* atopamos *a un* (p. 29), *com'un* (pp. 28, 90), *com'unha* (pp. 5, 28), *y-unha* (pp. 9, 94, 104), *y-unhas* (p. 109).

## 4. O pronome persoal

### 4.1. O pronome. Caracterización e tipos.

A caracterización do pronome fronte ás demais clases de palabras foi de sempre unha cuestión problemática. Os gramáticos tiñan que enfrontar, en primeiro lugar, as dificultades que ofrecía a caracterización dunha clase tan heteroxénea formal e funcionalmente. Por outra parte, como consecuencia desta heteroxeneidade e das similitudes que algúns grupos de pronomes presentaban con outras clases de palabras, resultaba difícil establece-los seus límites como clase e decidir cales eran os elementos que a integraban. Así, non será estraño que unha gramática, definindo o pronome con criterios similares ós que emprega outra, inclúa ou exclúa desta clase determinados grupos que a outra exclúe ou inclúe respectivamente. Algo disto sucede, como veremos máis adiante, nas gramáticas galegas do XIX.

Con respecto á consideración do pronome como clase autónoma, cuestionada xa de antigo na tradición gramatical española por algunhas voces illadas<sup>1</sup>, a gramática galega inscríbese na liña máis conservadora e manteno rutinariamente entre as 'partes da oración'.

Polo que se refire á caracterización xenérica dos pronomes, as gramáticas galegas do XIX non achegan tampouco

---

<sup>1</sup> Cfr. Constantino García, *Contribución*, pp. 76-77; Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 171-172; Calero Vaquera, *Historia*, pp. 88-89.

ningunha novidade con respecto ás definicións clásicas. Así, Saco e mais Valladares, os únicos que ofrecen unha definición, sitúanse dentro da corrente tradicional da gramática que viña considerando o pronome como un substituto do nome. Esta concepción do pronome ten o seu antecedente último na gramática grega do período helenístico, con Dionisio de Tracia, e a partir de entón vaise transmitindo practicamente sen interrupción ata época moderna<sup>2</sup>. Esta é, por exemplo, a concepción dos gramáticos de Port-Royal, que atribúen a invención do pronome á necesidade de evita-la repetición continua do nome:

Comme les hommes ont été obligés de parler souvent des mêmes choses dans un même discours, et qu'il eût été importun de répéter toujours les mêmes noms, ils ont inventé certains mots pour tenir la place de ces nomes (p. 80).

Por outra parte, en España esta foi a liña que se impuxo na gramática da Real Academia Española xa desde a súa primeira edición de 1771, onde se define o pronome como "una palabra, ó parte de la oracion que se pone en lugar del nombre" (p. 34). A definición que figura na edición de 1866 engade á da primeira edición unha aclaración sobre a finalidade desta substitución:

Pronombre es una parte de la oracion que con frecuencia se pone en ella supliendo el nombre para evitar la repeticion de éste (p. 39).

Esta parece se-la definición en que se inspiraron Saco e mais Valladares ó redactaren os capítulos correspondentes

---

<sup>2</sup> Cfr. Constantino García, *Contribución*: "Los gramáticos españoles, salvo pocas excepciones, han continuado con la rutina tradicional del pronombre como sustituto. Pesó más la opinión de Nebrija que la del extremeño [o Brocense]. Siguen al andaluz todos nuestros gramáticos de los siglos XVI al XVIII" (p. 78). Para a evolución na concepción do pronome, cfr. Constantino García, *Contribución*, pp. 75-81, que ofrece un interesante repaso das distintas definicións que se lle aplicaron ó longo da historia da lingüística. Véxase ademais Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 172-178, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 89-93.

das súas obras. O ourensán define o pronome do seguinte xeito:

Llámanse así certas palabras que tienen por obxecto evitar a contínua repetición do nome (p. 53).

Obsérvese, de tódolos xeitos, que Saco refuga falar de 'substitución'. Valladares, en cambio, reproduce case literalmente a definición académica: o pronome "es una palabra que se coloca en lugar do nome, por non repetir éste" (p. 41).

Sen embargo, Saco é consciente de que algúns dos grupos tradicionalmente incluídos entre os pronomes poden desempeñar, á parte de funcións atribuídas en exclusiva ó substantivo, outras consideradas propias do adxectivo. Así, o gramático ourensán formula certas reservas con respecto á inclusión dos demostrativos, posesivos, indefinidos e demais dentro da clase dos pronomes. De feito, inmediatamente despois de definir o pronome, advirte que, se ben as gramáticas adoitan distinguir diversas clases, unicamente son pronomes en sentido estricto os persoais (p. 51). Esta mesma idea volve a repetirse cando, ó dispoñerse a enumerar, conforme á doutrina clásica, os distintos tipos de pronome, sinala:

Ademas de los pronombres personales, existen otras palabras que hacen muchas veces, no siempre, el oficio de pronombres, y son los llamados *demostrativos, indefinidos, negativos, interrogativos y conjuntivos* (p. 58).

Polo demais, Saco prescinde de aquí en diante da etiqueta de "pronome" cando se refire a eles e fala de "demostrativos", "posesivos", etc., ou, en todo caso, de "pronombres y adxetivos", como cando define os que el denomina "negativos" (p. 61).

As dúbidas que asaltan a Saco proveñen da contradicción que se manifesta ó confronta-la definición de pronome co comportamento sintáctico que observan algunhas das formas caracterizadas como tales. Parece evidente que, ó considera-lo pronome como un substituto do nome, o primeiro debía asumir-las funcións propias do segundo. Sen embargo, resulta igualmente obvio que certas formas que habitualmente figuran entre os pronomes poden funcionar como adxacentes do sustantivo. Con todo, as observacións de Saco non constitúen ningunha novidade<sup>3</sup> e, por outra parte, tampouco supoñen unha ruptura coa caracterización tradicional. De feito, na edición de 1866 a propia Academia, ó falar dos demostrativos, admitía que tiñan "muchacha semejanza con los adxetivos, sin dejar de ser pronombres" (p. 43). No capítulo correspondente ós posesivos ía aínda máis alá ó recoñecer abertamente que os mantiña entre os pronomes máis por tradición ca por convicción:

Estos, en rigor, no son pronombres, pues con ellos no se supe en ningún caso á los sustantivos, sino verdaderos adxetivos; mas por derivarse de los pronombres personales, *y por respeto á la costumbre*, se les conserva dicha denominación (p. 44 n. O subliñado é meu).

Valladares (p. 36) detívose tamén a reflexionar sobre a conveniencia de adscribi-los demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais á clase pronome ou á clase adxectivo. O da Estrada chega a unha solución mixta ou de compromiso, que consiste en consideralos pronomes cando funcionan como

---

<sup>3</sup> Duclos, por exemplo, nas *remarques* á gramática de Port-Royal criticaba a inclusión sen matices do posesivo entre os pronomes. Segundo el, era preciso distingui-los auténticos pronomes posesivos (*le mien, le tien, le sien...*) dos adxetivos posesivos (*mon, ton, son...*). Cfr. Antoine Arnauld e Claude Lancelot, *Grammaire*, pp. 85-87.

núcleo da frase e adxectivos sempre que desempeñen a función de adxacentes do nome<sup>4</sup>.

Así as cousas, a clasificación dos pronomes en diversos grupos resultou igualmente problemática<sup>5</sup>. A liña que podemos considerar tradicional parte dunha subdivisión en catro clases: persoais, demostrativos, posesivos e relativos. Esta é a proposta da gramática de Port-Royal ou a da primeira edición da gramática da Academia Española. Entre os gramáticos galegos soamente Rodríguez Rodríguez ("Apuntes", pp. 36-45) reproduce esta clasificación elemental.

Os outros grupos que a gramática de corte tradicional inclúe hoxe entre os pronomes fóronse incorporando posteriormente. Con respecto ós indefinidos, xa a gramática académica de 1771 apuntaba a posibilidade de consideralos pronomes naqueles casos en que desempeñasen función nuclear. Así e todo, nesta edición non contan aínda cun epígrafe específico. Será en edicións posteriores cando entren a formar parte como grupo en pé de igualdade coas demais clases. Así son considerados xa na edición de 1866. Na gramática galega inclúenos como grupo especial dentro do capítulo do pronome Saco, que os escinde en "indefinidos" e "negativos", e Valladares, que os denomina "indefinidos" e tamén "indeterminados", que é a etiqueta que emprega a Academia Española. Rodríguez, en cambio, séguelos mantendo entre os adxectivos.

A incorporación dos interrogativos como grupo á parte foi máis serodia. En 1771 a Academia (p. 48) referíase a

---

<sup>4</sup> Vid. infra, pp. 384-385.

<sup>5</sup> Para a evolución histórica da clasificación dos pronomes cfr. Gómez Asencio, *Subclases de palabras en la tradición española (1771-1847)*, Universidade de Salamanca, 1985, pp. 43-46, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 93-97.



eles para negar que constituísen unha clase especial de pronomes. Pola contra, considerábaos simples variantes dos relativos, dos que se diferenciaban unicamente polo ton. Este é o tratamento que reciben en edicións posteriores. A de 1866, por exemplo, trátaos conxuntamente cos relativos, aínda que omite as referencias da primeira edición. En Galicia, Saco é o primeiro, e o único, que rompe con esta tradición.

Por outra parte, a posición tradicional da gramática con respecto ós numerais era a de agrupalos cos nomes. Así o fan a maioría dos autores dos séculos XVIII e XIX. Os gramáticos galegos, coa soa excepción de Valladares, non se apartan desta liña. Don Marcial, en cambio, a pesar de que, como veremos, segue a Salvá na caracterización dos distintos tipos de numerais, oponse a el ó consideralos unha subclase do pronome.

En definitiva, os tres gramáticos galegos que ofrecen unha clasificación dos distintos tipos de pronome presentan discrepancias nalgúns casos notables. Ó núcleo inicial formado por persoais, demostrativos, posesivos e relativos, que defende Rodríguez, Saco e Valladares engádenlle coincidentemente os indefinidos, que Saco xebra en indefinidos e negativos. Saco completa esta clasificación incluíndo ademais os interrogativos, mentres que Valladares, que prescinde deles, engade, en cambio, os numerais.

#### 4.2. O pronome persoal.

A única caracterización dos persoais fronte ás demais clases de pronomes ofrécenola Saco (p. 53):

Palabras que designan las personas con relación al oficio que desempeñan en la conversación. Son tres: *yo*, designa la persona que habla, cuando se menciona á sí misma; *tú*, representa el nombre de la persona á quien se habla; *él*, la persona ó cosa de que se habla.

Aínda que en aparencia se trata dunha definición de corte tradicional, o feito de que unha vez máis nela se evite o termo 'substitución' afásta da concepción que desde a primeira edición da súa gramática viña mantendo a Academia (*Gramática* (1866), p. 40), segundo a cal os pronomes persoais son "*los que se ponen en lugar de nombres de personas*". Pola contra, na miña opinión, a súa definición achégase máis ás do pequeno grupo de gramáticos que discrepan da consideración do pronome como clase vicaria<sup>6</sup>. Así, definicións similares á de Saco atopámolas en Salvá (p. 202) ou en Eguílaz, para quen o rtrazo definitorio do pronome persoal é o de indicar "las personas que intervienen en la conversación".

#### 4.2.1. Formas.

Polo que se refire á presentación formal dos paradigmas, atopamos diverxencias entre Mirás, Cuveiro, Saco e Rodríguez, por unha banda, e Valladares, pola outra. Os catro primeiros parecen segui-lo sistema adoptado pola Academia nas sucesivas edicións da súa gramática. Así, considerando que se trata das "únicas palabras en cuya irregular flexión se ven huellas de los casos latinos" (Saco, p. 53), establecen o paradigma do pronome conforme ó esquema clásico da declinación latina en cinco ou seis casos, seis no caso da segunda persoa e cinco no da primeira e terceira, onde loxicamente se prescinde do vocativo. Para completa-lo cadro naqueles casos para os que non hai formas

<sup>6</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 178-186, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 91-93.

propias recórrese á forma tónica que funciona normalmente como termo de preposición, precedida da preposición correspondente. Así, o xenitivo do pronome de primeira persoa singular é *de 'min*; o ablativo da terceira persoa singular masculino é *por el* ou *por il*, e así sucesivamente.

Valladares, en cambio, segue un sistema mixto ó combina-lo esquema proposto por Salvá na súa gramática e o tradicional da Academia. Así, seguindo ó valenciano, presenta o paradigma distinguindo un caso recto, que se corresponde coa función de suxeito, un caso obxectivo -o acusativo da declinación latina-, e os casos oblicuos, que corresponden á forma do pronome que actúa como termo de preposición e ó herdeiro do dativo latino. Nesta primeira presentación faltan, tanto en Valladares coma na súa fonte, as formas oblicuas ligadas coa preposición *con* (*comigo*, *contigo*, *connosco*, *convosco* e a reflexiva *consigo*). Sen embargo, Valladares non soubo calibrar adecuadamente a verdadeira dimensión do cambio que supoñía a formulación de Salvá. E así, quizais temendo que esta descrición puidese resultar innovadora en exceso, decídese a completala acudindo ó vello esquema da declinación<sup>7</sup>.

Na primeira presentación Valladares non só reproduce con bastante fidelidade o esquema de Salvá, senón que en ocasións chega a copiar parágrafos enteiros e mesmo algún exemplo, como sucede con algúns dos que cita ó final. Este feito vén a confirmar de forma inequívoca a influencia que nalgúns aspectos puntuais exerceu a gramática do valenciano

---

<sup>7</sup> Na edición impresa da gramática percíbese un salto de aproximadamente unha páxina na exposición dos cadros de declinación. Deste xeito queda incompleta a declinación da primeira persoa de singular (faltan o acusativo e mailo ablativo) e omítense as da primeira persoa de plural e as da segunda persoa, singular e plural.

sobre a do noso gramático e escritor<sup>8</sup>. Así pois, aínda que a cita sexa longa, creo que paga a pena confrontarmos aquí a versión orixinal e a copia-adaptación de Valladares.

O sistema dos pronomes persoais preséntase do seguinte xeito na gramática de Salvá (pp. 202-203):

Sing.	<i>Yo</i> , en el recto. <i>Me</i> , en el caso objetivo. <i>Mi</i> y <i>me</i> , en los casos oblicuos.	Para ambos géneros, según el sexo de la persona a que se refiere
Plur.	<i>Nos</i> , para todos los casos y los dos géneros; pero más comúnmente se usa de <i>Nosotros</i> , para el masculino y de <i>Nosotras</i> , para el femenino.	
Sing.	<i>Tú</i> , en el recto. <i>Te</i> , en el objetivo. <i>Ti</i> y <i>te</i> , en los casos oblicuos.	De los dos géneros como <i>Yo</i>
Plur.	<i>Vos</i> , para todos los casos y los dos géneros, y <i>Vosotros</i> , para el masculino y de <i>Vosotras</i> , para el femenino. <i>Os</i> , para todos los casos, menos el recto, y para los dos géneros.	
Sing.	<i>Él</i> , <i>ella</i> , <i>ello</i> , para masculino, femenino y neutro, respectivamente, en todos los casos. <i>Le</i> y <i>lo</i> , <i>la</i> , <i>lo</i> , en el caso objetivo para dichos tres géneros, y <i>Le</i> , para todos los géneros en el caso oblicuo, que llaman los gramáticos <i>dativo</i> .	
Plur.	<i>Ellos</i> , para el género masculino y <i>Ellas</i> , para el femenino en todos los casos. <i>Les</i> y <i>los</i> , para el masculino y <i>Las</i> , para el femenino en el objetivo. <i>Les</i> , para ambos géneros en el dativo.	

Este pronombre suele tomar *sí* y *se* para los casos oblicuos, y *se* para el objetivo de ambos números. Se dice por lo mismo, *El hombre piensa de sí* y *Los hombres piensan de sí*; *Él prefirió tomarse un veneno* y *Ellos prefirieron tomarse un veneno*; *El rico no puede acostumbrarse* y *Los ricos no pudieron acostumbrarse*.

---

<sup>8</sup> Lémbrese o que dicíamos a propósito da semellanza que presentan as definicións de artigo nas obras destes dous autores. Vid. supra, p. 232.

A versión de Valladares (pp. 42-43) é como segue:

	Singular	
<i>Eu</i>	caso recto	Para ambos géneros, según
<i>Me</i>	caso objetivo	el sexo de la persona
<i>Min, me</i>	casos oblicuos	á que se refiera.

	Plural	
<i>Nosoutros</i>	masculino	Para todos los
<i>Nosoutras</i>	femenino	casos.
	<i>Nós</i> para todos los casos y ambos géneros.	

	Singular	
<i>Ti</i>	caso recto	Para ambos géneros, según
<i>Te</i>	caso objetivo	el sexo de la persona
<i>Ti, che</i>	casos oblicuos	á que se refiera.

	Plural	
<i>Vosoutros</i>	masculino	Para todos los
<i>Vosoutras</i>	femenino	casos.
	<i>Vós</i> para todos los casos y ambos géneros, como <i>nós</i> .	

Singular  
*El, ó il, èla, èlo* para el masculino, femenino y neutro, respectivamente, en todos los casos.

Plural  
*Eles, ó íles*, para el género masculino, y *èlas* para el femenino en todos los casos.

Singular  
*Lle* para el dativo de ambos géneros; *o, a* para el nominativo y acusativo de los mismos respectivamente, y *ó* para el neutro.

Plural  
*Lles* para el dativo de ambos géneros, masculino y femenino; *os, [as]* para el nominativo y acusativo de los mismos respectivamente.

[...] El pronombre *el, ó il*, suele tomar *sí* y *se* en los casos oblicuos y *se* en el objetivo de ambos números. V. g. *O home pensa de sí* = El hombre piensa de sí; *os homes pensan de sí* = los hombres piensan de sí; *el quixo facerse crègo* = el quiso ordenarse sacerdote; *elas quixeron facerse monxas* = ellas quisieron hacerse monjas; *o enfermo debe consultarse* = el enfermo debe consultarse; *os sanos non necesitan consultarse* = los sanos no necesitan consultarse.

#### 4.2.1.1. Os paradigmas.

Por razóns de claridade renuncio a expoñer nun único cadro os paradigmas propostos polos cinco gramáticos antes citados. Pola contra, paréceme preferible presentar primeiro por separado cada un deles para seguidamente analizalos en conxunto. Inmediatamente despois deterémonos no estudio

daquelas formas que presenten algunha particularidade digna de comentario.

Na exposición dos paradigmas non respectámo-la presentación en táboas de declinación que ofrecen os textos, senón que preferimos integra-las formas nun cadro de características semellantes ós que hoxe se empregan para tal fin. Cómpre advertir tamén que nos casos en que unha gramática non recolla unha serie completa de formas esta non aparecerá reflectida no cadro. Refírome, por exemplo, ás formas reflexivas ou ás formas de tratamento cortés da segunda persoa, das que non contamos con ningunha referencia en varios dos textos. Por último, cando as gramáticas non recollen algunha forma, esta ausencia márcase no cadro cunha liña; cando esa forma simplemente non existe indícase co signo  $\emptyset$ . Feitas estas observacións de carácter xeral, vexamos agora os paradigmas propostos.

1.- *Mirás (pp. 14-16).*

	Formas rectas	Formas oblicuas			
		tónicas		átonas	
		libre	ligada	dativo	acusativo
P <sub>1</sub>	eu	min	comijo	---	me
P <sub>2</sub>	ti		contijo	---	---
P <sub>3</sub>	el, ela		$\emptyset$	lle	lle
P <sub>4</sub>	nosoutros		---	---	---
P <sub>5</sub>	vosoutros		---	---	vos
P <sub>6</sub>	eles, elas		$\emptyset$	lles	os,as/lles

## 2.- Cuveiro (pp. 11-13).

	Formas rectas	Formas oblicuas			
		tónicas		átonas	
		libre	ligada	dativo	acusativo
P <sub>1</sub>	eu	min	comigo	---	me
P <sub>2</sub>	ti	tu	contigo	---	te
P <sub>3</sub>	el, ela, èlo	∅	lle	llo, lla/lle	
P <sub>4</sub>	nos / nosoutros, nosco-outras	---	nos	---	
P <sub>5</sub>	vos / vosoutros, vosco-outras	---	---	---	
P <sub>6</sub>	èlès, èlas	∅	lles	llos/llas	

## 3.- Saco (pp. 54-56).

## a.- Formas tónicas

	Formas rectas	Formas oblicuas			
		libres		ligadas	
		non refl.	refl.	non refl.	refl.
P <sub>1</sub>	eu	min		comigo / cumigo	
P <sub>2</sub>		ti		contigo / cuntigo	
	cort.	vos / vosté(de) / su mercé	[si]	∅	[consigo / cunsigo]
P <sub>3</sub>		il-el, ela, elo / o, a	si	∅	consigo / cunsigo
P <sub>4</sub>		nos / nosoutros, -as		connosco	
P <sub>5</sub>		vos / vosoutros, -as		convosco	
	cort.	vostés, vostedes	[si]	∅	[consigo / cunsigo]
P <sub>6</sub>		iles-eles, elas / os, as	si	∅	consigo / cunsigo

*b.- Formas átonas*

	Formas non reflexivas		Formas reflexivas
	dativo	acusativo	
P <sub>1</sub>	me		[me]
P <sub>2</sub>	che	te	[te]
P <sub>3</sub>	lle	o, a	se
P <sub>4</sub>	nos		[nos]
P <sub>5</sub>	vos		[vos]
P <sub>6</sub>	lles	os, as	se

*4.- Valladares (pp. 42-44).**a.- Formas tónicas*

	Formas oblicuas				
	Formas rectas	libres		ligadas	
		non refl.	refl.	non refl.	refl.
P <sub>1</sub>	eu	min		[---]	
P <sub>2</sub>	ti			[---]	
P <sub>3</sub>	el-il, èla, èlo / o, a	si		ø	consigo
P <sub>4</sub>	nòs / nosoutros, -as			connosco	
P <sub>5</sub>	vòs / vosoutros, -as			convosco	
P <sub>6</sub>	eles-iles, èlas / os, as	si		ø	consigo

*b.- Formas átonas*

Id. Saco.



## 5.- Rodríguez ("Apuntes", pp. 39-43).

## a.- Formas tónicas

	Formas rectas	Formas oblicuas			
		libres		ligadas	
		non refl.	refl.	non refl.	refl.
P <sub>1</sub>	eu	min		comigo	
P <sub>2</sub>	ti		contigo		
P <sub>3</sub>	il-el, ela, elo / o, a	si	∅	consigo	
P <sub>4</sub>	nos / nosoutros, -as		connosco		
P <sub>5</sub>	vos / vosoutros, -as		convosco		
P <sub>6</sub>	iles-eles, elas / os, as	si	∅	consigo	

## b.- Formas átonas

Id. Saco.

Mirás e Cuveiro presentan un paradigma moi incompleto, xa que á parte de que faltan series completas, como son as formas reflexivas ou as formas de tratamento cortés de segunda persoa, o cadro presenta numerosas lagoas<sup>9</sup>. A isto hai que engadirlle diversas inexactitudes e erros na descrición, algúns realmente incomprendibles. Así, Mirás, por exemplo, presenta o dativo *lle(s)* como forma de acusativo de terceira persoa. Cuveiro, pola súa parte, dá *tu* como forma oblicua libre do pronome de segunda persoa, e considera as contraccións *llo(s)*, *lla(s)* e o dativo *lle* como

<sup>9</sup> No caso de Cuveiro algúns destes ocios pódense cubrir acudindo ó seu diccionario. É o caso, por exemplo do dativo *che*, que non figura na descrición de *El habla gallega* e si no diccionario (p. 86 s.v.).

formas de acusativo de terceira persoa. Un caso á parte son xa as formas estrambóticas *nosco-outras*, *vosco-outras* de Cuveiro, que, se aparecesen unha soa vez, non dubidariamos en considerar erros de imprenta<sup>10</sup>. Todos estes datos abundan para termos unha idea da pericia como gramáticos destes dous autores.

Saco, Valladares e Rodríguez ofrecen unhas descrições moi similares entre si e moito máis completas e atinadas cás dúas anteriores. De tódolos xeitos, o único dos tres que consigna as formas de tratamento cortés da segunda persoa é Saco. Por outra parte, cómpre advertir que a falta das formas oblicuas ligadas no paradigma de Valladares é debida ó salto de unha páxina a que xa nos referimos pouco máis arriba.

Nas súas descrições chaman poderosamente a atención as formas *o(s)*, *a(s)*, que Saco e Valladares inclúen como pronome suxeito e Rodríguez como pronome suxeito e como termo de preposición da terceira persoa, ó lado de *el(es)-il(es)*, *ela(s)*, *elo*. Polo de agora contentámonos con sinalar este feito. Deixamos para máis adiante a análise das explicacións que dá Saco, que parece se-lo punto de partida desta cadea, e dos exemplos que deste uso ofrece Rodríguez.

Tocante ós encontros de pronomes dativo con formas do acusativo de terceira persoa, a penas temos nada que dicir. Soamente Saco e Valladares se refiren ós resultados destes encontros, pero os exemplos e os textos dos demais revelan que, por riba de diferencias puramente formais como poden se-lo uso ou non do apóstrofo, todos manteñen unha mesma postura. Así, no caso dos dativos de singular os resultados

---

<sup>10</sup> No seu *Diccionario* as formas de P<sub>4</sub> recollidas son *nos*, *nosco* e *nosoutros* (p. 221 s.v.); para a P<sub>5</sub> temos unicamente *vos* e *vosco* (p. 321 s.v.).

normais son *mo(s) / ma(s)*, *cho(s) / cha(s)*, *llo(s) / lla(s)*. Estes son, xunto coas contraccións da preposición *de*, os únicos casos en que, segundo Saco (pp. 143-144) e Valladares (p. 43), é obrigatorio representa-la contracción.

Os encontros das formas de dativo plural *nos*, *vos* e *lles* coas do acusativo da terceira persoa resólvense coa asimilación do /s/ final ó /l/ inicial do primitivo pronome, dando así lugar á segunda serie do pronome acusativo: *nolo(s) / nola(s)*, *vollo(s) / vola(s)*, *llelo(s) / llela(s)*. É puramente anecdótico o "non *nos* a espetas", por "non *nola* espetas", que nunha ocasión escribe Mirás (p. 129). De tódolos xeitos, máis adiante teremos que volver sobre estes encontros ó tratarmos da distribución dos alomorfos do pronome acusativo. Da mesma maneira, da oposición *llo / llelo* ocuparémonos nun capítulo á parte. De momento abonda con chama-la atención sobre as formas *llos*, *llas* que aparecen no paradigma de Cuveiro no cadro correspondente ás formas de acusativo plural.

#### 4.2.1.2. *Ti / tu, el / il.*

A fortuna de *tu* e *il* nas gramáticas e nos textos literarios en xeral foi, como veremos, ben diversa. A primeira delas, *tu*, non figura recollida en ningunha das descrições gramaticais que vimos estudando, tal e como se pode comprobar nos cadros que reproducimos pouco máis arriba. Con todo, cómpre subliña-la posición contradictoria de Manuel R. Rodríguez, que nos "Apuntes gramaticales" á lingua da *Crónica Troiana* (p. 40) dá *ti* como forma única para o galego moderno, en tanto que nun breve traballo

posterior ("Bosquejo III", p. 12) recolle, tamén como forma única, *tu*<sup>11</sup>.

Fronte a *tu*, *il* aparece ó lado de *el*, e con igual rango, nas obras de Saco, Valladares e Rodríguez. Soamente Mirás e Cuveiro, que non se caracterizan precisamente pola exhaustividade das súas descrições, omiten *il* ó estableceren o paradigma do pronome<sup>12</sup>. Para coñecérmo-lo xuízo destes autores acerca da consideración normativa de *il* e *el*, así como as súas impresións a propósito da distribución xeográfica destas dúas formas contamos cos testemuños de primeira man de Saco e Valladares. Na obra de Saco (p. 232) *il* e *el* preséntanse como formas 'subdialécticas', é dicir, como solucións características das dúas variedades xeográficas que el distingue, a meridional e a setentrional. Aplicando o seu criterio de aceptar normativamente calquera solución que, sendo galega, teña apoio na fala, tanto *il* coma *el* serían formas

---

<sup>11</sup> Cfr. ademais Jules Cornu, "Neugalizische Formenlehre", apéndice á súa "Grammatik der portugiesischen Sprache", in G. Gröber (ed.), *Grundriss der romanischen Philologie*, vol. I, Karl J. Trübner, Strassburg, 1906<sup>2</sup>, pp. 1031-1037. Manexo a traducción ó español "Morfología del gallego moderno", *BRAG* I, 1 (20.05.1906), pp. 7-9; 2 (20.06.1906), pp. 28-30; 3 (20.07.1906), pp. 52-54; 4 (20.08.1906), pp. 75-77; 5 (20.09.1906), pp. 99-101. No capítulo relativo ós pronomes, o filólogo alemán recolle ó lado de *ti* a forma *tu*, se ben advirte que desta última "se conservan poucos rastros" (p. 28). En todo caso, e dado que a información que manexa Cornu é fundamentalmente literaria, segundo el mesmo confesa na advertencia preliminar ó apéndice (p. 7), esta observación deberá interpretarse no sentido de que *tu* era unha forma con escasa presenza nos textos. Por outra parte, ningún dos dicionarios contemporáneos ás gramáticas recolle *tu*, algo normal e esperable se temos en conta que neles só adoitan figura-las formas e acepcións diferenciais con relación ó español.

<sup>12</sup> En cambio, Cuveiro si recolle *il* no seu *Diccionario* (p. 166 s.v.), precisando que se trata dunha forma usada "en Orense y en la raya de Portugal". Francisco Javier Rodríguez, pola súa parte, tamén inclúe *il*, aínda que neste caso sen ningún tipo de especificación xeográfica. Por outra parte, tal e como era de esperar nestas obras non aparece *el*, seguramente por se tratar dunha forma coincidente en galego e castelán. O que si atopamos é *ele*, tanto en F. J. Rodríguez (p. 53 s.v.) coma en Cuveiro (p. 104 s.v.) e en Valladares (p. 191 s.v.). Este *ele*, cun [e] final que debe interpretarse como paragóxico e non como un caso de conservación da vocal final orixinaria, existe efectivamente na fala. A súa presenza nos dicionarios débese sen dúbida ó seu carácter diferencial. Cfr. Rosario Álvarez Blanco, *O pronome persoal en galego*, 2 vols., tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 1980, pp. 42-43.

igualmente lexítimas para Saco. Outra cousa é que Saco manifeste na práctica unha marcada predilección polas solucións propias do seu galego nativo.

Pola súa parte, Valladares (p. 42 n.) proporcionáanos unha indicación máis precisa acerca da extensión territorial de *il*:

En la provincia de Orense dicen *il, iles*, en lugar de *el, eles*, pero no *ila, ilas, ilo*, y si *èla, èlas, èlo*.

En calquera caso, tendo en conta que a variedade que Saco identifica como setentrional se corresponde en realidade coa fala de Compostela e que o 'subdialecto' meridional non é máis có galego ourensán<sup>13</sup>, a súa apreciación coincide sustancialmente coa de Valladares.

Nunha primeira impresión pode resultar sorprendente o contraste entre o tratamento que recibe *tu* e o que se lle dispensa a *il*, e máis aínda se temos presente que na actualidade o territorio onde se escoita *tu* é considerablemente máis estenso cá área de *il*. En efecto, *tu* é unha forma aínda viva hoxe en case a metade do dominio lingüístico galego, en tanto que *il* é a solución característica da área lucu-auriense<sup>14</sup>. Ademais, se aceptamos como válida a afirmación de Fernández Rei (*Dialectoloxía*, p. 75) no sentido de que *ti* e *tu* manteñen un equilibrio inestable que se vai resolvendo en favor da primeira, que pouco e pouco vai arrebatándolle terreo á segunda, deberemos supoñer que contra a segunda metade do século pasado a extensión de *tu* debía de ser aínda maior cá que presenta hoxe. Á vista desta situación non deixa de

---

<sup>13</sup> Cfr. A. Santamarina, "Dialectoloxía galega", p. 160.

<sup>14</sup> Para a distribución xeográfica de *tí / tu* e de *el / il*, cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 26-27 e 41-42, e Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 74-75 e 69-71.

resultar estraño que unha solución tan estendida na fala non apareza citada nin sequera unha vez, aínda que só sexa para desbotala ou para desaconsellala.

Unha posible xustificación podería intentarse empregando como argumento a procedencia xeográfica dos autores destes textos. Este feito pode explicar, por exemplo, a ausencia de *tu* ou de *il* nas obras dos oriúdos da Galicia occidental. Sen embargo, resulta incompreensible que Saco, un gramático en xeral moi respectuoso coa pluralidade dialectal, e ademais un excelente coñecedor do galego ourensán, non recolla unha forma que aínda hoxe é a solución característica da súa área de procedencia. A solución dánola o propio Saco no seu traballo "Poesía gallega contemporánea", onde censura como castelanismo o emprego de *tu* por parte de Pastor Díaz (p. 5).

Por outra parte, sendo *tu* a forma etimolóxica, sorprende que Rodríguez non lle dedique máis ca unha breve nota, cando en tódolos seus escritos se mostra sempre atento a chama-la atención sobre calquera trazo que lle permita sobrancea-la proximidade do galego ó latín.

Na miña opinión, a omisión de *tu* na inmensa maioría dos textos gramaticais obedece ás mesmas razóns que motivan o seu escaso uso literario. De acordo cos datos que ofrece Ramón Mariño, *tu* non contou xa desde un principio co favor dos escritores do país. Así, nun período como o prerrexurdimento, en que supostamente os prexuízos diferencialistas non acadan a dimensión que terían en épocas posteriores, *tí* aparece xa como a forma preferida polos escritores<sup>15</sup>. Esta tendencia confírmase logo durante o Rexurdimento cando autores que debían ter *tu* como forma

<sup>15</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 414-415.

nativa adoptan *ti* nas súas composicións<sup>16</sup>. Diante desta situación non parece arriscado afirmar que a omisión deliberada da solución *tu* nas gramáticas, e o seu baixo índice de emprego na escrita, responden á vontade de proscribir unha forma que estes autores refugan por considerárena pouco galega, ou, por dicilo máis claramente, un castelanismo.

Certamente, esta explicación pode dar conta do predominio absoluto de *tí*, pero non serve para explicalo mantemento dunha forma como *el*, tamén coincidente co castelán, e o seu predominio sobre a diferencial *il*<sup>17</sup>. De calquera maneira, parece claro que o caso de *el* / *il* é diferente do de *ti* / *tu*. *El*, a diferencia de *tu*, tiña ó seu favor o feito de que era a solución claramente maioritaria, cun competidor recluído nunha área bastante reducida. Así se explica que autores oriúdos da área lucu-auriense manifesten xa unha predilección clara por *el*<sup>18</sup>. Sen embargo, o éxito relativo de que gozou *il* en décadas posteriores só se explica pola súa condición de forma diferencial.

---

<sup>16</sup> Como casos paradigmáticos deste comportamento podemos cita-los de Curros ou Lamas. En *Aires da miña terra* só documentamos *tu* nun par de ocasións (pp. 19, 33). *Ti*, pola contra, preséntase como solución habitual (pp. 5, 6, 16, 17, 22, 23, 24, 25...). No *Sainete* xa non atopamos máis ca *tí* (pp. 23, 29, 30, 50, 55, 59, 60...). O mesmo sucede en *Saudades gallegas* (pp. 6, 9, 31, 34...).

<sup>17</sup> Segundo Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 419-422, *el* é xa a solución maioritaria nos textos do prerrexurdimento, onde a penas se documentan ocorrencias de *il*, mesmo en textos como *O tío Farruco*, debido á pluma do ourensán Boado.

<sup>18</sup> Esta tendencia é xa ben perceptible en Curros, que en *Aires* emprega *il* con carácter excepcional (pp. 14, 32), fronte a *el* que aparece seguido (pp. 12, 13, 14, 16...). O mesmo sucede no *Sainete*: *il* (pp. 44, 75, 82, 94) / *el* (pp. 11, 24, 29, 32, 44, 84, 85, 86, 92). En *Saudades* non temos senón *el* (pp. 2, 4, 25, 27, 29, 34, 37...). Prescindo das contraccións coa preposición *pra* ou coas conxuncións *que* / *ca* así como dos rexistros en que *el* aparece trala realización [j] da conxunción *e*. Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 51-52.

4.2.1.3. O neutro *elo*.

É suficientemente coñecido que a forma neutra *elo*, existente na lingua antiga, desapareceu practicamente no portugués e no galego modernos, onde só se conserva nalgunhas expresións estereotipadas<sup>19</sup>. Por esta razón, a súa presenza nas descrições de Cuveiro, Saco, Valladares e Manuel R. Rodríguez<sup>20</sup> merece que lle dediquemos sequera un pequeno espacio.

Se ben ningún deles proporciona exemplos nin indicacións con respecto ó seu uso, o feito de que nos textos contemporáneos a estas gramáticas *elo* apareza asumindo funcións que nunca desempeñou na lingua antiga fai que nos interroguemos acerca da verdadeira razón da súa presenza nos paradigmas. Nos textos do prerrexurdimento Ramón Mariño (*Estudio*, pp. 423-424) detecta en varias ocasións a presenza dun *elo* que actúa como suxeito e que el atribúe á formación castelá dos escritores<sup>21</sup>. No noso caso é probable que esteamos diante dun fenómeno similar. Non convén perder de vista que cando os nosos gramáticos abordan a descrición do galego toman como modelo e punto de referencia a gramática do español. Así, ó trasladaren a estrutura do sistema do español á descrición do galego resulta pouco menos que inevitable incorrer en erros coma este. De ser isto certo, non sería o de *elo* o único caso. Xa ó falarmos do establecemento do paradigma do artigo viamos

---

<sup>19</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronomes persoal*, pp. 46-48; *Normas*, p. 58; Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 160-161.

<sup>20</sup> *Elo* figura ademais nos dicionarios publicados durante o período estudado: F. J. Rodríguez (p. 53 s.v.), Cuveiro (p. 104 s.v.), Valladares (p. 191 s.v.).

<sup>21</sup> Nos textos do Rexurdimento que revisamos rexistrámolo moi escasamente e sempre como termo de preposición: *delo* (*Cantares*, p. 213; *Saudades*, p. 112), *nelo* (*Gaita*, p. 54; *Saudades*, p. 82).



como Saco e mais Valladares incluían unha forma neutra o, transposición mimética do castelán *lo*<sup>22</sup>.

Hai un dato máis que induce a ver con certo receo este neutro *elo*. Refírome ó desacordo entre Valladares e Cuveiro con respecto ó timbre da vocal tónica. Aínda que a representación sexa a mesma en ámbolos autores, *èlo*, cómpre ter presente o distinto valor que para cada un deles ten o acento grave. Mentres que Valladares utiliza esta marca para sinala-las vocais de abertura media aberta, para Cuveiro este signo serve para indicar xustamente o contrario, as vocais medias pechadas. Segundo isto, o *èlo* que presentan coincidentemente estes dous autores debe lerse [élo] no caso de Cuveiro, e [é'lo] no de Valladares. Esta realización aberta que lle atribúe Valladares induce a sospeitar que se trata máis da adaptación do español *ello* ca do resultado da conservación do primitivo galego *elo* (< *ĪLLUD*).

#### 4.2.1.4. *Nós, vós / nosoutros, vosoutros.*

Salvo Mirás, que recolle soamente *nosoutros* e *vosoutros*, tódolos demais autores indican nos seus paradigmas a alternancia *nós, vós / nosoutros, vosoutros*<sup>23</sup>. Unha vez máis sorprende tanta unanimidade.

No galego actual conviven diversos sistemas. Nunha ampla zona rexístranse unicamente as formas *nós* e *vós*. Así, conforme indica Fernández Rei, *nosoutros, vosoutros* son na actualidade solucións "estrañas á provincia de Ourense, á metade Sur da de Lugo e á metade oriental da de Pontevedra,

<sup>22</sup> Vid. supra, p. 233-234.

<sup>23</sup> Nos dicionarios a situación é a seguinte. F. J. Rodríguez (p. 95 s.v.) recolle unicamente *nós*. Non aparecen nin *vós* nin *nosoutros, vosoutros*. Cuveiro, pola súa parte, dá como formas de primeira persoa de plural *nos, nosco, nosoutros* (p. 221 s.v.). Para a segunda de plural, en cambio, aparecen só *vos* e *vosco* (p. 321 s.v.), pero non *vosoutros*.

pero probablemente existiron tamén dentro desta zona" (*Dialectoloxía*, p. 75). Outra área, que Fernández Rei circunscribe á metade norte de Lugo, ás terras máis setentrionais da provincia da Coruña e ó galego asturiano, coñece só os resultados *nosoutros*, *vosoutros*. Por fin, no resto do territorio aparece, se ben en puntos illados e con escasa vitalidade, unha alternancia *nós* / *nosoutros* que representa nunha oposición entre un plural 'inclusivo' (*nós*, *vós*) e un plural 'exclusivo' (*nosoutros*, *vosoutros*). De tódolos xeitos, nos lugares onde subsiste, esta vella distinción vai desaparecendo a medida que *nós* gaña terreo, especialmente entre os falantes máis novos, e despraza a *nosoutros*<sup>24</sup>.

Evidentemente, á vista da postura coincidente que adoptan tódolos gramáticos á hora de recolleren a alternancia *nós*, *vós* / *nosoutros*, *vosoutros*, cabería pensar que están describindo un sistema xeneralizado. Polo menos, a falta de referencias á súa distribución dialectal induce a supoñer que non eran percibidas como solucións características de áreas diferentes. En caso contrario, Valladares e sobre todo Saco probablemente o indicarían. Así pois, seguindo este razoamento, estaríamos diante de dúas formas que conviven no mesmo territorio mantendo algún tipo de oposición.

Outra posible explicación para a presenza coincidente destas formas nos nosos textos levaríanos a supoñer que unha vez máis a descrición do sistema galego é un calco da que as gramáticas do momento ofrecen para o español. En efecto, nas gramáticas de corte máis tradicional, que seguen a liña

---

<sup>24</sup> Para a distribución xeográfica e o emprego destas formas, véxase ademais Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 17-23 e 32-33). Polo que se refire ós valores de *nós*, *vós* e *nosoutros*, *vosoutros* nas zonas onde se mantén a oposición, cfr. Álvarez Blanco et. al, *Gramática*, p. 160.

marcada pola Academia Española, as formas arcaicas e desusadas *nos* e *vos* seguen figurando nos paradigmas do pronome ó lado das modernas e usuais *nosotros* e *vosotros*. Por outra parte, o feito de *nosoutros*, *vosoutros* sexan formas que non se senten como alleas facilitaría este calco.

A ausencia de exemplos e de indicacións explícitas sobre o emprego de cada unha destas formas impídenos pronunciarnos categoricamente por unha destas dúas hipóteses. Algo máis fácil resulta no caso de Saco (pp. 56-57), que é o único que se aventura a explicar en que consiste a oposición:

De las dos clases de formas plurales *nos*, *vos*, *nosoutros*, *vosoutros*, las primeiras *nos*, *vos*, idénticas á las latinas, son las que se usan de ordinario: las segundas, formadas por composición (*nos-outros*, *vos-outros*) se emplean principalmente cuando se quiere hacer resaltar la diferencia de género.

Das palabras do gramático ourensán pódense tirar algúns datos de interese. En primeiro lugar, parece claro que no seu galego as formas normais e habituais eran xa daquela *nós* e *vós*, exactamente igual có que sucede hoxe na súa área de procedencia. Por outra parte, é así mesmo evidente que Saco non considera *nós* e *nosoutros* dúas formas "subdialécticas", como sucede, por exemplo, no caso de *il* e *el*. Por último, a explicación que ofrece sobre o funcionamento de *nosoutros*, *vosoutros*, revela que descoñecía o seu valor real como plural exclusivo.

¿Como xustificar, pois, a presenza das formas exclusivas na descrición de Saco? Poida que Saco tivese constancia, ben a través da literatura, ben por outras vías, da existencia dunha oposición *nós* / *nosoutros* que el non dominaba. A presenza das formas *nos* e *nosotros* nas gramáticas españolas quizais exerceu sobre el unha certa

influencia. De feito a explicación sobre o seu uso parece tirada da que ofrece a gramática da Academia. Esta, na súa edición de 1866, sobranceaba o feito de que as formas *nós* e *vós* non presentaban moción de xénero en tanto que as compostas con *outro* si o facían:

Los plurales *nosotros* y *vosotros* son unos compuestos de los pronombre *nos* y *vos*, y del adjetivo *otros*. Cuando á *nos* y *vos* les falta dicho aditamento, son comunes á varones y hembras (p. 42).

Da constatación deste feito Saco puido moi ben deducir que o criterio que rexía o emprego de *nós* e *nosoutros* era a necesidade que nalgún caso se podería sentir de indica-lo xénero gramatical. Para Saco, pois, a diferenza fundamental entre *nós* e *nosoutros* radica máis no feito de que o segundo presente flexión de xénero, ca no de que esta forma sexa un composto formado sobre o pronome e o indefinido *outro*.

De tódolos xeitos, a explicación non ten por que se-la mesma para tódolos autores. Parece claro que na descrición de Mirás ten un peso decisivo a da gramática española. Só así se explica que nas táboas de declinación consigne soamente *nosoutros*, *vosoutros* e que logo nos textos estas formas alternen con *nós* e *vós*<sup>25</sup>.

Polo que se refire ós gramáticos posteriores a Saco, cómpre tomar en consideración outro factor que poderíamos denominar efecto de arrastre. Parece fóra de toda dúbida que a obra do ourensán actuou como punto de referencia para os

---

<sup>25</sup> Vexamos algúns exemplos: "a relixon [...] a que *nos* chamamos cristianismo" (p. 63), "a quen por *nos* tal ben quixo faser" (p. 65), "todo canto para *vos* fixen da nada" (p. 68), etc. Se ben nalgúns casos pode apreciarse unha oposición inclusivo / exclusivo ("todo canto para *vos* [os homes] fixen da nada / da miña mau o ser ha resibido / [...] / e solo *vosoutros* [Adán e Eva], xente infame, houbéchedes á miña ley rompido"), nos demais casos o seu uso non parece rexerse por máis criterio có puramente estilístico.

traballos posteriores e exerceu sobre eles unha considerable influencia.

#### 4.2.1.5. Formas de tratamento cortés para o interlocutor.

Na lingua actual está practicamente consumado o proceso de xeneralización de *vostede* como forma de tratamento cortés ou deferente. Solucións antigas como a forma de plural *vós*, válida tanto para un coma para máis de un interlocutor, a penas sobreviven hoxe máis ca en puntos illados do occidente da Coruña. Máis reducida aínda é a extensión de *el*, *ela* con esta mesma función<sup>26</sup>.

As informacións que proporcionan as gramáticas do século pasado sobre estas e outras formas de cortesía son máis ben escasas. Tanto é así que, de tódalas obras, é unicamente a de Saco (p. 57), a que se refire a elas de forma expresa. Estas son as palabras que lles dedica o gramático ourensán:

En lugar del pronombre *tí*, se usa en algunos puntos de Galicia, hablando con personas de respeto, del plural *vos*, frecuente tambien en el antiguo castellano; pero lo más comun es dar en tales casos el tratamiento de *vosté* o *vostede* (contracción de *vosa-mercede*), que corresponde al castellano *usted*: su plural es *vostés* ó *vostedes*. En varios puntos se conserva aun el antiguo tratamiento *su mercé*.

Noutro lugar, o gramático ourensán (p. 64) indica que, se ben *vostede* e *su mercé* son formas que apuntan ó interlocutor, esixen a presenza de pronomes de terceira persoa:

---

<sup>26</sup> Para o emprego con este valor de *el*, *ela*, cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal* pp. 153-154. Para o emprego e distribución territorial de *vós* véxase este mesmo traballo, pp. 154-160, e Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 76.

Cuando en lugar del pronombre *tí* se emplean los tratamientos *vostede* ó *su mercé*, el posesivo *teu, tua* es igualmente reemplazado por *seu, sua*.

Volvendo sobre a disparidade de formas de cortesía, Saco non percibe que o seu emprego veña condicionado polo tipo de relación que manteñen os interlocutores. Pola contra, as únicas diferencias que as separan refírense á frecuencia de uso e á vixencia de cada unha delas no seu tempo. Sen embargo, antes de que *vostede* conseguise desprazar a *vós*, ámbalas formas conviviron repartindo as súas funcións. Así, tras analiza-la presenza de *vós* nalgúns textos do prerrexurdimento Ramón Mariño (*Estudio*, pp. 435-437) conclúe que esta era a forma con que os fillos se dirixían ós pais ou con que os compadres se trataban entre si. *Vós* percibíase "como cortés pero non como distante ou excesivamente cerimonioso" (p. 436). Pola contra, *vostede* ou *vosté*, xunto con *su mercé* eran "formas de respecto reservadas para se dirixir a aquelas persoas consideradas de rango superior e / ou coas que non se mantén trato de intimidade" (p. 444). Hoxe mesmo, naqueles lugares en que aínda se conserva, *vós* resérvase para o trato de persoas próximas, parentes ou achegados, que "pola súa idade merecen un especial respecto" (Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 76). En todo caso, á vista das apreciacións de Saco, esta forma de tratamento non debía de disfrutar xa de moita vitalidade contra mediados de século. Pola contra, parece que *vostede* xa se consolidara practicamente como forma única e non marcada para o tratamento de cortesía ou de respecto. *Vós* e *su mercé* percibíanse xa como formas desusadas e arcaizantes. Como forma literaria *vós* mantiña, sen embargo, unha notable presenza na poesía popular tradicional. Así, nas recopilacións de textos orais realizadas no século pasado *vós* aparece con relativa frecuencia como fórmula de tratamento deferente, se ben en moitos casos alterna dentro

da mesma composición con *ti*. Isto sucede, por exemplo, nalgunhas das coplas e romances que recollen Pérez Ballesteros ou o propio Saco Arce. Do primeiro son os seguintes exemplos:

Outra foi buscar o viño:  
"Comadre, ¿cánto hei traer?  
¡Traéde canado e medio  
por non volver outra vès! (*Cancionero*, III, p. 72)

Ña madre lévám'â vila (Id., p. 245).

¿Qué téndes, doña Silvela,  
qué téndes a vida miña? (Id., p. 259).

Mandoume o Rey de palacio  
que *che vos* quitar'a vida,  
e que si non *ch'a* quitaba  
qu'él me quitaría a miña (Id., p. 261)<sup>27</sup>.

Na *Literatura popular de Galicia* atopamos, entre outros, os seguintes:

Unha vella dixo a outra  
Pol-o burato d'a porta:  
-*Gobernai* a vosa vida:  
Que a miña nada *ch'importa* (p. 67).

Miña nai, as oveliñas,  
Buscá pastor para elas,  
Que me renden os amores,  
E non vos podó ir co'elas (p. 76).

Agora xa non s'estila  
Pedi-la filla a seu pai,  
Senon entrar e decir:  
"Meu sogro, ¿cómo vos vai?" (p. 108).

Por amor de voso galo,  
Traidora, mala veciña,  
Por amor de voso galo  
Perdei a miña galiña (p. 185).

As informacións que ofrecen os dicionarios compostos neste período tampouco engaden novos datos de interese.

<sup>27</sup> Cómpre ter en conta que nos romances a presenza de *vós* quizais deba interpretarse como un trazo arcaizante.

Soamente Valladares (p. 589 s.v.) recolle *vòs*, presentándoa como forma común para o tratamento de respecto. Rodríguez (p. 130 s.v.) e Cuveiro (p. 321 s.v.), en cambio, consignan unicamente *vosté* ou a súa variante *vusté*. *Vostede*, ou *vustede*, aparecen só en Valladares (p. 589 s.v.). Á parte destas formas atopamos en Cuveiro a forma de filiación española *voacé*, que o autor caracteriza como arcaísmo.

Por outra parte, hai algúns datos que nos permiten conxecturar que o castelanismo *usté* ou *ustedede* estaba xa bastante introducido na segunda metade do século e comezaba a despraza-las solucións galegas *vosté* e *vostede*<sup>28</sup>. Pérez Ballesteros, nunha das notas do seu cancionero (*Cancionero*, II, p. 142 n.), daba conta da penetración de *usté*, que achacaba á influencia do castelán. Non obstante, engadía que "generalmente se dice *vusté* o *vustede*". No seu dicionario, Valladares non só incluía *usté* e *ustedede* como entradas (p. 571 s.v.) senón que remitía a elas desde *vosté*, *vostede* e *vusté*, *vustede*.

Non é fácil precisar cales eran a difusión e o grao de xeneralización que atinxiran estas formas espurias. De tódolos xeitos, a súa presenza en composicións que en

---

<sup>28</sup> No relativo á lexitimidade de *vostede* como forma galega, posta en dúbida por Carballo Calero, *Gramática*, pp. 193-194, que segue a liña de interpretación proposta por Navarro Tomás, "«Vuesasted», 'usted'", *RFE* 10 (1923), pp. 310-311, cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 35-38). Aquí a profesora Álvarez recolle as teses de José Pla Cárceles, "La evolución del tratamiento «vuestra-merced»", *RFE* 10 (1923), pp. 245-280, apuntadas xa por Menéndez Pidal, *Manual de gramática histórica española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1982<sup>17</sup>, p. 36 (§ 5 bis).



principio foron recollidas de boca do pobo pode tomarse como un índice da súa penetración<sup>29</sup>.

#### 4.2.1.6. Formas oblicuas ligadas.

Con respecto á serie de pronomes ligados coa preposición *con* os textos que vimos estudando non presentan discrepancias notables. Todos eles presentan un paradigma basicamente coincidente, que ten como formas normais *comigo*, *contigo*, *consigo*, *connosco*, *convosco*.

Así e todo, atopamos tamén algunhas variantes que cómpre consignar aquí. Para as formas de primeira e segunda persoas de singular e para a forma reflexiva de terceira persoa Saco recolle, ademais das formas antes citadas, cadansúa variante con harmonización vocálica: *cumigo*, *cuntigo*, *cunsigo*. Saco, segundo indica máis adiante (p. 153), é consciente de que este e outros cambios /o/ > /u/ que afectan á vocal pretónica están motivados pola presenza dun /í/ tónico. Recoñece así mesmo que se trata dun proceso característico da fala popular, "del lenguaje rústico", e adiántase ás críticas de que poida ser obxecto por recoller no plano normativo unha característica que xa daquela debía de ser sentida como vulgar:

---

<sup>29</sup> Na *Literatura popular de Galicia* de Saco atopámola só unha vez: *usté* (p. 129). No *Cancionero* de Pérez Ballesterosas atestacións son máis numerosas: *usté* (II, p. 141; III, pp. 23, 24, 25, 43, 216), *osté* (II, p. 77), *ustedes* (II, p. 198), fronte a *vusté* (II, pp. 142, 187). As formas castelás aparecen tamén en cantigas en que se mesturan galego e castelán: *usté* (II, pp. 5, 108; III, p. 111), *ustede* (III, p. 111). Nos textos do primeiro tercio do XIX, en cambio, só aparece unha vez o castelanismo *usté*, por outra parte na fala acastrapada dun dos personaxes dunha tertulia. Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, p. 416.

Se nos acusará tal vez, en vista de los ejemplos que aquí presentamos, de elevar á la categoría de regla las imperfecciones del lenguaje rústico que estropea las palabras: bástanos contestar, que, supuesta la realidad de este frecuente cambio de vocales, cambio que muchas veces hemos observado, lo encontramos fundado en una razón fisiológica, cual es la mayor facilidad que los órganos de la locución tienen para formar sonidos análogos en sílabas conjuntas ó inmediatas (p. 153 n.).

Así e todo, estes argumentos non convenceron a don Manuel R. Rodríguez ("Apuntes", p. 42 n.), que non recoñece como galego este proceso e atribúe estas formas ó asturiano:

En la lengua gallega la o de la preposición *con* debe ser de pronunciación cerrada, circunstancia que dió margen á que el Sr. Saco cayese en el desliz de confundir el idioma gallego con el asturiano, pues los vocablos *cunmigu*, *cuntigu*, *cunsignu*, son propios de la gente plebeya de Avilés y otras comarcas de Asturias.

Polo demais, só resta consigna-las formas con *gheada comijo* e *contijo* que recolle Mirás.

Para a primeira e segunda persoas de plural, as formas comúns son, segundo dixemos, *connosco*, *convosco*. Así as propoñen, como formas únicas, Saco e mais Manuel R. Rodríguez ("Apuntes"). A primeira delas presenta, non nas gramáticas, pero si nos dicionarios, a variante *conosco*, con asimilación das nasais. Esta forma recóllena F. J. Rodríguez (p. 45 s.v.) e Valladares (p. 128 s.v.). Nos seus dicionarios, igual ca no de Cuveiro (pp. 76, 77 s.v.), figuran ademais como formas antigas *co(n)nusco* e *convusco*.

Por último cómpre reparar no timbre da vocal tónica de *connosco* e *convosco*, que F. J. Rodríguez, ou o seu editor, consideran aberto: *co(n)nòsco*, *convòsco*. Esta realización con /ɔ/ é o resultado do influxo analóxico da forma recta

*nós* [nós], que, por súa vez, debe o seu timbre á analoxía co posesivo *nosó*<sup>30</sup>.

#### 4.2.1.7. *Te / che*.

Como se pode apreciar nos cadros expostos máis arriba, o sistema que os nosos gramáticos recollen como común distingue na segunda persoa de singular unha forma de dativo *che* e outra de acusativo *te*. Soamente Mirás e Cuveiro, ó ofreceren un paradigma moi incompleto, non establecen esta oposición. Sen embargo, isto non implica que propoñan un sistema distinto. De feito, Mirás distingue acertadamente *che* e *te* nos textos que acompañan o *Compendio*.

Polo demais, non atopamos referencia ningunha á existencia doutros sistemas alternativos con neutralización da oposición. Isto non é estraño se temos en conta que a tradición escrita moderna adoptou desde os seus inicios o sistema con distinción. Naturalmente, nestes textos non faltan exemplos de emprego de *che* como forma de acusativo ou de *te* en funcións de dativo. Estas ocorrencias débense nalgúns casos á ignorancia dos escritores, mentres que noutros poden atribuírse á súa procedencia xeográfica. En todo caso, a existencia de erros non debe ocultar que a tendencia xeral é a da distinción. Xa que logo, parece pouco probable que o silencio sobre esta cuestión se deba ó descoñecemento dos gramáticos. Pola contra, a razón debe buscarse na interpretación que eles fan deses usos desviados da norma. Sobre a consideración normativa do cheísmo contamos unicamente co testemuño directo de Manuel R. Rodríguez, que condena categoricamente o emprego do *che* acusativo:

---

<sup>30</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 17 e 24-26. Para esta explicación véxase ademais Isidore Dyen, "Portuguese *nosso* and *vosso*, *nós* and *vós*", *Language* 12 (1936), pp. 134-135.

También es un crasísimo error emplear la forma *che* en sustitución de *te*, cuando éste es acusativo, ó sea el complemento directo del verbo, precepto que han infringido en muchísimas ocasiones y que están infringiendo á cada paso nuestros escritores gallegos ("Apuntes", p. 40 n.).

A seguir ilustra a súa opinión con exemplos tirados de escritores procedentes das máis diversas áreas xeográficas (López Ferreiro, Barcia Caballero, Añón, Benito Losada, Aureliano J. Pereira, Galo Salinas).

Non temos datos para afirmar con seguridade que esta fose unha opinión compartida por tódolos demais. Sen embargo, penso que as palabras de Rodríguez revelan que o cheísmo non disfrutaba da consideración de solución dialectal, senón que era visto como un erro contra o sistema.

Por outra parte, a existencia desta oposición arredaba o galego dos idiomas veciños, e sinaladamente do castelán, ó tempo que permitía establecer con eles un contraste vantaxoso para o galego. Saco (p. 57), por exemplo, deixábase arrastrar polo entusiasmo e estendía esta diferencia tamén á terceira persoa, que, segundo el, non tiña en español máis ca unha única forma *le*, común para dativo e para acusativo.

#### 4.2.1.8. O pronome acusativo de terceira persoa.

A descrición do sistema de alomorfos do pronome acusativo de terceira persoa enfróntanos cuns problemas similares ós tratados a propósito do artigo determinado. Coma o artigo, este pronome presenta hoxe no galego común tres variantes combinatorias, *o / lo / no*, que se distribúen dependendo do fonema ou fonemas finais da forma verbal ou pronominal coa que se combinan. Así, na lingua actual é

obrigado o emprego do alomorfo *lo* cando o pronome aparece tras unha forma verbal rematada en /r/ ou en /s/, tralos pronomes átonos *nos*, *vos* e *lles*, e tralo adverbio interogativo *u. No*, pola contra, aparece tras formas verbais rematadas en ditongo, mentres que *o* se emprega nos demais casos<sup>31</sup>.

Esta é, en liñas xerais, a distribución que describen os nosos gramáticos, se ben, como veremos máis adiante, unicamente recoñecen como pronome acusativo a primeira das tres series (*o*, *a*, *os*, *as*).

Aínda que se trate de procesos puramente fonéticos, estimo que pode ser de interese destacar dous fenómenos que afectan ó primeiro dos alomorfos cando aparece en posición enclítica tras unha forma verbal rematada en vocal. Refírome á crase do hiato que resulta do encontro da vocal final do verbo coa inicial do pronome, e á epéntese dun iode para evitar esa crase. Os dous fenómenos aparecen testemuñados en Saco (pp. 143-144 e 146, respectivamente), se ben non se aprecia que o autor tivese consciencia do nexos existente entre un e outro. Crase e epéntese de iode son, pois, dúas posibilidades non excluíntes, e compatibles ademais co mantemento do hiato<sup>32</sup>.

Para evita-la confusión gráfica nos casos de crase Saco emprega o apóstrofo como sinal diacrítico. Deste xeito, *lev'o* (*lévao* ou *lévoo*) ou *lev'a* (*lévaa*) poden diferenciarse das formas verbais homónimas do presente de indicativo, *levo* e *leva* respectivamente. No plano fónico, engade Saco, non

---

<sup>31</sup> Cfr. *Normas*, pp. 59-60, e Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 163-164. Para a orixe deste sistema de alomorfos e a súa distribución na lingua actual véxase tamén Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 69-136.

<sup>32</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, p. 100-102 e 110-114.

hai confusión posible, xa que "el fino oído de los gallegos distingue perfectamente por la pronunciación esas palabras, en las cuales la elisión se hace notar levantando ó prolongando un poco la voz sobre la vocal siguiente á la elidida" (p. 144).

O outro procedemento para evita-lo hiato é a epéntese dunha semiconsoante [j] entre as dúas vocais. Saco chega a equipara-la introducción deste iode co emprego do alomorfo *no* tralas formas verbais rematadas en ditongo. Evidentemente, el non recoñece a forma *no* como alomorfo do pronome, senón que interpreta que o seu [n], como o [j] de *cantara-y-a* é unha consoante eufónica que propiamente non forma parte nin do verbo nin do pronome<sup>33</sup>:

Ambas tienen lugar con las desinencias verbales, segundas de los afijos pronominales *o, a, os, as, lo, la, los, las*, que son los casos en que el hiato sería mas disonante: la *n*, si la persona verbal termina en diptongo, y la *y*, si termina en vocal aguda. El empleo de la primera es obligatorio; el de la segunda no, aunque muy frecuente.

Ó cualificar de moi frecuente a epéntese dun iode nestes contextos, Saco está pensando moi probablemente no seu galego nativo, onde aínda hoxe esta característica se dá con moita frecuencia<sup>34</sup>.

Con respecto ó segundo alomorfo, Saco (pp. 150-151) sinala os mesmos contextos en que hoxe é de regra o seu uso. De tódolos xeitos, a diferencia da norma actual, o ourensán

<sup>33</sup> Case sesenta anos máis tarde esta era aínda a interpretación que facía Couceiro Freixomil en "A nosa ortografía. De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras", *Nós* 25 (1926), p. 7. Neste traballo don Antonio equiparaba o /n/ de *haino* co [j] de *estayo*, pero con respecto a esta última forma ía aínda máis alá có gramático ourensán e consideraba obrigatorio o emprego do iode antihiático.

<sup>34</sup> Aínda que non contamos con datos sistemáticos cóstanos persoalmente que así é. Álvarez Blanco só recolle estas formas nuns poucos puntos, pero expresa a súa convicción de que a solución con iode antihiático está moito máis xeneralizada. Cfr. *O pronome persoal*, pp. 101-102.

admite tamén a súa representación detrás de "varias otras palabras de uso muy frecuente" rematadas en /s/. En efecto, confundido entre exemplos de segundas formas do artigo, atopamos un *Diol-o queira* (p. 150), e pouco máis adiante *poucol-o encontran* (p. 169) e *todol-o saben* (p. 209).

A distribución que describe Valladares (p. 91) segue con bastante fidelidade a de Saco. Así, cita, igual ca el, as formas verbais en /r/ e /s/ ou o adverbio interrogativo *u* (p. 105), mais non os pronomes átonos. Naturalmente isto non quere dicir que non empregue o segundo alomorfo tralas formas pronominais de dativo plural. Tamén como o gramático ourensán recolle entre os exemplos do artigo algunhas aparicións da segunda forma do pronome en asimilacións ocasionais: *Dio-l-as ampare*, *nò-l-o dirémos*, *vò-l-o farés*.

Desde o punto de vista normativo, os dous gramáticos citados manteñen unha postura así mesmo coincidente. Tanto un coma o outro sosteñen que no caso do pronome acusativo de terceira persoa é obrigatorio emprega-lo sistema de tres alomorfos de acordo coa distribución descrita. Non obstante, naqueles casos en que estes autores senten que a asimilación é só circunstancial manteñen o mesmo criterio que con respecto ó segundo alomorfo do artigo. Por esta razón non é estraño que ocorrencias como a de *Diol-o queira* figuren entre os exemplos do artigo en lugar de ocuparen o lugar que lles correspondería entre os demais exemplos de pronomes. O feito de que o emprego do segundo alomorfo sexa optativo nestes casos induciríaos á confusión entre artigo e pronome.

O terceiro alomorfo aparece, segundo Saco (p. 146), tralas formas verbais rematadas en ditongo: *levai-n-o*,

*sei-n-o*, *matou-n-o*<sup>35</sup>. Este alomorfo, xeral hoxe no galego, é, sen embargo, descoñecido nalgunhas falas galegas, que presentan a primeira serie tamén nesta posición. Trátase dos falares da Limia Baixa, do sur de Pontevedra, dalgúns puntos do occidente da Coruña e do galego oriental, con excepción das falas asturianas, que teñen *lo* neste contexto<sup>36</sup>. Saco (p. 146 n.) observa este resultado na obra do padre Sarmiento, que escribe por exemplo *sanouhos*, cun <h> que, como en *sahir*, pretende marca-lo corte silábico entre o pronome e o sufixo flexional do verbo. A Saco non lle parece conveniente empregar nestes casos o primeiro alomorfo. Ramón Mariño (*Estudio*, p. 462) sospeita que detrás deste rexeitamento se agocha o descoñecemento de que se trataba dun uso vivo como solución dialectal. É moi posible que isto fose así, sobre todo se temos en conta a permisividade normativa de Saco diante de todo tipo de variantes dialectais. Ora ben, tendo en conta a renuencia de Saco a admitir no patrón culto certas combinacións de fonemas, entre elas os hiatos, por consideralos pouco eufónicos<sup>37</sup>, é posible que esta circunstancia pesase decisivamente á hora de rexeitar unha solución que, ademais, sentiría como minoritaria ou mesmo como arcaica.

Bastante menos precisa é a descrición de Valladares (p. 91), que se limita a sinalar que se emprega *no* tras "algunas personas de diferentes tiempos y verbos". Os exemplos

<sup>35</sup> A explicación máis plausible parece se-la de Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 134-136, que explica a aparición da terceira forma neste contexto a través dunha complexa cadea de propagacións analóxicas: *collino*, *partino* arrastrarían *canteio* a *canteino*; o mesmo sucedería con *sono*, que tiraría de *estouo*, *vouo* para *estouno*, *vouno*; *fano* propiciaría un singular *faino*, etc. Cfr. ademais Carballo Calero, *Gramática*, p. 194, n. 33.

<sup>36</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 119-133, e Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 79.

<sup>37</sup> "Resultando en la pronunciacion alguna dificultad, del choque de vocales de diferentes diccionos como en *xa acabei*, defecto que se llama *hiato*; usan los gallegos para evitarlo de tres medios" (p. 142).



permítennos determinar que se está a referir ás formas verbais rematadas en ditongo.

Por outra parte, Saco (p. 146) rexistra tamén o emprego do alomorfo *no* tralo pronome tónico *eu*, un contexto onde aínda hoxe pervive esta solución nalgúns puntos do noso territorio<sup>38</sup>. Tamén Valladares (p. 92) se refire a este uso, que documenta nunha cantiga popular:

No-me mandes, qu'èu irèi  
no-me poñas còidadiño;  
còidadiño èu-*n-o* terèi.

Sen embargo, a diferenza de Saco, considera que se trata dun defecto censurable pola ambigüidade a que pode dar lugar. Valladares refírese probablemente ás posibles confusións entre secuencias como *èu-n-o terèi*, onde *n-o* é pronome, e outras como *eu n'o terei*, onde *n'o* representa a contracción que a miúdo sofre o adverbio *non* co pronome acusativo de terceira persoa. Téñase presente que na literatura do XIX é moi frecuente a representación desta contracción, que aínda hoxe disfruta dunha considerable vixencia na fala<sup>39</sup>.

Aínda que sen poñelo en relación co anterior, Saco decátase tamén da realización alveolar da nasal final das formas verbais e dalgúns adverbios e pronomes cando van seguidos por un pronome acusativo de terceira persoa. Se ben adoptando unha perspectiva sincrónica hoxe interpretamos ese /n/ como a consoante final da palabra precedente, en realidade trátase do resultado da redución da xeminada /nn/

---

<sup>38</sup> Álvarez Blanco, "O artigo", p. 179 alude ó emprego dun *no* artigo tras formas verbais en ditongo e, ocasionalmente, tamén tralo pronome *eu*.

<sup>39</sup> Para a súa presenza na fala, cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 90-93. Segundo a profesora Álvarez, a xustificación da caída da nasal final do adverbio está na interpretación dese /n/ como intervocálico.

que xurdiu da asimilación da consoante final destas palabras e do /l/ inicial da primitiva forma do pronome. Deste xeito, do resultado orixinario *fanlo* xurdiu como consecuencia deste proceso asimilatorio *fanno*, cun dobre /n/ que logo se reduciu, como en ANNŪM > *ano*, dando lugar á solución común hoxe *fano*, con nasal alveolar: [fáno].

Saco (p. 149) rexistra este resultado tralos adverbios *ben* e *tamén*, e tralo interrogativo *quen*, e parece partidario de sinalalo graficamente unindo a través dun guión o pronome á palabra precedente:

En muchas dicciones se evita el sonido nasal de la *n* final, uniéndose en la pronunciación con la vocal que sigue. Esto sucede con el pronombre *o*, *a*, en su calidad de enclítico: v. gr. *Ben-o-sei*, bien lo sé; *Quén-o-dixo?*, quién lo dijo; *Tamen-os eu vin*, también yo los vi; cuyas locuciones deben pronunciarse *beno*, *queno*, *tamenos*.

Aínda que non se refira explicitamente ás formas verbais, na práctica utiliza polo xeral o mesmo procedemento gráfico: *queren-os compor* (p. 163), *a il leváron-o preso* (165). Así mesmo, emprégao de forma habitual tralo adverbio *non* e o indefinido *ninguén*: *non-o hai* (p. 168), *ninguen-o sabe* (p. 169).

Isto é todo o que podemos dicir verbo das consideracións dos nosos gramáticos con respecto á distribución dos tres alomorfos deste pronome. Ora ben, como sinalamos a propósito do artigo, o feito de que describan con aceptable precisión os contextos en que se emprega cada un deles non significa que os identifiquen como variantes morfolóxicas. Pola contra, Saco, Valladares e Rodríguez ven neles simples variantes fonéticas, de emprego obrigatorio, que tenden a evitar combinacións de sons pouco harmónicas.

Así, polo que se refire ó segundo alomorfo, Saco non interpreta o seu /l/ como o resultado dunha asimilación de dúas consoantes, senón como o produto da transformación espontánea do /r/ ou o /s/ finais por razóns eufónicas. Ó longo da súa obra xustifícao así en máis de unha ocasión:

*Llel* en *déillel-os* viene de *lles* por alteracion eufónica (p. 58 n.).

La *s* final de las personas verbales, de los pronombres personales y de varias otras palabras de uso muy frecuente, se cambia delante del pronombre *o*, *a* en *l*; cuyo sonido es mas claro y mas dulce que el de la *s*, de suyo bastante oscuro y sordo (p. 150).

Tamén Valladares (p. 91) entende esta asimilación como un cambio do /r/ ou do /s/ finais da palabra precedente.

Na súa explicación sobre a xénese de *ulo* Saco (p. 62 n.) aproxímase máis á realidade dos feitos ó considerar que *lo* é a forma do primitivo pronome galego. Sen embargo, non pon en relación este caso cos anteriores. De feito, a representación gráfica da segunda forma do pronome, que vai neste caso unida directamente ó adverbio, difire da que Saco propón para os demais contextos, onde un guión separa o /l/ do /o/ do pronome: *face l-o*. Valladares, pola súa parte, incapaz de xustifica-la presenza dese /l/, límítase a sinalar que o adverbio *u*, cando vai unido a un pronome de terceira persoa "lleva una *l* en medio" (p. 105).

Por fin, Manuel R. Rodríguez ("Apuntes", p. 44) demostra unha vez máis a súa ignorancia acerca de cal foi o proceso de formación do sistema de alomorfos deste pronome. Así, é sintomático que interprete que as formas *lo*, *la* que aparecen a miúdo sen assimilar na lingua da *Crónica Troiana* son castelanismos:

Se ven en la C.T. muy frecuentemente empleados los pronombres *lo, los, la, las*, procedentes de la lengua oficial de los españoles, de cuyos castellanismos, así como también de otras formas pronominales extrañas al lenguaje gallego, abusa de una manera lamentable el autor de la citada obra, lo mismo que en el uso de los artículos.

Non moi diferentes son as consideracións a propósito do terceiro alomorfo. Para Saco (p. 146), por exemplo, o seu /n/ é simplemente unha consoante eufónica que ten como finalidade evita-lo hiato que se produciría ó unírense o ditongo en que remata a forma verbal, ou o pronome *eu*, e a vocal do pronome. Por esta razón, non debe estrañar que sitúe un proceso de variación morfolóxica coma este no mesmo nivel que procesos puramente fonéticos, como pode se-la aparición dun iode antihiático en *levara-y-o* 'levarao'. A propia representación gráfica que propón para a terceira forma (*prende-u-n-o*) non é senón unha consecuencia derivada desta concepción. Por outra parte, esta é tamén a interpretación de Valladares (p. 91).

#### 4.2.1.9. *Lle / ñe*.

Ningún dos textos estrictamente gramaticais rexistra a variante *ñe*, característica dalgunhas áreas dialectais. Esta solución, que Fernández Rei (*Dialectoloxía*, pp. 79-80) localiza en falas da Arousa, do sur de Pontevedra, do nordeste da Coruña, do norte de Lugo e do galego oriental, aparece, sen embargo testemuñada nalgunhas outras obras que inclúen reflexións sobre certos fenómenos lingüísticos. As referencias directas con que contamos coinciden en sinalar que se trata dun fenómeno minoritario característico da comarca das Mariñas da Coruña, onde hoxe está amplamente documentado<sup>40</sup>. A primeira destas indicacións debémola a don

---

<sup>40</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 137 e 138 (mapas 37 e 38).

Antonio María de la Iglesia, que emprega a forma *ñe*, e a contracción *ño*, que considera características desta comarca, nun dos seus escritos en galego, a "Reseña stórica de Galicia"<sup>41</sup>. Aboan esta indicación de don Antonio as numerosas documentacións que na zona de Ares recolle José Pérez Ballesteros. Segundo o compilador do *Cancionero popular gallego*, nesta comarca "pronuncian con la *ñ* las palabras que en otros puntos se pronuncian con la *ll*". Os contextos en que aparece *ñe* apuntan a un emprego xeneralizado desta solución. No *Cancionero* rexistrámolo tras nasal, o contexto onde esta forma se xerou orixinalmente: *deron ñunha puñalada* (I, p. 122), *non ño botes amarelo* (I, p. 204), pero ademais témolo tamén tras vocal, tanto en posición proclítica como enclítica: *que ñe chaman Maricota* (I, p. 122), *bótaño coloradiño* (I, p. 204), *mándañe carta cerrada* (II, p. 276). Os exemplos da "Reseña" aparecen todos en posición proclítica: *que ño roubasen* (p. 42), *que ñe pertencían a Galicia* (p. 81).

#### 4.2.1.10. *Lle / lles*.

A xulgar polo que os gramáticos do XIX indican na descrición do paradigma do pronome, a correlación de número no dativo de terceira persoa era sentida como común para o galego. Hoxe en día, sen embargo, os estudos realizados sobre o terreo revelan que esa oposición só se mantén con certa estabilidade nunha zona compacta que abrangue todo Lugo, as falas galegas de Asturias e o Bierzo, e a banda leste da provincia da Coruña. Fóra desta área a penas existe

---

<sup>41</sup> Antonio de la Iglesia, "Reseña stórica de Galicia", *A Monteira*, II, 58 (08.11.1890), p. 42 n., e 63 (13.12. 1890), p. 81 n. Este artigo apareceu publicado previamente en *Galicia. Revista Universal de este Reino*, II, 24 (15.09.1861), pp. 369-371. Nesta primeira versión non figuran estas notas.

máis ca en puntos illados e de forma esporádica<sup>42</sup>. Sen embargo, na miña opinión, o feito de que en tódalas gramáticas apareza reflectida esta oposición non é suficiente para concluírmos sen máis que a situación daquela era radicalmente diferente da actual. Unha vez máis teño que reiterar que a descrición que ofrecían as gramáticas do español, que distinguían *le* e *les*, puido induci-los nosos gramáticos a recoller nos seus cadros de declinación unha oposición que quizais non practicaban de maneira constante. Cómpre, pois, acudir ós textos para comprobar ata que punto a oposición de número que establecen as gramáticas responde á realidade ou ó desexo de manter artificialmente a distinción.

Polo que se refire ós textos que acompañan as gramáticas podemos concluír que estes revelan unha estabilidade máis que aceptable. En Mirás, por exemplo, se exceptuamos algúns casos de concordancia 'ad sensum'<sup>43</sup>, observamos que a oposición *lle* / *les* se mantén sen ningunha vacilación<sup>44</sup>. Aínda que os exemplos son poucos, esta mesma

---

<sup>42</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 138 e 141-142, e Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 80.

<sup>43</sup> "Reprende a senreira da quela orda, / disíndolles" (p. 83), "el prometeulle a asistencia / quelles inviaría o Espírito Divino" (p. 88).

<sup>44</sup> As ocorrencias de *lles*, sempre con referente plural, son as seguintes: "¿Pois barrunta vostede que eu non sei rebuldar cos pícaros y limpar*lles* la monteira" (p. 62; fala medio acastrapada), "que *lles* costou a sua perdison" (p. 70), "mereseran deste modo o perdon / que *lles* pudiera servir de salvacion" (p. 70), "aperesénd*lles* outra ves a su gia" (p. 76), "de cote *lles* falou por enimas / pra que así entendesen as doutrinas" (p. 78), "os Apóstolos dixolles" (p. 80), "pra esto promete*lles* / un jarrido rejalo" (p. 96), "todos cantos pasaban / botaballes as goupas" (p. 99), "escoiten este conto / que *lles* vou a poñer" (p. 103), "aquí a chanfona / non *lles* fai moita falla" (p. 115), "o barbeiro dixolles" (p. 134), "supricoulles que o risibisen" (p. 140), "miraban de reollo o padre Cardenas porque lles disía as verdades" (p. 141). De tódolos xeitos, obsérvese que en tódolos casos o referente do pronome aparece previamente expresado.

tendencia observámola en Saco<sup>45</sup> e, mais en Valladares<sup>46</sup>. Nos textos do prerrexurdimento *lles* aparece nalgúns casos como forma única para o dativo plural, e noutros alterna nesta función con *lle*<sup>47</sup>. En todo caso, aínda con non ser sistemática, a alta frecuencia con que na escrita se mantén a correlación numérica fai sospeitar que a neutralización non estaba tan xeneralizada coma hoxe en día.

Sen embargo, o acordo con que os gramáticos sinalan e practican esta distinción contrasta coa ausencia de referencias ó mantemento da oposición cando estas formas de dativo entran en concorrencia co acusativo do pronome de terceira persoa. En efecto, soamente Saco (pp. 56-57) alude á oposición *llo / llelo*, presentándoa como un trazo común que distingue o galego do español, onde se produciu unha neutralización da correlación de número, igual có que sucedeu no portugués:

El pronombre reflexivo *se* no tiene aquí la anomalía de usarse como en castellano en vez de *le*, cuando va seguido de otro caso de este mismo pronombre, como se *los llevé* por *le los llevé*, que en gallego es *leveill'os*. Con esto se evita además la oscuridad que en castellano puede ocasionar la circunstancia de servir para ambos números el pronombre *se*. Estas dos frases *deill'os*, *déillel'os* se traducen en castellano de un mismo modo *se los dí*, dejando incierto si es una ó muchas personas á quienes los he dado, incertidumbre que en gallego excluye el empleo de las dos formas *lle* y *lles*.

---

<sup>45</sup> "Poucos *lles* trãs" (p. 162), "bóta*lles* herba ôs bois" (p. 166), "a todos *lles* gusta o bo" (p. 167), "cântos reãs *lles* dou?" (p. 172), "deu*lles* moita libertá" (p. 184), "de baldé, tíran*lles* pedras ôs câs" (p. 268). Entre os refráns do apéndice figuran, en cambio, dous casos de *lle* con referente singular, se ben nun deles alternando con *lles*: "asáñanse as comadres, porque *lle* din as verdades" (p. 265), "tanto *lle* quer o demo ôs seus fillos, que *lles* saca os ollos" (p. 281).

<sup>46</sup> "Fíjolle unha pesada arènga: encargóulle, sobre todo, a unión [...] e [...] díjolle" (p. 128).

<sup>47</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, p. 467.

Cómpre engadir que o gramático ourensán aplica esta regra ó longo da súa obra: *déullel-a* (p. 150), *mandóullel-o* o *alcalde* (p. 164).

Fronte á opinión de Saco, non parece que os demais gramáticos o considerasen un trazo común. De ser así, uns autores preocupados sobre todo por subliña-las diferencias entre galego e castelán sen dúbida o farían constar nas súas obras. Sen embargo, Cuveiro e Valladares sinalan, igual ca Saco, que o galego difire do castelán ó non presentar un pronome dativo *se* diante do acusativo, pero non indican que neste contexto o galego manteña a oposición *llo* / *llelo*:

Por *se la, se le y se lo* se dice *lla, lle y llo* vr. gr. *se la conté-conteilla, se le cogió-colléuselle, se lo dió-douullo* (Cuveiro, p. 13).

*Lle* equivale, ademés, al pronombre reflexivo *se* y debe apostrofarse seguido de vocal. Por exemplo: *Non ll'o digo* = no se lo digo (Valladares, p. 43).

Por outra parte, resulta sumamente significativo que Cuveiro propoña como formas de dativo plural de terceira persoa as contraccións *llos, llas*.

Os textos literarios confirman que a oposición non era tan xeral como pretendía Saco. Dos escritos durante o primeiro tercio do século XIX só distinguen *llo* e *llelo* uns poucos textos producidos precisamente fóra da área onde hoxe se mantén a oposición. Así e todo, non faltan neles exemplos de *llo* con referente plural nin casos de ultracorrección<sup>48</sup>. Isto leva a Ramón Mariño a sospeitar que os seus autores trataban de conservar artificialmente unha oposición que só coñecían de forma superficial e que non manexaban con seguridade.

---

<sup>48</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, p. 469.



En textos posteriores debidos a autores que en principio non debían estar moi familiarizados cola distinción atopamos, sen embargo, unha notable coherencia no emprego do sistema con oposición numérica. Deste xeito, en *Aires* só rexistramos un par de ocorrencias de *lle* con referente plural (pp. 39, 153). Nestes contextos, nesta obra o habitual é *lles* (pp. 6, 38, 40, 51, 54, 143), o mesmo que no *Sainete* (pp. 10, 35, 37, 57 -2 veces-, 98, 106), onde non temos ningún *lle* plural. En Lamas (*Saudades*), en cambio, aínda sendo xeral o mantemento da oposición, é tamén bastante frecuente a neutralización: *lles* (pp. 2 -2 veces-, 3, 22, 25, 51, 76 -2 veces-, 80, 97, 103, 109, 118), fronte a *lle* (pp. 21, 26, 52, 64, 80, 111). Parecidas vacilacións atopámolas tamén en Pintos: *lles* (pp. 17, 21, 24 -2 veces-, 29...) e *llelo* (pp. 151, 158), pero *lle* (pp. 15, 28...) e *llo* (p. 22); ou en Rosalía (*Cantares*): *lles* (pp. x, 36 -2 veces-, 98, 144, 171, 210), pero *llos* por *llelos* (pp. 34, 159). Semella, pois, que ou ben a extensión da neutralización non atinxira aínda as proporcións que hoxe ten, ou ben que existía entre os escritores unha certa conciencia da necesidade de mantela.

En calquera caso, parece fóra de toda dúbida que Saco debía de coñecer-la existencia dun sistema con indistinción de número. Aínda hoxe a isoglosa que separa as zonas con e sen oposición divide en dous a área lucu-auriense e é a que se utiliza para xebrar dentro desta área as falas luguesas das ourensás<sup>49</sup>. Aínda que contra mediados do XIX a isoglosa estivese situada máis ó sur ca hoxe concordo con Ramón Mariño (*Estudio*, p. 470) en que resulta sorprendente que un observador atento da realidade lingüística non mencione a neutralización, nin sequera para desaconsellala. Para

---

<sup>49</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 134.

explicar este silencio cómpre ter en conta, sen embargo, que un dos obxectivos da gramática de Saco, como de tódalas gramáticas do momento, é o de destaca-las excelencias da lingua galega e especialmente as diferencias que o afastan das outras linguas, e en particular do castelán. Quizais o desexo de salienta-la maior precisión do galego con respecto ó castelán á hora de sinala-lo número puido inducilo a considerar incorrecto o sistema con indistinción e, en consecuencia, a omitilo na súa descrición.

#### 4.2.1.11. Contraccións.

Os encontros dos pronomes tónicos de terceira persoa coas preposicións *de* e *en* resólvense polo xeral coas contraccións habituais *del(es)* - *dil(es)* / *dela(s)*, *nel(es)* - *nil(es)* / *nela(s)*. As únicas diferencias radican no emprego ou non de apóstrofos e guións para marca-la contracción. Saco e Valladares defenden a utilización destes sinais gráficos, en tanto que Rodríguez os rexeita explicitamente en tódolos seus traballos<sup>50</sup>. Mirás e Cuveiro, pola súa parte, unen tamén directamente os dous elementos.

Con respecto á contracción coa preposición *con* as posicións dos gramáticos son xa máis variadas. Mirás, que non rexistra a contracción nos paradigmas do pronome, emprega adoito nos textos as formas plenas. Cuveiro, en cambio, móstrase vacilante e mentres que nuns casos admite as dúas posibilidades, noutros soamente consigna a contracción. Así, no masculino plural recolle *con èlès* e *coeles*; no feminino plural e no neutro, sen embargo, só figuran as formas contractas: *coelas* e *coèlo* (p. 13). Esta é

---

<sup>50</sup> Vid. supra, pp. 199-204.

tamén a posición que mantén Valladares (p. 109), quen non manifesta preferencia por ningunha das dúas solucións.

Quen si o fai é Saco, que, aínda admitindo a posibilidade de realizar ou non a contracción, parece considerar que esta última é o resultado normal. A forma plena sería, pois, para el un recurso estilístico para dar máis énfase, ou, por dicilo con palabras do propio autor, "para dar mas energia á la expresion" (p. 148). Polo que se refire ó resultado da contracción, cómpre dicir que se ben en principio consigna as formas *co'il*, *co'ela* (p. 147), máis adiante (p. 153) admite tamén para o masculino *il(es)* a variante con harmonización vocálica *cu'il(es)*.

Esta preferencia de Saco pola forma contracta coido que debe poñerse en relación coa alta frecuencia que atinxe esta solución no territorio de que el procede<sup>51</sup>.

Para rematar temos que referirnos á concorrencia da preposición *a* coas formas tónicas do pronome de terceira persoa. Este encontro resólvese ocasionalmente en contracción na obra de Saco. Así, atopámola por exemplo nun dos parágrafos dedicados á descrición do sistema vocálico. Alí Saco contrapón a forma recta *èla*, con vocal media pechada [éla], e a contracción *êla*, con vocal tónica media aberta [éla]. No resto da obra, sen embargo, non se representa por regra xeral esta contracción, así como tampouco nos paradigmas, onde soamente aparecen as formas plenas. Sen embargo, atopamos unha ocorrencia illada entre os refráns do apéndice: "Arden os cangos, quentémonos *êles*" (p. 265). Baseándose nestes exemplos Cornu ("Morfoloxía", p. 28) daba esta contracción como habitual:

---

<sup>51</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 52-55, que aprecia unha maior densidade na zona sur do territorio galego.

De a êl procede él, de a êla éla: que olladas lle botan éla, que olladas lle botan él!

En realidade trátase dunha contracción característica do galego ourensán. De aí que Saco a recolla na súa obra. Non atopamos, sen embargo, ningún caso de contracción con *pra*<sup>52</sup>.

#### 4.2.2. Funcións e usos.

Como dixemos máis de unha vez ó longo deste traballo, o obxectivo que en xeral perseguen os nosos gramáticos do XIX non é tanto o de describir e estudar de forma exhaustiva e sistemática a lingua galega como o de incidir naqueles aspectos en que o noso idioma se aparta do castelán. Por esta razón, nestes textos o estudio dos usos e funcións a penas ten cabida, ou, no mellor dos casos, ocupa un lugar moi marxinal. Así, a gramática de Saco, con diferenza a máis completa de todas, aclara cal vai se-lo centro de atención do seu estudio das funcións e usos:

En estas diferencias [entre galego e castelán] se fijará casi exclusivamente nuestra atención, pasando por alto ó contentándonos con mencionar lo que sea comun á entrambos idiomas (p. 155).

Na produción gramatical do século pasado as únicas indicacións con respecto ós usos e valores das formas pronominais débemolas a Saco. Aínda así, o gramático ourensán limítase a describir certos empregos das formas rectas do pronome de terceira persoa, os valores das formas de dativo e as funcións sintácticas que poden desempeña-las

<sup>52</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 52 e 53 (mapa 15). Entre os escritores oriúdos desta área xeográfica Curros destaca pola relativa frecuencia con que representa a contracción, tanto cando se trata do pronome de terceira persoa *el*, *ela* como cando se trata dos demostrativos *este*, *esta* ou *ese*, *esa*. En *Aíres* temos, por exemplo, "¿Qué olladas lle botan éla / que olladas lle botan él! (p. 55), "os cáns sáyenm'élas" (p. 94), "vinde rezarl' ésta igrexa" (p. 39), "responder ésas preguntas" (p. 4), "si canto ése morto" (p. 9), "¿Qué lle ofrecedes [...] ése?" (p. 133). No *Sainete* atopamos "y-él se foi meu pensamento" (p. 68).

formas de acusativo de terceira persoa. En todos estes casos, trátase de usos e funcións descoñecidos ou desusados en español.

#### 4.2.2.1. Formas tónicas. O emprego das formas rectas de terceira persoa.

Na lingua moderna *el*, *ela* emprégase nalgunhas construcións pleonásticas concordando cun suxeito ó que se refire anafórica ou cataforicamente. Este é un dos usos particulares que Saco destaca, aínda que restrinxindo as súas posibilidades de emprego a un único contexto, as cláusulas de relativo en que o pronome relativo desempeña a función de suxeito:

Las primeras formas *il*, *ela*, se emplean á veces pleonásticamente como nominativo en oraciones de relativo, v. g.: *Ti conócel-o? Sí: é un que é il mouro e alto [...]. Que (relativo) es el verdadero sujeto de la última oracion: il es nominativo pleonástico (p. 166).*

A descrición de Saco conserva aínda hoxe a súa validez. Os gramáticos posteriores a el ou ben omiten este uso, que é o que sucede na maioría dos casos, ou ben limítanse a reproducir as palabras de Saco. Véxanse se non as palabras que a este uso lle dedica Carballo Calero (*Gramática*, p. 301):

*El, ela, eles, elas* se emplean a veces pleonásticamente después de un relativo que representa al mismo nombre [...]. El pronombre personal ha asumido pleonásticamente la función de sujeto, ya desempeñada por el relativo.

Só os estudos máis recentes, realizados a partir dun corpus extenso e rigoroso de datos tirados da realidade lingüística, viñeron a completar e supera-la súa descrición. Con todo, o cotexo da apreciación necesariamente intuitiva de Saco cos resultados destes traballos revela o acerto da súa caracterización. A pesar de que o emprego deste *el*

pleonástico se estende tamén a construcións distintas da que sinalaba o ourensán, é nestas cláusulas de relativo onde a súa utilización resulta particularmente frecuente<sup>53</sup>.

Dos valores que pode asumir-lo pronome *el* como forma invariable<sup>54</sup>, Saco (p. 193) destaca soamente o seu emprego como reforzo interrogativo:

En las frases interrogativas es costumbre anteponer al verbo la partícula *él* ó *il*, que no es otra cosa que el pronombre de tercera persona, usado adverbialmente, y suele ser el principio de toda interrogacion, cualquiera que sea el sujeto del verbo; por ejemplo: *¿Il volveu a reina á Madril?* ¿ha vuelto la reina á Madrid? *¿Il chegaron teus hirmaus?* han llegado tus hermanos?

Trátase, en efecto, dun uso que no século pasado debía de estar aínda bastante estendido, a xulgar pola seguridade con que se manifesta Saco ("*suele ser* el principio de toda interrogacion") e polas mostras que é posible atopar no galego escrito<sup>55</sup>. Hoxe en día este emprego está en franco retroceso e só se conserva como característica dos falantes máis vellos.

Para rematar, cómpre destaca-lo valor adverbial que Saco lle atribúe a esta forma, que inclúe dentro do capítulo correspondente á sintaxe do adverbio. Este feito, que Saco non xustifica, vén dado probablemente polo seu carácter de forma invariable e pola posibilidade de conmutalo por outros adverbios que adoitan aparecer neste mesmo contexto, como *acaso*, *logo* ou *entón*.

---

<sup>53</sup> Cfr. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 168-169, e Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 177-183, esp. p. 181.

<sup>54</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 186-190, e Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 169 e 291.

<sup>55</sup> Para o uso literario nos textos do primeiro tercio do XIX, cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 422-425. Véxanse ademais os exemplos literarios modernos que ofrece a profesora Álvarez Blanco.

Non hai en Saco referencias ós demais valores que na fala asume a miúdo este *el* invariable. Sen embargo, quizais haxa que sospeitar que Saco coñecía o seu emprego como suxeito gramatical con verbos unipersoais ou en construcións impersoais, pero que non soubo xebrar este uso do anterior. Esta presunción fúndase na equiparación que Saco realiza entre o *el* interrogativo e o *il* do francés *il y a, il parait que...*, etc. (p. 193 n.).

#### 4.2.2.2. Formas átonas.

##### 4.2.2.2.1. CONSTRUCCIÓN PLEONÁSTICAS.

Unha vez máis Saco revélase como un excelente observador da realidade lingüística ó destaca-la frecuencia de construcións pleonásticas en que o complemento directo ou indirecto van expresados a través dun pronome tónico rexido por preposición e do pronome átono correspondente. Esta práctica, engade Saco, é case obrigatoria cando se trata dun pronome dativo de terceira persoa, que non se debe escusar mesmo cando o complemento indirecto está expreso. Os estudos máis recentes non fan senón confirma-la visión de Saco<sup>56</sup>.

Sen embargo, o ourensán non anda tan atinado ó pretender que se trate dun uso exclusivo do galego, e alleo, polo tanto, ó castelán. Pola contra, neste idioma é tamén de regra empregar redundantemente o pronome átono cando o termo da preposición *a* é un pronome persoal. Sen embargo, gramáticas como a da Academia non parecen consideralo

---

<sup>56</sup> Cfr. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 170-171, e Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 273.

desexable "en construcciones en que la claridad del sentido no los necesita"<sup>57</sup>.

#### 4.2.2.2.2. DATIVO DE SOLIDARIEDADE.

Saco (p. 165) é tamén o primeiro en distingui-lo emprego do dativo de segunda persoa, ou de terceira, cando se lle dispensa a alguén tratamento de cortesía, como un medio para implicar afectivamente o interlocutor nos feitos ou nas opinións que se refiren.

Por outra parte, Saco manifesta, como fan a maioría das gramáticas modernas, que esta forma de dativo non desempeña ningunha función sintáctica dentro da estrutura da oración. O seu papel límitase, pola contra, a "establecer cierta relacion de benevolencia ó cariño" entre o emisor e o destinatario da súa mensaxe<sup>58</sup>.

A caracterización de Saco aínda conserva a súa vixencia na actualidade. En realidade, as gramáticas modernas sosteñen esta mesma interpretación<sup>59</sup>. Mesmo a atribución deste uso "á la afabilidad del carácter gallego" perdurou ata algúns dos textos máis recentes. Carballo (*Gramática*, p. 286), por exemplo, aínda fala deste uso como característica propia "de una pequeña comunidad rural en la que el sentimiento de solidaridad social está muy acusado". Non será esta a primeira vez en que se intente explicar un fenómeno exclusivo da lingua galega acudindo a trazos caracterolóxicos do pobo que a fala.

---

<sup>57</sup> RAE, *Esbozo*, p. 423.

<sup>58</sup> A mesma caracterización atopámola tamén en Pérez Ballesteros, *Cancionero*, I, p. 52 n.

<sup>59</sup> Cfr. Carballo Calero, *Gramática*, pp. 285-288; Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 174-175, e Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, pp. 301-303.



Por último, anota Saco que é habitual a extensión deste uso ó castelán falado en Galicia. A súa apreciación, válida aínda para a situación actual<sup>60</sup>; confírmana outros traballos como o de Emilio Alvarez Giménez, que inexplicablemente considera pleonásticas estas construcións:

En el dialecto gallego se usan pleonásticamente algunos pronombres para dar suavidad á la frase, y á veces cierta dulzura y cariño. Traduciendo este uso al castellano se falta á la pureza, pues el pleonasma de que hablamos no está admitido en el idioma (*Los defectos*, p. 69).

Pérez Ballesteros (*Cancionero*, II, p. 143 n.) reproduce tamén a opinión de Saco e atribúe o emprego da dita construción ás persoas menos ilustradas.

#### 4.2.2.2.3. AS FORMAS DE ACUSATIVO DE TERCEIRA PERSOA.

Entre as funcións que poden desempeña-las formas de acusativo de terceira persoa, Saco destaca as de complemento directo (p. 169), que neste caso denomina "término de la acción", e as de atributo e complemento predicativo (p. 168). No primeiro destes dous últimos casos o pronome aparece inmovilizado en masculino singular mentres que no segundo concorda co seu referente en xénero e número.

Sen embargo, o máis rechamante da súa caracterización é que tamén lles atribúa a estas formas a posibilidade de desempeñaren a función de suxeito. Pouco máis arriba, no comentario dos paradigmas propostos, apuntabámo-la estrañeza que podía produci-lo feito de que tanto en Saco coma en Valladares ou Rodríguez aparecesen os acusativos *o*, *a* como formas de nominativo ó lado de *el*, *ela*. Rodríguez ía aínda máis alá ó consideralas tamén termo de preposición.

---

<sup>60</sup> Cfr. Constantino García González, *Temas de lingüística galega*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1985, p. 123.

O único dos tres que intenta xustificar esta afirmación é Saco (pp. 167-168). Sen embargo, a súa explicación revélanos que a identificación destas formas como nominativo procede dunha errónea interpretación da función que desempeñan en construcións impersoais co verbo *haber*. Saco considera que estes pronomes "sirven de sujeto cuando vienen con las terceras personas de singular del verbo *haber*" (p. 167). En realidade, o noso gramático está a confundi-lo suxeito co complemento directo. Así, segundo el, na cláusula *Hai traballo en todas partes* a función de suxeito está desempeñada polo substantivo *traballo*. De aquí deduce que cando se conmuta este substantivo polo pronome correspondente (*hai-n-o en todas partes*), este pronome desempeña esa mesma función.

A presenza de *o*, *a* como formas de nominativo nos paradigmas de Valladares e Rodríguez débese moi probablemente ó efecto de arrastre que exerceu a obra de Saco. De feito, nin un nin outro arriscan unha explicación. De tódolos xeitos, Rodríguez incorre nun novo erro ó exemplificar esta función con pasaxes tiradas da *Crónica Troiana*. Nos fragmentos que propón *o(s)*, *a(s)* son simplemente artigos que van acompañando adxectivos, frases preposicionais, etc.: *Os del rrey toas correrõ por los alcãçar* (p. 42), *era das mays sabedoras* (p. 43), etc. Así pois, é posible que Rodríguez reproducise o paradigma de Saco e que logo, ó tratar de xustificalo, confundise o artigo co pronome cando aquel funciona como transcategorizador.

#### 4.2.3. Posición do pronome átono.

A determinación da posición do pronome átono con respecto ó verbo é unha cuestión que, segundo Saco, reviste

a máxima importancia para o bo uso do idioma. A súa descrición, baseada na observación do uso, sentou precedente na tradición gramatical posterior, que en liñas xerais se limitou só a completa-las lagoas que esta presentaba.

Como regra básica, Saco establece que a colocación normal, non condicionada, é a posposición con respecto ó verbo. Deste xeito, un pronome átono nunca pode encabezar enunciado. O feito de que a norma en galego sexa a enclise concédelle a este idioma unha certa superioridade sobre outros, como o castelán, en que a regra é a proclise. A razón desta valoración está na preeminencia que Saco, conforme ó criterio imperante na gramática tradicional, lle concede á "orde natural". Segundo indica Gómez Asencio, na orde natural "la sucesión de los términos que funcionan en la proposición lógica depende de la prioridad o posterioridad lineales; el *orden natural* descansa sobre «l'ordre analytique de la pensée» (son palabras de Benauzée) y determina que el sujeto preceda al verbo, porque antes es el ser que la manera de ser; que el verbo preceda al complemento, porque la acción debe empezar antes de llegar a su término; que el sustantivo preceda al adjetivo, porque antes es el ser que el ser-modificado..." (*Gramática y categorías verbales*, pp. 84-85). Esta é a concepción que latexa baixo a xustificación de Saco:

Antes debe expresarse la acción representada por el verbo que el objeto en quien recae (p. 161).

En Saco, sen embargo, a calidade do gramático non vai acompañada da clarividencia do profeta. Vexamos se non o que dicía a propósito da colocación do pronome en posición inicial absoluta:

Un gallego fácilmente admitirá y mezclará con su lenguaje, como lo vemos todos los días, una porción de palabras castellanas, dándoles la inflexión del dialecto propio; mas no se doblará nunca á empezar la frase diciendo: *Me colleron, Se chegou á min* (p. 161 n.).

Á vista do que calquera pode observar na actualidade, parece evidente que a predicción de Saco estaba totalmente equivocada. En todo caso, a firmeza con que manifesta a súa convicción pode ser un índice de que naquel tempo a colocación do pronome non sufrira aínda os efectos da penetración do castelán. Saco observa, así e todo, que na literatura, e en particular na poesía, ás veces se vulnera esta regra, pero considera esta práctica unha licencia poética desculpable, aínda que pouco recomendable.

As excepcións a esta regra xeral explícanse ben polo destaque enfático dalgún elemento que preceda ó verbo, ben pola presenza diante do verbo dunha serie de palabras que en por si atraen o pronome cara á posición anteverbal. Segundo Saco, as formas que provocan a proclise son as seguintes: os 'pronomes negativos' (indefinidos negativos), interrogativos e 'conxuntivos' (relativos), os indefinidos *calquera, pouco e todo*, as conxuncións, excepto a copulativa *e*, as adversativas *ma, pero e descasí*, e a causal *pois*, e os adverbios, agás algúns de lugar e tempo.

Por outra parte, a énfase con que se pretende destacar un elemento que está en posición anteverbal pode provocar tamén que o pronome pase a ocupa-la posición proclítica:

Antepónense tamén á veces para dar maior énfasis á la expresión, pero de manera que no pueden ser nunca la primera palabra de la frase. Dícese por exemplo: *unha tolena lle deron ô Farruco, que a terá presente mentres viva* (p. 162).

Sen pretender restarlle validez, cómpre recoñecer que se trata dunha descrición bastante elemental e, nalgúns

aspectos, falta de sistematicidade. Con todo, o seu acerto principal reside na identificación das clases de palabras responsables da anteposición do pronome. As lagoas máis importantes están no capítulo dos indefinidos e no dos adverbios, en que a descrición merecería ser máis pormenorizada.

Para a posición do pronome en secuencias formadas por un verbo en forma persoal seguido dun infinitivo ou un xerundio, Saco admite dúas posibilidades: colocalo "antes ó despues" da forma verbal infinita. En realidade, á luz dos exemplos, por 'antes' do infinitivo ou do xerundio debemos entender 'con relación ó verbo conxugado, de acordo coas normas anteriores'. Isto é o que se deduce de exemplos como *queren-os compor / queren compol-os, andábame deprendendo / andaba deprendéndome, seica os vas levar / seica vas levalos, dixo que lle estaba contando / dixo que estaba contándolle*.

Polo demais, Saco non distingue de forma explícita aqueles casos en que o infinitivo vai rexido por preposición ou por conxunción. Non obstante, novamente os exemplos revelan que nestes casos non só admite, senón que considera máis 'castiza' a intercalación do pronome entre o nexo e o infinitivo.

Para rematar, nos casos de xerundio non rexido precedido do adverbio *non* dalgunha outra forma negativa considera igualmente válidas a enclise e a proclise.

#### 4.2.4. A interpolación.

Saco (p. 162) recoñece como válida, e mesmo recomenda, a posibilidade de interpolar "alguna que outra palabra" entre o pronome proclítico e o verbo. Se ben non precisa cales son

as palabras susceptibles de aparecer nesta posición, os exemplos que propón, e outros que aparecen noutros capítulos, permítenos deducir cales son os tipos de interpolación máis frecuentes. Por outra parte, estes tipos coinciden cos que destaca Pérez Ballesteros nas notas ó seu *Cancionero popular gallego*.

Podemos distinguir en primeiro lugar a interpolación do adverbio *non*. O único exemplo de Saco é *casi que me non queda nada*. En Pérez Ballesteros (*Cancionero*) é un dos tipos máis frecuentes: *¡por lle non perder a lei / á quen no m'a ten á min!* (II, p. 7), *adiós, miña queridiña, / que che non podo falar* (II, p. 116), *eu ben sei á quen dixechе / que me non podías ver* (III, p. 2), *o día que te non vexo / penso que m'has olvidado* (III, p. 20), *síntoo po-l-a costume / que lle non ha de pasar* (III, p. 62). Tamén no *Cancionero* atopamos unha variante que consiste en interpolar este adverbio, non entre o pronome e o verbo, senón entre dous pronomes proclíticos: *pero ti tes unha madre / que te non me deixa ver* (I, p. 16).

O segundo dos tipos que podemos distinguir é o do pronome persoal suxeito. Son de Saco os seguintes exemplos: *empeñábase en que ll'o eu dixese; agora que m'eu héi d'ir, as pedriñas chorarán*. Ó longo da súa obra emprega máis de unha vez este recurso: *Tamen-os eu vin* (p. 149), *inda m'il debe a min* (p. 214). Entre os casos do mesmo tipo que sinala Pérez Ballesteros podemos destacar estoutros: *tamén ch'eu dera palabra* (I, p. 16), *estimaba de saber / si me ti queres tamén* (II, p. 6), *¡nunca ch'eu do Allo fora!* (II, p. 201).

Entre os exemplos atopamos tamén casos de interpolación dun suxeito non pronominal. Os dous que Saco ofrece proceden de cantigas populares: *Agora xa vou sabendo onde m'o zapato*

*manca; toca, pandeiriño, toca, mais que ch'o coiro rabée* (p. 163). Este uso confírmao tamén Pérez Ballesteros: *cando t'o sol vai buscar* (III, p. 12), *se m'o raposo non come / hei d'ir cantar ô poleiro*" (III, p. 151).

O cuarto tipo de elemento interpolado entre os exemplos de Saco é o adverbio *agora* que aparece na cantiga *Algun dia te ririas d'o mal que ch'agora ven* (p. 163). En Pérez Ballesteros atopamos tamén outro exemplo de adverbio interpolado, neste caso *aquí*: *antes que me d'aquí vaya / heino de partir o medio*" (III, p. 124).

Aínda que Saco non ofrezca ningún exemplo, cómpre engadir tamén a interpolación de formas pronominais átonas que funcionan como termo de preposición. Este derradeiro tipo documéntase con certa frecuencia en Pérez Ballesteros: *moito gusto m'á mín dan / as nenas do pelo roxo* (III, p. 30), *tamen sei facer a risa / de que-n-a de mín fixer*" (III, p. 173).

#### 4.2.5. Secuencias de pronomes átonos.

Con respecto á orde que observan os pronomes cando concorren máis de un, as indicacións de Saco son de todo punto insuficientes. As dúas regras que el establece só cobren un estreito abano de posibilidades combinatorias. Segundo a primeira delas se debe preceder a tódolas demais formas átonas. A única excepción a esta norma constitúea a secuencia formada pola forma reflexiva *se* e o dativo *che*. Neste caso Saco admite que o primeiro lugar sexa ocupado tanto por unha coma pola outra. Aínda que normativamente non se aceptan construcións como *lixóuchese*<sup>61</sup>, o certo é que se

---

<sup>61</sup> Cfr. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, p. 204.

trata dunha solución con bastante presenza aínda na fala actual<sup>62</sup>.

A segunda das regras, por último, sinala que as formas de acusativo *o*, *a* deben ocupar sempre o derradeiro posto na secuencia.

---

<sup>62</sup> Cfr. Álvarez Blanco, *O pronome persoal*, p. 419.



## 5. O demostrativo

### 5.1. Caracterización.

Algunhas páxinas máis atrás<sup>1</sup> indicabamos que na xeneralidade das nosas gramáticas o demostrativo figura entre os distintos tipos de pronome, ó lado de posesivos, relativos, indefinidos e interrogativos. Esta era a posición que mantiña a gramática tradicional máis conservadora. Tan é así que Gómez Asencio (*Subclases*, p. 75) mesmo chega a considera-la inclusión do demostrativo entre os pronomes como un índice do conservadorismo dos gramáticos. Sen embargo, naquela ocasión poñiamos así mesmo de relevo algunhas reservas que formulaba Saco verbo da inclusión dentro da clase 'pronome' dunhas formas que, como os demostrativos, non acababan de encaixar na definición xenérica do pronome como palabra vicaria. Así, o ourensán precisaba que en sentido estricto só se podían considerar como pronomes os persoais (p. 51). A relación biunívoca que o noso autor establecía entre unha clase, a dos pronomes, e unha función sintáctica, a de núcleo da frase, impedíalle considera-lo demostrativo -e o posesivo, o indefinido, o relativo ou o interrogativo- como un pronome propiamente dito. Deste xeito, Saco precisaba que estas palabras desempeñaban "muchas veces, *no siempre*, el oficio de pronombres" (p. 58, par. 34). Isto é, eran pronomes na medida en que podían 'substitutír' un substantivo e

---

<sup>1</sup> Vid. *supra*, pp. 270-273.

funcionar como núcleo da frase, e, ó mesmo tempo, participaban de trazos doutras clases como a do adxectivo ou a do artigo, pois podían actuar como adxacentes ou determinantes do substantivo.

As nosas gramáticas dedican moi pouco espacio á caracterización do demostrativo. As únicas tentativas de definición con que contamos débémolles, como de costume, a Saco, Valladares e Rodríguez. Todas elas coinciden en presentar como trazo caracterizador destas palabras o seu carácter sinalador ou deíctico. Este tipo de definicións non resultan moi consecuentes coa consideración do pronome como substituto. Sen embargo, esta incongruencia é a norma dentro da corrente máis tradicional da gramática do momento<sup>2</sup>.

A pesar desta coincidencia fundamental que acabamos de sinalar, existen tamén certas diferencias entre as definicións que proporciona cada un destes autores. Así, Valladares, por exemplo, define o demostrativo exclusivamente pola súa condición de deíctico: os demostrativos son, segundo el, as palabras "que muestran, ó indican un objeto" (p. 45). Saco e Rodríguez precisan algo máis en que consiste a súa función mostrativa:

Señalan los objetos por su distancia con relación á los interlocutores (Saco, p. 58).

Sirven para señalar las personas ó cosas, comunicándoles el grado de distancia á que se hallan entre dos ó más interlocutores (Rodríguez, "Apuntes", p. 37).

E ademais engaden cadansúa nota caracterizadora. No caso de Saco, a definición dos demostrativos combina as referencias á función deíctica desta categoría e á función anafórica: os

---

<sup>2</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Subclases*, p. 69.

demostrativos, ademais de sinalaren os obxectos, "recuerdan al espíritu los ya mencionados" (p. 58).

Rodríguez, pola súa parte, destaca como función principal destas palabras a de "unirse á los sustantivos, á manera de artículos, contrayendo su significación vaga" (p. 37). En certa medida, ó destaca-la súa función como determinante, Rodríguez achégase, quizais sen sabelo, ás posturas que sostían algúns gramáticos españois que clasificaban o demostrativo como unha subclase dentro da clase artigo<sup>3</sup>.

## 5.2. O paradigma.

Consideradas no seu conxunto, as gramáticas ofrecen tres paradigmas distintos para o demostrativo. O primeiro deles corresponde ó que hoxe é o sistema maioritario, que presenta en tódalas súas formas vocal tónica /e/ (ou /ɛ/ nalgúns puntos para o feminino da terceira serie):

*este(s), esta(s), esto*

*ese(s), esa(s), eso*

*aquel(es), aquela(s), aquello.*

Este sistema figura nos traballos de Saco (pp. 58-59), Valladares (p. 45) e Rodríguez ("Apuntes", p. 37). Na gramática de Saco atopamos un plural *aquês*, que aparece ó lado de *aqueles*. A presenza desta forma débese probablemente ó emprego que dela fai Rosalía en *Cantares* (p.

---

<sup>3</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 73-75.

213)<sup>4</sup>. Por outra banda, a existencia deste sistema adivíñase en Cuveiro, que só indica como diverxentes do castelán as seguintes formas: *estes, eses, aquela, aqueles* (p. 13). Por outra banda, tamén teñen /e/ as formas masculinas que Martínez González percibe como 'normais': *estes, eses, aqueles* ("Tratado", p. 125).

En segundo lugar, un dos autores, Rodríguez ("Apuntes", p. 37), recolle, ó lado do anterior, un sistema con vocal tónica /i/ tamén constante:

*iste(s), ista(s), isto*  
*ise(s), isa(s), iso*  
*aquil(es), aquila(s), aquilo.*

Por último, en Saco (pp. 58-59) e en Valladares (p. 45) atopamos, tamén en concorrencia co sistema común, un paradigma que presenta vocal tónica /i/ en tódolos seus membros, non sendo no feminino singular e plural e no neutro da terceira serie. Tanto un coma o outro consideran este sistema como característico do galego ourensán ('meridional' segundo Saco), fronte ó que ten sempre /e/, que é presentado como común ('setentrional' en Saco)<sup>5</sup>:

*iste(s), ista(s), isto*  
*ise(s), isa(s), iso*  
*aquil(es), aquela(s), aquilo.*

---

<sup>4</sup> Carballo Calero, *Particularidades morfolóxicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Universidade de Santiago, 1972, p. 24, n. 31, considera que este plural *aquês* é a solución antiga e tradicional en galego, do mesmo xeito ca *mortás* ou *papés*. Non tivo en conta o profesor ferrolán que o /l/ de *aquel* (ant. *aquele*) / *aqueles* é o resultado da redución do -ll- latino. O profesor Lorenzo considera a forma *aquês* unha simple invención rosaliana debida a necesidades métricas. Para a crítica das afirmacións de Carballo, cfr. Ramón Lorenzo, "A lingua literaria", p. 29, n. 71.

<sup>5</sup> Cfr. Saco, p. 232, e Valladares, p. 42 n..

Destes tres sistemas recoñecidos como posibles polos nosos gramáticos soamente o primeiro ten unha presenza significativa no galego actual. O segundo, con vocal radical /i/ nos tres xéneros só está documentado hoxe en terras de Viana. Por último, polos datos de que dispoñemos, non existe constancia da existencia do terceiro<sup>6</sup>.

En todo caso, non creo que a presenza nas gramáticas de formas con /i/ nos tres xéneros se poida explicar supoñendo unha maior presenza deste sistema, hoxe moi minoritario, na fala da época. Na miña opinión, a súa aparición responde a unha conxunción de causas que poden variar de autor a autor e que imos tratar de expoñer a seguir.

Saco intentou moi probablemente recolle-lo sistema que hoxe denominamos lucu-auriense, con hipercharacterización do masculino (*iste, esta, esto*). ¿Que foi o que o induciu a estende-lo /i/ ás formas do feminino e do neutro? Non me parece arriscado supoñer que a clave desta extensión estea no cruzamento dos diversos sistemas que aínda hoxe se rexistran en terras próximas á área de procedencia do noso gramático. Partindo dos materiais recadados para o ALGa, Fernández Rei (*Dialectoloxía*, p. 73) identifica en puntos illados do sur da provincia de Lugo un sistema *iste, ista, esto*, que convive co lucu-auriense. Ademais, dentro da propia provincia de Ourense, á parte do sistema con /i/ para os tres xéneros que se pode escoitar en Viana, existe outro en terras da Limia Baixa con /i/ no masculino e no neutro: *iste, esta, isto*. Non é necesario supoñer que estes sistemas, hoxe moi limitados territorialmente, estivesen moito máis difundidos daquela. Aínda que isto non fose así,

<sup>6</sup> Para a distribución actual dos distintos variantes do demostrativo, cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 69-73).

parece claro que para un bo observador como Saco as formas con /i/ no feminino, no neutro e, por suposto, no masculino, debían resultar familiares. Saco, consciente da existencia destas formas con /i/, non soubo distinguir todos estes sistemas e agrupounas nun único paradigma.

Sen embargo, no caso da terceira serie o gramático ourensán si recolle fielmente o seu sistema nativo (*aquil(es)*, pero *aquela(s)*, *aquelo*). Aquí o noso autor probablemente actúa inducido polo paralelismo que este demostrativo garda coa forma recta do pronome de terceira persoa *il(es)*, *ela(s)*, [*elo*].

Esta hipótese que acabamos de expoñer non exclúe necesariamente outras posibles vías de explicación: en primeiro lugar, a vontade diferencialista, que o levaría a evita-las solucións coincidentes co castelán, e, por outra banda, o gusto, tantas veces manifestado por Saco, pola coherencia interna e a regularidade dos paradigmas gramaticais.

En calquera caso, cómpre subliñar que na súa *Literatura popular de Galicia* non atopamos ningún exemplo de formas femininas con /i/. Para o neutro temos unha soa ocorrencia de *iso* (p. 114). Sen embargo, no masculino, *iste*, *ise* e *aquil* alternan, se ben como formas minoritarias, con *este*, *ese*, *aquel*. Esta situación contrasta coa que se percibe nos exemplos espallados ó longo da gramática, onde si rexistrámo-la aparición de femininos e neutros con /i/: *ista* (p. 158), *iso* (p. 198).

Polo que se refire á presenza das formas con /i/ nas descrições de Valladares e de Rodríguez, as explicacións van por outro camiño. En primeiro lugar cómpre ter en conta a posible influencia directa da obra de Saco. A súa pegada é

máis perceptible en Valladares, quen, confiando na solvencia de Saco como bo coñecedor do galego ourensán, reproduce con absoluta fidelidade o paradigma que este propón e insiste na diferenza que separa os dous primeiros membros do sistema, que presentan nivelación analóxica, do terceiro, onde só ten /i/ a forma masculina:

En la provincia de Orense dicen *il, iles*, en lugar de *el, eles*, pero no *ila, ilas, ilo*, y si *èla, èlas, èlo*, mientras que, tratándose de pronombres demostrativos, dicen *iste, ista, isto, istes, istas; ise, isa, iso, ises, isas* [...]; *aquil, aquiles* [...], mas no *aquila, aquilas, aquilo* y si *aquèla, aquèlas, aquèlo* (p. 42 n.).

Rodríguez, sen embargo, regulariza todo o paradigma, incluíndo aquelas formas que Saco e mais Valladares mantiñan con /e/. Tanto nun coma no outro esta influencia vai ligada a un presumible descoñecemento do sistema lucu-auriense: partindo da existencia duns masculinos *iste, ise* e *aquil*, unha persoa que non coñeza de forma directa o galego ourensán pode deducir que o resto do paradigma ten tamén vocal radical /i/.

No caso de Rodríguez, aínda que as formas con /i/ aparecen ó lado das comúns con /e/, percíbese unha certa predilección pola primeira solución. Así, na breve descrición morfolóxica que inclúe o seu artigo "Un bosquejo filolóxico sobre las lenguas neo-latinas" este autor recolle unicamente as formas con /i/ presentándoas como exemplos do conservadorismo do galego e da súa proximidade ó latín:

Sus pronombres demostrativos son las voces casi incorruptas de origen latino *iste, ise, aquil* ("Bosquejo" III, p. 11).

Evidentemente, Rodríguez ignoraba que o /i/ de *iste* non era o resultado da evolución do *ī* breve latino, senón que tiña unha orixe ben distinta, probablemente debida á influencia metafónica do *ī* do latín vulgar \**istī*, \**īllī*, analóxicos de

qui<sup>7</sup>. En calquera caso, tendo en conta que o obxectivo de Rodríguez era demostra-la proximidade do galego ó latín, abondáballe coa simple coincidencia formal.

Por último, a presenza das formas con /i/ na obra de Rodríguez, e o trato de favor que este lles dispensa, podería xustificarse tendo en conta que este autor naceu e se criou en terras de Viana, onde, segundo dixemos, hoxe subsiste precariamente un sistema *iste, ista, isto*. Así e todo, o máis probable é que a súa postura sexa o resultado da conxunción de todos estes factores.

### 5.3. Contraccións.

Do mesmo xeito que sucedía co pronome tónico *el, ela*, os nosos gramáticos resolven en contracción, conforme ós criterios xerais para o emprego de apóstrofos e guións, os encontros dos demostrativos coas preposicións *de* e *en*. As diferencias que poida haber débense á preferencia que cada autor manifesta polo emprego do apóstrofo ou do guión. Fóra do plano gráfico, a coincidencia é absoluta.

Tamén coma no caso de *el, ela*, Saco (pp. 147-148) e mais Valladares (p. 109) recollen tamén a contracción dos demostrativos coa preposición *con* (*co-este / co-iste...*), se ben admiten tamén as formas plenas *con este / con iste*, que,

---

<sup>7</sup> Cfr. francés *il*, francés antigo *cist, cil*, dúas formas que alternan con *cest* e *cel* respectivamente. Para outra explicación cfr. Álvarez Blanco, "Consideracións sobre a metafonía nominal galega", en Dieter Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85 aniversario*, Max Niemeyer, Tübingen, 1988, p. 150, que atribúe o paso *este > iste* ó influxo do /-e/ final e pon en relación este cambio con outros procesos tipicamente sureños de pechazón da vocal tónica inducida polo /e/ final: /é/ > /él/ (*fixêse, nêve*), /é/ > /i/ (*bibe 'bebe'*), /ó/ > /u/ (*cume 'come', huxe, nume*). Para a controvertida explicación do /i/ nas formas neutras, cfr. Diez, *Grammaire*, II, p. 87; Meyer Lübke, *Grammatik*, I, pp. 99-100 (§ 82); García de Diego, *Elementos*, p. 60; Williams, *Do Latín*, p. 162; Huber, *Gramática*, p. 59 (§ 87); Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 512-514 e 683-690, e Lorenzo, "Algunhas consideracións sobre a *História do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia", *Verba* 14 (1987), pp. 453-454.



segundo Saco, son máis apropiadas para conferirlle unha maior enerxía á frase (p. 148).

Por outra banda, as formas contractas *estoutro / istoutro, esoutro / isoutro, aqueloutro / aquiloutro* aparecen en Saco, que limita a contracción ás dúas primeiras series (p. 59), en Valladares (p. 45) e en Cuveiro (p. 13). Estas referencias perseguen unicamente sinala-la súa existencia, pero non achegan ningún dato acerca do seu emprego.

#### 5.4. *Tal e mesmo*, demostrativos.

Á parte das series *este, ese, aquel*, Saco inclúe na nómina dos demostrativos "el adjetivo *mesmo*, mismo, y *tal*, cuando no es correlativo, como en la siguiente frase: *eu que tal vin, espanteime*" (pp. 59-60). Desafortunadamente Saco non nos transmitiu os argumentos que o levaron a adoptar esta decisión. Non é difícil imaxinalos no caso de *tal*, que polo seu carácter deíctico e anafórico está moi próximo ós demostrativos, tal e como poñen de relevo moitas gramáticas modernas<sup>8</sup>. Por outra banda, dentro da tradición gramatical española era habitual integralo cos demostrativos convencionais. Así sucede en obras tan distintas como a *Gramática de la lengua castellana* da Real Academia (ed. de 1866, pp. 43-44) ou a *Gramática castellana* de Bello (pp. 317-320).

Ó contrario do que sucede con *tal*, non é habitual que *mesmo* figure entre os demostrativos. De feito, non coñezo ningún precedente que lle puidese servir a Saco para adoptar

---

<sup>8</sup> Cfr., por exemplo, RAE, *Esbozo*, p. 217, que trata esta forma no capítulo que leva por título "Del demostrativo y del artículo". Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 252-255, e Cunha e Cintra, *Nova gramática*, p. 341 poñen tamén de relevo o seu carácter de demostrativo.

esa decisión<sup>9</sup>. En calquera caso, a súa inclusión tal vez se deba ó valor anafórico que *mesmo* pode asumir nalgunhas ocasións: *bateu cunha pedra e debaixo da mesma (= desta) encontrou unha moeda de ouro.*

---

<sup>9</sup> Si o fan, en cambio, algúns gramáticos actuais. Cfr., por exemplo Cunha e Cintra, *Nova gramática*, pp. 341-342.

## 6. O posesivo

### 6.1. Caracterización.

A caracterización da subclase dos posesivos ofrece os mesmos problemas cá dos demostrativos. Así, as gramáticas de Saco, Cuveiro, Valladares e Rodríguez preséntanos como unha subclase dentro dos pronomes. Sen embargo, a posibilidade de que poidan desempeñar tanto a función de determinante como a de núcleo leva a algúns deles a formular certas reservas con respecto á súa natureza pronominal. Saco, por exemplo, evita aplicarlle-la etiqueta de 'pronome' e refírese sempre a eles como 'adxectivos' (pp. 63, 172). Algo semellante sucede nos "Apuntes gramaticales" de Rodríguez, onde, a pesar de apareceren baixo o epígrafe de "pronombres posesivos", son definidos como determinantes do substantivo. Ademais, este autor dubida de que poidan considerarse propiamente pronomes, por máis que "algunas veces, aunque raras, se usan en la forma sustantivada, representando al correspondiente nombre" ("Apuntes", p. 37).

Tamén coma no caso dos demostrativos, os posesivos son sempre definidos de acordo cun criterio semántico:

Son aquellos adjetivos que á la idea de persona añaden la de posesion (Saco, p. 63).

Son aquellos que marcan la posesion, ó pertenencia (Valladares, p. 45).

Llámanse *posesivos* porque, juntándose á los sustantivos, comunican a éstos adjetivamente la idea de posesión (Rodríguez, "Apuntes", p. 37).

Como xa indicamos a propósito do demostrativo, este tipo de definición contrasta abertamente coa caracterización xenérica do pronome como substituto. Pese a isto, esta é a

tendencia que manifiestan as gramáticas da época, tal e como indica Gómez Asencio (*Subclases*, pp. 43-46). Entre os exemplos que este recolle para o período comprendido entre 1771 e 1847 podemos cita-la definición da *Gramática* da Academia (ed. de 1771, p. 45): "denotan posesión, ó pertencencia de alguna cosa"; a de Agustín P. Díaz (1821): "significan la posesión de las cosas"; ou a de Pelegrín (1825): sirven para "demostrar la posesión y la propiedad de las cosas". Das gramáticas máis próximas no tempo ós nosos autores gustaríame chama-la atención sobre a *Gramática castellana* de Bello e sobre a gramática da RAE na súa edición de 1866. Nestes textos os posesivos defínense do seguinte xeito:

Llámanse pronombres posesivos los que a la idea de persona determinada (esto es, primera, segunda o tercera) juntan la de posesión, ó más bien, pertencencia (Bello, 1988: 267).

Son aquellos que significan posesion ó pertencencia de alguna cosa ó persona (RAE, 1866: 44).

Comparando estas definicións coas que ofrecen respectivamente Saco e Valladares obsérvase unha semellanza que non creo que poida ser atribuída a pura casualidade.

## 6.2. Formas.

Con respecto ás formas que integran o paradigma do posesivo a penas hai nada que destacar. As gramáticas recollen unanimemente o sistema que hoxe coma daquela era o maioritario: *meu(s) / miña(s)*, *teu(s) / túa(s)*, *seu(s) / súa(s)*, *noso(s) / nosa(s)*, *voso(s) / vosa(s)*, [*seu(s) / súa(s)*] (Cuveiro, pp. 13-14; Saco, p. 63; Valladares, p. 45; Rodríguez, "Apuntes", p. 36). Esta coincidencia é en boa

medida lóxica dado que as variantes que do sistema común son moi minoritarias e propias de áreas marxinais<sup>10</sup>.

Só son dignas de mención, por canto se apartan do que é a descrición xeral, dúas peculiaridades que presenta a caracterización de Cuveiro. En primeiro lugar, fronte a tódolos demais autores, que distinguen unicamente dous xéneros, masculino e feminino, este autor trata de establecer unha triple oposición xenérica. En realidade, o neutro de Cuveiro non é máis có masculino precedido do artigo determinado. Por outra banda, cómpre destacar así mesmo a presenza das formas estrambóticas *nosco*, *vosco*, que Cuveiro sitúa a par de *noso*, *voso* (p. 13). Estas invencións son un correlato das formas que este mesmo autor propoñía para a P<sub>4</sub> e a P<sub>5</sub> do pronome persoal: *nosco-outros*, *vosco-outros*<sup>11</sup>.

Polo demais, as únicas observacións sobre o posesivo galego son as encamiñadas a poñer de relevo as diferencias que o afastan do castelán. Así, Saco (p. 63), Cuveiro (p. 14) e Rodríguez ("Apuntes", p. 37) subliñan que, independentemente da función sintáctica que desempeñe ou da posición que ocupe con respecto ó substantivo, en galego non hai máis ca unha única serie.

Por outra parte, Rodríguez ("Bosquejo" III, pp. 11-12) insiste, como vén sendo habitual nel, na proximidade das formas galegas ás correspondentes latinas. Esta cuestión fora obxecto de opinións encontradas. Noutra das súas obras ("Apuntes", p. 37), este mesmo autor discutira a opinión de Saco a propósito da orixe do posesivo galego. O crego

<sup>10</sup> Para a distribución xeográfica das variantes do posesivo, cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 73-74.

<sup>11</sup> Vid. supra, p. 282.

ourensán mantíña a peregrina hipótese de que as formas *meu, teu, seu, noso, voso* derivaban dos pronomes romances *me, te, se, nos, vos* (p. 63). Fronte a el, Rodríguez indica que *meu* deriva directamente do correspondente posesivo latino e que *teu* e *seu* son formacións analóxicas.

Por último, cómpre indicar que non hai nas gramáticas ningunha referencia ás formas de respecto ou ás que indican propiedade exclusiva, a pesar de que temos un exemplo das primeiras na fórmula de tratamento *su mercé*, que aparece na gramática de Saco (pp. 57, 64), e tamén das segundas, que aparecen nesta mesma obra entre os refráns do apéndice: *o boi solto de seu se lambe* (p. 274). Malia isto, o noso gramático non debeu reparar no carácter singular destas formacións e non lles dedicou sequera unhas liñas.

En cambio, si hai referencias directas en Saco ó posesivo distributivo *cadanseu*. En realidade Saco non o identifica como unha unidade sintagmática soldada, senón que separa os seus compoñentes en *cada un seu, cada un súa*:

El adjetivo *seu, sua* adquiere cierto sentido distributivo en algunas frases en que va sin artículo, traduciéndose en castellano por el numeral *uno*, como: *Cântos reás lles dou? A cada un seu [...]; As libras non chegan mais que pra cada un sua* (p. 172).

Aínda que a caracterización de Saco non é todo o pormenorizada que nos gustaría cómpre salienta-lo acerto na súa apreciación do significado global do sintagma. Polo demais, repárese no emprego da preposición *a* no primeiro dos exemplos, un contexto en que hoxe é habitual o seu uso<sup>12</sup>.

---

<sup>12</sup> Cfr. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, p. 224.

## 7. Os indefinidos

### 7.1. Caracterización.

Dentro da tradición gramatical hispánica conviven dúas tendencias fundamentais: a primeira delas integra as unidades designadas como indefinidos dentro da subclase 'adxectivo'<sup>13</sup>; a segunda, en cambio, constitúe con elas un grupo dentro da clase 'pronome'<sup>14</sup>. Ademais, outros autores, os menos, defenden a súa inclusión dentro da clase 'artigo'<sup>15</sup>.

Segundo Gómez Asencio (*Subclases*, p. 44), Joseph Pablo Ballot<sup>16</sup> foi o primeiro gramático español que clasificou os indefinidos como unha subclase dentro dos pronomes. A pesar de todo, este autor recoñecía que algunhas das unidades que a integraban eran moi semellantes ós adxectivos. De tódolos xeitos, aínda sen distinguilos como grupo á parte, a *Gramática* da Academia, na súa primeira edición de 1771, empregaba xa a etiqueta de 'pronombres indefinidos', pero só para referirse ás formas *alguien*, *nadie*, *alguno* e *ninguno* (p. 49). As edicións da gramática académica máis próximas ó período de produción das nosas gramáticas establecen xa con eles un grupo independente. Así o fai, por exemplo, a edición de 1866, que lles aplica a denominación de 'pronombres indeterminados' a aquelas unidades que poden desempeñar

---

<sup>13</sup> Cfr. Salvá: "Los conocidos con el nombre de *indefinidos* o *indeterminados*, *alguno*, *ninguno*, *otro* [...] no son más que verdaderos adjetivos" (p. 203).

<sup>14</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 43-46.

<sup>15</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 37-42, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 81-83.

<sup>16</sup> Ballot é autor dunha *Gramática de la lengua castellana dirigida a las escuelas*, Juan Francisco Piferrer, Barcelona, 1796. A súa obra coñeceu numerosas edicións e reimpresións ó longo da primeira metade do século XIX.

función nuclear, en concreto *alguien*, *alguno*, *nadie*, *ninguno*, *uno*. Esta nómina complétase cos 'relativos' *tal*, *cual* e *quien* (p. 48).

Entre os nosos gramáticos, Saco, Cuveiro e Valladares agrupan estas e outras formas baixo a etiqueta de pronomes indefinidos ou indeterminados. Rodríguez, pola súa parte, omite toda referencia a estas unidades, pero algunhas delas figuran entre os exemplos de adxectivos ("Apuntes", p. 28), o que é xa de seu revelador. Cómpre engadir ademais que Saco considera separadamente como dúas subclases independentes e co mesmo rango os 'indefinidos' (*un*, *algún*, *alguén*, *algo*, *outro...*) e os 'negativos' (*ningún*, *ninguén*, *nadia / nadie*, *nada*). Esta distinción que establece Saco resulta certamente orixinal, polo menos dentro do panorama da gramática española, onde non atopamos ningún precedente que lle puidera servir de inspiración<sup>17</sup>.

De tódolos xeitos, Saco deixa translucir novamente as súas dúbidas e vacilacións. Así, os 'indefinidos' e os 'negativos' aparecen baixo o epígrafe xeral de 'pronomes'. Sen embargo, ó defini-la segunda destas subclases, o noso gramático refírese ás unidades que a integran como "pronombres y adjetivos" (p. 61). Algo semellante sucede ó longo de toda a súa obra, onde a miúdo lles aplica a estas formas a etiqueta de 'adxectivos': "el adjetivo *pouco*, *a*" (p. 159), "los dos adjetivos indefinidos *un* y *certo*" (p. 170)<sup>18</sup>. Por outra banda, *ambos* e *entrambos* aparecen citados entre os adxectivos (p. 36).

---

<sup>17</sup> Para o período comprendido entre 1771 e 1847, cfr. Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 43-46; para a fase 1847-1920, cfr. Calero Vaquera, *Historia*, pp. 93-97.

<sup>18</sup> Sen embargo, algunhas páxinas máis atrás indicaba que *un* só se podía considerar indefinido cando desempeñaba función nuclear, mentres que cando acompañaba un substantivo Saco considerábao artigo. Cfr. Saco, p. 60.



A caracterización da subclase dos indefinidos ou indeterminados (indefinidos e negativos en Saco) é de raíz semántica. Os indefinidos, segundo Saco, "hacen mención vaga de los objetos, dejándolos en algún modo indeterminados" (p. 60). Os negativos despáchaos cunha definición tautolóxica e pouco afortunada: "son los pronombres y adjetivos que sirven para negar" (p. 61).

A definición de Valladares para os indefinidos ou indeterminados reitera os trazos básicos da de Saco (imprecisión da referencia e indeterminación): son indefinidos aqueles pronomes "que expresan el objeto de una manera general e indeterminada" (p. 45). Estas son, por outra banda, as notas dominantes nas caracterizacións que ofrecen as gramáticas contemporáneas<sup>19</sup>.

Saco e Valladares amplían considerablemente a nómina de unidades recoñecidas como pronomes indefinidos pola Academia na edición de 1866. A gramática académica só admitía nesta subclase aquelas formas capaces de desempeñar exclusivamente función nuclear (*alguien, nadie, uno*). Outras unidades susceptibles de funcionaren como núcleo da frase nominal ou como adxacente (*alguno, ninguno*) soamente eran consideradas pronomes cando desempeñaban a primeira destas dúas funcións. Fronte á RAE, Saco dá cabida dentro da subclase a formas que unicamente poden aparecer en función nuclear (*alguén, ninguén, algo, nada, un*), así como a aquelas que ademais poden actuar tamén como adxacente (*algún, ningún, outro, calquera, moitos, poucos*). Estas últimas entrarían na subclase dos indefinidos independentemente da función que desempeñasen. Así se deduce, polo menos, do breve comentario

---

<sup>19</sup> Para a Academia Española, por exemplo, os indefinidos constitúen unha subclase dentro dos pronomes, caracterizados "por lo vago de su significacion" (*Gramática* (1866), p. 47). Para Pelegrín o indefinido "denota un objeto vago e indeterminado".

que Saco lle dedica á forma *algún*, capaz, segundo indica, de aparecer soa ou ben acompañando a un substantivo (p. 61). A esta nómina habería que engadirlle ademais a forma *certo*, que, segundo acabamos de ver, Saco considera 'adxectivo indefinido'. En contra do uso habitual desta forma, que só pode aparecer acompañando un substantivo, Saco admite a posibilidade de empregalo en función nuclear.

A relación de indefinidos que ofrece Valladares non difire a penas da de Saco. As únicas variacións con respecto a ela constitúenas a omisión de *algo* e *nada* e a adición de *tal*, *todo* e *cada un*, que en realidade é un sintagma formado por dous indefinidos.

## 7.2. As formas.

### 7.2.1. *Outro / outro*.

Ó lado da forma *outro* Saco recolle como alternativa a solución *autro*. En realidade, esta forma é unha simple variante fonética característica do galego ourensán que aparece trala realización antevocálica [j] da conxunción copulativa *e*. A gramática de Saco non ofrece ningún exemplo, pero podemos atopar algúns nas obras de escritores ourensáns como Curros:

Sobr'esas *y-autras* cousas (*Aires*, p. 23).

Mentras ús falaban *y-autros*  
Non paraban de comer (*Aires*, p. 55).

Us c'os seus roucos cantares  
*Y-autros* con trinos xentís (*Aires*, p. 57).

*Autro* é tamén o resultado do encontro da vocal inicial do indefinido co /a/ final da palabra precedente. A obra de Saco ofrece algún exemplo: *pegábanse us autros* (p. 143). Do

mesmo xeito, tamén en Curros atopamos esta contracción: *volvend'áutro lado* (Aires, p. 99).

A forma *autro* aparece xa testemuñada en diversos documentos galegos dos séculos XIII e XIV recadados por Clarinda de Azevedo Maia. A profesora portuguesa (*História*, pp. 704-707) interprétaa como arcaísmo, pois considera que a súa aparición non sempre se pode explicar como resultado dunha contracción. De tódolos xeitos, obsérvase que naqueles exemplos onde non precede /a/, *autro* aparece trala conxunción copulativa.

Unha situación semellante atopámola nos documentos recollidos por Margot Sponer e por Martínez Salazar<sup>20</sup>, ou nos *Foros de Castelo Rodrigo*, onde *autro* aparece ata oito veces<sup>21</sup>, sempre como resultado de contracción<sup>22</sup>.

Polo que se refire ó lugar de procedencia dos textos onde aparece rexistrado *autro* cómpre advertir que tanto os documentos fornecidos por Maia como os recopilados por Sponer proceden na súa inmensa maioría das provincias de Lugo e Ourense. En concreto, dos sete exemplos que recolle a profesora portuguesa un aparece nun documento redactado na provincia da Coruña (en Betanzos); os demais están tirados de textos ourensáns (de Monterrei e Oseira) e do sur de Lugo

---

<sup>20</sup> A relación de exemplos témola en Cintra, *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo*, Publicações do Centro de Estudos Filológicos, Lisboa, 1959, pp. 426-427, n. 139. Cito pola reedición facsimilar da Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1984. Dun dos exemplos de Sponer ("e una leyra... e outra leyra... e outra leyra... e outra leyra") di Cintra: "à primeira vista, parece usado como equivalente de *outra* e *não* de *a + outra* [...], mas deve tratar-se de uma alternancia: «*una... a outra... outra... a outra*» (p. 426 n. 139). Creio, sen embargo, que neste caso moi ben podería interpretarse dun *autro* non resultante dunha contracción, senón do encontro coa conxunción copulativa *e*, realizada [j] en posición antevocálica.

<sup>21</sup> Cfr. Cintra, *A linguagem*, pp. 425 e 426.

<sup>22</sup> Cintra, *A linguagem*, pp. 427-428, explica a forma *autro* como unha extensión ó masculino dunha contracción xurdida inicialmente para o feminino: prep. *a + art. a + outra*.

(concellos de Portomarín, O Saviñao e Chantada). Os exemplos de Sponer proceden case todos de textos lugueses: San Pedro de Bazar, Azúmara e Duancos, todas elas parroquias de Castro de Rei; San Mamede de Nodar, en Friol (notario de Sobrado); Portomarín; Ferreirós (quizais S. Andrés de Ferreirós, en Pol), e San Estevo de Anllo, pertencente ó concello de Sober. Hai ademais unha atestación en Montederramo. Diante destes datos a profesora Clarinda de Azevedo Maia conclúe que a solución *autro* era probablemente sentida como dialectal xa no século XIII.

Por outra banda, Manuel Taboada<sup>23</sup> rexistra *autro* na fala do Val de Verín. Se ben nun principio o interpreta como "un caso arcaizante, de conservación del diptongo *au*" (p. 61), máis adiante advirte que "generalmente aparece en contextos en los que parece ser producto de la contracción de *a + outro*" (p. 125). O escrutinio dos textos que lle serven de base para a súa descrición mostra que tódalas ocorrencias de *autro* son ou ben o resultado dunha contracción cun /a/ final precedente: *e a outra* [jáwtra] (p. 191), *pra outro* [práwtro] (p. 193), *a outro* [áwtro] (pp. 193, 209 -2 veces-), ou ben do encontro coa conxunción *e* realizada como semiconsoante [j]: *e outros* [jáwtros] (p. 213)<sup>24</sup>. Nos demais contextos aparece invariablemente *outro*: *o outro* (pp. 183 -2 veces-, 195, 197), *do outro* (p. 191), *ó outro* (p. 195 -2 veces-), *pró outro* (pp. 183, 193, 197), *polo outro* (p. 215), *comeulle outro* (p. 193), *foi outro* (p. 195), *noutro* (p. 205) / *dar outra* (p. 185), *comerais outra* (p. 207), *volveu outra* (p. 193 -2 veces-) / *os outros* (p.

---

<sup>23</sup> Manuel Taboada Cid, *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1979, pp. 61 e 124-125.

<sup>24</sup> Cómpre advertir que nestes contextos non sempre aparece *autro*: *na outra* [na ówtra] (p. 183), *e outro* [jówtro] (p. 193).

213), *levanta-los outros* (p. 214), *ós outros* (p. 191), *pasou outros* (p. 213) / *as outras* (p. 209).

A partir de tódolos exemplos aducidos, parece aconsellable desbota-la hipótese do arcaísmo. Pola contra, *autro* deberá interpretarse como unha simple variante fonética relacionada con outros resultados como [él], [éste] ou [ón], que aparecen nas mesmas zonas ca [áwtro], e precisamente nos mesmos contextos, como resultado da contracción cun /a/ ou trala conxunción copulativa [j]<sup>25</sup>. En todos estes casos o que se verifica é o paso dunha vocal tónica pechada a outra máis aberta: /e/ > /ɛ/, /u/ > /ɔ/, /o/ > /a/.

### 7.2.2. *Calquera, calquer, calqueira.*

Ó lado da forma *calquera*, que é a habitual no galego moderno<sup>26</sup>, as gramáticas recollen tamén as solucións *calquer* e *calqueira*. *Calquer* (*qualquer*) é o resultado que presentan habitualmente os textos antigos, así como o portugués moderno. Tanto no galego-portugués antigo como no portugués moderno *qualquer* pode aparecer tanto antes como despois do substantivo<sup>27</sup>. Por último, *calqueira* aparece esporadicamente no galego moderno como resultado da influencia do presente de subxuntivo de *querer*, *queira*.

As tres solucións só están copresentes na obra de Saco (p. 60). Valladares cita unicamente *calquèra* e *calquèr* (p.

---

<sup>25</sup> Cfr. Taboada Cid, *Verín*, pp. 115, 123 e 126. Vid. supra, pp. 265-267.

<sup>26</sup> Cfr. *Normas*, p. 64.

<sup>27</sup> Cfr. Ramón Lorenzo, *Traducción. Glosario*, p. 1066, s.v. *qualquer*, e Cunha e Cintra, *Nova gramática*, p. 358.

45)<sup>28</sup>, mentres que Cuveiro omite a forma común e recolle *calqueira* e *calquer* (p. 14). Nos textos literarios *calquera* parece se-la solución máis común, tanto en función nuclear como acompañando un substantivo en posición pre ou posnuclear. A forma antiga *calquer* (ou *calesquer*) soamente aparece, ás veces, cando vai precedendo un substantivo<sup>29</sup>, o que nos fai pensar que o seu uso se debe máis a castelanismo ca á pervivencia da solución antiga, que -recordemos- podía aparecer con *calquera* función e en *calquera* posición. Por último, de *calqueira* non atopamos ningunha ocorrencia.

Nestas tres gramáticas rexístrase así mesmo a presenza das formas plurais correspondentes: *calesquera* (Saco e Valladares), *calesquèr* (Valladares) e *calisqueira* (Cuveiro). Estas formas de plural existían efectivamente no galego antigo, onde atopámo-lo resultado *quaesquer*<sup>30</sup>, e sobreviven no portugués e mais no español modernos (*qualsquer* / *cualesquiera*, *cualesquier*)<sup>31</sup>. No galego moderno, sen embargo, as formas de plural son practicamente descoñecidas<sup>32</sup>. Polo demais, o seu emprego nos textos literarios do XIX era, ó que parece, bastante cativo. Non atopamos ningún exemplo en Rosalía, Curros ou Pondal, así como tampouco no *Cancionero popular gallego* de Pérez

---

<sup>28</sup> Sen embargo, no seu dicionario admite *calqueira*, *calquèr* e *calquèra* (p. 88 s.v.).

<sup>29</sup> Esta solución é particularmente frecuente en Pintos: *calquer* (pp. 52, 103, 141 -2 veces-), *calesquer* (p. 23). Nunha ocasión temos *calesquer* en función nuclear (p. 216). Temos tamén algúns exemplos, sempre como adxacente e en posición prenuclear, en *Queixumes* (p. 60), no *Cancionero* (II, p. 256) e na *Literatura popular* (p. 321).

<sup>30</sup> Cfr. Ramón Lorenzo, *Traducción. Glosario*, p. 1066, s.v. *qualquer*, e Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 708-709.

<sup>31</sup> A RAE, *Esbozo*, p. 231, precisa que estes plurais só aparecen na lingua escrita, se ben recoñece que tanto en España coma en América está moi estendido no rexistro popular o emprego das formas de plural con valor de singular.

<sup>32</sup> Taboada, *Verín*, p. 124, rexistra no val de Verín as formas plurais *calesquer* e *calesquera*.

Ballesteros nin na *Literatura popular* de Saco. Si hai un par de exemplos de *calesquer* en Pintos, nun caso precedendo un substantivo singular (p. 23) e no outro en función nuclear pero cun verbo tamén en singular (p. 216). De *calesquera* hai diversos exemplos en López Ferreiro<sup>33</sup>.

Diante desta escasa presenza das formas de plural, resulta certamente sorprendente a postura coincidente dos gramáticos. Hai dúas vías posibles para explicala: por unha banda, a hipótese do castelanismo, e, por outra, a pervivencia residual das formas antigas. En calquera caso, a forma *calesquera*, se é que efectivamente existía, perdera o seu valor de plural e empregábase acompañando substantivos en singular. Así o confirman, dunha parte, os exemplos de Pintos, e ademais a advertencia que Saco formula ó respecto:

*Calesquera*, aunque es forma plural, se usa para los dos números, si bien sería de desear quedase reservado su empleo para denotar la pluralidad (pp. 60-61).

Ó que parece, tamén Cuveiro a consideraba singular, pois insinúa que os plurais destas formas son os inexistentes *\*calqueiras*, *\*calisqueiras*:

Los apelativos cual, cuales - *cal*, *cales*, forman el compuesto *calquer*, *calqueira*, ó *calisqueira*, aumentando en el plural de estos dos últimos, una *s* (p. 14).

### 7.2.3. *Ninguén / nadie, naide, nadia.*

Ó lado da solución propiamente galega *ninguén*, que recollen Saco, Cuveiro e mais Valladares, algunhas gramáticas admiten tamén o castelanismo *nadie* (Saco) ou

---

<sup>33</sup> Cfr. X.A. Palacio e B.A. Roig, "Introducción á lingua da novela", en López Ferreiro, *A tecedeira de Bonaval*, p. 55.

algunha das súas variantes: *naide* (Cuveiro), que existe como solución vulgar tamén en castelán<sup>34</sup>, ou *nadia* (Saco)<sup>35</sup>.

O feito de que Valladares cite unicamente a forma *ninguén* podería entenderse como un indicio da súa predilección por esta forma en detrimento das demais. Sen embargo, cómpre advertir que no seu *Diccionario* a solución *ninguén* (p. 104 s.v.) está acompañada das formas de influencia castelá *nadia*, *naide*, *naidia*, *naidie* (p. 100 s.v.). Polo que se refire ós gramáticos que recollen máis de unha solución, debemos engadir que tampouco eles manifestan ningunha predilección especial por unha ou por outra. No fondo, todos eles se limitan a recoller nas súas obras unha alternancia que debía ser moi frecuente na fala, do mesmo xeito que o é nos textos escritos. Así, nas recopilacións de cántigas populares, que en teoría deberan reflectir con máis fidelidade a fala viva, obsérvase un predominio claro de *ninguén* sobre as formas tomadas do castelán, que sen embargo atinxen unha presenza apreciable<sup>36</sup>.

Nas obras literarias contemporáneas a elas *ninguén*, *nadie*, *nadia* e *naide* alternan libremente, sen máis restricción cá vontade estilística do autor. Así, por exemplo, nos *Cantares* de Rosalía predomina de forma clara

---

<sup>34</sup> Cfr. Menéndez Pidal, *Gramática histórica*, p. 265 (§ 102.3). Ademais, Pidal considera *naide* unha solución característica do galego.

<sup>35</sup> Pérez Ballesteros indica en nota ó seu *Cancionero* (II, p. 262 n.) que existe ademais unha solución *naídea*, que non vin documentada en ningures.

<sup>36</sup> Así sucede tanto na *Literatura popular de Galicia* coma no *Cancionero popular gallego*. Na obra de Saco soamente atopamos catro exemplos da *nadia* (pp. 119, 307, 317 -2 veces-) e dous de *nadie* (pp. 132, 330). No *Cancionero* de Pérez Ballesteros *naide*, *nadie* e *nadia* son tamén moito menos frecuentes que *ninguén*: *naide* (II, pp. 88, 105, 124, 339; III, pp. 74, 265 -2 veces-), *nadie* (II, pp. 41, 262, 307; III, p. 230), *nadia* (II, p. 174).



*naide*<sup>37</sup>, mentres que en *Follas novas* as ocorrencias de *naide* e *ninguén* están case á par<sup>38</sup>. Por outra banda, a solución *nadia* obtén un elevado índice de frecuencia en *Aires d'a miña terra*, onde compite como solución maioritaria con *ninguén*<sup>39</sup>. En Pondal (*Queixumes*), sen embargo, soamente atopamos ocorrencias de *ninguén* (pp. 54, 103, 109). Esta forma predomina tamén de forma abrumadora en Pintos, onde é o resultado habitual fronte a *nadie* (p. 156) e *naide* (pp. 17, 44), que a penas aparecen rexistrados.

#### 7.2.4. Ningún / nengún.

Nas gramáticas de Saco e Valladares *ningún*, *ningunha* preséntanse como solucións únicas. Sen embargo, este último autor inclúe no seu *Diccionario* a solución *nengún* (p. 402 s.v.), desde a que se remite a *ningún* (p. 404). Un caso semellante é o da conxunción *nin*, que en Saco aparece como forma única (p. 134), mentres que en Valladares alterna coa solución *nen*, tanto nos *Elementos* (p. 113) coma no *Diccionario: nin* (p. 403 s.v.) / *nen* (p. 402 s.v.). Estas dúas solucións, *nin* e *nen*, aparecen igualmente no vocabulario etimolóxico que inclúe a *Gaita gallega* de Pintos (p. 87).

Sen embargo, as formas *nengún*, *nengunha*, ou a conxunción *nen*, a penas teñen presenza nos textos literarios. Algúns exemplos illados de *nengún* témolos en

---

<sup>37</sup> Temos *naide* nas pp. iv -2 veces-, vii, 46, 135 -2 veces-, 139 -2 veces-, 172 -2 veces-, 200. De *nadie* e *ninguén* as documentacións son moi escasas (pp. x, 184).

<sup>38</sup> Atopamos *naide* nas pp. 77, 82, 93, 98 -2 veces-, 116, 134, 147, 219 -2 veces-, 232 -3 veces-, 241 -3 veces-. Temos *ninguén* nas pp. 33, 77, 87, 92 -2 veces-, 109, 137 -2 veces-, 212, 214, 224, 228, 230, 250, 256. Por último, de *nadie* non contamos con ningunha ocorrencia.

<sup>39</sup> *Nadia* (pp. 15, 17, 20, 23, 24, 40, 41, 48), *ninguén* (pp. 30, 40, 55, 62, 67, 83). Nesta obra son minoritarios *naide* (p. 58) e *nadie* (pp. 16, 19).

*Cantares gallegos* (p. 146), na *Literatura popular* de Saco (p. 64) ou no *Cancionero popular* de Pérez Ballesteros (II, p. 131). Non atopamos exemplos en *Follas novas*, *Aires d'a miña terra*, *O divino sainete*, *Queixumes d'os pinos* ou *A gaita gallega*. Da variante *nen* temos un exemplo illado na *Literatura popular* (p. 317 -2 veces-)<sup>40</sup>. Na obra de Pintos, que, como acabamos de ver recoñece como válidas *nin* e *nen*, *nen* soamente aparece empregado nunha ocasión ó longo do texto, e precisamente en correlación con *nin*: *nin araña* [...] *nen tampouco becho* (p. 167).

Á luz destes datos pode deducirse que as formas *nengún* e *nen* non manteñan unha presenza significativa na fala. O seu emprego literario tal vez responda a unha certa vontade diferencialista.

#### 7.2.5. *Algún* posposto ó substantivo en frases de sentido negativo.

No galego moderno o indefinido *algún* cando vai acompañando un substantivo soamente pode aparecer anteposto a el<sup>41</sup>. Así pois, o galego, a diferenza do español ou do portugués<sup>42</sup>, non tolera o emprego de *algún* posposto ó substantivo en frases de sentido negativo. As ocorrencias que eventualmente poidan rexistrarse son debidas ó influxo do castelán. Na miña opinión isto é o que sucede coa cláusula *non vin home algún*, aducida por Cuveiro para ilustra-la liberdade de colocación do indefinido (p. 9), ou os exemplos, sempre escasos, que é posible atopar nos textos

<sup>40</sup> Non temos ningún exemplo en *Cantares*, *Follas*, *Aires*, *Queixumes*, *Sainete* ou no *Cancionero popular*.

<sup>41</sup> Cfr. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, p. 235.

<sup>42</sup> Para o español, cfr. RAE, *Esbozo*, p. 412; para o portugués cfr. Cunha e Cintra, *Nova gramática*, p. 359: "Posposto a um substantivo, *algum* assumiu, na língua moderna, significação negativa, mais forte do que a expressa por *nenhum*".

literarios. En Pintos, por exemplo, temos "non ten disculpa *algunha*" (p. 36), "nin mimo *algun* lle facia" (p. 160), "nen tampouco becho *algun*" (p. 167); en cambio "sin fatiga *ningunha*" (p. 9), "rata *ningunha* vos deixa pasar" (p. 14). Nos *Cantares gallegos* Rosalía emprega *algún* por dúas veces neste contexto: "nin conocement' *algún*" (p. vi), "non son en maneira *algunha*" (p. 131). A afirmación de Cuveiro e os exemplos citados contrastan abertamente coa nula presenza desta construción nas recopilacións de literatura oral, onde neste contexto aparece de xeito exclusivo *ningún*. Pertencen á *Literatura popular* os seguintes exemplos: "sin aquela *ningunha*" (p. 74), "non pases falta *ningunha*" (p. 152), "motivo *ningún* tiña" (p. 231). Do *Cancionero popular* están tirados estoutros: "non teño mengua *ningunha*" (II, p. 3), "nin teñas falta *ningunha*" (II, p. 128), "cousa *ningunha*" (II, p. 189), "sin aquela *ningunha*" (III, p. 65), "non teña mancha *ningunha*" (III, p. 188), "motivo *ningún* tiña" (III, p. 260). Así pois, coas necesarias reservas que nos impón a escaseza e a asistematicidade dos datos, parece posible inferir que era o castelán o que estaba detrás do emprego de *algún* nesta posición.

## 8. Os relativos

### 8.1. Caracterización.

Para os nosos gramáticos os relativos constitúen unha subclase paradigmática do pronome. Esta postura asúmese polo xeral como un principio inamovible herdado da tradición gramatical, que polo tanto non precisa de discusión nin de xustificación ningunha. Con todo, cómpre destaca-lo comportamento vacilante de Saco, que, se ben define estas formas como pronomes (pp. 62-63), designaas tamén ás veces co nome de adxectivos (p. 170). Por outra banda, Rodríguez Rodríguez, consciente de que outros autores agrupan estas unidades baixo a etiqueta de adxectivos, considera necesario aclarar por que el os adscribe á clase pronome. Convén advertir que Rodríguez, igual cós seus compañeiros, parte dunha concepción do pronome como palabra vicaria. Polo tanto, o feito de que os relativos, coa única excepción do chamado 'relativo posesivo', desempeñen comunmente función nuclear permite encaixalos sen dificultade dentro da clase pronome. En palabras do propio Rodríguez, ós relativos cádralles mellor a denominación de pronomes "toda vez que su empleo general es representar aisladamente un elemento de la oración gramatical, si bien acompañados de un antecedente que pertenece á la proposición anterior" ("Apuntes", p. 45).

No relativo ás definicións, soamente a de Saco ofrece algún elemento digno de interese. As demais límitanse a sinalar, seguindo o modelo das caracterizacións máis tradicionais, o carácter de referente anafórico que ten o relativo. Así o fai Valladares, que define os pronomes relativos como "los que tienen relación con una cosa que precede" (p. 45), ou Rodríguez, que se ben non chega a

formular claramente unha definición, insiste unicamente na existencia dunha referencia anafórica a un antecedente. Este tipo de definicións son as máis frecuentes na tradición gramatical española e débense, segundo o parecer de Gómez Asencio, a unha terxiversación do sentido orixinal que os gramáticos clásicos daban ó termo 'relativos'. O emprego deste termo arrinca xa de Prisciano, que traduciu deste xeito o concepto de 'anafóricos' utilizado por Apolonio Díscolo. En principio, con esta designación de relativos non se pretendía designar unha subclase paradigmática do pronome, senón un dos valores (o anafórico) que os pronomes, tódolos pronomes, podían asumir e asumían con frecuencia. Posteriormente a etiqueta de relativos pasaría a aplicarse xa a unha subclase integrada por formas empregadas comunmente con este valor<sup>43</sup>.

En contra desta tendencia xeral, a caracterización de Saco preséntasenos como certamente innovadora, mesmo desde a propia denominación da subclase (pronomes 'conxuntivos'), que, sen ser absolutamente descoñecida, era moi minoritaria en comparanza coa etiqueta común de 'relativos'. A definición que Saco propón é a seguinte:

Son ciertos pronombres que encierran el doble valor de un nombre ó un demostrativo y una conjuncion" (p. 62).

Na definición de Saco podemos destacar en primeiro lugar a ausencia de toda referencia ó valor anafórico do relativo. Esta omisión débese probablemente a que o ourensán consideraba que este valor non era exclusivo desta subclase, senón común a outros pronomes. De tódolos xeitos, é posible que baixo a equiparación co demostrativo se oculte unha

---

<sup>43</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 76-83, esp. 77-79. Na tradición gramatical española este xiro prodúcese xa a partir do século XVI, con obras como a do Anónimo de Lovaina ou a de Benito de San Pedro.

referencia velada ó seu valor anafórico. Pola contra, a súa caracterización incide, xa desde a propia denominación de 'conxuntivos', no papel que estas palabras desempeñan como introductoras dunha cláusula subordinada. Deste xeito, os relativos convértense, segundo a definición de Saco, nunha especie de formas fronteirizas entre os pronomes e as conxuncións.

Por outra banda, a equiparación do relativo co substantivo e co demostrativo obedece a razóns distintas en cada caso. No caso do substantivo a relación parece clara: do mesmo xeito ca el, o relativo desempeña habitualmente función nuclear na frase. Certamente tamén os demostrativos poden desempeñar esta función. Sen embargo, cando Saco establece esta vinculación entre relativos e demostrativos está pensando moi probablemente no valor anafórico que estes últimos asumen a miúdo.

## 8.2. Formas.

Polo que se refire ás formas que integran a subclase dos relativos existe un acordo básico entre os tres textos gramaticais que se refiren a eles, o de Saco (p. 63), o de Valladares (p. 45) e o de Rodríguez ("Apuntes", p. 44). Nas súas descriucións están presentes as formas *que* e *quen*, así como o relativo posesivo, para o que Saco e mais Rodríguez recollen o castelanismo *cuyo*, en tanto que Valladares propón a forma tradicional *cujo*. A cuarta das unidades que de forma habitual se integran neste grupo, o *cal*, está presente nos textos de Valladares e Rodríguez, mais non no de Saco. En principio cabería pensar nunha omisión achacable a un descoido do autor ourensán, pero hai algúns indicios que nos levan a pensar que o noso gramático, por algunha razón que non acertamos a precisar, suprimiu deliberadamente esta

forma. Así, nas dúas ocasións en que Saco se refire ós relativos, unha vez no capítulo da morfoloxía e outro no da sintaxe, *o cal* non figura nunca entre eles. Pola contra, na segunda destas dúas referencias o ourensán alude explicitamente a "los tres adjetivos conjuntivos" (p. 170). Sen embargo, a exclusión de *o cal* da nómina dos relativos parece afectar unicamente ó galego, sempre segundo a visión de Saco, pois cando este se refire á existencia en galego do relativo posesivo afirma que ás veces este equivale ó "relativo castellano *el cual*" (p. 171).

A caracterización formal e a descrición dos usos de cada unha destas unidades a penas consegue transcende-los límites do consabido. Así, as únicas notas fan referencia ó carácter variable ou invariable de cada unha das formas ou á posibilidade que o seu antecedente sexa un substantivo caracterizado por posuí-lo risco '+humano'. Maior interese ofrecen as consideracións sobre o emprego do relativo posesivo.

Como é ben sabido, a forma antiga *cuyo* procedente do xenitivo latino *cuus* desapareceu no galego moderno ó quedar este relegado ó plano oral e perder todo contacto cos rexistros cultos. Coa reaparición do galego como lingua literaria os escritores trataron de cubrir ese oco botando man da forma castelá *cuyo*, ás veces galeguizada superficialmente en *cuío*, ou en menor medida da solución tradicional *cuxo*. Deste mesmo xeito actúan tamén os gramáticos do XIX, que recollen como forma propia o castelanismo. Soamente en Valladares se aprecia o intento, sen dúbida deliberado, de recupera-la forma antiga a través do portugués.

Así pois, a relación das funcións e usos que ofrecen algunhas das gramáticas galegas deste período non responden ó uso real, senón que se establecen sobre a base que proporcionan os textos gramaticais das linguas veciñas, e particularmente do español. En realidade, no español e no portugués modernos soamente conseguira sobrevivir o emprego de *cuyo* ou *cujo* como adxacente nominal, acompañando sempre o obxecto posuído e concertando con el. En épocas máis recuadas o galego, coma o español ou o portugués, coñecera tamén a posibilidade de emprega-lo posesivo relativo como núcleo da frase, desempeñando normalmente a función de atributo e equivalendo a un sintagma 'de quen' ou 'do cal'<sup>44</sup>. Este uso desapareceu practicamente no español actual, por máis que no *Esbozo de una nueva gramática* a Academia Española aínda o recolle<sup>45</sup>. En portugués este emprego de *cujo* chegou ata o século XIX, se ben só na lingua literaria e como un recurso de sabor arcaizante. Así o consideran, por exemplo, Vázquez Cuesta e Mendes da Luz:

El empleo de *cujo* 'cuyo' sin consecuente expreso es un arcaísmo que a veces encontramos en escritores del siglo pasado como Almeida Garrett (*Gramática*, II, p. 185).

Ademais, na lingua antiga existiu un *cuxo*, equivalente tamén a 'de quen', empregado como interrogativo. O que parece, este uso quedou anticuado aínda antes. O *Esbozo* dáo como arcaísmo e sinala que era frecuente "entre los poetas del Siglo de Oro" (pp. 224 e 360). En portugués o seu

---

<sup>44</sup> Algúns exemplos deste emprego no galego antigo pódense atopar baixo a voz 'cuio, cujo, cuyo' en Ramón Lorenzo, *Traducción. Glosario*, p. 403: "as donas cuio era o senorio" (CG, 279.52), "Cristo cuio he o poder de todo" (CG 411.12), etc. Para o español, cfr. Bello, *Gramática*, p. 659: "El caballero, cuya era la espada".

<sup>45</sup> Cfr. RAE, *Esbozo*, pp. 532-533.



emprego non pasou do século XVII, segundo o parecer do profesor Lorenzo<sup>46</sup>.

Os primeiros gramáticos galegos limitáronse en liñas xerais a reproducir as descrições que ofrecían as gramáticas das linguas veciñas. Así, Rodríguez ("Apuntes", p. 45) postulaba o emprego de *cuyo* "ya como adjetivo, denotando la misma persona representada por el antecedente, ya formando concordancia con la palabra que le sigue".

Saco, pola súa parte, admite un emprego aínda máis estenso desta forma, pois á parte dos seus usos 'canónicos' en tanto que relativo posesivo recoñece igualmente outros en que non está presente a idea de posesión. No capítulo da morfoloxía o ourensán exprésase deste xeito:

El conjuntivo *cuyo*, *a*, *cuyos*, *as*, á diferencia del castellano en que siempre es posesivo, hace unas veces el oficio de sujeto ó de término de la acción y otras el de genitivo (p. 63).

Esta idea aparece máis desenvolvida logo no breve parágrafo que o noso gramático lle dedica a esta forma na parte correspondente á sintaxe. Alí Saco admite en primeiro lugar a posibilidade de utilizalo como adxacente nominal, por máis que recoñece que se trata dun emprego infrecuente na lingua oral:

El pronombre *cuyo*, *cuya*, es como en castellano *conjuntivo-posesivo*, segun se advierte en este ejemplo: *No' hai ningun viciño, cuyos bês estean tan mal traballados, com'os d'iste [...]*. Pero en tal acepción es poco frecuente en gallego (p. 171).

---

<sup>46</sup> Cfr. Lorenzo, *Traducción. Glosario*, p. 403: "Como interr. 'de quién' se usa hasta el s. XVII; con la acepción 'del cual' lo usa aún Camilo en el XIX". Tamén Vázquez Cuesta e Mendes da Luz, *Gramática*, II, p. 188, sinalan a súa existencia no portugués clásico: "Igual que en español, existió en el portugués clásico un interrogativo posesivo *cujo* 'cuyo', variable en género y número, hoy sustituido por *de quem* 'de quién': *Cuja é esta imagem?* (Vieira) por *De quem é esta imagem?*".

Neste emprego *cuyo* viría a equivaler a un sintagma como *do cal* e, polo tanto, corresponderíase coa función de xenitivo citada máis atrás.

O uso de *cuyo* como suxeito ou como complemento directo ('término de acción') ilústrase con exemplos en que esta forma aparece despoxada do seu valor posesivo e é perfectamente intercambiable por outros relativos como *quen*, *o cal* ou mesmo *que*. Estes son os exemplos que propón Saco: *N-iste medio chegou o aguacil, cuyo* [= *que, quen, o cal*], *vendo aquilo, deulle parte ô alcalde; Fun ver un amigo, cuyo* [= *a quen*], *así que entrei, topein-o rifando*. Este é, sempre segundo Saco, o uso normal que en galego se lle dá a este relativo:

Ordinariamente se emplea en las mismas ocasiones que el relativo castellano *el cual* y á veces *quien* (p. 171).

Parece evidente que este aspecto da súa descrición carece de todo fundamento real. Nin os estudos lingüísticos actuais nin os datos que podemos tirar do escrutinio dos textos da época ofrecen ningún exemplo que se aproxime, sequera sexa remotamente, ó uso que describe Saco. De tódolos xeitos, resistímonos a atribuílo sen máis a un desvarío fantasioso de Saco. Pola contra, podería tratarse dunha interpretación errónea dun emprego non posesivo de *cuyo* que a gramática española actual considera incorrecto e vulgar. Refírome a casos como os que a RAE censura no *Esbozo de una nueva gramática: Ayer fue detenido un individuo sospechoso, cuyo individuo no tiene domicilio fijo; Dos novelas te presté hace un año, cuyas novelas aún*

*no han vuelto a mi poder* (p. 533)<sup>47</sup>. O único que diferencia estes usos anómalos de *cuyo* en castelán do que describe Saco para o galego é que, mentres que nos exemplos do español *cuyo* aparece sempre acompañando un substantivo, nos que propón Saco *cuyo* desempeña función nuclear. De tódolos xeitos, non creo que esta diferencia nos impida considerar que foron estes exemplos do español a fonte de inspiración do noso gramático.

---

<sup>47</sup> A este emprego incorrecto referíase xa Andrés Bello: "Muchos, olvidando la genuina significación de *cuyo*, lo emplean a menudo en el significado de *que* o *el cual* [...], lo que da al lenguaje un cierto olor de notaría, que es característico de los escritores desaliñados. Dícese por ejemplo: «Se dictaron inmediatamente las providencias que circunstancias tan graves y tan imprevistas exigían; *cuyas providencias*, sin embargo, por no haberse efectuado con la celeridad y la prudencia convenientes, no surtieron efecto»" (pp. 657-658).

## 9. Os interrogativos

Na tradición gramatical española no son moi abondosos os exemplos de inclusión dos interrogativos como unha subclase á parte dentro dos pronomes. Fóra duns poucos casos excepcionais<sup>48</sup>, a xeneralización desta denominación só se produciría no século XX<sup>49</sup>. Sen embargo, si debía existir unha corrente en favor da súa incorporación como subclase. Polo menos, isto é o que se deduce do breve comentario que a estas formas lles dedica a primeira edición da *Gramática* da RAE, se ben para negárllle-la consideración de grupo á parte:

A estas quatro clases [persoais, demostrativos, posesivos e relativos] se reducen todos los pronombres, pues los que algunos llaman *interrogativos*, los forma solamente el tono, y se reducen á los relativos, como: *quien es? que quieres?* Si estos se reputasen como pronombres *intrrogativos*, sería necesario hacer otra clase de pronombres *admirativos* (*Gramática* (1771), p. 48).

En edicións posteriores a Academia suprimiría este comentario, mais mantería a súa postura inicial. A rectificación produciríase na edición de 1920, cando esta institución admite finalmente a existencia dun grupo de pronomes interrogativo-exclamativos.

As gramáticas galegas do XIX inscríbense na liña tradicional e ignoran a existencia deste grupo. Soamente Saco rompe co costume e establece un grupo de pronomes interrogativos integrado polas formas *quen, que, cal, cantos*, ás que engade ademais o sintagma *ulo*, formado polo adverbio interrogativo *u* e o pronome acusativo de terceira persoa *lo* (p. 61).

---

<sup>48</sup> Entre os autores que estudia Gómez Asencio, *Subclases*, p. 45, soamente Agustín Díaz e Lamberto Pelegrín falan dun grupo de pronomes interrogativos.

<sup>49</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, p. 97.

Polo que se refire á caracterización desta subclase, a gramática de Saco ofrece unicamente unha vaga definición de raíz semántica ("son los que llevan anexa la idea de interrogacion"), semellante, por outra banda, ás que proporcionan aqueles autores que defenden a existencia desta subclase<sup>50</sup>.

No terreo formal, as únicas notas dignas de mención fan referencia ó carácter invariable da forma *quen* (p. 62).

---

<sup>50</sup> Compárese, por exemplo, coas definicións de Díaz e Pelegrín, os dous autores citados por Gómez Asencio. Díaz subliña simplemente a súa coincidencia cos relativos e precisa que os interrogativos "se usan para preguntar". A caracterización de Pelegrín coincide case literalmente coa de Díaz: "sirven para preguntar".

## 10. Os numerais

### 10.1. Caracterización xeral. A adscrición dos numerais.

A primeira cuestión que paga a pena tratar é a relativa á adscrición dos numerais a unha clase de palabras. A posición tradicional da gramática española viña sendo a de integralos dentro da clase xenérica do nome ou ben na do adxectivo. A primeira destas dúas opcións contaba co respaldo da Academia Española, que sentou esta posición na primeira edición da súa gramática e a mantivo nas edicións posteriores publicadas ó longo dos séculos XVIII e XIX<sup>51</sup>. Esta era tamén a opinión de dous gramáticos tan influentes e prestixiosos como Salvá e Bello<sup>52</sup>. Tanto para a institución académica como para o valenciano, algúns dos grupos de numerais pertencían á subclase do adxectivo, en concreto os cardinais e ordinais (Salvá engade os 'proporcionais'), en tanto que outros (colectivos e partitivos) debían considerarse substantivos. Bello, pola súa parte, dedícalle ó seu estudio un capítulo titulado significativamente "Nombres numerales" e define os distintos grupos ben como substantivos, ben como adxectivos<sup>53</sup>. Por outra banda, a integración na clase do adxectivo é, segundo a apreciación de Gómez Asencio (*Subclases*, p. 47), a opción seguida pola maioría dos autores<sup>54</sup>. Polo demais, ninguén parece

<sup>51</sup> Cfr., por exemplo, *Gramática* (1771), pp. 32-34, e *Gramática* (1886), pp. 31-32.

<sup>52</sup> Cfr. Salvá, pp. 167-168, e Bello, pp. 243-249.

<sup>53</sup> "Los *numerales cardinales* son adjetivos..." (p. 243); "*Duplo y triplo* son siempre sustantivos; los demás son adjetivos, que en la terminación masculina pueden sustantivarse" (p. 248); "los *numerales colectivos* son sustantivos..." (p. 249).

<sup>54</sup> Gómez Asencio refírese ó período comprendido entre 1771 e 1847. Para o período que vai de 1847 a 1920, cfr. Calero Vaquera, *Historia*, p. 75, n. 5.

considera-la posibilidade de integralos dentro da clase do pronome.

A maioría dos gramáticos galegos segue fielmente a pauta marcada pola gramática española. Así, Cuveiro (pp. 10-11) integra a breve referencia que lles dedica ós numerais dentro do capítulo do nome, mais sen especificar en ningún caso se se trata de nomes substantivos ou de nomes adxectivos<sup>55</sup>.

En cambio, Saco e Rodríguez parecen consideralos como integrantes da subclase dos adxectivos. Na gramática de Saco (pp. 38-39) os numerais aparecen formalmente tratados baixo un epígrafe incluído dentro do capítulo do nome. En principio, este autor mantenos á parte dos adxectivos e cun rango semellante ó seu. Sen embargo, a concisa definición xenérica con que os caracteriza non deixa lugar a dúbidas con respecto á súa opinión:

"Llámanse numerales los adjetivos que sirven para contar" (pp. 38-39).

A posición ó respecto de Rodríguez Rodríguez ("Apuntes", p. 29) resulta xa clara desde un principio: a páxina escasa que lles dedica aparece no capítulo titulado "De los adjetivos demostrativos y calificativos".

En contra da tendencia xeral dos gramáticos españois e galegos, Valladares integra os distintos grupos de numerais

---

<sup>55</sup> É necesario advertir que o título do capítulo dos numerais aparece co mesmo corpo de letra có do nome ou do pronome. Sen embargo, existe unha diferenza entre eles, pois mentres que títulos dos capítulos do nome e do pronome van precedidos pola preposición de ("Del nombre", "Del pronombre"), os dos numerais non ("Numerales"), exactamente igual que nas primeiras edicións da gramática da RAE. Na miña opinión, Cuveiro tratou de segui-lo esquema de análise da gramática académica, mais non conseguiu distinguir axeitadamente o rango dos distintos epígrafes. De tódolos xeitos, o feito de que os numerais aparezan entre os capítulos do nome e o do pronome é xa de seu significativo. En caso contrario, habería que interpretar que Cuveiro consideraba os numerais como unha clase de palabras independente, o que non parece axustado a razón.

dentro do capítulo do pronome (pp. 45-46). Desafortunadamente o da Estrada non aclara nin xustifica o porqué da súa postura. En principio, e tendo en conta a escasa 'calidade' da súa descrición gramatical, cabería supoñer que a consideración dos numerais como unha subclase do pronome é máis casual que froito dunha reflexión. Sen embargo, hai outros datos que nos inducen a pensar que este proceder obedece a unha actitude consciente do noso autor. Refírome sobre todo ó feito de que o gramático galego adopte a clasificación interna dos numerais proposta por Salvá, do que mesmo chega a copiar ó pé da letra algunha definición, pero non siga ó valenciano no fundamental, isto é, na consideración dos numerais como subclase do nome.

## 10.2. Clasificación interna.

Para o agrupamento e organización interna das unidades que integran a subclase dos numerais temos case tantas propostas como autores. Estas van desde as clasificacións máis elementais de Saco e Rodríguez, que non distinguen máis ca dous grupos, ata a máis completa de Valladares, en cinco grupos, pasando pola de Cuveiro, que recoñece unicamente catro.

Saco e Rodríguez ("Apuntes") coinciden en propoñer unha clasificación dos numerais en dous grupos: cardinais e ordinais. Sen embargo, existen algunhas diferencias no relativo á caracterización de cada un deles. Así, Saco defíneos exclusivamente sobre a base do seu significado:

Los objetos pueden contarse atendiendo á su cantidad ó al orden que guardan entre sí. De aquí resultan dos especies de numerales: cardinales y ordinales (p. 39).

Rodríguez, pola súa parte, bota man ademais do criterio colocacional: mentres que os cardinais "tienen la



particularidad de ir siempre delante del sustantivo á quien afectan", os ordinais poden aparecer "antes ó después de sus correspondientes sustantivos" (p. 29). Sen embargo, a nota característica fundamental fai referencia ó diferente significado duns e outros:

Los cardinales, modifican á los sustantivos á quienes se refieren, designando una cantidad numérica de la especie á que corresponden dichos sustantivos [...]. Los numerales ordinales, según su mismo nombre lo indica, sirven también para enumerar uno por uno los objetos que se hallan colocados en orden metódico (p. 29).

Polo que se refire ás unidades integradas en cada un destes dous grupos, pouco hai que dicir con respecto ás que cita Rodríguez. Sen embargo, si cómpre chama-la atención sobre algunhas das formas que aparecen recollidas na descrición de Saco. En primeiro lugar, aínda que ourensán non distingue formalmente os colectivos como grupo á parte, é preciso salientar que inclúe algúns deles na relación dos cardinais. É o caso de *cento*, *milleiro* e *millenta*.

Segundo a clasificación proposta por Cuveiro pódense distinguir ata catro tipos de nomes numerais: cardinais, ordinais, partitivos e colectivos. Esta división concorda puntualmente coa que viña defendendo a Academia Española xa desde a primeira edición da súa gramática, de onde probablemente a tomou o noso autor.

Por último, Valladares (pp. 45-46) recolle e reproduce case literalmente a clasificación en cinco grupos que defende Salvá. Seguindo ó gramático valenciano, don Marcial distingue entre cardinais ("los que expresan las cantidades"), ordinais ("los que indican el lugar que en el órden numérico ocupa el objeto de que se habla"), proporcionais ("los que indican la proporción que una cosa guarda con otra, en razón de las veces que la incluye"),

colectivos ("los que abrazan varias unidades"), e partitivos ("los que indican parte de algun todo"). Por outra banda, cómpre engadir que a coincidencia entre Valladares e Salvá vai máis alá do esquema da clasificación ou das etiquetas con que se designa cada grupo: comparando as definicións que ofrecen un e outro observamos que polo menos tres das de Valladares, en concreto as dos proporcionais, colectivos e partitivos, están copiadas *ad pedem litterae* das de Salvá<sup>56</sup>.

Tocante á distribución das unidades que integran as distintas series, é mester destacar que Valladares, igual que segundo vimos facía Saco, inclúe *millenta* entre os cardinais ó tempo que exclúe *mil*. Paradoxalmente, *milleiro* e *millón* figuran entre os colectivos.

### 10.3. Formas.

A relación de formas que propoñen os distintos gramáticos ofrece realmente poucos elementos para o comentario. Deixando á parte as alteracións puramente fonéticas, a que logo faremos referencia, os únicos datos que paga a pena consignar son os relativos á conservación de solucións tradicionais hoxe practicamente desaparecidas. Así, cómpre destacar en primeiro lugar a presenza nas obras de Saco e Valladares da forma etimolóxica *docentos* (en Valladares *docentos / ducentos*), que aparece ó lado da analóxica e moderna *douscentos*<sup>57</sup>. Polo demais, non hai nin nestas nin en ningunha outra gramática referencias ás formas

---

<sup>56</sup> Os proporcionais aparecen definidos en Salvá como "los que significan la proporción que una cosa guarda con otra en razón de las veces que la incluye" (p. 167). Por outra parte, os colectivos e partitivos son, respectivamente, os que "abrazan muchas unidades" e os que "señalan, por el contrario, la parte de algún todo" (p. 168).

<sup>57</sup> *Docentos* e *ducentos* aparecen tamén no *Diccionario* de Valladares (pp. 184 e 188, respectivamente). Non sucede o mesmo con *douscentos*.

*trescentos e cincocentos*, así como ás solucións tradicionais correspondentes (*trecentos, quiñentos*)<sup>58</sup>.

Outra formación tradicional hoxe en franco retroceso é o sistema de cómputo numérico por centos ata o dous mil. Saco refírese a el na súa obra sinalando que "en lugar de *mil y ciento, mil doscientos, &c.*, suele decirse *once centos, doce centos, &c.*" (p. 40). Valladares, pola súa parte, límitase a reproducir case literalmente a observación de Saco (p. 45). A supervivencia aínda hoxe deste sistema de cómputo tradicional<sup>59</sup> revela probablemente que a súa difusión na Galicia da segunda metade do XIX debía de ser considerable.

É tamén de destaca-la unanimidade con que os nosos gramáticos -refírome a Saco, Valladares e Rodríguez- recollen as solucións tradicionais *corenta e oitenta*, hoxe moi ameazadas pola presión do castelán *cuarenta e ochenta*<sup>60</sup>. Do mesmo xeito, a forma tradicional do ordinal *oitavo* aparece en Valladares ó lado das solucións con redución do grupo *otavo*, que é a única que recolle Saco, e con vocalización en /u/ da consoante implorativa *outavo*, que é a única que citan Cuveiro e mais Rodríguez. Na serie dos

---

<sup>58</sup> No *Diccionario* de Valladares, en cambio, figuran *trecentos e quiñentos* (pp. 563 e 478), mais non as modernas *trescentos e cincocentos*.

<sup>59</sup> Por exemplo, aparece rexistrado na fala do Val de Verín (cfr. Taboada Cid, *Verín*, p. 128) ou no galego de Feás (cfr. Couceiro, *El habla de Feás*. Anexo 5 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1976, p. 99). Sen embargo, neste último lugar só se emprega, segundo Couceiro, "para cierta clase de artículos". En realidade, nos exemplos que cita este autor *centos* ten un valor claramente colectivo: *doce centos de repolos, quince centos de coles* (= *dous centos de peementos de Padrón, tres ducias de ovos*). Estes exemplos non son, pois, equiparables ós que ofrecen Álvarez Blanco et al., *Gramática*, p. 268: *custoume docecentas pesetas, había máis de quincecentas persoas*, onde *docecentas e quincecentas* son inequivocamente cardinais.

<sup>60</sup> Cfr. Taboada, *Verín*, p. 128 ("la forma *oitenta* hoy ha desaparecido casi por completo"), e Couceiro, *Feás*, p. 98.

partitivos, sen embargo, Valladares consigna soamente *oitavo*.

Polo demais, en varias das unidades que integran as distintas series de numerais obsérvanse os mesmos casos de vacilación que presenta a lingua actual. Estes procesos son debidos na maior parte dos casos ás alteracións fonéticas que sofren algunhas vocais en posición átona.

En primeiro lugar, nos textos estudados apréciase unha vacilación *dez-* / *daz-*, na serie de cardinais *dezaseis*, *dezasete*, *dezaeito*, *dezanove*, provocada sen dúbida polo efecto asimilador do /a/ resultante da evolución da conxunción latina *ac*<sup>61</sup>. Con todo, as posicións dos gramáticos non son unánimes, pois mentres que Saco e Valladares parecen admitir en pé de igualdade calquera das dúas solucións<sup>62</sup>, Cuveiro recolle unicamente as formas sen assimilar, en tanto que Rodríguez, que cita un único exemplo, opta neste caso pola forma asimilada (*dazaseis*).

Do mesmo xeito, pódese observar unha certa preferencia polas formas con disimilación vocálica *sasenta* e *satenta*, que son as únicas que recollen Saco, Rodríguez e mais Valladares. A mesma coincidencia prodúcese a propósito da forma *cincoenta*, con conversión en hiato do ditongo orixinario. Outras formas con vocalismo alterado son os ordinais *sétemo* e *décemo* que dá Valladares, fronte ó *sétimo* e *décimo* que recollen Saco e Rodríguez.

---

<sup>61</sup> A este respecto cfr. Harri Meier, "Dezasete, diecisiete, dixsept", *Boletín de Filología*, IX (1948), pp. 287-292.

<sup>62</sup> Así e todo, é conveniente advertir que Saco cita en tódolos casos as dúas variantes, mentres que Valladares só as recolle nos casos de *dazaseis* / *dezaseis*, *dazaito* [sic] / *dezaeito*, *dazanove* / *dezanove*. Para *dezasete* dá como forma única *dazasete*. En todo caso, podería tratarse dun simple *lapsus calami*.

Para rematar, contamos tamén cun caso típico de metátese de /r/: *primeiro* / *pirmeiro*. Tanto Saco como Valladares consignan ámbalas formas. O ourensán engade ademais as variantes *promeiro* / *pormeiro*. Cuveiro e Rodríguez, pola contra, recollen unicamente o resultado etimolóxico *primeiro*.

A presenza de formas con alteracións fonéticas de todo tipo e a preeminencia de que parecen gozar debe atribuírse probablemente a un desexo por parte dos autores destas obras de fuxir da coincidencia co castelán. Así se explica tamén a presenza de solucións sen fundamento real na fala como *carto* (Saco, Valladares e Rodríguez) ou *cádropo* 'cuádruplo' (Valladares), formados por imitación de *catro*, *cadro*, etc.

## 11. Os elementos nominais

### 11.1. Concepto de nome. Substantivo e adxectivo.

Na gramática oitocentista pódense distinguir dúas tendencias fundamentais que representan concepcións distintas con respecto á existencia do nome como clase primaria de palabras. A primeira delas considera que o nome é efectivamente unha clase de palabras dentro da que se poden distinguir á súa vez dúas subclases: substantivo e adxectivo<sup>1</sup>. Deste xeito, esta corrente preséntase, por unha parte, como herdeira da tradición grecolatina, da que arrinca a consideración do nome como "parte da oración", e por outra como continuadora da gramática escolástica medieval, á que lle corresponde a primacía no relativo á escisión da clase nome en dúas subclases<sup>2</sup>. O que sucede é que fronte ás definicións clásicas máis coñecidas, a caracterización do nome nos gramáticos decimonónicos raras veces se basea en trazos de carácter formal, senón que pola contra descansa exclusivamente sobre notas de natureza semántica. Esta falta de correspondencia obedece ó apego dos gramáticos do XIX ós aspectos máis convencionais da doutrina clásica, que os leva a admitir sen discusión a existencia da

---

<sup>1</sup> En opinión de Calero Vaquera, *Historia*, p. 67, son moi poucos xa os que defenden esta tese no período comprendido entre 1847 e 1920. Sen embargo, non se debe esquecer que esta era a posición que sostíña a *Gramática* da RAE. Cfr., por exemplo, a edición de 1866, p. 14.

<sup>2</sup> Cfr. Brøndal, *Les parties du discours. Parties orationis. Études sur les catégories linguistiques*, Einar Munksgaard, Copenhague, 1948, p. 25, e Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 126.

clase nome, e ó cambio dos criterios que lles permitiran ós autores clásicos chegar a esa conclusión.

Segundo a outra tendencia substantivo e adxectivo non son xa subclases do nome senón clases primarias de palabras. Para os defensores desta corrente, pois, non se pode falar do nome como clase de palabras. Desafortunadamente, os representantes desta liña de análise prescinden tamén de xustifica-la súa postura ó respecto. Sen embargo, non é arriscado supoñer que o motivo fundamental que lles impide considera-lo substantivo e o adxectivo como integrantes dunha mesma clase son as diferencias de índole semántica e, sobre todo, sintáctica que os separan. Estas diferencias pesarían máis, na súa opinión, cá semellanza formal das dúas clases.

Na gramática galega do XIX estas dúas tendencias están representadas, respectivamente, por Saco e por Valladares. No que segue trataremos de analiza-la posición de cada un deles con respecto a este problema.

Saco parte da aceptación do nome como clase primaria dentro da cal substantivo e adxectivo constitúen dúas subclases. En xeral, os autores que se sitúan nesta perspectiva seguen fundamentalmente dúas vías para a definición xenérica da clase nome. Por unha banda, algúns gramáticos, tratando de salva-la heteroxeneidade das formas agrupadas baixo esta etiqueta común, formulan definicións de carácter acumulativo, isto é, suman as definicións particulares de cada unha das subclases<sup>3</sup>. Outros, en cambio, tratan de evitar este erro procurando unha definición común.

---

<sup>3</sup> Como paradigma deste tipo de definicións podemos cita-la que ofrece a *Gramática* da Academia Española na edición de 1796: o nome é a palabra que se emprega para "nombrar las cosas y personas, y para calificarlas" (p. 18). Cfr. ademais Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 130-132.

Sen embargo, o máis habitual é que soamente sirvan para caracteriza-lo nome substantivo, mais non o adxectivo. Este último é o caso do gramático ourensán, que ofrece unha definición do nome que parece pensada exclusivamente para o substantivo. De feito, en Saco, coma noutros autores que participan da mesma concepción do nome, é frecuente o emprego do termo 'nome' como sinónimo de 'substantivo'. Para el o nome é a "parte de la oracion que sirve para expresar los diversos objetos" (p. 26).

A definición de Saco resulta da aplicación dun criterio semántico-teleolóxico, e parece cortada polo patrón das primeiras definicións que ofrecía a RAE<sup>4</sup>. Polo demais, non hai nin na definición de nome nin na distinción ulterior entre substantivo e adxectivo ningunha nota sobre a estrutura formal destas palabras, así como tampouco sobre o seu funcionamento sintáctico.

Se a definición xenérica de nome é de natureza exclusivamente semántica, o mesmo sucede coa distinción das subclases de substantivo e adxectivo. En contra do que era común entre os defensores deste modelo de clasificación<sup>5</sup>, Saco nin sequera bota man do criterio sintáctico para caracteriza-lo adxectivo fronte ó substantivo. Así, a diferencia dos autores que fundaban esta distinción na independencia sintáctica do substantivo, o ourensán mantense fiel ó criterio semántico e baséaa no feito de que "obxecto" designado teña ou non existencia propia:

Si éstos [os obxectos] tienen existencia propia, ó por abstraccion mental se les atribuye, el nombre se llama sustantivo. Si se presentan solo como inherentes á otros objetos, se denomina adjetivo (pp. 26-27).

---

<sup>4</sup> "El nombre es una palabra que sirve para nombrar las cosas" (*Gramática* (1771), p. 3).

<sup>5</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 141, e Calero Vaquera, *Historia*, p. 73.



En calquera caso, a pesar do enxeñoso da súa formulación, parece claro que o trazo definitorio que Saco lle atribúe ó nome (o de "expresar los diversos objetos"), que en principio debiera ser común a substantivos e adxectivos, non lles acae demasiado ben a estes últimos. O mesmo Saco debeu de percibir isto, xa que no capítulo en que trata especificamente do adxectivo reformula esta definición para dar entrada a termos como 'cualidades' e 'circunstancias', que expresan mellor o significado real do adxectivo. Así, de acordo con esta nova caracterización, "el adjetivo denota cualidades ó circunstancias de los objetos presentadas de un modo inherente á los mismos" (p. 33). A única referencia á dependencia sintáctica do adxectivo con respecto ó substantivo aparece nun plano secundario ó establecer Saco a distinción formal entre adxectivo con e sen moción de xénero. Con respecto ós primeiros o autor ourensán aclara que "toman desinencia masculina ó femenina, segun el género del sustantivo que modifican" (p. 33). De tódolos xeitos, esta puntualización só ocupa un lugar moi marxinal na caracterización do adxectivo que ofrece Saco.

Se Saco representa a tendencia máis fiel á tradición gramatical, Valladares alíñase no bando dos que, percibindo as diferencias substanciais que separan o substantivo e o adxectivo, os consideran como dúas clases primarias independentes. En realidade, a súa posición está anunciada xa desde a propia enumeración das 'partes da oración', entre as que non figura o nome e si o 'nome substantivo' e mailo adxectivo (p. 11). De tódolos xeitos, é forzoso recoñecer que a separación en dúas clases independentes non está en absoluto xustificada no texto. De feito, como veremos a seguir, as definicións que para cada unha destas clases ofrece Valladares non difiren substancialmente das de Saco, a pensar do cal un e outro chegan a conclusións distintas.

En calquera caso, xustificada ou non, a proposta de Valladares non é arbitraria, senón que encerra unha reflexión. Explicareime. Neste coma noutros capítulos a súa fonte de inspiración máis inmediata é Salvá, a quen segue, mesmo ó pé da letra, na clasificación do substantivo, tal e como veremos máis adiante. Sen embargo, neste caso o da Estrada apártase do seu modelo preferido, que defendía a consideración do 'nome' como clase primaria<sup>6</sup>.

Para a definición das clases substantivo e adxectivo, Valladares manexa preferentemente o criterio semántico. De acordo con isto, o primeiro é "una palabra que sirve á designar personas, ó cosas" (p. 29), en tanto que o adxectivo "es una palabra destinada á calificar, ó determinar el sustantivo" (p. 36). Non obstante, polo que se refire ó adxectivo, a caracterización de Valladares non remata aquí. Así, mentres que os únicos trazos caracterizadores do substantivo son os que figuran na definición, no caso do adxectivo o estradense combina os trazos semánticos da definición con algunhas outras notas sobre o seu significado e sobre o seu funcionamento sintáctico. Neste sentido Valladares destaca o seu carácter de forma dependente do substantivo, tanto no plano semántico ("supone siempre un sustantivo, á quien comunica su cualidad") coma no plano sintáctico ("refiriéndose esencialmente al nombre á que va unido, no puede tener otro género, ni otro número que el género y número del nombre mismo") (p. 36). Naturalmente, a partir desta caracterización do adxectivo podemos supoñer que Valladares entendía o substantivo como unha palabra independente tanto semántica como sintacticamente.

---

<sup>6</sup> Cfr. Salvá, *Gramática*, pp. 137-138.

O resto dos gramáticos galegos deste período nín definen nin caracterizan o substantivo e o adxectivo. Ora ben, as súas gramáticas si nos permiten saber en cal das dúas liñas anteriores se inscribían. Así, en Cuveiro substantivo e adxectivo aparecen baixo a etiqueta común de *nome*. Pola contra, Rodríguez ("Apuntes", p. 14) considéraos como clases diferentes.

## 11.2. Clasificación do substantivo.

### 11.2.1. Clasificación semántica.

En xeral, os textos estudados, coa única excepción dos *Elementos* de Valladares, non ofrecen ningún intento de clasificación semántica do substantivo. O que si podemos atopar son referencias illadas a algúns dos grupos que a tradición gramatical viña distinguindo no seo do nome ou, máis propiamente, do nome substantivo. Tal é o caso de Saco, que en diversas ocasións alude á distinción entre nomes propios e nomes apelativos ou comúns (pp. 27, 156). En todos estes casos o ourensán límitase a aceptar tacitamente esta distinción, habitual nos tratados da época, e non estima necesario ofrecer unha definición.

Quen si o fai é Valladares, que dentro da clase substantivo establece sobre bases semánticas esta mesma distinción:

Comun es el que conviene á todas las cosas de la misma especie, como *río*, que conviene á todos los ríos; *animal*, á todos los animales. Propio es el que sirve á designar una sola persona, una sola cosa, o cualquier otro objeto (pp. 29-30).

Se ben as definicións que ofrecen os gramáticos contemporáneos son todas elas bastante semellantes, as que ofrece Valladares parecen tiradas de Salvá ou dalgún dos

seus numerosos imitadores<sup>7</sup>. Nunha nota da primeira edición da súa gramática o valenciano definía do seguinte xeito estas dúas subclases:

Nombre propio es el que señala a un individuo de cualquiera especie [...], y apelativo, el que conviene a todos los individuos de la misma especie (p. 147 n.).

Nas seguintes edicións esta nota foi incluída dentro do corpo da obra, pero con cambios significativos. Parece, pois, que Valladares se inspirou na nota da primeira edición ou ben nalgún texto que a reproducise. O paralelismo é evidente no caso da definición do nome común. Pero ademais paga a pena reparar na coincidencia na asimetría das dúas definicións: mentres que o substantivo propio "señala" (Salvá) ou "designa" (Valladares) un individuo, o común "conviene" a tódolos individuos da especie<sup>8</sup>.

Á parte da oposición entre substantivo propio e común, Valladares establece unha nova distinción, no seo dos nomes comúns, entre substantivos colectivos e partitivos. Segundo o noso autor é colectivo aquel substantivo que "bajo la apariencia de singular, presenta al entendimiento la idea de una pluralidad" (p. 30). O partitivo, pola contra, "designa parte de cualquiera cosa y no se puede usar sin que le preceda el artículo indefinido *un, una*" (p. 30). O desconcertante da posición de Valladares é a exemplificación con que ilustra esta nova distinción, pois mentres que

---

<sup>7</sup> Cfr. Mourelle Lema, *La teoría lingüística en la España del siglo XIX*, Prensa Española, 1968, pp. 375-378.

<sup>8</sup> A utilización do verbo *convir* non pode esgrimirse como argumento definitivo para demostra-la inspiración de Valladares en Salvá. Pola contra, os tratados gramaticais empregábano a cotío, e así, atopamos algunhas definicións moi semellantes: nome propio é o que "conviene a una sola persona o cosa", mentres que o común "conviene a muchas personas o cosas" (Calleja, p. 8); o nome común "conviene a todos los individuos de una especie" (Noboa, p. 8). Sen embargo, o habitual, segundo sinala Gómez Asencio, *Subclases*, p. 51, é que tódolos que definen o nome propio pola "teoría da conveniencia" fagan o mesmo co nome común.

*armada* ou *rabaño* son presentados como exemplos de substantivos colectivos, *batallón* e *compañía* figuran entre os exemplos de partitivos. O requisito de que os partitivos teñan que ir precedidos necesariamente polo artigo indeterminado *un* tampouco parece axustado a razón. ¿Como explicar, pois, este punto da descrición de Valladares? Ó meu modo de ver caben dúas explicacións. En primeiro lugar, é posible que se producise un cruce entre os exemplos de colectivos e partitivos e que con este último termo Valladares pretendese designar substantivos como *metade*, *parte*, *tercio*, etc, que figuran baixo esta mesma etiqueta no epígrafe correspondente ós numerais. En calquera caso, está claro que a presenza do artigo indefinido *un* (ou do numeral *un*) non sería imprescindible: *a metade do batallón*, *parte dos soldados*, *dous tercios da tropa*, etc.

En segundo lugar, é posible tamén que a oposición que establece Valladares fose un intento fallido de reproducirla distinción que algúns gramáticos españois trazaban dentro do grupo dos colectivos. En efecto, gramáticos como Noboa, Salvá ou Pelegrín distinguían un grupo de *colectivos determinados* (Calleja, Noboa, Salvá) ou *xerais* (Pelegrín) fronte a outros *colectivos partitivos* (Noboa, Pelegrín) ou *indeterminados* (Calleja, Salvá). De todas estas distincións, quizais sexa a de Noboa a que está máis próxima á que trata de establecer Valladares<sup>9</sup>. O gramático castelán opoñía os colectivos determinados como *ejército* a colectivos partitivos como *parte* ou *metade* sobre a base do distinto comportamento sintáctico de un e outro grupo: no primeiro caso o adxectivo ou o verbo teñen que concertar necesariamente co substantivo (*a armada francesa derrotou a española*); no segundo, pola contra, a concordancia pódese

---

<sup>9</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 57-64.

establecer ben co colectivo partitivo ou ben co substantivo rexido pola preposición *de* (*unha parte dos traballadores está en folga* ou ben *unha parte dos traballadores están en folga*). Evidentemente Valladares non chegou a estas fonduras na súa caracterización, pero moi ben puido inspirarse en descrições deste tipo.

Outro aspecto interesante relativo ó tratamento que dá Valladares ós substantivos colectivos é a inclusión neste grupo de unidades que poucas páxinas máis adiante este mesmo autor inclúe entre os numerais colectivos (p. 46). Este é o caso de *ducia* e *cento*, que no capítulo do substantivo aparecen colocados baixo a etiqueta de partitivos. A ambigüidade na posición de Valladares débese á propia natureza ambivalente destas formas que, por unha banda, designan un conxunto formado por diversos individuos e, por outra, manteñen unha estreita vinculación cos numerais correspondentes.

### 11.2.2. Clasificación morfolóxica.

Polo que se refire á clasificación dos elementos nominais (substantivos e adxectivos) de acordo coa súa estrutura morfolóxica, a gramática de Saco atense ó usual nos tratados da época. Así, distingue os nomes primitivos dos derivados e compostos. Nos parágrafos dedicados ós derivados o gramático ourensán non establece ningunha nova subdivisión, senón que se limita a sinalar algúns sufixos que considera de emprego frecuente. Entre eles encóntranse tanto sufixos alterativos (que serven para formar aumentativos e diminutivos) como sufixos propiamente derivativos. Entre os compostos, en cambio, si establece catro grupos dependendo da categoría verbal das formas que entran na composición. Temos así, segundo el, compostos de

dous substantivos, de substantivo e adxectivo, de verbo e nome ou de nome e verbo, e de preposición e nome.

Pola contra, en Valladares non existe ningún intento de clasificación deste tipo. O estradense límitase a reproducir, sen moitas alteracións, algunhas das definicións que ofrece Salvá nun dos parágrafos introductorios do capítulo do nome (p. 138). Deste xeito, o noso gramático alude simplemente os grupos formados polos compostos, os aumentativos e os diminutivos. Parece, pois, que a súa pretensión non é tanto a de establecer unha clasificación (se así fose, esta sería altamente insatisfactoria por incompleta e asistemática) como a de definir uns conceptos e citar uns exemplos galegos para ilustralos. Velaquí as súas definicións:

Nombres compuestos son los que se forman de dos palabras simples.

Aumentativos, los que, añadiendo ciertas terminaciones al nombre simple, de que se derivan, aumentan, generalmente hablando, su significado.

Diminutivos, los que ordinariamente le disminuyen, con ayuda tambien de algunas terminaciones (p. 30)<sup>10</sup>.

### 11.3. Clasificación do adxectivo.

Se prescindimos da distinción formal que Saco establece entre os adxectivos con e sen moción de xénero (p. 33), as gramáticas non ofrecen ningún intento explícito de clasificación do adxectivo. Certamente poden aparecer referencias á vella distinción entre adxectivos cualificativos e determinativos, como sucede en Rodríguez

---

<sup>10</sup> A inspiración en Salvá é máis que evidente nos casos dos aumentativos e diminutivos. Así os definía o gramático valenciano: "*Aumentativo*, el que añadiendo ciertas terminaciones al nombre simple de que se deriva, aumenta, generalmente hablando, su significado [...]. El *diminutivo* lo disminuye de ordinario con la ayuda también de algunas terminaciones" (p. 138).

("Apuntes", p. 28), pero, en todo caso, nunca pasan de ser simples alusións circunstanciais, frases feitas que non pretenden establecer e xustificar unha tipoloxía.

A estes dous tipos de adxectivo se refire tamén Valladares cando ó defini-la clase indica que a súa función é a de 'cualificar' ou 'determinar' o substantivo. Aínda que a referencia non é directa, non resulta difícil entrever a través dela unha alusión á división tradicional dos adxectivos. De tódolos xeitos, aínda que Valladares en ningún momento chega a identificar un grupo de adxectivos cualificativos fronte a outro de adxectivos determinativos, o certo é que esta distinción queda establecida de forma implícita cando o noso gramático analiza o estatus gramatical de demostrativos, posesivos, indefinidos e 'numéricos'. Parece evidente que a delimitación dun grupo de adxectivos determinativos está supeditada á solución que se lle dea ó complexo problema de adscribi-los demostrativos, posesivos, etc. ben á clase pronome, ben á clase adxectivo, ben a ambas. Valladares opta por esta terceira vía e, en consecuencia, reivindica para estas palabras a consideración de adxectivos, mais só naqueles casos en que funcionen como adxacentes nominais:

Toda palabra unida al sustantivo será adjetivo, aunque este parezca pronombre [...]. Debemos distinguir, por tanto, los adjetivos formados con los pronombres posesivos, demostrativos, indefinidos y numéricos de los verdaderos pronombres (p. 36).

A posición de Valladares ó asociar función sintáctica e categoría gramatical é, por outra banda, congruente coa súa concepción do pronome, que, consonte co sentir máis xeneralizado entre os gramáticos do seu tempo, entende como substituto do nome.



En consecuencia, da caracterización de Valladares debemos deducir que dentro da clase adxectivo poden distinguirse diversos grupos formados polos adxectivos demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais. Por máis que o noso autor non os agrupa baixo a etiqueta común de 'determinativos', parece claro que na súa concepción todos eles constitúen, dada a súa especial relación cos pronomes homónimos, un grupo á parte dos demais adxectivos.

#### 11.4. Caracterización morfolóxica.

##### 11.4.1. O xénero.

###### 11.4.1.1. Tipos de xénero.

No capítulo titulado "De los géneros", Salvá advertía en nota a pé de páxina:

No hablo aquí sino de dos géneros, porque ni reconoce otros la naturaleza, ni tendría que tratar más que de ellos la gramática castellana (p. 145).

De tódolos xeitos, o valenciano recoñecía inmediatamente despois a existencia dunha tripla correlación xenérica masculino / feminino / neutro no artigo, no demostrativo, no pronome persoal de terceira persoa, nalgúns indefinidos e nos adxectivos substantivados. En calquera caso, o que Salvá pretendía impugnar era a teoría tradicional segundo a cal se distinguían en español, do mesmo xeito ca noutros idiomas románicos, ata seis tipos distintos de xénero: masculino, feminino, neutro, epiceno, común e ambiguo. Esta era a opinión que sustiña a *Gramática*

da RAE desde a edición de 1796, onde a institución académica revisaba e recuaba dos seus postulados orixinais<sup>11</sup>.

Esta discusión non tivo eco nas gramáticas galegas, preocupadas xeralmente por outro tipo de cuestións. En calquera caso, o certo é que autores como Saco e Valladares parecen ter visións diferentes ó respecto. Saco, que non se pronuncia de forma explícita sobre este asunto, non distingue na práctica máis xéneros có masculino e o feminino, ós que hai que engadir, naturalmente, o neutro nos mesmos casos que citamos pouco máis arriba a propósito de Salvá. Por outra banda, Saco é consciente de que non sempre a existencia dunha oposición de carácter sexual ten repercusións no plano gramatical a través dunha oposición de xénero. Deste xeito, distingue un grupo de substantivos, os epicenos, que designan seres sexuados, pero que non presentan moción de xénero:

Los nombres de los demás animales, especialmente los de aves, insectos, reptiles y peces, suelen ser epicenos, esto es, tienen una sola terminacion ya masculina, ya femenina, comun á los dos sexos (p. 28).

En todo caso, como se pode apreciar, a etiqueta 'epiceno' aplícase ó termo 'substantivo' e non a 'xénero'. Así pois, parece incuestionable que o gramático ourensán, contrariamente ó que propugnaba a RAE, considera os epicenos como un grupo especial de substantivos caracterizados polo seu comportamento con respecto ó xénero, mais non como un tipo especial de xénero.

---

<sup>11</sup> Na edición de 1771 dicíase: "Nuestra lengua solo conoce dos géneros en los nombres, el uno masculino y el otro femenino [...]. No se puede dudar que raton es masculino, y perdiz femenino, porque así lo denotan los artículos, y adjetivos: ni se ganaria nada en llanar epicenos á estos nombres, no consiguiéndose con ello distinguir los machos de las hembras" (pp. 9-11). Na edición de 1796 recoñécense en principio cinco tipos de xénero, ós que máis adiante se engade o ambiguo (pp. 7-8 e 68). Cfr. José Domínguez Caparrós, "La gramática de la Academia del siglo XVIII", *RFE*, 58 (1976), p. 88.

Pola contra, Valladares, que, segundo veremos, segue con bastante fidelidade a descrición de Salvá no relativo á clasificación xenérica dos substantivos segundo a súa terminación, non comprendeu o avance que supoñía a consideración de epicenos, comúns e ambiguos como subclases do substantivo, e adoptou neste punto, en contra do seu admirado modelo, a vella doutrina académica dos seis xéneros. Ó que parece, a influencia da gramática da RAE foi directa, pois as definicións e mesmo os exemplos que ofrece Valladares coinciden case sempre cos que dá a Academia nas edicións da súa gramática publicadas ó longo do século. Un exemplo extremo é o da definición de 'xénero epiceno':

Epiceno, género del nombre que, bajo una misma terminación y artículo, comprende los dos sexos, como *touren*, *coéllo* y es siempre masculino, aunque se hable de las hembras; mientras que *donociña* y *chicharra*, por ejemplo, son siempre femeninos, aunque se hable de los machos (Valladares, p. 26).

Epiceno es el género de aquellos nombres de animales que con una misma terminacion y artículo abrazan constantemente los dos sexos, como *buho*, *ruiseñor*, que son siempre masculinos, aunque se hable de las hembras; *perdiz*, *águila*, que son femeninos, aunque se hable de los machos (RAE, *Gramática* (1866), p. 7).

O paralelismo esténdese ademais ás definicións de 'neutro', 'común' e 'ambiguo'<sup>12</sup>. Polo demais, unha simple ollada

---

<sup>12</sup> Polo que se refire ó neutro a copia é tamén evidente. A RAE definíao como o xénero que "no comprende cosas ni personas determinadas, sino las indeterminadas e inciertas [...], y no admite número plural" (pp. 6-7). Valladares, abreviando un pouco a definición da Academia, dicía del que "comprende solo cosas inanimadas, ó inciertas y no admite número plural" (pp. 25-26). Os exemplos con que o estradense ilustra este concepto (*o bó, o malo, o justo, esto, eso, aquello*) están igualmente tirados da gramática académica. Tamén é calcada a caracterización do xénero común: "el de aquellos nombres que, aunque convienen á los dos sexos, varían de género conforme á aquel de que se habla" (RAE, *Gramática* (1866), p. 7); "género del que, bajo una misma terminación, aplicable á los dos sexos, es masculino, ó femenino, segun de quien se hable" (Valladares, p. 26). As definicións de 'ambiguo', sen embargo, presentan algunhas diferencias, xa que a RAE (p. 7) explicita que baixo esta etiqueta deben agruparse os substantivos que poden usarse indiferentemente como masculinos ou como femininos sen que por iso varíe o seu significado, e, ademais, os substantivos que, sen mudaren o seu significante, cambian de significado segundo se

abonda para decatármonos do grao de confusión que reina nestas definicións, xa que, por unha banda, masculino, feminino, neutro, común, epiceno e ambiguo son presentados como seis tipos distintos de xénero, mentres que por outra os conceptos de masculino e feminino (e neutro) e os de epiceno, común e ambiguo resultan na práctica non incompatibles entre si. Deste xeito, por citar só un par de exemplos, un substantivo de xénero epiceno como *coello* é presentado ó mesmo tempo como masculino; de *salvaxe* dísenos que é un substantivo de xénero común e, ó tempo, afírmase que pode ser masculino ou feminino.

#### 11.4.1.2. O xénero no substantivo.

Nas gramáticas galegas do XIX, e na gramática oitocentista en xeral, os capítulos dedicados a esta cuestión limítanse normalmente a establecer unhas regras mínimas tendentes a poder determina-lo xénero do substantivo. A maioría dos gramáticos acoden para este fin a dúas vías<sup>13</sup>. En primeiro lugar, consideran que nalgúns casos o propio significado do substantivo pode ser un indicador fiable do seu xénero gramatical. En segundo lugar, tratan de determina-la relación existente entre a terminación do substantivo e o seu xénero. Este é o esquema de análise que aplica Saco (pp. 27-30). Valladares, pola súa parte, recoñece tamén en principio os dous procedementos (p. 25), pero só desenvolve minimamente o segundo (pp. 37-38).

A pesar de que esta técnica descritiva é común a boa parte da gramática da época, paréceme percibir en ámbolos

---

usen como masculinos ou como femininos. Valladares non entra nestas matizacións, pero entre os casos que cita figuran exemplos dun e doutro tipo (*mar / lente*).

<sup>13</sup> Por citar só algúns autores que se poden considerar significativos, véxanse os casos de Salvá (pp. 146-165), de Bello (pp. 233-242), ou da *Gramática* da RAE (ed. de 1866, pp. 33-39).

casos a influencia inmediata da obra de Salvá. No caso de Valladares isto non constitúe ningunha novidade, pois, como tivemos e teremos oportunidade de ver ó longo deste traballo, o gramático estradense acode á obra do valenciano en múltiples ocasións. En Saco, sen embargo, o recurso á gramática de Salvá é menos frecuente. Así e todo, cóstanos que Saco coñecía ben a súa obra<sup>14</sup>. A influencia de Salvá percíbese, en primeiro lugar, no valor que Saco e Valladares lle conceden ó artigo, ou a outros determinantes e adxacentes, en tanto que indicadores do xénero do substantivo. Deste xeito, Saco, tras indicar que o xénero "se puede conocer por el artículo, por el significado y por la terminacion", sobranceaba este papel como unha das dúas funcións do artigo:

El artículo, ya determinado ya indeterminado, suele preceder á todos los nombres gallegos [...] y denota su género, al paso que los individualiza (p. 27).

As palabras que a esta cuestión lle dedica Valladares apuntan na mesma dirección:

Distínguese el uno del otro por razon de su significacion y de su terminacion [...], y en gallego, además, el masculino, por el artículo determinado *o*, ó por el indeterminado *un* [...]. Y el femenino, por el artículo indeterminado *a*, ó el indeterminado *unha* (p. 25).

Este papel do artigo aparece destacado en termos moi similares na gramática de Salvá, concretamente dentro do capítulo dedicado ó xénero do substantivo<sup>15</sup>.

---

<sup>14</sup> De feito cítalo directamente nalgunhas ocasións. Cfr. pp. 179-180 n. da súa gramática.

<sup>15</sup> "Por más que *navío* no tenga en realidad sexo alguno, conozco que se le atribuye el género masculino gramático, por cuanto le cuadran bien el artículo y las mismas terminaciones de los adjetivos que a los animales de dicho género. De donde se infiere que a no haber artículos y adjetivos con diversas terminaciones, sería fatiga inútil conocer el género de los nombres" (pp. 146-147).

Por outra banda, a propia presentación formal das regras para a determinación do xénero pola terminación e polo significado do substantivo non fai senón reproducir elementalmente a que ofrece Salvá, que é, con todo, moito máis complexa e pormenorizada. Esta circunstancia percíbese claramente na gramática de Saco, onde a orde seguida para a presentación dos substantivos masculinos e femininos polo seu significado é practicamente a mesma cá que segue o gramático valenciano<sup>16</sup>. Valladares, que só se refire á relación entre xénero e terminación do substantivo, chega a copiar mesmo tiradas completas de exemplos de Salvá<sup>17</sup>, o que o conduce a cometer non poucos erros. Así, en ocasións nin sequera traduce os exemplos que toma de Salvá (*codorniz, faz, lombriz*), e noutras, reproduce de xeito mecánico as explicacións do seu modelo sen decatarse de que non sempre hai coincidencia entre o xénero galego e o xénero castelán. Tal é o caso, por exemplo, do comentario que lle dedica á voz *mar*, que, segundo Valladares, "tiene también ambos géneros; pero los compuestos de *mar*, como *pleamar, bajamar* son femeninos, y masculinos *mar Cáspio, mar Negro, mar Morto*" (p. 38); ou do de *arte* que "en singular, admite los dos géneros; pero, en plural, es siempre femenino" (p. 37)<sup>18</sup>.

Un dos obxectivos prioritarios que perseguen estes intentos de clasificación formal dos substantivos pola adecuación entre o xénero e a terminación é o de subliña-las

---

<sup>16</sup> Así, nas dúas relacións figuran como masculinos os nomes "proprios o apelativos de varón", así como os que designan meses, ríos, montes, ventos, etc. Cfr. Saco, pp. 27-28, e Salvá, pp. 147-150.

<sup>17</sup> Sirvan como exemplos os seguintes: *albacea, camarada, día, gardacosta, maná, tapaboca, viva, clima, déspota, sofisma, idioma, monarca*, etc. (Valladares, p. 37; Salvá, pp. 150-151); *capital, decretal, pastoral, pel, col*, etc. (Valladares, pp. 37-38; Salvá, p. 158); *cerviz, cicatriz, codorniz, faz, lombriz, luz, matriz* (Valladares, p. 38; Salvá, pp. 162-163).

<sup>18</sup> As observacións de Salvá a propósito destas dúas palabras están nas pp. 161 e 157 respectivamente.

diverxencias de xénero entre o galego e o castelán. Como é sabido, estas diferencias xurdiron basicamente por dúas razóns: en primeiro lugar, por cambios do xénero latino que experimentou o galego e non o castelán, ou ó revés (por exemplo, *cor* ou *árbore*, femininos en latín e en galego, e masculinos en español), e en segundo termo, pola redistribución dos substantivos neutros latinos, que en xeral o galego acomodou no masculino, coa excepción das voces derivadas de plurais neutros, mentres que en castelán pasaron nalgúns casos ó feminino (por exemplo, *o leite / la leche*, *o mel / la miel*, *o lume / la lumbre*, etc.)<sup>19</sup>.

Esta insistencia en sinala-las diferencias que con respecto ó xénero dos substantivos presentan o galego e o español obedece a dúas preocupacións distintas e, consecuentemente, persegue tamén obxectivos diversos. Esta dobre finalidade deriva do distinto carácter dos textos que se ocupan desta cuestión e que nos poden servir de punto de referencia para coñecérmo-la situación na época. Así, temos, por unha banda, as gramáticas, que de forma máis ou menos tanxencial expoñen as diferencias co obxectivo tácito de propoñer como norma o que os seus autores consideran máis correcto, ben por acomoda-la norma ó uso real ou ben por algunha outra razón que máis adiante analizaremos<sup>20</sup>. De tódolos xeitos, é preciso advertir que ningún destes autores declara abertamente a súa vontade de expoñer ou salienta-las

---

<sup>19</sup> Para as alteracións do xénero latino que se operaron nas linguas romances e para a redistribución dos substantivos neutros, cfr. Lausberg, *Lingüística románica*, vol. II (morfoloxía), Gredos, Madrid, 1966, pp. 54-57 e 85-96. Para o español véxase Menéndez Pidal, *Manual*, pp. 212-217 (§ 76-77), e Ana María Echaide, "El género del sustantivo en español: evolución y estructura", *Iberorromania* 1 (1969), pp. 89-124; para o portugués véxase Nunes, *Compêndio*, pp. 221-224; Williams, *Do latín*, pp. 125 (§ 123.1), 128 (§ 123.8-9), e 130-131 (§ 124.5-7), e Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 654-658.

<sup>20</sup> Desafortunadamente, os dicionarios galegos publicados ó longo do século a penas conteñen información de carácter gramatical, polo que neste caso sérvennos de ben pouco.

diferencias con respecto ó español. Sen embargo, a pouco que nos fixemos nas relacións de exemplos decatáronos de este é o obxectivo perseguido. Polo demais, esta circunstancia non é de estrañar nuns autores sempre dispostos a destacar, e, nalgúns casos, mesmo a esaxerar, as diferencias que separan o idioma galego do seu veciño e competidor.

Por outra banda, outra importante fonte de información para coñecérmo-las diferencias de xénero entre castelán e galego, así como a fidelidade dos falantes ó xénero tradicional, son as obras que pretenden corrixi-los "vicios de locución" a que propenden os naturais de Galicia ó falaren en español. O traballo máis completo e que máis difusión acadou no seu tempo foi a coñecida obra de don Emilio Álvarez Giménez titulada *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León*<sup>21</sup>. As anotacións deste autor sobre o xénero dalgúns substantivos galegos débense ó seu desexo de subliñar-las diferencias entre o galego e o español, pois "en el dialecto gallego hay un gran número de nombres que se usan en un género diferente del que tienen en la lengua castellana, y por consiguiente en Galicia se les da el que les corresponde en el dialecto" (p. 47). Así pois, a preocupación fundamental de don Emilio, do mesmo xeito cá doutros autores de obras semellantes, non era tanto a pureza e calidade do galego oral ou literario como a do castelán falado en Galicia, que eles sen dúbida consideraban que tiña

---

<sup>21</sup> Na relación de erros que inclúe esta obra inspirouse Pérez Ballesteros para confecciona-la súa lista de palabras que teñen distinto xénero en castelán e en galego, e que figura en diversas notas do seu *Cancionero popular gallego* (cfr. II, pp. 110, 185 e, sobre todo, 273).



máis transcendencia<sup>22</sup>. En calquera caso, as informacións que nos proporcionan son, cando menos, tan valiosas coma as dos gramáticos para coñecérmo-lo estado da lingua naquel momento.

No que segue veremos cales son as palabras que aparecen destacadas nos textos de referencia, e, naqueles casos en que isto sexa posible, confrontarémolas solucións que estes ofrecen coas adoptadas por algúns escritores.

-Os nomes das letras.- As informacións que ofrecen os gramáticos resultan contradictorias, pois mentres que Valladares indica que estes substantivos son femininos (p. 37), Cuveiro sinala que "los gallegos las hacen indistintamente masculinas ó femeninas" (p. 1). Sen embargo, a vixencia do xénero masculino parece confirmala a seguinte observación de García Vázquez Queipo: "Parécenos á nosotros que en buen gallego son, no femeninas, sino masculinas las letras del alfabeto, y de aquí el que haya tendencia en los niños á decir erróneamente *el o, el b, el c*, etc." (p. 21).

-Arte.- En realidade, neste caso a discrepancia entre galego e castelán é só superficial e aparente. Trátase, como é sabido, dun falso masculino en español, se ben é certo que por castelanismo existe a tendencia de facelo masculino en galego. Con respecto a esta voz, Valladares indica que en singular "admite los dos géneros; pero, en plural, es siempre femenino" (p. 37). Esta observación de Valladares

<sup>22</sup> Don Antonio García Vázquez Queipo dicía no prólogo á súa obra *Enmienda de algunos vicios de locución á que propenden los naturales de Galicia*, Imp. de José M. Paredes, Santiago, 1884): "Tal intento, decimos, nos parece de conocida utilidad para Galicia. Tal vez, gracias á él, logren evitar muchos hijos de nuestro noble país el desdoro que de estos, en sí pequeños lunares, pudiera redundarles, ora para el trato social, ora para las mismas tareas literarias, ora en fin para el campo de la vida pública" (p. 7). Ó final da súa obra, García Vázquez Queipo advertía a existencia de discrepancias no xénero entre o galego e o español e exhortaba os mestres para que extremasen o celo na corrección dos erros que por esta causa se producían a miúdo entre os nenos (p. 21).

non fai senón reproducir-lo comentario que a esta palabra lle dedican habitualmente as gramáticas españolas. En todo caso, na literatura contemporánea non faltan os exemplos de emprego con xénero masculino (p. ex. Curros: *Sainete*, pp. 60, 104, ou Rosalía: *Follas*, p. xxv).

-Os substantivos en -axe.- Dentro deste grupo intéresanos sobre todo o tratamento das palabras de procedencia galorrománica. Deixaremos, pois, á parte aquelas formas que, como *imaxe*, están tiradas directamente do latín e que, por outra banda, non presentan ningún problema tocante ó xénero. Como é sabido, as palabras con terminación *-axe* tomada do francés *-age* ou do provenzal *-atge* incorporáronse primeiramente como masculinos, se ben desde o principio se detecta unha certa vacilación no xénero. No portugués e no galego culto actual acabaron integrándose finalmente no feminino. Nos textos que vimos estudando apréciase a vacilación provocada pola penetración do castelán. Saco, por exemplo, considera de xénero feminino os substantivos *cubaxe*, *romaxe*, *fogaxe*, *coraxe*, *tolaxe* e *potaxe* (p. 30); Álvarez Giménez, pola súa parte, rexistra tamén como femininos *coraxe*, *peisanaxe*, *pasaxe*, *potaxe* e *ramaxe* (pp. 49-50). Sen embargo, o mesmo Saco dálle a *viaxe* xénero masculino (p. 29), e Valladares admite os dous xéneros para *carraxe*, *coraxe* e *ramaxe* (p. 37). No "Tratado sobre el modo de escribir y hablar con propiedad el dialecto gallego", Manuel Martínez González destaca como masculinos *potaxe* e *coraxe*, mentres que *paisanaxe* aparece como feminino (pp. 122-123). Por outra banda, a vacilación e a inseguridade é patente nas obras literarias contemporáneas. Na *Gaita gallega* Pintos utiliza estas palabras indistintamente con xénero masculino ou feminino. Así, son femininas *romaxe* (p. 10), *ramaxe* (p. 152), *friaxe* (p. 162) ou *fogaxe* (p. 165), mentres que *linguaxe* (pp. 36, 38), *lenguaxe* (p. 60), *pasaxe*

(pp. 48, 59) e *carrage* (p. 181), ademais de *page* (pp. 48, 49) son masculinas. Bastante semellante é o tratamento destas palabras noutros autores. Nos *Cantares* de Rosalía temos, por exemplo, o *paisax(e)* (pp. vii bis, 197), o *ramaxe* (pp. 22, 44, 63, 193), o *celaxe* (p. 43), o *lenguax* (p. 146). En *Follas novas* alternan formas femininas como *ramaxen* (p. 90), *friaxe* (p. 181), *pelerinax* (p. 63), *follax* (pp. 91, 191, 220) ou *carrax* (p. 224), con outras masculinas como *oleaxen* (p. 18), *ramaxen* (p. 37), *lenguaxe* (p. 115), *coraxe* (p. 128), *paisax(e)* (pp. 290, 264), *[ho]menaxen* (p. 256) ou *romax* (pp. 120, 121). A vacilación tamén é patente en Pondal, que en *Queixumes* emprega como masculinos *ultraxe* (p. 119) e *paraxe* (p. 211), e como femininos *terraxen* (p. 31) e *carraxe* (p. 94). En Curros, en cambio, a vacilación decídese claramente en favor do masculino. Así, en *Aires* teñen este xénero *lenguaxe* (p. 3) ou *follaxe* (p. 66), ademais de *traxe* (p. 35); no *Sainete* úsanse como masculinos *viaxe* (pp. 13, 93), *ultraxe* (pp. 54, 109), *paisaxe* (p. 68), *homenaxe* (p. 80), *coraxe* (p. 92), e só temos algúns exemplos illados de formas femininas: *romaxe* (p. 95) e *camaradaxe* (p. 95).

-Cal.- Dana como masculina tanto Saco (p. 29) como Álvarez Giménez (p. 48).

-Calor.- Saco (p. 30) e Álvarez Giménez (p. 49) considéranla feminina, mentres que Valladares admite os dous xéneros, se ben precisa que o feminino é o máis usado (p. 38). Non obstante, na literatura temos algúns exemplos do seu emprego con xénero masculino en Rosalía: *Cantares*, pp. 21, 195; *Follas*, p. 95 (pero tamén *a calor*, p. 138); en Pintos: *Gaita*, p. 40, ou en Pondal: *Queixumes*, p. 122. Como masculino aparece tamén no "Tratado" de Martínez González (p. 123).

-Color, cor.- Do mesmo xeito ca *calor*, *color* figura como feminino en Saco (p. 30). Valladares, que tamén o asocia con *calor* e *dolor*, admite a posibilidade de empregalo como masculino, pero considera que o habitual é usalo como feminino (p. 38). Na lingua literaria a atribución de xénero varía segundo os autores, se ben en ningún caso se pode falar de coherencia absoluta. Así, na *Gaita gallega* o emprego como femininos de *color* e *cor* é moi escaso (p. 141 e 204 respectivamente) en comparanza cos numerosos exemplos masculinos: *color* (pp. 28 -2 veces-, 40, 43, 55, 102, 150), *cor* (p. 100). Tamén en Rosalía predominan claramente as formas masculinas (*color*: *Cantares*, pp. 4, 35, 69; *Follas*, pp. 86, 128; *cor*: *Cantares*, pp. vii, viii, 4, 34, 214; *Follas*, pp. 4, 96, 119, 132) sobre as femininas (*color*: *Follas*, pp. 81, 235). O contrario sucede en Pondal, onde temos un só exemplo masculino (*color*: p. 23) contra un bo número de femininos (*color*: p. 17; *cor*: pp. 85, 97, 108, 113, 132, 214). Por outra banda, en Curros a tendencia apunta nesta mesma dirección: a *color* (*Aires*, p. 53), a *cor* (*Aires*, pp. 5, 78; *Sainete*, p. 58), pero o *cor* (*Aires* (p. 30). Polo demais, non parece que na literatura popular as cousas fosen moi diferentes, pois a vacilación afecta tanto ó *Cancionero* de Pérez Ballesteros (o *color*: II, pp. 181, 261, 290 / a *color*: II, pp. 97, 100; III, pp. 15, 81, 235) como á *Literatura popular* de Saco (o *color*: pp. 124, 125 / a *color*: pp. 87, 95).

-Couce.- Trátase, segundo Saco (p. 29) dun substantivo masculino. Non temos exemplos literarios fóra da poesía popular, onde aparece xeralmente como masculino (*Cancionero* III, pp. 154, 258; *Literatura popular*, pp. 235, 306), se ben non falta algún exemplo illado do seu emprego como masculino (*Cancionero*, II, p. 177).

-Dolor, dor, delor.- Igual ca no caso de *calor* e *color*, Valladares admite a posibilidade de empregar *dolor* con calquera dos dous xéneros (p. 38). Non obstante, isto non impide que o da Estrada aprecie un certo predominio da solución feminina. O emprego desta forma nos textos literarios non parece confirma-la apreciación de Valladares. Pola contra, un bo número de escritores asígnanlle o xénero masculino. Así, con este xénero temos na *Gaita gallega* de Pintos *delor* (pp. 56, 195, 215) e *dor* (p. 194). Algo semellante sucede en *Queixumes dos pinos*, onde temos un só exemplo de *dolor* (p. 35), ou na *Literatura popular* de Saco, que ofrece así mesmo unha única ocorrencia (p. 235), en ámbolos casos con xénero masculino. Nos textos que inclúe o *Compendio* de Mirás temos así mesmo o *dor* (p. 61) ou o *door* (pp. 68, 82, 87, 123, 131, 143). Atopamos xénero vacilante en Curros, que en *Aires da miña terra* escribe o *delor* (p. 33) e o *door* (pp. 71, 78), en tanto que no *Sainete* emprega *dor* con xénero feminino (p. 68). Outro bo exemplo de vacilación proporciánanolo a obra de Rosalía, onde o masculino e o feminino alternan coa mesma liberdade con que o fan as tres variantes que vimos citando: así, en *Cantares* temos como masculinos *dolor* (p. 128) e *dor* (p. 151); en *Follas* sucede o mesmo con *delor* (pp. 11, 16, 138, 216) e *dor* (xxv, 33, 43, 53, 145, 226, 248). Por outra parte, no mesmo *Follas* aparecen con xénero feminino *delor* (xxvii, 13, 36, 134, 244) e *dor* (pp. 6, 9, 11, 16, 75, 102, 147, 163, 203, 250). Polo demais, no *Cancionero popular* temos tamén ocorrencias dos dous xéneros: o *dolor* (II, p. 254) e a *delor* (III, p. 262). Así pois, non parece que a coherencia das solucións ocupase un lugar preferente entre as preocupacións lingüísticas dos nosos escritores. Pola contra, en ocasións máis ben parece que esta alternancia é máis buscada que fortuíta, quizais como medio para conseguir un efecto

estilístico. Tal sucede, por exemplo, en Rosalía, que combina mesmo no mesmo verso dúas destas variantes e con distinto xénero: "a unha dor, outro delor" (*Follas*, p. 16).

-Dote.- Do mesmo xeito ca nalgúns dos exemplos anteriores, Valladares admite tamén neste caso os dous xéneros (p. 26). Sen embargo, os exemplos tirados da literatura oral demostran a vixencia do xénero tradicional masculino desta palabra, alomenos baixo a súa acepción de 'conxunto de bens que a noiva achega ó matrimonio'. Temos así o *dote* no *Cancionero popular* (II, pp. 81 e 101; III, p. 116) e na *Literatura popular* de Saco (pp. 97, 99, 102 -2 veces-, 105, 131, 160, 189). Con esta mesma acepción, sen embargo, atopamos a *dote* en *Aires da miña terra* (p. 43 -2 veces-), e co significado de 'cualidades' en *A gaita gallega* (pp. 196, 197).

-Fel.- Saco (p. 29), Álvarez Giménez (p. 49) e Martínez González (p. 123) indican acertadamente que o seu xénero é o masculino. Valladares, pola súa parte, admite que isto é o habitual, pero recoñece así mesmo a posibilidade de empregala como feminino (p. 38). De feito, este é o xénero que presenta a miúdo nos textos literarios (*Aires*, pp. 19, 32; *Follas*, pp. 56, 121).

-Fin.- Saco é o único que se refire a esta palabra para destacar que se trata dun feminino (p. 29). Na literatura, sen embargo, o habitual é que este substantivo apareza como masculino. Soamente rexistramos unha ocorrencia con xénero feminino, precisamente en Saco, que tanto na súa *Gramática* coma na *Literatura popular* recolle o refrán *Entre marzo y abril, si non vén o cuco, quer vil-a fin* (pp. 270 e 340 respectivamente). Cómpre engadir, non obstante, que noutros refráns *fin* aparece xa con xénero masculino: *Muller que sabe*

*latin, é mula que fai hin, arrenegar d'ela hastra o fin* (*Gramática*, p. 273; *Literatura popular*, p. 317), *Como é o principio é o fin* (*Literatura popular*, p. 310).

-Labor.- Álvarez Giménez (p. 49) considéao masculino, en tanto que Valladares procede a agrupalo con outros substantivos en *-or* como *calor*, *color* e *dolor*. En consecuencia, admite para el os dous xéneros, pero considera que o habitual é o feminino (p. 49). O seu tratamento nos textos é efectivamente vacilante: témolo como masculino na *Gaita* (p. 166), na *Literatura popular* (p. 63) e no *Cancionero* (II, p. 68). Nestas dúas últimas obras aparece tamén como feminino (pp. 331 e II, 205, respectivamente).

-Leite.- Así como as voces que viñemos comentando ata aquí presentan un comportamento vacilante, no caso de *leite* o acordo é total. Saco (p. 29), Valladares (p. 37), Álvarez Giménez (p. 49) e Martínez González (p. 123) dana como masculina, e así aparece empregada sempre nos textos.

-Mar.- Valladares, conforme ó parecer da gramática española, considéao de xénero ambiguo (p. 26). Na literatura, sen embargo, obsérvase un claro predominio das formas con xénero masculino. Así sucede en Pintos, Pondal ou Curros. Ora ben, este predominio non impide que nalgúns casos atopemos algunhas ocorrencias con xénero feminino. Así, Rosalía, que o emprega habitualmente como masculino, dálle ás veces xénero feminino, tal vez como recurso estilístico (*Cantares*, p. 171; *Follas*, pp. 193 e 213: *mare*; p. 148: *mares*). Por outra banda, na literatura popular, aínda predominando as formas masculinas, as porcentaxes están algo máis equilibradas. Por citar só un exemplo, na *Literatura popular* de Saco por trinta e unha ocorrencias

desta forma con xénero masculino temos nove con xénero feminino<sup>23</sup>.

-Marxe.- Saco preséntao como substantivo feminino (p. 30). Nas obras escrutadas só temos un exemplo, tamén con xénero feminino, na *Gaita gallega* de Pintos (p. 170).

-Mediodía.- Álvarez Giménez sinala o seu emprego incorrecto, como feminino, no castelán de Galicia (p. 49), o que induce a pensar nun cruce co xénero galego. Tamén Martínez González a cita como forma feminina (p. 123). En realidade, esta palabra ten un comportamento vacilante no relativo ó xénero: mentres que o substantivo sobre o que está formada é masculino, a súa terminación en /-a/ induce a interpretala como feminino.

-Mel.- Mentres que para Álvarez Giménez e para Martínez González (p. 123) é un masculino (p. 49), Valladares considérao 'de xénero ambiguo', se ben recoñece que o habitual é que se empregue como masculino (p. 38). Pese a se tratar dunha palabra común, son bastantes as súas ocorrencias como feminino nos textos literarios. Así, temos *a mel* en *Aires da miña terra* (p. 55) ou en *Cantares gallegos* (p. 22) e *Follas novas* (pp. 83, 233, 262). Pola contra, na *Gaita gallega* (p. 36) e en *Queixumes dos pinos* (pp. 123), así como no *Cancionero popular* (III, p. 179) e na *Literatura popular* (p. 321), aparece empregado como masculino.

-Nariz.- Saco (p. 29) e Álvarez Giménez (p. 49) considéranlo masculino. Valladares, pola contra, admite, coma en casos anteriores, calquera dos dous xéneros (p. 38). Os exemplos con que contamos son máis ben escasos. En Pintos

<sup>23</sup> As formas con xénero masculino están nas pp. 60, 75, 76, 77 -4 veces-, 79 -4 veces-, 85 -2 veces-, 88 -2 veces-, 90, 91, 100, 102, 127, 130, 134, 141 -2 veces-, 143, 155, 161, 189, 211 -2 veces- e 341; as femininas están nas pp. 72, 100, 123, 125, 126, 146, 162, 189 e 209.



témolo como masculino en dúas ocasións (pp. 138, 165), se ben hai tamén unha ocorrencia do plural como feminino (p. 21)

-Pez.- Con *pez* sucede algo semellante: Álvarez Giménez indica que se trata dun masculino (p. 48), en tanto que Valladares considera que se pode empregar indistintamente en masculino ou en feminino (p. 38). Nos textos literarios analizados só hai un exemplo illado, como masculino, na *Literatura popular* de Saco (p. 347).

-Ponte.- Curiosamente só Valladares se refire a esta palabra para subliñar que se trata dun substantivo feminino (p. 37). Polo demais, na literatura aparece case sempre empregado con este xénero. Sen embargo, Pintos, que ofrece un grande número de exemplos femininos, emprégao nunha ocasión como masculino (p. 177).

-Reuma.- Este substantivo é un dos integrantes dun grupo de palabras cultas de xénero masculino rematadas en /-a/. Esta circunstancia provoca que na lingua popular, tanto no galego coma no español, sufra a miúdo un cambio de xénero co fin de acomodar este á terminación. Así, Álvarez Giménez apunta como erro frecuente no castelán de Galicia o seu emprego como feminino (p. 48). Valladares, pola súa parte, conforme é habitual nel, admite ámbolos xéneros (p. 37).

-Sal.- Para Saco (p. 29), para Martínez González (p. 122) e para Álvarez Giménez (p. 49) trátase dun masculino. Valladares novamente indica que se pode empregar como feminino ou, preferentemente, como masculino (p. 38).

-Sangue.- Coma no caso anterior Saco (p. 29) e Álvarez Giménez (p. 49) coinciden en consideralo masculino. Valladares admite ademais que se poida usar como feminino

(p. 37). A elevada frecuencia que alcanza o seu emprego como feminino nos textos literarios é un índice do grao de penetración do castelanismo. *Sanjre* aparece con xénero feminino nos textos incluídos no *Compendio* de Mirás (pp. 80, 82, 89, 110, 111). Temos a *sangre* en *Cantares gallegos* (pp. 16, 138, 145), en *Follas novas* (pp. 20, 37, 57), na *Gaita gallega* (pp. 41, 48, 167, 172), e a *sangue* en *Aires da miña terra* (pp. 5, 81, 86). Nas tres últimas obras atopamos tamén exemplos do seu emprego como masculino: o *sangre* (*Follas*, pp. 83, 182; *Gaita*, pp. 4, 49, 56, 144, 153, 168, 171 -2 veces-, 172, 181, 194 -2 veces-, 195, 203), o *sangue* (*Gaita*, p. 23; *Aires*, pp. 45, 101; *Sainete*, p. 59). Tamén en *Queixumes* aparece un *sangre* masculino (p. 184). Polo que se refire á literatura popular, o *sangre* aparece como solución exclusiva na *Literatura popular* de Saco (p. 219 -3 veces-), mentres que no *Cancionero* alternan o *sangre* (II, pp. 143, 273) e a *sangre* (II, p. 3; III, pp. 61, 77, 249). Novamente aquí se observa a despreocupación dos autores pola coherencia interna das súas escollas: un autor atento como Pintos emprega nunha mesma páxina a solución tradicional masculina e a castelanizada (p. 172).

-Substantivos en -se.- Nos textos gramaticais a penas hai referencias a estes substantivos. En realidade soamente Valladares cita explicitamente algúns deles subliñando o seu carácter de femininos. Entre eles interesa destaca-la presenza de dous que en castelán estándar son masculinos: *paráleses*, *análeses* (p. 38). A eles hai que engadirilles *ecrisi* ou a súa variante *cris*, que Valladares recolle tamén como femininos (pp. 37 e 38).

-Sen.- A única referencia a esta forma é de Valladares, que recolle a solución castelanizada feminina (p. 38).

-Sinal.- Saco indica que se trata dun masculino (p. 29). Nos textos aparece efectivamente como tal, e así temos *o sinal* na *Gaita gallega* (p. 171), en *Follas* (p. 96), ou en *Queixumes* (pp. 118, 120), onde aparece tamén como masculino a variante *siñal* (pp. 10, 222). Non faltan, sen embargo, exemplos do seu emprego como feminino: *Follas* (pp. 95, 115, 196), *Aires* (p. 29).

-Ubre.- Neste caso hai acordo entre Valladares (p. 37) e Álvarez Giménez (p. 49), que concordan en sinalalo como masculino. Do seu emprego literario temos só uns poucos exemplos, que, por outra banda, non contradín a apreciación dos dous autores citados. Temos *o ubre*, por exemplo, en Pintos (p. 138 -2 veces-).

-Substantivos en -ume.- Se prescindimos de formas que non ofrecen ningunha dúbida, como poden ser *lume*, *arume*, *estrume* ou *valume*, podemos dicir que a introducción do castelanismo morfolóxico atinxe proporcións bastante significativas. Sen embargo, este fenómeno a penas se percibe nas gramáticas, que inclúen escasas referencias ós substantivos deste grupo. Así, a única discrepancia prodúcese no caso de *costume*, que Saco (p. 29) considera masculino e Valladares (p. 37) ambiguo. Este último autor cita ademais como masculino *vislume*. Álvarez Giménez, pola súa parte, presenta como masculinos os substantivos *costume*, *legume*, *lume* e *vislume* (p. 49). Ademais, a esta serie hai que engadirlle o arabismo *azume*, que, pese ter unha orixe ben distinta ós demais, evolucionou por analoxía con eles, e que Álvarez Giménez (p. 48) inclúe tamén como masculino.

Polo que se refire ós textos literarios, a vacilación é evidente no caso de *costume*. Témosto como masculino en Pintos (p. 183), e como feminino en Rosalía (*Cantares*, pp. iv, v,

131, 140), en *Curros* (*Aires*, p. 21), e mesmo no *Cancionero popular* de Pérez Ballesteros (III, pp. 62, 171). Algo semellante acontece con outra palabra que non aparece citada nas gramáticas, *cume*. Mentres que Pintos a emprega sempre como masculino (pp. 5, 40, 99, 152), temos vacilación en Pondal (p. 32 -feminino-, p. 132 -masculino-) ou en *Curros* (*Aires*, p. 94 -feminino-; *Sainete*, p. 68 -masculino-). Outros substantivos menos comúns, como *servidume*, *teitume* ou *pesadume* aparecen sempre como femininos: *servidume* (*Aires*, p. 12; *Queixumes*, pp. 9, 221, 224), *teitume* (*Queixumes*, p. 50), *pesadume* (*Queixumes*, p. 52).

-Véspera.- Neste caso a pugna entre a conservación do xénero feminino etimolóxico e cambio para o masculino non é achacable á influencia do español, que mantén o xénero latino, senón que se trata dun proceso interno do galego. Así, o cambio de xénero é posible que estea inducido pola relación que este substantivo garda coa voz *día*. Os testemuños que é posible recoller nos textos gramaticais do XIX demostran que, segundo a apreciación dos seus autores, *véspera*, ou as variantes *víspera* e *víspera*, o cambio de xénero estaba bastante xeneralizado<sup>24</sup>. Así, como vén sendo habitual, Saco (p. 29) e Álvarez Giménez (p. 49) coinciden en interpretalo como masculino, mentres que Valladares o integra no nutrido grupo dos substantivos de xénero ambiguo (p. 37). Nos textos literarios que manexamos atopamos só unha documentación, con xénero feminino, en *Aires da miña terra* (p. 54).

---

<sup>24</sup> Así o confirman os datos que sobre a vixencia actual do cambio de xénero nos proporciona Constantino García, *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1985 (s.v. 'bíspera'), que documenta con este xénero as voces *víspera* ou *víspera* en numerosos puntos de Galicia.

No capítulo das ausencias debemos cita-lo caso de *árbore*, que non aparece citado en ningunha gramática, así como tampouco na obra de Álvarez Giménez. En todo caso, polas atestacións que temos nos textos literarios, semella que o xénero feminino tradicional estaba case perdido xa nesta altura: *o árbore* (*Gaita*, pp. 10, 40, 185; *Cantares*, pp. vii, 183; *Follas*, pp. 8, 39, 103, 138, 219, 264), *o arbre* (*Queixumes*, pp. 76, 86), *o álbore* (*Aires*, pp. 5, 27, 28, 66, 94), *o árbol* (*Cancionero*, III, p. 142; *Literatura popular*, pp. 146, 185), *o álbor* (*Literatura popular*, p. 67). Polo demais, temos *a árbor* en *Follas novas* (p. 66)<sup>25</sup>. Con xénero masculino aparece tamén nos textos do *Compendio* de Mirás (pp. 72, 89).

En conclusión, polo que se refire ó tratamento destas palabras nos textos gramaticais, semella existir unha diferenza de criterio entre Saco e Valladares. Saco, que sen dúbida era consciente da penetración do castelán neste punto do sistema lingüístico, esfórzase en aplicar un criterio purista e non admite máis solución cá que el cre máis correcta. Deste xeito, poderá acertar ou non co xénero dunha palabra, pero nunca deixará a súa determinación a criterio do lector. Pola contra, Valladares móstrase en todo momento vacilante e resolve as súas dúbidas e dificultades agrupando baixo á cómoda etiqueta de 'substantivos de xénero ambiguo' todas aquelas formas con xénero diferente en galego e castelán. Así, segundo el, pódense usar indiferentemente como masculinos ou como femininos substantivos como *víspora*, *dote*, *arte*, *costume*, *sangue*, *calambre*, *carraje*, *coraje*,

---

<sup>25</sup> Por citar outro exemplo, nos poemas incluídos no *Álbum de la Caridad*, predominan as formas con xénero masculino. Unicamente atopamos formas masculinas en Añón e en Antonio de la Iglesia, que ocasionalmente tamén as usa como femininas. Cfr. Ernesto González Seoane, *Textos galegos de mediados do século XIX. Glosario do Álbum de la Caridad (A-D)*, memoria de licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1986, p. 81 s. v. 'árbore'.

*ramaje, sal, fel, mel, etc.*, se ben nalgúns destes casos recoñece que o máis frecuente é que se empreguen co xénero que realmente teñen en galego (tal é o caso, por exemplo, das tres últimas palabras, das que Valladares di que 'comunmente' se empregan como masculinos). Esta indecisión de Valladares podería deberse á observación da realidade lingüística e á constatación de que estas formas aparecían empregadas con un e outro xénero, quizais non na fala, mais si nos textos literarios. Ademais, outro factor que se debe tomar en consideración é a dependencia que mostra o da Estrada con respecto á gramática española, e, de forma especial, con respecto ás censuras de Álvarez Giménez sobre os 'vicios' do castelán falado en Galicia. Non estará de máis advertir que Valladares entende que existen unhas regras de corrección gramatical con validez universal. O que sucede é que estas regras, en realidade, coinciden habitualmente coas do castelán, e, deste xeito, non é infrecuente que o noso gramático censure como vulgarismos solucións galegas que aparecen corrixidas en obras como a de Álvarez Giménez. No caso que nos ocupa, a circunstancia de que estas palabras teñan distinto xénero en español, unida ó feito de que o seu emprego apareza censurado por Álvarez Giménez, induciríao a admitir-la posibilidade de empregalos con xénero distinto do tradicional.

A xulgar pola relación de erros na atribución do xénero que Álvarez Giménez percibe como frecuentes no castelán de Galicia, semella que a vixencia do xénero tradicional era, se non plena, polo menos si bastante aceptable naquel momento. Reforza esta impresión o feito de que a descrición de Saco, que é en xeral un autor fidedigno por canto acolle na súa obra o galego que sente como popular, non presente desviacións significativas con respecto ás solucións tradicionais. Estes datos poderíanos inducir a pensar que a

penetración do castelán neste punto do sistema lingüístico era mínima, ou, en todo caso, que non atinxía proporcións alarmantes. Ora ben, os datos aducidos deben ser contrastados con outras informacións que apuntan precisamente en sentido contrario. Así, os erros e vacilacións de Valladares, xunto coa inseguridade que manifestan moitos escritores, obrígnanos a revisar e precisar esta primeira impresión. Sería factible admitir a hipótese da fidelidade ó xénero tradicional como característica do galego falado e popular, que é o que toman como punto de referencia Saco e Álvarez Giménez. Pola contra, a maior frecuencia de erros na atribución do xénero que se aprecia nas obras literarias revelaría que nos medios máis cultivados, e, por conseguinte, máis castelanizados, a situación era bastante semellante á actual. Aínda así, os erros tampouco son infrecuentes en obras que tradicionalmente se consideran máis fiel reflexo do galego real, como por exemplo o *Cancionero popular gallego* de Pérez Ballesteros ou a *Literatura popular de Galicia* de Saco.

#### 11.4.2. O número. Formación do plural.

Nos capítulos dedicados ó estudio da morfoloxía nominal, a formación do plural é unha cuestión que polo xeral acapara boa parte da atención dos gramáticos. A razón deste interese non é difícil de imaxinar: dada a vocación contrastiva que a miúdo anima estes textos, a formación do plural era unha boa ocasión para mostrar algunhas diverxencias notables entre castelán e galego. Esta pretensión queda patente en manifestacións como a seguinte, debida á pluma de Rodríguez Rodríguez:

Es de suma importancia el estudio de los plurales en los idiomas romanceados, porque en cada uno de ellos imprime esta nota distintiva un sello característico, que demuestra de una manera clave la naturaleza genuina del romance ("Apuntes", p. 31).

Neste senso, algúns autores, esquecendo as numerosas coincidencias entre galego e castelán, reparan só nas diverxencias e chegan a afirmar xenericamente que a formación do plural en galego "no es como en Castellano" (Mirás, p. 13). Deste mesmo corte son as seguintes palabras de Cuveiro:

El plural de los nombres gallegos, tenga el singular la desinencia que quiera, no se forma como en castellano (p. 8).

Por esta razón, non será estraño que estes textos concedan un interese especial a aqueles puntos do sistema en que o galego se aparta máis do seu veciño peninsular, en concreto á formación do plural das palabras rematadas en *-n* e en *-l* e, en menor medida, ós plurais das palabras rematadas en vocal tónica e en ditongo decrecente.

No que segue trataremos de analizar cales son as propostas concretas que para cada un destes casos formulan os nosos gramáticos e, sempre que sexa pertinente, cales son os argumentos en que as sustentan.

Tocante ó plural das palabras rematadas en vocal tónica, interesa especialmente o tratamento dos polisílabos rematados en *-í* e en *-ú*, por canto a presión do castelán,



que prefere nestes casos *-es* como marca de plural<sup>26</sup>, podería propicia-la adopción dunha solución de carácter castelanizante. Non obstante, Saco e Valladares, os únicos gramáticos que se refiren ás palabras agudas, non aluden especificamente ó comportamento dos escasos exemplos de substantivos e adxectivos en *-í* ou en *-ú*. Así, entre os exemplos que na obra de Saco ilustran a regra xeral ("La *s* es el signo característico del plural, el cual se forma añadiendo dicha letra al fin del singular, cuando este termina en vocal, ya breve ya aguda") (p. 30), non figura ningún rematado nas dúas vocais citadas. Si temos un par deles, en cambio, entre os que cita Valladares: *violí* e *dentabrú* (p. 31). En ámbolos casos a solución proposta (*violís*, *dentabrús*) non fai senón confirma-la regra xeral.

Por outra banda, na gramática de Saco ocupan un lugar destacado os plurais dos nomes das vocais, outro caso en que o español presenta 'normativamente' un plural en *-es*. Saco resolveos engadindo *-s* como marca de plural:

Las letras del alfabeto se pluralizan del modo siguiente:  
*a, e, í, o, u*, plural *as, es, ís, os, us* (p. 31).

Das palabras que en singular presentan ditongo decrecente en posición final entresacaremos unicamente o caso das rematadas en *-ei*. Para os substantivos que están nestas circunstancias, basicamente dous, *lei* e *rei*, máis os

---

<sup>26</sup> Desde a primeira edición da súa *Gramática*, a Academia Española mostrou a súa preferencia por esta solución: "Los acabados en vocal aguda, forman el plural añadiendo *es*, como: *alvalá, alvalaes: borceguí, borcegués: alhelí, alhelés*" (ed. de 1771, p. 135). Esta será a posición que adopten tódalas gramáticas españolas (cfr., por exemplo, Salvá, p. 139; Bello, p. 210). As únicas diverxencias xurdirán a propósito das rematadas en *-ó* e *-ú* (*rondó, tisú*), para as que a Academia recomenda os plurais en *-es* (*rondoes, tisúes*) (cfr. ed. de 1866, p. 16), mentres que algúns gramáticos, entre eles Salvá e Bello, prefiren a solución *-s* (*rondós, tisús*). Nas versións actuais, a Academia reconece a tendencia popular a nivelar estes plurais cos dos substantivos rematados en vocal átona, pero mostra a súa preferencia polos plurais en *-es*, que gozan "de mayor prestigio literario" (*Esbozo*, p. 184).

seus compostos<sup>27</sup>, existen popularmente dúas solucións: unha, consagrada normativamente, que toma -s como marca de plural (*leis, reis*), e outra, frecuente na linguaxe oral, con hipercharacterización de número (*leises, reises*). A pesar da difusión de que debía gozar esta segunda solución<sup>28</sup>, as gramáticas omiten calquera referencia a ela. Saco, por exemplo, que non trata especificamente os plurais dos substantivos en ditongo, inclúe diversos exemplos deles entre os dos rematados en vocal. Alí figuran, entre outros casos, os plurais correspondentes a *lei* e *rei*, que Saco fai en *leis* e *reis* (p. 31). Valladares, pola súa parte, non só non lles reserva un lugar especial senón que nin sequera cita como exemplo ningunha destas voces.

A única referencia explícita atopámola na obra de Rodríguez Rodríguez, que formula unha regra na que só se contempla a solución 'canónica':

Los terminados en y forman el plural con la sola admisión de una s después de dicha letra ("Apuntes", p. 35).

Será Mirás quen protagonice a única desviación con respecto ó comportamento xeral dos gramáticos oitocentistas. Así, se ben o autor do *Compendio* non inclúe ningunha referencia a estes plurais no breve parágrafo que lle dedica

<sup>27</sup> Temos ademais o apocopado *frei*, o castelanismo *grei* e algún anglicismo de introducción recente como *xerseí*.

<sup>28</sup> Nos textos literarios os plurais *leises* e *reises* aparecen en competencia con *leis* e *reis*. Temos *reises*, por exemplo, en *Follas novas* (pp. 28, 239), en *Aires* (p. 98), en diversos poemas do *Álbum de la Caridad* correspondentes a distintos autores (pp. 192 -Antonio Santiago Somoza-, 224 -R. y Pardo S.-, 236 -Romualdo Casal-, 323 e 412 -A. de la Iglesia-, 351 -Francisco M. de la Iglesia-). *Leises* aparece tamén en *Follas* (p. 58) e no *Álbum* (p. 210 -F. M. de la Iglesia-). Os plurais *leis* e *reis* son igualmente frecuentes e alternan nalgúns textos coas solucións hipercharacterizadas: *leis* (*Gaita*, pp. 25, 37, 205; *Aires*, p. 101 -2 veces-; *Queixumes*, pp. 86, 177, 178), *reis* (*Gaita*, p. 41; *Álbum*, pp. 159 -José García Mosquera-, 225 -R. y Pardo S.-; *Queixumes*, p. 71; *Sainete*, pp. 80, 94, 108). *Reis* aparece ademais como forma habitual nas colectáneas de literatura oral (*Cancionero III*, p. 285; *Literatura popular*, pp. 63, 74, 137, 189 -2 veces-, 209, 237). Unha solución anómala e claramente castelanizante é o *reyes* que atopamos na *Gaita gallega* (p. 185).

á formación do plural, emprega nos textos as solucións con hipercharacterización numérica: *reyses* (pp. 70, 75, 146), *reises* (p. 141), *leyses* (pp. 73, 146).

Con todo, o núcleo central de tódalas caracterizacións constitúeo sen ningunha dúbida a cuestión de determinar cal de entre tódalas opcións posibles debe se-la recomendada para a formación do plural dos nomes que en singular rematan en *-n* ou en *-l*. Para os primeiros o galego moderno ofrece, como é sabido, tres opcións que corresponden ós tres grandes bloques lingüísticos que adoita distingui-la dialectoloxía máis recente<sup>29</sup>. Destas tres posibilidades de principio unha é a penas invocada nos textos a que nos estamos a referir. Trátase en concreto da solución característica do galego oriental (*ladrois*, *cais*), que a maioría dos autores nin sequera cita. Soamente Cuveiro, ó referirse á riqueza e variedade das solucións que ofrece o galego "segun las respectivas comarcas" (p. 8), cita diversos exemplos de substantivos procedentes de palabras latinas en *-ÁNŪM*, *-ĀNĀM* e *-ŌNĒM*. Entre estes últimos figura o substantivo *perdón*, que segundo este autor pode forma-lo plural en *perdós*, *perdots* e *perdoes* indistintamente. Ora ben, cómpre recoñecer que esta última forma non ten por que corresponder necesariamente ó *perdois* do galego oriental ou ó *perdoes* que se rexistra en puntos do Bierzo en competencia con *perdois*<sup>30</sup>, senón que podería tamén responder a un intento por parte do autor de adapta-lo portugués *perdões*.

---

<sup>29</sup> Refírome en concreto ós traballos de Fernández Rei, que emprega a isoglosa *cans / cas* para delimita-los falares do bloque occidental dos correspondentes ó bloque central, e a isoglosa *cas / cais* para xebrar estes últimos dos do bloque oriental. Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 66-67, 110-115.

<sup>30</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 67.

Sexa como sexa, son as solucións central e occidental as que gozan das preferencias dos nosos autores. Nalgúns casos a opción por unha ou por outra está en relación directa coa área de procedencia dos gramáticos, que, deste xeito, pretenden colocar, se non como solución única, si como opción preferente a que senten como propia do seu galego nativo. Non obstante, é preciso advertir que este argumento nunca aparece formulado de forma aberta cando se trata de xustifica-la escolla. Outros autores, en cambio, defenden solucións diferentes das que cabería esperar da súa orixe xeográfica.

Na posición dos gramáticos con respecto ós plurais dos substantivos e adxectivos en *-n* detéctase unha notable rixidez normativa, maior en todo caso cá que se observa noutros capítulos da súa descrición. En efecto, se se comparan as súas propostas neste terreo coas expresadas en capítulos coma o da morfoloxía verbal obsérvase unha menor permisividade con respecto á posibilidade de empregar solucións alternativas correspondentes a áreas dialectais diversas. Así, no caso destes plurais a xeneralidade dos gramáticos recoñecen e recomendan unha soa solución, as máis das veces sen aludiren sequera á existencia de resultados distintos. Soamente Cuveiro non parece ter inconveniente en admitir como válidas tódalas opcións posibles, na medida en que considera que todas elas encaixan ben dentro do sistema, ou, por dicilo coas súas palabras, porque "cualquiera de ellas no disuena" (p. 8). Fronte a el, Mirás, Saco, Valladares e Rodríguez decántanse de forma clara por unha solución única, que segundo os casos será a occidental ou a central.

Dos catro autores citados en segundo termo, Mirás e Saco son os defensores da conveniencia de adopta-lo

resultado característico do galego central (*ladrós, cas*). Polo que se refire á obra de Mirás, non atopamos ningunha xustificación que apoie esta escolla. En realidade, este autor límitase a formular unha concisa regra na que esta solución aparece como única posibilidade, sen variantes alternativas:

Ya acabe el nombre en vocal aguda, ya en consonante,  
no hay mas que convertir esta en s (p. 13).

É de supoñer que cando Mirás se refire ós nomes rematados en consoante está pensando só nos substantivos e adxectivos con singular en *-n* ou en *-l*, e non nos terminados en *-r*, en *-z* ou en *-s*. De feito, os exemplos con que ilustra a súa regra corresponden todos eles a substantivos que en singular terminan en *-n*. De tódolos xeitos, como veremos máis adiante, unha análise mesmo superficial dos textos que acompañan a súa descrición revela que esta norma é tamén aplicable ós rematados en *-l*. Deixando á parte estas cuestións, resulta en principio sorprendente que un autor que pasa por compostelán, ou, cando menos, por 'fotógrafo' do galego rural da comarca compostelá, optase por unha solución distinta da habitual nesta zona. Para explicar esta aparente incongruencia podería argüírse que a fala de Compostela está próxima á isoglosa que separa dos bloques occidental e central, ou ben que autores inequivocamente occidentais, como Rosalía, botaron man con certa frecuencia da solución

do galego central<sup>31</sup>. Non obstante, non é este o caso de Mirás. Non é que o noso autor formule unha regra que despois non cumpre ou cumpre só a medias. Pola contra, o autor do *Compendio* aplícaa nos textos con coherencia e sistematicidade máis que aceptables: *plas* (p. 68), *bes* (p. 73), *us* (pp. 83, 114, 122, 124, 136, 144), *ladros* (p. 84), *jras* ('grandes') (p. 86), *leisos* ('leccións') (p. 86), *sayós* (p. 86), *liós* (p. 86), *corasós* (p. 89), *millós* (p. 90), *rincós* (p. 90), *aljús* (pp. 91, 109, 141), *rasiós* (p. 105), *capós* (p. 108), *funsiós* (p. 114), *cas* (pp. 124, 125, 126, 143), *mas* (p. 143). Só en contadas ocasións aparecen algúns plurais en *-ns*: *jrans* ('grandes') (p. 128), *uns* (p. 128).

Saco, pola súa parte, tamén se inclina pola solución do galego central, o seu galego nativo, pero trata de xustifica-la súa elección procurando unha explicación conxunta para tódolos substantivos e adxectivos rematados en consoante. O gramático ourensán observa que os nomes que teñen unha consoante como fonema final presentan uns plurais 'anómalos' na medida en que neles non se respecta a regra xeral para a formación do plural: "la s es el signo

---

<sup>31</sup> Cfr. Carballo Calero, *Particularidades*, pp. 29-34. Carballo explica estas concesións ó galego central, máis numerosas en *Follas novas* ca en *Cantares gallegos*, como efecto dos seus contactos por razón de residencia con outras variedades dialectais diferentes da súa propia e como consecuencia do influxo da gramática de Saco. Para xustifica-lo desequilibrio entre *Cantares* e *Follas* o profesor ferrolán recorre ó popularismo da primeira das obras, que obrigaría a Rosalía a procurar unha adecuación entre o galego que poñía en boca dos seus personaxes campesiños e o que estes realmente falaban. De tódolos xeitos, non é o de Rosalía o único caso en que as solucións propias do galego nativo conviven con outras tiradas das falas veciñas. Na *Gaita gallega* de Pintos atopamos unha mestura similar de plurais en *-ns* e en *-s*. Sirvan os seguintes como exemplos destes últimos: *ladrós* (p. 26), *castrós* (p. 28), *calzós* (p. 28), *capós* (p. 30), *limós* (p. 30), *cás* (p. 62), etc. Tamén entre os escritores procedentes do bloque central temos diversos exemplos de emprego da solución occidental: en Curros, por exemplo, atopamos *pelingríns* (*Aíres*, p. 58), *cans* (*Aíres*, pp. 94, 103; *Sainete*, p. 9), *rans* (*Sainete*, p. 44), *xiróns* (*Sainete*, p. 59), *bens* (*Sainete*, pp. 59, 106, 110, 111). Do mesmo xeito, en *Saudades gallegas* Lamas emprega ata seis veces o plural *mans* (pp. 42, 89, 95, 100, 104, 105), que corresponde a un singular *man* estraño tamén á súa área de procedencia. Así pois, á parte das razóns específicas para cada autor, creo que pode existir unha explicación xeral e común para todos eles, que non é outra có gusto pola variación como recurso estilístico e a concepción da variedade dialectal como riqueza.

característico del plural", di no parágrafo inicial do capítulo dedicado o número gramatical (p. 30). Deste xeito, entende que toda solución distinta da simple adición da marca de plural /-s/ ó final do singular obedece a algunha razón que é preciso identificar. Para el, esta razón non é outra cá eufonía. Engadir directamente un /s/ ás palabras rematadas en consoante produciría a final de palabra unhas combinacións fonéticas pouco eufónicas e mesmo difíciles de pronunciar. Para evitalas, a lingua galega válese de dous procedementos: engadi-lo /s/, pero eliminando a consoante final do singular, e interpoñer un /e/ entre a consoante final e o /s/ indicador de número plural. No primeiro caso estarían os substantivos e os adxectivos rematados en *-n* e en *-l*; no segundo, tódolos demais rematados en consoante.

A formulación de Saco resulta evidentemente insatisfactoria, xa que, ó tratar de explica-la disparidade de resultados na formación do plural prescindindo das orixes do proceso e da súa evolución histórica, está viciada por un erro de partida. Isto condúceo, por exemplo, a considerar que o /e/ do alomorfo de plural /-es/ en *noces* ou en *meses* non forma parte do morfema, senón que é unha simple vocal eufónica de apoio desprovista de todo valor significativo, semellante ó [j] antihiático de *a iauga*. Este desatino non se pode achacar a ignorancia de Saco, que sen dúbida coñecía cales eran os plurais latinos correspondentes. Pola contra, creo que máis ben pode deberse a un intento de marcar diferencias con respecto ó castelán. Este desexo percíbese, por exemplo, no seguinte parágrafo:

Esta e interpuesta antes de la s, aunque al parecer tomada de los plurales griegos y latinos en es, tiene en gallego un objeto puramente eufónico, y por eso, al revés del castellano, no la emplea sino por necesidad (p. 32 n.).

Ora ben, estes erros elementais combínanse con algunhas intuicións acertadas, como sucede no caso dos plurais *canciós* e *papés*, que o noso autor pon en relación coa desaparición do /n/ e do /l/ en posición intervocálica (pp. 31 e 254-255). Unha proba máis de que Saco coñecía o verdadeiro proceso histórico da formación do plural constitúea o feito de que en moitas ocasións marque cun acento circunflexo a vocal resultante da contracción da vocal final do lexema coa vocal da desinencia: *reâs*, *papês*, *câs*, *bês*, etc. Este sinal gráfico indica sen lugar a dúbidas que Saco efectivamente consideraba esta vocal como produto dunha contracción, o que en última instancia viría a contradicir implicitamente a teoría segundo a cal os plurais se forman historicamente sobre o singular romance.

Pouco máis arriba dicíamos que tocante ó plural dos substantivos e adxectivos en *-n* Saco se inclinaba decididamente pola solución do galego central. Sen embargo, o noso autor era consciente de que esta non era a única solución que ofrecía o galego:

Nos referimos principalmente al dialecto de la provincia de Orense. En Santiago y otros puntos los nombres acabados en *n*, la conservan en el plural, añadiéndole la *s*. Dicen *calzons*, *cans*, *boletins*, *uns* (p. 32).

Por outra parte, na breve caracterización dialectolóxica que inclúe a súa gramática, esta oposición constitúe un dos trazos diferenciais que lle permite distinguir un 'subdialecto' setentrional e outro meridional (pp. 232-233). Así e todo, a pesar da súa pretendida neutralidade diante da pluralidade dialectal, neste caso Saco non ten inconvenientes para avogar por un dos dous resultados e, consecuentemente, para desaconsella-lo outro. Aínda que a razón de fondo para esta actitude sexa a preferencia natural de todo autor polas solucións que sente



como máis próximas, o certo é que Saco funda a súa escolla en razóns de coherencia interna da descrición. El observa que o grupo tautosilábico *-ns-* que aparece en posición interior en palabras como *monstro*, *constante*, *instante*, etc. adoita reducirse a través da supresión do /n/ (Saco, p. 256). Esta redución que se opera na fala leva a Saco a considerar esta combinación de consoantes como pouco harmónica. En consecuencia, non será estraño que a aparición deste mesmo grupo en posición final lle mereza ó noso gramático a mesma opinión. O xuízo de Saco tivo certa fortuna entre os gramáticos posteriores. Así, Rodríguez Rodríguez, que a pesar de todo recomenda os plurais en *-ns*, recolle a opinión do seu predecesor e mesmo chega a aventurar unha peregrina explicación fisiolóxica e a propoñe-la 'proscrición' destas combinacións:

Anti-eufónicas son las palabras terminadas en dos consonantes, porque, si nos fijamos en la voz gallega *uns*, observaremos que, verificada la emisión aérea con la *u* y la *n*, hay que cortar el hálito sonoro, para proceder á la pronunciación de la *s* [...]. Debieran proscribirse en los idiomas tales terminaciones, porque, trabando la lengua y músculos del aparato vocal, impiden la emisión del hálito sonoro, perjudicando de una manera desastrosa los pulmones del orador y el efecto del discurso oratorio ("Apuntes", p. 18 n.).

Fronte a Mirás e Saco, Valladares e Rodríguez Rodríguez móstranse como defensores da solución característica do galego occidental. No caso de Valladares esta preferencia é perfectamente lóxica e coherente coa súa procedencia xeográfica. Non obstante, isto non lle impide empregar en ocasións os plurais característicos do galego central. Nos propios *Elementos* temos exemplos como *lus* (p. 116), *pabellós*, *invenciós*, *ficiós*, *ilusiós* (p. 128), etc.<sup>32</sup>.

<sup>32</sup> En *Maxina* os plurais en *-ns* son claramente maioritarios, tal e como indican Roig e Neira, que só atopan un exemplo sen reposición da nasal, *lus*. Cfr. M. Neira e B.A. Roig, "Introducción lingüística", en Marcial Valladares, *Maxina*, p. 56.

En Rodríguez, en cambio, esta postura resulta en certa medida sorprendente, xa que ó seu nacemento en terras do galego oriental, concretamente no concello ourensán de Viana do Bolo, hai que engadirlle o seu xuízo negativo sobre estes plurais. En calquera caso, os plurais en *-ns* son os únicos que aparecen citados tanto nos *Elementos* de Valladares (pp. 30-31) coma nos textos debidos a D. Manuel: "Apuntes gramaticales" (pp. 31-35) e "Un bosquejo", onde resume as ideas formuladas no traballo anterior:

Los números tienen por nota distintiva una *s*, en los nombres terminados en vocal, y la sílaba *es*, si termina en consonante; pero, si ésta fuese una *n*, basta la simple *s* para formar el plural, como *mans*, *pantalons*, etc., á imitación de la lengua catalana" (III, p. 12).

Para os substantivos e adxectivos rematados en *-l* a unanimidade entre os gramáticos semella ser maior. De tódolos xeitos, é forzoso recoñecer que os seus pronunciamentos a este respecto adoitan ser máis vagos e imprecisos ca no caso dos rematados en *-n*.

Como é ben sabido, para as palabras polisílabas agudas o galego presenta dous resultados que podemos denominar tradicionais, con perda do *-l-* final do singular, que quedaba en posición intervocálica ó se engadi-la desinencia de plural. O hiato que se xerou ó entrar en contacto a vocal final do lexema co */e/* da desinencia resolveuse de dous xeitos: a través da súa conversión en ditongo, dando lugar deste xeito ó resultado característico das falas do oriente do dominio galego (*ANIMĀLĒS* > *animaes* > *animais*), ou ben a través dun proceso asimilatorio en favor da vocal inicial do hiato e a ulterior crase do hiato resultante (*ANIMĀLĒS* > *animaes* > *animaas* > *animás*). Existe ademais unha terceira solución, que hoxe parece maioritaria no galego falado, con conservación do *-l-* intervocálico (*animales*). Aínda que non

ten por que ser necesariamente un castelanismo, pois é posible explicala como un resultado da propia deriva do galego<sup>33</sup>, semella evidente que a súa forza e vitalidade se deben en boa medida á coincidencia co castelán.

Tres eran, pois, os resultados que a lingua lles ofrecía ós nosos gramáticos para as palabras polisílabas agudas con singular rematado en *-l*. A súa actitude ó respecto, tal e como dixemos pouco máis arriba, vén a ser en liñas xerais coincidente. Así, se exceptuámo-lo caso de Cuveiro, que non ofrece a súa opinión neste punto, apréciase neles unha actitude reacia a admiti-la solución con *-l*-conservado. Pola contra, todos semellan inclinarse por resultados tipo *animás*, con asimilación das dúas vocais do hiato.

No caso de Mirás esta preferencia, se ben non se manifesta de maneira explícita, pode intuírse facilmente. A súa afirmación xenérica, xa citada máis arriba, no sentido de que os substantivos rematados en consoante forman o plural eliminando a consoante final e engadindo *-s*, por máis que apareza ilustrada só con exemplos de substantivos en *-n*, pode aplicarse tamén ós rematados en *-l*. De feito, esta é a solución que este autor adopta maioritariamente nos textos que complementan a súa breve descrición gramatical: *animás* (pp. 64, 72, 75, 96, 142, 143), *mortás* (pp. 74, 83), *infernás* (p. 83), *criminás* (p. 83), *pernis* (p. 108). Son moi escasas as ocasións en que opta polos plurais en *-les*: *mortales* (p. 73), *ijuales* (p. 105).

---

<sup>33</sup> Actuarían en favor da restauración do *-l*- a analoxía con outras palabras cun *-l*- procedente de *-ll*-latino (*aqueles*, *vales*, *foles*, etc.), cos monosílabos que conservaron o *-l*- (*males*, *tales*, etc.), cos cultismos con acentuación grave (*fáciles*, *móviles*, etc.), e, en fin, cos outros substantivos e adxectivos rematados en consoante distinta de *-n* e *-l*. Para esta explicación cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 64-65, que cita ademais o feito de que algunhas zonas de Portugal, onde o argumento da presión do castelán non é válido, presentan hoxe en día plurais en *-les*.

Tamén Saco se mostra partidario destes plurais con perda de -l-, conforme vimos ó tratarmos dos substantivos e adxectivos rematados en -n. Está claro que para o gramático ourensán uns e outros plurais son inseparables na medida en que obedecen ó mesmo mecanismo de formación.

A posición de Valladares, sen embargo, resulta ambigua e mesmo contradictoria. Por unha banda, ó enuncia-la regra xeral, o da Estrada equipara os substantivos e adxectivos rematados en -l cos que rematan noutras consoantes como -r, -s ou -z, "cuyo plural se forma añadiendo es al singular" (p. 30). Pero inmediatamente despois corrixe a súa caracterización para indicar que "los acabados en l mudan esta letra en es, ó s, segun las localidades" (p. 30). Os exemplos que ilustran a regra veñen a corroborar esta segunda formulación. Deste xeito, para uns singulares *coral*, *caravel*, *aguacil*, *baril* e *pirifol* temos uns plurais *coraes* ou *corás*, *caravees* ou *caravès*, *aguacíes* ou *aguacís*, *baríes* ou *barís*, e *pirifòes* ou *pirifòs*. Este último exemplo corresponde en realidade a unha palabra composta sobre un monosílabo. Valladares, ó que se ve, non facía distinción neste punto. Saco, en cambio, recolle tamén esta palabra, pero como exemplo da formación do plural nos compostos, e, en contra da regra xeral que acaba de enunciar para as palabras en -l, dálle un plural *pirifoles* (p. 33). En calquera caso, cómpre dicir que a praxe de Valladares contradí as regras teóricas que formula, e así, en *Maxina* o habitual son precisamente os plurais en -les<sup>34</sup>.

---

<sup>34</sup> Cfr. Neira e Roig, "Introducción lingüística" a *Maxina*, p. 56. Nos seus poemas reproducidos no *Álbum de la Caridad* temos exemplos da solución con perda de -l- e posterior asimilación: *crístás* (p. 325), *clavés* (p. 326), *rosás* (p. 326), e tamén unha forma con -l- conservado: *leales* (p. 147). O mesmo sucede no poema "A castañeira en Santiago", incluída no primeiro volume de *El idioma gallego: fardales* (p. 81) / *reás* (p. 80).

Rodríguez Rodríguez é tamén pouco explícito. Con todo, a súa descrición é quizais a que máis se aproxima ó que naquela altura debía de se-la situación real do galego. Di don Manuel:

Las mismas reglas, que hemos observado con respecto á la *n*, podemos atribuir las también á los nombres gallegos derivados de los latinos terminados en *la, lus, alis* y *olis*, debiendo tenerse presente que no es tan constante la fuga de la *l* en los nombres gallegos como la de la *n*, pues permanecieron muchos con la terminación latina ("Apuntes", p. 34).

Pouco máis adiante engade:

Los terminados en *il* cambian muy comunmente la *l* en *s* para la formación del plural, como: de *mandil, mandis*; de *funil, funis* (p. 34).

Xa que logo, Rodríguez observa que no galego do seu tempo conviven dúas solucións: unha con mantemento e outra con perda do -l- intervocálico. Na súa obra, sen embargo, o aspecto normativo queda descoidado ó non pronunciarse o autor por ningunha das dúas posibilidades.

En conclusión, son varios os aspectos que merecen ser destacados. En primeiro lugar, cómpre subliña-la escasa presenza, por outra banda lóxica e esperable, da solución propia do galego oriental. Ademais, é máis que notable a unanimidade dos gramáticos á hora de recoñecer a existencia dun plural de tipo *animás*, que, na maioría dos casos, goza de certa preeminencia sobre a solución con -l- conservado, coincidente co castelán. A situación que en aparencia reflicten estes textos contrasta coa que presenta o galego actual, onde, segundo Fernández Rei, os plurais de tipo *animás* son escasamente productivos:

A forma *animás* abarcou o resto do dominio galego, pero na actualidade só se rexistra moi esporadicamente e en contadas palabras (p. 65).

De concedérmolle credibilidade ós testemuños dos gramáticos habería que concluír que nos cen últimos anos se produciu un retroceso espectacular destas formacións tradicionais. Agora ben, é preciso que nos preguntemos en que medida a descrición e as propostas que ofrecen os gramáticos responden á realidade lingüística do seu tempo. Ou, dito doutro xeito, ¿ata que punto a preeminencia de que goza a solución *animás* é consecuencia do desexo de fuxir da coincidencia co castelán? Responder estas preguntas sempre é problemático, dado que só podemos achegarnos a esta realidade a través de fontes escritas, literarias para sermos máis precisos, e estas, como ben se sabe, nunca son reflexo fiel da lingua falada, senón o produto da elaboración e manipulación desa lingua por parte dos escritores. Aínda así, a coincidencia básica que se percibe en tódolos textos non pode ser atribuída a simple casualidade. Así, nas obras producidas na segunda metade do século XIX observamos xa un predominio claro das solucións con -l- conservado en detrimento das formas tradicionais. Na *Gaita gallega* de Pintos estas últimas son moi escasas: temos só tres exemplos con asimilación e crase das vocais do hiato, *reás* (p. 59), *leás* (p. 169) e *gentís* (p. 58), e un con transformación en ditongo, *sinais* (p. 56). Pola contra, os plurais en -les atinxen unha frecuencia relativa elevadísima e poden considerarse a norma<sup>35</sup>. Polo demais, merece destacarse o feito de que no vocabulario etimolóxico Pintos recolla as dúas solucións no caso do plural GENTILES, para o que dá os resultados *gentiles* e *gentís* (p. 83).

---

<sup>35</sup> Deste tipo rexistrámo-las seguintes ocorrencias: *animales* (pp. 4, 28 -2 veces-, 64), *hospitales* (p. 10), *iguales* (p. 29), *municipales* (p. 31), *provinciales* (p. 31), *misales* (p. 31), *verderoles* (p. 40), *metales* (p. 42), *cardenales* (p. 43), *fatales* (p. 43), *racionales* (pp. 64, 91), *navales* (p. 98), *serviles* (p. 103), *azules* (p. 103), *souriles* (p. 105), *bemoles* (p. 125), *caraveles* (p. 126), *papales* (p. 140), *leales* (pp. 150, 167, 169), *españoles* (p. 167), *sinales* (p. 171), *oxales* (p. 171), *marciales* (p. 182), *beirales* (p. 184), *soportales* (p. 190 -2 veces-).

Os outros textos confirman en liñas xerais esta tendencia. No caso de Rosalía, por exemplo, xa Carballo Calero observou un predominio claro da solución que el chama 'castellana' (*animales*) sobre as 'antigas' ou tradicionais (*animás, animais*) e sobre a solución 'á catalana' (*animals*)<sup>36</sup>. Deste feito o profesor ferrolán deduce que neste punto "la lengua de Rosalía está completamente invadida por el castellanismo" (p. 26). Se ben esta última afirmación é discutible, podemos admitir como válidos os datos en que se fundamenta. Non obstante, cómpre advertir que as porcentaxes que ofrece Carballo deben ser corrixidas, xa que nas súas relacións de exemplos aparecen mesturadas palabras polisílabas e monosílabas, palabras agudas e palabras graves. Por outra parte, tamén habería que xebrar da relación de Carballo aquelas formas que en latín non tiñan -L- senón -LL-: *aqueles, eles, miles*. Téñase en conta ademais que os dous primeiros suman un bo número de ocorrencias<sup>37</sup>.

En Curros predominan igualmente os plurais en *-les*. Así, en *Aires* temos exemplos como *ideales* (p. 3), *chouzales* (p. 5), *piñeirales* (p. 9), *caraveles* (p. 10), *barcales* (p. 55), *craveles* (p. 65), *lumiales* (p. 73), *celestiales* (p. 73), *verxeles* (pp. 90, 97), *touzales* (p. 95), *lebreles* (p. 101), *fieles* (p. 103), etc., fronte a un pequeno grupo de

<sup>36</sup> Cfr. Carballo Calero, *Particularidades*, pp. 17-26, esp. p. 26.

<sup>37</sup> Se suprimímo-las palabras con acentuación grave (*ánxeles / anxés, fráxiles*), as palabras con -LL- en latín (*aqueles / aqués, eles, miles*), e os monosílabos (*cales, froles / frois, males / mals, tales / taes, feles, meles*) as porcentaxes de Carballo resultan profundamente modificadas. Segundo el, en *Cantares* os plurais en *-les* representarían un 89,5%, mentres que as solucións tradicionais ocuparían un 10,4%. Unha vez corrixidas, estas porcentaxes quedan respectivamente nun 75% e nun 25% respectivamente. En *Follas novas* o 76,4% dos plurais en *-les* queda nun 58,3%, o 10,7% da solución "á catalana" aumenta ata un 20,8%, a solución oriental pasa dun 7,8% a un 16,6%, e o plural tipo *animás* ascende dun 0,9% a un 4,1%. Por outra banda, sobre a consideración de *aqués* e *anxés* como formas galegas tradicionais, cfr. Ramón Lorenzo, "A lingua literaria", p. 29, n. 71.

formas con perda de -L-: *maternás* (p. 71), *crués* (p. 32), *mantés* (p. 54), *xentís* (pp. 7, 57, 84), *castrís* (p. 57). O mesmo sucede no *Sainete*, onde lemos *ideales* (p. 41), *rousinoles* (p. 46), *iguales* (p. 47), *croeles* (p. 53), *pedestrales* (p. 54), *civiles* (p. 85), *catredales* (p. 86), *fieles* (p. 86), *temporales* (p. 110), *formales* (p. 114), *liberales* (p. 114), fronte a *cardeás* (p. 99), *arsenás* (p. 109), *cuartés* (p. 109), *carrís* (p. 42), *fusís* (p. 57). Carece, pois, de fundamento a tese de Carballo segundo a cal "en Curros, los plurales de tipo genuino *cuartés*, *arsenás*, *cardenás*, son proporcionalmente más frecuentes, al menos a partir de *O divino sainete* (1888)" (*Particularidades*, p. 26).

En *Saudades gallegas* de Lamas Carvajal os exemplos son moi escasos pero abondos para que poidamos observa-la presencia alternante de unha e outra solución: *iguás* (pp. 36, 81), *papés* (p. 75), pero *natales* (p. 120).

Polo que se refire a Pondal, se exceptuámo-los topónimos (*Currás*, *Casás*, *Morás*), non atopamos ningún exemplo de formas tradicionais. Temos, pola contra, *imbeles* (p. 19), *mortales* (p. 41), *pinales* (p. 81 -2 veces-), *españoles* (p. 181), *ideales* (pp. 181, 182, 184, 186, 187), *toxales* (p. 197), *puñales* (p. 207), *civiles* (p. 208), *infantiles* (p. 214), *viriles* (p. 219).

Por último, nas colectáneas de poesía popular só unhas poucas palabras aparecen con plural tradicional: *reás* (*Cancionero* II, pp. 127, 132 -2 veces- 148 -3 veces-; III, pp. 34, 91, 143, 289; *Literatura popular*, pp. 110, 137, 152, 207), *currás* (*Cancionero* II, p. 56), *zagás* (*Cancionero* II, p. 56), *corás* (*Literatura popular*, p. 137) e *mantés* (*Literatura popular*, p. 235 -2 veces-).



Certamente tamén hai autores que empregan preferentemente a solución do tipo *animás*. Esta inclinación é bastante evidente no caso de Antonio de la Iglesia. Por exemplo, nos seus poemas incluídos no *Álbum de la Caridad* temos *pardás* (p. 232), *sinás* (p. 234), *leás* (pp. 323, 324), *arsenás* (p. 324), *metás* (p. 358), *cristás* (p. 359) contra un par de ocorrencias de formas en *-les*: *prencipales* (p. 378) e *caraveles* (p. 449). Unha proporción semellante témola na "Reseña stórica", onde fronte a *(e)spañoles* (pp. 369, 370, 371) atopamos *principás* (p. 369), *sinás* (p. 369), *naturás* (p. 370 -2 veces-), *feudás* (p. 371) e *mariscás* (p. 371 -2 veces-).

A situación que deixan translucir os textos que acabamos de citar contrasta aparentemente coa que presentan as obras producidas durante o primeiro tercio do século. Considerándoas en conxunto, Ramón Mariño (*Estudio*, pp. 278-284, esp. pp. 279-282) aprecia un lixeiro predominio das formas con perda do *-l-* intervocálico do tipo *animás* sobre as formas con *-l-* conservado. Agora ben, atendendo á natureza das obras e á súa área de procedencia observamos que os plurais de tipo *animás* só teñen unha presenza realmente significativa en pezas dialogadas de ambiente compostelán, concretamente na *Parola de Cacheiras*, na *Tertulia en la Quintana*, onde aparecen de forma exclusiva, nas *Tertulias de Picaños* e nos *Diálogos en la Alameda de Santiago*. No resto dos casos a presenza desta solución ou ben é minoritaria, caso das *Proezas de Galicia*, ou ben é pouco significativa polo escaso número de exemplos rexistrados ou por reducirse estes á forma común *reás*. En calquera caso, non é casual que estas formas aparezan preferentemente nunhas obras que perseguen achegarse ó público a través da reprodución de trazos que os seus

autores senten como característicos da linguaxe popular<sup>38</sup>. Isto indicaría que neste rexistro, polo menos no ámbito compostelán, os plurais tipo *animás* aínda eran productivos, se ben xa se vían ameazados polas solucións en *-les*<sup>39</sup>. De feito, en tres das catro obras citadas as formas con mantemento de *-l-* atinxen unha proporción relativa nada desdeñable.

A pesar do apreciable retroceso que se observa se comparamos estes primeiros textos cos producidos durante a segunda metade do século, as formas tipo *animás* aínda debían estar moi vivas na lingua popular durante a segunda metade do século. Só así se explicaría a súa presenza nos textos gramaticais e a súa supervivencia, aínda que como formas minoritarias, na lingua dos escritores. Por outra banda, a falta de referencias nas gramáticas ós plurais en *-les* sería consecuencia da vontade diferencialista dos seus autores ou da súa sospeita de que se trataba dunha solución non galega.

#### 11.4.2.1. O plural dos substantivos compostos.

As dúas gramáticas que ofrecen información ó respecto, as de Saco e Valladares, presentan un tratamento semellante destes substantivos. Ámbolos autores analizan o comportamento destas palabras con relación ó número utilizando como criterio distintivo o da categoría verbal dos elementos que as integran. Con esta base Saco (pp. 32-33) distingue unicamente dous grupos: o dos compostos formados por xustaposición ou aglutinación de dous substantivos e o dos constituídos a partir da fusión dun

---

<sup>38</sup> Cfr. Ramón Mariño Paz, "Motivacións para o emprego da lingua galega na literatura política dos primeiros anos do século XIX", *Grial* 105 (1990), pp. 35-67.

<sup>39</sup> Resulta significativo que Mirás, un autor con vocación de a notario da realidade lingüística, empregue tamén de forma constante estas formas.

substantivo e un adxectivo. Valladares (p. 32) completa esta nómina engadindo ademais dous novos grupos: os formados pola combinación dunha preposición ou adverbio e un substantivo ou participio (*ante-peito*, *sobre-nòme*, *bèn-amado*), os compostos de verbo e substantivo (*pica-pèije*), e, por último, os formados por dous substantivos unidos por unha preposición (*cabo de casa*). Para estes últimos, sen embargo, a gramática máis recente evita falar de composición, e prefere sinalalos con outras denominacións como 'sintagmas fixos'<sup>40</sup>.

Para o relativo á formación do plural estes tres últimos grupos ofrecen pouco interese por canto nos dous primeiros un dos elementos do composto é unha forma que non admite moción de número, ou ben que, admitíndoa, non a marca polos mesmos procedementos cós elementos nominais. Así pois, centrarémonos nos dous primeiros tipos de composto que distinguen coincidentemente Saco e mais Valladares.

Para os compostos formados a partir de dous substantivos Saco e Valladares propoñen unha norma segundo a cal a marca de plural debe recaer só no segundo elemento do composto. Os exemplos aducidos como proba son *pirifol* (Saco) e *lubi-can* (Valladares), que efectivamente fan o plural en *pirifoles* e *lubi-cans* respectivamente. En xeral, a regra proposta pode admitirse como válida, pois son moi numerosos os exemplos que a avalan: *bocanoite* / *bocanoites*, *bocarribeira* / *bocarribeiras*, *porco-espiño* / *porco-espiños*, *madrepérola* / *madrepérolas*, etc. Sen embargo, a caracterización queda incompleta ó ignoraren estes dous

---

<sup>40</sup> Cfr., por exemplo, É. Benveniste, "Formes nouvelles de la composition nominale", in *Problèmes de linguistique générale*, vol. 2, Gallimard, Paris, 1974, pp. 163-176; Mercedes Brea, "Aproximación ó estudio das palabras compostas", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. I, Universidade de Santiago, 1991, pp. 77-100.

autores outro tipo de compostos que están a medio camiño entre a composición propiamente dita e a simple aposición. Refírome concretamente a casos coma os de *peixe-sapo* ou *buque-escola*, compostos pola lexicalización dunha aposición en que o segundo substantivo actúa como modificador do primeiro, ó xeito de *rei soldado*. O contrario do que sucede nos anteriores, nestes compostos a marca de plural recae só no primeiro substantivo: *peixes-sapo*, *buques-escola*. En calquera caso, aínda que o procedemento de formación sexa semellante ó de compostos como *porco-espiño*, parece claro que o grao de cohesión daqueles é menor có deste, pero maior có de casos claros de aposición como o xa citado de *rei soldado*.

Para os compostos de substantivo e adxectivo Saco e Valladares coinciden novamente en sinalar que a marca de plural recae neste caso sobre os dous elementos. Neste caso a caracterización ofrece máis dúbidas ca no caso anterior. Vexamos cales son os exemplos propostos. Segundo Saco, compostos como *sapo-concho*, *mosca-morta*, *martin-peixeiro* e *papo-rubio* forman os seus plurais en *sapos-conchos*, *moscas-mortas*, *martis-peixeiros* e *papos-rubios*. Valladares, pola súa parte, cita os casos de *boca-abèrta* e *mosca-mòrta*, con plurais en *bocas-abèrtase* e *moscas-mòrtas*. Este procedemento, que é o que prescriben mesmo algúns manuais de aprendizaxe recentes, só é válido, sen embargo, para algúns compostos por xustaposición coma os que citan Valladares e mais Saco, mais non para todos. *Paporrubio*, proposto como exemplo polo gramático ourensán, forma comunmente o plural en *paporrubios*, o mesmo que *vacaloura* o fai en *vacalouras*, *sapo-concho* en *sapo-conchos* e *porco-teixo* en *porco-teixos*. Pero ademais existe un importante número de compostos por aglutinación, algúns deles con alteración da terminación do primeiro elemento, en que a marca de plural recae

invariablemente sobre o segundo elemento: *augardente / augardentes, manicurto / manicurtos, rabilongo / rabilongos, etc.*

Así pois, a caracterización que ofrecen Saco e Valladares resulta insatisfactoria na medida en que pretende agrupar baixo unha regra única unhas formas que non teñen un comportamento homoxéneo. Polo demais, despois do visto parece evidente que o criterio da categoría morfolóxica dos elementos que integran o composto non abonda para explica-lo seu comportamento con respecto ó número.

## 12. O verbo (I). Caracterización xeral

### 12.1. Concepto de verbo.

#### 12.1.1. Saco.

Para a definición do verbo como clase de palabras, Saco baséase fundamentalmente no criterio semántico, que, se ben non constitúe a única base para a súa caracterización, si é o seu elemento principal. O recurso a este criterio non supón ningunha novidade con respecto ó que viña sendo tradicional dentro da gramática española, que, salvo contadas excepcións, definía o verbo acudindo ó seu significado<sup>1</sup>. Ora ben, o noso autor evita as definicións clásicas de carácter acumulativo, que pretenden dar conta da pluralidade semántica das formas agrupadas baixo esta etiqueta, e nas que o verbo aparece caracterizado como expresión da esencia, existencia, acción, paixón, estado, etc.

Pola contra, Saco parece orientarse cara ó que Gómez Asencio (*Gramática y categorías verbales*, p. 197) denomina *teoría do verbo único*. Trátase dunha doutrina que, se ben ten antecedentes no pensamento aristotélico e nas concepcións da gramática especulativa medieval, só cobra pulo e comeza a difundirse a partir da *Grammaire générale et raisonnée* de Port-Royal. No ámbito da gramática española

<sup>1</sup> Cfr., por exemplo, Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 186-218, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 101-112.

esta corrente filosófico-gramatical que arrinca de Port-Royal ten o seu momento de maior difusión no século XIX, cando, segundo o parecer de Calero Vaquera (*Historia*, p. 106), "una gran mayoría de gramáticos se adhieren a ella". Parece evidente que Saco, pola súa formación, non podía descoñecer-la existencia desta corrente. Agora ben, nestes casos resulta sempre difícil precisar se a influencia de Port-Royal sobre o gramático galego foi directa ou ben a través de persoas interpostas. En todo caso, a fidelidade con que reproduce a caracterización orixinal indúcenos a supoñer que, se non se inspirou directamente na obra de Arnauld e Lancelot, si o fixo no traballo dalgún dos seus imitadores menos orixinais.

¿En que consiste a *teoría do verbo único*? Gómez Asencio sintetízaa do seguinte xeito:

*La teoría del verbo único [...] se basa en el principio a priori de que mentalmente, desde un punto de vista metafísico, sólo existe el verbo ser en cualquier lengua; desde el punto de vista de la expresión (proposición) de un juicio lógico [...] sólo el verbo ser es necesario y, por ende, sólo existe el verbo ser: todas las demás palabras llamadas verbos lo contienen de alguna manera y son reductibles a ser más otro elemento (Gramática y categorías verbales, p. 197).*

Na súa caracterización do verbo os gramáticos de Port-Royal parten dunha análise tripartita do xuízo lóxico e trasladan este esquema á proposición, que non é máis cá expresión gramatical do xuízo. Deste xeito, unha proposición como *a terra é redonda* "enferme nécessairement deux termes: l'un, appelé sujet, qui est ce dont on affirme, comme terre; et l'autre, appelé attribut, qui est ce qu'on affirme, comme ronde; et de plus, la liaison entre ces deux termes, qui est proprement l'action de notre esprit qui affirme l'attribut du sujet" (p. 109). De acordo con isto, a misión fundamental do verbo é a expresión da *afirmación*. ¿Que facer, logo, con

proposicións bimembres como *Pedro vive?* A solución que ofrecen Arnauld e Lancelot parte do principio de que toda proposición bipartita é o resultado da transformación, por razóns de economía, da estrutura lóxica tripartita que viamos antes: unha proposición como *Pedro vive* equivale a *Pedro é vivente*. Isto permítelles concluír que, en *Pedro vive*, *vive* "enferme seul l'affirmation, et de plus l'attribut d'être vivant" (p. 110).

Saco segue con absoluta fidelidade a doutrina de Port-Royal. Así, en primeiro lugar establece, como a gramática francesa, a estrutura tripartita da proposición-xuízo:

En la expresion de un pensamiento intervienen tres cosas: una, de la que se afirma algo, otra que se afirma de la primera, y finalmente la palabra con que afirmamos. La primera se llama *sujeto*, la segunda *atributo*, y la palabra con que afirmamos, *cópula*, ó mejor dicho, *afirmacion* (p. 64).

Tamén como Arnauld e Lancelot, o ourensán considera que as formulacións gramaticais que se apartan desta estrutura son en última instancia intercambiabes por outras que se axusten a ela:

El verbo presenta unas veces la afirmacion sola, como en esta oracion: *Dios es bueno*; otras, juntamente con la afirmacion, espresa el atributo, como en este ejemplo: *El hombre desea*, que equivale á: *El hombre está deseoso* (p. 64)

Así pois, a definición que se propoña para o verbo deberá abrangue-las dúas funcións que esta clase de palabras pode desempeñar dentro da proposición lóxico-gramatical, isto é, a afirmación pura e simple, ou ben a expresión da afirmación xuntamente coa do atributo:

El verbo, es, pues, la palabra que expresa la afirmacion, ya sola, ya acompañada de la atribucion (p. 64).



Como viñemos dicindo, a caracterización do verbo en Saco é de base fundamentalmente semántica. As notas a propósito da súa estrutura formal e do seu funcionamento sintáctico sitúanse nun plano marxinal e son un simple complemento da definición. Así, os seus trazos morfosintácticos non forman parte da definición, senón que son presentados como características dunha clase previamente definida.

Desde un punto de vista formal, o verbo preséntasenos na gramática de Saco como unha das partes variables da oración (p. 22), analizable morfoloxicamente nun segmento invariable, o *radical*, co que "se representa su acción ó estado en abstracto", e nuns compoñentes variables e intercambiabes, que "expresan las ideas accesorias de voz, modo, tiempo, número y persona, que modifican la idea fundamental" (pp. 64-65). A inclusión da voz entre os 'accidentes' do verbo conecta a Saco coa liña máis tradicional e latinizante da gramática. Sen embargo, como veremos máis adiante, o ourensán, en contra desta afirmación inicial, discute logo a consideración da voz como categoría gramatical.

Polo demais, a única referencia de Saco ás características sintácticas do verbo límitase a sinalar que, como parte variable da oración, "debe concertar con su sujeto en número y persona, en los modos que tienen estos accidentes" (p. 172).

#### 12.1.2. Valladares.

Como a de Saco, a definición de Valladares é de raíz exclusivamente semántica. A única diferenza apreciable radica en que, a diferenza do ourensán, o autor de *Maxina*

engade como un dos valores do verbo a expresión da existencia:

Verbo es una palabra que expresa la afirmación, ó existencia de una cosa (p. 46).

Por outra parte, pódese apreciar así mesmo un contraste entre ámbolos autores no relativo á abordaxe analítica desta clase de palabras. Así, mentres que Saco caracteriza o verbo desde unha perspectiva "intraproposicional", isto é, analizando o papel que desempeña dentro da proposición lóxico-gramatical, Valladares adopta un punto de vista "extraproposicional", é dicir, indica os valores da categoría verbo prescindindo do marco en que eses valores actúan<sup>2</sup>.

Por outra parte, interesa tamén subliña-la súa concepción do verbo como parte fundamental da oración. Valladares chega a esta conclusión a partir da constatación de que sen o verbo non é posible formular gramaticalmente ningún concepto. Esta idea básica aparece oculta en medio dunha faramalla de afirmacións arrebatadas e case místicas sobre as excelencias do verbo:

Es lo mas grande y filosófico en las lenguas; es la palabra misma, la vida, Jesucristo. Sin verbo nada podría componerse, nada hay sin él (p. 46).

Tras todo isto Valladares conclúe que "el verbo *ser* es el verdadero verbo; pues que no puede descomponerse" (p. 46). Esta consideración de *ser* como "verdadero verbo" achega a súa concepción á *teoría do verbo único* que viamos antes. Sen embargo, existe unha diferenza fundamental entre a formulación de Valladares e a de Saco e Port-Royal: falta no primeiro a fundamentación lóxica que lles permite ós

---

<sup>2</sup> Sobre isto, cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 187.

segundos acadar esa conclusión. No caso de Valladares a argumentación é puramente metafísica: se o verbo é a expresión da existencia, daquela haberá que concluír que *ser* é o verdadeiro verbo.

Desde o punto de vista formal Valladares caracteriza o verbo como unha parte da oración na que se poden distinguir unha parte invariable, as "letras radicales" (p. 50), e unha variable, a "terminación". Polo que se refire ás categorías morfolóxicas que admite, Valladares aclara que o verbo non presenta moción de xénero, pero si é susceptible doutras *modificacións*, que "son los números, las personas, los modos y los tiempos" (p. 46). Da exclusión da voz da nómina de 'accidentes' do verbo ocuparémonos logo.

## 12.2. Os tipos de verbo.

### 12.2.1. Saco.

#### 12.2.1.1. Verbos afirmativos vs. atributivos.

A gramática de Saco establece unha oposición entre os verbos *substantivos* ou *afirmativos* e os verbos *atributivos*. Esta distinción non ten nada de orixinal, senón que, con algúns cambios terminolóxicos (as etiquetas máis comúns son as de *verbo substantivo* e *verbo adxectivo*), é común a case tódolos gramáticos que se sitúan na liña da gramática xeral francesa<sup>3</sup>.

No caso de Saco, a caracterización de cada unha destas dúas clases vén dada pola propia definición que propón para o verbo. Recordemos que o gramático ourensán, seguindo as

---

<sup>3</sup> Para o emprego destas etiquetas e doutras equivalentes na gramática española do XIX, cfr. Calero Vaquera, *Historia*, p. 106, que non recolle, sen embargo, ningún caso de utilización do termo *afirmativo* para referirse ós primeiros.

doutrinas de Port-Royal, consideraba que non existía máis ca un verdadeiro verbo, *ser*, que caracterizaba como expresión da afirmación. Os demais verbos, pois, virían a se-la expresión abreviada do conxunto formado pola cópula e ó atributo. De feito, segundo esta teoría, calquera verbo pode conmutarse por un sintagma formado polo verbo *ser* (nalgúns autores tamén *estar*) máis o atributo. Xa que logo, a distinción entre verbos *substantivos* e *adxectivos* trata de dar conta do dobre papel que se lle recoñece á categoría verbo: os *substantivos* ou *afirmativos* expresarían, segundo Saco, a afirmación pura e simple; os *atributivos*, pola contra, representarían a afirmación acompañada da atribución.

Polo que se refire ás unidades que integran o grupo dos *afirmativos*, os seguidores máis fieis á fonte orixinal inclúen unicamente o verbo *ser*. Saco, sen embargo, igual ca algúns outros gramáticos<sup>4</sup>, parece considerar que tamén *estar* debe figurar entre eles. De feito, aparece como tal no exemplo *el hombre está deseoso*.

#### 12.2.1.2. Verbos derivados e compostos.

Partindo de presupostos estrictamente formais, Saco (pp. 116-118) distingue ademais un grupo de verbos que "se derivan de nombres sustantivos ó adjetivos" (p. 116), os verbos *derivados*, e outro de verbos que el denomina *compostos*, formados a partir doutro verbo e un prefixo:

Verbos compuestos de preposiciones, ya separables, como en *agardar* (a-gardar), *aguardar*; *encoller* (en-coller), *encoger*; ya inseparables, como en *desfacer* (des-facer), *deshacer*; *refungar* (re-fungar), *refunfuñar* (p. 118).

---

<sup>4</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, p. 106, n. 13.

Saco recoñece tamén outras posibilidades de composición, como a que presenta *satisfacer*, formado a partir dun verbo e un adverbio latino, ou *manter*, constituído por un verbo máis un substantivo. Por outra parte, no capítulo da preposición (pp. 133-134) agrega ademais outros tipos de verbos 'compostos': os formados sobre un substantivo, un adxectivo ou un adverbio mediante a adición combinada dun prefixo e da desinencia verbal (*aforar*, *amolecer*), e os formados sobre un verbo ó que se lle engaden non un senón dous ou máis prefixos (*desafacerse*, *descompor*).

Fronte a estes dous grupos de verbos derivados e compostos debemos inferir a existencia doutro de verbos *primitivos*. Saco, sen embargo, nin sequera alude a eles.

Dentro dos verbos derivados, o gramático ourensán delimita dous novos grupos, o dos verbos *diminutivo-frecuentativos* e o dos formados por *onomatopea*. Nesta ocasión Saco acode ó significado como criterio distintivo fundamental. Así, os *diminutivo-frecuentativos* caracterízanse por expresaren "la frecuente repetición de un hecho en grados reducidos" (p. 117); o trazo definitorio dos *onomatopeicos* é o feito de que imiten "los sonidos que con ellos se significan" (p. 118). Así e todo, na caracterización dos primeiros Saco apóiase tamén en argumentos de carácter formal. Neste sentido, indica que un dos trazos que pode contribuír a individualizar este grupo é o feito de que para a súa formación se empreguen só certos sufixos, que el reduce ós seguintes: *-ic-*, *-isc-*, *-usc-*, *-uñ-*, *-ux-*, *-ex-*.

Esta clasificación que Saco propón parece ser unha reelaboración do modelo que algúns anos atrás establecía

Salvá<sup>5</sup> para o verbo español. Sen embargo, a pesar dos numerosos puntos de contacto, o noso gramático non se limita a copiar sen máis a tipoloxía do valenciano. Pola contra, omite un dos grupos que este consideraba, o dos verbos *incoativos*, analiza máis en detalle os compostos e reúne os *diminutivos* e os *frecuentativos*, que Salvá mantiña como tipos diferenciados, nun único grupo de verbos *diminutivo-frecuentativos*. Isto último constitúe, ó meu modo de ver, un acerto por parte de Saco, que sen dúbida percibe que verbos como *corretear* ou *juguetear*, que Salvá considera diminutivos, teñen un evidente valor iterativo. Por outra parte, Saco non aproveita o resto da clasificación que Salvá, utilizando outros criterios, establece a continuación.

#### 12.2.1.3. Verbos transitivos, intransitivos e reflexivos

Por outra parte, no capítulo da sintaxe Saco establece unha nova distinción entre verbos *transitivos*, *intransitivos* ou *neutros* e *reflexivos*. Para a oposición entre as dúas primeiras clases o noso autor evita as caracterizacións semánticas ó uso e defíneas de acordo cun criterio estrictamente sintáctico. Un verbo será transitivo ou intransitivo dependendo de que *poida* admitir ou non un complemento directo, entendido como "el objeto sobre el cual recae directamente la acción del verbo" (p. 184).

Para a caracterización dos verbos *reflexivos*, Saco apóiase novamente en argumentos de corte sintáctico:

Cuando el complemento principal de un verbo es el mismo sujeto representado por un pronombre en acusativo, el verbo se llama *reflexivo* (p. 184).

---

<sup>5</sup> Cfr. Salvá, *Gramática*, pp. 213-214.

Fronte a Valladares, que, segundo veremos, dá carta de lexitimidade ás construcións pronominais con verbos que en galego se comportan normalmente como intransitivos, Saco observa a preferencia do galego polas construcións intransitivas.

#### 12.2.1.4. Outros tipos de verbo.

Saco non establece de forma expresa máis clasificacións cás que vimos ata aquí. Sen embargo, ó longo do seu traballo utiliza a miúdo etiquetas que remiten a outras distincións. Delas ímonos ocupar a seguir.

En primeiro lugar cómpre facer referencia á oposición entre verbos regulares e verbos irregulares, á que Saco, quizais por considerala irrelevante ou demasiado obvia, non dedica máis ca algún comentario marxinal (cfr. p. 67).

Outra denominación que o noso autor utiliza tamén de forma rutinaria é a de *verbo auxiliar*. Máis que a súa definición como clase, interesa sobre todo coñecer cales son as unidades que a gramática de Saco caracteriza como tales. En principio, son só tres os verbos que, segundo o ourensán, forman parte deste grupo: *ser*, como auxiliar da construción pasiva *ser* + participio (pp. 83-84); e logo *haber* (p. 88) e *ter* (pp. 92-93), en tanto que auxiliares dos tempos compostos. Deles teremos que ocuparnos máis adiante. Sen embargo, no capítulo correspondente ó que el chama *tempos compostos*, en realidade perífrases verbais (pp. 178-181), tamén reciben esta consideración os verbos que actúan como auxiliares nas perífrases.

Por outra parte, *haber* aparece caracterizado ademais como verbo *impersoal* naquelas construcións en que se emprega en terceira persoa de singular. Obsérvese que esta

consideración de *haber* como impersonal entra en colisión con outra afirmación de Saco, que considera que en cláusulas como *haino en todas partes* o pronome acusativo desempeña función de suxeito<sup>6</sup>.

### 12.2.2. Valladares.

A clasificación que propón Valladares (pp. 49-50) non é máis ca unha copia mecánica, rutinaria e imperfecta da de Salvá<sup>7</sup>. As definicións que ofrece o gramático galego para cada unha das clases non presenta ningunha novidade con respecto ás do seu modelo. Pola contra, na maior parte dos casos reproducéas sen o máis mínimo cambio. Si que altera, sen embargo, a estrutura da clasificación, que en Salvá descansa sobre dous criterios. En primeiro lugar o valenciano distingue, de acordo co significado, entre (i) verbos *neutros* ou *intransitivos*, (ii) verbos *substantivos* e (iii) verbos *primitivos*, *derivados* e *compuestos*. Por outra parte, atendendo á súa conxugación e á combinación con outros verbos para formar tempos novos, establece unha nova clasificación en (i) verbos *activos* ou *transitivos*, (ii) *recíprocos*, *reflexivos* ou *pronominais*, (iii) *regulares* e *irregulares* ou *anómalos*, (iv) *defectivos* e (v) *auxiliares*.

Valladares, pola súa parte, agrupa estas dúas series nunha soa clasificación, utilizando como criterio único o de atender "á su conjugación, ó á los tiempos que forma con otros verbos" (p. 49). Deste xeito evítanse algúns dos defectos que presentaba a proposta de Salvá, sinaladamente o de manter en grupos separados os verbos transitivos e os intransitivos cando en realidade os dous se definían de

---

<sup>6</sup> Vid. *supra*, pp. 321-322.

<sup>7</sup> Cfr. Salvá, *Gramática*, pp. 213-216.



acordo co mesmo criterio. A pesar de todo, resulta evidente que o criterio enunciado por Valladares non se corresponde co empregado logo nas definicións. Os verbos *substantivos*, por exemplo, defínense e individualízanse fronte ós demais verbos, polo seu significado: "Significan la existencia, estado, ó situación de las cosas, ó personas; á las que suelen dar alguna calificación" (p. 49).

Por outra parte, a oposición entre verbos *activos* ou *transitivos* e *neutros* ou *intransitivos* establécese sobre a base de que admitan ou non complemento directo ("objeto externo sobre que recaiga su acción") (p. 49). Por último, as restantes clases (*regulares / irregulares*, *defectivos*, e *recíprocos*, *reflexivos* ou *pronominais*) caracterízanse de acordo con criterios fundamentalmente formais. No caso deste último grupo (*recíprocos*, *reflexivos* e *pronominais*) o emprego do criterio formal como base única para a súa caracterización<sup>8</sup> constitúe unha innovación dentro do panorama gramatical do XIX que cómpre atribuír naturalmente a Salvá e non ó seu imitador. Polo demais, ó copiar mecanicamente a Salvá, Valladares admite como fenómeno frecuente en galego que os verbos intransitivos aparezan en construción pronominal. Se ben esta posibilidade existe<sup>9</sup>, non parece que a admitan os verbos que el propón como exemplos: *dormirse* e *pasearse*.

Os *impersoais*, que aparecen agrupados entre os defectivos, defínense tamén cun criterio formal ("solo tienen infinitivo y las terceras personas del singular"),

---

<sup>8</sup> "Recíprocos, reflexivos, ó pronominales, los que llevan en infinitivo el pronombre *se*, que se convierte en los tiempos de los otros modos en *me* y *nós*, para las primeras personas, y *te* y *vós*, para las segundas; guardando el mismo *se* para las terceras" (Valladares, p. 50). Cfr. ademais Gómez Asencio, *Subclases*, p. 160.

<sup>9</sup> Cfr. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 181-182.

pero a súa caracterización complementábase cunha nota de carácter sintáctico: "sin llevar nunca sujeto, ni objeto" (p. 50).

### 12.3. A voz. O problema da pasiva.

Durante o século XIX a gramática máis fiel á tradición greco-latina continúa considerando a voz como un dos 'accidentes' do verbo. Dentro do panorama da gramática española deste século esta era, segundo Calero Vaquera, *Historia*, p. 102), a posición maioritaria. Dos gramáticos galegos soamente Saco e Valladares se ocupan deste asunto.

Como vimos un pouco máis atrás, Saco inclúe a voz na enumeración dos 'accidentes' do verbo. Sen embargo, no parágrafo inmediatamente seguinte volve sobre esta cuestión para negar, desde unha postura que poderíamos cualificar de formalista, que a voz constituía un dos 'accidentes' do verbo galego.

Para Saco, as voces son "las modificaciones que sufre el verbo, segun que el nombre con quien concierta, designa sujeto agente ó paciente, ó ambas cosas á la vez. Así se advierte en estas tres frases: *Pedro defiende á su hermano: Pedro es defendido por su hermano: Pedro se defiende*" (p. 65). Cada unha destas tres posibilidades corresponderíase, respectivamente, coas voces *activa*, *pasiva* e *media* ou *reflexiva*. Ora ben, unha cousa é que a lingua galega teña capacidade para expresa-los contidos que tradicionalmente se definen como voces, e outra ben diferente que eses contidos se expresen formalmente a través dun 'accidente' do verbo. Para Saco está claro que cada lingua organiza ó seu xeito estes contidos. Así, unha lingua coma o grego é capaz de expresalos nos tres casos por medio de procedementos morfolóxicos; en latín, en cambio, só sucede así nos dous

primeiros; o verbo galego, por último, non pode expresar máis cá primeira. Da conxugación pasiva do verbo latino o galego unicamente conserva como resto o participio. O gramático ourensán engade unha nota máis onde insiste nos seus argumentos analizando o problema con admirable lucidez:

La perífrasis con que suplimos la pasiva, no puede llamarse voz, pues ésta es un accidente gramatical del verbo, y los accidentes gramaticales son alteraciones hechas en la estructura material del mismo, lo cual no existe en nuestra pasiva. No tenemos mas razon para atribuirnos esta voz que la reflexiva que igualmente suplimos con un rodeo (p. 65 n.)<sup>10</sup>.

A diferenza de Saco, Valladares percorre o camiño inverso. En realidade, a ambigüidade en que se move fai que resulte difícil precisar cal é a súa posición ó respecto. Así, por unha banda, non inclúe a voz entre os accidentes verbais, o que en principio podería interpretarse como un rexeitamento tácito da voz como categoría gramatical, pero tampouco explica o porqué da súa exclusión. Por outra parte, só unhas páxinas máis adiante establece en que consiste a oposición entre a voz activa e a pasiva. Quizais esta indefinición sexa debida á utilización de fontes discrepantes con respecto a este tema ou, máis probablemente, a unha lectura só superficial do texto que lle serve de base. Trataréi de explicarme. Na caracterización das voces activa e pasiva Valladares copia case literalmente as palabras que a esta cuestión lle dedica Salvá. O texto de Valladares di o seguinte:

---

<sup>10</sup> Cfr. Alarcos, "Las diátesis en español" e "Pasividad y atribución en español", in *Estudios de gramática funcional del español*, Gredos, Madrid, 1980, pp. 90-94 e 163-171 respectivamente.

Voz activa es la que expresa la acción que recae en la persona, ó cosa, objeto de la acción. V. g. *a Guardia civil persigue ôs ladrons* [...]. *Guardia civil* es la persona agente de la persecución, cuyos resultados experimentan los ladrones. En la voz pasiva viene á ser supuesto, ó nominativo, el que era persona paciente, ó acusativo, en la forma activa. V. g. *os ladrons son perseguidos po-l-a Guardia civil* [...]. Exprésase tambien la voz pasiva con las terceras personas y la reduplicación *se*, como *ditouse auto po-l-o juès* [...]. Cállase, por lo comun en este giro la persona agente, por ser fácil de suplir, y exprésase solo la paciente. V. g. *a casa quèimase* = la casa se quema (por el fuego). Pero cuando la sentencia toma el carácter de impersonal, se coloca el verbo en singular, ó plural, segun se vé en el siguiente ejemplo: *atropèllas'ô desvalido* [...], que en plural será *atropèllas'ôs desvalidos* (pp. 50-51).

Vexamos agora o texto de Salvá:

*Voz activa* es la que expresa la acción que recae en la persona o cosa que son el objeto de la acción. En *El alguacil persigue a los ladrones*, aquél es la *persona agente* de la persecución, cuyos resultados padecen los ladrones. En la voz *pasiva* pasa a ser *supuesto* o *nominativo* el que era *persona paciente* o *acusativo* en la oración de la forma activa, como sucedería si dijésemos *Los ladrones son perseguidos por el alguacil*. Expresamos también la voz pasiva con las terceras personas y la reduplicación *se*, como *Propúsose la transacción por los árbitros* [...]. Y en este giro se calla por lo común la persona agente, por ser fácil de suplir expresando sólo la paciente, v.g. *La casa se quema (por el fuego)* [...]. Pero cuando la sentencia toma el carácter de impersonal, se coloca el verbo en el singular y lo que es objeto de su acción va regido de la preposición *a*, verbi gracia: *Se atropella a los desvalidos* (p. 208).

Sen embargo, desafortunadamente a copia interrómpe se no preciso momento en que o valenciano, que en principio inclúe a voz como accidente do verbo, declara:

Estos ejemplos nos demuestran que carecemos de verdadera voz pasiva, pues tenemos que apelar a un circunloquio para suplir la pasiva de las lenguas sabias, que está reducida a una sola dicción (p. 208).

Parece evidente, pois, que Valladares non soubo ou non quixo entender cabalmente o sentido das palabras do seu modelo<sup>11</sup>.

#### 12.4. Concepto de modo. Os modos verbais.

Tanto polo que se refire ó concepto de modo como no relativo á clasificación dos distintos tipos que presenta o verbo galego, existe unha coincidencia básica entre a proposta de Saco e a de Valladares. Así, conforme ó criterio maioritario na gramática do momento, ambos caracterizan os modos verbais como as distintas maneiras de expresa-la acción designada polo verbo. Para Saco, os modos son "las alteraciones que recibe el verbo, segun que la idea por él espresada, se presenta bajo la forma de afirmacion, mandato, deseo ó de una simple posibilidad" (p. 65-66). A definición de Valladares é máis elemental e vaga: os modos verbais serven para "caracterizar las diferentes significaciones del verbo" (p. 47).

Os dous gramáticos coinciden tamén no número e na denominación dos distintos modos que cabe distinguir no verbo galego: indicativo, subxuntivo, imperativo e infinitivo<sup>12</sup>. Tampouco neste punto as súas propostas se apartan da formulación máis tradicional dentro da gramática española, que, salvo moi poucas excepcións, viña reiterando esta distribución cuatripartita desde que a Real Academia

---

<sup>11</sup> A única ocasión en que ó longo deste parágrafo Valladares intenta corrixir a Salvá incorre nun erro de vulto. Refírome ó tramo final en que Salvá se refire ás construcións impersoais con verbo en singular. Valladares emenda engadindo "o plural" e propón como exemplos *atropèllas'ô desvalido* e *atropèllas'ôs desvalidos*, onde o verbo se mantén nos dous casos en singular.

<sup>12</sup> Esta é, por outra banda, a distribución que presentan os textos de Cuveiro e Rodríguez Rodríguez, que non se deteñen a definir cada un dos modos verbais. Mirás, en cambio, establece unha primeira oposición de carácter formal entre modos impersoais (o modo infinitivo) e modos persoais (indicativo e subxuntivo). O imperativo, a xulgar polo tipo de letra con que aparece o epígrafe, parece estar incluído entre os tempos do indicativo.

Española a estableceu na primeira edición da súa *Gramática*<sup>13</sup>. A Academia non variaría a súa posición ata a edición de 1920, en que introduce o chamado "modo potencial".

Onde si se perciben algunhas diferencias entre Saco e Valladares é na caracterización particular de cada un dos modos verbais. Aínda que en ambos o concepto de modo, ten un fundamento semántico, logo, na definición de cada un deles, Saco combina este criterio co da independencia sintáctica. É precisamente este factor o que lle permite establecer unha distinción entre o que denomina modos *absolutos* ou *independentes*, que serían o indicativo e mailo imperativo, e os modos que por oposición podemos chamar *dependentes* (neste caso a denominación é nosa), que se corresponden co subxuntivo e o infinitivo. Isto non obsta para que despois, na caracterización particular de cada modo, Saco volva novamente sobre o criterio semántico para individualizalo indicativo e o imperativo: o primeiro expresa a afirmación, mentres que o segundo indica "mandato, consejo ó súplica" (p. 173). No caso dos dous modos restantes, o subxuntivo e o infinitivo, o único trazo caracterizador é, sen embargo, o da súa dependencia con respecto a outro verbo: "se usan con subordinación á outro verbo" (p. 173). Obsérvese que este trazo só permite caracterizalos fronte ós modos *independentes*, pero non serve para distinguir un do outro.

Pola contra, na caracterización que presenta Valladares predominan os trazos de natureza semántica. Este é o único criterio que se emprega para defini-lo indicativo ("indica simplemente y sin condición alguna lo que se significa por el verbo") (p. 48) ou o imperativo ("es el que expresa la

---

<sup>13</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, pp. 117-118.

acción mandando") (p. 49). Na definición do modo infinitivo os trazos semánticos ("es la existencia misma") aparecen mesturados con algunhas notas formais, como a de carecer de formas especiais para os distintos números e persoas (p. 47). Soamente na definición do subxuntivo é posible atopar referencias á dependencia sintáctica:

Subjuntivo es el que la expresa [a acción] bajo la dependencia de otro verbo y tambien bajo una condición implícita, ó explicativa (p. 49).

### 12.5. A temporalidade verbal. Organización temporal do verbo galego.

Máis có propio concepto de tempo verbal, que só aparece definido en Saco, e conforme ós criterios habituais no seu tempo<sup>14</sup>, interéсанos coñecer cal é percepción de cada un dos nosos gramáticos acerca da organización temporal do verbo galego e, sobre todo, cales son os valores temporais que se lle atribúe a cada forma.

Con respecto á primeira destas dúas cuestións, a da estrutura modo-temporal do verbo galego, podemos distinguir dúas posturas: unha puramente mimética do castelán e outra máis centrada na descrición da realidade lingüística do galego. A primeira delas corresponde ás formulacións de Mirás e Cuveiro; a segunda está representada fundamentalmente pola descrición que realiza Saco, que é, por outra parte, a mesma que logo han adoptar Valladares e Rodríguez.

O esquema modo-temporal que presenta o *Compendio* de Mirás reproduce a clasificación usual que ofrecen as

---

<sup>14</sup> "llámense así las modificaciones del verbo para expresar la época en que pasa la acción ó estado, designado por aquel" (p. 66). Para outras definicións deste mesmo corte, cfr. Calero Vaquera, *Historia*, pp. 119-120.

gramáticas do español, e sinaladamente a da Real Academia. Deste xeito, introduce no cadro da conxugación galega as formas compostas do español, non sendo no caso do pretérito perfecto, para o que dá como forma única *cantei*. Son tamén atribuíbles á influencia da gramática española inspirada na doutrina da Academia, entre outros trazos, a inclusión de *cantara*, *cantase* e *cantaría* no pretérito imperfecto de subxuntivo, ou o agrupamento baixo unha etiqueta común das formas simple e composta do futuro de subxuntivo. A reunión destas dúas últimas formas fora unha innovación da edición de 1796 da gramática académica que aínda contaba con seguidores entre os gramáticos españois do século XIX<sup>15</sup>. En definitiva, a organización modo-temporal do verbo que presenta a obriña de Mirás queda como segue:

## INDICATIVO

Presente: <i>canto</i>	
Pret. imperf.: <i>cantaba</i>	Pret. plusc.: <i>había cantado</i>
Pret. perfecto: <i>cantei</i>	
Fut. imperf.: <i>cantarei</i>	Fut. perf.: <i>habrei cantado</i>

## SUBXUNTIVO

Presente: <i>cante</i>	Pret. perf.: <i>haya cantado</i>
Pret. imperf.: <i>cantara, -ría, -se</i>	Pret. plusc.: <i>houbera,</i> <i>habiría ou houbese cantado</i>
Futuro: <i>cantare, houbere cantado</i>	

IMPERATIVO<sup>16</sup>

*canta*

---

<sup>15</sup> Cfr. Domínguez Caparrós, "La gramática de la Academia", p. 95, e Calero Vaquera, *Historia*, p. 128, n. 51.

<sup>16</sup> Como xa dixemos, o imperativo aparentemente está incluído dentro do modo indicativo.



INFINITIVO<sup>17</sup>

Inf. pres.: <i>cantar</i>	Xer. pres.: <i>cantando</i>
" pret.: <i>haber cantado</i>	" pret.: <i>habendo cantado</i>
" fut.: <i>haber de cantar</i>	" fut.: <i>habendo de cantar</i>

O esquema de Cuveiro ofrece poucas novidades con respecto ó de Mirás. Os únicos cambios que introduce parecen inspirados polo desexo de adecua-los cadros de conxugación de Mirás ós da última edición da gramática académica. A esta razón obedece, por exemplo, a inclusión de *hei cantado* e *houben cantado* ó lado de *cantei* no pretérito perfecto de indicativo (xa na edición da *Gramática* académica de 1796), ou a separación de *cantare* e *houbere cantado*. Deste xeito, o paradigma da conxugación que propón Cuveiro é unha copia exacta do das edicións máis recentes da gramática académica<sup>18</sup>:

## INDICATIVO

Presente: <i>canto</i>	
Pret. imperf.: <i>cantaba</i>	Pret. plusc.: <i>había cantado</i>
Pret. perfecto: <i>cantei,</i> <i>hei cantado, houben</i> <i>cantado</i> <sup>19</sup>	
Fut. imperf.: <i>cantarei</i>	Fut. perf.: <i>haberei cantado</i>

## SUBXUNTIVO

Presente: <i>cante</i>	Pret. perf.: <i>hayga cantado</i>
Pret. imperf.: <i>cantara, -ría, -se</i>	Pret. plusc.: <i>houbera,</i> <i>habiría</i> ou <i>houbese cantado</i>
Fut. imperf.: <i>cantare</i>	Fut. perf.: <i>houbere cantado</i> <sup>20</sup>

<sup>17</sup> En realidade, as formas do "modo infinitivo" só aparecen no paradigma do verbo *ser*.

<sup>18</sup> Cfr., por exemplo, as edicións de 1854 ou 1866.

<sup>19</sup> No paradigma regular da primeira conxugación e no do verbo *ser* aparece unicamente a forma simple; no da segunda, terceira e cuarta conxugacións engade as dúas formas compostas.

<sup>20</sup> Na conxugación do verbo *ser* non figura ningún dos dous futuros de subxuntivo. No da primeira conxugación *houbere deixado* aparece, ademais de como futuro perfecto, tamén como futuro imperfecto ó lado de *deixare*. Nos restantes paradigmas a forma simple e a composta aparecen xa conforme indicamos no cadro.

## IMPERATIVO

*canta*INFINITIVO<sup>21</sup>Inf. pres.: *cantar*Inf. pret.: *haber cantado*Xer. pres.: *cantando*

Despois de todo o visto parece claro que tralos modelos de conxugación que ofrecen Mirás e Cuveiro non existe a máis mínima reflexión sobre o sistema temporal do verbo galego. Deixando xa á parte as formas compostas, debemos subliñar certas ausencias significativas, como a de *cantara* como forma de pluscuamperfecto de indicativo, ou mesmo a do infinitivo conxugado. Con respecto ás formas compostas, cabería pensar en principio que a súa presenza se debe exclusivamente ó seguimento cego e irreflexivo do paradigma do español. Sen embargo, polo menos no caso de Mirás, estas formas están tamén presentes nos textos que serven de complemento á descrición gramatical<sup>22</sup>.

Saco, Valladares e Rodríguez presentan un esquema modo-temporal coincidente e máis próximo á realidade lingüística do idioma. A influencia da *Gramática* da Academia Española, ou das que seguen a súa liña, acúsase, non obstante, en cuestións como a da inclusión de *cantaría* no pretérito imperfecto de subxuntivo. Máis adiante ocupáronos das referencias ás formas compostas con *haber* e *ter*, así como das consideracións sobre a súa lexitimidade. De momento

---

<sup>21</sup> Así no paradigma das catro conxugacións. No do verbo *ser*, en cambio, segue a Mirás e distingue, por unha parte, un infinitivo presente (*cantar*), pretérito (*haber cantado*) e futuro (*haber de cantar*), e por outra un xerundio presente (*cantando*), pretérito (*habendo cantado*) e futuro (*habendo de cantar*).

<sup>22</sup> Sirvan como exemplos os seguintes: *o ser ha resibido, a heredá que houbechedes janado, vermes que contra min san lebantado, a vosa sorte había preparado* (p. 68), etc.

vexamos cal é a organización modo-temporal dos paradigmas da conxugación:

## INDICATIVO

Presente: <i>canto</i>	Pret. imperf.: <i>cantaba</i>
Pret. perfecto: <i>cantei</i>	Pret. plusc.: <i>cantara</i>
Fut. imperf.: <i>cantarei</i>	

## SUBXUNTIVO

Presente: *cante*  
 Pret. imperf.: *cantara, -ría, -se*  
 Fut. imperf.: *cantare / cantar.*

## IMPERATIVO

*canta*

## INFINITIVO

Infinitivo (invariable e persoal):  
*cantar*  
 Xerundio: *cantando.*  
 Participio: *cantado.*

Polo que se refire á determinación dos valores temporais que asume cada unha das formas do paradigma, soamente os textos de Saco e Valladares ofrecen indicacións máis ou menos precisas. Como de costume, as apreciacións máis suxerentes corresponden, segundo veremos, ó ourensán.

Da caracterización do entramado de relacións temporais que ofrece este autor destaca de forma especial a distinción, a penas esbozada, entre os tempos chamados *absolutos* e os *relativos*. Esta oposición, inspirada na *Grammaire* de Port-Royal, non disfrutou, sen embargo, dunha gran difusión no ámbito da gramática española<sup>23</sup>. Para os seus defensores, a diferenza entre uns tempos e outros estriba en que mentres que os primeiros serven para situar temporalmente un acontecemento con respecto á orixe, que

<sup>23</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, p. 122.

Saco identifica co momento da fala, os segundos establecen unha relación temporal entre o suceso e unha referencia que, por súa vez, garda unha determinada relación temporal coa orixe. Aínda que non utilice os termos *absoluto* e *relativo*, Saco apunta esta distinción cando indica:

Aunque en absoluto no hay mas que tres tiempos, presente, pasado y futuro, puede la época de un suceso considerarse con relacion á otros sucesos, anteriores, simultáneos ó posteriores (p. 66).

Deste xeito, segundo a descrición de Saco tres son os tempos de indicativo que toman como punto de referencia o momento da fala: o *presente* ("suceso que pasa al hablar"), o *pretérito perfecto* ("hecho que pasó"), e o *futuro imperfecto* ("hecho que pasará"). Os dous tempos relativos que el considera, o *pretérito imperfecto* e o *pretérito pluscuamperfecto* sitúan o suceso con relación a outro anterior á orixe, o primeiro indicando simultaneidade ("hecho pasado simultáneo de otro pasado") e o segundo denotando anterioridade ("hecho pasado anterior á otro pasado") (p. 66).

Unha revisión crítica da descrición do gramático ourensán obríganos a sinalar certas insuficiencias que desloquen o seu traballo. En primeiro lugar, cómpre recoñecer que o noso autor non soubo desenvolver ata as últimas consecuencias o seu principio de análise. Un dato, se se quere anecdótico, pero non por iso menos significativo, é que, tocante á terminoloxía, Saco manteña a nomenclatura tradicional, evidentemente inadecuada. Por outra parte, resulta tamén insatisfactoria a consideración de *cantaría* como forma de subxuntivo. Noutra orde de cousas, existe na descrición de Saco unha eiva importante: na determinación dos valores temporais de cada forma non hai referencias ós tempos de subxuntivo.

A descrición de Valladares (pp. 48-49) non mellora nin completa en ningún aspecto a de Saco. Pola contra, presenta as mesmas lagoas cá caracterización do ourensán só que ademais, a diferenza da deste, non establece a distinción que antes comentabamos entre os tempos *absolutos* e *relativos*.

#### 12.5.1. As formas compostas.

Trala descrición do sistema verbal galego apréciase, do mesmo xeito ca noutros capítulos da gramática, a presenza latente do español. En efecto, esta descrición preséntase a miúdo como unha especie de confrontación entre as estruturas temporais de ámbolos idiomas. Isto obriga ós nosos autores a establecer solucións galegas que dean conta daquelas relacións temporais que en español se expresan a través de formas que, en principio, carecen dun correlato directo no noso idioma. Refírome, naturalmente, ós problemas de descrición xerados pola existencia no español de formas verbais compostas con *haber* e ás diferentes posicións normativas dos nosos gramáticos con respecto á lexitimidade destas construcións no galego. Para analizar esta cuestión centrarémonos nos textos de Saco, Valladares e Rodríguez. Se prescindimos dos traballos de Mirás e Cuveiro é porque consideramos que a presenza sistemática nas súas obras dos tempos compostos con *haber* non pode considerarse o resultado dun proceso previo de reflexión, senón que é achacable á incompetencia profesional dos seus autores, que se limitan a copiar de forma mecánica e apresurada o paradigma do español.

A pesar de que nas obras a que nos estamos a referir os paradigmas da conxugación non inclúen en ningún caso formas perifrásticas, algúns autores acoden a elas para completaren

a estrutura temporal do verbo. Tal é o caso de Saco, que en varias ocasións se refire á posibilidade de empregar formas deste tipo auxiliadas ben por *haber* ben por *ter*, ou o de Manuel R. Rodríguez, que admite así mesmo algunhas formas compostas, pero só co segundo destes dous verbos e nunca con *haber*:

La conjugación gallega no formula tiempos compuestos auxiliados con el verbo *haber*, como las demás lenguas romanceadas; pero el verbo *tener* puede suplir esta falta expresando la misma idea ("Bosquejo" III, p. 12).

De feito, noutro dos seus traballos ("Apuntes", p. 51) este autor considera castelanismos os compostos con *haber* que encontra na *Crónica Troiana*.

Fronte a eles, Valladares, que non se pronuncia con respecto ós compostos con *ter*, rexeita terminantemente as auxiliadas por *haber*:

Divídense los tiempos, en cuanto á su forma, en simples y compuestos. Simples son los que se expresan con una sola palabra, como *lèvo*, *levarèi* [...]. Compuestos, los que se expresan con mas de una palabra, como *había llevado*, *hubiera llevado*, forma desconocida en nuestro dialecto (p. 49).

Con respecto ás formas perifrásticas con *haber*, Saco mantén unha posición un tanto vacilante e ambigua. Así, nun principio, aínda que precisa que estas formacións non se producen de forma sistemática<sup>24</sup>, parece consideralas admisibles normativamente coa única excepción da formada sobre o presente de indicativo:

Unicamente el decir *he amado*, *he leído*, &c., repugna por completo á nuestro dialecto (p. 67).

---

<sup>24</sup> Así o sinala en diversas ocasións. De feito, considera que esta circunstancia contribúe a identifica-lo galego fronte ó español: "Con respecto al uso de los tiempos, las principales diferencias entre el gallego y el castellano son debidas á la circunstancia de abundar menos el primero que el segundo en tiempos compuestos del verbo *haber*" (p. 175).

En todo caso, aclara que de todas elas as que máis se empregan son *houben cantado*, *había cantado* e *houbera cantado* (p. 66). Máis adiante completa esta relación con *houbese cantado* e *habería cantado* (p. 88-89). Esta actitude permisiva inicial vaise matizando nun sentido restrictivo a medida que o autor considera individualmente cada unha das formas. Deste xeito, unha forma como *había cantado*, que en principio aparece entre as de uso máis frecuente, resulta que "pocas veces se emplea" (p. 175). Pola contra, recoñece que a forma habitual para o antepretérito é *cantara*, resultado da pervivencia do pluscuamperfecto latino (pp. 77-78). Finalmente, tamén acaba por admiti-lo escaso uso das formas compostas para "suplir" o 'pluscuamperfecto de subxuntivo' do español. Fronte ás formas en *-ra* e *-se*, que se empregan "comunmente", as perifrásticas soamente se utilizan "a veces" (p. 69).

¿Como debemos interpretar, pois, a posición de Saco? Non hai nada que obxectar á admisión de *houbera* ou *houbese cantado*, que teñen certa presenza na fala e no galego escrito como expresión dunha "hipotética perfectividad dada en una acción supuesta en el pasado", asociada cun valor modal de irrealidade<sup>25</sup>. Sen embargo, resulta cando menos sorprendente que o excelente coñecedor do galego vivo que era Saco recoñeza como forma lexitimamente galega un antepretérito *había cantado*, por máis que aclare que se trata dunha solución pouco usada. Non parece que o galego popular que serve a miúdo de base para a súa descrición puidera darlle pé para a inserción desta forma no sistema. Aínda hoxe, cando a penetración do castelán en Galicia é moito máis profunda, o emprego desta solución é sentido como

---

<sup>25</sup> Guillermo Rojo, *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Anexo 2 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1974, p. 137. Cfr. ademais Álvarez Blanco et al., *Gramática*, p. 414.

indicio de que a persoa en cuestión é neofalante. Por outra parte, as documentacións que encontramos no galego literario da época son absolutamente minoritarias se as comparamos coas de *cantara*<sup>26</sup>. Da vitalidade de *cantara* como forma de antepretérito pode dar unha idea o feito de que no actual castelán de Galicia sexa habitual a súa utilización no canto da forma perifrástica do español *había cantado*<sup>27</sup>. A partir deste dato non será moi arriscado supoñer que a situación a mediados do século pasado non debía de ser moi diferente. E en efecto, contamos con algúns testemuños que así o indican. O primeiro é o do escritor e investigador do folclore José Pérez Ballesteros, que nunha das notas do *Cancionero popular gallego* observa:

Este defecto se nota en el lenguaje castellano de los hijos del país cuando se expresan en castellano. No es difícil oír: Yo *extendiera* (por yo había extendido) las órdenes, creyendo que el jefe las hallaría bien [...]. En buen hora que se respete esta sustitución que el uso tiene introducido en el dialecto, pero debemos evitar que dentro de la lengua nacional se convierta en provincialismo (II, pp. 233-234).

A segunda das referencias con que contamos corresponde a don Emilio Álvarez Giménez, que se manifesta no mesmo sentido:

Hay otro defecto [...] respecto al uso que hacen de la primera forma del pretérito imperfecto de subjuntivo [*cantara*] en vez del pluscuamperfecto de subjuntivo (*Los defectos*, p. 60).

É difícil de crer que Saco puidese ignorar esta realidade. Así pois, o recoñecemento de *había cantado* deberá

---

<sup>26</sup> Por citar só algúns exemplos, na *Gaita gallega*, soamente atopamos un par de exemplos: *había secado* (55) e *había bautizado* (159). En Rosalía atopamos tamén algunha ocorrencia illada: *había levantado* (*Follas*, p. xxviii).

<sup>27</sup> Cfr. Constantino García González, *Temas de lingüística galega*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1985, pp. 121-122.



entenderse como unha concesión ó seu uso minoritario inducido polo castelán.

O tratamento das formas compostas con *ter* é en certa medida similar ó das formadas co auxiliar *haber*. A posición de partida vén a se-la mesma: tanto Saco como Rodríguez ("Declinación") admiten en principio e sen ningún tipo de restricción tódalas combinacións posibles. Tanto é así que Saco mesmo chega a equipara-la frecuencia do seu uso en galego coa dos compostos correspondentes do español (p. 92). Sen embargo, como iremos vendo, esta posición inicial non se confirma logo, polo menos no caso de Saco. Na obra do ourensán apréciase unha certa preocupación por demostrar que o sistema verbal galego, aínda que con menos formas có español, é capaz de expresa-las mesmas relacións temporais ca este. Esta insistencia nos medios de que se serve o galego para formula-los contidos temporais que o español expresa a través de formas perifrásticas será precisamente o que nos permita determinar cal é o papel que lles reserva ós compostos con *ter*. E así resulta que, en contra das súas propias afirmacións, este autor non acode máis ca en contadas ocasións ás formas perifrásticas, que, na práctica, quedan reducidas a dúas. A primeira delas, *tereí cantado*, corresponde ó futuro perfecto de indicativo do castelán (pp. 66, 68) e serve para expresar anterioridade con respecto a unha referencia posterior á orixe ("accion futura anterior á outra igualmente futura, v.g. *Cando veñas, xa terei marchado*") (p. 175). A segunda, *tiña cantado*, alterna, segundo xa vimos, con *cantara* e con *había cantado* no pluscuamperfecto de indicativo (p. 66). Os valores dos demais tempos compostos do español exprésanse en galego,

sempre segundo Saco, a través das formas simples do seu paradigma<sup>28</sup>.

Deste xeito, a afirmación inicial de que tódalas combinacións con *ter* son admisibles queda en certa medida atenuada coas observacións posteriores. En calquera caso, parece conveniente intentar unha xustificación para esa posición de partida. Ó meu modo de ver, existen sobre o papel dúas posibles vías de explicación. A primeira delas consistiría en atribuír esta postura a un lusismo deliberado por parte de Saco. Sen embargo, esta hipótese a penas se sostén se consideramos que o ourensán evita polo xeral acudir ó portugués en procura de solucións para o galego. Unha segunda explicación levaríanos a supoñer que quizais Saco non soubo discrimina-los dous valores que se agochan tralo que el considera tempos compostos auxiliados por *ter*, e que modernamente se interpretan como perífrases verbais<sup>29</sup>. En efecto, os traballos máis recentes sobre estas construcións verbais distinguen dous valores na perífrase perfectiva *ter* + participio<sup>30</sup>. O primeiro deles correspondería a un significado aspectual reiterativo: *xa cho teño dito (máis de unha vez)*; o segundo valor, puramente perfectivo, xorde unicamente cando o auxiliar está en infinitivo, en futuro ou en futuro do pretérito: *para cando cheguemos aló a festa xa terá rematado*.

---

<sup>28</sup> En concreto, para traduci-los tempos compostos do subxuntivo, que expresan primariamente anterioridade, Saco recomenda emprega-las formas en *-ra* e *-se* do imperfecto de subxuntivo. Cfr. pp. 69 e 176. O mesmo fai Valladares (p. 49), que probablemente recolle esta idea de Saco.

<sup>29</sup> En realidade o sintagma "tempos compostos" é un termo equívoco en Saco, pois aparece empregado tanto para designa-las formas perifrásticas da conxugación española como para referirse ás perífrases verbais.

<sup>30</sup> Cfr. Guillermo Rojo, *Perífrasis*, pp. 128-132, e Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 413-414. Sobre a inexistencia no sistema temporal galego de formas perifrásticas auxiliadas por *ter* véxase tamén Alexandre Veiga, "Verbo latino e verbo galego. Notas para unha análise comparativa", *Verba* 13 (1986), p. 80.

Esta segunda explicación parécese máis plausible. Na miña opinión, Saco parte de exemplos como os que acabamos de citar, onde as construcións *ter* + participio poden traducirse ó español utilizando formas compostas con *haber*. A partir de aquí, o noso autor chega á conclusión de que estas dúas construcións teñen exactamente o mesmo valor e que, polo tanto, merecen a mesma consideración. Un novo dato vén a reforzar esta hipótese: no capítulo correspondente ás perífrases verbais Saco considera que o significado de *xa ll'ó teño dito* é idéntico ó de *xa ll'ó dixen* (p. 178). Segundo isto, unha cláusula como *daquela eu xa tiña estado alí moitas veces* deberá considerarse equivalente a *daquela eu xa estivera alí...*, e traducible por *entonces yo ya había estado allí...* Velaquí, pois, a clave de por que considera os sintagmas *ter* + participio como paralelos das formas compostas do español. Quizais esta explicación sexa aplicable tamén a Rodríguez, que con respecto a esta cuestión mantén unha postura similar á de Saco. De tódolos xeitos, nos seus traballos non atopamos ningún dato que nos permita afirmalo con maior seguridade.

#### 12.5.2. Infinitivo persoal e infinitivo invariable.

A presenza no sistema verbal galego dun infinitivo que en certos casos admite desinencias persoais foi motivo de opinións encontradas entre os gramáticos do século pasado. Dos cinco autores que vimos citando aquí asiduamente unicamente tres, Saco, Valladares e Rodríguez, se decataron da súa existencia. Con todo, soamente Saco se atreveu a intentar unha caracterización dos contextos en que se podía empregar a forma conxugada e en cales se debía empregar o infinitivo invariable. Polo demais, nin Cuveiro nin por suposto Mirás deixaron constancia del nos seus traballos.

Saco refírese entusiasticamente á forma conxugada presentándoa como unha característica exclusiva do galego e silenciando, quizais por ignorancia, quizais de forma deliberada, a existencia dunha formación similar en portugués (p. 67). A estas pretensións de novidade por parte de Saco respondería desde as páxinas da revista *Romania* o anónimo autor da recensión da súa obra:

Parfois cette ignorance voulue fait un effet bizarre, comme quand l'auteur dit (p. 67): «Una particularidad notabilísima del verbo gallego es que el infinitivo... puede aquí conjugarse» et en note: «Sin duda parecera extraña esta doctrina...» Qui dirait qu'on a jamais entendu parler des infinitifs conjugués portugais?<sup>31</sup>

Tamén Manuel R. Rodríguez ("Apuntes", p. 58) indicaría que se trataba dunha característica común a galego e portugués. Pero Saco foi algo máis que o único autor galego que analizou con certo detalle a forma conxugada. Dentro do panorama do século XIX a súa voz foi tamén a única que se ergueu para reivindicar as excelencias e a corrección do seu emprego:

Esta variedad de terminaciones del infinitivo que es una prueba más de la dócil flexibilidad de nuestro dialecto, favorece mucho á la claridad y concision de la cláusula, como se evidencia comparando los ejemplos gallegos con su traducción castellana: la frase resulta al propio tiempo más expresiva (p. 184).

Na súa defensa desta forma maniféstase unha vez máis a vontade por parte do autor de destacar aqueles aspectos en que considera que o paralelo das linguas galega e española beneficia a primeira. Trátase dun recurso que Saco utiliza sempre que ten ocasión. No capítulo do pronome viamos un caso semellante: o do mantemento en galego da correlación

---

<sup>31</sup> *Romania* (1872), pp. 243-244. A recensión, que non aparece asinada, débese probablemente á pluma de Gaston Paris, que é quen asina as restantes.

numérica *llo / llelo* fronte á neutralización da oposición no español *se lo*.

Valladares e Rodríguez non comparten o entusiasmo de Saco diante deste 'achado'. Pola contra, sen negaren en ningún momento a existencia desta forma no galego vivo, ambos consideran que baixo ningún concepto debe recomendarse o seu emprego. Quen máis énfase pon na condena do infinitivo conxugado é Rodríguez, que en tódolos seus traballos reserva un espacio para dedicarlle a esta forma cualificativos como "aberración lingüística" ("Declinación", p. 344), "paradoja lingüística" ("Bosquejo" III, p. 12) ou "anomalía gramatical intolerable, que debiera desaparecer á todo trance para no volver á figurar máis en los paradigmas de la conjugación gallega" ("Apuntes", p. 58). Valladares móstrase algo máis moderado e rexéitao simplemente por innecesario (p. 53).

A dureza destas expresións obríganos a interrogarnos acerca das posibles causas desta aversión a recoñecer unha forma común que, por outro lado, o galego comparte co portugués, unha lingua na que disfruta de pleno recoñecemento normativo. Na miña opinión a explicación está encerrada no carácter paradoxal que Rodríguez lle atribúe a esta formación. A afirmación de que se trata dun resultado agramatical e aberrante nace da consideración do fenómeno desde unha perspectiva ríxida e apriorística: dando por sentado que o infinitivo é unha *forma non persoal* do verbo (así é como a caracterizan tódalas gramáticas), malamente se pode aceptar que admita desinencias persoais. A isto apuntan as seguintes palabras de Rodríguez:

Por más que sea paradoja, tenemos un *infinitivo* en el modo *finito*; es decir, un *infinitivo conxugado*, según le llama impropriamente el Sr. Saco, y que nosotros denominaremos infinitivo personal ("Declinación", p. 344).

Outro factor que puido favorecer esta visión negativa do infinitivo conxugado constitúeo o feito de que o emprego desta forma apareza condenado na corrección de erros de Álvarez Giménez (*Los defectos*, pp. 68-69). É indiscutible a influencia que a obra de don Emilio exerceu sobre Valladares en moitas cuestións. Quizais esta sexa unha manifestación máis. No caso de Rodríguez non temos datos que nos permitan pronunciarnos de forma categórica.

Nunha primeira impresión, e fixándonos só no seu carácter desatinado, consideracións deste tipo poden parecer intrascendentes. Sen embargo, desde o meu punto de vista, teñen certa importancia na medida en que revelan cal é a concepción que teñen os seus autores do papel que deben xoga-la gramática e mailos gramáticos. Evidentemente, as opinións a este respecto de Valladares e Rodríguez, por unha banda, e de Saco, pola outra, son ben diferentes. Mentres que o ourensán entende que o oficio do gramático é dun observador e notario da realidade lingüística, os seus colegas, quizais pecando de soberbios, sitúanse nun plano superior e considéranse competentes para bendicir ou condenar tal ou cal uso. O grave é que esta autosuficiencia deixa o camiño aberto ó capricho e á arbitrariedade. Como teremos oportunidade de ver, non será esta a única ocasión en que Rodríguez e Valladares se permitan rexeitar solucións características do galego presentándoas como graves atentados contra as normas dunha 'gramática' en abstracto, que as máis das veces coinciden sospeitosamente coas da gramática do español.

Noutra orde de cousas, a caracterización que Saco fai do emprego dos infinitivos persoal e invariable resulta, en liñas xerais, bastante acertada, aínda a pesar da súa simplicidade. Segundo a súa descrición, son dous os casos en

que se emprega a forma invariable: cando o infinitivo está tomado en sentido abstracto e cando funciona como complemento directo dun verbo, e especialmente cando entre ámbalas formas non media preposición. Os exemplos que cita desta segunda construción corresponden a infinitivos dependentes nun caso dun verbo modal (*querer*), e noutro dun verbo causativo (*mandar*), dous casos en que a gramática e o uso actuais prescriben efectivamente o emprego da forma invariable<sup>32</sup>.

O emprego do infinitivo en forma persoal aparece tamén asociado a determinadas funcións sintácticas. Así, constrúense deste xeito os infinitivos que funcionan como suxeito dunha cláusula, "principalmente de verbo sustantivo" (*ser*) (p. 182), se ben entre os exemplos figura algún verbo unipersoal (*cumprir*). Úsase tamén cando desempeña a función de complemento circunstancial "de causa, fin, designio, restricción &c." (p. 183). Neste último caso, o desempeño desta función sintáctica leva consigo a presenza dunha preposición. Saco engade ademais unha condición que propicia o emprego da forma persoal: que a persoa do suxeito do infinitivo estea tamén presente na cláusula principal, ben como suxeito, ben como complemento. En realidade, entre os exemplos hai algúns en que esta condición non se dá: *¿Pra qué veu sin o chamaren?*

É evidente que a súa descrición é manifestamente mellorable. Non obstante, tras ela percíbese un exercicio de reflexión e de elaboración gramatical dos feitos lingüísticos. Unha revisión crítica dos seus postulados lévanos a considerar que non semella moi axeitado o criterio

---

<sup>32</sup> Cfr. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 395-396. Non obstante, para unha crítica do enunciado de Saco, véxase ademais García Gondar, *O infinitivo conxugado en galego*. Anexo 13 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1978, pp. 50-53.

de liga-lo emprego das dúas formas do infinitivo exclusivamente ás funcións sintácticas que poden desempeñar. Conforme indican Álvarez Blanco et al. (*Gramática*, p. 385), "as formas invariable e conxugada do infinitivo poden aparecer en idénticos contextos coas mesmas funcións e significado". Se ben se poden establecer índices de frecuencia da aparición dunha e outra forma en cada función, parece que non é este o factor que finalmente determina a escolla<sup>33</sup>.

### 12.5.3. O participio.

Como xa quedou indicado no capítulo correspondente á clasificación das chamadas 'partes da oración', non existe acordo entre os gramáticos galegos á hora de considera-lo participio, pois mentres que Valladares o inclúe na súa relación como clase independente do verbo, Saco e Rodríguez exclúeno das súas<sup>34</sup>. Desafortunadamente ningún destes autores se detén a explica-lo porqué da súa opción, algo por outra parte non infrecuente noutros textos contemporáneos<sup>35</sup>. En calquera caso, non estará de máis advertir que en Valladares debeu de pesar máis a tradición cá reflexión, pois, se ben na súa obra o participio figura na enumeración das clases de palabras, máis adiante, na exposición dos

---

<sup>33</sup> Segundo García Gondar, *O infinitivo conxugado*, p. 52, son outras as condicións que rexen o seu uso, singularmente o feito de que "o suxeito do infinitivo estea expreso ou veña indicado polo contexto, ou, se non é coñecido, que se queira indicar por medio da desinencia persoal, ben - engado eu- por razóns de claridade ou de énfase na expresión".

<sup>34</sup> Vid. supra, pp. 224-225.

<sup>35</sup> A este respecto, Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, xustifica esta falta de argumentos de ámbalas partes na natureza extralingüística das razóns para a inclusión ou exclusión do participio: "aquéllos tomaban el participio como una clase de palabras para ser fieles a la tradición que seguían; éstos le niegan ese carácter para oponerse a esa misma tradición" (p. 320).



paradigmas da conxugación, atopámolo como unha forma verbal máis.

Por outra banda, con respecto á clasificación do participio en 'activo' ou 'presente' e 'pasivo' ou 'pretérito', usual nas gramáticas de corte máis tradicional<sup>36</sup>, Saco é categórico:

No hay en gallego, rigurosamente hablando, mas participios que el pasivo, que tiene los mismos usos que en castellano. Son simples adjetivos verbales algunos que en la forma se asemejan á los participios de presente latinos (p. 114).

Polo demais, o escaso espacio que nas nosas gramáticas se lle dedica ó participio está ocupado por relacións pouco interesantes de formas regulares e irregulares (Saco, pp. 114-115; Valladares, pp. 99-103).

---

<sup>36</sup> Cfr., por exemplo, a *Gramática de la lengua castellana* da Real Academia, que establece esta distinción na primeira edición ("Divídese en activo y pasivo. Activo es el que significa acción [...]. Pasivo es el que significa pasión", p. 172), para mantela durante todo o século XIX. Cfr. a edición de 1866, p. 111.

### 13. O verbo (II). Morfoloxía regular

Neste capítulo de morfoloxía verbal propoñémosnos analizar aqueles aspectos dos modelos de flexión que ofrecen os nosos gramáticos que consideramos poden revestir maior interese, ben pola información que proporcionan verbo da distribución dialectal de certas formas no século pasado, ben polas consideracións que sobre elas se fan desde un punto de vista normativo. Prescindiremos, pois, daqueles aspectos que por obvios e esperables non engaden nada novo. Si trataremos, en cambio, algunhas ausencias significativas de certas solucións, na medida en que revelan unha toma de postura normativa con respecto a elas por parte dos autores estudiados.

Para esta análise da flexión verbal seguiremo-lo método proposto polo profesor Mattoso Câmara<sup>1</sup>, un método abondo coñecido, pois xa conta cunha certa tradición dentro dos estudos galegos<sup>2</sup>. O seu principio rector é o da conmutación, que Mattoso Câmara define como "uma operação contrastiva por meio da permuta de elementos" ("Problemas", p. 42). A través deste principio de análise é como se chega á determinación dos distintos elementos constituíntes da

<sup>1</sup> Joaquim Mattoso Câmara Jr., *Estrutura da língua portuguesa*, Vozes, Petrópolis, R.J., 1970, pp. 104-110; *Problemas de lingüística descritiva*, Vozes, Petrópolis, R.J., 1971, pp. 65-71; *História e estrutura da língua portuguesa*, Padrão, Rio de Janeiro, 1985, pp. 140-159.

<sup>2</sup> Este método foi aplicado ó galego por Antón Santamarina, *El verbo gallego*. Anexo 4 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1974; Francisco Fernández Rei, *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega*, 2 vols., tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 1978 / 1979; Álvarez Blanco et al., *Gramática*.

forma verbal, a saber, un tema ( $\tau$ ) e un sufixo flexional ( $sf$ ). O tema está integrado polo radical ( $R$ ) e polo indicador de clase mórfica ou vocal temática ( $vt$ ), que adscribe a forma verbal a unha das tres conxugacións que tradicionalmente se distinguen en galego ( $C_I$ ,  $C_{II}$  e  $C_{III}$ ). O sufixo flexional está formado polo sufixo modo-temporal ( $smt$ ) e polo sufixo número-persoal ( $snp$ ).

Razóns metodolóxicas aconsellan analizar por separado a flexión regular e os paradigmas dos verbos irregulares. Non obstante, no capítulo da morfoloxía regular incluíremo-la análise das formas regulares dos verbos irregulares.

### 13.1. O radical.

#### 13.1.1. Alternancias na vocal radical dos verbos da $C_{II}$ con vocal radical /e/ ou /o/.

Nas formas rizotónicas dos verbos en *-er* que presentan /e/ ou /o/ na última sílaba do radical, estas están sometidas a un proceso un proceso de alternancia /e/-/ɛ/ e /o/-/ɔ/, respectivamente<sup>3</sup>. Así, presentan vocal radical pechada a  $P_1$  do presente de indicativo, tódalas formas do presente de subxuntivo e a  $P_2$  do imperativo. Teñen tamén vocal /e/ ou /o/ as formas arrizotónicas do paradigma. Pola contra, a  $P_2$ ,  $P_3$  e  $P_6$  do presente de indicativo teñen vocal radical aberta. Esta alternancia, que é absolutamente xeral no galego moderno<sup>4</sup>, aparece reflectida no paradigma modelo

<sup>3</sup> Hai, non obstante, algúns verbos, que escapan a esta alternancia. Así, *querer* (na parte regular do seu paradigma), *quecer*, *esquecer* ou *poder* teñen vocal radical aberta nas formas rizotónicas; *deber*, *crer* e *ler*, pola contra, presentan vocal radical sempre pechada. Cfr. Fernández Rei, *O verbo*, pp. 27-29, e *Normas*, p. 84.

<sup>4</sup> Cfr. Francisco Fernández Rei (coord.), *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía verbal*, Fundación Barrié, A Coruña, 1990, mapas 44, 62 e 68. Soamente nun caso atopamos vocal aberta na  $P_2$  e na  $P_5$  do imperativo: trátase dun punto do galego asturiano, San Antolín de Ibias. En diante referirémonos a esta obra coa abreviatura habitual de *ALGa*.

da segunda conxugación que ofrece Valladares. O sistema de acentuación que adopta este autor tende, segundo dixemos, a distinguir graficamente as vocais abertas e as pechadas marcando cun acento grave as primeiras e sinalando cun acento agudo, ou ben non acentuando, as segundas. Deste xeito, no verbo modelo da CII, *fender*, Valladares traza un cadro semellante ó do galego actual: *fèndes*, (*el*) *fènde*, *fènden* / *fendo*, *fenda*, *fende* (*ti*)... Polo demais, non hai na súa obra ningunha nota que chame a atención sobre este fenómeno nin sobre a súa eventual funcionalidade.

Quen si o fai é Saco, que se refire á relevancia distintiva que asume a oposición de timbre ó permitir manter como formas diferenciadas a P<sub>3</sub> do presente de indicativo e a P<sub>2</sub> do imperativo:

En los verbos de la segunda conjugacion, que tienen una de las vocales e, o en la última sílaba de la radical, las formas homónimas del presente de indicativo é imperativo se distinguen entre sí, en que dichas vocales tienen pronunciación abierta en aquel modo y cerrada en este (pp. 78-79).

Nun gramático tan atento e curioso como Saco resulta significativo que non reserve nin sequera un comentario marxinal para unha solución tan característica do galego ourensán como é o cambio da vocal radical da P<sub>2</sub> do imperativo en /i/ ou /u/ (*bibe*, *cume*)<sup>5</sup>. Non hai dúbida, sen embargo, de que as coñecía, pois entre os seus exemplos de vacilación do vocalismo atopamos unha mostra deste fenómeno: *írguete* (p. 15). Polo demais, estas formas aparecen con carácter ocasional na súa *Literatura popular de Galicia*<sup>6</sup>. Do

<sup>5</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 81, e Álvarez Blanco, "Consideracións sobre a metafonía nominal", p. 150.

<sup>6</sup> Como exemplos abundará con cita-lo refrán *Cúllete d'esas, que son canueas* (p. 311) e o verso *culle a roca e o liño* (p. 234), pertencente a unha cantiga que, segundo informa o propio autor, foi recollida en Chantada.

mesmo xeito, entre os escritores desta área só atopamos algunhas mostras illadas destas formas de imperativo<sup>7</sup>, o que revela que, se ben que tiñan presenza na fala, non lograron impoñerse no rexistro escrito.

Entre os verbos que se conxugan segundo o paradigma proposto como modelo Saco só introduce verbos para os que a alternancia é hoxe xeral (*fender, verter, acender, esparexer, encher, erguer, comer, correr, coller, cocer, torcer* e *solber*). Sen embargo, na relación de Valladares introdúcense numerosos exemplos de verbos en *-ecer* (*adoecer, amolecer, apodrecer*, etc.), que na actualidade soamente presentan alternancia nunha parte do dominio lingüístico galego<sup>8</sup>. Nos nosos días a zona da que este gramático era oriúndo, o concello pontevedrés da Estrada, cae dentro desa área en que se practica a distinción<sup>9</sup>. Daquela, a inclusión dos verbos en *-ecer* entre os que seguen o modelo de *fender* podería considerarse como unha proba de que por volta de finais de século a situación nesa zona era a mesma cá actual. Isto podería ser perfectamente así, pero o recurso a Valladares non abonda para demostralo. Entre estes mesmos verbos figuran tamén, por unha parte, *quecer* e *esquecer*, que presentan vocal radical aberta, e, por outra, *ler*, que ten sempre vocal pechada<sup>10</sup>. Así pois, a presenza destes verbos en *-ecer* baixo o paradigma de *fender* probablemente non agocha unha reflexión sobre se participan ou non da alternancia vocálica do modelo, senón que deberá

---

<sup>7</sup> En Curros vemos, por exemplo, *respunde* (*Aíres*, p. 17). Outro ourensán, José García Mosquera, natural de Maceda, escribe *tinde* e *atinde* (*Álbum de la Caridad*, pp. 159 e 160).

<sup>8</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 80.

<sup>9</sup> Cfr. *ALGa*, mapa 90.

<sup>10</sup> Cómpre advertir que o /e/ de *ler* se comporta en realidade como un indicador da clase mórfica á que pertence o verbo.

interpretarse como resultado do desexo de subliñar por oposición ó español (*parezco, parezca*) o seu carácter de verbos regulares.

Capítulo á parte merecen as alteracións do radical das formas arrizotónicas destes verbos cando en posición tónica aparece unha vocal /i/, que na maioría dos casos corresponde á vocal temática. Como é natural, este efecto harmonizador da vocal tónica /i/ non só afecta ós verbos con alternancia *meto / metes, como / comes*, senón tamén ós que como *querer* ou *poder* teñen vocal radical aberta nas formas rizotónicas e pechada nas arrizotónicas, e a aqueloutros con vocal radical constante tipo *debo / debes*. Este tipo de alteración aparece recollido de xeito bastante sistemático no traballo de Saco (pp. 79-81) e en menor medida no de Mirás<sup>11</sup>. Non sucede o mesmo, por exemplo, en Valladares, que neste caso mantén sen alterar a vocal do radical, a diferenza do que fai, segundo veremos máis adiante, con algúns verbos da terceira. Así pois, segundo o sistema que recoñece e recomenda Saco, os verbos con alternancia tipo *meter* ou *comer* presentarían un radical /mét/, /kóm/ na P<sub>1</sub> do presente de indicativo, no presente de subxuntivo, no imperativo e en tódalas formas arrizotónicas que non teñan /i/ en posición tónica (*metera, comera; meterei, comerei; metese, comese, etc.*). Terían vocal radical aberta /mét/, /kóm/ a P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo, e vocal radical /i/ ou /u/, /mít/, /kúm/ as formas arrizotónicas cun /i/ en posición tónica: *mitía, cumía; mitín, cumín, etc.*

Os verbos con vocal radical constante tipo *deber* presentan, de acordo coa proposta de Saco, unha alternancia /e/-/i/ de acordo coa seguinte distribución: terán vocal

---

<sup>11</sup> Véxase por exemplo o paradigma de *temer* nas pp. 21-28.

radical /e/ as formas rizotónicas e as arrizotónicas en que a vocal tónica sexa distinta de /i/ (*debo, debes, debemos, deberei, debese*); en cambio, terán vocal radical /i/ as formas arrizotónicas con /i/ como vocal tónica (*dibía, dibín, dibiría, dibido*).

Aínda que na súa relación de exemplos non aparecen incluídos *querer* ou *poder* é factible deducir que este proceso tamén lles afectaría a eles. Segundo isto, terían vocal radical aberta /ɛ/, /ɔ/ en tódalas formas rizotónicas regulares (*quero, podo, etc.*), vocal radical pechada /e/, /o/ nas arrizotónicas con vocal tónica distinta de /i/ (*queremos, podemos, etc.*), e vocal radical /i/ ou /u/ nas arrizotónicas con vocal tónica /i/ (*quiría, podía*).

De tódolos xeitos, cómpre advertir que esta é a tendencia xeral. Ora ben, nos modelos de conxugación de cada verbo Saco non sempre segue fielmente os seus postulados. Así, en *querer* temos, por exemplo as formas sen alterar *quería, podía* e *querido, podido* ó lado das harmonizadas *quiría, podía* e *quirido, podido* (pp. 107-108); *querería* (p. 108) figura como solución única. En *ler* e *crer* temos, respectivamente, *liría* e *crería* (p. 111).

### 13.1.2. Alternancias na vocal radical dos verbos da CIII.

#### 13.1.2.1. Verbos con vocal radical /e/.

Os estudos actuais adoitan distinguir dous tipos distintos de alternancia para estes verbos con vocal radical /e/. O primeiro deles afecta ós que seguen o modelo de *advertir*, nos que se establece unha oposición /e/-/i/: presentan vocal radical /e/ tódalas formas arrizotónicas do paradigma, a excepción das do presente de subxuntivo, en

tanto que teñen vocal /i/ as formas rizotónicas do presente de indicativo e do imperativo e tódalas do presente de subxuntivo (*advertir, advertimos, advertides, advertide, advertise, advertira... / advirto, advirtes, (el) advirte, advirta, advirtamos, advirte (ti)...*).

O segundo modelo de alternancia afecta a un pequeno grupo de verbos que presentan /i/ na P<sub>1</sub> do presente de indicativo, en todo o presente de subxuntivo e na P<sub>2</sub> do imperativo; /e/ nas formas arrizotónicas de todo o paradigma, e [ɛ] na P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo: *sirvo, sirva..., sirve (ti) / servir, servimos, servides, servide, servía, servise... / serves, (el) serve, sirven*<sup>12</sup>.

No tratamento destes dous grupos de verbos os nosos gramáticos recollen como norma as solucións tendentes a evita-la complexidade que supón manter estas alternancias. Deste xeito, ou ben as eliminan directamente, conforme sucede a miúdo na fala, ou ben as reducen e simplifican a través de distintos procesos de nivelación dos paradigmas.

Para o primeiro grupo de verbos, os que se conxugan conforme o modelo de *advertir*, a solución que propoñen Saco e Valladares é coincidente. Consiste en elimina-la alternancia regularizando en /i/ a vocal radical. Tanto é así que os verbos propostos como modelo para a terceira conxugación pertencen a este grupo: *pidir* en Saco e *inspir* en Valladares. Este cambio de /e/ para /i/, frecuente no galego moderno<sup>13</sup>, xustifícase pola presenza nas formas arrizotónicas do paradigma dunha vocal temática /i/, as máis das veces en posición tónica, que exerce sobre a vocal

<sup>12</sup> Para todo isto, cfr. Fernández Rei, *O verbo*, pp. 38-42; *Normas*, pp. 84-87; Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 308-309.

<sup>13</sup> Cfr. Fernández Rei, *O verbo*, p. 38.



radical /e/ un influxo asimilatorio. Nada ten de estraño que Saco e Valladares consagren como norma este paradigma se temos en conta que, polo menos en Saco, os resultados de procesos asimilatorios, e especialmente os da harmonización vocálica, adquiren a miúdo carácter de regra<sup>14</sup>. A fidelidade con que Saco asume este principio léva mesmo a salienta-lo carácter anómalo das secuencias *e...ir* e *o...ir*:

Es tambien notable que son rarísimos los verbos acabados en *ir* que tengan una de las vocales *e*, *o* en la sílaba anterior á dicha terminacion, lo cual no puede explicarse sino por el principio general de que estamos tratando [refírese á harmonización vocálica] (p. 154).

Tocante ós verbos do segundo grupo, os que teñen como modelo *servir*, as descrições de Saco e de Valladares xa non concordan coma no caso anterior. En realidade, o da Estrada non os distingue como grupo á parte, senón que os inclúe entre os regulares que seguen o modelo de *inspir*. Entre eles están os seguintes: *firir*, *mintir*, *siguir*, *sintir* e *sirvir* (p. 59). De tódolos xeitos, o paradigma con alternancia aparece oculto tralos infinitivos *senter* e *server*, que figuran noutra relación de verbos da segunda conxugación (p. 102)<sup>15</sup>. Tamén Rodríguez Rodríguez ("Declinación", p. 336) admite nun destes casos o dobrete *sintir* / *senter*. Estes infinitivos só se explican como unha reconstrucción artificiosa a partir das formas de presente con vocal radical [e]: *sentes*, *sente*, *senten*. En efecto, Valladares ofrécenos no seu *Diccionario* unha boa proba do que acabamos de afirmar. Nesta obra, onde recolle tanto *sintir*, *sirvir* (p. 528 s.v.), *mintir* (p. 385 s.v.) e *siguir* (p. 526 s.v.) como *senter* (p. 524 s.v.), *server* (p. 525 s.v.), *menter* (p.

---

<sup>14</sup> Vid. supra, pp. 470-471.

<sup>15</sup> Pouco máis adiante Valladares volve a incluílos entre os da terceira: *siguir*, *sintir*, *sirvir* (p. 103).

379 s.v.) e *seguer* (p. 522 s.v.)<sup>16</sup>, os exemplos que nalgún caso aboan a entrada indican que o infinitivo está deducido do paradigma con alternancia. Así por exemplo, a forma *server* aparece exemplificada na seguinte cantiga:

Catro cousas quère o amo  
d'o criado que o sèrve:  
tarde a cama, erguerse cedo,  
comer pouco e andar alègre  
(p. 525 s.v. 'server').

Saco, en cambio, recolle o proceso de alternancia para os verbos *mintir* e *sirvir* (pp. 80-81), pero reducindo a variación de triple (/i/-/e/-/ε/) a dobre (/i/-/ε/) en virtude do proceso de asimilación vocálica que antes consignabamos. Segundo isto, este grupo de verbos presentaría vocal radical /ε/ na P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo (*mentes*, *mente*, *menten*) e /i/ nas demais formas do paradigma (*mino*, *mintimos*, *mintín...*). En realidade Saco establece esta oposición no vocalismo radical contraponendo só a P<sub>1</sub> e a P<sub>2</sub> do presente de indicativo, pero así e todo non me parece arriscado reconstruír a partir de aquí o resto do paradigma. Tampouco precisa o ourensán o timbre da vocal radical de *mentes*, que supoñemos aberto.

Por outra parte, cómpre engadir que, ademais do paradigma con alternancia, Saco recolle así mesmo o modelo analóxico con vocal radical constante /i/: *mino*, *mintes*, *mintimos*. De tódolos xeitos, desde un punto de vista normativo, o noso gramático non se pronuncia de forma clara en favor de ningún dos dous modelos, senón que, referíndose ó paradigma con alternancia, indica:

---

<sup>16</sup> Sen embargo, só aparecen *ferir* e *firir* (pp. 248-249 e 253 respectivamente), e *consintir* (p. 129). Por outra parte temos tamén *conseguer* (p. 128) / *consiguír* (p. 129), *desmenter* (p. 177) / *desmintir* (p. 177), *disintir* (p. 183) / *desenter* (p. 174), etc. Sobre o modelo destes verbos créase *desester* (p. 174), que aparece xuntamente con *disistir* (p. 183).

No sentamos esto como ley absoluta, sino solo como un hecho que tiene lugar con frecuencia. Hay mucha variedad, no solo de pueblo á pueblo, sino de individuo á individuo (p. 80 n.).

Semella, pois, que naquela altura a pugna entre a fidelidade ó paradigma tradicional e a tendencia analóxica a simplificalo aínda non estaba plenamente decidida<sup>17</sup>. Esta vacilación está presente nos propios refráns que este gramático engade como apéndice á súa gramática. Neles obsérvase un predominio das formas analóxicas sobre das tradicionais: *sirve* (pp. 265, 277, 279), *sirven* (p. 274), *sinte* (p. 267), *consinte* (p. 277) fronte a *mente* (p. 280), *sente* (p. 280). Atopamos ademais *veste* (p. 275) e *espe* (p. 275), solucións inusuais no galego moderno que poderían ser ou ben formas arcaicas sen vixencia xa no galego do momento<sup>18</sup>, ou ben superviventes illados e marxinais dun estadio anterior. Moi semellante é a situación nos textos da súa *Literatura popular de Galicia*, onde atopamos *sente* (pp. 71, 135), *senten* (p. 309), *serve* (pp. 92, 206), *serve* (p. 117), pero *sirve* (pp. 66, 67, 91, 93, 100, 148, 161, 308), *sirven* (pp. 78, 319, 321, 326). Contrasta ademais esta vacilación coa presenza claramente maioritaria das formas con alternancia no caso dos verbos con vocal radical /u/, como veremos a seguir.

---

<sup>17</sup> Conforme indica Fernández Rei, *O verbo*, p. 38, fóra dalgúns casos puntuais, a alternancia /i/ - /ε/ "está hoxe practicamente morta", por máis que a norma actual tente recuperala para o rexistro culto.

<sup>18</sup> A este respecto cómpre lembrar que unha parte dos refráns que recolle Saco procede da relación que se ofrece na *Historia de Galicia* de Murguía. Dado que este os tomou da colección de refráns do comendador Hernán Núñez, Saco advirte da presenza neles de "algunas palabras que hoy pueden considerarse como anticuadas" (p. 263). Quizais estas sexan dúas delas. *Veste* figura nun dos vilancicos de Corral, se ben Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 506-507, sospeita que se podería tratar dunha intervención de Cotarelo Valledor, que foi quen editou o poema.

### 13.1.2.2. Verbos con vocal radical /u/.

Á parte dos verbos con vocalismo radical constante (verbos modelo *discutir*), existe no galego actual un grupo con alternancia /u/-/ɔ/ na vocal radical. As unidades que forman parte deste grupo presentan vocal /ɔ/ no radical da P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo, e /u/ nas restantes formas do paradigma. Como no caso anterior dos verbos que seguen o modelo de *servir*, existe tamén na fala unha marcada tendencia a nivelar analoxicamente o paradigma estendendo a tódalas formas a vocal radical /u/. Esta vén a se-la situación descrita por Saco, quen nos dá conta da vacilación que el apreciaba na fala do seu tempo entre a solución tradicional *foxes* e a analóxica *fluxes* (pp. 80-81). Tamén coma no caso dos verbos tipo *servir*, o ourensán limita a oposición á P<sub>1</sub> e P<sub>2</sub> do presente de indicativo e non precisa o timbre da vocal radical de *foxes*.

Aínda que recoñece a posibilidade de practicar ou non a alternancia (a nota que citamos anteriormente é válida tamén para estes verbos), semella que a vixencia do paradigma tradicional con alternancia era maior ca no caso dos verbos modelo *servir*, tal e como sucede actualmente<sup>19</sup>. Deste xeito, por máis que o seu valor probatorio sexa limitado, podemos indicar que nos refráns do apéndice as formas con alternancia son abrumadoramente maioritarias: fronte a un par de ocorrencias dos analóxicos *sube* (p. 278) e *fluxe* (p. 279), temos bastantes máis exemplos da solución tradicional: *sacode* (p. 266), *roxé* (p. 268), *tose* (p. 272), *dorme* (pp. 274, 279, 280), *cospen* (p. 275), *acode* (p. 279). O mesmo sucede nos textos da *Literatura popular de Galicia*: a presenza das formas analóxicas límitase ós casos de *cubre* (p. 149), *fluxe* (p. 325) e *sube* (pp. 230, 324); adscríbense ó

<sup>19</sup> Cfr. *Normas*, p. 89.

paradigma con alternancia *sacode* (p. 308), *acode* (pp. 320, 325), *cómpre* (p. 54), *cospen* (p. 320), *dorme* (pp. 65, 95, 141, 319, 334), *dormen* (p. 188), *foxe* (p. 196), *roxe* (pp. 196, 312, 328) e *tose* (p. 343).

A explicación que Saco dá tanto para a variación do radical de *durmo* / *dormes* (e para a de *sirvo* / *serve*) está viciada xa de principio dado que asenta sobre premisas falsas. O ourensán trata de buscar unha xustificación inversa pero paralela á da harmonización vocálica con que explica a existencia de formas como *timía* ou *cucía*. Deste xeito, considera que tras *dormes* ou *serve* hai un cambio /u/, /i/ > /ɔ/, /ε/, que explica da seguinte maneira:

Si en la penúltima sílaba del infinitivo hay una de las cerradas *i-u*, suelen respectivamente cambiarse en *e-o*, siguiendo terminacion que tenga una de estas vocales (p. 80).

En realidade, *dormes* e *serve* son os resultados etimolóxicos (*dORMĭs*, *sĚrvĭs*), e *durmo* e *sirvo* formas creadas a partir de dous procesos sucesivos: o peche en /o/, /e/ da vocal radical por efecto do iode (*dŔRMĭō*, *sĚrvĭō* > *dormio*, *servio*), e o cambio posterior a /u/, /i/ por analoxía coas arrizotónicas *durmimos*, *sirvimos...*, con vocal radical /i/ debida ó influxo harmonizador da vocal temática<sup>20</sup>.

Por outra parte, a explicación de Saco non xustificaría tampouco a persistencia da vocal radical /u/, /i/ en *durmo* e *sirvo*, dúas formas en que a desinencia é /o/.

Valladares propón tamén para estes verbos un paradigma con alternancia, pero con algunhas diferencias con respecto ó de Saco. A variación que propón o da Estrada é triple e segue o mesmo patrón có hoxe consagrado normativamente para

---

<sup>20</sup> Para esta explicación, cfr. Santamarina, *El verbo*, pp. 35-38.

os verbos modelo *servir*. Isto é, presentan vocal radical /u/ a P<sub>1</sub> do presente de indicativo, tódalas formas do presente de subxuntivo e a P<sub>2</sub> do imperativo (*bulo, bula..., bule*); teñen vocal /ɔ/ a P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo (*bòles, bòle, bòlen*), e, por último, teñen /o/ tódalas formas arrizotónicas do paradigma, a excepción das do presente de subxuntivo (*bolimos, bolides, bolía, bolín, bolirei...*). Cómpre ter en conta que estas formas con [o] constituían a solución etimolóxica e mudaron este [o] en [u], primeiramente nas formas arrizotónicas, polo influxo harmonizador que exerceu sobre el a vocal temática /i/<sup>21</sup>. Non obstante, a presenza das formas con [o] en Valladares deberá achacarse máis a unha vacilación da pretónica [u] (*furgón > forgón, fusil > fosil, butano > botano*) ca á pervivencia das formas antigas.

Se unímo-la relación de verbos sometidos a este tipo de alternancia que ofrece Saco coa que proporciona Valladares, o resultado aproxímase bastante ó que describen as gramáticas actuais. En realidade, as nóminas de Saco e Valladares só coindicen nos verbos *cubrir / cubrir e fuxir / fojir*. No resto unha e outra complementáanse: Saco cita os casos de *cumprir* ('facer falta'), *acudir, fundir* ("parecer largo ó duradero") (p. 81)<sup>22</sup>; Valladares, pola súa parte, engade os de *bolir* e o seu derivado *rebolir, cubrir* e o derivado *encobrir, dormir, engolir, moxir, roxir, sofrir e somir* (p. 81 n.). Para *tusir* Valladares recolle unicamente a variante *toser*, que inclúe entre os verbos da segunda que seguen o paradigma de *fender* (*tosos, toses, tose...*) (p. 57).

---

<sup>21</sup> Cfr. Santamarina, *El verbo*, pp. 35-38.

<sup>22</sup> A relación de Saco podería completarse aínda máis a partir dos datos que podemos observar nos refráns do apéndice. Alí temos, segundo xa vimos, formas con alternancia de *sacudir, ruxir, tusir, durmir e cuspir*.

## 13.2. A vocal temática.

### 13.2.1. As clases mórficas.

O proceso de transformación do latín supuxo a redución das catro conxugacións que tradicionalmente distingue a filoloxía románica (-ĀRE, -ĒRE, -ĔRE, -ĪRE) ás tres clases que hoxe coñecemos en galego (-ar, -er, -ir). Esta redución creou algún que outro problema de adaptación en certos grupos de verbos que se mostran vacilantes entre adscribirse a unha ou outra das novas clases. Neste capítulo propoñémonos analiza-lo tratamento que lles dispensan os nosos gramáticos a esas formas problemáticas.

En xeral podemos dicir que os verbos da primeira, segunda e cuarta das clases mórficas latinas (-ĀRE, -ĒRE, -ĪRE) non presentan a penas problemas de acomodación en romance, xa que, con escasas excepcións, pasaron en bloque a formar parte, respectivamente, das tres conxugacións que existen en galego (-ar, -er, -ir). Son os verbos en -ĔRE, que integraban a CIII latina, os que ofrecen maiores problemas pola súa vacilación entre adscribirse á CII ou á CIII romance. De tódolos xeitos, no comportamento destes verbos apréciase unha tendencia maioritaria a incorporarse á segunda conxugación galega. Existen, con todo, grupos que ofrecen unha certa resistencia. Entre eles pódense distinguir os verbos con vocal radical /i/ ou /u/. Estes verbos, pola propia dinámica interna do idioma, acabaron por integrarse na CIII galega, algúns deles tras superar unha fase de adscripción á CII durante o período medieval. Tal é o caso, por exemplo, do latín DICĔRE, que deu lugar a un resultado *dizer* no galego medieval, que logo evolucionou cara a *dicir*, que con *decir* é o resultado común hoxe no noso idioma.

Capítulo á parte merece outro grupo de verbos, procedentes tamén dos latinos en -ĚRE, que pasaron igualmente á CII galega, onde aínda hoxe se manteñen, se ben con tendencia a adscribirse á CIII, quizais por inducción do español, quizais por causas internas ou, máis probablemente, por unha interacción de ámbolos factores. Refírome a casos coma os de *rexer* ou *render*, que se mostran vacilantes e van sendo desprazados por *rexir* e *rendir*. Esta vacilación con tendencia a pasar á CIII vese reforzada ademais pola neutralización que estas dúas clases sofren en parte do seu paradigma, unha neutralización que, por outra parte, se produce en boa parte dos casos en favor da vocal temática característica da CIII /i/<sup>23</sup>. Por último cómpre distinguir outro grupo, formado por algúns verbos con radical rematado en vocal, que vacilan tamén entre a CII e a CIII: son casos coma os de *caer* / *caír*, *traer* / *traír*, *choer* / *choír*, en que a vacilación obedece a razóns de carácter interno. Nas liñas que seguen analizaremos por separado o tratamento que recibe cada un destes grupos.

#### 13.2.1.1. Verbos procedentes da CIII latina con vocal radical /i/ ou /u/.

Os herdeiros galegos dos verbos latinos da terceira conxugación con vocal radical /i/ ou /u/, entre os que se encontran os resultados de DICĚRE, VIVĚRE, CINGĚRE, TINGĚRE, SCRIBĚRE, ELIGĚRE, CORRIGĚRE, RECIPĚRE, SUMĚRE, FUGĚRE, etc., acabaron por integrarse, como dixemos pouco máis arriba, na terceira conxugación galega. Nalgúns casos, o resultado galego

<sup>23</sup> Cfr. Santamarina, *El verbo*, p. 49. A neutralización prodúcese na P<sub>1</sub>, P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo (*temo, temes, teme, temen* / *parto, partes, parte, parten*), no copretérito de indicativo (*temía* / *partía*), na P<sub>1</sub> e P<sub>2</sub> do pretérito (*temín, temiches* / *partín, partiches*), no presente de subxuntivo (*tema* / *parta*), na P<sub>2</sub> do imperativo (*mete* / *parte*), no participio (*temido* / *partido*). A isto hai que engadir que dialectalmente a neutralización pode estenderse ademais a outras persoas e tempos, por exemplo á P<sub>3</sub> dos perfectos: *temeu* / *parteu* ou *temiu* / *partiu*.



coindice co do portugués actual: tal é o caso de *cinguir - cinxir / cingir, tinguir - tinxir / tingir, corrixir / corrigir, sumir, fuxir / fugir*. Noutros, sen embargo, o galego afástase do seu veciño do sur ó integrar na terceira verbos que en portugués se mantiveron na segunda, algúns con conservación da vocal radical /i/, outros con mudanza da vocal radical para /e/, como consecuencia da asimilación da vocal temática: entre os primeiros están *dicir / dizer e vivir / viver*; entre os segundos *elixir / eleger* ou *escribir / escrever, recibir / receber*.

Para explicar este tránsito da segunda á terceira conxugación, a interpretación que semella máis plausible é a que formula Antón Santamarina:

También es caracterizadora de clase mórfica, entre CII y CIII la vocal del radical. Así (-a- y -o- aparte) los verbos de la CII se caracterizan por las secuencias vocálicas *e-ér, o-ér* (*beber, ler, comer, doer*), mientras que los de la CIII por las secuencias *i-ír, u-ír* (*vivir, rir, fuxir*). Es decir, en virtud de una armonización vocálica, ocurrida en época literaria, las secuencias *e-ír* y *o-ír* pasaron a *i-ír* y *u-ír* [...]. De este modo, las escasas secuencias *i-er, u-er* se hicieron insólitas y acabaron asimilándose a las más frecuentes *i-ir, u-ir* (*El verbo*, p. 49).

Sen embargo, para as evolucións en que o galego discrepa do portugués, existe ademais unha liña de interpretación que explica o cambio de conxugación pola

influencia do castelán<sup>24</sup>. En calquera caso, non parece aconsellable tratar separadamente os casos de *dicir* ou *escribir* doutros como *cinguir* ou *corrixir*. Uns e outros semellan responder ó mesmo proceso de evolución e, xa que logo, deben ser explicados de forma conxunta. É ben certo que nos casos de *dicir* ou *escribir* o exemplo do castelán puido actuar como reforzo dunha tendencia espontánea do idioma. Ora ben, reduci-las causas da mudanza a esta influencia allea resulta demasiado simplista, xa que por unha parte só é aplicable a uns poucos casos, e por outra non ten en conta os mecanismos de nivelación analóxica que rexen todo o proceso.

Nalgúns destes verbos, ó lado da asimilación da vocal temática á vocal radical (con cambio de conxugación, polo tanto), existe a tendencia inversa, isto é, a asimilación da vocal radical á temática. Os resultados desta evolución mantéñense, pois, na segunda conxugación, pero evitando igualmente a secuencia anómala *i...er*: *decer*, *escreber*.

Por último, existe unha solución con cambio de conxugación e, ademais, con cambio da vocal temática de /i/ para /e/, conforme ó modelo de *pedir* ou dos verbos cultos do

---

<sup>24</sup> Pensado, *Contribución*, p. 173: "Esta forma de infinitivo [*dicir*] es un elocuente ejemplo de lo que ha significado la presión del castellano sobre el gallego. Quien conozca a fondo la lengua medieval sabe seguramente y lo habrá comprobado montones de veces, que el infinitivo galaico-port. más común es *dizer* (es raro *dezir*), no aparece *dicir*, que es resultado de un cruce entre el tradicional *dizer* (conservado en port.) y el cast. *dezir* o *decir*, con la I inicial del infinitivo autóctono". Clarinda de Azevedo Maia, *História*, p. 729: "A partir do século XVI, a pressão do castelhanismo conduciu à perda de vitalidade da forma tradicional e à implantação do castelhanismo *decir*". En nota engade que "a forma *dicir*, também possível na Galiza, é considerada um vulgarismo" (p. 728, n. 4). Tamén Carballo Calero, "Novos testemuños gráficos do galego *decer* 'dizer'", *Verba*, 7 (1980), p. 206, manexa esta hipótese: "Como o galego moderno está fortemente corroído polo castelhanismo, o tránsito de *-er* a *-ir* pode ser influencia da lingua do Estado". De tódolos xeitos admite tamén a posibilidade de que o cambio se producira pola propia dinámica interna do sistema.

tipo *advertir*<sup>25</sup>. Trátase de solucións como *decir* ou *elexir*, que sen dúbida deben moito da súa preeminencia á coincidencia co castelán, ou como *vevir* e *escrebir*, que non se poden explicar por influencia externa.

Nos textos que estamos analizando predominan de forma clara as solucións con mantemento da vocal radical /i/ e cambio de conxugación da segunda para a terceira. Así, nos textos que acompañan a gramática de Mirás *dicir* é practicamente o único resultado de DICERE que atopamos: *disir* (pp. 57, 83, 84, 87, 91, 113, 121, 123, 126, 130, 138, 139, 141, 142), *disindo* (pp. 76, 82, 83, 112, 114, 119). *Disia* (pp. 112, 114, 118, 121, 128, 141) e *disian* (pp. 75, 81) non remiten necesariamente a *disir*, pero o feito de que esta sexa a única solución que aparece nos textos para o infinitivo permítenos adscribilas a el sen moito temor a equivocarnos. Soamente atopamos un *desia* (p. 66), que haberá que adscribir a un infinitivo *desir* ou *deser*. Aínda que con menos ocorrencias, atopamos igualmente *vivir* (pp. 73, 91), *risiviron* (p. 75) e *resibilo* (p. 81). *Risibeu* (p. 88) e *escribeu* (p. 138), ambas con vocal temática /e/, podémolas adscribir sen problemas a un infinitivo *risibir* e *escribir*, pois o sistema verbal que manexa Mirás presenta neutralización da CII e da CIII na P<sub>3</sub> do perfecto (*saleu*, *cumpreu*, *disideu*, etc.)<sup>26</sup>.

Polo que se refire á gramática de Saco, entre os paradigmas dos verbos irregulares figura o correspondente a un infinitivo *dicir* ou *decir* (p. 103). Parece, pois, que o gramático ourensán admite tanto unha coma outra solución. Así e todo, cómpre advertir que na presentación do paradigma

---

<sup>25</sup> Cfr. *Normas*, p. 96.

<sup>26</sup> Vid. *infra*, p. 513.

da conxugación as formas regulares deste verbo presentan unicamente un radical *dic-*: *dicimos, dices, decía..., dicirei..., dices, diciría..., dicindo*. Agora ben, a presenza en case todas estas formas dunha vocal tónica /i/ permitiría supoñer que tras elas pode agocharse un radical *dec-* coa vocal radical harmonizada (como en *comer: cumía, tecer: ticía*). Polo demais, nos exemplos que figuran na súa obra aparece regularmente *dicir* (p. ex. pp. 112, 113, 115, 163), *dicirei* (p. 150), salvo en contadas ocasións, unha vez entre os exemplos (p. 189) e outra nos refráns do apéndice (p. 276), en que atopamos *decir*.

Valladares é o único de entre os gramáticos que recoñece *decer* ó lado de *dicir* (p. 82). Sen embargo, cómpre salientalo escaso acerto e a inseguridade con que expón o paradigma da primeira destas formas. Os casos do copretérito e pospretérito de indicativo, para os que dá só *decía* e *diciría*, poderíanse entender como resultados dun infinitivo *dicir* ou ben como formas de *decer* con harmonización vocálica. Sen embargo, Valladares sorpréndenos ó estende-lo radical *dec-* a algunhas formas do tema de perfecto, e así, ó lado do pluscuamperfecto *dijèra* e do futuro de subxuntivo *dijère* atopamos *decéra* e *decére*. Esta circunstancia lévanos a pensar nun cruce do paradigma de *decer* (< DICĚRE) co de *decer* (< DESCENDĚRE). Por outra parte, esta confusión parece querer indicar que Valladares coñecía só por referencias a variante *decer*. Polo demais, os derivados aparecen sempre agrupados entre os verbos da terceira conxugación: *bendicir, contradicir, predicir* (pp. 102-103).

No seu dicionario atopamos en tódolos casos a dobre solución: *dicir* (p. 182 s.v.) / *decer* (159 s.v.), *bendicir* / *bendecer* (p. 63 s.v.), *contradicir* / *contradecer* (p. 130 s.v.), *desdicir(se)* / *desdecer(se)* (p. 171 s.v.). Pensado

(*Contribución*, p. 174), que sen dúbida descoñece a existencia de *decer* nalgúnhas áreas marxinais do galego actual, atribúe a súa presenza no diccionario de Valladares a unha confusión co antigo *decer* 'descender':

Al llegar a Valladares nos encontramos con que *decer* ya está incluido pero con este extraño sentido: «*decer*. Decir, expresar uno con palabras su pensamiento. Asegurar. Nombrar, etc.» [...]. He aquí como quedan sumergidos en una forma y un solo sentido los dos verbos medievales *dizer* y *decer*.

Polo que atinxe ós demais verbos que participan deste tránsito da segunda á terceira conxugación, os *Elementos* de Valladares fornécennos unha chea de exemplos. Así, na relación de verbos pertencentes á terceira conxugación figuran *cinguir*, *concibir*, *eligir*, *escribir*, *fritir*, *percibir*, *recibir*, *requirir* e *tingir* (p. 59)<sup>27</sup>. Ningunha variante deles aparece entre ós da segunda conxugación.

Onde si sucede isto, se ben só en contadas ocasións, é no seu *Diccionario*. Así, temos dobrete nos casos de *concibir* (p. 126 s.v.) / *conceber* (p. 125 s.v.) e de *discribir* (p. 183 s.v.) / *descreber* (p. 170 s.v.). En cambio, non atopamos ningún dos posibles resultados de *SCRIBĚRE*, se ben as formas *escribido* e *escribidor* (p. 214 s.v.) parecen remitir a un infinitivo *escribir*. Por contra, *eligir* (p. 191 s.v.) e *requirir* (p. 498 s.v.) por unha banda, e *perceber* (p. 444 s.v.) pola outra aparecen como solucións únicas. Por último, non hai testemuños dos resultados de *RECIPĚRE* nin de *VIVĚRE*.

Para rematar con este repaso á posición dos gramáticos só nos resta recolle-lo testemuño de Manuel R. Rodríguez. Como resultados de *DICĚRE* este autor rexistra, como os anteriores, *dicir*, pero engade ademais *dicer*; para *SCRIBĚRE* a

---

<sup>27</sup> Na relación de verbos da CIII que figura nas pp. 102-103 atopamos novamente estes verbos.

única solución é *escrebir* ("Declinación", p. 336). Sen excluír de principio outras hipóteses, podemos supoñer que a presenza de *dicer* se debe probablemente ó contacto de Rodríguez cos textos medievais, un contacto que, polo que sabemos, non se dá nos outros autores.

Os datos que acabamos de expoñer pódense completar con algunhas informacións relativas á presenza destas formas no galego literario. *Decer* aparece con notable frecuencia en diversos textos do primeiro tercio do século XIX. A procedencia xeográfica destes textos leva a Ramón Mariño (*Estudio*, p. 525) a supoñer que se trataba dunha "forma con moita vitalidade en falas coma as da comarca compostelá e, en xeral, nas rexións occidentais". *Dicer*, en cambio, non aparece en ningunha ocasión. O retroceso de *decere* debeuse producir con inusitada rapidez, pois Carballo Calero, nos seus traballos a propósito da presenza escrita de *decere* e *dicer*<sup>28</sup>, a penas consegue reunir media ducia de atestacións en textos producidos na segunda metade do século. Algunhas destas mostras recólleas o profesor Carballo no *Cancionero popular gallego* de Pérez Ballesteros, un instrumento excepcional na medida en que reproduce "quadras recollidas de boca do povo" ("Novos testemuños", p. 205). En notas a pé Pérez Ballesteros infórmanos do lugar en que foron recollidas, e así sabemos, por exemplo, que, segundo a súa apreciación, *decere* era "común en la parte de la montaña" (por oposición ás Mariñas da Coruña) (*Cancionero*, II, p. 77). Os testemuños de *dicer* proceden de Viveiro (II, p. 1), de Abegondo (II, p. 31), e de Ares (II, p. 300). Pola nosa conta engadiremos que nunha compilación de características

---

<sup>28</sup> Ricardo Carballo Calero, "Testemuños gráficos do galego *decere* 'dizer'", *Verba* 5 (1878), pp. 106-111. Reproducido en *Problemas da lingua galega*, Sá da Costa, Lisboa, 1981, pp. 139-147. Do mesmo autor é o traballo titulado "Novos testemuños gráficos do galego *decere* 'dizer'", *Verba* 7 (1980), pp. 203-207.

similares, a *Literatura popular de Galicia* de Saco, non atopamos máis solucións ca *dicir* e *decir*, a non ser que os posibles *decer* ou *dicer* aparezan sempre agochados baixo as formas *decía* ou *dicía*, que non permiten identifica-la clase a que se adscribe o seu infinitivo.

En consecuencia, sabemos que *decer* logrou sobrevivir, se ben de forma precaria, diante da dura competencia que estableceron con el *dicir* e *decir*. De feito, aínda se mantén hoxe nalgunhas pequenas áreas do occidente<sup>29</sup>, se ben en moitos dos puntos onde se rexistra aparece como característico da fala dos máis vellos. Menos fortuna tivo *dicer*, do que non queda ningún vestixio. Ora ben, nada impide supoñer que pervivise como forma marxinal ata época ben próxima a nós. En todo caso, *decer*, e moito máis *dicer*, tiñan que ser sentidas forzosamente como solucións minoritarias ou marxinais xa durante o período de produción das nosas primeiras gramáticas.

Fronte a elas, *dicir* e *decir* preséntanse como as formas triunfadoras. Das dúas parece ser *dicir* a que conta con máis amplo respaldo normativo. De tódolos xeitos, non resulta fácil precisar se o *dicir* que presentan concordantemente tódalas gramáticas se percibe como resultado orixinal de DICĚRE ou ben como unha variante de *decir* con harmonización da vocal radical do mesmo xeito que *firir* o é de *ferir*. Persoalmente inclínome por esta segunda posibilidade. Creo que o éxito de *dicir* nas gramáticas, e tamén nos textos literarios, debe conectarse coa preferencia que todos ou case tódolos seus autores manifestan polas solucións con harmonización vocálica (*firir*, *sintir*, *sirvir*, *pidir*, etc.). En favor delas xogaba sen dúbida o feito de seren

---

<sup>29</sup> Cfr. ALGa, mapa 242 (*dicir*), e Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 93-95.

diferenciais con respecto ó español. Así as cousas, *dicir* partía con mellores condicións ca *decir* para consolidarse como solución preferente.

A situación que acabamos de describir para os resultados de DICĚRE vale tamén para os de SCRIBĚRE, VIVĚRE, RECIPĚRE, PERCIPĚRE, etc. O feito de nalgúns destes casos Valladares recolla no diccionario resultados con asimilación da vocal radical á temática (*conceber, perceber, descreber*) pode querer dicir que estas formas mantiñan aínda certa vitalidade naquel momento<sup>30</sup>. Na lingua escrita, sen embargo, son as variantes con asimilación da vocal temática á radical (*escribir, vivir, recibir, percibir...*) as que se presentan como maioritarias. Só en contadas ocasións atopamos solucións diferentes destas. *Escreber* aparece nunha ocasión na *Gaita* de Pintos: *escreberon* (p. 153). Algo máis frecuente é *escrebir*, formada sobre o modelo de *decir*, que alterna con *escribir* na *Literatura popular* de Saco: *escrebira* (p. 70); ou no *Cancionero* de Pérez Ballesteros: *escrebir* (II, pp. 19, 40, 99, 125). Da forma etimolóxica *viver* temos unha ocorrencia na *Literatura popular* de Saco (p. 80). Como resultados do latín RECIPĚRE temos como forma maioritaria *recibir*, pero ocasionalmente atopamos solucións como *arreceba* (*Cancionero*, II, 246) ou *recebe* (*Queixumes*, p. 36), que remiten a un infinitivo *recebir* ou ben *receber*. A variante *recebir* figura tamén como solución minoritaria na *Gaita gallega* en Pintos: *recebir* (p. 50), *recebís* (p. 142). Por outra parte, *conceber* aparece como entrada nun

---

<sup>30</sup> *Escreber* e *receber* aparecen, aínda que en contadas ocasións, nos textos do primeiro tercio do XIX. Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 526-529.



vocabulario inédito atribuído a Pintos que se custodia na Real Academia Galega<sup>31</sup>.

13.2.1.2. Outros verbos con vacilación entre a CII e a CIII: *bater / batir, xemer / xemir*, etc.

Existe outro grupo formado por verbos que en principio pasaron a formar parte da segunda conxugación galega, pero que manifestan unha certa tendencia a adscribirse á terceira. Trátase de verbos como *rexer, bater, xemer, render*, etc., que hoxe alternan na fala con *rexir, batir, xemir* ou *rendir*.

Para explicar este tránsito pódense aceptar as causas de carácter interno que aduce Santamarina:

El paso de verbos sin -Ī- derivativa [...] a la 3ª de nuestra habla (y no a la segunda como esperaríamos) se deberá de explicar por la neutralización de la VT en muchas formas de la 2ª y 3ª romances [...]. Esto trae como consecuencia que algunos verbos poco usados presenten vacilación de clase mórfica en aquellos casos en que la VT no aparece neutralizada: así se explican los actuales *bater - batir, lanxer - lanxir, tanxer - tanxir, esparrexer - esparrexir* (*El verbo*, p. 49).

Creo, sen embargo, que cómpre ter en conta tamén a presión que sobre este cambio de clase mórfica puido exercer-lo castelán. O feito de que o correlato castelán da maioría destes verbos pertenza á terceira pode explicar por que o cambio de conxugación afecta precisamente a estes verbos e non a outros.

A vacilación entre a adscripción á segunda e á terceira conxugacións xorde con certa frecuencia nas gramáticas.

<sup>31</sup> Cfr. Riveiro Costa, "Nota sobre o vocabulario inédito galego-castelán de X. M. Pintos", *Cadernos de lingua* 1 (1990), p. 151. Esta voz non aparece, en cambio, no vocabulario etimolóxico que inclúe *A Gaita gallega*, onde si figuran, por exemplo, *decir* (*decer* preséntase só como derivado de DESCENDERE), *maldecir, escribir, vivir, revivir*. No vocabulario inédito non se recollen, segundo informa Riveiro, ningunha destas voces.

Mirás, por exemplo, inclúe *xemer* entre os verbos da segunda (p. 55) para seguidamente citar *ximir*, variante de *xemir* con vocal radical harmonizada, entre os da terceira (p. 56). Saco tamén parece ser consciente desta situación e, polo menos nun caso, sinala as dúas posibilidades: *render* / *rindir* (p. 15). En cambio, considera como verbos da segunda *bater*, que é o que serve de modelo desta conxugación (p. 70), e ademais *fender*, *verter*, *esparexer*, *hencher*, *erguer*, *ferver*, *xemer* (pp. 79-80).

Hai tamén casos de vacilación en Valladares, que en dúas relacións sucesivas de verbos da segunda e da terceira inclúe entre os primeiros *rejer* (pp. 57 e 102) e entre os segundos *rigir* (pp. 59 e 103). Nestas relacións de Valladares figuran ademais como da segunda *(d)erguer*, e o seu derivado *soerguer*, *esparjer*, *ferver*, *hêncher*, *morrer*, *render*, *renjer* e *toller*. En cambio, a nómina de verbos da terceira vese incrementada por algunhas unidades procedentes da segunda como por exemplo *convirtir*, *derritir*, *esprimir* ou *rebatir*.

Os textos e exemplos que complementan as gramáticas revelan que os seus autores non se sentían plenamente seguros á hora de lles adxudicar a estes verbos un ou outro paradigma flexional. Saco, por exemplo, dubida entre *tullir* e *toller*: *tullir* (p. 115) / *tollas* (p. 282), *tolle* (pp. 264, 268). Mirás, pola súa parte, escribe *batirse* (p. 106), *ximir* (p. 123) e *discurreu* (p. 71), que remite a *discurrir*, pero con neutralización da vocal temática.

En todos estes exemplos as dúbidas e as vacilacións afectan exclusivamente ós verbos que teñen un correlato claro da terceira en español. Para explicar, pois, o cambio

de conxugación parece conveniente ter en conta esta circunstancia.

### 13.2.1.3. Vacilación *-aer* / *-aír*, *-oer* / *-oír*.

Esta vacilación afecta a un pequeno grupo de verbos que, por mor da neutralización da CII e da CIII en boa parte do paradigma, dubidan aínda hoxe entre a adscribirse a unha ou a outra clase. A diferenza do caso anterior, neste a vacilación afecta tanto a verbos que en principio cabería esperar que se acomodasen na segunda (*CADĚRE* > *caer*, *TRAHĚRE* > *traer*, *CLAUDĚRE* > *choer*), como a outros que etimoloxicamente deberían integrarse na terceira (*PRURĪRE* > *pruír*). Nestes casos non parece existir ningunha causa externa que propicie o cambio. Pola contra, a fidelidade do galego ás solucións tradicionais ten sido explicada nalgún caso como produto da interferencia do castelán<sup>32</sup>.

Entre os verbos afectados por esta vacilación cómpre destacar en primeiro lugar o caso de *caer* / *caír*. As dúas solucións aparecen recollidas, en principio en pé de igualdade, na gramática de Saco, que ofrece os dous paradigmas alternativos da súa conxugación (p. 96). Sen embargo, ó longo do gramática pódese apreciar unha certa preferencia por *caír* (pp. 112, 113); *caer*, por contra, non volve a aparecer. Esta predilección é lóxica se temos en conta que na fala da súa área de procedencia *caír* é aínda hoxe a solución máis frecuente<sup>33</sup>. Parecida xustificación ten a presenza de *caír* nos *Elementos* de Valladares, onde

<sup>32</sup> "Em galego, onde em geral, as formas em *-ír* têm maior extensão que em português, em grande parte devido à influência do castelhano, neste caso, ao lado da forma *caír*, idêntica à portuguesa, mantém-se a forma antiga *caer*. Tal facto deve-se, também neste caso, à coincidência com a forma castelhana" (Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 727-728).

<sup>33</sup> Para a distribución actual de *caer* / *caír* cfr. ALGA, mapa 160, Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 93, e García González, *Glosario*, p. 158 s.v. 'caer'.

aparece como forma única (pp. 86 e 102): as terras da Estrada están hoxe na banda de *caír* e sitúanse no límite da isoglosa que separa os dous resultados. No seu *Diccionario caír* aparece tamén como a única solución (p. 86). Así e todo, non convén perder de vista que o estradense evita polo xeral incluír nesta súa obra as voces coincidentes co castelán. Por outra parte, parece fóra de toda dúbida que coñecía a solución tradicional. De feito, no *Diccionario* atopamos voces como *acaer* (p. 4) ou como *decaemento* (p. 159), formadas sobre a base *caer*. Mirás, en cambio, parece inclinarse por *caer* (p. 118), se ben en moitos casos resulta difícil precisar cal é o infinitivo que se agocha tras determinadas formas. Tal é o caso de *caeu* (pp. 102, 117) ou *cayeu* (p. 139), que non fan proba por causa da neutralización, habitual neste autor, entre a CII e a CIII na P<sub>3</sub> dos perfectos.

Como resultado de TRAHĚRE as gramáticas non ofrecen máis resultado ca *traer* ou *trager*. Así aparece en Saco (pp. 93-95), que a utiliza de forma exclusiva nos exemplos e no apéndice de refráns (pp. 112, 113), e mais en Valladares (p. 65 n.). Resulta significativo que Valladares omita *traír*, unha forma que hoxe convive coas dúas solucións citadas anteriormente nas terras da comarca da Estrada<sup>34</sup>. Polo demais, pese a ser unha forma diferencial tampouco se rexistra no seu *Diccionario*, que recolle unicamente *trager* e *trager* (p. 560).

Para CLAUDĚRE Valladares recolle soamente o resultado *choír* (pp. 86 n. e 102). No *Diccionario*, en cambio, rexistra a vacilación *chòér* / *chòír* (p. 154), que tamén se estende ó derivado *deschoer* / *deschoír* (p. 171).

---

<sup>34</sup> Cfr. ALGa, mapa 394.

No caso de *proer* / *pruír* o cambio de conxugación prodúcese, como dixemos, en sentido inverso: o latín *PRURĪRE* xerou o galego *pruír*, que logo vacilaría entre manterse na C<sub>III</sub> ou ben pasar á C<sub>II</sub>, con cambio da vocal radical (/u/ > /o/) conforme ó criterio descrito máis arriba para *dizer* > *dicir*, *aduzer* > *aducir*. Na lingua actual *pruír* e *proer* alternan no territorio galego<sup>35</sup> como formas de infinitivo. O resultado *proer* conxúgase conforme ó modelo *moer*. Pola contra, naqueles puntos en que se escoita *pruír* o verbo acomodouse ó paradigma con alternancia modelo *fuxir*: *proe*, *proen* / *pruía*, *pruían*. Este feito, unido ó seu carácter de verbo terciopersoal, vén a facilitar aínda máis o tránsito para a C<sub>II</sub>, onde os verbos como *moer* presentan igualmente vocal aberta no radical da P<sub>3</sub> e da P<sub>6</sub> do presente de indicativo.

Os datos que ofrecen os gramáticos revelan que a situación era naquel tempo a mesma cá que vivimos actualmente. Así, as solucións que eles ofrecen oscilan entre o *proer* que recolle Mirás (p. 48) ou que recolle e emprega Saco (pp. 99, 112, 239), e o *proír* de Valladares (pp. 97 e 103). Así e todo, cómpre advertir que o da Estrada inclúe como entradas do seu *Diccionario*, ademais de *proír* (p. 472), as solucións *proer* (p. 472) e *pruír* (p. 473). Esta inseguridade no tratamento de *pruír* / *proer* é perceptible mesmo nos traballos máis recentes. As *Normas* da Academia e do Instituto da Lingua Galega recollen ámbalas solucións, e así *proer* aparece agrupado con *caer*, *choer* ou *doer* (p. 79), en tanto que *pruír* figura entre os verbos que se conxugan conforme o modelo de *fuxir* (p. 88)<sup>36</sup>.

---

<sup>35</sup> Cfr. Constantino García González, *Glosario*, p. 581 s.v. 'proer'.

<sup>36</sup> O mesmo sucede en Álvarez Blanco et al., *Gramática*, p. 310.

### 13.2.2. A P<sub>1</sub> do perfecto da C<sub>1</sub>: *cantei* / *cantín*.

Na P<sub>1</sub> dos perfectos fracos o galego común mantén a oposición entre os verbos da primeira conxugación, que teñen para esta persoa *cantei*, onde *-e-* se analiza como vocal temática e *-i* como sufixo número-persoal, e os verbos da segunda e da terceira, que ven neutralizada a súa oposición: *collín* / *partín*, onde *-í-* é a vocal temática e *-n* o sufixo número-persoal. Por un mecanismo de nivelación analóxica bastante evidente<sup>37</sup>, nalgúns puntos moi localizados do occidente galego (as falas da Arousa e da ría de Pontevedra<sup>38</sup>) esta oposición entre a C<sub>1</sub> e a C<sub>II</sub> e C<sub>III</sub> queda neutralizada en favor destas últimas, de xeito que nesta área a P<sub>1</sub> dos perfectos da C<sub>1</sub> é *cantín*.

Polo xeral, na exposición dos paradigmas da conxugación regular os gramáticos non recollen outra solución que a que entón como agora era a maioritaria, é dicir, a que mantén a oposición entre C<sub>1</sub> e C<sub>II</sub>-C<sub>III</sub>. Unicamente Valladares recolle no paradigma modelo *chorar* o resultado *chorín* ó lado da solución común (p. 51), mais non ofrece ningunha estimación acerca da súa frecuencia relativa nin tampouco achega ningunha información sobre o ámbito xeográfico en que se escoita. Por outra parte, no paradigma de *andar* que conxuga como regular, cun tema de perfecto *and-*, e como irregular, cun tema de perfecto *andiv-*, soamente aparece como forma regular *andei* (p. 60).

---

<sup>37</sup> Fritz Krüger, "El perfecto de los verbos en *-ar* en los dialectos de Sanabria y de sus zonas colindantes", *RFE* 38 (1954), p. 64, n. 2, explícaos como unha redución de *chegueín*, unha forma que se documenta no galego oriental e en puntos illados do occidente coruñés. Resultado da redución de *chegueín* é *cheguén*, que se escoita tamén no occidente da Coruña, no sueste de Lugo e no sur de Pontevedra. Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 81, e *ALGa*, mapa 6.

<sup>38</sup> Cfr. Fernández Rei, *O verbo*, p. 91; *Dialectoloxía*, p. 81, e *ALGa*, mapa 6.

Con todo, as referencias á existencia da forma *cantín* non se esgotan coa simple referencia de Valladares. Saco, que no cadro da conxugación só recolle *faléi* (p. 68), advirte a presenza da solución analóxica nun texto literario:

En un acreditado libro de poesias gallegas se halla á menudo la primera persona de singular de este tiempo en verbos de la primera conjugacion, con la misma desinencia en *in* que los de la segunda y tercera, diciendo *falín, gardín, cheguin* por *falei, gardei, cheguei* (p. 77 n.).

Parece evidente que o "acreditado libro de poesias gallegas" non pode ser outro cós *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Ademais de que é frecuente que se aluda a esta obra con expresións elípticas deste xénero, os tres exemplos que cita o gramático ourensán corresponden efectivamente ós *Cantares*: *falin* (p. 57), *gardin* (p. 58) (os dous nun mesmo poema), *cheguin* (p. 125). De tódolos xeitos, a apreciación de Saco non é de todo correcta. Non é exacto que Rosalía utilice "a menudo" as formas en *-ín*, como pretende o ourensán. En realidade, máis ben habería que dicir que as emprega só ocasionalmente, pois, á parte dos tres exemplos arriba citados, só atopamos *pasín* en catro ocasións, todas elas nun mesmo poema (pp. 29, 30)<sup>39</sup>. Pola contra, as ocorrencias das formas en *-ei* son moito máis numerosas<sup>40</sup>.

---

<sup>39</sup> Cfr. Carballo Calero, *Particularidades*, p. 57.

<sup>40</sup> Sivan como exemplos as seguintes: *atravesei* (p. vii), *visitei* (p. vii), *contentei* (p. 23), *arrimeí* (p. 53), *pensei* (p. 54), *botei* (pp. 54, 67), *merquei* (p. 129), *tratei* (p. 131), *cantei* (pp. 213, 214), *espriquei* (p. 214).

Independentemente de cal fose a intención de Rosalía ó introducir estas formas na súa obra<sup>41</sup>, a súa aparición nesta obra non abondou para introducirlas dunha forma apreciable na lingua escrita. A propia Rosalía abandonou esta característica e así, na súa obra posterior non atopamos nin sequera un rexistro da solución analóxica. A súa ausencia do rexistro escrito quizais se deba á súa condición de forma marcadamente dialectal e popular. A isto apuntan precisamente as palabras de censura que lle dedicou Manuel R. Rodríguez, que probablemente recollen o que era unha opinión bastante estendida entre os círculos considerados 'cultos'. No seu traballo titulado "Declinación gallega" este gramático descualificaba a solución *cantín* ó considerala minoritaria e, o que é o argumento principal, característica da xente inculta:

En algunos puntos de Galicia hacen terminar la primera persona de este tiempo en *in*, como: de amar, *amin*; de tocar, *toquin*; de lavar, *lavin*; pero esta tendencia á igualar las terminaciones del pretérito perfecto en la primera persona de los tres modelos, es sólo propia de las personas poco cultas, que ignoran las verdaderas desinencias de la conjugación gallega (p. 340, n. 1).

Esta actitude hostil para con *cantín* é plenamente coherente coa súa concepción de lingua culta e cos criterios que, segundo este autor, deben rexe-la escolla normativa. Sería arriscado pretender que Rodríguez represente a opinión xeneralizada entre os círculos ilustrados do país. Así e todo, é máis que probable que os seus prexuízos fosen compartidos por un importante sector desas clases.

---

<sup>41</sup> Carballo Calero, *Particularidades*, p. 65, explica a súa presenza por razóns estilísticas: "Es evidente que Rosalía les confiere una carga estilística de gracia popularizante, análoga a la del seseo".



### 13.2.3. Vacilación e / ø na P<sub>3</sub> do presente de indicativo e na P<sub>2</sub> do imperativo nalgúns verbos da CII.

En xeral, o -e final elídese en galego tras aquelas consoantes que poden aparecer en posición final. Sen embargo, no paradigma verbal este proceso podía repercutir no plano morfolóxico desequilibrando a regularidade do sistema, e por esta razón a perda de -e non chegou a xeneralizarse. Como se indica nas *Normas*, "desta maneira evítase a anomalía de que o presente de subxuntivo de *cantar* sexa *cante*, *cantes*, *cante* e o de *calar* sexa \**cal*, *cales*, \**cal*" (p. 75).

En todo caso, no galego medieval é xeral a elisión de -e tras -z- [dz] (mais non tras -c- [ts]), nos verbos en -zer e -zir; tras -l- no caso de *valer*, e tras -r- en *querer*<sup>42</sup>. Posteriormente estas formas con -e elidido recuperaríano na maior parte do territorio. Sen embargo, esta tendencia restauradora non conseguiu eliminar tódolos vestixios da situación anterior. Así, para a terceira persoa do presente de indicativo de *querer* temos hoxe *quer* en toda a franxa oriental do país, no sur de Pontevedra, alternando sempre con *quere* ([kére] ou [kére]), e en puntos do occidente da Coruña, alternando tamén nalgún lugar con *quere*<sup>43</sup>. No caso de *valer* temos *val* como forma de P<sub>3</sub> do presente de indicativo espallado por todo o norte de Lugo e pola provincia da Coruña, alternando nalgúns lugares con *vale*. Como forma de P<sub>2</sub> de imperativo apréciase unha maior frecuencia de *val* nestas mesmas zonas e ademais aparece en puntos illados de Ourense<sup>44</sup>.

---

<sup>42</sup> Cfr. Williams, *Do latín*, pp. 171-172; Nunes, *Compêndio*, pp. 283-284; Huber, *Gramática*, pp. 90-91; Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 732-733.

<sup>43</sup> Cfr. *ALGa*, mapa 337.

<sup>44</sup> Cfr. *ALGa*, mapa 123 (*el vale*) e 136 (*vale ti*).

Esta alternancia das formas con *-e* elidido e con *-e* restaurado en *valer* e *querer* aparece recollida na gramática de Saco, que admite normativamente calquera das dúas solucións (p. 78). Se ben non sinala a frecuencia relativa dunha e outra, considera a elisión como un fenómeno habitual. De tódolos xeitos, a pesar desta aparente neutralidade, é evidente a predilección de Saco polas formas con elisión, que debía de considerar como normais. De feito, tanto no paradigma de *querer* coma no de *valer* son as solucións con vocal temática  $\emptyset$  (*quer*, *val*) as únicas que figuran como formas de  $P_3$  do presente de indicativo (pp. 107 e 102, respectivamente). As formas plenas *quere* e *vale* quedan reservadas para aqueles casos en que o verbo vai seguido por un pronome enclítico *o*, *a* (só elas serían posibles nas secuencias *quéreo*, *váleo*) (pp. 109 e 103, respectivamente).

Por outra banda, no caso de *querer* o gramático ourensán limita a posibilidade de empregar estas dúas formas á  $P_3$  do presente de indicativo; para a  $P_2$  do imperativo só cabe, ó que parece, a forma con *-e* restaurado. Así, *quere* preséntase como forma única para a  $P_2$  do imperativo de *querer* (p. 108). Neste punto a súa descrición coincide coa de Valladares, que recolle tamén *quere* e *quer* para o presente, mentres que no imperativo só rexistra *quere* (p. 73). Polo demais, esta é a solución habitual hoxe naqueles lugares que teñen *quer* como forma de presente<sup>45</sup>. Non é posible precisar cal é a posición destes dous gramáticos con respecto a *valer*, pois no paradigma que ofrece Saco non figura o imperativo, e na gramática de Valladares *valer* nin sequera aparece.

---

<sup>45</sup> Como  $P_2$  do imperativo *quer* só aparece rexistrado en dous puntos, correspondentes ós concellos de Dumbría e Allariz. Cfr. *ALGa*, mapa 345.

Pode sorprende-la predilección de Saco polas formas con apócope<sup>46</sup> cando hoxe en día en terras ourensás o *ALGa* soamente documenta *quer* nun par de puntos secundarios dos concellos da Merca e da Mezquita. *Val* só se rexistra, e só como forma de imperativo, en catro puntos desa mesma provincia, nos concellos de Cea, San Amaro, Allariz e A Mezquita<sup>47</sup>. Sen embargo, a xulgar polos datos que fornecen os textos literarios do momento, *quer* debía de estar daquela moito máis estendido ca hoxe. Este é a forma habitual que encontramos, por exemplo en Rosalía<sup>48</sup>. Tanto é así que Carballo considera os poucos exemplos de formas con *-e* restaurado como desviacións da norma<sup>49</sup>. Tamén Curros emprega a miúdo *quer*, que alterna practicamente ó cincuenta por cento con *quere*<sup>50</sup>. Nos textos do primeiro tercio do século XIX *quer* preséntase tamén como a solución maioritaria, e o mesmo sucede nos textos dos Séculos Escuros<sup>51</sup>. Polo que se refire á presenza de *val* nos textos, a situación é bastante

---

<sup>46</sup> Nos exemplos da súa obra e nos refráns do apéndice *quer* aparece xenerosamente documentado (pp. 198, 219, 264, 265, 266, 267, 268, 270, 272, 274, 278, 279, 280, 281, 282). Do mesmo xeito, tamén atopamos *sal* (pp. 270, 278) e *val* (pp. 272, 275, 282), alternando con *sai* (p. 264) e con *vale* (p. 272) respectivamente. Na *Literatura popular de Galicia* son moi contadas as ocorrencias de *quere*. Só atopei unha documentación (p. 65). Fronte a ela, *quer* aparece en incontables ocasións (pp. 54, 65, 70, 79, 80, 93, 98, 102, 114, 117, 118, etc.)

<sup>47</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 337 (*quere*) e 136 (*vale*).

<sup>48</sup> En *Cantares gallegos* atopamos *quer*, por exemplo, nas pp. 10, 117, 146, 171; en *Follas novas* a súa frecuencia é así mesmo moi elevada: temos *quer* nas pp. 110, 113, 159, 172, 183, 245, 248, fronte a *quere*, que só aparece nas pp. 75, 220, 263.

<sup>49</sup> Carballo Calero, *Particularidades*, p. 64, agrúpaos con formas como *oye* ('oe') baixo o epígrafe "Otros casos con *-e* paragógica o castellanismos".

<sup>50</sup> En *Aíres* temos *quer*, por exemplo, nas pp. 23, 35, 40, 56, etc.; *quere* aparece nas pp. 31, 35, 40, 46, etc. O mesmo sucede no *Sainete*: *quer* (pp. 18, 48, 92) / *quere* (pp. 23, 71).

<sup>51</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 541-542.

semellante á descrita para *quer*<sup>52</sup>. De todos estes datos debemos deducir que a xeneralización das formas con -e final elidido non se produciu ata época relativamente recente. Corroboran esta hipótese os testemuños que ofrecen autores que, como Saco ou Curros, proceden dunha área lingüística onde este fenómeno aparece pouco documentado na actualidade.

Ademais destes dous verbos, existen outros que, segundo Saco, están sometidos ó mesmo proceso (p. 78). Trátase de dous verbos en -*cer* (< -*scĕRE*), *nacer* e *parecer*, que en galego medieval non sufrían a elisión do -e final. Neste punto a descrición de Saco ten unha débeda cos *Cantares gallegos* de Rosalía. Os dous exemplos que cita o gramático, *parez* e *naz*, parecen tomados da obra da padronesa, onde aparecen con seseo: *parés* (pp. 52, 145, 194) e *nâs* (p. 195)<sup>53</sup>. Isto non quere dicir necesariamente que Saco só coñecera estas formas a través da literatura. En todo caso, diante desta coincidencia de exemplos cómpre manter certas reservas sobre a referencia de Saco. A primeira destas dúas formas aparece con certa frecuencia nos textos escritos: témola documentada, por exemplo, na *Parola de Cacheiras*<sup>54</sup>,

---

<sup>52</sup> *Val* predomina claramente sobre *vale* en *Follas novas*, onde, por unha documentación da solución con -e (p. 82) atopamos oito da forma con apócope (pp. 38, 53, 228, 247, 248, 262, 263). Por outra parte, os *vale* que hai na primeira edición de *Cantares* (p. xiii -2 veces-) aparecen emendados en *val* na edición de 1872, de xeito que nela xa non atopamos máis cá solución con apócope *val* (pp. ix -2 veces-, 15, 112, 122). *Val* é así mesmo a única forma que atopamos en *Aíres* (pp. 125, 147), na *Gaita* (pp. 30, 54, 101, 103, 104, 142, 203), en *Queixumes* (pp. 93, 94, 197), no *Sainete* (pp. 10, 44, 50). Na *Literatura popular de Galicia* esta é tamén a solución máis documentada (pp. 67, 71, 95, 104, 110, 154, 155, 313, etc.), se ben con frecuencia alterna con *vale*, as veces dentro dunha mesma cantiga (p. 95).

<sup>53</sup> Cfr. Carballo Calero, *Particularidades*, pp. 55-56.

<sup>54</sup> Ramón Mariño, *Estudio*, p. 543, rexistra *parês* e *parés*.

en *Follas novas*<sup>55</sup>, en *Saudades gallegas*<sup>56</sup>, ou na propia *Literatura popular* de Saco<sup>57</sup>.

Por último, a esta relación de verbos afectados pola elisión do -e cómpre engadir un caso máis: o de *salir*, unha forma que alterna con *saír*. Aínda que Saco non o relaciona en ningún momento cos anteriores, no seu paradigma atopamos *sal* como forma de P<sub>3</sub> de presente de indicativo. Ó seu lado, *sáí*, que corresponde a *saír*, figura como forma de presente de indicativo e como P<sub>2</sub> do imperativo (pp. 96-97).

Da confrontación das gramáticas e textos literarios do século pasado cos resultados dos estudos dialectolóxicos sobre o galego actual dedúcese que a presenza das formas con apócope foi recuando ó longo de todo este século ata desapareceren practicamente de amplas zonas do noso territorio.

#### 13.2.4. A vocal temática nos verbos en -aer, -aír, -oer e -oír.

##### 13.2.4.1. A P<sub>1</sub> do presente de indicativo e o presente de subxuntivo.

A P<sub>1</sub> do presente de indicativo e o presente de subxuntivo presentan habitualmente vocal temática  $\emptyset$ . Sen embargo, os verbos da segunda e da terceira con radical rematado en vocal /a/ ou /o/ restauran nestas formas a vocal temática, unha semiconsoante [j], co fin de evita-la crase entre a vocal do radical e a desinencia (o SNP -o no presente

<sup>55</sup> *Parés* aparece nas pp. 28, 87, 133, 142, 148, 162, 212, 216; *parez* documéntase nunha soa ocasión (p. 62). Tamén hai numerosas ocorrencias de *parece* (pp. xxv, 15, 48, 177, 183).

<sup>56</sup> Nesta obra rexistramos *parés* (pp. 18, 94, 100, 118) e *aparés* (p. 33).

<sup>57</sup> Rexístrase unha soa ocorrencia de *parez* (p. 152) contra numerosas aparicións de *parece* (pp. 59, 65, 83, 88, etc.).

de indicativo e o *smr* -a- no presente de subxuntivo). Esta é a solución hoxe maioritaria dentro do dominio lingüístico galego.

Saco percibe esta característica como factor individualizador destes verbos e prescribe a necesidade de interpoñer entre o radical e a desinencia "una y consonante" para "suavizar la pronunciacion" (p. 102). Na exposición dos paradigmas da conxugación actúa en consecuencia e así temos, para *traer*, *trayo* / *traya* (pp. 93-94); para *caer* / *caír*, *cayo* / *caya* (pp. 96-97); para *doer*, *doyo* / *doya* (p. 98); para *proer*, *proya* (p. 99); para *oír*, *oyo* / *oya* (p. 99-100); para *saír*, *sayo* / *saya* (pp. 96-97)<sup>58</sup>.

Sen embargo, o noso gramático afástase da regra por el mesmo establecida nos paradigmas de *moer* e *roer*. No primeiro deles, *moer*, recolle a solución sen vocal temática *moo* / *moa*, se ben para o presente de subxuntivo admite tamén *moya* (p. 98). No caso de *roer* o tratamento é xustamente o contrario, xa que para a P<sub>1</sub> do presente de indicativo recolle unicamente a forma con [j] (*royo*) en tanto que para o presente de subxuntivo dá como posibles as solucións con e sen vocal temática (*roya* / *roa*) (p. 98). Esta asimetría no tratamento de *moer* e *doer* carece probablemente de fundamento. En calquera caso, o que interesa subliñar é a inclusión das formas sen [j] no paradigma dos verbos en -oer (ós casos de *moer* e *roer* quizais habería que engadi-lo verbo *doer*). Estas solucións, aínda que minoritarias, teñen aínda hoxe certa presenza na área de procedencia do noso gramático<sup>59</sup>.

---

<sup>58</sup> Cómpre advertir que no paradigma de *oír* / *ouír* figuran ademais as formas tradicionais *ouzo*, *ouza*. Por outra banda, ó lado de *saír*, a gramática de Saco admite tamén *salir*, que ofrece nos casos que nos ocupan as solucións *salio*, *sallo* / *salía*, *salla*.

<sup>59</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 97 (*moio*) e 111 (*moia*).

Se as variantes que ofrece a gramática de Saco contan con apoio na fala, non parece sucede-lo mesmo coas que propón Valladares. En efecto, o da Estrada, que só proporciona información acerca dos verbos *oír* e *saír*, coloca ó lado das solucións maioritarias *òyo / òya* (pp. 85-86), *sáyo / sáya* (p. 87) as formas *òa* e *sáo / sáa*, posiblemente invencións súas, xa que non se rexistran en ningures<sup>60</sup>.

#### 13.2.4.2. A P<sub>2</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo.

As posibilidades para a resolución dos encontros vocálicos entre a vocal /a/ ou /o/ do radical e a vocal temática /e/ son basicamente catro: (i) o mantemento do hiato, con conservación por tanto da vocal temática /e/: *traes, traen*; (ii) a súa conversión en ditongo, con cambio de /e/ para /j/ na vocal temática: *trais, train*; (iii) a introducción dun iode que evite o hiato ou, eventualmente, a crase: *traies, traien*; ou ben (iv) a crase: *tras, tran*. Naturalmente, non tódolos verbos que forman parte deste grupo presentan un comportamento semellante con respecto ás vías de solución expostas. Pola contra, a distribución xeográfica, lonxe de ser regular, varía en función de cada verbo, e mesmo de cada unha das formas.

Fronte á gramática prescritiva actual, que propón unha solución común para todos eles (*traes, traen*)<sup>61</sup>, os gramáticos do XIX que se ocupan destes verbos (Saco e Valladares) desenténdese desa preocupación homoxeneizadora e tenden máis a ofrecer un abano de posibles solucións ca a propoñer como preferente unha delas. Un caso paradigmático é o de Saco: dos oito verbos que conxuga non hai dous que

<sup>60</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 161 (*saio*), 170 (*saía*), 294 (*oio*) e 303 (*oía*).

<sup>61</sup> Cfr. *Normas*, pp. 79-81; Álvarez Blanco et al., *Gramática*, pp. 338-339.

coincidan plenamente na solución ou solucións propostas. Velaquí os resultados:

	(i)	(ii)	(iii)	(iv)
traer	----	----	----	trâs trân
caer-caír	---, caen	----	----	câs cân
saír	---, saen	sáis ---	---- sayen	----
moer	moes, moen	----	----	----
doer	---, doen	----	doyes doyen	----
roer	----	----	royes royen	----
proer	---, proen	----	---- proyen	----
oír	----	óis ---	oyes oyen	ós ---

Á vista deste cadro de formas é de salienta-la notable presenza da solución hoxe maioritaria, con mantemento da vocal temática /e/, en especial para a P<sub>6</sub>. De tódolos xeitos, advírtase que só nun caso, o do verbo *moer*, aparecen como formas únicas. En certa medida sorprende o tratamento que Saco lle dispensa a este verbo, xa que hoxe en día as formas con [j] antihiático (*moies*, *moien*) presentan unha frecuencia relativa notable na área de procedencia do autor<sup>62</sup>. Estas mesmas formas con [j] si aparecen, en cambio, nos outros verbos en *-oer*, nalgún caso (*roer*) como solución única. Así pois, a pesar de *moer*, apréciase unha certa continuidade entre os resultados que recolle Saco e os que hoxe detectan na súa terra os máis recentes estudos dialectolóxicos.

<sup>62</sup> Cfr. ALGa, mapas 98 (*moes*) e 102 (*moen*).



Por outra banda, a presenza das formas con [j] no paradigma do verbo *oír*, que nunha interpretación apresurada podería atribuírse á influencia do castelán, debe poñerse en relación cos resultados semellantes dos verbos en *-oer*, onde o [j] non pode deberse a un influxo exterior ó propio galego. Polo demais, hoxe en día *oies* e *oien* aparecen dispersos por toda Galicia, incluídas as terras de Ourense, e especialmente na súa banda leste<sup>63</sup>. Máis difícil de xustificar resulta a solución *sayen*, que a penas ten presenza na fala actual<sup>64</sup>. A súa presenza na descrición de Saco quizais se deba a un certo mimetismo con relación ós outros verbos.

En terceiro lugar, é preciso subliña-la presenza das formas reducidas *trâs*, *trân*, *câs*, *cân* e *ós*. No caso do verbo *traer* a súa presenza como solución única parece xustificada pola máis que apreciable densidade que presentan en toda a provincia de Ourense e no sur de Lugo, onde superan con creces calquera das demais solucións, sobre todo no caso da *P<sub>6</sub>*<sup>65</sup>. *Ós* e *ón*, en cambio, soamente se recollen en puntos illados. Para *câs* e *cân* non contamos con información acerca da súa distribución actual.

Para rematar, as solucións con vocal temática asilábica son as que menor presenza teñen no cadro de Saco, que as recolle en só dúas ocasións: *sáis* e *óis*. Na actualidade a súa frecuencia de aparición é baixa.

---

<sup>63</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 295 (*oes*) e 298 (*oen*).

<sup>64</sup> O *ALGa* (mapa 164) rexístrao nunha soa ocasión, no concello de Sobrado. Para a *P<sub>2</sub>* non se rexistra ningunha ocorrencia de *saies*.

<sup>65</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 381 (*traes*), e 384 (*traen*).

Os *Elementos* de Valladares dan conta soamente de dous destes verbos, *oír* e *saír* (pp. 85 e 87). Se en Saco botabamos en falta un tratamento homoxéneo, no da Estrada a simetría entre un e outro verbo é perfecta. Das catro solucións que citabamos antes, este autor recolle tres, as que quizais sexan as máis frecuentes. Prescinde deste xeito das formas con vocal temática asilábica [j]. Quédannos, xa que logo, os seguintes resultados:

	(i)	(iii)	(iv)
<i>oír</i>	òes òen	òyes òyen	òs òn
<i>saír</i>	sáes sáen	sáyes sáyen	sás sán

13.2.4.3. Vacilación /i/-/e/ na P<sub>3</sub> do presente de indicativo e na P<sub>2</sub> do imperativo.

Saco estima que a tendencia xeral que se observa en galego é o emprego nestas formas dunha vocal temática asilábica /i/. Esta característica serve ademais para individualizar este grupo de verbos fronte ós demais verbos da C<sub>II</sub> e da C<sub>III</sub>, que teñen vocal /e/. Ora ben, o noso gramático é consciente de que ese /i/ non é a vocal temática orixinaria, senón o produto da evolución da vocal temática orixinaria /e/, que con ese cambio evita a 'dureza' do hiato:

El gallego repugna como duras las combinaciones *ae*, *oe* (*trae*, *moe*) en fin de dición, por lo cual las contrae en *ai*, *oi* (p. 102).

Polo demais, cómpre recoñece-lo rigor con que Saco aplica neste caso a súa norma. Así, nos paradigmas atopamos sempre a solución con vocal temática /i/: *trai* (pp. 93-94), *cái* (pp. 96-97), *sái* (pp. 96-97), *mói* (p. 98), *dói* (p. 98), *proi* (p. 99). Soamente en *roer* Saco vacila entre *rói*, que dá como P<sub>3</sub> do presente de indicativo, e *roe*, que figura como P<sub>2</sub>

do imperativo (p. 98). En *oír*, temos *ói* tanto para o presente como para o imperativo, pero no primeiro destes tempos alternando con *oye*, con vocal temática /e/ precedida dun iode antihiático (pp. 99-100). Este rigor esténdese ademais ós exemplos e refráns da gramática, onde non atopamos máis ca un exemplo con vocal temática /e/, *roe* (p. 266), contra máis dunha *ducia* con /i/: *traí* (pp. 139, 146, 157, 164, 169, 209, 248, 277), *cai* (pp. 248, 266, 277), *sai* (pp. 264, 275), *doi* (pp. 165, 274), *roi* (p. 203).

As razóns que poden xustificar esta preferencia son varias. En primeiro lugar témo-la fidelidade á fala local, que aboaría a solución *sai*, que hoxe é case exclusivamente ourensá<sup>66</sup>, e, en menor medida, a de *traí*, que nos actuais mapas dialectolóxicos aparece rexistrada en bastantes puntos desta área<sup>67</sup>. En segundo lugar, cómpre ter en conta a aversión de Saco a certas combinacións de fonemas, entre eles os hiatos, que considera pouco eufónicas. Por último, Saco asume tamén de modo consciente a analoxía destas formas con outras como *vai* ou *fai*, solucións paralelas en moitos aspectos a *traí*, *cai* ou *sai*.

Fronte á postura de Saco, que defende neste caso unha solución única e común para todos estes verbos, Valladares recolle tres: (i) vocal temática /e/ (*ðe*, *sáe*), (ii) vocal temática asilábica /i/ (*ði*, *sái*), e (iii) vocal temática /e/ precedida dun iode antihiático (*ðye*, *saye*)<sup>68</sup>. As opcións que propón o da Estrada correspóndense coas tres primeiras posibilidades que máis atrás considerabamos para a P<sub>2</sub> e P<sub>6</sub>

---

<sup>66</sup> Cfr. ALGa, mapas 163 (*el sae*) e 172 (*sae ti*).

<sup>67</sup> Cfr. ALGa, mapas 382 (*el trae*) e 392 (*trae ti*).

<sup>68</sup> No imperativo de *saír* temos soamente *sái* (p. 87).

do presente de indicativo destes mesmos verbos (*oes*, *ois*, *oies*).

### 13.2.5. Vacilación /e/-/i/ na *vr* dos perfectos fracos de CII e CIII.

#### 13.2.5.1. A P<sub>2</sub> dos perfectos de CII.

No galego actual a oposición entre a CII e a CIII aparece neutralizada na P<sub>2</sub> dos perfectos, que presenta nun e noutro caso vocal temática /i/. Esta é a solución maioritaria, pero non a única, xa que no occidente da Coruña e Pontevedra e na Limia Baixa a solución etimolóxica con vocal temática /i/ foi desprazada por outra analóxica con vocal /e/, que mantén deste xeito a oposición temática cos verbos da CIII. Existe ademais unha illa situada no límite das provincias de Lugo e Pontevedra onde conviven as dúas solucións<sup>69</sup>.

Saco recolle estas dúas solucións presentándoas como características do galego 'meridional' (*batches*) e 'setentrional' (*bateches*) (pp. 76 e 232). Aínda que as etiquetas con que define a súa repartición xeográfica son evidentemente erróneas, a súa caracterización é acertada se temos en conta que el identifica o galego 'meridional' co ourensán e o 'setentrional' co compostelán.

Desde o punto de vista normativo, o gramático ourensán en principio admite indistintamente calquera das dúas solucións. Sen embargo, en contra do que cabería esperar dada a preferencia que manifesta noutras ocasións polas solucións do seu galego nativo, considera máis recomendable a solución occidental *bateches*, que "es más regular, pues

<sup>69</sup> Para a distribución *colliches* / *colleches*, cfr. Fernández Rei, *O verbo*, pp. 94-95, *Dialectoloxía*, p. 82, e *ALGa*, mapa 51.

sigue más exactamente la analogía del verbo *bater*, cuya conjugación tiene la *e* por vocal dominante. Además, la desinencia *iche* ó *iches* se confunde con la de idéntica persona de la tercera conjugación" (p. 76).

Así pois, en consonancia coa súa declaración esperaríamos atopar sempre a solución con vocal temática /e/. Sen embargo, esta forma soamente aparece no paradigma de *bater* (*bateche*) e no de *caer* / *caír* (*caeche*), e sempre ó lado da correspondente forma con VT /i/: *batiche*, *caíche* (pp. 71 e 96 respectivamente). En cambio, nos paradigmas de *crer* e *ler* figuran como solución única *criche* e *liche* (p. 110). Nos exemplos e nos refráns do apéndice atopamos algunha que outra ocorrencia de formas etimolóxicas, como *cociches* ou *metiches* (p. 266), pero ningunha da solución con VT /e/<sup>70</sup>.

Os demais gramáticos, que por razón da súa procedencia debían coñecer mellor ca Saco o sistema occidental, rexistran concordantemente unha soa solución: a etimolóxica con vocal temática /i/. Así o fan Cuveiro, que dá *colliche* como forma única (p. 22); Valladares, que recolle só *fendiche(s)* (p. 55), ou Rodríguez, que ten *solviche* ("Declinación", p. 340) e *respondiche* ("Apuntes", p. 50). Nin sequera o *Compendio* de Mirás, que pasa por ser un reflexo do galego occidental, e compostelán en particular, contén un só exemplo das formas con /e/: nos paradigmas de verbos da segunda temos *timiche* (p. 22) e *colliches* (p. 34).

---

<sup>70</sup> O mesmo sucede na súa *Literatura popular de Galicia*, onde soamente atopamos un *vendeche* (p. 87) fronte a *perdiche(s)* (pp. 72, 135), *naciche* (pp. 185, 203), *cuciche* (p. 330), *meciche* (p. 330), *cumiches* (p. 338).

Nos textos dos apéndices tampouco se aprecian vacilacións<sup>71</sup>. Esta seguridade resulta en certo modo sorprendente dado que Santiago se encontra hoxe no mesmo límite dos dous territorios, polo que cabería esperar unha maior inestabilidade<sup>72</sup>. É así mesmo chocante que ningún deles informe da existencia da solución occidental cando a súa presenza nos escritores desta procedencia dificilmente podía pasar inadvertida<sup>73</sup>.

#### 13.2.5.2. A P<sub>3</sub> dos perfectos fracos de CII e CIII.

Na actualidade pódense distinguir basicamente tres sistemas distintos no tocante á oposición de clase mórfica entre a P<sub>3</sub> dos perfectos fracos da CII e os da CIII. O primeiro deles establece unha distinción entre as dúas clases por medio dunha oposición da vocal temática: /e/ - /i/ (*colleu* / *partiu*). Este é o sistema que se rexistra no sur de Pontevedra, en todo o galego exterior (salvo o Bierzo), en case toda a provincia de Ourense e no sur e leste de Lugo.

---

<sup>71</sup> En realidade, o número de exemplos é tan cativo que non permite tirar conclusións fiables. En todo caso, quede constancia de que non atopamos máis solución cá que ten VT /i/: *comiche* (p. 67), *vinsiche* (p. 74).

<sup>72</sup> Cfr., por outra banda, os resultados da análise de R. Mariño sobre os textos do prerrexurdimento (*Estudio*, p. 533). Mentres que nun texto de ambiente compostelán como a *Tertulia dos Concheiros* as únicas solucións que se atopan presentan vocal temática /e/, noutra desta mesma zona, a segunda entrega da *Tertulia de Picaños*, o único exemplo presenta vocal temática /i/.

<sup>73</sup> A solución con vocal temática /e/ está amplamente documentada en Rosalía, que a emprega practicamente como forma única en *Cantares* e como forma claramente maioritaria en *Follas*. Son de *Cantares gallegos* os seguintes exemplos: *perdeche(s)* (pp. 69, 184, 185, 188), *ofreceches* (pp. 129), *naceches* (pp. 149), *morreche(s)* (pp. 162, 184, 185). En *Follas novas* temos *perdeche(s)* (pp. 8, 143), *volveches* (pp. 49), *naceche(s)* (pp. 167, 173), *morreche* (pp. 234, 255), fronte a *caíche* (pp. 116), *naciche* (pp. 46, 251) e *morriche* (p. 198). Predominan igualmente na *Gaita gallega* de Pintos, onde localizamos un único caso de VT /i/, *perdiches* (p. 61), fronte a máis de media ducia de ocorrencias de formas con /e/: *naceste* (p. 19), *ofreceches* (p. 34), *colleche* (p. 48), *entendeche* (p. 55), *perdeche* (p. 55), *creceches* (p. 140). En *Queixumes* temos poucos exemplos: *naceches* (p. 71), *caeches* (p. 180), fronte a *naciches* (p. 69).

O segundo dos sistemas presenta neutralización destas dúas conxugacións en favor da vocal temática característica da CIII: /i/ - /i/ (*colliu* / *partiu*). Esta neutralización é característica dos falares do occidente da provincia da Coruña. Tamén no galego do Bierzo se produce este fenómeno, só que alí se estende ademais ó resto do tema de perfecto.

Por último, nas bandas leste e sur da Coruña, no norte de Pontevedra e no cuadrante noroccidental de Lugo a neutralización da oposición prodúcese en favor da vocal temática /e/, característica da CII: /e/ - /e/ (*colleu* / *parteu*)<sup>74</sup>.

Esta pluralidade de resultados aparece reflectida, aínda que non de modo completo, nos textos que estamos estudando. O sistema con oposición *colleu* / *partiu* recólleo Rodríguez Rodríguez, quen nin sequera fai referencia á existencia de sistemas alternativos. Así sucede nos "Apuntes gramaticales" á *Crónica Troiana*, onde nos paradigmas modelo das conxugacións segunda e terceira atopamos, respectivamente, *respondeu* e *destróiu* (pp. 50-51).

Este sistema con oposición conta tamén coas preferencias de Saco, que, non obstante, recolle tamén o paradigma con neutralización en favor da vocal temática /e/. O gramático ourensán acerta unha vez máis ó presentar estas dúas solucións como variantes diatópicas: a primeira (*colleu* / *partiu*) correspondería ó galego meridional, en tanto que a segunda (*colleu* / *parteu*) sería a solución característica do galego setentrional (p. 232). Aténdonos literalmente ás etiquetas, a repartición xeográfica que el propón non se corresponde coa realidade. Ora ben, se temos en conta a identificación, xa varias veces referida, entre o galego

<sup>74</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 83-84, e *ALGa*, mapas 55 (*colleu*) e 145 (*partiu*).

setentrional e a fala compostelá por unha banda, e o galego meridional e a fala ourensá pola outra, a observación de Saco cobra sentido.

A preferencia de Saco pola solución *partiu*, e, polo tanto, polo sistema con oposición entre a CII e a CIII, baséase nas mesmas razóns que segundo este autor aconsellaban a elección de *colleches* fronte a *colliches*: a coherencia interna dos paradigmas e a conveniencia de preservar-la oposición entre as distintas clases mórficas:

Aunque en obsequio de la variedad convenga tal vez conservar las dos [*pidiu*, *pedeu*] en el gallego literario, creemos debe preferirse la primera, ya para distinguirla de igual persona de la segunda conjugación, ya por ser mas conforme á la índole de la tercera, cuya vocal dominante es la *i* (p. 76).

Aínda así, no paradigma modelo dos verbos da terceira aparecen as dúas solucións (*pidiu* / *pedeu*<sup>75</sup>) (p. 73), como tamén no de *ver* (*viu* / *veu*) (p. 110) que, como é sabido, se conxuga no tema de perfecto conforme ó modelo da terceira conxugación<sup>76</sup>. Así e todo, cómpre advertir que nos exemplos e nos refráns Saco non utiliza máis ca *viu* (pp. 149, 150, 186).

Polo demais, non hai noticias en Saco da neutralización en favor da vocal temática /i/, e así, nos paradigmas da segunda conxugación non temos máis resultados cós que presentan vt /e/: *bateu* (p. 71), *creu* (p. 110), *leu* (p. 110). A dobre solución *caíu* / *cayeu* (p. 96) é debida, sen

<sup>75</sup> Obsérvese que Saco mantén no caso de *pedeu* a vocal radical do infinitivo *pedir*, ó contrario do que sucede habitualmente nas áreas en que se produce esta neutralización, onde estes verbos con alternancia /i/ -/e/ ou /i/-/e/-/e/ na vocal radical (*pido-pides-pedimos*, *mino-mentes-mentimos*) presentan vocal radical /i/ na P<sub>3</sub> dos perfectos (*pideu*, *minteu*). Sen dúbida Saco consideraba que ó non haber un /i/ en posición tónica, como en *pidiu*, non había razón para ese cambio da vocal radical.

<sup>76</sup> A distribución xeográfica de *viu* / *veu* é semellante á de *partiu* / *parteu*. Cfr. ALGa, mapa 402.



dúbida, a que este verbo vacila entre a adscrición á CIII (*caír*) e á CII (*caer*).

Mirás, ó que parece, non debía coñecer outro sistema distinto do que neutraliza en /e/ as dúas conxugacións. Así o revelan os paradigmas de diversos verbos da segunda e da terceira conxugacións: *temeu* (p. 22), *colleu* (p. 34) / *parteu* (p. 22), *abreu* (p. 31), *saleu* (p. 32). A P<sub>3</sub> do perfecto de *ver* é así mesmo *veu* (p. 30). É preciso subliñar ademais a seguridade e a regularidade con que emprega este sistema nos textos que serven de complemento á súa obriña<sup>77</sup>.

Valladares, por último, recolle tódolos resultados posibles. Así, nos paradigmas modelo da segunda e da terceira conxugacións figuran tanto as formas con vr /e/ como as que presentan vocal temática /i/. Deste xeito para a P<sub>3</sub> do perfecto de *fender* temos *fendéu* e *fendíu* (p. 55), e o mesmo sucede con *ispír*, que presenta nesta persoa os resultados *ispíu* e *ispeu* (p. 58). Idéntico comportamento observa nos paradigmas de *oír* (p. 85), *saír* (p. 87) e *ver* (p. 80). En principio, e dado que Valladares non establece ningunha restricción, podería pensarse que este autor entende como posibles e lexítimas tódalas combinacións que se poden establecer: *colleu* / *partiu*; *colleu* / *parteu*; *colliu* / *partiu*, e *colliu* / *parteu*. Sen embargo, tendo en conta que cos datos de que dispoñemos esta última non parece existir, semella máis probable que Valladares, á hora de redacta-la súa descrición, non tivo en conta todas estas posibilidades combinatorias, senón que se limitou a recoller

---

<sup>77</sup> Como exemplos de verbos da terceira témo-los casos de *saleu* (pp. 64, 66, 78, 102, 104), *veu* (pp. 64, 67, 70, 87, 88, 89, 117, 141, 142), *discurreu* (p. 71), *sufreu* (p. 83), *cumpreu* (pp. 86, 142), *disídeu* (p. 86), *risíbeu* (p. 88), *subeu* (pp. 88, 117, 141, 142), *enjulleu* (p. 98), *pareu* (p. 103), *minteu* (p. 103), *oyeu* (pp. 112, 121, 135, 137, 142), *fuxeu* (p. 117), *escribeu* (p. 138), *consijéu* (p. 141). Os exemplos correspondentes a verbos da segunda presentan tamén vocal temática /e/: *perdeu* (p. 69), *caeu* (pp. 102, 117), *desendeu* (p. 88), *cayeu* (p. 139).

tódalas variantes que para cada clase mórfica foi atopando nos textos.

A posición de Cuveiro é imposible de precisar, xa que o modelo da C<sub>III</sub> é un verbo irregular cun perfecto forte (*ir*). Polo que se refire á segunda conxugación, o único resultado que ofrece este autor presenta vocal temática /e/: *colleu*.

### 13.2.5.3. A P<sub>4</sub> e a P<sub>5</sub> dos perfectos fracos de C<sub>II</sub>.

Na fala rexístrase a miúdo unha vacilación entre a vocal temática etimolóxica /e/ e a analóxica /i/: *collemos / collimos, collestes / collistes*. Este cambio na vocal temática ben pode explicarse como un paso máis no proceso de neutralización das clases segunda e terceira. De tódolos xeitos, non parece alleo a el o influxo do castelán, que neste mesmo punto do sistema ten neutralizadas tamén a C<sub>II</sub> e a C<sub>III</sub> (*temimos / partimos; temisteis / partisteis*)<sup>78</sup>.

Esta vacilación aparece reflectida nos paradigmas que ofrecen os nosos gramáticos, que en xeral non tratan de maneira homoxénea e coherente esta cuestión. De tódolos xeitos, debemos recoñecer que a solución máis frecuente no caso da P<sub>4</sub> é a que presenta vocal temática /i/, en tanto que para a P<sub>5</sub> existe división de opinións. Saco semella inclinarse pola solución mixta: /i/ para a P<sub>4</sub> e /e/ para a P<sub>5</sub>. Así se deduce dos paradigmas de *bater* (p. 71), *crer* (p. 110) ou *ler* (p. 110), que teñen *batimos, crimos e limos*, pero *batestes, crestes e lestes*. O caso de *caír / caer* merece mención á parte. As formas *caímos, caístes / caemos, caestes* (p. 96) quizais correspondan respectivamente ós infinitivos *caír* e *caer*.

---

<sup>78</sup> Estas dúas explicacións son as que manexa Couceiro, *Feás*, p. 113.

Mirás e Manuel R. Rodríguez están na mesma situación que Saco. Na obra do primeiro deles os dous verbos que se conxugan conforme o modelo da segunda conxugación presentan vocal temática /i/ na P<sub>4</sub>: *temimos*, *collimos* (pp. 22 e 34). Na P<sub>5</sub>, en cambio, os resultados difiren: *timichedes* / *collechedes* (pp. 23 e 34). En Rodríguez ("Apuntes", p. 50) o verbo modelo da segunda, *responder*, ten tamén vt /i/ na P<sub>4</sub> e /e/ na P<sub>5</sub>: *respondimos* / *respondéstedes*.

Fronte a estes autores, Cuveiro e Valladares ofrecen unha solución común para as dúas persoas. Así, en Cuveiro o verbo modelo da segunda, *coller*, ten nos dous casos vocal temática /i/: *collimos*, *collichedes* (p. 22). Valladares, pola súa parte, é o único que recolle estas formas con vocal temática /e/: *fendémos*, *fendéstes* (p. 55).

#### 13.2.6. A vocal temática nos futuros.

Na formación do futuro e mais do pospretérito de indicativo a vocal temática do infinitivo quedou en posición pretónica. Esta circunstancia permitiu que tanto o castelán coma o galego e o portugués antigos experimentaran a síncopa desta vocal nalgúns verbos da CII e da CIII. Certamente existen algunhas diferencias entre o comportamento destes futuros no castelán e no galego e portugués: por unha banda, os verbos afectados por este proceso non sempre foron os mesmos en galego e portugués e en castelán; por outra parte, o galego e o portugués non coñeceron, segundo parece, os resultados con /d/ epentético que desenvolveu o español naqueles casos en que a síncopa da vocal temática daba lugar a un grupo heterosilábico /nr/ ou /lr/ (*pondré*, *saldré*,

*tendré, valdré, vendré*)<sup>79</sup>. Outra diferenza substancial é que mentres que o castelán conservou nalgúns casos estas solucións con síncope, o galego e o portugués refixeron os futuros partindo novamente dos infinitivos. Non obstante, a presión que o castelán exerceu e exerce sobre o galego provocou a aparición na fala, con carácter ocasional, dalgúns formas sincopadas, e mesmo con /d/ epentético, paralelas ás que presenta este idioma.

Polo que se refire ó tratamento que estes futuros reciben nas gramáticas cómpre destacar en primeiro lugar a absoluta coincidencia dos gramáticos en non propoñer máis solución cá regular sen síncope. É máis, Saco destaca este feito como característica diferencial do galego fronte ó castelán:

Finalmente tienen el futuro regular los verbos que en castellano pierden la e de la terminación, v. g. *caberei, quererei, saberei* (cabré, querré, sabré) (p. 82 n.).

Nos modelos da conxugación segue fielmente este principio e así temos *haberei / habiría, saberéi / sabiría, caberéi / [cabiría]* (pp. 87-88); *tereí / tiría, vireí / viría, poreí / poría* (pp. 90-91); *sairéi / sairía* (p. 97); *quererei / querería* (p. 108).

Coinciden con Saco Cuveiro, que dá *haberei* (pp. 16, 20, 23, 26, 30), *habiría* (pp. 18, 21, 24, 27, 31-32); *comporei* (p. 29), *comporía* (pp. 30-31); e Valladares, que propón *haberèi / habería* (pp. 67-68); *poderèi / podería* (pp. 69-70); *poñerèi, porèi / poñería, poría, puría* (p. 72); *quererèi / querería* (pp. 73-74); *saberèi / sabería* (p. 75); *terèi / tería* (pp. 78-79); *sairèi / sairía* (p. 87-88). Para

<sup>79</sup> Para o español cfr. Menéndez Pidal, *Manual*, pp. 322-324 (§ 123). Para o galego e o portugués, cfr. Nunes, *Compêndio*, pp. 319-321; Williams, *Do latim* pp. 211-212 (§ 172), Huber, *Gramática*, p. 80 (§ 132.1), p. 137 (§ 240), p. 231 (§ 388), e *Normas*, p. 92.

o verbo *vir* témo-las formas regulares *virèi*, *viría* (pp. 88-89) e, ó lado desta última, *vinría*, unha solución que non achamos documentada en ningures. Soamente en Mirás atopamos algúns casos de síncope, que alternan coas formas plenas: *habrei sido* (pp. 18-19), *habrei amado* (*temido*, *partido*) (pp. 24-25), *habria amado* (*temido*, *partido*) (pp. 27-28), pero *habiria sido* (p. 20).

Ora ben, por máis que as gramáticas non reflectan estas solucións castelanizantes, a súa presenza nos textos literarios do período de referencia son un testemuño da súa penetración na fala. Un escrutinio mesmo superficial dos textos revela que este fenómeno, se non moi estendido, si se producía con certa frecuencia. Aínda así, é preciso distingui-los casos de síncope (*cabré*, *habré*, *podré*, *querré*, *sabré*), relativamente frecuentes, dos de síncope con desenvolvemento de /d/, moito máis esporádicos. Dos primeiros temos exemplos en *Cantares*: *podrán* (p. 197), *querrei* (p. 185), pero *haberá* (p. 68), *saberás* (p. 125 -3 veces-); en *Follas*: *habrá* (pp. 67, 86, 91, 262), *podría* (p. 106), *sabrá* (pp. 232 -4 veces-, 253), pero *poderá* (p. 160), *saberán* (p. 30); en *Aires*: *habrá* (p. 69), *podrás* (p. 163), pero *habería* (p. 47); en *Saudades*: *podrei* (p. 9), *podrá* (pp. 107, 121), pero *quererá* (p. 77); no *Cancionero popular*: *podrá* (II, p. 82), pero *habería* (III, p. 262), *poderán* (I, p. 83; III, p. 34), *quererei* (I, p. 84; II, p. 19; III, p. 245), *querería* (III, p. 260), *saberei* (III, p. 263), *saberás* (I, p. 88; II, p. 254); ou na mesma *Literatura popular* de Saco: *podría* (p. 57), pero *haberá* (p. 338), *habería* (p. 231), *poderán* (pp. 212, 230), *quererei* (p. 212), *quererá* (p. 325), *querería* (p. 231), *saberás* (p. 234), *saberán* (p. 230 -2 veces-). Mesmo nalgunha ocasión son as formas sincopadas as únicas que concorren. Tal é o caso da *Gaita gallega*, onde temos *habrá* (pp. 43, 104, 123, 204, 205, 212), *habría* (p.

155), *podrá* (pp. 6, 51, 159), *podrás* (p. 201), *podrán* (p. 193), *sabrás* (p. 49), *sabrán* (p. 159), ou en *Queixumes*, onde o único exemplo que localizamos ten precisamente síncopa: *querrán* (p. 135).

Sen embargo, no segundo grupo de verbos, os que introducen /d/, a incidencia do castelanismo é considerablemente menor. En realidade, na maior parte dos textos non atopamos ningunha ocorrencia<sup>80</sup>, e naquelas obras en que si comparecen fano con carácter moi excepcional. Así por exemplo, no *Cancionero popular* atopamos nun par de casos *pondría* (III, pp. 259, 261), contra unha estensa relación de exemplos de formas regulares: *tereí* (I, p. 131; III, pp. 163, 257 -2 veces-), *terás* (I, p. 3; III, pp. 61, 156), *terán* (I, p. 51), *tería* (II, p. 10), *vireí* (II, p. 82), *virás* (I, pp. 89, 96; II, p. 106), *virá* (II, p. 160; III, p. 14), *virán* (II, p. 205; III, p. 197 -3 veces-). O mesmo ocorre na *Gaita*, onde temos *valdrán* (p. 139), pero *terás* (pp. 27, 70, 128), *terá* (pp. 5, 51, 52, 98, 144, 215), *terés* (pp. 51, 52, 62, 143), *terán* (p. pp. 169 -3 veces-, 196), *vireí* (p. 64), *virá* (pp. 104, 144), *virán* (pp. 14, 157 -2 veces-); na *Literatura popular*: *pondría* (p. 231 -2 veces-), pero *salirá* (p. 215), *tereí* (p. 229 -2 veces-), *terás* (p. 312), *terán* (p. 327), *virá* (p. 326), *virán* (p. 183), *viría* (p. 123); ou en *Follas novas*: *saldremos* (p. 18), *tendrei* (p. xxv), *vendrán* (p. 42), pero *saireí* (p. 111), *tereí* (pp. 2, 65, 243), *mantereí* (p. 173), *terás* (p. 176), *teredes* (p. 232), *terán* (pp. xxiii, 24, 98, 121 -2 veces-), *virá* (p. 172), *virán* (p. 12).

---

<sup>80</sup> Entre elas están *Cantares*: *terás* (pp. 28, 29), *terá* (p. 153 -2 veces-); *Aires*: *terá* (pp. 8, 121, 132), *tería* (pp. 23 -2 veces-, 30, 151), *virás* (p. 152 -2 veces-), *virán* (p. 140); *Sainete*: *terás* (p. 83), *terá* (pp. 111, 112); *Saudades*: *tereí* (p. 118), *terás* (pp. 12, 55, 71, 101), *terán* (p. 3); *Queixumes*: *sairán* (p. 66), *virá* (pp. 133, 165), *virán* (pp. 112, 116, 217).

Á parte disto debemos deixar constancia doutro proceso fonético que afecta exclusivamente á vocal temática do futuro do pretérito dos verbos da CII. Refírome ó influxo harmonizador que exerce o /i/ tónico do sufixo modo-temporal /ría/ sobre esta vocal temática /e/, que neste tempo está en posición átona. A harmonización vocálica é, en efecto, un dos fenómenos que máis incidencia ten sobre os verbos da CII e da CIII, que teñen /i/ en posición tónica en moitas das formas dos seus paradigmas. No capítulo correspondente á radical analizamos xa polo miúdo as repercusións deste fenómeno sobre os procesos de alternancia vocálica no radical dos verbos da CII e da CIII. No caso do futuro do pretérito dos verbos da CII o efecto da harmonización ten certa transcendencia na medida en que incrementa o grao de neutralización da CII e da CIII, xa de seu bastante considerable.

As formas con harmonización aparecen recollidas en varias das gramáticas, se ben non de xeito absolutamente sistemático. Nos exemplos citados anteriormente vimos algúns exemplos, como o *habiría* que dan Mirás, Cuveiro e Saco, ou o *sabiría* que recolle este último. Saco proporciona ademais unha longa relación de exemplos no parágrafo en que comenta este proceso: *ticiría, timiría, dibiría, cuciría, chuviría, vulviría*, etc. (pp. 80-81). De tódolos xeitos, logo, ó expoñe-los paradigmas de cada un dos verbos irregulares, non sempre recolle este fenómeno: *querería, podería* (p. 108). O mesmo sucede na obriña de Mirás, onde ó lado de *habiría* atopamos *temería* (p. 26). Valladares e Rodríguez, en cambio, parecen máis reacios a admiti-las formas asimiladas.

### 13.3. O sufixo modo-temporal.

#### 13.3.1. Desprazamentos acentuais na P<sub>4</sub> e na P<sub>5</sub> do presente de subxuntivo.

Entre as diferencias 'prosódicas' que separan castelán e galego, Saco sinala o contraste que se produce entre ámbolos idiomas na P<sub>4</sub> e P<sub>5</sub> do copretérito e antepretérito de indicativo e do presente de subxuntivo. A diferenza radica, segundo el, na cantidade vocálica, pero en realidade, a oposición que establece non é cuantitativa (longa / breve), senón de intensidade (tónica / átona)<sup>81</sup>.

No caso que agora nos ocupa, o presente de subxuntivo, o contraste prodúcese no sufixo modo-temporal das ditas persoas:

Dicha vocal [o a correspondente ó SMT dos verbos da CII e CIII], larga en el presente de subjuntivo castellano, es breve en el subjuntivo gallego (p. 225).

Como se pode apreciar, Saco unicamente se refire ó SMT /a/ dos verbos da CII e da CIII: *bátamos*, *pídamos*. Por outra parte, con respecto ás persoas afectadas por este proceso, cómpre engadir que o noso gramático omite a P<sub>5</sub> do verbo *pidir*. Non parece este un esquecemento casual, dado que na exposición das conxugacións modelo volve a repetirse o esquema *bátamos*, *bátades* / *pídamos*, *pidades*.

O fenómeno que describe Saco consiste nun simple desprazamento acentual desde a vocal que funciona como SMT á vocal radical. Este proceso adoita explicarse como un mecanismo de nivelación analóxica do paradigma (o SMT é átono en tódalas demais formas deste tempo), semellante por exemplo ó que encontramos en *cantábamos*, *cantáramos*, etc. A

---

<sup>81</sup> Cantidade e intensidade aparecen definidas na súa obra de forma vaga e notablemente confusa. Cfr. pp. 223-224, n. 1.



pesar de que non se pode dicir que goce dunha grande vitalidade, trátase dun proceso ben coñecido e documentado no galego actual. A súa distribución xeográfica foi descrita por Fernández Rei (*Dialectoloxía*, p. 85), quen, partindo dos materiais do ALGa, estableceu algunhas zonas onde este fenómeno se produce con carácter máis sistemático:

No suroeste de Pontevedra, en falas da costa coruñesa que se estenden de Caión-Laracha a Meirás-Valdoviño, e esporadicamente noutras zonas, hai un desprazamento acentual á vocal radical (*cántemos, cóllamos, pártamos*). No galego de Asturias rexístrase *cantemos*, pero *cóllamos, pártamos* (~ *partamos*).

Dentro da área que normalmente lle serve a Saco para a súa descrición, este desprazamento acentual está hoxe escasamente documentado. A análise do material cartográfico do ALGa revela que, aínda que a distribución varía dependendo do verbo de que se trate, este fenómeno prodúcese cunha certa sistematicidade en puntos dos concellos de Ribadavia, Calvos de Randín, Baños de Molgas e no municipio lugués de Sober<sup>82</sup>, se ben alternando por veces coa solución etimolóxica.

A rotundidade das súas palabras ó presentar este proceso como un fenómeno xeral contrasta notablemente coa súa precaria presenza actual na zona. ¿Deberemos deducir, pois, que contra mediados do XIX este desprazamento estaba tan estendido como para que Saco o considerase 'normal'? Certamente, é probable que o fenómeno estivese daquela máis implantado ca hoxe. Ademais do testemuño de Saco hai algúns indicios que apuntan nesta dirección. Emilio Álvarez Giménez

---

<sup>82</sup> Cfr. ALGa, mapas nn. 21 (*cantemos*), 22 (*cantedes*), 63 (*collamos*), 64 (*collades*), 112 (*moíamos, -des*), 153 (*partamos*), 154 (*partades*), 207 (*andemos, -des*), 218 (*caibamos, -des*), 232 (*deamos, -des*), 239 (*digamos, -des*), 249 (*esteamos, -des*), 268 (*fagamos, -des*), 281 (*haxamos, -des*), 290 (*vaiamos, -des*), 304 (*oíamos, -des*), 315 (*poíamos, -des*), 330 (*poñamos, -des*), 343 (*queiramos, -des*), 367 (*sexamos, -des*), 376 bis (*teñamos, -des*), 390 (*traíamos, -des*), 410 (*viñamos, -des*).

(*Los defectos*, pp. 51-53) inclúe numerosos exemplos entre os "defectos del lenguaje" que cometen os galegos ó falaren castelán: *déamos, estéamos, absuélvamos, defiéndamos, vuélvamos, muéramos*, etc. Sen embargo, existen tamén algúns datos que indican que non se trataba dun trazo tan xeral como pretendía Saco. O primeiro deles é que o propio Saco esquece a miúdo a súa doutrina con respecto a este punto. Nos paradigmas, por exemplo, só reflicte este desprazamento nos modelos da *cu* (*bátamos, bátades*) e da *cui* (*pídamos, pero pidades*), e na conxugación do verbo *ir* (*váyamos, váyades*). Os casos de *istíamos* e *riamos* ofrecen algunhas dúbidas dado que o noso autor vacila a miúdo á hora de acentua-lo /i/ tónico en hiato. Así e todo, se aplicámo-lo que parece se-la norma máis xeral, tamén aquí habería que ler *istíamos* e *ríamos*. En cambio, nos casos dos verbos *ter, vir, pór / poñer* e *valer* atopámo-las solucións *teñamos, veñamos, poñamos, vallamos / valamos*, con acento etimolóxico. Por outra parte, ningún dos demais gramáticos recolle este fenómeno ó expoñe-los paradigmas da conxugación. Adoptando unha posición extrema, poderíamos excluír a Mirás e Cuveiro, pouco rigorosos no emprego do acento gráfico. Aínda así, cómpre ter en conta que nas súas obras son as palabras esdrúxulas as que rexistran unha menor vacilación. Polo que se refire á postura de Valladares e de Rodríguez non caben dúbidas: tanto un coma o outro non recollen máis resultado có que presenta o acento sobre o sufixo modo-temporal. Unicamente Rodríguez ("Apuntes") ofrece un exemplo de acentuación proparoxítona: o *síamos, síades*, que alterna con *seamos, seades* no presente de subxuntivo de *ser*.

En consecuencia, penso que para explica-la actitude de Saco neste asunto hai que buscar outras motivacións distintas do simple recurso a unha suposta maior vixencia naquela época das formas analóxicas.

En primeiro lugar, considero que na súa descrición debeu de pesa-la 'enxebreza' dunha solución que lle permitía establecer un contraste co castelán.

Por outra banda, creo que a súa posición non se pode entender sen ter en conta o paralelo que el mesmo establece coas formas *cantabamos*, *cantaramos*, dúas solucións tamén diferenciais. É certo que neste caso o proceso é o inverso, isto é, mentres que o galego conserva a acentuación etimolóxica, en castelán o acento sofre un desprazamento producido por unha nivelación analóxica. Sen embargo, para Saco, que pola súa formación clásica debía ser consciente disto, a fidelidade ó étimo ten unha importancia escasa ou nula<sup>83</sup> en comparanza co respecto escrupuloso á lingua oral. Así pois, para el o argumento fundamental e decisivo debeu se-lo de que a oposición gal. *bátamos* / esp. *batamos* constituía o correlato e contrapunto da que se establecía entre o galego *batiamos*, *bateramos* e o castelán *batíamos*, *batiéramos*.

### 13.3.2. Vacilación *-r-* / *-re-* no infinitivo conxugado e no futuro de subxuntivo.

Como é ben coñecido, o infinitivo conxugado e o futuro de subxuntivo galegos presentan un sufixo modo-temporal común. A gramática galega actual, do mesmo xeito cá portuguesa, vén establecendo como paradigma normativo para estes dous tempos o que presenta variación alomórfica no *swt* entre a P<sub>1</sub>, P<sub>3</sub>, P<sub>4</sub> e P<sub>5</sub>, que teñen *-r-* (*cantar*, *cantarmos*,

---

<sup>83</sup> Son moi raras as ocasións en que Saco acode ó étimo para sancionar ou para condenar unha solución. Pola contra, o gramático ourensán deixounos abondosas mostras do seu 'antietimoloxismo'.

*cantardes*), e a P<sub>2</sub> e P<sub>6</sub>, que presentan un SMT *-re-* (*cantares*, *cantaren*)<sup>84</sup>.

Sen embargo, os traballos de corte dialectolóxico realizados nos últimos anos veñen poñendo de relevo que con certa frecuencia é factible atopar, no caso do infinitivo conxugado, solucións como *cantare*, *cantáremos* ou *cantáredes*<sup>85</sup>. Para o futuro de subxuntivo non contamos con datos tirados da realidade lingüística actual, xa que, como é de sobra sabido, este é un tempo sen apoio ningún na fala.

Esta variación aparece recollida xa nas gramáticas do XIX, e non só nas do XIX<sup>86</sup>, que a miúdo se mostran vacilantes na escolla de unha ou outra solución e ás veces admiten as dúas como solucións igualmente válidas.

Sobre o infinitivo conxugado contamos coas informacións de Saco e Valladares. O ourensán rexistra as dúas solucións, con e sen /e/, na P<sub>1</sub>, P<sub>3</sub>, P<sub>4</sub> e P<sub>5</sub> do paradigma de *falar*: *falare* / *falar*, *faláremos* / *falarnos*, *faláredes* / *falardes*. Sen embargo, nos modelos da segunda e terceira conxugacións a variación só aparece recollida na P<sub>4</sub> e mais na P<sub>5</sub> (*batéremos*, *pidíremos* / *batermos*, *pidirmos*; *batéredes*, *pidíredes* / *baterdes*, *pidirdes*), mais non na P<sub>1</sub> e mais na P<sub>3</sub>, onde a única solución que se rexistra é *bater*, *pidir*.

---

<sup>84</sup> Cfr., por exemplo, Carballo Calero, *Gramática*, pp. 213-222, *Normas*, pp. 67-70, Álvarez Blanco et al., *Gramática*, p. 315. Tamén García Gondar, *O infinitivo conxugado*, p. 26, considera que "as formas máis xerais do paradigma do infinitivo conxugado" son as que presentan os dous alomorfos *-r-* e *-re-* con esta distribución.

<sup>85</sup> Cfr. ALGa, mapas 27 (*cantar*), 29 (*cantarnos*), 30 (*cantardes*).

<sup>86</sup> No infinitivo conxugado Lúgrís Freire, *Gramática do idioma galego*, Imprenta Moret, A Coruña, 1931<sup>2</sup>, parece pretender establecer unha oposición entre unha P<sub>1</sub> *falar* e unha P<sub>3</sub> *falare*; sen embargo, *falarnos*, *falardes* (p. 42). No futuro de subxuntivo, en cambio, nalgúns verbos tódalas formas presentan *-re-*: *fuxire*, *fuxíremos*, *fuxíredes* (p. 46); noutros temos alomorfía *-r-* (P<sub>1</sub>, P<sub>3</sub>) / *-re-* (P<sub>2</sub>, P<sub>4</sub>, P<sub>5</sub>, P<sub>6</sub>): *tíver* / *tivéremos*, *tivéredes* (p. 50), *houber* / *houbéremos*, *houbéredes* (p. 52); noutros temos *-r-* ou *-re-* na P<sub>1</sub> e na P<sub>3</sub> (*for* / *fore*) e *-re-* nas demais persoas (p. 53).

Valladares, pola súa parte, soamente consigna o paradigma do infinitivo conxugado baixo o modelo da primeira conxugación. As formas que alí propón coinciden coas que rexistraba Saco nos paradigmas de *bater* e *pidir*; é dicir, teñen *swr -r-* a P<sub>1</sub> e a P<sub>3</sub> (*chorar*), presentan *-re-* a P<sub>2</sub> e a P<sub>6</sub> (*chorares, choraren*), e teñen dobre solución *-r- / -re-* a P<sub>4</sub> e maila P<sub>5</sub> (*chorarmos / choráremos, chorardes / choráredes*).

Para a interpretación do /e/ de *amare* e de *amáremos, amáredes* é conveniente termos presentes as consideracións que sobre este fenómeno expuxo García Gondar. Tras recoñecer a existencia de formas con e sen /e/, García Gondar aclara que entre elas non se establece ningún tipo de oposición, "senón que se trata de simples variantes que se diferencian pola presenza ou ausencia dun *-e paragóxico*" (*O infinitivo conxugado*, p. 27). De tódolos xeitos, pouco máis adiante matiza esta impresión inicial, ó constatar que nalgúns puntos as formas correspondentes á P<sub>4</sub> e á P<sub>5</sub> *cantáremos, cantáredes* non se presentan como variantes ocasionais das formas *cantarmos, cantardes*, senón que son as únicas formas que se rexistran. Por outra banda, *cantáremos, cantáredes* non esixen necesariamente *cantare* na P<sub>1</sub> e na P<sub>3</sub>. Polo tanto, conclúe Gondar, "mesmo se podería pensar que, máis que casos de parágoxe, se trate da conservación do *-e* etimolóxico latino do infinitivo, co que estaríamos entón diante dun rasgo de conservadurismo da fala desas zonas" (p. 30).

A situación que percibe Gondar nalgúns puntos da Galicia de hoxe vén a coincidir coa tendencia que manifestan os nosos dous gramáticos do século pasado, máis proclives a prescindir do /e/ na P<sub>1</sub> e na P<sub>3</sub> que na P<sub>4</sub> e na P<sub>5</sub>. Naturalmente isto non quere dicir que este fose o sistema de referencia que tiñan Saco e Valladares nas súas respectivas falas. O que si me parece máis posible é que no caso da P<sub>1</sub> e

da P<sub>3</sub> interpreten ese /e/ como paragóxico en tanto que no da P<sub>4</sub> e a P<sub>5</sub> non<sup>87</sup>. Esta interpretación resultaría favorecida ademais pola existencia dun *smt* *-re-* na P<sub>2</sub> e na P<sub>6</sub>.

Aínda que formalmente semellante, o caso do futuro de subxuntivo presenta algunhas características diferenciais que cómpre salientar. Do mesmo xeito que no infinitivo conxugado, algunhas das gramáticas do período estudiado vacilan entre unha solución *-re-* común para tódalas formas do paradigma e a variación alomórfica *-r-* (P<sub>1</sub>, P<sub>3</sub>, P<sub>4</sub>, P<sub>5</sub>) / *-re-* (P<sub>2</sub>, P<sub>6</sub>). De entrada podemos dicir que non existe regularidade absoluta nas solucións adoptadas; é dicir, a miúdo un mesmo autor ofrece solucións distintas para o futuro de subxuntivo de cada verbo en particular. Así e todo, polo menos na P<sub>4</sub> e na P<sub>5</sub>, parece clara a preferencia pola solución *-re-*. Vexamos cales son os resultados que recollen os nosos autores.

Mirás, Cuveiro, Valladares e Rodríguez presentan unha posición coincidente. Se prescindimos dalgúns erros esporádicos na presentación dos paradigmas<sup>88</sup>, podemos concluír que para eles non existe máis solución ca *-re-*. Cómpre consignar, non obstante, que Rodríguez ("Apuntes")

---

<sup>87</sup> Ó tratar da paragoxe do /e/, Saco recolle numerosos exemplos, entre eles algún infinitivo na súa forma invariable. Considera que este fenómeno é un recurso para "hacer mas blanda la cadencia final", e aclara que se usa preferentemente cando a palabra á que se lle engade o /e/ está en posición final do período ou ante unha pausa (p. 20). Tamén Rodríguez Rodríguez se refire ó emprego do /e/ paragóxico trala forma invariable do infinitivo. Rexeita a hipótese de que se trate dun caso de conservación do *-e* final latino ("si bien algunas palabras han suavizado la terminación áspera de la *r*, articulándola con la *e* final, no sucedió esto en los infinitivos del verbo"), censura o abuso deste fenómeno por parte de Curros e aconsella desbotalo do galego literario, xa que só se escoita "entre las personas que hablan bárbaramente la lengua gallega" ("Declinación", pp. 336-337 n.). Polo demais, nin Saco nin Rodríguez citan formas como *cantáremos* entre os seus exemplos de paragoxe.

<sup>88</sup> Valladares confunde ás veces as formas do futuro de subxuntivo coas do antepretérito de indicativo. Así, como futuro de subxuntivo de verbo *chorar* dá as formas *chòrára*, *chòráras*, *chòráre*, *chòráremos*, *chòráredes*, *chòráren* (p. 52). Algo semellante lle sucede a Mirás, que presenta *amarades* por *amáredes* (p. 28).

vacila nun par de ocasións, en concreto ó presenta-los paradigmas de *haber* e *ter*, que contrastan cos demais verbos ó presentaren un *smr -r-* na P<sub>1</sub> e na P<sub>3</sub>: *houber* (p. 67), *tiver* (p. 73), pero *houbéremos*, *houbéredes*, *tivéremos*, *tivéredes*.

Fronte a esta toma de postura clara destes catro autores destacan as vacilacións e a inseguridade de Saco. As solucións que propón varían practicamente con cada verbo. Así, nos tres modelos da conxugación regular (*falar*, *bater*, *pidir*) recolle as solucións *-re-* e *-r-* na P<sub>1</sub>, P<sub>3</sub>, P<sub>4</sub> e P<sub>5</sub>. Pola contra, en *ter*, *vir* e *poñer* / *pór* non hai en ningún caso dobre solución: temos *-r-* na P<sub>1</sub> e P<sub>3</sub> (*tiver*, *viñer*, *puxer*) e *-re-* na P<sub>4</sub> e P<sub>5</sub> (*tivéremos*, *tivéredes*, *viñéremos*, *viñéredes*, *puxéremos*, *puxéredes*). No paradigma de *ser* atopamos unha posición intermedia: recóllese a dobre solución na P<sub>1</sub> e na P<sub>3</sub> (*fore* / *for*), en tanto que para a P<sub>4</sub> e a P<sub>5</sub> dáse soamente o resultado con *-re-* (*fóremos*, *fóredes*). Nos restantes verbos, a maioría deles verbos irregulares, soamente se recollen a primeira e maila segunda persoas, polo que non é posible precisa-lo tratamento que reciben as demais. Na maioría destes casos para a P<sub>1</sub> só figura a solución *-r*: *houber*, *souber*, *couber*, *fixer*, *trouxe*, *caír*, *saír*, *oír* / *ouir*, *for* (de *ir*), *dixer*, *dêr*, *quixer*, *puiden* / *poiden*, *crer*, *ler*, *ver* (de *ver*)<sup>89</sup>. Por último, en *estar* e *andar* temos *-re-* como forma única para a P<sub>1</sub> (*estivere*, *andivere*).

A partir dos datos ata aquí expostos podemos concluír que en Saco predomina o resultado *-r* no caso da P<sub>1</sub> e da P<sub>3</sub>. Nestas persoas *-re-* só aparece con carácter ocasional e case nunca como forma única, en realidade só nos casos de *estar* e *andar*. Pola contra, para a P<sub>4</sub> e a P<sub>5</sub> a solución máis común é

<sup>89</sup> Neste último caso a confusión *ver* / *vir* parece inducida polos futuros dos verbos regulares *crer* e *ler*, que aparecen agrupados xunto con *ver*.

-re-, que ás veces alterna con -r-. En todo caso, -r- nunca aparece nestas persoas como solución única.

Para rematar coa descrición de Saco sinalaremos un caso máis de alternancia, que descoñecemos se pode estar fundamentada na realidade lingüística do seu tempo. Refírome á que o autor ourensán rexistra na P<sub>6</sub> dos modelos da conxugación regular, onde ó lado de *falaren*, *bateren*, *pidiren* aparece *falar*, *bater* e *pidir*. Nos restantes verbos en que este tempo aparece conxugado en tódalas súas formas atopamos sempre -re-n: *foren*, *tiveren*, *viñeren*, *puxeren*, etc.

No caso dos futuros *amare*, *amáremos*, *amáredes* parece evidente que non cabe interpreta-lo seu /e/ como unha vocal paragóxica, polo menos no caso da P<sub>4</sub> e da P<sub>5</sub>, senón máis ben como un caso de pervivencia das formas antigas con /e/ etimolóxico. Certamente, para a P<sub>1</sub> e a P<sub>3</sub> tamén se podería pensar en que trala perda do primitivo /e/ final tras /r/ a vocal reaparece como vocal paragóxica. En calquera caso, Saco tiña moi claro que as formas con -re- eran os resultados orixinais, e así explica os resultados *falar*, *falarnos*, *falardes* a partir de *falare*, *faláremos*, *faláredes*, presentándoos como exemplos de perda do /e/ final ou de síncope desa mesma vocal en posición postónica non final:

Tambien se suprime ordinariamente dicha vocal [o e] en la primera y tercera persona de singular y primera y segunda de plural del futuro de subjuntivo, diciéndose generalmente *falar*, *falarnos*, *falardes* por *falare*, *faláremos*, *faláredes* (p. 78).

Esta é, por outra banda, a explicación con que Menéndez Pidal (*Manual*, p. 312) xustifica a existencia de formas con -r- na P<sub>4</sub> e na P<sub>5</sub> do leonés e do español antigo:



En leonés se sincopaban las formas esdrújulas Nos, Vos: *pecarmos, parardes, destroirmos, comirdes, quisiermos, podierdes*; el castellano antes aceptaba la síncopa de Vos, como advierte Nebrija: «por *amáredes, leiéredes, oiéredes*, decimos *amardes, leierdes, oierdes*».

Por outra banda, non creo equivocarme ó supoñer que tamén Rodríguez ("Apuntes") os interpretaba así. O seu tratamento deste tempo verbal resulta sumamente significativo na medida en que este autor, segundo vimos pouco máis arriba, sente unha verdadeira aversión con respecto ó emprego do /e/ paragóxico. Tendo en conta que na súa descrición non atopamos practicamente máis solución que *-re-*, deberemos deducir que interpretaba esta solución como o resultado etimolóxico.

Non temos datos abondos para sabermos se a posición case unánime dos gramáticos á hora de dar preferencia ás formas con *-re-* estaba fundamentada no predominio desta solución na lingua da época. Por non ter, nin sequera temos datos certos sobre a vixencia deste tempo verbal. De tódolos xeitos, creo que a existencia dunha forma análoga con *smr* constante *-re-* en español puido tamén contribuír a que os nosos gramáticos lle concedesen preeminencia a esta solución.

13.3.3. A P<sub>4</sub> e P<sub>5</sub> do copretérito, antepretérito e pospretérito de indicativo e do pretérito de subxuntivo.

Nunha boa parte do territorio galego consérvase aínda hoxe a acentuación paroxítana etimolóxica na P<sub>4</sub> e na P<sub>5</sub> do corpetérito, do antepretérito e do pospretérito de indicativo (*cantabamos, -des / cantaramos, -des / cantariamos, -des*). Ó lado desta solución existe outra, semellante á que presentan castelán e portugués, con acentuación esdrújula analóxica (*cantábamos, -des /*

*cantáramos, -des / cantaríamos, -des*)<sup>90</sup>. No caso do pretérito de subxuntivo, en cambio, as formas con acentuación etimolóxica *cantasemos, cantasedes* van recuando diante do empuxe das analóxicas *cantásemos, cantásedes*<sup>91</sup>.

Para a selección dunha destas dúas solucións parece existir entre os gramáticos certa disparidade de criterios. Rodríguez ("Apuntes"), por exemplo, opta de forma clara e en tódolos casos pola solución analóxica<sup>92</sup>. Non sabemos, sen embargo, se a presenza destas formas se debe a unha elección deliberada do autor ou a un improbable descoñecemento da existencia das formas con acento etimolóxico.

No caso de Cuveiro, a falta de regularidade no seu sistema de acentuación gráfica impide que poidamos tirar conclusións fiables. Ora ben, nunha inmensa maioría de casos a presenza do acento gráfico revela inequivocamente que a opción preferida é a analóxica: *èrades* (p. 15), *fòramos, fòrades, fòsemos, fòsedes, sirìamos, sirìades* (p. 17); *deixábamos, deixábades* (p. 19), *deixáramos, deixárades, deixásemos, deixásedes* (p. 20), etc. Diante disto, as formas que aparecen sen acento gráfico ou ben son achacables ás peculiaridades do sistema de acentuación empregado, no que raras veces se marca o /i/ tónico en hiato (*habiamos,*

<sup>90</sup> Para a distribución dialectal destas formas cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 85, e ALGa, mapas 4 (*cantabamos*), 5 e 5 bis (*cantabades*), 13 (*cantaramos*), 14 (*cantarades*), 19 (*cantariamos*) e 20 (*cantariades*).

<sup>91</sup> Cfr. ALGa, mapas 24 (*cantasemos*) e 25 (*cantasedes*).

<sup>92</sup> Nos paradigmas da conxugación regular atopamos *semellábamos, respondíamos, destroíamos* (p. 49); *semelláramos, responderíamos, destroiramos* (pp. 51-52); *semellaríamos, responderíamos, destroiríamos* (pp. 53-54); *semellásemos, respondésemos, destroísemos* (p. 56). O mesmo sucede nos verbos irregulares. Os casos de *eramos, foramos* e *fosemos* (pp. 62-63), que aparecen sen acento gráfico, non creo que constitúan unha excepción. No caso de *eramos* a falta de acento débese ó feito de figurar con inicial maiúscula; en *foramos* e *fosemos* a explicación está en que o radical *fo-* aparece separado das desinencias.

*habiades, habiriamos, habiriades*), ou ben son simples erros de imprenta, que é, creo eu, o caso do *eramos*, que aparece xunto a *èrades*.

Fronte a Rodríguez e Cuveiro, Saco e Valladares si acollen os resultados con acentuación grave etimolóxica, mais non en tódolos tempos, segundo veremos a continuación.

Saco é o primeiro en decatarse do contraste entre a estrutura acentual que estas formas presentan en galego e en castelán. En consecuencia, faino notar no capítulo das diferencias prosódicas que separan estes dous idiomas (p. 225), ó lado, por exemplo, do desprazamento do acento na P<sub>4</sub> e na P<sub>5</sub> do presente de subxuntivo (*bátamos, bátades*). Agora ben, os exemplos que cita corresponden todos eles á P<sub>4</sub> e á P<sub>5</sub> do copretérito e do antepretérito de indicativo. Falta toda referencia ós outros dous tempos que antes citabamos: o pospretérito de indicativo e o pretérito de subxuntivo. As formas que recollemos nos paradigmas da conxugación veñen a confirmar este contraste. Neles a solución etimolóxica aparece en *cantabamos, cantabades / cantaramos, cantarades*. Para o pretérito de subxuntivo temos claramente acentuados na antepenúltima sílaba *cantásemos, cantásedes*. A posición con respecto ó pospretérito é algo máis confusa. *Cantariamos, cantariades* aparecen sen acento gráfico, polo que, lendo de acordo coas normas de acentuación modernas, habería que interpretalas como paroxítonas. Sen embargo, en Saco é habitual que o /i/ tónico en hiato non leve acento gráfico (*había, sía, etc.*). Ademais, cando existe unha discrepancia na acentuación dunha palabras en galego e castelán, Saco acentúaa aínda en contra das regras xerais, polo que se neste caso quixese marcalas como esdrúxulas probablemente as acentuaría sobre o /a/, como fai en *forámos* ou en *falabámos*. Esta mesma situación atopámola tamén nos

verbos irregulares: *erámos*, *forámos*, pero *fósemos* e *siriamos*; *tiñamos*, *tiveramos*; *viñamos*, *viñeramos*; *puñamos*, *puñeramos* / *puñeramos*.

Tendo en conta que hoxe a superficie ocupada por *cantabamos*, *cantaramos* e *cantariamos* é practicamente a mesma, resulta un tanto sorprendente a posición de Saco, e máis aínda se observamos que na súa área de procedencia *cantariamos* é a solución maioritaria, fronte ó *cantaríamos* que se rexistra nunha pequena área do noroeste da provincia de Ourense. Así pois, a discriminación que Saco establece entre *cantaríamos* por unha banda, e *cantabamos*, *cantaramos* por outra parece carente de apoio na fala<sup>93</sup>.

A posición de Valladares parece calcada da de Saco: témo-la solución etimolóxica, con *smt* tónico, en *cantabamos*, *cantabades* e *cantaramos*, *cantarades*; a solución analóxica aparece, pola contra, en *cantaríamos*, *cantariades* e *cantásemos*, *cantásedes*. Neste caso, a insistencia de Valladares na acentuación sistemática das vocais tónicas e das abertas non deixa lugar a dúbidas. Existe, non obstante, unha peculiaridade certamente sorprendente na descrición de Valladares: *cantaramos* aparece con acentuación paroxítona no antepretérito de indicativo, mentres que como forma de pretérito de subxuntivo figura como esdrúxula. O feito de que Valladares practique esta distinción de forma sistemática débese exclusivamente a un intento persoal de establecer unha distinción artificial e caprichosa sen ningunha base real.

---

<sup>93</sup> Dos datos do *ALGa* despréndese que é posible nalgúns puntos a convivencia das formas etimolóxicas *cantabamos*, *cantaramos* e da analóxica *cantaríamos*. Ora ben, esta situación non se produce, sempre segundo os datos do *ALGa*, en ningún punto do galego ourensán.

A posición de Mirás resulta practicamente imposible de precisar. A anarquía do seu sistema de acentuación gráfica non permite tirar ningunha conclusión minimamente fundamentada.

#### 13.4. O sufixo número-persoal.

##### 13.4.1. A P<sub>1</sub> do pretérito e do futuro de indicativo.

Nos textos estudados as solucións adoptadas para o sufixo número-persoal da P<sub>1</sub> dos pretéritos coinciden plenamente coas que se rexistran no galego actual: *-i* para os perfectos fracos da *ci* (*cantei*) e *-n* para os fracos da *cii* e da *ciii* (*bebín, partín*) e para os perfectos fortes (*quixen, houben, dixen...*). Do mesmo xeito, para o futuro de indicativo temos, coma hoxe, sempre *-i* (*cantarei, beberei, partirei*). Así e todo, na obra de Saco atopamos algunha que outra noticia con respecto ó emprego de solucións alternativas. En realidade, estas referencias non son produto da observación da realidade lingüística contemporánea, senón que están tomadas de textos escritos.

Entre os fenómenos que afectan á P<sub>1</sub> do pretérito cómpre destacar en primeiro lugar as referencias de Saco, Valladares e Rodríguez á neutralización da oposición entre a *ci* e a *cii* e *ciii*: *cantín / bebín, partín*. Sobre este proceso non engadiremos nada ó xa dito no capítulo correspondente á vocal temática destas formas<sup>94</sup>.

En Saco atopamos ademais unha referencia ó emprego que Sarmiento fai da solución *-in* para a P<sub>1</sub> dos pretéritos da *ci* e dos futuros de indicativo de tódalas conxugacións:

---

<sup>94</sup> Vid. supra, pp. 494-496.

Sarm[iento] termina frecuentemente dicha persona en *eim* ó *ein* (*paseim*, *cheguein*), añadiendo también la *m* ó *n* á otros tiempos, como *direim* (p. 77 n.).

A apreciación de Saco é correcta, pois na obra de Sarmiento son moi numerosos os exemplos destas formas tanto nos pretéritos da primeira como nos futuros ou nos presentes *hein* e *sein*, un caso este último que non recolle o ourensán<sup>95</sup>. En todo caso, o feito de que Saco non se refira á súa existencia na fala parece indicar que non coñecía estas solucións como formas vivas. A pesar de todo, *cantein*, *cantarein* (ou *cantén*, *cantarén*) rexístranse hoxe en diversas áreas lingüísticas galegas, entre elas na banda máis oriental da provincia de Ourense<sup>96</sup>.

Para a P<sub>1</sub> dos perfectos fracos da *cii* e da *ciii* e para os perfectos fortes, os textos, segundo xa dixemos, ofrecen concordantemente un SNP *-n*, que daquela coma hoxe era a solución máis habitual. Con respecto a isto contamos cunha nova observación de Saco, que recolle en nota a pé a forma *estive* que encontra en Sarmiento (p. 84 n.). En realidade, este é o único caso en que os textos éditos do frade bieito ofrecen un perfecto con SNP  $\emptyset$ <sup>97</sup>, o que dá proba, por unha banda, do infrecuente destas formas e, por outra, da curiosidade con que Saco leu e anotou os textos de Frei Martín.

#### 13.4.2. A P<sub>2</sub> do pretérito.

Para o sufixo número-persoal da P<sub>2</sub> dos pretéritos os textos estudados non ofrecen outra solución cás formas

---

<sup>95</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 553-554.

<sup>96</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 81 e 87, e *ALGa*, mapas 6 (*cantei*) e 15 (*cantarei*).

<sup>97</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 552.

palatalizadas *-che* ou *-ches*. A ausencia de calquera tipo de referencia ós resultados etimolóxicos *-ste*, *-stes*, que aínda hoxe sobreviven en áreas marxinais<sup>98</sup>, pode deberse quizais a simple descoñecemento ou tamén ó feito de se trataren de resultados coincidentes co español.

A alternancia *-che* / *-ches* aparece recollida en tódalas obras. O mesmo Rodríguez, que segundo veremos rexeita categoricamente a segunda delas como vulgar, recoñece de forma implícita a vacilación que se produce na fala.

Non sempre resulta fácil precisar por onde van as preferencias de cada un dos autores. Mirás, Cuveiro e Valladares parecen admiti-las dúas solucións en pé de igualdade. Así, no seu *Compendio* Mirás emprega indistintamente unha e outra: temos *-che* nos paradigmas modelo das conxugacións regulares (*amache*, *timiche*, *partiche*) (p. 22), en tanto que nos restantes verbos, tanto regulares como irregulares, atopamos sempre *-ches* (*fuches*, *viches*, *abriches*, *dixeches*, *saliches*, *andubeches*, *colliches*, *fixeches*, *puxeches*, *quixeches*) (pp. 29-36). Polo demais, no paradigma de *ser* figuran *-che* e *-ches* (*foche*, *fuches*) (p. 17). Esta mesma vacilación apreciámola nos textos que figuran na súa obra, onde se percibe un maior emprego da solución *-che*: *fuche* (p. 69), *comiche* (p. 67), *crebache* (p. 67), *intentache* (p. 69), *enfoumache* (p. 69), *vinsiche* (p. 74), *diche* (p. 74), *adentache* (p. 93), *oíche* (p. 111), *fixeche* (p. 136), fronte a *puxeches* (p. 67), *fixeches* (p. 85), *tubiches* (p. 97).

O emprego de *-che* e *-ches* tampouco obedece a ningún criterio aparente en Cuveiro, onde sen embargo, tamén se observa un certo predominio de *-che*. En realidade *-ches* só

<sup>98</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 87, e ALGa, mapa 7 (*cantaches*).

aparece, e ó lado de *-che*, nos paradigmas de *ser* e *ir* (*fuches*, *foche*) (pp. 15 e 26). Nos demais verbos temos unicamente *-che*: *deixache* (p. 19), *colliche* (p. 22), *compuxeche* (p. 28) e *houbeche*, que forma parte das formas perifrásticas *houbeche collido* (p. 22), *houbeche ido* (p. 26) e *houbeche composto* (p. 28).

Fronte a eles, Valladares móstrase absolutamente imparcial e recolle as solucións con *-che* e *-ches* en tódolos casos.

Se no caso de Mirás e Cuveiro se pode falar de certo predominio da solución *-che*, mais non de predilección explícita, en Saco e Rodríguez apréciase unha toma de posición, ambiguamente insinuada no caso de Saco e expresada de modo contundente no de Rodríguez, en favor desta mesma forma.

A posición de Saco non resulta fácil de precisar. De entrada, o ourensán recoñece a existencia das dúas solucións sen mostrar, en aparencia, preferencia por ningunha. De tódolos xeitos, aínda que admite a dificultade de determinar cales son os contextos en que se emprega cada unha delas, apunta a tendencia a empregar-la solución *-ches*, "como más llena, al terminar las frases" (p. 76). Esta apreciación semella desaxeitada á vista dos resultados que ofrecen os textos do momento. Así e todo, hai que recoñece-la habilidade de Saco para evitar comprometerse, pois esa preferencia que el percibe non impide que *-ches* poida empregarse en calquera outra posición ou que *-che* poida aparecer ante pausa ou en posición final.

Esta postura aparentemente neutral é coherente coa súa idea de que no galego culto deben ter cabida tódalas solucións que, sendo galegas, existan realmente na fala. Sen



embargo, isto non é óbice para que neste caso se decante por unha delas. Así, aínda que en ningún momento se pronuncia de forma clara, creo percibir un certo trato de favor con respecto a *-che*. Nos paradigmas da conxugación que figuran na súa obra *-che* preséntase como solución única, non sendo no caso do da primeira conxugación, en que aparece tamén *-ches* (p. 68). As razóns desta predilección son, ó meu modo de ver, as seguintes dúas. En primeiro lugar, Saco considera, moi acertadamente, por outra parte, que *-che* é o resultado orixinario, a "terminación principal", da evolución da desinencia latina. O /s/ final de *-ches* está tomado por analoxía das demais formas de P<sub>2</sub>, que teñen *-s* como sufixo número-persoal.

La terminacion principal es sin duda *che*: el uso le añadió la *s* ya por eufonia, ya por analogia con todos los demas tiempos, los cuales terminan en esta letra dicha persona (p. 76 n.).

En segundo lugar, *-che* ten ó seu favor a coincidencia co pronome dativo *che*, unha coincidencia que Saco non cre casual, senón fundada nalgunha razón 'filosófica':

La segunda persona de singular ha tomado muy filosóficamente por desinencia el dativo *che* del pronombre de segunda persona (*amache*), así como en castellano recibió el afijo *te* del mismo pronombre (*amaste*) y en latin *ti* abreviado de *tibi* (*amavisti*) (p. 75).

Estas dúas razóns repetíranse, segundo veremos a seguir, na argumentación de Manuel R. Rodríguez ("Declinación"), quen si se pronuncia, e rotundamente, en favor do resultado *-che*. Para Rodríguez a maior proximidade de *-che* ó étimo latino constituía motivo suficiente para preferir esta solución fronte a calquera outra. Esta posición de principio é lóxica nun autor coma este, que concibe a evolución desde o latín ás linguas románicas como un proceso de corrupción do "mejor idioma del mundo" (p.

268). Deste xeito, unha lingua será tanto máis perfecta canto máis fiel se manteña á lingua orixinaria. Aquí radica unha das excelencias do galego, a lingua "que más voces incorruptas conserva de todos los idiomas romanceados" (p. 270 n. 5). Velaquí, pois, unha das razóns, quizais a primeira, da súa renuencia a admitir máis solución ca *-che*:

En la conjugación latina, norma y patrón á que se ajustaron las desinencias de la conjugación gallega, la segunda persona del singular del pretérito perfecto termina en *í*, por más que las mismas personas de los demás tiempos hacen esta desinencia en *s*; luego es natural que por analogía siga la misma regla nuestra conjugación (p. 340 n. 2).

Outro dos argumentos que Rodríguez comparte con Saco nace, conforme xa dixemos, da confusión do *SNP -che* co pronome dativo homónimo *che* (p. 340, n. 2). Pero, ó meu modo de ver, a outra razón de peso que o leva a rexeitar terminantemente *-ches* está na identificación deste resultado co sufixo número-persoal *-stes* que en español é considerado dialectal ou vulgar. Evidentemente o mecanismo polo que se chegou en galego a *-ches* (ou dialectalmente a *-stes*) e en español a *-stes* é o mesmo: a nivelación analóxica a partir da terminación común a tódalas demais segundas persoas de singular<sup>99</sup>. A partir de aquí, Rodríguez leva o paralelismo ó extremo, na miña opinión non desexable, de situa-lo criterio normativo do galego nunha posición de dependencia con respecto ó do castelán. Así, da mesma maneira que en castelán "*ensillastes y cabalgastes se consideran hoy [...] como dos palabras bárbaras, entre los castellanos doctos*", en galego as formas en *-ches* deben tratarse como un "defecto filolóxico" frecuente "sobre todo en las personas poco

---

<sup>99</sup> A este proceso de nivelación tampouco é estraño o portugués, que popularmente ten tamén *-stes*. Cfr. Nunes, *Compêndio*, p. 281; Williams, *Do latim*, p. 118 (§ 149.3.b), e Vasconcellos, *Esquisse d'une dialectologie portugaise*, Instituto Nacional de Investigação Científica, 1987, p. 111.

instruidas y en los escritores de pluma fácil" (p. 340, n. 2).

A esta consideración negativa e prexuízosa non deben ser alleas as censuras dirixidas contra o emprego de *-stes* no castelán de Galicia. En efecto, sen ser esta unha característica exclusiva desta variedade híbrida, daquela, coma hoxe, debía ser bastante frecuente nela, como o proba o feito de que figure entre os "defectos del lenguaje" que sinala Álvarez Giménez, quen, sen embargo, explica o *-stes* da P<sub>2</sub> como unha extensión do antigo *-stes* da P<sub>5</sub><sup>100</sup>.

Este predominio de *-che*, ou, se se prefire, a súa elevada frecuencia de emprego, resulta especialmente interesante en dous autores que como Mirás e Cuveiro proceden da banda máis occidental de Galicia. Hoxe en día, a loita entre *cantache* e *cantaches* parece decidirse en favor desta última, que, segundo indica Fernández Rei (*Dialectoloxía*, p. 87), ocupa practicamente todo o occidente e vai facendo recuar *cantache* cara ó extremo oriental, que é practicamente o único lugar en que se mantén como forma única<sup>101</sup>. Á luz dos datos procedentes da análise dos textos escritos, o aparente triunfo da solución *-ches* suporía a culminación dun proceso que tivo o seu inicio coa xeración da forma palatalizada *-sche* / *-schi* durante o período

---

<sup>100</sup> "Hay quien añade una s á la terminación de la segunda persona del singular del pretérito perfecto de indicativo en todos los verbos [...]. Acaso este descuido tenga origen en una reminiscencia del modo antiguo de conjugar la segunda persona del plural de dicho tiempo" (Álvarez Giménez, *Los defectos*, p. 55).

<sup>101</sup> Cfr. ademais AL6a, mapa 7 (*cantaches*).

medieval<sup>102</sup>. Esta primitiva desinencia deu orixe ó moderno *-che*, que é practicamente o único resultado que se atopa nos textos dos Séculos Escuros. A variante *-ches*, con /s/ analóxico de *cantas*, *cantabas*, *cantaras*, etc. , aparece xa en competencia con *-che* nos primeiros textos do século XIX<sup>103</sup>. A xulgar polos datos que ofrecen as gramáticas e os textos escritos ó longo da segunda metade do século, a pugna entre unha e outra solución aínda non estaba resolta<sup>104</sup>.

### 13.4.3. Os sufixos número-persoais de P<sub>5</sub>.

#### 13.4.3.1. O SNP *-des* / *-s*.

Para o SNP da P<sub>5</sub> de tódolos tempos verbais, agás o pretérito de indicativo e o imperativo, o galego presenta unha solución común *-des* (*cantades*) e varios resultados minoritarios: *-is* (*cantais*) no galego oriental e no Baixo

---

<sup>102</sup> As formas con palatalización son maioritarias xa na traducción galega da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla*, que segundo o parecer de Lorenzo debeu de escribirse durante o reinado de Fernando IV (1295-1312). Cfr. Lorenzo, *Traducción*, pp. xxviii-xxix. Noutro texto galego tamén do XIV, a *Crónica Troiana*, o resultado *-sche* aparece ocasionalmente na primeira parte e como forma única na segunda. Cfr. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 83 e 119.

<sup>103</sup> Nos textos dos Séculos Escuros, Ramón Mariño, *Estudio*, p. 557, só atopa nun caso *-ches*, en María Francisca de Isla. Con respecto ós textos do primeiro tercio do XIX, Mariño observa que "aumenta notablemente a proporción de formas con SNP *-ches*, aínda que tamén segue abundando *-che*" (p. 558).

<sup>104</sup> As formas con SNP *-che* e *-ches* alternan en distinta proporción nestes textos. Sen embargo, nalgúns escritores obsérvase un certo predominio da solución *-ches*. Tal é o caso das obras de Pintos ou de Pondal, onde as formas sen /s/ son claramente minoritarias. Na *Gaita Gallega* rexistro só nove aparicións de formas con SNP *-che* fronte a unhas vintecinco con *-ches*. En *Queixumes* as formas con *-ches* duplican con creces as que teñen *-che*. Polo que se refire a Rosalía, mentres que en *Cantares* se observa unha tendencia similar á de Pondal ou Pintos, en *Follas* as formas con *-che* e *-ches* están practicamente emparelladas. Con estes poucos datos non me atrevería a afirmar que esta sexa a tendencia xeral, nin sequera a tendencia xeral entre os escritores occidentais. Para tirar conclusións fiables cumpriría escrutar moitos máis textos, algo que desborda os límites deste traballo.

Miño, *-ndes* (*cantandes*) no sur de Ourense e no suroeste de Pontevedra, e *-s* (*cantás*) no occidente da Coruña<sup>105</sup>.

De todos estes posibles resultados, nos textos gramaticais do século pasado unicamente atopamos referencias a dous deles, a solución común *-des* e a occidental *-s*. O silencio que pesa sobre as formas con SNP *-ndes* e *-is* indica que xa daquela eran formas sentidas como moi minoritarias, ou mesmo descoñecidas para algúns. Polo demais, segundo se desprende dos datos de que dispoñemos, o seu emprego literario debeu ser moi cativo<sup>106</sup>.

Dos textos sobre os que vimos traballando só os de Cuveiro, Saco e Valladares recollen a alternancia *-des* / *-s*. Mirás e Rodríguez ("Apuntes"), pola súa parte, rexistran *-des* como solución exclusiva nos paradigmas da conxugación<sup>107</sup>. No caso de Rodríguez, que non podía ignorar a existencia de resultados distintos, cando menos *-s*, a preferencia polas formas con *-des* explícase pola proximidade deste resultado ó latín *-tīs*<sup>108</sup>. Polo que se refire a Mirás, non deixa de sorprenderla ausencia de formas con SNP *-s*, das que nin sequera atopamos un só exemplo nos textos que acompañan a súa descrición gramatical<sup>109</sup>. Esta ausencia desconcerta un tanto nun autor que pasa por ser un dos representantes do galego occidental e, máis concretamente,

<sup>105</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 89-90, e *ALGa*, mapas 2 (*cantades*) e 46 (*colledes*).

<sup>106</sup> Formas verbais con *-ndes* (ou en imperativo con *-nde*) aparecen ocasionalmente na obra do ourensán Lamas Carvajal, que en *Saudades* escribe, por exemplo, *ouvindes* (p. 3), *sondes* (p. 47) ou *pousande* (p. 3).

<sup>107</sup> A única excepción constitúea o *queirais* que Mirás, quizais por erro, introduce no paradigma de *querer* (p. 36).

<sup>108</sup> Cfr. Manuel R. Rodríguez, "Declinación", p. 337.

<sup>109</sup> As formas con *-des* son, en cambio, relativamente numerosas: *queirades* (p. 68), *sufrades* (p. 68), *subades* (p. 85), *choredes* (p. 85), *poidades* (p. 85), *haberedes* (p. 85), *tedes* (p. 93).

da fala de Compostela, unha área onde segundo veremos estas formas debían ter daquela unha certa difusión. E aínda resulta máis sorprendente se temos en conta que para a P<sub>5</sub> do imperativo na súa obra alternan as formas con SNP *-de* (*cantade*) coas que presentan un morfema  $\emptyset$  (*cantá*), que xeralmente aparecen nos mesmos lugares que teñen *-s* para os demais tempos<sup>110</sup>. Sobre estas formas do imperativo volveremos máis adiante no capítulo correspondente. Vaíamos agora coa situación que presentan as gramáticas que si recollen as dúas posibilidades.

Na primeira delas, a de Cuveiro, advírtese da existencia de solucións alternativas nunha das observacións previas á exposición dos paradigmas:

La segunda persona del plural del presente de indicativo, varia en dos ó tres modos, por ej. *facedes* ó *facés* -haceis-, *tèndes*, *tèdès* ó *tès* -teneis-, *vindes*, *vides* ó *vis* -venis- (p. 14).

Entre os poucos exemplos que propón é especialmente interesante subliña-la presenza de dous verbos con infinitivo monosilábico, máis resistentes polo xeral a admiti-la redución. Polo demais, cómpre engadir que nos modelos da conxugación reproduce unicamente as formas con SNP *-des*.

Fronte á observación puntual e case anecdótica de Cuveiro, Saco advirte que esta alternancia é un fenómeno non ocasional, senón que afecta de forma sistemática a todos ou a case tódolos tempos do sistema verbal. Así o sinala o gramático ourensán:

La segunda persona de plural de casi todos los tiempos pierde muchas veces la sílaba *de* (p. 78).

---

<sup>110</sup> Compárense as distribucións de *cantades* / *cantás* e *cantade* / *cantá* no ALGa, mapas 2 (*cantades*) e 26 (*cantade*).

De tódolos xeitos, a formulación de Saco é vaga e imprecisa de máis nalgúns aspectos. Así, das súas palabras parece deducirse que as formas con *-s* tiñan unha elevada frecuencia relativa, mais non sabemos se se refire ós textos literarios, ó seu galego nativo ou ó doutros lugares. Ademais, tampouco aclara convenientemente cales son os tempos verbais afectados, case todos segundo el. Entre os exemplos que aduce en proba da súa afirmación figuran formas do presente e do futuro de indicativo (*falades / falás; falaredes / falarés*), e do presente de subxuntivo (*faledes / falés*), pero non podemos saber se el consideraba que a nómima remataba aquí ou se, pola contra, era máis estensa. Os paradigmas da conxugación tampouco aclaran gran cousa. Neles figuran exclusivamente formas con *SMP -des*, salvo nuns poucos casos, todos eles presentes de indicativo de verbos con infinitivo monosilábico: *ter, ser* e *ir*. Nas conxugacións destes verbos Saco inclúe os dous resultados, *-s* e *-des*: *tês / tedes, tendes* (p. 89), *sôs / sodes* (p. 82), *is / ides* (p. 101). Ora ben, non sucede o mesmo noutros verbos monosilábicos: para *vir, pór, dar, crer, ler, e ver* temos, respectivamente, *vides / vindes* (p. 89), *pondes* (p. 89), *dades* (p. 105) e *credes, ledes, vedes* (p. 109).

Por outra parte, interesa destacar un aspecto máis da observación de Saco: a relación que establece entre as variantes *-des / -s* e dúas das que presentan na mesma persoa o imperativo (*-de / ø*) e mailo pretérito (*-stedes / -stes*). Saco considera que todas elas son o resultado dun mesmo proceso. Sen embargo, a equiparación só é correcta no primeiro caso, mais non no segundo, xa que, como é ben sabido, *-stes* é o resultado etimolóxico e non unha redución da solución analóxica *-stedes*.

Para coñecérmo-la posición de Valladares debemos acudir directamente ós paradigmas da conxugación, xa que non hai nos seus *Elementos* ningunha referencia directa á existencia de variantes. Na exposición dos paradigmas o da Estrada admite as dúas solucións nos casos do presente, copretérito e futuro de indicativo (*cantás / cantades, cantabás / cantabades, cantarés / cantaredes*), así como no presente de subxuntivo (*cantés / cantedes*). Nos demais tempos da conxugación aparecen exclusivamente as formas con *SNP -des* (*cantarades / cantárades, cantásedes, cantaríades, cantáredes*). Esta é a solución que atopamos nas conxugacións modelo dos verbos regulares e tamén nas dos irregulares. Polo que se refire ó presente de indicativo dos verbos monosilábicos, Valladares admite as formas con *-s*, sempre ó lado das correspondentes con *-des*, nos casos de *dar, ser, ter, ir* e *vir*: *das / dades* (p. 61), *sós / sódes* (p. 76), *tés / tédes, téndes* (p. 78), *ís / ídes* (p. 84), *vís / vídes, víndes* (p. 88). Para *pór* e *ver* temos simplemente *pondes* (p. 71) e *vedes* (p. 79).

Se exceptuámo-lo caso de Valladares, que adopta unha posición neutra, os demais autores, aínda admitindo as formas con *-s*, parecen dispensar un trato de favor a *-des*, que é a solución preferida á hora de elaborar e presenta-los paradigmas da conxugación. Agora ben, a simple presenza das formas con *-s*, hoxe absolutamente minoritarias, en tres dos textos gramaticais obríganos a interrogarnos sobre cal era naquela altura a súa extensión territorial.

Ó principiar este capítulo dicíamos que na actualidade as formas con *SNP -s* están confinadas no extremo occidental da provincia da Coruña. Fóra desta zona sobreviven só en puntos illados ó sur desta mesma provincia e no límite das provincias de Pontevedra e Ourense, ó noroeste desta última.



En moitos lugares en que conviven coa solución maioritaria *-des*, estas formas son características da fala dos máis vellos. Sen embargo, existen numerosos indicios que proban que a súa extensión territorial era considerablemente maior no século XIX. Así o confirman, por exemplo, os datos recadados por Ramón Mariño nos textos dos Séculos Escuros e do prerrexurdimento<sup>111</sup>.

Os datos que ofrecen as gramáticas e os textos literarios producidos na segunda metade do século non fan senón confirmar esta impresión. Así, as formas con *-s* presentan unha frecuencia relativa elevada nas obras de Pintos<sup>112</sup>, Rosalía<sup>113</sup> ou Pondal<sup>114</sup>. No caso do primeiro esta presenza é lóxica e esperable, xa que a súa Ponteceso natal queda dentro da área en que hoxe se escoitan as P<sub>5</sub> en *-s*. Máis significativos son os testemuños de Rosalía e Pintos, dous autores occidentais procedentes de zonas onde hoxe non existe, ou onde só se mantén moi precariamente, esta solución. O emprego frecuente das formas con *-s* por parte destes dous autores só pode deberse á existencia destas formas nas súas respectivas falas natais. Así pois, a pugna

<sup>111</sup> Cfr. Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 561-573.

<sup>112</sup> Sen seren formas exclusivas, os exemplos de formas con *-s* son moi numerosos. Velaquí uns poucos: para o presente de indicativo temos *engañás* (p. 140), *pensás* (p. 142), *deixás* (p. 154), *estás* (p. 171), *conservás* (p. 193), *mandás* (p. 196), *sabés* (p. 54), *tés* (pp. 62, 171, 172), *habés* (p. 104), *facés* (pp. 140, 143), *debés* (p. 198), *querés* (p. 203), *decís* (p. 43), *recebís* (p. 142), *finxís* (p. 142), *restituís* (p. 142); presente de subxuntivo: *permitás* (p. 58), *vexás* (p. 171), *botés* (p. 44), *tomés* (p. 53), *parés* (p. 53), *acorés* (p. 62), *pensés* (p. 142), *gardés* (p. 172), *botés* (p. 188); futuro de indicativo: *terés* (pp. 51, 52, 62, 143), *dirés* (p. 52), *serés* (p. 104), *sentirés* (p. 141), *quedarés* (pp. 184, 190).

<sup>113</sup> Dada a enorme cantidade de exemplos renuncio a reproducilos aquí. O lector interesado pode velos en Carballo Calero, *Particularidades*, pp. 54-55, 58-61.

<sup>114</sup> En *Queixumes* as formas con *-s* e con *-des* alternan practicamente ó cincuenta por cento. Velaquí os exemplos de formas con *-s*: (presente de indicativo) *gozás* (p. 32), *andás* (pp. 151, 155), *podés* (p. 13), (presente de subxuntivo) *intentés* (pp. 13, 14), *mirés* (pp. 213, 214), *espantés* (p. 214), *preguntés* (p. 214).

entre *-s* e *-des* non estaba aínda decidida nestes territorios.

Polo que se refire á obra dos gramáticos, viamos máis arriba como Saco consideraba que as formas con perda do /d/ intervocálico e posterior crase ocorrían "muchas veces". Poida que neste recoñecemento non influíse tanto a súa presenza nos falares ourensáns, como o seu emprego nos *Cantares* ou na *Gaita gallega*, dúas obras que el sen ningunha dúbida coñecía. De tódolos xeitos, cómpre advertir que as formas con *-s* comparecen con bastante frecuencia na súa *Literatura popular de Galicia*. Desafortunadamente, son moi poucas as composicións recollidas con indicación da súa procedencia. En todo caso, entre as que si o fan atopamos unha de Monterroso onde se len formas como *cayás*, *querés*, *comás* (p. 54); *querés* figura nunha composición recollida de Tui (p. 55), e *podés* noutra escoitada en Ourense (p. 203). Temos tamén *fagués* nunha composición da que non se indica a procedencia (p. 121), pero que, ó presentar un radical *fag-*, deberá considerarse ourensá<sup>115</sup>. A validez de proba destes datos depende, naturalmente, da confianza que queiramos depositar en Saco. De tódolos xeitos, non parece que entre os escritores ourensáns gozase de grande difusión. No *Sainete* non atopamos ningunha ocorrencia, e en *Saudades* só unha: *brilás* (p. 47). *Aires*, sen embargo, ofrece bastantes exemplos, sempre minoritarios se os comparamos cos das formas con *-des*: *chamás* (p. 7), *topás* (p. 113), *amés* (pp. 171, 173), *crebés* (p. 126), *chegués* (p. 140) e *querés* (p. 132 -2 veces-). Así e todo, estas formas poderían ser efecto da emulación da lingua rosaliana.

---

<sup>115</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 95-96, e *ALGa*, mapa 271 (*facet*).

Polo que se refire á P<sub>5</sub> do presente de indicativo de verbos con infinitivo monosilábico, é mester destaca-la pervivencia no período de referencia das formas con perda de /d/. Segundo viamos pouco máis arriba, Cuveiro recolle as formas reducidas *tês* e *vis*; Saco ofrece *tês*, *sôs* e *is*; Valladares reproduce os mesmos casos de Saco e ademais engade os de *das* e *vís*. Estas formas aparecen tamén, se ben con carácter ocasional, en textos literarios<sup>116</sup>. Hoxe en día, sen embargo, a penas se escoitan estas solucións mesmo naquelas zonas onde si existen para os restantes verbos. O ALGa rexistra *das* e *is* nuns pouquiños puntos, tres e un respectivamente, do occidente coruñés; *vis* ou *viis* aparece, tamén de forma esporádica, no leste de Lugo; por último, *tes* e *sos* non aparecen testemuñados en ningún dos puntos enquisados<sup>117</sup>. Todo parece indicar, pois, que estas formas gozaban dunha maior extensión territorial cá que presentan na actualidade.

A propósito dos tempos afectados pola variación hai que destaca-lo acordo esencial que manteñen Saco e Valladares. De feito este último só lles engade ós exemplos de Saco o caso do copretérito de indicativo. Diante disto podemos preguntarnos a que se debe o silencio de Saco sobre os demais tempos e a presenza exclusiva neses mesmos tempos das formas con *-des* en Valladares. Non me parece aventurado supoñer que a causa desta exclusión fose a finalidade de evitar homonimias. En *cantarades*, a perda de /d/ e a crase posterior darían lugar a unha forma *cantarás*, que se confundiría coa P<sub>2</sub> do futuro de indicativo; en *cantárades*,

<sup>116</sup> Atopamos *sos*, por exemplo, en *Cantares gallegos* (pp. 13, 27) ou en *Follas novas* (pp. 6, 200). Nesta última obra temos tamén exemplos de *is* (pp. 144, 232) e *vas* (p. 232). *Tês* aparece entre os exemplos xa citados da *Gaita gallega*.

<sup>117</sup> Cfr. ALGa, mapas 222 (*dades*), 286 (*ides*), 356 (*sodes*), 373 (*tendes* / *tedes*) e 407 (*vindes* / *vides*).

*cantásedes, cantariádes, cantáredes*, tampouco se podería producir sen o risco de confusión coa  $P_2$  de cada un destes tempos (*cantaras, cantases, cantariás, cantares*). Quizais foi este feito o que propiciou a recuperación e o triunfo maioritario das formas antigas con *-des*. Agora ben, nos puntos en que hoxe se manteñen as formas con *-s* a homonimia non impide que estoutros tempos resulten tamén afectados. Así, polo xeral, naqueles lugares onde temos *cantás, cantés, cantarés* ou *cantabás* temos tamén *cantarás / cantaras, cantasés / cantases* e *cantariás / cantariás*<sup>118</sup>. En consecuencia, a exclusión destes tempos obedece non a unha limitación que impoñía a fala, senón a unha restricción establecida polos propios gramáticos, que consideraban pouco desexable a homonimia a que poderían dar lugar nestes casos as formas con *-s*.

#### 13.4.3.2. A $P_5$ do imperativo.

Os resultados que hoxe temos para o SNP da  $P_5$  do imperativo son paralelos ós que antes viamos para a  $P_5$  dos demais tempos verbais. Temos para o imperativo as solucións *-de, -nde, -i* e  $\emptyset$ , que se corresponden, respectivamente, con *-des, -ndes, -is* e *-s*. A distribución territorial duns e outros resultados é tamén parella, coa única salvidade dos imperativos en *-i*, que ocupan tamén zonas onde nos demais tempos hai *-des* (no sur de Pontevedra e en case toda a provincia de Ourense)<sup>119</sup>.

---

<sup>118</sup> Cfr. ALGa, mapas 14 (*cantarades*), 20 (*cantariades*) e 25 (*cantasedes*). Polo demais, na literatura temos algúns exemplos de emprego: "Mi madriña, mi madriña / leváime adonde quixerás" (*Follas*, p. 82), "¿Posibre será / qu'aquela a fixeses Vós" (*Follas*, p. 127).

<sup>119</sup> Para todos estes datos, cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 90, e ALGa, mapas 26 (*canta, cantade*), 69 (*collede*) e 156 (*parte, partide*).

En primeiro lugar cómpre sinalar que, a semellanza do que ocorría co resultado *-ndes*, nas obras dos nosos gramáticos non figuran en ningún caso imperativos en *-nde*. Si que encontramos, en cambio, referencias ós outros tres resultados, pero só en dúas das obras, pois nin Mirás nin Cuveiro nin Rodríguez ("Declinación", pp. 342-343)<sup>120</sup> recollen máis cá solución maioritaria *-de*. No caso de Rodríguez a súa posición con respecto ó imperativo garda coherencia coa que mantiña para o caso dos demais tempos, para os que só admitía *-des*. Non sucede o mesmo en Cuveiro, que nos casos anteriores recollía tanto *-des* como *-s*. Polo que se refire a Mirás, a ausencia de formas con SNP  $\emptyset$  nos seus modelos de conxugación contrasta abertamente co emprego frecuente desta solución nos textos complementarios do *Compendio*<sup>121</sup>.

Os resultados *-i* e  $\emptyset$  aparecen soamente nas obras de Saco e de Valladares, se ben alternando sempre con *-de*. Nas observacións sobre a conxugación o ourensán rexistra para o imperativo unha variación *-de /  $\emptyset$*  paralela á que noutros tempos establece entre *-des* e *-s* (p. 78). Sen embargo, nos paradigmas non atopamos en ningunha ocasión formas con SNP  $\emptyset$ . Pola contra, neles a solución común é *-de*, que nos modelos da primeira e segunda conxugacións alterna con *-i*: *falade / falái* (p. 69), *batede / batéi* (p. 71). No paradigma da terceira temos só *pidide* (p. 73). Os restantes verbos

---

<sup>120</sup> En Rodríguez ("Apuntes") non aparecen conxugados os imperativos.

<sup>121</sup> Teñen SNP  $\emptyset$  *catá* (p. 59), *diná* (p. 63), *valé* (p. 67), *chorá* (p. 68), *quitá* (p. 83), *lebá* (p. 83), *quitá* (p. 85), *chora* (p. 85), *suspendé* (p. 86), *deprendé* (p. 99), *poñé* (p. 101), *tocá* (p. 145). Os exemplos con SNP *-de* son así mesmo numerosos: *sabede* (p. 68), *vede* (p. 71), *chobede* (p. 74), *sabede* (p. 80), *vide* (p. 85), *chamade* (p. 134), *votade* (p. 145).

presentan unicamente formas con *-de*<sup>122</sup>. Así pois, parece que Saco, aínda recoñecendo a existencia de solucións alternativas, concede unha certa preeminencia ás formas orixinarias con *SNP -de*, e isto a pesar de que daquela coma hoxe *-i* debía de se-lo resultado máis característico da súa área de procedencia.

Os mesmos tres resultados que recolle Saco figuran tamén na obra de Valladares, quen sen embargo si que os consigna ó expoñe-los paradigmas da conxugación regular. Nos verbos con vocal temática /i/ non caben naturalmente máis ca dúas solucións, *-de* e  $\emptyset$ , xa que o terceiro resultado conflúe con  $\emptyset$  ó se produci-la crase da vocal temática e a vocal do sufixo. Para a *ci* e a *cii* temos, pois, *chorade / chorai / chorá*<sup>123</sup> (p. 52) e *fendede / fendei / fendé* (p. 56); para a *ciii* *ispide / ispi*<sup>124</sup> (p. 58).

Na maioría dos paradigmas dos verbos irregulares soamente aparecen os resultados *-de* e  $\emptyset$ . Temos así *facé, fagué / facéde, faguéde* (p. 66), *habé / habede* (p. 67), *poñé / poñéde* (p. 70), *queré / queréde* (p. 73), *sabé, saibé / sabéde, saibéde* (p. 75), *decé / decéde* (p. 83). Polo que se refire ós verbos con infinitivo monosilábico, Valladares non inclúe en ningún caso formas con *SNP  $\emptyset$* : *dáde* (p. 61), *pónde* (p. 70), *téde, ténde* (p. 78), *véde* (p. 80), *ide* (p. 84), *vide, vinde* (p. 89). A esta nómina hai que engadir ademais o caso de *caber*, que presenta igualmente unha solución única

---

<sup>122</sup> *Sede* (p. 83), *estade* (p. 85), *sabede, cabede* (p. 87), *tende / tede* (p. 90), *vinde / vide* (p. 90), *ponde* (p. 90), *facede, traede* (p. 94), *caede / caíde, saíde* (p. 97), *moede, doede, roede* (p. 98), *oíde* (p. 100), *dicide* (p. 104), *ide / vade* (p. 101), *ride* (p. 105), *dade* (p. 106), *queredede* (p. 108), *crede, lede, vede* (p. 110).

<sup>123</sup> Tamén no paradigma de *andar* (p. 60).

<sup>124</sup> Os mesmos resultados aparecen tamén nos paradigmas de *bolir* (p. 81), *dicir* (p. 83), *oír* (p. 86) e *saír* (p. 87).

con *-de* (p. 64). As formas en *-i* rexístranse só, ó lado de *-de*, no imperativo de *ser*, para o que temos *séde* e *sèi* (p. 77).

Confrontando os resultados que Saco e Valladares recollen para o SNP do imperativo coas solucións que ofrecen para o dos demais tempos, obsérvanse certos contrastes que cómpre sinalar e comentar. En primeiro lugar, a presenza de imperativos en *-i* nas obras de Saco e Valladares contraponse en aparencia coa ausencia de toda referencia á solución *-is* para os restantes tempos. Esta circunstancia supón a confirmación de que a situación na segunda metade do século viña a se-la mesma cá actual, en que as áreas de *-is* e de *-i* non coinciden.

Por outra parte, con respecto ó tratamento dos verbos monosilábicos resulta en certa medida contradictorio que Saco e Valladares recollan para o presente de indicativo algunhas formas con *-s*, en tanto que para o imperativo presentan sempre *-de* e nunca  $\emptyset$ . Os testemuños de formas con SNP  $\emptyset$  recadados na fala viva actual son certamente escasos, pero non máis cós que se obteñen para as formas en *-s* dos demais tempos<sup>125</sup>.

#### 13.4.3. 3 A P<sub>5</sub> do pretérito.

Xunta o resultado etimolóxico *-stes*, coa variante oriental *-steis*, existen no galego actual outras dúas solucións analóxicas, *-chedes* e *-stedes*, formadas sobre a desinencia *-che* ou *-ste* da P<sub>2</sub> do singular, co incremento do SNP característico da P<sub>5</sub>, *-des*<sup>126</sup>. Consideradas no seu

<sup>125</sup> Cfr. ALGa, mapas 233 (*dá, dade*), 292 (*ide*) e 370 (*sede*).

<sup>126</sup> Para a repartición xeográfica destas solucións véxase Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 90-91, e ALGa, mapas 10 (*cantastes*), 57 (*collestes*) e 146 (*partistes*).

conxunto, as gramáticas que estamos a estudar recollen tanto o resultado etimolóxico *-stes* como os analóxicos *-stedes* e *-chedes*. Con todo, como imos ver, as posicións dos distintos autores distan moito de ser coincidentes.

En realidade, salvo Saco, que advirte explicitamente da existencia de variantes e fai algunhas consideracións sobre a frecuencia relativa de cada unha delas, os demais límitanse a recoller nos paradigmas da conxugación unha, dúas ou as tres solucións. Aqueles autores que optan por unha solución única non xustifican en ningún momento nin deixan entrever cales son as razóns da súa escolla. Así, por exemplo, os *Elementos* de Valladares ofrecen en tódolos paradigmas solucións con *SNP -stes*. Rodríguez ("Apuntes"), pola súa banda, opta tamén por unha solución exclusiva, que neste caso é a analóxica *-stedes*. Cómpre subliñar que a escolla por parte deste autor dunha forma evidentemente analóxica resulta en certa medida contradictoria co purismo etimoloxista con que rexeita, precisamente por analóxica, a solución *-ches*.

Na obra de Mirás rexistrámo-la alternancia dos sufixos número-persoais *-stes* e *-chedes*. De tódolos xeitos, convén advertir que o primeiro destes dous resultados, *-stes*, aparece só na conxugación do verbo *ser*, e ó lado de *-chedes*: *fochedes / fostes* (p. 18). No resto dos paradigmas temos soamente *-chedes*. Os exemplos obtidos do escrutinio dos textos do *Compendio* confirman esta preferencia pola solución *-chedes*: *fochedes* (p. 63), *houbechedes* (p. 68), *fixechedes* (p. 68), *perdíchedes* (p. 68), *tubéchedes* (p. 86), *quixéchedes* (p. 86).

Por último, Cuveiro e Saco manexan as tres solucións arriba citadas. Polo que se refire a Cuveiro, o emprego de



cada unha destas formas non obedece en aparencia a ningún criterio. Así, temos *fòchedes* / *fostes* (pp. 15, 26), *collíchedes* (p. 22), *compuxestes* (p. 29). Nos tempos compostos co auxiliar *haber* rexistrámo-las tres solucións: *houbechedes collido* (p. 22), *houbechedes ido* (p. 26) / *hubestes composto* (p. 29) / *hubestedes composto* (p. 29).

De principio, Saco recoñece a existencia na fala das tres solucións, pero xerarquízaas de acordo cunha errónea interpretación do sufixo *-stes*, que considera unha redución de *-stedes*, do mesmo xeito que *cantás* o é de *cantades*. Así pois, para o ourensán soamente dúas das solucións poden cualificarse de orixinarias, *-stedes* e *-chedes*. Entre estas dúas, as preferencias de Saco parecen orientarse cara á segunda:

La última forma es mas regular, pues guarda más analogía con la segunda de singular en *che*, de la cual con razon se deriva, del mismo modo que en latin *amavistis* de *amavisti* (pp. 76-77).

Unha vez máis Saco manifesta a súa preocupación pola coherencia interna dos paradigmas, que antepón sempre a outras consideracións, como pode se-la fidelidade ó étimo. Esta mesma inquedaanza é a que o leva a preferi-lo resultado *colleches*, que ó ter vocal temática /e/ encaixa mellor ca *colliches*, que *-non* o esquezamos- é a súa forma nativa, no paradigma da segunda conxugación.

Polo que se refire a frecuencia de emprego, Saco límitase a sinala-la súa apreciación de que as formas con *SWP* *-stes* son máis usadas cás que teñen *-stedes* como desinencia. Este emprego preferente de *-stes* faise máis evidente, sempre segundo Saco, nos verbos da segunda e da terceira conxugacións (p. 77). Polos datos de que dispoñemos hoxe en

día, non parece que esta última consideración teña base real<sup>127</sup>.

Destas observacións de Saco parece desprenderse unha certa predilección polas solucións *-chedes* e *-stes*: a primeira por ser máis coherente coa estrutura morfolóxica do sistema verbal, a segunda por ser máis frecuente. Se analizámo-los paradigmas resulta que esta impresión se confirma plenamente. Neles o resultado *-stedes* figura soamente, e ó lado de *-chedes*, na conxugación do verbo modelo da *ci*: *falástedes / faláchedes* (p. 68). Nos modelos da *cii* e da *ciii*, así como no do verbo *ser* aparecen a etimolóxica *-stes* e a analóxica *-chedes*. Por último, nos paradigmas dos verbos irregulares aparece sempre *-stes* como única solución.

#### 13.4.4. A $P_6$ do pretérito.

Para o sufixo número-persoal da  $P_6$  dos pretéritos de indicativo Saco, Cuveiro e mais Rodríguez ("Declinación") rexistran ó lado da solución maioritaria *-ron* unha variante *-no*, que hoxe sobrevive no occidente coruñés, ónde forma unha área compacta, e en puntos illados de Lugo e Pontevedra<sup>128</sup>. Valladares, pola súa parte, admite en pé de igualdade os resultados *-ron* e *-non*. Esta última forma consérvase aínda nuns poucos puntos da Costa da Morte coruñesa. Por último, Mirás nin recolle nin emprega máis solución ca *-ron*.

---

<sup>127</sup> Polo menos, confrontando os mapas do *ALGa* correspondentes, obsérvase unha coincidencia case absoluta entre os resultados das tres conxugacións. Cfr. mapas 10 (*cantastes*), 57 (*collestes*) e 146 (*partimos, partistes*).

<sup>128</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 90-91, e *ALGa*, mapas 11 (*cantaron*), 58 (*colleron*) e 147 (*partiron*).

Sen embargo, se ben existe acordo entre Cuveiro, Saco e Rodríguez á hora de recoñece-la existencia dunha solución *-no*, non podemos dici-lo mesmo a propósito da súa admisión no galego culto. Cuveiro e Saco non parecen ter inconveniente ningún para aceptar esta solución. De feito, na obra de Cuveiro as formas con *-ron* alternan libremente coas rematadas en *-no*:

La tercera de plural del pretérito perfecto de indicativo, tiene también dos variaciones, como *foron* ó *fono* - fueron-, *dixeron* ó *dixeno* -dijeron-, *levaron* ó *levano* -llevaron-, etc. (pp. 14-15).

Nos modelos de conxugación as dúas solucións só figuran nos casos de *ser* e *ir*. Para os demais verbos temos sempre *-ron*. Algo semellante sucede na obra de Saco, onde as formas con *-no* aparecen soamente nos modelos da conxugación regular e no paradigma de *ser*. Nos patróns dos verbos irregulares figuran xa exclusivamente as formas con *-ron*.

Fronte a eles, Rodríguez ("Declinación") censura o emprego por parte dalgúns escritores das formas en *-no*:

No consideramos culta esta terminación, y por lo mismo nos parece impropia del gallego literario; sin embargo, escritores hay que creen emplearla con gracia en alguna de sus composiciones (p. 340, n. 3).

A exclusión destas formas débese á xa coñecida teima etimoloxista deste autor. Rodríguez describe axeitadamente o proceso de formación da variante *-no*, pero considera que, existindo outra solución máis próxima ó étimo, non debe ser admitida na lingua culta:

La lengua madre nos legó la terminación de la tercera persona casi incorrupta, según hemos visto; así pues, la *n* de *amano* no es otra cosa sino la *r* de *amaron*, mal pronunciada, por articularse ambas letras en un mismo órgano vocal (p. 341, n. 3).

Nos "Apuntes" da *Crónica Troiana* non recolle xa máis solución ca *-ron*.

Tocante á distribución xeográfica de *-no(n)* ningún deles aclara gran cousa. Saco, que probablemente sabía da súa existencia a través da literatura, limítase a sinalar que este resultado é moi minoritario (p. 77). Rodríguez, pola súa parte, preséntaa como solución característica dalgunhas zonas do país que non chega a precisar. Xa que logo, para termos unha idea algo máis precisa de cal podía se-lo seu ámbito xeográfico deberemos acudir a outras fontes de información: algunhas secundarias, como os textos literarios, e outras máis directas, como algunhas informacións marxinais que se poden recadar en autores como Antonio de la Iglesia ou Pérez Ballesteros.

Sen seren moi frecuentes, atopamos ocorrencias de formas en *-no* nas obras dalgúns escritores oriúdos do occidente da provincia da Coruña. Así, en *Cantares gallegos fono* aparece ata cinco veces, todas elas nun mesmo poema (pp. 196-197). En *Follas novas* os exemplos son algo máis numerosos: *medrano* (pp. 48, 213), *fono* (p. 69), *levano* (p. 110), *marmurano* (p. 110), *volveno* (p. 196). A estas formas en *-no* hai que engadirilles unha ocorrencia de *-non*: *fonon* (p. 95). Así e todo, a frecuencia relativa de formas con *SNP -no(n)* en Rosalía é moi baixa se a comparamos co inxente número de formas rematadas en *-ron*. Esta proporción invértese na obra de Pondal, onde as formas en *-no* son maioritarias: *levano* (p. 31), *sucumbino* (p. 37), *buscano* (p. 71), *fono* (pp. 75, 153, 213), *pasano* (pp. 77, 143), *perdeno* (p. 105), *rendeno* (p. 112), *despoxano* (p. 153), *dixeno* (p. 207), *mirano* (p. 211), fronte a *roubaron* (p. 60), *puxeron* (p. 61), *crobiron* (p. 96), *feneceron* (p. 112), *pasaron* (p. 143).

Por outra banda, na obra do pontevedrés Pintos non atopamos máis ca un par de exemplos illados: *fono* (p. 38) e *deno* (p. 102).

En todo caso, o emprego máis ou menos apreciable de formas en *-no* nas obras destes escritores vén a confirma-la súa presenza en zonas onde hoxe aínda sobreviven. O feito de que as formas en *-no* sexan maioritarias na obra de Pondal pode entenderse como un indicio da vitalidade que esta solución tiña na súa zona de procedencia, onde hoxe pervive con máis forza.

Por outra banda, contamos tamén con algúns testemuños da presenza de formas con SNP *-no* fóra das áreas en que hoxe se rexistran. A este respecto a única referencia directa proporciánanola Antonio de la Iglesia, que se refire á *-no* como solución característica do "dialeuto mariño"<sup>129</sup>. Unha forma con SNP *-no*, *quedano*, aparece ademais nunha cantiga recollida por Pérez Ballesteros precisamente na comarca das Mariñas<sup>130</sup>.

Todos estes datos lévannos a supoñer que mesmo contra finais do século pasado a área que ocupaban as formas con SNP *-no* era algo maior cá que presentan hoxe en día.

---

<sup>129</sup> Antonio de la Iglesia, "Reseña stórica", n. 58 (08.11.1890), p. 41 n..

<sup>130</sup> Pérez Ballesteros, *Cancionero* I, p. 115. Aínda que non aclara en que punto concreto foi recollida, o feito de que figure nunha serie de cantigas obtidas nesta zona permítenos colixir sen demasiado risco a súa área de procedencia. Ademais, esta é a comarca da que procede unha boa parte das composicións recollidas nesta obra, ou polo menos no seu primeiro volume.

## 14. O verbo (III). Morfoloxía irregular

### 14.1. Andar.

Como é ben sabido, no galego actual coexisten e compiten dúas tendencias ben diferenciadas con respecto ó tratamento dos tempos do tema de perfecto deste verbo. Así, temos unha tendencia de carácter conservador, que mantén este verbo entre os regulares, enfrontada a outra innovadora que o integra no reducido grupo de verbos caracterizados por presentaren un tema de perfecto distinto do tema de presente. Á luz dos datos que podemos recadar escrutando textos correspondentes a distintos períodos da historia da nosa lingua resulta evidente que foi durante o período que coñecemos co nome de Séculos Escuros cando este verbo experimentou un cambio radical coa irrupción e expansión duns temas de perfecto analóxicos dos de *ter* ou *estar*. En efecto, existe unha distancia máis que notable entre a situación que presenta o galego medieval, en que *andar* aparece sistematicamente como regular<sup>1</sup>, e a dos nosos días, en que as formas regulares van recuando diante do empuxe das solucións analóxicas de *ter* e *estar* para refuxiárense en zonas marcadamente conservadoras<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> Cfr. os numerosos exemplos que ofrece Lorenzo, *Glosario*, pp. 123-125. Cfr. ademais *Normas*, p. 70: "Andei... andara... andase son as únicas que se documentan no galego medieval".

<sup>2</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 92, e *ALGa*, mapas 200-206 e 208.

Aínda que resulta difícil determinar con precisión en que momento se produciu a introducción das formas analóxicas, temos constancia a través do testemuño de Sobreira de que na segunda metade do século XVIII as formas regulares e as analóxicas entraran xa en competencia<sup>3</sup>. Sexa como for, o certo é que as formas analóxicas deberon coñecer unha rápida expansión, xa que nos textos do primeiro tercio do século Ramón Mariño (*Estudio*, p. 588) documenta diversas ocorrencias das formas analóxicas cos radicais *andiv-* e *anduv-* e ningunha das solucións regulares tradicionais.

Polo que se refire ó tratamento que os gramáticos lle dispensan a este verbo, o noso interese vai encamiñado non tanto a coñecer cal é a opción pola que se inclinan, pois neste coma noutros casos estes autores manifestan unha absoluta despreocupación pola dimensión normativa das súas obras, senón cal é a súa percepción, en tanto que testemuñas e observadores do galego do seu tempo, acerca do estado en que se encontraba a loita entre as dúas solucións. E así, por máis que o tratamento deste verbo non sexa coincidente en tódalas gramáticas, en xeral apréciase unha marcada tendencia a agrupalo entre os verbos irregulares. Mirás (p. 33), que na súa obra recolle unicamente o pretérito de indicativo, atribúelle o radical *anduv-*, coa variante gráfica *andub-*: *anduvén*, *andubeches*, *anduvo*, *andubemos*, *andubechedes*, *anduberon*. Nos textos que acompañan a súa descrición as formas castelanizadas alternan coas analóxicas con radical *andiv-*: *andubera* (p. 63) / *andiben* (p. 143 -2 veces-), *andibo* (p. 71).

---

<sup>3</sup> Cfr. Sobreira, *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio de J.L. Pensado, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», Ourense, 1979, pp. 198 e 200, s.v. *andou* e *anduvo*, e Ramón Mariño, *Estudio*, pp. 588-589.

Saco, pola súa parte, considérao tamén irregular e asígnalle-lo radical *andiv-* ós tempos do tema de perfecto (pp. 84-86). Non obstante, na P<sub>1</sub> e a P<sub>3</sub> do pretérito de indicativo o ourensán recolle ó lado dos analóxicos *andiven* e *andivo* as formas regulares tradicionais *andei* e *andou*. Ora ben, parece claro que o noso gramático percibía que o emprego deste verbo como regular era xa infrecuente no seu tempo, e deste xeito séntese obrigado a xustificar en nota a inclusión destas dúas formas regulares no seu paradigma:

Esta forma [*andou*], no tan usada como la primera, se ve en el siguiente refran: *Quen perdeu e n'hachou, c'o demo andou* (p. 84 n.)<sup>4</sup>.

Unha proba máis de que as formas tradicionais do perfecto estaban xa en franco retroceso é a sorpresa con que o noso autor acolle a forma *andase* que el mesmo rexistra en Sarmiento. Saco pona en relación con *estese*, tamén empregada polo frade bieito, e aventura para ambas unha imposible explicación:

Son contracciones parecidas á las latinas de *judicassem*, *audissem* por *judicavissem*, *audivissem* (p. 86).

En todo caso, o feito de que trate de explicar *andase* como redución de *andivese* revela ben ás claras que esta última era para el a solución normal.

Tamén Rodríguez Rodríguez concorda en liñas xerais coas apreciacións de Saco. A pesar de que nas súas obras non chega a precisar cal é o modelo de conxugación deste verbo, os seus "Apuntes gramaticales" sobre a lingua da *Crónica*

---

<sup>4</sup> Por outra parte, aínda que tal vez sexa simplemente unha coincidencia, cómpre engadir que *andei* e *andou* son as dúas únicas formas regulares que se documentan na *Literatura popular* do propio Saco: *andei* (pp. 77, 123, 142), *andou* (p. 325). Non obstante, temos tamén unha primeira persoa *andiven* (p. 150). Nos demais casos só se rexistran formas con radical *andiv-*: *andiveche* (p. 109), *andiveron* (p. 230). En cambio, entre os exemplos da gramática só atopámo-las formas analóxicas *andiven* (p. 181) e *andivo* (pp. 163, 200).



*Troiana* inclúen unha nota esclarecedora na que se pon de relevo o divorcio que este autor observa entre o galego medieval e o moderno. Rodríguez constata, non sen certa sorpresa, que na lingua da *Crónica andar* compórtase como un verbo regular da primeira conxugación, ó contrario do que sucede no galego actual, en que, sempre segundo este autor, este verbo é irregular:

La segunda raíz de este verbo y los derivados que de ella proceden pasaron al gallego, regulándose á la conjugación del primer modelo, no existiendo por lo tanto la irregularidad que en la radical tiene en el gallego moderno y en el castellano, sinó que añadieron á las del infinitivo las terminaciones correspondientes, así: de *andar, andei, andara, andase, andare* (p. 73).

Por último, cómpre sinalar que dentro do panorama da gramática galega do XIX é Valladares (pp. 59-61) o único que recolle as formas regulares en tódolos tempos do tema de perfecto. De tódolos xeitos, ó seu lado figuran sempre as solucións analóxicas con radical *andiv-*.

Dos datos ata aquí expostos, e dependendo sempre do valor que lles queiramos recoñecer ós testemuños dos gramáticos, parece deducirse que a vitalidade das formas tradicionais era xa moi minguada durante o período de referencia. A esta mesma conclusión conduce o escrutinio dos textos literarios contemporáneos ás gramáticas. Aínda que os exemplos que atopamos non son tan numerosos como sería de desexar, podemos concederlles valor en tanto que indicadores do rumbo que ía tomando a lingua oral. No grupo de textos analizados as formas predominantes son as que presentan os radicais analóxicos *andiv-* e *anduv-*, que ás veces alternan dentro dunha mesma obra. Xa claramente minoritarias son as formas regulares con radical constante *and-*.

A única obra en que as formas regulares manteñen unha certa presenza é a *Gaita gallega* de Pintos, onde non obstante atopamos tamén un exemplo illado dunha forma con radical *anduv-*: *andei* (p. 9), *andou* (p. 34) / *anduvo* (p. 123). Pola contra, en dúas das obras escrutadas, *Aires da miña terra* e *Saudades gallegas andiv-* aparece como solución única: *andiven* (*Saudades*, p. 24), *andivo* (*Aires*, p. 46; *Saudades*, p. 93 -2 veces-). Estas formas son tamén maioritarias nas obras de Rosalía: *andiven* (*Cantares*, p. 13 -2 veces-; *Follas*, p. 200), *andiveches* (*Follas*, p. 200), *andiveron* (*Follas*, p. 235), *andivera* (*Follas*, p. 179). Soamente en *Cantares* temos un futuro de subxuntivo *andare* (p. 153). Os dous exemplos que atopamos en *Queixumes dos pinos* corresponden igualmente a formas con radical analóxico: *anduvera* (p. 168) e *andivera* (p. 205).

Polo que se refire ás colectáneas de literatura oral, o predominio das formas analóxicas é patente. No *Cancionero popular gallego* temos *andoven* (I, p. 148; II, p. 104; III, p. 108), *anduveche(s)* (II, p. 212; III, p. 123, 210) / *andiveches* (I, p. 69), *anduvo* (II, p. 209 -2 veces-) / *andivo* (II, p. 182 -2 veces-), *anduveron* (III, p. 204), *anduvera* (I, p. 28). Pola contra, as formas regulares só aparecen unha soa vez: *andei* (III, p. 174). Algo semellante sucede na *Literatura popular* de Saco, aínda que desta vez as formas regulares son máis numerosas e o radical *anduv-* non se documenta<sup>5</sup>.

En definitiva, o cotexo das solucións recollidas polos gramáticos coas empregadas nos textos literarios confirma a impresión inicial de que as formas analóxicas innovadoras conseguiran desprazar a un lugar marxinal as tradicionais.

---

<sup>5</sup> Cfr. nota anterior.

Polo demais, non podemos deixar de salientalo silencio dos textos gramaticais, excepción feita do de Mirás, sobre as formas analóxicas de influencia castelá con radical *anduv-*, que si aparecen rexistradas nos textos, e de forma moi especial nas cantigas populares recopiladas por Pérez Ballesteros. A súa presenza nos textos, unida ó feito de que na actualidade esta é a forma maioritaria en boa parte do territorio galego, indúcenos a sospeitar que a súa exclusión é debida máis á aplicación dun criterio de corrección ca ó descoñecemento da súa existencia. Resulta difícil imaxinar que un autor atento como Saco puidese ignora-la súa existencia, sobre todo tendo en conta que no galego falado hoxe en día na provincia de Ourense as formas con radical *anduv-* son case as únicas que se rexistran.

#### 14.2. Caber.

##### 14.2.1. A $P_1$ do presente de indicativo e o presente de subxuntivo.

As gramáticas de Saco e Valladares, as únicas que dan conta do paradigma da conxugación deste verbo, presentan notables diverxencias. Por unha banda, non hai coincidencia entre unha e outra nas solucións recollidas e propostas para o radical; por outra, mentres que na de Valladares a  $P_1$  do presente de indicativo e o presente de subxuntivo reciben un tratamento homoxéneo, na de Saco as solucións propostas para estas dúas formas son diverxentes.

Segundo a caracterización do ourensán (pp. 86-88), a  $P_1$  do presente de indicativo presenta un radical *cab-* (*cabo*), en tanto que para o presente de subxuntivo o único radical recollido é *cabe-* (*cábea*). Este último é sen dúbida unha simple variante fonética de *cabi-* (*cabia*), resultado da tendencia popular a realizar como hiatos os ditongos

decrecentes (*historia - histórea, cambio - cámbao*)<sup>6</sup>. O paradigma que ofrece Valladares, en cambio, presenta os mesmos radicais para os dous tempos. Os radicais que recolle o da Estrada son tres (pp. 63-64): *caib-*, que con *cabi-* é o resultado etimolóxico e tradicional<sup>7</sup>, *cab-*, forxado analoxicamente a partir do radical dos demais tempos do tema de presente a imitación dos verbos regulares da *cu* ou da *cui*, e *queip-*, resultado híbrido galego-castelán. Por outra parte, Valladares estende o primeiro destes radicais, *caib-*, ás demais persoas do presente de indicativo, tanto ás rizotónicas coma ás arrizotónicas. Aínda que *caibes*, *caibe*, etc. son formas efectivamente documentadas no galego moderno, hai razóns abondas para sospeitar que a súa presenza na obra de Valladares se debe a unha reconstrución persoal do paradigma deste tempo a partir da forma de primeira persoa. A este respecto cómpre ter presente, por unha parte, que a área en que hoxe se rexistran estas formas circunscríbese á comarca da Limia Baixa, e, por outra, que nestes puntos onde se rexistra *caibes*, *caib-* é o radical común ós tempos do tema de presente e ós do tema de perfecto<sup>8</sup>.

Tocante ás propostas de Valladares, a xulgar polos datos que hoxe ofrece o *ALGa* parece claro que as formas con radical *cab-*, abondosamente documentadas en todo o occidente galego, debían resultar familiares para o escritor da Estrada. Por outra banda, as formas tradicionais con radical *caib-*, que hoxe se presentan como características do norte das provincias da Coruña e Lugo e do suroeste da de Ourense,

<sup>6</sup> Cfr. Álvarez Blanco et al., *Gramática*, p. 39.

<sup>7</sup> *CAPĪO, CAPĪAM* > *caibo, cabio; caiba, cabia*. Cfr. *Normas*, p. 91; Santamarina, *El verbo*, p. 40; Huber, *Gramática*, p. 217; Nunes, *Compêndio*, p. 324 e n. 3.

<sup>8</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 209-220.

debían ser xa daquela pouco coñecidas no seu galego nativo. Proba disto é a extensión abusiva deste radical a outras formas do paradigma. Por último, a inclusión da solución híbrida *queip-* é unha mostra da penetración das solucións castelanizantes no galego do século XIX. Desafortunadamente nos textos literarios escrutados non atopamos ningunha ocorrencia da  $P_1$  do presente de indicativo nin do presente de subxuntivo, de xeito que resulta imposible imaxinalo grao de difusión destas solucións importadas.

Cómpre agora que tentemos explica-la presenza na descrición de Saco de solucións distintas para a  $P_1$  do presente de indicativo e para o presente de subxuntivo. A presenza de *cabo* explícase doadamente, pois aínda hoxe se mantén con grande vitalidade na maioría das falas ourensás, de xeito que case se pode considera-la forma 'normal'<sup>9</sup>. Non sucede o mesmo con *cábea* ou *cabia*, que hoxe se rexistran especialmente no galego asturiano, en León e no leste de Lugo<sup>10</sup>. Dentro do territorio ourensán o ALGa soamente recolle estes resultados nalgúns puntos illados do norte da provincia. Pola contra, aínda que a coincidencia non sexa absoluta, pois a extensión de *cab-* é meirande na  $P_1$  do presente de indicativo ca no de subxuntivo, *cabo* e *caba* van normalmente asociados. Sen embargo, hai algúns datos que nos inducen, cando menos, a considera-la posibilidade de que Saco coñecese efectivamente un paradigma *cabo / cábea* ou *cabia*. De feito, este sistema documéntase aínda hoxe polo menos nun punto do galego ourensán. Refírome en concreto á fala de Xunqueira de Ambía, onde María Ángeles Paz rexistra os resultados *cabo, cabes...* para o presente de indicativo e

---

<sup>9</sup> Cfr. ALGa, mapa 209.

<sup>10</sup> Cfr. ALGa, mapa 217.

*cábea*, *cábeas*... para o do subxuntivo<sup>11</sup>. Por outra banda, esta disparidade de resultados non é insólita en galego<sup>12</sup>.

Por último, cómpre dicir que a omisión de formas con radical *caib-* na obra de Saco non parece debida a descoido. O ourensán, consciente da semellanza na flexión dos verbos *saber* e *caber*, presenta conxuntamente os seus paradigmas. O paralelismo mantense nos tempos do tema de perfecto (*souben*, *soupen* / *couben*, *coupen*; *soubera*, *soupera* / *coubera*, *coupera*; *soubese*, *soupepe* / *coubese*, *coupepe*; *souber* / *couber*), pero rómpese no presente de subxuntivo (*saiba*, *sábea* / *cábea*). Para explicar este desequilibrio é preciso reparar en que o tratamento conxunto que as *Normas* dan a estes dous verbos, irreprochable desde un punto de vista histórico, non está apoiado, polo menos no caso do presente de subxuntivo, por unha distribución homoxénea dos resultados dun e outro verbo no galego actual<sup>13</sup>.

#### 14.2.2. O tema de perfecto.

A xulgar polas informacións que nos proporcionan as gramáticas e polos datos que puidemos extraer dos textos literarios analizados, a vacilación entre as formas tradicionais con radical *coub*<sup>14</sup> e as xeradas por contacto co castelán debía ser xa notable. Así, as formas con radical

---

<sup>11</sup> María Ángeles Paz González, *El habla de Xunqueira de Ambía*, memoria de licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1973, pp. 41-42.

<sup>12</sup> Por citar un exemplo próximo etimoloxicamente ó de *caber*, para o verbo *saber* temos uns resultados *sei* / *saiba*, *saba*. Polo demais, da mesma maneira que *quepa* está hoxe máis estendido que *quepo* (cfr. *Normas*, p. 91), cabe supoñer que no galego que coñecía Saco *cabo* estivese máis estendido que *caba*.

<sup>13</sup> Compárese a distribución das variantes de cada un destes verbos no *ALGa*, mapas 217 (*caiba*) e 350 (*saiba*).

<sup>14</sup> Este é o único resultado que se documenta no galego medieval. Cfr. *Normas*, p. 92. Véxase ademais Lorenzo, *Glosario*, p. 260.

*coup-*, posiblemente un híbrido resultante do cruce do galego *coub-* e do castelán *cup-*, figuran ó lado da solución antiga nos modelos de conxugación que presentan Saco e mais Valladares. Ademais, este último completa a nómina co castelanismo sen adaptar *cup*-<sup>15</sup>.

Aínda que a documentación literaria é escasa e, xa que logo, non permite tirar conclusións minimamente fiables, nos textos escrutados non atopamos máis que exemplos de formas con radical *coup-*: *coupo* (*Cantares*, p. 160; *Follas*, p. 116; *Cancionero popular*, III, p. 102; *Literatura popular*, p. 318). Coas cautelas a que obriga o reducido número de ocorrencias rexistradas, esta coincidencia pode resultar significativa en tanto que indicio da difusión que atinxiran as solucións castelanizadas. É mágoa que os textos dos Séculos Escuros e do primeiro tercio do século non ofrezan exemplos que nos permitan contempla-lo proceso de introducción destas formas<sup>16</sup>.

### 14.3. Dar.

#### 14.3.1. A P<sub>1</sub> do pretérito de indicativo.

Para a primeira persoa de singular do perfecto as gramáticas de Saco (p. 105) e de Valladares (p. 61) reflicten a vacilación que se produce na fala entre a forma etimolóxica *dei* e a analóxica *din*. Este feito non resulta sorprendente se temos en conta que este proceso de alternancia non é precisamente recente. De feito, a presenza incipiente da forma innovadora *din*, xurdida

---

<sup>15</sup> Para a distribución actual destes tres radicais, cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 92, e ALGa, mapas 212-216 e 219.

<sup>16</sup> Mariño, *Estudio*, p. 591, non atopa ningunha ocorrencia de tempos do tema de perfecto nos textos do prerrexurdimento, e só unha (*couvo*) nos textos dos Séculos Escuros que analiza.

probablemente por analogía coa P<sub>1</sub> dos perfectos fracos da *cii* e da *ciii* e dos verbos irregulares *ver* e *vir*<sup>17</sup>, detéctase xa nalgúns textos medievais, se ben neles *dei* é aínda maioritario<sup>18</sup>. Polos datos de que dispoñemos, a presenza concorrente destas dúas solucións caracteriza tódalas etapas da nosa historia lingüística e literaria. Así, é factible atopar exemplos de *dei* e *din* tanto en textos producidos durante os Séculos Escuros coma nos redactados durante o primeiro tercio do XIX<sup>19</sup>. Polo que se refire ós textos escrutados pertencentes á segunda metade do século, obsérvase xa unha presenza notable da forma innovadora, que é a única que atopamos en Rosalía (*Cantares*, pp. 12, 129; *Follas*, p. 192), en Curros (*Aires*, p. 121; *Sainete*, p. 43) e en *Saudades gallegas* de Lamas Carvajal (pp. 7, 43). Pola contra, *dei* aparece como forma única na *Gaita gallega* de Pintos (pp. 48, 189) e como solución maioritaria nas colectáneas de literatura oral, tanto no *Cancionero popular* de Pérez Ballesteros (*dei*: I, pp. 122, 183; II, pp. 9 -2 veces-, 159, 173, 191, 230, 263, 304; III, p. 63 -2 veces-; *din*: II, p. 127; III, p. 293) coma na *Literatura popular* de Saco (*dei*: pp. 142, 147, 148, 158; *din*: p. 207).

---

<sup>17</sup> Cfr. Santamarina, *El verbo*, pp. 43-44, e Williams, *Do latim*, p. 226. Aínda que non nos caiban dúbidas acerca do carácter interno do proceso que conduciu á xeración de *din* (a propia presenza de *di* no portugués dialectal así o confirma), a difusión que atinxiu no galego moderno quizais se viu favorecida pola coincidencia co resultado do castelán *di*.

<sup>18</sup> Cfr. Lorenzo, *Glosario*, pp. 416-419, ou Mettmann, "Glossário", in Afonso X o Sabio, *Cantigas de Santa María*. Edición crítica de Walter Mettmann, vol. II, Xerais, Vigo, 1981, p. 512-514, que non documentan máis ca *dei*. A profesora Maia, *História*, pp. 775-776, en cambio, detecta nos documentos galegos por ela estudados a presenza, bastante frecuente, dun analóxico *di* que estaría na orixe do actual *din*. Por outra banda, a profesora portuguesa aclara que esta forma non é descoñecida no portugués popular.

<sup>19</sup> Cfr. Mariño, *Estudio*, pp. 592-593.



Á vista da distribución xeográfica que hoxe presentan as dúas solucións<sup>20</sup> non parece existir relación entre o emprego preferente dunha ou doutra solución e a área de procedencia dos escritores. Así, observamos, por exemplo, que *dei* predomina nas cántigas de Pérez Ballesteros, recollidas principalmente no norte das provincias da Coruña e Lugo, onde os investigadores do ALGa recolleron hoxe maioritariamente *din*. E ó contrario, atopamos unicamente *din* nunha escritora que como Rosalía adoita reflectir na súa obra o galego do occidente da Coruña, que é un dos lugares en que con máis vigor se mantén o resultado etimolóxico.

#### 14.3.2. As restantes formas do tema de perfecto.

No resto do tema de perfecto Saco (pp. 105-106) recolle na súa obra a alternancia entre as formas con *vr /ε/*, hoxe maioritarias, e as solucións con *vr /i/*: *dêches / diches*, *dêmos / dimos*, *dêstes / distes*, *dêron / diron*, *dêra / dira*, *dêse / dise*. A única excepción rexístrase no futuro de subxuntivo, para o que a única solución proposta é *dêr*, con *vr /ε/*. Valladares, en cambio, parece preferir en tódolos casos as solucións con *vr /ε/*: *dêmos*, *dêstes*, *dêron*, *dêra*, *dêse*, *dêre*, non sendo na P<sub>2</sub> do perfecto, para a que admite tanto *dêche(s)* como *diche(s)*<sup>21</sup>. Un caso especial do que logo nos ocuparemos é o da P<sub>3</sub> do perfecto, para a que tanto Saco como Valladares propoñen como variantes *dou*, *deu* e *diu*.

Á vista da descrición destes dous autores e tendo en conta a actual distribución xeográfica destas formas, creo que pode ser conveniente xebra-la alternancia *dech(es) /*

---

<sup>20</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 93, e ALGa, mapa 223.

<sup>21</sup> Sobre o distinto valor dos tiles grave e circunflexo nas obras de Saco e Valladares, vid. supra, pp. 174-177.

*diches* dos demais casos. A este respecto gustaríame chama-la atención sobre o feito de que en 15 dos 36 puntos en que o ALGa recolle formas con vr /i/ para a P<sub>2</sub> do perfecto estas non van asociadas a ningunha outra forma do tema de perfecto con vr /i/. Por outra banda, mentres que *diches* aparece espallado por todo o territorio, a serie *dimos, distes, diron, dira, dise* aparece concentrada sobre todo no extremo norte da provincia da Coruña e en bo número de falas ourensás. Este contraste parece confirmarse ó observármolas documentacións que ofrecen os textos literarios. Nos que nós escrutamos *diches* aparece en autores de procedencias xeográficas diversas: Curros (*Aires*, p. 120); *Cancionero popular* (II, p. 258); Saco (*Literatura popular*, p. 88); Rosalía (*Follas*, p. 234). Pola contra, formas como *diron, dira* ou *dise* só as atopamos en escritores ourensás, sempre en competencia coas correspondentes formas con vr /ε/: Curros, *Sainete: dira* (p. 32); Lamas, *Saudades: diron* (pp. 97, 99), *dira* (p. 25), *dise* (p. 100); Saco, *Literatura popular: diron* (p. 201 -2 veces, nun maio recollido en Ourense-). De calquera xeito, cómpre recoñecer que tanto no caso de *diches / deches* coma no de *diron, dira, dise / demos, dera, dese* as formas con vr /ε/ son a norma<sup>22</sup>.

Este aparente desequilibrio entre a difusión de *diches* e a das demais formas explícase probablemente pola antigüidade da primeira forma fronte ó carácter máis recente

<sup>22</sup> Temos *deche(s)* na *Gaita* (pp. 140, 173), en *Cantares* (pp. 58, 124, 126), en *Aires* (pp. 42, 90, 122), en *Queixumes* (p. 159), no *Cancionero popular* (I, pp. 4, 11, 18 -2 veces-, 19 -2 veces-, 80, 133, 182, 189; II, pp. 13 -2 veces-, 106 -2 veces-, 126, 173 -2 veces-, 263, 275; III, pp. 19 -2 veces-, 41, 142, 165, 207 -2 veces-) e na *Literatura popular* (pp. 73 -2 veces-, 88 -6 veces-, 89, 90 -2 veces-, 129, 151, 191). Polo demais, *deron, dera, dese* e *der* son as únicas solucións que atopamos na *Gaita gallega*, *Cantares gallegos*, *Follas novas*, *Aires da miña terra*, *Queixumes dos pinos* e *Cancionero popular gallego*. No *Divino Sainete*, en *Saudades gallegas* e na *Literatura popular de Galicia* tamén se rexistran en numerosas ocasións: *deron* (*Sainete*, pp. 27, 81; *Literatura popular* p. 87, 102, 103, 114, 237 -8 veces-), *dera* (*Sainete*, p. 29; *Saudades*, pp. 7, 30, 44; *Literatura popular*, pp. 68, 69, 70, 73, 90, 103, 110, 115, 122, 148, 149, 151, 152, 155, 233 -2 veces-, 325), *deran* (*Sainete*, p. 24), *deren* (*Literatura popular*, p. 119).

das demais. Conforme se indica nas *Normas*, "este trasfego dos tempos do tema de perfecto á terceira debeu de empezar pola segunda persoa de singular do perfecto, *diste*, que xa é antiga ó lado de *deste*" (p. 94). Williams, pola súa parte, sinala que *diste* é o resultado etimolóxico esperable de *DĒDĪSTĪ*, se ben engade que foi axiña substituído por *deste*, con vocal tónica /ɛ/ analóxica da das persoas primeira e terceira de plural (p. 226). Sexa como for, o certo é que nos textos medievais, nos que predominan *deste* ou a variante palatalizada *desche*, están presentes *diste* ou *disti* xa desde o século XIII<sup>23</sup>.

Despois de todo o dito creo que podemos concluír que a presenza sistemática de variantes con *vr* /i/ na gramática da Saco debe entenderse como un índice do arraigamento que estas solucións tiñan xa daquela no galego ourensán.

O caso da *P*<sub>3</sub> do perfecto é parcialmente distinto do anterior. Pouco máis arriba viamos como os nosos dous gramáticos coincidían en sinala-la existencia de tres variantes: *dou*, *deu* e *diu*. En realidade, o acordo entre Saco e Valladares é só aparente, pois un e outro discrepan a propósito do timbre da *vr* da segunda solución, que é aberto para Valladares (*dèu*) e pechado para Saco (*déu*). O proceso de formación de todas estas variantes é sobradamente coñecido. Desbotado o etimolóxico *dei* (<*DĒDIT*) pola súa coincidencia coa *P*<sub>1</sub>, chégase a unha forma *deu*, que toma o *SNP* característico da *P*<sub>3</sub> dos perfectos fracos. O timbre da vocal temática vacilaría entre o mantemento do [ɛ] etimolóxico e o seu peche en [e], inducido quizais pola analoxía coa *vr* da *P*<sub>3</sub> dos perfectos fracos da *cr* ou pola *P*<sub>3</sub> do perfecto de *vir*. Paralelamente xurdiría *dou*, presente xa desde a Idade

---

<sup>23</sup> Cfr., por exemplo, Mettmann, "Glossário", p. 514.

Media<sup>24</sup>, que se explica como unha formación analóxica a partir da P<sub>3</sub> dos perfectos fracos da primeira. A última das variantes, *diu* sería o resultado dun proceso de nivelación analóxica coas demais formas do tema de perfecto con *vr /i/* (*diches, diron, dira, dise*)<sup>25</sup>.

Todas estas solucións lograron sobrevivir no galego, pero con desigual fortuna: mentres que *dou* e *deu* ocupan case todo o territorio -*dou* óese unha área compacta e ben delimitada que abrangue toda a provincia da Coruña, non sendo o nordeste, e o norte da de Pontevedra; *deu* ocupa o resto-, *diu* soamente se rexistra en puntos de Ourense e León, alternando na maior parte dos casos con *deu*<sup>26</sup>. Os datos que ofrece o escrutinio dos textos literarios concordan en xeral con esta distribución. Así, *dou* aparece só en escritores occidentais<sup>27</sup>, ben como solución única, como sucede en *Cantares* (pp. 13 -2 veces-, 77, 102), en *Follas* (pp. xxv, 10, 71, 96, 99, 107, 112, 125 -2 veces-, 184, 192, 223, 245) e en *Queixumes* (pp. 85, 86, 87)<sup>28</sup>, ou ben como solución claramente maioritaria alternando con *deu*, como ocorre na *Gaita*: *deu* (p. 159) / *dou* (p. 25, 27, 139, 155, 184 -2 veces-, 196), ou no *Cancionero popular*: *deu* (I,

<sup>24</sup> Para as documentacións antigas de *dou*, cfr. Maia, *História*, p. 776-777, n. 7, que recolle un par de exemplos tirados de documentos redactados na Coruña e en Pontevedra. Véxase ademais Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 84-85 e 122.

<sup>25</sup> Para estas interpretacións, cfr. Piel, "A flexão verbal do português (Estudo de morfologia histórica)", *Biblos* 20 (1945), p. 389; Williams, *Do latim*, p. 226; Huber, *Gramática*, p. 242; Nunes, *Compêndio*, p. 313; *Normas*, pp. 93-94.

<sup>26</sup> Cfr. *ALGa*, mapa 225.

<sup>27</sup> Mariño, *Estudio*, pp. 594-595, observa tamén un predominio de *dou* nos textos do primeiro tercio do século. Esta preferencia explicariáse, segundo el, porque "case que todos eles teñen unha vinculación máis ou menos forte coa comarca compostelá ou, en xeral, coa provincia da Coruña" (p. 595).

<sup>28</sup> *Dou* é tamén o único resultado que se pode atopar nos textos do *Compendio* de Mirás (pp. 62, 73, 74, 80, 108, 127, 139, 140).

pp. 7, 39; II, pp. 43 -2 veces-, 44, 53, 249; III, pp. 11 -2 veces-, 36, 85, 205, 250) / *dou* (I, pp. 49, 107, 108 -2 veces-, 190, 207; II, pp. 13, 65, 70, 81, 100, 104, 105, 114, 121, 131, 177, 182 -2 veces-, 187 -2 veces-, 205, 208; III, pp. 32, 83, 84, 85, 116, 154, 159 -2 veces-, 160 -2 veces-, 181, 250, 258, 289, 296). *Deu*, pola contra, aparece empregado nos textos debidos a escritores ourensáns, o mesmo que *diu*, do que só atopamos un exemplo en Lamas: *deu* (*Aires*, pp. 43, 54, 137; *Sainete*, pp. 18, 94 -2 veces-; *Saudades*, pp. 8, 24, 25 -2 veces-, 78, 103) / *diu* (*Saudades*, p. 21). *Deu* é tamén a solución que Saco emprega nos exemplos da súa gramática (pp. 150, 165, 171, 184, 219).

Para rematar, cómpre facer referencia ás interesantes apreciacións de Saco acerca da frecuencia relativa destas solucións. Segundo o gramático ourensán, "de las tres [formas] que tiene la tercera persona de singular, *dou*, *deu*, *diu*, la primera es la mas usada, pero tiene el inconveniente de confundirse con la primera persona del presente de indicativo" (p. 106). Resulta difícil saber se Saco, ó caracterizar *dou* como a solución máis empregada, está pensando na lingua oral ou na empregada nos textos literarios. De tódolos xeitos, é máis que probable que esta impresión persoal sexa unha conclusión tirada a partir da lectura de textos contemporáneos coma os *Cantares* de Rosalía, a *Gaita gallega* de Pintos ou o *Album de la Caridad*, onde *dou* é efectivamente a solución maioritaria<sup>29</sup>.

Tocante á dimensión normativa da observación de Saco, está claro que a partir das súas palabras non se pode deducir que o autor rexeitase de forma terminante a solución occidental *dou*. Pero non é menos certo que nelas se percibe

---

<sup>29</sup> Cfr. Ernesto González Seoane, *Glosario*, pp. 255-260, s.v. 'dar'.

unha certa resistencia a admitila. Polo demais, aínda que as súas reticencias se funden no risco de confusión coa P<sub>1</sub> do presente de indicativo, é posible que este argumento encubra a preferencia natural do gramático polas solucións propias da súa terra.

#### 14.3.3. O presente de subxuntivo.

A solución etimolóxica *de* (< lat. *DẼM*) axiña entrou en competencia coa formación analóxica *dea*, aparecida como consecuencia da nivelación cos presentes de subxuntivo dos verbos regulares monosilábicos da *cu* (*lea*, *crea*), nos que, a diferenza de *de*, /e/ é a vocal do radical e non o *SMT*<sup>30</sup>. Esta nova forma, da que temos testemuños xa desde o período medieval<sup>31</sup>, foi a que finalmente acabou por impoñerse no galego moderno.

Para explica-la aparición da solución *día*, que actualmente se escoita no nordeste da Coruña, en boa parte das provincias de Lugo e Ourense e no galego exterior<sup>32</sup>, manéxanse dúas teorías. Segundo a primeira, *día* sería unha creación recente formada por disimilación a partir de *dea*<sup>33</sup>. A segunda explícaa partindo dunha suposta base \**DEAM*, que xustificaría ademais a presenza desta formación no astur-leonés ou no mesmo portugués<sup>34</sup>. Coma no caso de *dea*, *día*

<sup>30</sup> Para esta explicación, cfr. *Normas*, p. 94.

<sup>31</sup> Cfr. Clarinda de Azevedo Maia, *História*, p. 778.

<sup>32</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 93, e *ALGa*, mapa 230.

<sup>33</sup> Cfr. Santamarina, *El verbo*, p. 43.

<sup>34</sup> Cfr. Piel, "Flexão", p. 381; Menéndez Pidal, *Manual*, p. 304; *Normas*, p. 94. Sobre a presenza de *día* e *dea* no portugués e no leonés, cfr. Maia, *História*, p. 780; Vasconcellos, *Esquisse*, p. 115; Zamora Vicente, *Dialectología española*, Gredos, Madrid, 1967<sup>2</sup>, pp. 181 e 195-196, e Menéndez Pidal, *El dialecto leonés*, Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo, 1962<sup>2</sup>, p. 101.

está abondosamente documentada nos textos galegos medievais<sup>35</sup>.

Esta pluralidade de solucións está recollida só en parte nas obras dos nosos primeiros gramáticos. Así, na descrición de Saco están presentes a solución maioritaria *dea* e *día*, que sen dúbida debe a súa inclusión á súa condición de resultado característico, aínda que non exclusivo, do galego ourensán. Valladares, que habitualmente se mostra moi xeneroso á hora de reflectir variantes, recolle unicamente *dea*. A exclusión e o rexeitamento implícito da solución *de* explícase probablemente pola coincidencia co castelán, que proxecta sobre dela unha sombra de dúbida. Sen embargo, xa sexa como pervivencia da forma etimolóxica e antiga, xa como consecuencia da presión do castelán, *de* está presente na maioría dos textos literarios da época, no mellor dos casos convivindo con *dea*. Así, en *Cantares gallegos*, *Follas novas* e *Aires da miña terra* non temos senón *de* (*Cantares*, p. 18; *Follas*, pp. 123, 182), *des* (*Cantares*, p. 137; *Follas*, p. 239 -3 veces-; *Aires*, p. 138), *dedes* (*Aires*, p. 8) e *den* (*Cantares*, p. 160; *Follas*, p. 40). Noutras obras como a *Gaita gallega* ou o *Cancionero popular gallego* as ocorrencias de *de* e *dea* están máis ou menos equilibradas<sup>36</sup>. Pola contra, *día* mostra unha escasa vitalidade como forma literaria e só aparece en obras debidas a escritores ourensáns. Así, témolo en *Saudades*

<sup>35</sup> Cfr., por exemplo, Maia, pp. 777-779, que rexistra diversas ocorrencias no corpus documental por ela estudado. Os seus exemplos corresponden significativamente a textos redactados nas provincias de Ourense e Lugo, a súa zona de dominancia actual. Ademais, a profesora portuguesa cita algúns exemplos illados localizados nunha cantiga de amigo de Johan Servando, nunha de escarnio de Afonso X e nunha das Cantigas de Santa María.

<sup>36</sup> Na obra de Pintos temos *de* (pp. 25, 124, 154 -2 veces-, 170), *den* (p. 166) fronte a *dea* (pp. 103, 206), *dean* (pp. 98, 103). No *Cancionero* atopamos *dé* (I, pp. 35, 65, 92, 93, 116, 201; II, pp. 87, 242), *des* (I, pp. 14, 99 -2 veces-), *demos* (I, p. 110; II, p. 140) fronte a *dea* (I, pp. 56 -2 veces-, 85, 176, 197, 199; II, pp. 5 -2 veces-, 61, 94 -2 veces-, 178, 179 -2 veces-, 195 -2 veces-, 243, 244, 290; III, pp. 6 -3 veces-, 64, 82, 166, 174, 191, 194, 281), *deas* (III, p. 14).

*gallegas* (p. 14), en concorrencia con *dea* (p. 3), ou na *Literatura popular* de Saco: *día* (pp. 101 -2 veces-, 163 -2 veces; mesma copla-, 186, 311, 312, 324), *días* (p. 230 -2 veces-, 235), onde convive con *de* e mais con *dea*: *de* (pp. 94, 335), *des* (pp. 73, 311, 335), *den* (p. 333), / *dea* (pp. 57, 91, 95, 104, 234 -2 veces-, 336, 345, 346, 347) *dean* (p. 311).

#### 14.4. Dicir.

##### 14.4.1. A P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo e a P<sub>2</sub> do imperativo.

Para as persoas segunda e terceira de singular e terceira de plural do presente de indicativo, o galego actual coñece principalmente dúas solucións: a primeira delas -*dices*, *dice*, *dicen*-, etimolóxica e tradicional, sobrevive na zona máis oriental das provincias de Lugo e Ourense, no galego exterior e en puntos illados de Pontevedra; a outra -*dis*, *di*, *din*- xerouse probablemente no occidente<sup>37</sup>, desde onde se expandiu cara ó leste ata ocupar completamente as provincias da Coruña e Pontevedra e a banda occidental das de Lugo e Ourense<sup>38</sup>.

A pesar de que as dúas solucións están presentes nos textos do XIX ocupando proporcións similares, só Valladares as inclúe na súa descrición (p. 82). Saco, pola contra, recolle unicamente a solución innovadora *dis*, *di*, *din* (p. 103). Para comprendérmo-las causas desta omisión, sen dúbida deliberada, cómpre comparámo-lo tratamento dispensado a estas formas do presente de indicativo co reservado para a P<sub>2</sub> do imperativo. Neste caso Saco si coincide con Valladares

<sup>37</sup> Cfr. *Normas*, p. 97.

<sup>38</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 95, e *ALGa*, mapa 234.



en sinala-la existencia de dúas variantes: *dice* e *di*. Tendo en conta que na actualidade a presenza de *dices*, *dice*, *dicen* é moito maior cá de *dice* imperativo<sup>39</sup>, resulta evidente que, ó excluí-las primeiras e non a segunda, Saco pretendía simplemente fuxir da coincidencia co castelán propoñendo como solucións únicas as formas diferenciais. Neste sentido, a inclusión de *di* como forma da P<sub>2</sub> do imperativo proba indirectamente que a difusión de *dice* era mínima<sup>40</sup>, pois en caso contrario é máis que probable que *dice* aparecese como solución única.

Polo demais, non debemos esquece-la elevada frecuencia relativa de uso que atinxen as formas de presente *dices*, *dice*, *dicen* nalgúns dos textos literarios da época. Esta presenza é particularmente significativa nas recopilacións de cantigas populares<sup>41</sup>, o que pode interpretarse no sentido de que a vacilación entre as formas tradicionais e as innovadoras era máis xeral do que é hoxe e aínda non estaba claramente decidida<sup>42</sup>. Sen embargo, a maioría dos autores manifestan unha predilección clara polas formas innovadoras. Cando menos, esta é a tendencia que apreciamos en Pintos,

<sup>39</sup> En realidade, o *ALGa* só rexistra *dice ti* en tres puntos (cfr. mapa 241).

<sup>40</sup> Así o indica a súa nula presenza nos textos literarios escrutados. Sen embargo, rexistramos unha ocorrencia nos exemplos da gramática de Saco: "*Dícelle á teu pai que veña maña ô traballo*" (p. 213).

<sup>41</sup> Tanto no *Cancionero popular gallego* como na *Literatura popular de Galicia* as proporcións están máis ou menos equilibradas. No *Cancionero* detectámo-las seguintes ocorrencias: *dis* (I, pp. 2 -2 veces-, 94, 162, 188; II, pp. 57, 265; III, pp. 2, 153, 154 -2 veces-, 225, 296 -2 veces-), *di* (I, pp. 98, 166; II, pp. 47, 61, 176, 244, 272; III, pp. 10, 56, 64, 164 -4 veces-), *din* (I, pp. 45 -3 veces-, 177, 200; II, pp. 58, 90, 171, 223, 275; III, pp. 70, 84, 86, 135, 153 -4 veces-, 245, 289) // *dices* (II, pp. 72, 117, 121, 244, 267; III, pp. 61, 125, 152, 242), *dice* (I, pp. 104, 208; III, p. 200), *dicen* (I, pp. 36, 64, 173; II, pp. 115, 162, 244, 249; III, pp. 84, 86, 125, 152, 291 -2 veces-, 293). Na *Literatura popular* de Saco atopamos estouttras: *dis* (pp. 85, 87, 108, 109, 124, 148, 150), *di* (pp. 113, 130, 213, 326), *din* (pp. 55, 65, 84, 86, 107, 127 -3 veces-, 308, 328) // *dices* (pp. 88, 93, 119 -3 veces-, 131, 135), *dice* (pp. 83, 117, 196, 220, 310, 315, 336), *dicen* (pp. 63, 78, 81, 96, 134, 147).

<sup>42</sup> Esta é a opinión de Ramón Mariño, *Estudio*, p. 599, con respecto ás primeiras décadas do XIX.

Rosalía, Pondal ou Curros. Na *Gaita gallega* as ocorrencias das formas tradicionais, aínda sendo bastante numerosas, son poucas se as comparamos coas das solucións innovadoras: *dis* (pp. 9, 26, 32, 44, 61, 123 -3 veces-, 124, 147 -2 veces-, 202, 207 -2 veces-), *di* (pp. 28, 32, 36 -3 veces-, 70, 125, 143, 170), *din* (pp. 30, 31, 36, 52, 60, 62, 63, 122, 156, 157, 165, 180, 184, 189, 195, 203) // *dice* (pp. 27, 156), *diz* (p. 6 -2 veces-), *dices* (p. 121), *dicen* (pp. 24, 27, 37, 206). Algo semellante acontece en *Queixumes*: *din* (pp. 18, 33, 63, 71, 223), *di* (pp. 70, 91, 93, 122, 175) // *dice* (pp. 59, 163); en *Aires da miña terra*: *dis* (pp. 16, 23 -2 veces-, 24, 25, 43, 120), *di* (pp. 24, 41, 53, 156, 160), *din* (pp. 15, 45, 101, 141) // *dices* (p. 16), *dice* (pp. 33, 87), *dis* (p. 35), *dicen* (pp. 34, 94, 133), e no *Divino Sainete*: *di* (pp. 45, 94, 111), *din* (pp. 42, 99) // *dicen* (pp. 10, 57). Máis acusado aínda é o contraste na obra de Rosalía, onde só atopamos un exemplo de *dice* en *Cantares* (p. 89). En *Saudades gallegas*, sen embargo, o equilibrio é maior: *dis* (p. 5), *di* (pp. 23, 72) // *dice* (pp. 86 -4 veces-, 98), *dicen* (pp. 110, 30). Polo demais, o emprego sistemático de *dises* (p. 104), *dise* (pp. 78, 97, 133, 137), *disen* (pp. 100, 129) nun autor como Mirás, de filiación claramente occidental, podería deberse tal vez á influencia do castelán, algo que, por outra parte, é evidente noutros aspectos da súa obra.

#### 14.4.2. O radical do futuro e do pospretérito de indicativo.

Tanto a gramática de Saco coma a de Valladares rexistran a alternancia entre os resultados formados a partir do infinitivo reducido *dir* (*direi*, *diría*) e os refeitos analoxicamente a partir de *dicir* ou *decer* (*dicirei* ou *decerei*, *diciría* ou *decería*). Polo que se refire ós *Elementos* de Valladares, o paradigma recolle as dúas

solucións tanto no futuro coma no pospretérito (p. 83). En Saco, en cambio, isto só sucede no futuro, pois para o pospretérito unicamente témo-la forma analóxica *diciría* (pp. 103-104). Por outra banda, cómpre engadir que *dicirei* aparece empregado nos exemplos da gramática de Saco (p. 150).

Moi semellante é o tratamento destes mesmos tempos de *facere*, o outro verbo que deixou testemuña da súa pertenza á terceira conxugación latina. O mesmo en Saco (pp. 94-95) que en Valladares (pp. 65-66) as formas creadas a partir de *far* (*farei*, *faría*) aparecen ó lado das refeitas sobre *facere* (*facerei*, *facería*). Asemade, na obra de Saco *far* figura como infinitivo xunto a *facere* e *faguer*.

A presenza de *dicirei* - *diciría* e *facerei* - *facería*, unhas formas que daquela coma hoxe debían ter certo apoio na fala<sup>43</sup>, nas descrições destes dous gramáticos contrasta coa súa nula utilización nos textos literarios, onde non atopamos ningunha ocorrencia delas. Pola contra, si contamos con algún testemuño literario dos infinitivos *dir* e *far*, que hoxe só están documentados nun par de puntos do *ALGa*<sup>44</sup>. De tódolos xeitos, é preciso recoñecer que estas formas só aparecen con certa frecuencia na *Gaita gallega*: *dir* (pp. 38, 147, 169, 193), *far* (pp. 10 -2 veces-, 25, 27, 54, 123, 187, 204), *desfar* (p. 100)<sup>45</sup>. Á parte de Pintos, só Rosalía emprega *dir* nunha ocasión (*Cantares*, p. 70).

---

<sup>43</sup> Na actualidade *dicirei* e *facerei* / *faguer* rexístranse por todo o dominio lingüístico galego. Ora ben, o confronto da distribución destes dous verbos revela, por unha banda, que a vixencia de *facerei* é maior cá de *dicirei*, e, pola outra, que *dicirei* presenta unha maior densidade no occidente das provincias da Coruña e Pontevedra. Cfr. *ALGa*, mapas 238 (*dicirei*) e 266 (*farei*).

<sup>44</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 242 (*dicir*) e 271 (*facere*).

<sup>45</sup> Non obstante, en Pintos tampouco faltan os exemplos de *facere* (pp. 7, 12, 17, 25, 31, 37, 49, 63, 69, 70, 80, 124, 139, 153, 165, 169, 181, 192, 206), *desfacere* (p. 61).

#### 14.4.3. O tema de perfecto.

O radical dos tempos do tema de perfecto non adoita presentar problemas. Neste sentido, as gramáticas do XIX non fan senón recolle-lo resultado xeral *dix-*, que é o habitual no galego moderno. Así e todo, os *Elementos* de Valladares ofrecen algúns datos que cómpre comentar.

En primeiro lugar, cómpre consigna-la presenza dun radical *dec-*, analóxico dos tempos do tema de presente, nalgúns tempos do tema de perfecto, concretamente no antepretérito de indicativo e mais no futuro de subxuntivo. Así pois, para estes tempos témo-las formas *decéra*, *decére* ó lado dos etimolóxicos *dijèra*, *dijère* (p. 83). En cambio, para os pretéritos de indicativo e subxuntivo Valladares non dá máis solución cá etimolóxica (*dijen*, *dijèches...*, *dijèse...*). Este tipo de formacións analóxicas non son descoñecidas en galego, e así en puntos da área asturiana rexístranse resultados con radical *dic-*, *dec-* para algunhas formas arrizotónicas do pretérito de indicativo: *diciche* / *deciche*, *dicistes*<sup>46</sup>. Por outra banda, nesta mesma área rexístranse tamén radicais analóxicos do tema de presente para as formas arrizotónicas de perfecto de *facer*<sup>47</sup>. Aínda que hoxe este fenómeno parece localizado nunha área marxinal, non podemos de entrada desbota-la posibilidade de que estes resultados puidesen aparecer ocasionalmente en lugares situados fóra do territorio onde hoxe se escoitan. De tódolos xeitos, o feito de que as formas *decéra* e *decére* que presenta Valladares teñan vocal temática pechada é motivo abondo para sospeitarmos da súa fiabilidade. Outra

---

<sup>46</sup> Cfr. *ALGa*, mapa 237.

<sup>47</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 260 (*fixeches*), 262 (*fixemos*), 263 (*fixestes*), 264 (*fixeron*), 265 (*fixera*) e 269 (*fixese*). Os resultados rexistrados no galego asturiano presentan uns radicais *fac-*, *fa-* e *f-*, correspondentes ós infinitivos *facer*, *faer* e *fer*.

causa que podería explica-la presenza destas formas, e que xustificaría o timbre pechado da vocal temática, sería o cruce de *decer* 'dicir' con *decer* 'descender'.

Por outra banda, para a P<sub>1</sub> do pretérito de indicativo Valladares rexistra ó lado do resultado etimolóxico *dijen*, unha solución *dijín*, forxada analoxicamente a partir dos perfectos fracos da *cu* e da *cui*. Esta forma debe poñerse en relación co *fijín* que o propio Valladares recolle xunto con *fijen* e *figuen* como P<sub>1</sub> do pretérito de indicativo de *facen* (p. 65). Aínda que na actualidade *dixín* e *fixín* non aparecen documentados en ningures<sup>48</sup>, a primeira delas figura nunha cántiga recollida por Pérez Ballesteros: "En Vista Alegre *dixín* / baixando a Vilagarcía" (*Cancionero III*, p. 133). A explicación que semella máis plausible é que se trate dunha formación humorística ou festiva.

#### 14.5. Estar.

##### 14.5.1. O presente de subxuntivo.

Para o presente de subxuntivo de *estar* contamos só coas informacións directas de Saco, xa que na edición impresa dos *Elementos* de Valladares falta a conxugación deste tempo por un erro na ordenación dos materiais.

Para este tempo o gramático ourensán unicamente recolle dous dos resultados que se documentan no galego actual: o maioritario *estea* e o menos común *istía* (*estía*), ambos paralelos a *dea* e *día*<sup>49</sup>. Aínda que adoita darse por boa a afirmación de que o galego medieval non coñece máis resultado có etimolóxico *esté*, o certo é que temos

<sup>48</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 237 (*dixen*) e 259 (*fixen*).

<sup>49</sup> Vid. *supra*, pp. 574-575.

testemuños de *estea* e de *estía* xa desde época temperá. Así, estas dúas solucións están abondosamente documentadas a partir do século XIII no corpus que serve de base á *História do galego-portugués* de Clarinda de Azevedo Maia<sup>50</sup>. Cómpre engadir que as aparicións destas formas rexístranse exclusivamente en documentos galegos redactados nas provincias de Ourense e Lugo.

Polo que se refire á distribución actual, a forma *estía*, da que *istía* é unha simple variante fonética con harmonización da vocal inicial inducida polo /i/ tónico, rexístrase en puntos do galego exterior<sup>51</sup>. Sen embargo, temos tamén noticia da súa existencia no leste da provincia de Ourense<sup>52</sup>. En calquera caso, a súa difusión na segunda metade do XIX debía de ser xa cativa, polo menos a xulgar pola súa nula presenza literaria<sup>53</sup>. O propio Saco soamente a emprega ocasionalmente, e sempre en competencia con *estea* e mesmo con *esté*: *istias* (p. 207) / *estea* (p. 199), *estean* (p. 171) / *estés* (p. 151).

Fronte ó que sucede con *estía*, nos textos literarios apréciase unha notable frecuencia da solución etimolóxica

---

<sup>50</sup> Cfr. Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 785-787.

<sup>51</sup> Cfr. ALGa, mapa 248; Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 95.

<sup>52</sup> O propio ALGa rexistra *estía* ó lado de *estea* no concello de Rubiá, limítrofe con León. Por outra banda, tal como se indica na n. 12 do mapa 248, *estía* aparece empregado tamén nos *Contos vianeses*.

<sup>53</sup> *Estía* tampouco se rexistra nos textos do primeiro tercio do século. Cfr. Mariño, *Estudio*, pp. 605-606.

*esté*<sup>54</sup>. Sen desbotar por completo a posibilidade de que nalgún caso poida tratarse de exemplos de conservación da solución antiga<sup>55</sup>, creo máis ben que a súa presenza debe achacarse á influencia do español.

#### 14.5.2. O tema de perfecto.

Polo que se refire ó radical do tema de perfecto, as posicións de Saco e Valladares volven a ser discrepantes. Así, mentres que Saco realiza unha escolla normativa e dá como solución única *estiv-*, excluindo deliberadamente as formas con radical *estuv-*, que sen dúbida cría castelanismos (pp. 84-86), Valladares límitase a consigna-los resultados que coñece: *estiv-*, *estuv-* e *estouv-* (pp. 62-63). Tanto no caso de Saco coma no de Valladares as solucións propostas para *estar* son paralelas ás sinaladas para *ter*, un verbo co que *estar* mantén, como é sabido, unha estreita relación: *tiv-* (Saco) e *tiv-*, *tuv-*, *touv-* (Valladares)<sup>56</sup>.

O resultado *estiv-* é o descendente do antigo *estev-*, que cambiou en /i/ o /e/ do radical posiblemente por unha disimilación, xerada en primeiro termo nas formas arrizotónicas (*esteveron* > *estiveron*, *estevera* > *estivera*, etc.) e logo estendida ás rizotónicas (*estiven*, *estivo*) para

---

<sup>54</sup> En case tódolos textos detectamos unha alternancia entre *estea* e *esté*. Así sucede na *Gaita gallega*: *estea* (p. 23), *esteía* (p. 63) / *esté* (p. 49); na poesía de Rosalía: *estea* (*Cantares*, p. 16; *Follas*, p. 81) / *esté* (*Cantares*, p. 104; *Follas*, pp. 199, 201), *estés* (*Follas*, p. 174), *estén* (pp. 113, 144); no *Cancionero popular gallego*: *estea* (I, p. 2; III, p. 296) / *esté* (III, p. 259), e na *Literatura popular* de Saco: *estea* (pp. 317, 324), *esteas* (p. 53, 55) / *esté* (p. 231). En Curros, en cambio non temos máis ca *estea* (*Aíres*, pp. 147, 153; *Sainete*, p. 95).

<sup>55</sup> En portugués, conforme indican Nunes, *Compêndio*, p. 299, e Williams, *Do latim*, p. 228, as formas etimolóxicas mantivéronse ata o século XVI, en que foron definitivamente desprazadas pola solución analóxica *esteja*.

<sup>56</sup> Vid. *infra*, pp. 627.

así regulariza-lo paradigma<sup>57</sup>. *Estuv-* (ant. *estov-*), o mesmo que *tuv-* (ant. *tov-*), presente xa de forma esporádica nos textos antigos, débese moi probablemente a unha contaminación do castelán<sup>58</sup>. Por último, *estouv-* e *touv-* xurdiron por analoxía co tema de perfecto de *haber*, *houb-*<sup>59</sup>. Estas últimas formas, *estouv-* e *touv-*, a penas se documentan hoxe. O ALGa rexístraas en dous puntos secundarios da provincia de Pontevedra, un deles pertencente precisamente ó concello da Estrada, de onde era natural Valladares<sup>60</sup>.

Con respecto ó emprego literario destes tres resultados, os textos que nós analizamos inclínanse en xeral pola solución tradicional *estiv-*, que aparece como solución única en Rosalía: *estivera* (*Cantares*, p. 105); en Curros: *estivese* (*Sainete*, p. 80); en *Saudades gallegas*: *estiven* (pp. 51, 76), *estivo* (pp. 102, 106), *estiveron* (p. 103), *estiveran* (p. 45), e na *Literatura popular* de Saco: *estiven* (p. 153), *estivera* (pp. 54, 89, 124), *estivere* (p. 65). Outros textos, como a *Gaita gallega* ou o *Cancionero popular gallego*, vacilan entre *estiv-* e *estuv-*<sup>61</sup>, que alternan en proporcións similares. Máis rara é *estouv-*, que non aparece en ningunha das obras que vimos manexando. Quen si a emprega é López Ferreiro, que puido coñecela a través de textos antigos<sup>62</sup>.

---

<sup>57</sup> Cfr. Williams, *Do latín*, p. 228.

<sup>58</sup> Así o cren, entre outros, Nunes, *Compêndio*, p. 322, n. 5 ou Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 788 e 839-840.

<sup>59</sup> Cfr. *Normas*, p. 116.

<sup>60</sup> Cfr. ALGa, mapas 246 (*estiven*) n. 14, 247 (*estivera*) e 376 (*tiven*) n. 11.

<sup>61</sup> No *Cancionero* atopámo-los seguintes exemplos: *estiven* (II, p. 173), *estivera* (III, pp. 77, 263) // *estuvén* (I, p. 175), *estuvo* (II, p. 306), *estuvera* (II, p. 243). Na obra de Pintos temos *estivera* (pp. 48, 101) e *estuvera* (p. 48).

<sup>62</sup> Cfr. Palacio e Roig, "Introducción" a *A tecedeira de Bonaval*, p. 57.



Para rematar cómpre facermos mención dunha indicación de Saco (p. 86) a propósito do emprego en Sarmiento dun pretérito de subxuntivo *estesese*<sup>63</sup>. A xulgar pola prudencia con que o ourensán acolle a noticia, esta forma non lle debía resultar coñecida. Sen embargo, son diversas as noticias sobre a súa existencia durante o período medieval<sup>64</sup>.

#### 14.6. Facer.

##### 14.6.1. O tema de presente<sup>65</sup>.

É sobradamente coñecido que no galego común existen tres alomorfos para o radical dos tempos do tema de presente de *facere*: *fag*[-o, -a...], *fa*[-s, -i, -n, -rei...] e *fac*[-er, -emos, -edes, -ía...]. Con respecto ó primeiro deles, pouco é o que temos que dicir, pois tanto Saco como Valladares recollen só o resultado maioritario, que é por outra banda o único que rexistramos en tódolos textos literarios revisados. En cambio, non sucede o mesmo cos outros dous.

Ó lado das formas con radical *fac*- Marcial Valladares introduce no paradigma da conxugación as súas correspondentes variantes con tema *fag*- (*faguer*, *faguemos*, *faguedes*, *faguía*...) (pp. 65-66), que algúns autores<sup>66</sup> explican como unha extensión analóxica do radical da P<sub>1</sub> do presente de indicativo e do presente de subxuntivo, que é

---

<sup>63</sup> O frade bieito emprega efectivamente un subxuntivo *estesen* no seu "Coloquio de 24 gallegos rústicos", tal e como indica Mariño, *Estudio*, p. 606.

<sup>64</sup> Cfr. Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 785 e 787-788, e Lorenzo, *Crónica Troiana*, p. 124.

<sup>65</sup> Para a alternancia *farei*, *faría* / *facerei*, *facería* e *far* / *facere*, vid. supra, pp. 578-579.

<sup>66</sup> Cfr. Vázquez Cuesta e Mendes da Luz, *Gramática*, I, p. 116, e Clarinda de Azevedo Maia, *História*, p. 791, n. 1.

así mesmo unha formación analóxica de *digo*, *diga*<sup>67</sup>. Sen embargo, esta solución, característica do galego ourensán<sup>68</sup>, queda sorprendentemente relegada na descrición de Saco a unha observación final á conxugación deste verbo na que o noso autor nos informa de que "en varios puntos de Galicia se usa la *g* suave en vez de la *c* ó *x* en todos los tiempos" (p. 95). En calquera caso, desta circunstancia non debe inferirse que Saco considerara pouco recomendables as formas con radical *fag-*. Polo menos, isto é o que se deduce do feito de que nos exemplos da súa gramática estas formas alternen en proporcións semellantes coas construídas sobre *fac-*: *faguer* (p. 151), *faguendo* (p. 216), *fagueredes* (p. 150) / *facer* (pp. 212, 216). Polo demais, a solución *fag-* entrou na lingua literaria da man dalgúns escritores ourensáns, que a empregan profusamente, se ben alternando sempre con *fac-*. Así, temos exemplos dunhas e outras en *Aires da miña terra*: *faguer* (pp. 12, 33, 38, 60, 61, 119, 122, 123, 151, 153), *fagueres* (p. 161), *faguedes* (p. 148), *faguía* (p. 12), fronte a *facer* (pp. 23, 37), *facendo* (pp. 18, 48, 87, 103), *facías* (p. 150), *facei* (p. 81), ou na *Literatura popular* de Saco: *facer* (pp. 65, 80, 95, 103, 111, 115, 119, 125, 126, 130, 203, 234, 235, 314 -3 veces-, 316, 322, 330, 338 -2 veces-), *facendo* (p. 203), *facemos* (pp. 99, 160), *facía* (p. 231), *facei* (p. 83 -2 veces-), fronte a *faguer* (pp. 68, 307, 322), *afaguer* (p. 156), *fagués* (p. 121). En cambio, non aparecen nin no *Divino Sainete* nin en *Saudades gallegas*. De tódolos xeitos, con respecto á primeira destas dúas obras cómpre termos en conta que as formas con radical *fag-* si aparecían na versión manuscrita da obra, pero foron posteriormente corrixidas, probablemente

---

<sup>67</sup> Cfr. Santamarina, *El verbo*, p. 42, e Clarinda de Azevedo Maia, *História*, 789-792.

<sup>68</sup> Poden verse no ALGa os mapas 256 (*facemos*, *-edes*), 258 (*facía*), 270 (*fai*, *facede*) e 271 (*facer*).

polo propio Curros, na primeira edición impresa de 1888<sup>69</sup>. Resulta arriscado aventurarse a especular sobre as posibles causas que o induciron a introducir estes cambios. Non creo que a explicación estea en que Curros considerase as formas con *fag-* demasiado connotadas dialectalmente, pois de feito procede en varias ocasións en sentido contrario, cambiando, por exemplo, *gran* por *grau* ou *ese* por *ise*. Quizais fose a súa devoción por Saco, que en aparencia relegaba estas formas a un segundo plano, o motivo último da corrección.

O terceiro dos radicais mencionados ó comezo, *fa-*, é unha solución innovadora que desprazou por completo o radical tradicional e etimolóxico *fac-* das P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo e da P<sub>2</sub> do imperativo (*fazes, faze - faz, fazen, faz - fas*)<sup>70</sup>. Estas formas antigas a penas se rexistran hoxe máis ca en puntos illados, na maioría dos casos de forma esporádica e nalgún só como formas fosilizadas empregadas en construcións estereotipadas<sup>71</sup>. De forma tamén esporádica aparecen nalgúns textos dos Séculos Escuros, pero xa no século XIX non atopamos ningunha ocorrencia<sup>72</sup>. A pesar de todo, no paradigma de *faguer* Valladares completa pola súa conta a regularización do presente de indicativo e do imperativo dando *fagues, fague, faguen* e *fague ti* como formas alternativas ás comúns *fas,*

<sup>69</sup> Cfr. Alonso Montero, "Variantes", p. 129.

<sup>70</sup> Para a explicación desta substitución, cfr. Santamarina, *El verbo*, p. 42, e *Normas*, p. 100. Obsérvese ademais o paralelismo con *dís, dí, dín*.

<sup>71</sup> Cfr. ALGa, mapa 255 (*fas, fai*), esp. n. 3; 257 (*fan*), n. 5; e 270 (*fai, facede*), n. 5.

<sup>72</sup> Para algunhas documentacións das formas antigas nos séculos XVII e XVIII, cfr. Mariño, *Estudio*, p. 610. Neste mesmo traballo (pp. 609 e 614) ofréceseno-la relación de formas que presentan os textos do primeiro tercio do XIX. Entre elas só figuran os resultados modernos. O mesmo sucede nos textos da segunda metade do século que nós revisamos. Nela temos unicamente un imperativo *face* que ocorre nun refrán recollido por Saco na *Literatura popular de Galicia*: "Gata rubia, cal as *face*, tal as cuida" (p. 314). Non obstante, cómpre aclarar que se trata dun refrán procedente da colección que no século XVI realizou Hernán Núñez.

*fai, fan, fai ti*. Na miña opinión, non creo que se lle poida dar credibilidade a este testemuño, xa que, conforme veremos máis adiante, non será esta a última vez que Valladares intente regularizar artificialmente un paradigma irregular.

#### 14.6.2. O tema de perfecto.

Para o radical do tema de perfecto as gramáticas de Saco e Valladares recollen a existencia de dúas solucións: a común *fix-* e a minoritaria *fig-*, característica dalgúns puntos da provincia de Ourense<sup>73</sup>. Esta variante vai normalmente asociada ó radical de presente *fag-*, pero está menos espallado ca el, de xeito que onde temos *figuen* temos tamén sempre *faguer*, pero onde temos *faguer* non sempre temos *figuen*. Os nosos gramáticos son conscientes deste paralelismo, e así o tratamento que reciben estas dúas variantes é paralelo do dispensado ós radicais correspondentes do tema de presente. Deste xeito, Saco recolle no modelo de conxugación do verbo unicamente as formas con radical *fix-*, deixando para a observación final xa citada a noticia da existencia de formas con *fig-*. Valladares, pola contra, recolle os dous radicais na exposición do paradigma.

Con respecto ó emprego literario destas dúas solucións pouco se pode engadir ó xa dito a propósito de *facen* e *faguer*. Así, *fig-* aparece empregado ó lado de *fix-* nos exemplos da gramática de Saco: *figueche* (p. 213) / *fixeche* (p. 193), ou en *Aires da miña terra*, onde aparece en menor proporción cás formas de presente con *fag-*: *figuen* (p. 16), *figo* (p. 22, 46, 137, 148), pero *fixen* (p. 103), *fixeches* (p. 33 -2 veces-, 122), *fixo* (p. 4, 24, 38 -2 veces-, 40,

---

<sup>73</sup> Cfr. ALGa, mapas 259-265 e 269.

119, 120), *fixeron* (p. 3, 39, 40, 52, 55, 77). Por outra banda, sabemos que no *Divino Sainete* un *figo* que aparecía na versión manuscrita foi corrixido en *fixo* na edición impresa<sup>74</sup>. En cambio, non temos ningún exemplo en *Saudades gallegas* nin na *Literatura popular* de Saco, onde, segundo antes dixemos, *faguer* ocorre con frecuencia.

Por último, cómpre que nos refiramos, sequera sexa brevemente, á forma *fèzo* que atopamos ó lado de *fijo* e *figo* nos *Elementos* de Valladares. O feito de que apareza illada lévanos a supoñer que Valladares a incorporou á súa obra non como forma dialectal viva senón tras vela escrita nalgún texto antigo<sup>75</sup>.

#### 14.7. Haber.

##### 14.7.1. O presente de indicativo.

No caso do presente de indicativo de *haber* non existe acordo entre as solucións presentadas polos distintos autores. Así, mentres que Saco recolle a alternancia *habemos*, *habedes* / *hamos*, *hades* (p. 86), Valladares unicamente rexistra unha forma distinta das comúns no caso da P<sub>4</sub>: *habemos* / *hemos*, *habedes* (p. 66). Rodríguez, por último, ofrece só as formas plenas *habemos*, *habedes* ("Apuntes", p. 65).

Polo que se refire ás variantes *hamos*, *hades* apuntadas por Saco, os testemuños que podemos recadar nos textos literarios contemporáneos confirman a impresión que suscita a súa distribución actual acerca do seu carácter marxinal.

---

<sup>74</sup> Cfr. Alonso Montero, "Variantes", p. 129.

<sup>75</sup> Para a forma *fiñín* que aparece na obra de Valladares ó lado de *fijen* 'fixen', véxase o dito a propósito de *dijín* 'dixen', p. 581.

De feito, soamente atopamos unha ocorrencia da P<sub>5</sub> nunha das obras de Curros, *Aires da miña terra* (p. 148).

Por outra banda, o contraste que se percibe en Valladares entre a P<sub>4</sub> e a P<sub>5</sub> queda plenamente xustificado á vista do actual reparto xeográfico das formas *hemos* e *hedes*. Confrontando os mapas dialectolóxicos correspondentes a cada unha observamos que mentres que a primeira se rexistra con certa regularidade en todo o territorio, pero principalmente na metade oriental, da segunda só temos testemuños nuns poucos puntos<sup>76</sup>. A análise dos textos contemporáneos confirma este contraste, pois vemos que neles *hemos* ocorre con certa frecuencia, ó lado de *habemos*, en tanto que de *hedes* non atopamos nin un só exemplo que opoñer ós relativamente numerosos de *habedes* e *habés*. Temos unicamente *hemos* en Curros (*Aires*, pp. 4, 23, 152; *Sainete*, pp. 13, 36, 100) e mais en Rosalía (*Cantares*, p. 178; *Follas*, p. 112). Alternando con *habemos* aparecen tamén no *Cancionero popular: hemos* (I, p. 152) / *habemos* (II, pp. 13, 210, 266; III, pp. 104, 244), e na *Literatura popular: hemos* (pp. 68, 137 -2 veces-) / *habemos* (p. 80). En Pintos, en cambio, o único exemplo que localizamos corresponde á forma plena *habemos* (p. 134).

Por outra parte, na exposición dos paradigmas os tres gramáticos arriba citados, Saco, Valladares e Rodríguez, omiten a forma de terceira persoa *hai*. Non obstante, Saco aclara nunha observación final que nas construcións impersoais é *hai* e non *ha* a forma empregada (p. 88). Aínda así, o ourensán advirte a presenza dalgún *ha* impersoal nas obras de Sarmiento e nalgunhas construcións paremiolóxicas (*Onde allos ha, viño haberá*). En calquera caso, témo-la

---

<sup>76</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 274 e 275.

impresión de o noso gramático descoñecía esta solución como forma viva.

#### 14.7.2. O presente de subxuntivo.

Para o presente de subxuntivo, as únicas formas notables, á parte do común *haxa*, solución única en Saco, Valladares e Rodríguez, son as formas castelanizadas *haya*, que atopamos en Mirás (p. 27), e *hayga*, que aparece en Cuveiro (p. 17). Esta última solución aparece xustamente censurada, en tanto que formación híbrida, na relacións de erros frecuentes que sinala Saco no seu coñecido artigo "Poesía gallega contemporánea" (p. 9).

#### 14.7.3. O tema de perfecto.

Tampouco o tema de perfecto ofrece maiores complicacións. Limitareime, polo tanto, a subliñar a presenza nos *Elementos* de Valladares de formas co radical castelanizado *hub-* ó lado dos resultados etimolóxicos e maioritarios con tema *houb-*, que son, por outra parte os únicos que ofrecen autores tan dispares como Saco, Rodríguez, Mirás ou Cuveiro. Polo demais, a xulgar polos textos que nós revisamos, non parece que as formas importadas tivesen unha incidencia notable na lingua literaria. Así, en tódolos textos revisados *houb-* é a única forma rexistrada. Soamente nos apéndices do *Compendio* de Mirás atopamos un *hubo* (p. 90) en concorrencia con *oubo* (p. 71) e *houbechedes* (p. 68).

## 14.8. Ir.

14.8.1. A P<sub>4</sub> e a P<sub>5</sub> do presente de indicativo e a P<sub>5</sub> do imperativo.

No caso das formas referidas as variantes que se presentan de gramática a gramática son mínimas. En xeral, tódolos autores coinciden á hora de incluír *imos*, *ides* e *ide* como formas de primeira e segunda persoas de plural do presente de indicativo e segunda de plural do imperativo, respectivamente. Ora ben, nalgúns textos atopamos ó seu lado solucións formadas sobre o radical *va-*, procedente de *VADĚRE*, o verbo que se cruzou con *ĪRE* na formación dos tempos do tema de presente<sup>77</sup>. En concreto, as formas con tema *va-* que atopamos son *vades*, como P<sub>5</sub> do presente de indicativo (Mirás, p. 29), e *vade*, P<sub>5</sub> do imperativo (Saco, p. 101). Paradoxalmente, en ningún dos textos ocorre a solución *vamos*, que hoxe está bastante máis estendida territorialmente que *vades* ou *vade*<sup>78</sup>. Por outra parte, os datos que puidemos tirar das obras literarias revisadas concordan coa situación actual no sentido de que *vamos*, como presente de indicativo<sup>79</sup>, ocorre con certa frecuencia, en tanto que de *vades* non temos máis ca un par de exemplos en Curros (*Aires*, pp. 8, 49) e o imperativo *vade* non comparece en ningunha ocasión.

---

<sup>77</sup> Cfr. Nunes, *Compêndio*, p. 299; Piel, "Flexão", p. 381, e Williams, *Do latim*, p. 230. As *Normas*, sen embargo, parecen acepta-la tese do castelanismo (p. 103).

<sup>78</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 97, e *ALGa*, mapas 285-286 e 292.

<sup>79</sup> Cómpre advertir, non obstante, que ás veces o contexto non permite distinguir se estamos diante dun imperativo ou dunha forma de indicativo.



#### 14.8.2. O copretérito de indicativo.

As gramáticas de Saco (p. 101) e Valladares (p. 84) rexistran a carón do resultado etimolóxico *ía* as outras dúas formas que coñece o galego actual: *iba* e *iña*. Rodríguez, pola súa parte, soamente inclúe *ía* e *iba* ("Apuntes", p. 69). Con respecto ás formas innovadoras *iba* e *iña*, semella aceptable a tese segundo a cal estas solucións responden a un intento de reforza-lo tradicional *ía*, unha forma de escaso corpo fonético, a través de dúas vías: a analoxía co imperfecto dos verbos da primeira conxugación e a adopción do *smr* característico do verbo *vir*<sup>80</sup>. De tódolos xeitos, se ben parece fóra de toda discusión que tanto *iba* como *iña* son creacións xeradas autonomamente desde o propio galego<sup>81</sup>, non creo que sexa posible explica-la espectacular expansión de *iba*, especialmente en época moderna, sen ter en conta a presión do castelán. Polas informacións de que dispoñemos, o proceso debeuse iniciar en época relativamente temperá. Tal é o que se deduce da importante presenza de *iba* en textos do XVII e do XVIII. O mesmo sucede nos textos do primeiro tercio do XIX, onde *iba* se presenta xa como forma exclusiva<sup>82</sup>. Non moi diferente é a situación durante a segunda metade do século. Hai algúns datos que indican que nesa altura *iba* era xa con diferencia a solución máis estendida. O primeiro indicio constitúeo a nota que Saco introduce para comunicárno-la súa impresión acerca da frecuencia relativa de emprego das tres formas. Segundo el *ía* e *iña* úsanse "mucho menos" que *iba* (p. 101 n.).

---

<sup>80</sup> Cfr. *Normas*, p. 103. Para *iña*, véxase tamén Williams, *Do latín*, p. 231.

<sup>81</sup> Así o confirma ademais o feito de que *iva* apareza esporadicamente nos textos medievais, e o de que *iba* e o mesmo *iña* se manteñan hoxe nalgunhas áreas dialectais portuguesas. Cfr. Vasconcelos, *Esquisse*, p. 117, e Williams, *Do latín*, p. 231.

<sup>82</sup> Para a presenza de *iba* nos Séculos Escuros e no primeiro tercio do XIX, cfr. Mariño, *Estudio*, p. 621.

A análise dos textos literarios non fai senón confirmarl-a impresión de Saco. Neles a presenza de *ía* e de *iña* é residual e case anecdótica. *Iba* é a única forma que coñecen autores como Curros, Lamas (*Saudades*) ou Pondal. Por outra banda, non ten competencia en textos tirados, en principio, do galego oral, como o *Cancionero popular* de Pérez Ballesteros ou a *Literatura popular* de Saco. *Iña* atopámolo só en Rosalía, e sempre alternando co maioritario *iba*. A frecuencia de emprego varía, sen embargo, de *Cantares gallegos* a *Follas novas*. Na primeira obra atopámolo nunha soa ocasión, *iñamos* (p. 187), contra unha chea de ocorrencias de *iba*: *iba* (pp. 22, 49, 93, 112, 140, 147, 157), *ibamos* (p. 126), *iban* (pp. 132, 133, 134). En *Follas* a presenza de *iña* aumenta significativamente ata chegar case a equipararse coa de *iba*: *iña* (pp. 77 -2 veces-, 90, 115, 122, 125, 189, 253, 259, 260 -3 veces-), *iñan* (p. 14, 81, 208, 259), fronte a *iba* (pp. 84, 128, 191, 198, 235, 253 -2 veces-), *ibamos* (p. 235), *iban* (pp. 71, 72, 122, 206, 242).

Por último, *ía* só aparece representado na *Gaita gallega*, sempre como solución moi minoritaria: *ía* (pp. 4, 34, 40, 55), *ían* (p. 41) fronte a *iba* (pp. 29, 55 -2 veces-, 65, 101, 154, 197), *ibas* (p. 148), *iban* (pp. 34, 55, 141, 192). Polo demais, o emprego de *ía* por parte do pontevedrés concorda coa distribución actual desta solución, presente sobre todo no sur e no oeste da provincia de Pontevedra<sup>83</sup>.

#### 14.8.3. O presente de subxuntivo.

Nos textos de Saco (p. 101), Valladares (p. 84) e Rodríguez ("Apuntes", p. 69) documéntase, ademais da forma común *vaya* 'vaia', con iode epentético, un resultado *vaa* que

---

<sup>83</sup> Cfr. ALGa, mapa 287, e Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 97.

remite a un estadio anterior e deriva directamente do latín *VADAM*, con perda do -d- intervocálico. Na descrición de Saco esta solución presenta crase na P<sub>4</sub> e mais na P<sub>5</sub>: *vâmos, vâdes*.

A unanimidade que mostran estes tres autores, unida ó feito de que *vaa* apareza, aínda que esporadicamente, nalgúns textos da época<sup>84</sup> parece indicar unha presenza na fala maior que a que se documenta hoxe en día<sup>85</sup>.

#### 14.8.4. O tema de perfecto.

Se nos tempos do tema de presente o actual *ir* resulta dun cruce entre os paradigmas latinos de *ĪRE* e de *VADĒRE*, os tempos do tema de perfecto foron tirados do paradigma de *ĒSSE*. Por esta razón, consideramos preferible tratar estes conxuntamente cos de *ser*, mesmo a pesar de que nalgún autor existan diferencias no tratamento dos temas de perfecto dos dous verbos.

#### 14.9. Oír<sup>86</sup>.

Considerados conxuntamente, nos paradigmas que ofrecen Saco e mais Valladares mestúranse formas que remiten a tres infinitivos distintos con cadanseu radical: por unha banda *ouír*, resultado etimolóxico de *AUDĪRE*, e pola outra *oír* e *ouvir*, o primeiro con redución do ditongo en posición átona

---

<sup>84</sup> Témoalo nas dúas compilacións de poesía popular, o *Cancionero popular: vaan* (I, p. 200), e maila *Literatura popular: vaa* (pp. 320, 347), *vaas* (p. 305), *vaan* (p. 102), se ben como formas minoritarias en comparanza con *vaya*. Polo demais, algúns *vamos* que aparecen nestas e noutras obras poderían interpretarse como presentes de subxuntivo.

<sup>85</sup> Segundo se deduce dos datos recollidos polos investigadores do *ALGa*, mapa 289, *vaa* subsiste hoxe moi precariamente.

<sup>86</sup> Para o tratamento da vocal temática véxase o capítulo correspondente da morfoloxía regular, pp. 501-508.

e o segundo con introducción na fronteira silábica dun [β] que evita a incómoda secuencia /ouí/<sup>87</sup>.

No caso de Valladares, a alternancia entre as formas con radicais *o-* e *ou-* esténdese regularmente por todo o paradigma, non sendo naturalmente nas formas rizotónicas (pp. 85-86). Non ocorre o mesmo na gramática de Saco (pp. 99-100), onde se combinan de xeito un tanto anárquico formas procedentes de *oír* con outras que remiten a *ouír* e a *ouvir*. En realidade, *o-* é o único radical que rexistramos de forma sistemática todo ó longo do paradigma. *Ou-* aparece de forma bastante xeneralizada, pero non sempre. Así, na P<sub>4</sub> e na P<sub>5</sub> do presente de indicativo e na P<sub>5</sub> do imperativo temos soamente formas relacionadas con *oír* (*oímos*, *oídes*, *oíde*). Pola contra, a presenza de *ouvir* é puramente ocasional. Temos exemplos del só na P<sub>2</sub> e na P<sub>3</sub> do presente de indicativo (*ouves*, *ouve*) e mais na P<sub>1</sub> e na P<sub>3</sub> do pretérito de indicativo (*ouvín*, *ouvíu*).

En primeiro termo sorprende a presenza concordante de *ouír* nas dúas gramáticas, sobre todo tendo en conta que se trata dunha forma hoxe moi minoritaria, reducida a uns poucos puntos dispersos pertencentes ás provincias da Coruña e Pontevedra<sup>88</sup>. En principio cabería pensar que *ouír* se viu favorecido polo feito de se tratar dunha solución diferencial con respecto ó castelán, unha condición que non cumpría o maioritario *oír*, coincidente en ámbolos idiomas. De tódolos xeitos, explica-la súa presenza tendo en conta

---

<sup>87</sup> Para esta explicación sobre a formación de *oír* e *ouvir*, cfr. *Normas*, p. 104. O resultado *oír* está ben documentado xa desde o século XIII, tanto en Galicia coma en Portugal. Véxanse, entre outros, Lorenzo, *Glosario*, pp. 956-957; Mettmann, "Glossário", p. 639 e Michäelis de Vasconcelos, "Glossário", p. 62.

<sup>88</sup> Para a distribución xeográfica de *ouír*, así como de *oír*, *ouvir* e *ouguir* véxanse no ALGa os mapas 294-308. Cfr. ademais Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 97.

só o seu carácter diferencial encontra algúns atrancos. En primeiro lugar, tamén *ouvir* gozaba desa vantaxe e sen embargo nas gramáticas citadas ocupa unha posición absolutamente marxinal, mesmo a pesar de que na literatura ten unha presenza máis que apreciable. Así, Saco parece coñecela só a través de Sarmiento e refírese a ela como forma fóra de uso (p. 100). Non obstante, segundo veremos, emprégaa nunhas poucas ocasións na súa obra *Literatura popular de Galicia*. Valladares, pola súa parte, nin sequera a inclúe no paradigma.

Por outra parte, o emprego literario de *ouír* non sempre se pode xustificar a partir da súa actual distribución xeográfica. Isto si podería explicar, por exemplo, a súa aparición, sempre con carácter ocasional fronte ó común *oír*, na obra de Pintos, onde temos formas como *ouíche* (p. 26), *ouístes* (p. 152), *ouído* (p. 52). Por outra parte, o escritor pontevedrés inclúe os resultados *ouír* e *ouído* no seu breve vocabulario etimolóxico (p. 87) ó lado das correspondentes formas con *o-* (p. 87). Sen embargo, se a presenza de *ouír* non sorprende nun pontevedrés como Pintos, o seu emprego bastante máis frecuente na obra de Curros resulta máis difícil de explicar. En *Aires da miña terra* *ouír* é a solución maioritaria fronte a *oír* e *ouvir*: *ouír* (pp. 57, 84), *ouíndo* (p. 61), *ouía* (p. 41), *ouíu* (pp. 54, 139), *ouíras* (p. 122), *ouído* (pp. 8, 35, 44) / *oír* (p. 70), *oía* (p. 93), / *ouvide* (pp. 171, 173). As formas *oio* (pp. 15, 150) e *oian* (p. 140) remiten tamén moi probablemente a un infinitivo *oír*. Polo que se refire ó *Divino Sainete*, na edición impresa non aparece xa máis ca *oír*, pero sabemos polo profesor Alonso Montero que na versión autógrafa da obra aparecían, polo menos en dous casos, formas con radical

*ou-* que logo foron corrixidas<sup>89</sup>. Todo isto, unido ó feito de que Saco (p. 100) a presenta, xunto con *oír*, como forma común lévanos a supoñer para ela unha extensión maior da que ten hoxe en día<sup>90</sup>.

Por outra banda, *ouvir*, excluído da gramática de Valladares e marxinado na de Saco en tanto que forma desusada, non é en absoluto descoñecido no galego literario da segunda metade do século XIX. De tódolos xeitos, só detectámo-la súa presenza en tres das obras analizadas: *Aires da miña terra*, *Saudades gallegas* e a *Literatura popular* de Saco<sup>91</sup>. Así e todo, o feito de que os únicos autores que a empregan con máis ou menos asiduidade procedan precisamente dunha das áreas en que na actualidade *ouvir* subsiste con certa forza fainos supoñer que a súa difusión non debía ser daquela moito maior do que é hoxe<sup>92</sup>. En calquera caso, o predominio claro nos textos literarios de formas que remiten a *oír* é sen dúbida unha mostra da súa vixencia no galego falado.

Polo que se refire á P<sub>1</sub> do presente de indicativo e ó presente de subxuntivo cómpre destaca-lo rexistro das formas

<sup>89</sup> Cfr. Alonso, "Variantes", p. 129.

<sup>90</sup> Tampouco se debe descartar sen máis a posibilidade de que o emprego de *ouír* por parte de Curros sexa debido á influencia da gramática do seu paisano Saco.

<sup>91</sup> En *Aires da miña terra* as formas que remiten a *ouvir* aparecen só ocasionalmente, segundo se puxo de relevo pouco máis arriba: *ouvide* (pp. 171, 173). Algo semellante ocorre na *Literatura popular*, onde *ouvir* ocorre de forma esporádica fronte ó maioritario *oír*: *ouvir* (p. 83), *ouvin* (p. 121, 123), *ouviu* (p. 121 -2 veces-), *ouvidos* (p. 121) // *oír* (pp. 55, 88, 100, 162), *oíre* (p. 146), *oyo* (p. 141), *oyes* (p. 150), *oye* (p. 320), *oí* (pp. 68 -4 veces-, 89, 220, 325), *oyen* (p. 126), *oín* (pp. 58 -2 veces-, 62, 100, 108, 144, 146, 162, 185, 229), *oíche* (p. 65), *oíra* (p. 149), *oíran* (p. 122), *oyan* (p. 126), *oído(s)* (pp. 77, 323). Pola contra, en *Saudades* é xa claro o predominio de *ouvir*: *ouvir* (p. 28), *ouvindes* (p. 3), *ouvíra* (p. 50), *ouvin* (pp. 63, 64), *ouvidos* (p. 70, 73) // *oíe* (p. 31), *oíu* (p. 21).

<sup>92</sup> Como dato significativo pódemos cita-lo de que a profesora Maia xa só rexistra *ouvir* e *ouír* en documentos redactados na zona de Pontevedra limítrofe con Portugal. Cfr. *História*, p. 798.

etimolóxicas *ouzo*, *ouza*, *ouzas*... (< AUDĪO, AUDĪAM, AUDĪAS...) ó lado das comúns e analóxicas *oyo* 'oio', *oya* / *oa* 'oia', *oyas* / *oas* 'oias'... nas gramáticas de Saco e Valladares. Polo demais, non hai rastro doutras formacións analóxicas como *ouvo*, *ouva*... No tocante á difusión que podían ter nesta altura os resultados etimolóxicos, os escasos exemplos literarios que rexistramos parecen indicar que a súa distribución xeográfica non variou moito desde aquela. Así, os dous autores en que atopamos estas formas proceden precisamente das comarcas en que hoxe perviven estas solucións: o Bergantiños de Pondal, que emprega *ouzo* (p. 27), mais tamén *oyo* (p. 191), e *ouza* (pp. 147, 187) en *Queixumes*; e a ría de Pontevedra no caso de Pintos, que usa *ouzan* nun par de ocasións (pp. 165, 179).

Por outra parte, a Saco estas formas non lle debían resultar moi familiares, pois interprétaas erroneamente e deduce a partir delas un infinitivo inexistente *ouzar*, ó que, en todo caso, correspondería un presente de subxuntivo \**ouce* e non *ouza*. Ora ben, tamén hai que recoñecer, en honra do gramático ourensán, que nunha observación final advirte que este suposto *ouzar* non se emprega:

De cuatro diversos temas ó infinitivos se derivan las variadas formas de este verbo, á saber: *oir*, *ouir*, *ouvir* y *ouzar*. Los dos últimos no están en uso (p. 100).

Tamén en Valladares se percibe unha extensión analóxica do radical *ouz-* ó resto do presente de indicativo, agás na P<sub>4</sub> e na P<sub>5</sub> (*òimos*, *òí(de)s* / *óuimos*, *óuí(de)s*), así como á P<sub>2</sub> do imperativo. Deste xeito temos unhas formas *óuzes*, *óuze*, *óuzen*, *óuze ti*, forxadas a partir de *ouzo*, *ouza*, que alternan coas que remiten a *oír* (*òes* / *òs* / *òyes*; *òe* / *òi* / *òye*; *òen* / *òn* / *òyen*; *òe ti* / *òi ti*). En principio, non é imposible que esta nivelación analóxica estea tirada da lingua oral. De feito, nun dos puntos secundarios do ALGa

rexístrase hoxe un paradigma destas características<sup>93</sup>. Non obstante, coñecendo a proclividade do personaxe a regularizar pola súa conta os paradigmas irregulares<sup>94</sup>, non sería descabelado supoñer que estamos diante dunhas formas fantasiosas inventadas polo propio Valladares.

#### 14.10. Poder.

##### 14.10.1. O tema de presente.

As únicas formas que paga a pena comentarmos son as correspondentes á P<sub>1</sub> do presente de indicativo e ó presente de subxuntivo. Como é sabido, as solucións etimolóxicas *posso, possa...* (< PŎSSUM, \*PŎSSAM), características do galego medieval, foron substituídas xa desde o período medio<sup>95</sup> polas analóxicas *podo, poida*, creadas conforme o modelo de *querer* (*quero* [ε], *queira* : *podo* [ɔ], *poida*)<sup>96</sup>. Este é o sistema común a unha boa parte do territorio galego, e o maioritario xa entre os escritores galegos do XIX, pero, así e todo, non faltan tampouco variantes dialectais localizadas en áreas máis ou menos estensas. As gramáticas de Saco (pp. 107-108) e Valladares (pp. 68-71) presentan coincidentemente o citado paradigma maioritario *podo, poida* (con vocal radical aberta en Valladares) e só rexistran variantes no caso do presente de subxuntivo. Polo que se refire á obra do gramático ourensán, o único resultado alternativo recollido é *pódea*, variante fonética de *podía*, unha solución

<sup>93</sup> Véxase o punto 0<sub>5b</sub> no ALGa, mapas 295-302. De tódolos xeitos, neste caso a nivelación non se limita ó presente de indicativo, senón que afecta a boa parte do paradigma do verbo.

<sup>94</sup> Por exemplo, cfr. máis abaixo o dito sobre os presentes de indicativo de *poñer* e de *ter*, pp. 605 e 627 respectivamente.

<sup>95</sup> Nunes, *Compêndio*, p. 329 n. 1, detecta xa un analóxico *podo* no canto de *posso* en Gil Vicente.

<sup>96</sup> Cfr. *Normas*, p. 107.



característica dalgúns falares ourensáns. Establécese deste xeito un desequilibrio evidente entre a P<sub>1</sub> do presente de indicativo e o presente de subxuntivo, xa que *podia* adoita levar aparellado *podio*<sup>97</sup>. De tódolos xeitos, convén advertir que mesmo entre os escritores ourensáns, que empregan *podia* con certa frecuencia, *podio* raramente aparece. Deste xeito, temos unicamente *podo* en obras como *Aires da miña terra* (pp. 8, 41, 60), o *Divino Sainete* (p. 34), *Saudades gallegas* (pp. 56, 118), ou a *Literatura popular de Galicia* (pp. 53, 55, 71, 72 -2 veces-, 76 -2 veces-, 78, 87, 107, 109, 118, 124, 129, 134, 185, 196 -5 veces-, 212, 229, 234). Pola contra, *podia* si aparece nalgúns destes textos, se ben competindo con *poida* e con *poda*. Así, en *Curros*, por exemplo, localizamos tres ocorrencias de *podia* (*Aires*, pp. 9, 10; *Sainete*, p. 62) fronte a dúas de *poida* (*Aires*, 133, *Sainete*, p. 11) e unha de *poda* (*Aires*, p. 168).

Valladares, pola súa parte, rexistra uns radicais alternativos *pòd-*, analóxico do presente de indicativo, e *puid-*, este último probablemente inventado por el e deducido do radical das formas do tema de perfecto. En ningún dos dous autores hai referencias á extensión á P<sub>1</sub> do presente de indicativo da solución *poid-*, un proceso que se rexistra nalgúns puntos do galego actual e que atopamos esporadicamente nalgúns textos da época<sup>98</sup>.

#### 14.10.2. O tema de perfecto.

Das tres variantes principais que se rexistran hoxe en territorio galego, *puid-*, *poid-* e *pud-*, as preferencias dos

---

<sup>97</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 309 (*podo*) e 314 (*poida*).

<sup>98</sup> Temos un exemplo en Rosalía (*Follas*, p. 107), fronte ó maioritario *podo* (*Cantares*, pp. viii, 22, 52, 87 -2 veces-, 154, 170, 171 -2 veces-, 172; *Follas*, pp. xxiii, xxvi, 29, 35, 181, 227).

gramáticos semellan ir dirixidas cara ás dúas primeiras. *Pud-*, prexudicada quizais polo feito de ser unha solución coincidente co castelán, queda fóra da gramática de Saco en tanto que na de Valladares a súa presenza se limita a só dous tempos do tema de perfecto. Deste xeito, mentres que para o pretérito e mailo antepretérito de indicativo as únicas formas recollidas son *puiden*, *puidera* e *poiden*, *poidera*, no pretérito e no futuro de subxuntivo atopamos *pudera* - *pudese*, *pudere* ó lado das correspondentes formas con radical *puid-* e *poid-*.

A pesar disto, nunha análise mesmo superficial dos textos literarios contemporáneos percíbese claramente a presenza de formas con radical *pud-*, que atinxen unha elevada proporción e chegan nalgúns casos a se converter na solución maioritaria.

En calquera caso, as preferencias por unha ou outra solución varían dependendo do autor de que se trate. Polo xeral todos eles mesturan sen máis criterio có do gusto persoal formas con radicais distintos, de maneira que non é posible establecer unha relación entre a solución maioritariamente empregada e a área dialectal de procedencia de cada autor. Tendo presente a actual distribución xeográfica<sup>99</sup> destas solucións non nos sorprende que en autores como Curros ou Pintos *pud-* sexa con diferenza o resultado predominante. Así, en *Aires* temos con este radical *puden* (pp. 44, 90), *pudo* (pp. 46, 48), *pudera* (p. 84 -3 veces-), *pudese* (pp. 20, 38), *puder* (p. 132), fronte a algunha aparición esporádica de *puid-*: *puido* (pp. 30, 61), e de *poid-*: *poidera* (pp. 20, 28 -2 veces-). No *Sainete* rexistramos unicamente dúas ocorrencias de formas do tema de

---

<sup>99</sup> Vid. *ALGa*, mapa 311 (*puiden*).

perfecto, con *pud-* en ámbolos casos: *puden* (pp. 93, 98). Tamén na *Gaita gallega* temos unicamente formas con *pud-*: *pudo* (pp. 164, 187, 188), *pudera* (p. 101).

En cambio, en *Queixumes dos pinos*, en *Saudades gallegas* e na poesía de Rosalía a solución maioritaria é *poid-*. En *Cantares* atopamos *poido* (p. 126), *poideron* (p. ix), *poidera* (pp. v, vii, 15, 94, 136, 205 -2 veces-) fronte a *puden* (p. 12), *pudo* (p. iv), *pudera* (p. 33, 41, 80). En *Follas novas* o predominio é máis claro: *poiden* (p. 262), *poidera* (pp. 116, 117, 168), *poideras* (p. 46), *poideran* (p. xxvi), *poidere* (p. 228) fronte a *puden* (p. xxiii), *pudeche* (p. 46), *puderan* (p. xxvi). Algo semellante ocorre en *Saudades*, onde rexistramos unha soa aparición de *puden* (p. 43) contra un apreciable número de formas con *poid-*: *poiden* (p. 61), *poido* (pp. 21, 24, 29), *poidera* (pp. 25, 51, 56, 103, 113), *poideran* (p. 36). En *Pondal*, por último, temos *poido* (p. 66), *poidera* (pp. 16, 19, 67, 127, 151, 155), *poideran* (p. 206), pero *pudo* (p. 123), *puderas* (p. 92). Así pois, á vista dos datos tirados de todos estes textos, podemos concluír que *puid-* non parecía gozar das preferencias dos escritores, polo menos na mesma medida en que era estimado polos nosos gramáticos.

#### 14.11. Poñer / pór.

##### 14.11.1. Os tempos do tema de presente.

Como era de prever, nas gramáticas aparecen recollidos os paradigmas correspondentes a *poñer* e *pór*, os dous resultados principais a que deu lugar o latín *PŌNĒRE* en territorio galego. Non obstante, para sermos precisos, as dúas solucións só están presentes simultaneamente nas obras de Saco (pp. 89-91) e Valladares (pp. 71-72). Pola contra,

Mirás no seu *Compendio* e Cuveiro en *El habla gallega* ofrecen unicamente un dos dous resultados, *poñer* no caso do primeiro (p. 35)<sup>100</sup> e *pór* no do segundo (pp. 28-32).

Por outra banda, entre os paradigmas que ofrecen Saco e Valladares percíbense algunhas lixeiras diferencias que revelan cara a onde van encamiñadas as preferencias de cada un. Así, mentres que Valladares adopta unha posición aparentemente neutra, rexistrando en tódolos casos as formas correspondentes a *poñer* e a *pór*, Saco manifesta unha marcada predilección polas formas que remiten a *pór*. Na súa gramática a oposición *poñer* / *pór* só aparece reflectida, ademais de no infinitivo, no xerundio e nas P<sub>4</sub>, P<sub>5</sub> e P<sub>6</sub> do presente de indicativo (*poñemos*, *poñedes*, *poñen* / *pomos*, *pondes*, *pon*). Nos restantes tempos en que *poñer* e *pór* presentan formas diferentes, Saco rexistra unicamente as correspondentes a *pór*: *puña* para o copretérito de indicativo, *porei* para o futuro deste mesmo modo, *poría* - *puría* para o pospretérito e *ponde* para a P<sub>5</sub> do imperativo. Cómpre engadir, non obstante, que no caso do copretérito de indicativo Saco documenta a existencia dunha solución *poñía*, pero presentándoa como característica de Sarmiento (p. 89 n. a). As reticencias con que parece acoller esta forma débense non tanto a que fose unha forma absolutamente descoñecida para el como á consideración de que se trataba dun resultado híbrido castelán-galego. De feito, así aparece caracterizado uns anos máis tarde no seu artigo "Poesía gallega contemporánea" (p. 9). En calquera caso, a preferencia de Saco polas formas de *pór* é en boa medida lóxica se temos en

---

<sup>100</sup> Así e todo, nos textos que complementan a súa breve descrición gramatical mestúranse, como é habitual en case tódolos textos literarios da época, as formas que remiten a *poñer* coas pertencentes ó paradigma de *pór*: *poñer* (p. 67), *poñendo* (p. 61), *poñen* (p. 84), *poñía* (p. 64), *poñé* (p. 101), fronte a *pór* (p. 57), *compór* (p. 59), *pondo* (p. 64).

conta que esta debía de ser xa daquela a solución característica de boa parte do galego ourensán<sup>101</sup>.

Polo que se refire á gramática de Valladares, a neutralidade de que antes falabamos condúceo mesmo a algúns excesos de celo. Como tal creo que se debe interpreta-la extensión do radical *poñ-* á P<sub>2</sub> do presente de indicativo, na que *pòñes* figura ó lado do común *pòs*. Aínda que o *ALGa* rexistra esta solución, o mesmo cá P<sub>3</sub> *poñe*, nun punto do occidente de León, considero que no caso que nos ocupa *poñes* é unha simple invención de Valladares sen ningún apoio real na fala<sup>102</sup>.

Para rematar coa descrición dos paradigmas propostos, cómpre facermos referencia á oposición *pondes*, *ponde* / *podes*, *pode*, análoga a *tendes*, *tende* / *tedes*, *tede* e *vindes*, *vinde* / *vides*, *vide*, na P<sub>5</sub> do presente de indicativo e do imperativo de *pór*. As gramáticas de Saco e Valladares non recollen máis có resultado *pondes*, *ponde*, en tanto que a obriña de Cuveiro dá *podes* (*compodes*) como único resultado para o presente de indicativo. Na P<sub>5</sub> do imperativo, sen embargo, o autor de *El habla gallega* rexistra a forma correspondente a *poñer* (*compoñede*). A exclusión de *podes* / *pode* era previsible á vista da súa reducida presenza na fala. Téñase en conta que a maior parte da área en que se escoita *pór* queda dentro da de *tendes*, *vindes*, polo que non debe estrañar que *pondes* a penas teña competencia<sup>103</sup>.

---

<sup>101</sup> Para a actual distribución xeográfica de *poñer* e *pór*, cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 98, e *ALGa*, mapas 319-322, 328-329 e 332-334.

<sup>102</sup> Neste sentido, *poñes* respondería ó mesmo mecanismo ca *fagues*, *teñes* ou *veñes*. Vid. pp. 587-588, 627 e 635 respectivamente.

<sup>103</sup> Para a distribución actual de *pondes* / *podes* e *ponde* / *pode*, cfr. *ALGa*, mapas 320 e 332, respectivamente. Para confronta-las áreas de *pór* coas de *tendes* e *vindes*, véxanse os mapas 333, 373 e 407.

Por último, con respecto ó emprego literario de *poñer* e de *pór* cabe dicir que tódolos textos literarios revisados, independentemente de cal sexa a procedencia xeográfica dos seus autores, combinan os dous paradigmas. As proporcións varían de autor a autor e van desde o equilibrio que presentan a *Gaita gallega*<sup>104</sup> ou a poesía de Curros<sup>105</sup> e de Rosalía<sup>106</sup> ata a preferencia máis ou menos clara por unha das dúas solucións. Neste caso está, por exemplo, *Saudades gallegas*, do ourensán Lamas, onde *pór* é a solución maioritaria<sup>107</sup>.

#### 14.11.2. O tema de perfecto.

Nos tempos do tema de perfecto as gramáticas de Saco e Valladares recollen, ademais das formas co radical común *pux-*, outras cun radical *puñ-* hoxe característico das falas de case toda a provincia de Lugo, de boa parte do galego exterior, do leste da Coruña e do cuadrante nororiental de

<sup>104</sup> Na *Gaita* os exemplos son moi numerosos. Pertencen ó paradigma de *poñer*: *poñer* (pp. 51, 61, 68, 71, 102, 124, 125, 127, 139, 147, 167), *depoñer* (p. 167), *repoñer* (p. 166), *poñendo* (pp. 36, 41, 43, 44, 70), *poñedes* (pp. 3, 62, 143), *poñen* (pp. 37, 45, 62, 157, 163), *repoñen* (pp. 159, 192), *poñía* (p. 149), *poñían* (p. 185). Corresponden a *pór*: *pór* (pp. 8, 50, 148, 161, 167, 181, 184), *compór* (pp. 11, 37, 202), *díspor* (p. 25), *propór* (p. 180), *pondo* (pp. 34, 129, 193), *compón* (p. 166), *supón* (p. 5), *puña* (p. 197), *repuña* (pp. 50, 62), *puñan* (p. 171), *porá* (pp. 5, 10), *porás* (p. 15), *porías* (p. 42). Por outra parte, no vocabulario etimolóxico aparecen a miúdo as dúas solucións: *antepor* - *antepoñer* (p. 73), *ímpor* - *ímpoñer* (p. 83), *poñer* - *pór* (p. 89), pero *depoñer* (p. 77), *recompoñer* (p. 91), *repoñer* (p. 91).

<sup>105</sup> En Curros a situación é bastante similar. Pertencen a *Aires* os seguintes exemplos: *compoñer* (p. 53), *poñendo* (p. 143), *repoñendo* (p. 28), *poñei* (p. 113), *dispoñei* (p. 116 -2 veces-), fronte a *pór* (pp. 31, 122, 152), *pondo* (p. 93), *puña* (p. 63), *compuñan* (p. 57). No *Sainete* temos *poñer* (p. 36), *repoñendo* (p. 30), *poñendo* (p. 85), *poñen* (p. 57), *dispoñen* (p. 109), *repoñen* (p. 92) fronte a *pór* (pp. 92, 97), *propuña* (p. 33), *porás* (p. 69).

<sup>106</sup> As ocorrencias son as seguintes: *poñer* (*Follas*, pp. xxiii, 88 -2 veces-), *compoñer* (*Follas*, p. 186), *poñendo* (*Cantares*, pp. 67, 69; *Follas*, p. 254), *poñen* (*Cantares*, p. 184), *poñé* (*Follas*, pp. 118, 201) / *pór* (*Cantares*, p. 31 -4 veces-; *Follas*, p. 181), *pondo* (*Follas*, pp. 119, 192), *puña* (*Follas*, p. 169).

<sup>107</sup> Unicamente atopamos tres exemplos de *poñer*: *traspoñer* (p. 88), *poñendo* (p. 48), *poñía* (p. 87), contra un número considerablemente maior de ocorrencias de *pór* (pp. 76, 112), *díspor* (p. 59), *pondo* (pp. 42, 64, 70, 76, 117), *repondo* (p. 51), *puña* (pp. 51, 99, 104), *puñan* (pp. 50, 53, 97).

Pontevedra<sup>108</sup>. Non obstante, a sistematicidade con que se recolle esta alternancia non é a mesma nos dous textos. Na obra de Saco as formas con *puñ-* corresponden soamente á P<sub>6</sub> do pretérito de indicativo (*puñeron*), a todo o antepretérito (*puñera...*) e ó pretérito de subxuntivo (*puñese...*). En cambio, no futuro de subxuntivo e en tódalas demais formas do pretérito de indicativo *pux-* é a única solución. Valladares, que pola súa procedencia tiña que coñecer ben as formas con *puñ-*, recólleas todo ó longo do tema de perfecto, non sendo nas formas rizotónicas, correspondentes á P<sub>1</sub> e á P<sub>3</sub> do pretérito de indicativo. Este contraste vese confirmado polos actuais traballos dialectolóxicos, que rexistran *puñen* e *puño* en moi contados puntos, en contra do que sucede coas formas arrizotónicas<sup>109</sup>. Por outra banda, nas escasas documentacións literarias de *puñ-* este radical aparece sempre en formas arrizotónicas. De tódalas obras escrutadas, só temos exemplos na poesía de Rosalía: *puñeches* (*Cantares*, p. 17), *puñeron* (*Cantares*, pp. 85, 125; *Follas*, pp. 57, 245), *puñera* (*Cantares*, p. 34), *propuñera* (*Cantares*, p. 143), pero *puxen* (*Cantares*, p. x; *Follas*, pp. 169, 170 -2 veces-), *puxo* (*Cantares*, p. 87; *Follas*, pp. 30, 54, 59) e tamén *puxeron* (*Follas*, p. 30).

#### 14.12. Querer.

O paradigma deste verbo a penas presenta particularidades dignas de mención. En xeral, as gramáticas non fan máis que recolle-los resultados comúns, que son, por outra parte, os que empregan a maioría dos textos literarios: *quer-* como radical de tódolos tempos do tema de presente, agás do presente de subxuntivo, que ten radical

<sup>108</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 98-99, e *ALGa*, mapas 324, 326, 327 e 331.

<sup>109</sup> Cfr. *ALGa*, mapas 323 e 325.

*queir*<sup>110</sup>, e *quix*- como radical dos tempos do tema de perfecto.

As únicas cuestións que ofrecen certo interese son as relativas á presenza nas gramáticas, e ó emprego nos textos, dunha P<sub>3</sub> do presente de indicativo con *vr*  $\emptyset$  (*quer*) e dunha P<sub>2</sub> deste mesmo tempo *ques*, que alterna coa forma plena *queres*. Da primeira destas formas xa nos ocupamos nun capítulo precedente<sup>111</sup>. A variante de P<sub>2</sub> *ques*, na actualidade confinada practicamente no extremo oeste da provincia da Coruña<sup>112</sup>, aparece recollida nas gramáticas de Saco (p. 107) e de Valladares (p. 73). Pola contra, Mirás, máis próximo en principio ó galego occidental, non rexistra máis ca *queres* (p. 35). A pesar de que hoxe en día é unha solución case residual, *ques* ten unha presenza notable nos textos da segunda metade do XIX. Atopámola non só en autores occidentais como Pondal<sup>113</sup>, onde non ten competencia, Rosalía<sup>114</sup> ou Pintos<sup>115</sup>, senón tamén nunha das obras do ourensán Curros<sup>116</sup>. Por outra banda, temos tamén testemuños

---

<sup>110</sup> O presente de subxuntivo *quera* a penas ten uso literario. Del temos un exemplo illado en *Follas*: *querás* (p. 195), contra o emprego maioritario de *queira*: *queira* (p. 184), *queiras* (pp. 83, 109, 112, 120, 136, 139, 183 -2 veces-).

<sup>111</sup> Vid. supra, pp. 497-500.

<sup>112</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 99, e *ALGa*, mapa 336.

<sup>113</sup> En *Queixumes* atopamos soamente *ques* (pp. 38, 55 -2 veces-).

<sup>114</sup> En *Cantares* *ques* comparece nunha ocasión (p. 179), mentres que *queres* destaca como forma maioritaria (pp. 2 -3 veces-, 22, 31, 115, 128, 185). En *Follas* as proporcións están máis equilibradas: *queres* (pp. 45, 191, 252) / *ques* (pp. 135, 203, 238).

<sup>115</sup> Corresponden á *Gaita gallega* os exemplos que seguen: *queres* (pp. 7, 8, 14, 61, 195) / *ques* (pp. 21, 125).

<sup>116</sup> A súa presenza é así e todo marxinal: en *Aires* temos un par de exemplos (pp. 23, 120) contra un bo número de ocorrencias de *queres* (pp. 16 -2 veces-, 17, 22, 25, 26, 36, 43, 116, 119 -3 veces-, 120, 152). No *Sainete* temos xa unicamente *queres* (pp. 58, 106), o mesmo ca en *Saudades gallegas*, do tamén ourensán Lamas Carvajal (pp. 9, 71, 73).



do seu emprego frecuente nalgúns textos do XVIII e do primeiro tercio do XIX<sup>117</sup>.

#### 14.13. Saber.

##### 14.13.1. A P<sub>1</sub> do presente de indicativo e o presente de subxuntivo.

Coma no caso de *caber*, as solucións propostas por Saco (pp. 86-88) e Valladares (pp. 74-76) para estas formas do verbo *saber* presentan algunhas diverxencias dignas de comentario. O primeiro punto de discrepancia constitúeo a P<sub>1</sub> do presente de indicativo, para a que Saco recolle unicamente o resultado maioritario *sei*, en tanto que Valladares engade ademais *sabo*, unha formación analóxica sen ningún apoio real na fala<sup>118</sup> coa que pretende regularizalo paradigma deste tempo. Polo que se refire ó radical do presente de subxuntivo, sumando as solucións que ofrecen os dous gramáticos temos documentados practicamente tódolos resultados que se rexistran no galego actual. Saco, máis prudente e moderado, unicamente recolle na súa obra as formacións etimolóxicas *saib-* e *sábe-*, esta última variante fonética de *sabi-*. Valladares, pola súa parte, recolle tres novos resultados ademais do etimolóxico *saib-*: *sab-*, creado por analoxía cos restantes tempos do tema de presente, e *seip-* / *sepi-*, dúas formacións híbridas resultantes do cruce co castelán *sepa*. Por outra banda, o da Estrada estende o radical *saib-* á P<sub>2</sub> e á P<sub>5</sub> do imperativo, e deste xeito temos ó lado de *sabe*, *sabe(de)* as formas inventadas *saiba ti* [sic], *saibe(de) vós*. Conforme vimos xa en máis dunha ocasión, Valladares incorre a miúdo en erros deste tipo.

---

<sup>117</sup> Para estas atestacións, cfr. Mariño, *Estudio*, p. 541 n. 39.

<sup>118</sup> Nos traballos máis recentes *sabo* non aparece rexistrado en ningures. Cfr. *ALGa*, mapa 347.

Temos, entre outros, un caso análogo no paradigma de *caber*<sup>119</sup>.

Cómpre agora que nos preguntemos ata que punto a descrición dos nosos gramáticos responde á realidade lingüística do seu tempo.

O primeiro feito que chama a nosa atención é a exclusión, sen dúbida deliberada, do castelanismo *sepa*. Por máis que os testemuños literarios non sexan moi numerosos, abundan para decatármonos de que a penetración desta forma, que na actualidade é a solución maioritaria no galego falado, estaba xa moi avanzada. Polos datos de que dispoñemos, este proceso non era recente senón que viña fraguándose desde os anos finais da Idade Media<sup>120</sup>. Por outra banda, as formas con radical *sep-* comparecen a miúdo en textos do XVIII e do primeiro tercio do XIX<sup>121</sup>. Na segunda metade do século a súa presenza é patente en obras como o *Cancionero popular gallego* ou *Follas novas*, en que *sepa* aparece como forma única<sup>122</sup>. Así pois, resulta evidente que a omisión de *sepa* nas obras de Saco e Valladares é produto do rexeitamento consciente dunha forma considerada acertadamente como castelanismo. Ora ben, entre Saco e Valladares existe unha diferenza fundamental: mentres que o primeiro adopta unha perspectiva que podemos denominar 'purista', Valladares practica un diferencialismo

---

<sup>119</sup> Para o paralelismo en xeral dos paradigmas de *saber* e *caber* e para este caso en particular, vid. supra p. 564.

<sup>120</sup> A profesora Maia, *História*, p. 811, rexistra frecuentemente esta forma en documentos redactados en Galicia durante a segunda metade do XV e no XVI.

<sup>121</sup> Véxanse as documentacións en Mariño, *Estudio*, p. 640.

<sup>122</sup> No *Cancionero* temos *sepa* (II, p. 18, 82, 296; III, pp. 16, 64), *sepas* (II, p. 90; III, p. 258). En *Follas* atopamos *sepa* (pp. xxiii, 91, 228), *sepas* (p. 82), *sepás* (p. 108), *sepan* (p. 42).

superficial que non lle impide dar cabida na súa gramática a solucións híbridas como *seipa* ou *sepia*<sup>123</sup>.

As solucións tradicionais *saiba* e *sabia* - *sábea*, se non moi difundidas, aínda debían manter durante este período unha vitalidade algo maior cá que teñen hoxe. O feito de un autor como Saco, tan pouco dado polo xeral a fantasías lingüísticas, as recolla na súa obra podería interpretarse como un indicio da súa vixencia no galego ourensán, que é xeralmente a base da súa descrición. Hai algúns datos que apoian esta suposición. Os únicos exemplos de *saiba* que Ramón Mariño (*Estudio*, p. 640) atopa nos textos do prerrexurdimento corresponden precisamente ó *Tío Farruco*, obra do ourensán Pedro Boado. Por outra banda, aínda que o *ALGa* non rexistra a solución *sabia* - *sábea* en ningún punto do galego ourensán, sabemos que na fala de Xunqueira de Ambía é usual o emprego de *sábea*<sup>124</sup>.

Polo demais, a coherencia e sistematicidade con que Pintos emprega *saiba* na *Gaita gallega*<sup>125</sup>, a única das obras consultadas en que encontramos esta solución, pode indicar que naquela altura esta forma aínda se mantiña con forza no galego falado na comarca de Pontevedra. Esta suposición veríase reforzada polo feito de que uns cen anos antes Sarmiento empregaba esta solución nas súas coplas<sup>126</sup>.

---

<sup>123</sup> Solucións deste tipo a penas aparecen nos textos que nós revisamos. Soamente encontramos un exemplo na *Literatura popular* de Saco. Trátase da forma *sépeas* (p. 229), que aparece nun romance obtido en Puga, preto de Ourense. Non obstante, isto non impide que *sépea* sexa censurado como híbrido castelán-galego no artigo "Poesía gallega contemporánea" (p. 10).

<sup>124</sup> M. Ángeles Paz González, *El habla de Xunqueira de Ambía*, p. 42. Neste mesmo punto rexístrase tamén, segundo xa dixemos, *cábea* como presente de subxuntivo de *caber*. Vid. supra, pp. 565-566.

<sup>125</sup> Nesta obra só están representadas as formas con radical *saib-*: *saiba* (p. 51), *saibas* (p. 11), *saiban* (pp. 37, 103, 105, 165, 216).

<sup>126</sup> Cfr. Mariño, *Estudio*, p. 640.

En cambio, non parece que a forma analóxica *saba* que rexistra Valladares gozase dunha difusión moito maior cá actual. O feito de só a atopemos en Pondal (*Queixumes*, p. 29) fainos sospeitar que xa daquela vivía confinada nas zonas máis occidentais da provincia da Coruña.

#### 14.13.2. O tema de perfecto.

Os textos de Saco e Valladares reflicten a vacilación que se aprecia na lingua literaria entre as solucións tradicionais con radical *soub-* e as nacidas do cruce co tema correspondente do castelán. Deste xeito, nas dúas gramáticas citadas as formas híbridas con radical *soup-* conviven coas galegas de tema *soub-*. Valladares engade ademais o resultado castelanizado *sup-*. Polo demais, cómpre sinalar que os resultados propostos en cada un destes textos concordan plenamente cos sinalados para *caber*.

A xulgar pola elevada frecuencia relativa que atinxen nos textos da segunda metade do XIX, o grao de penetración das solucións castelanizadas debía ser xa daquela moi notable. En realidade, a súa implantación é perceptible xa nos textos dos Séculos Escuros, particularmente nos producidos no século XVIII, onde *soup-* é xa maioritario fronte a *soub-*<sup>127</sup>. Polo que se refire ás obras tomadas como punto de referencia para a segunda metade do XIX, observamos que naquelas en que se detecta a presenza de formas tradicionais estas aparecen sempre en concorrencia con outras con radical *soup-*. Tal é o que ocorre, por exemplo, na poesía de Curros, onde atopamos formas como *soubo* (*Aires*, pp. 46, 62) ou *soubera* (*Sainete*, pp. 32, 52, 107) fronte a outras como *soupen* (*Sainete*, p. 94) e *soupera* (*Aires*, p.

---

<sup>127</sup> Cfr. Mariño, *Estudio*, p. 639.

78). Esta mesma mestura de formas galegas e de formas alleas apréciase tamén nas dúas compilacións de poesía popular: no *Cancionero popular* temos *soubeches* (I, p. 84), *soubera* (I, p. 16; III, pp. 17, 294), *souberas* (II, p. 109; III, p. 15), *souberan* (II, p. 175) fronte a *soupo* (I, p. 149; III, pp. 139, 217), *soupera* (I, p. 4, 99; II, p. 72; III, p. 263), *souperan* (I, p. 22); na *Literatura popular* atopamos *soubeches* (p. 212), *soubera* (p. 77, 85, 124, 126), *souberan* (p. 234), pero *soupera* (p. 79), *souperas* (p. 78). Noutros textos, as formas con *soub-* nin sequera acadan unha presenza testemuñal. Neste caso está a poesía rosaliana, que ofrece só as solucións híbridas con tema *soup-*: *soupen* (*Follas*, p. 10 -2 veces-, 170), *soupeches* (*Cantares*, p. 68), *soupo* (*Follas*, pp. 87, 170), *soupera* (*Cantares*, pp. 46, 49), *souperas* (*Cantares*, pp. 99 -2 veces-, 126 -2 veces-, 129), *souperan* (*Follas*, p. 43). Pola contra, nos textos escrutados non atopamos ocorrencias do castelanismo sen adaptar *sup-*.

#### 14.14. Salir.

A gramática de Saco (pp. 96-98) faise eco da alternancia que se percibe nos textos literarios, e que xa daquela debía ser frecuente na fala, entre o castelanizante *salir* e o tradicional *saír*. Tamén Mirás recollía *salir* na súa breve e deficiente descrición morfolóxica (p. 32), pero esta vez sen referirse á existencia do equivalente galego. En ámbolos casos a P<sub>1</sub> do presente de indicativo e o presente de subxuntivo presentan o radical etimolóxico *sall-* hoxe característico da metade norte das provincias da Coruña e Lugo<sup>128</sup>. Na obra do ourensán atopamos ademais as solucións *salio*, *salia*, que sen dúbida debeu de escoitar no seu

---

<sup>128</sup> Para a distribución xeográfica deste e doutros resultados cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 100, e *ALGa*, mapas 161 e 170.

Ourense natal, onde hoxe se mantén, igual ca no galego exterior, agás na Zamora de fala galega, e no leste de Lugo. Polo demais, non hai referencias ó resultado analóxico *salo*, *sala*.

As solucións propostas por Saco para *salir* contrastan marcadamente coas recollidas para os mesmos tempos de *valer*. Como é sabido, ámbolos verbos presentan na P<sub>1</sub> do presente de indicativo e no presente de subxuntivo uns resultados análogos e, por outra parte, cunha distribución territorial non moi desemeillante<sup>129</sup>. A pesar disto, no paradigma de *valer* o gramático ourensán (p. 102) soamente consigna un resultado paralelo ós ofrecidos para *salir*: os etimolóxicos *vallo*, *valla*. Xunto a eles temos ademais as formas *valo*, *vala*, cun radical *val-* analóxico das demais formas do paradigma. Sen embargo, o noso autor omite toda referencia ás formas *valio*, *valia*, posiblemente variantes de *valo*, *vala* cun iode epentético, que hoxe presentan unha distribución paralela á de *salio*, *salia* e que, xa que logo, non lle debían resultar alleas.

Polo que se refire á situación que ofrecen os textos literarios, cómpre salientar en primeiro termo a vitalidade que manifestan as formas tradicionais, especialmente no caso de *valer*. Téñase en conta, non obstante, que *salir* aparece nos textos en competencia con *saír*, polo que as documentacións que atopamos son relativamente pouco numerosas. Aínda así atopamos *sallo*, *salla* en *Aires da miña terra*: *sallan* (p. 14); en *Follas novas*: *sallas* (p. 89); en *Queixumes dos pinos*: *salla* (p. 55), e no *Cancionero popular*: *sallo* (II, p. 121), *salla* (I, p. 114; II, p. 143), *sallan* (I, p. 114; II, p. 144; III, p. 201). Nos textos revisados

<sup>129</sup> Para a distribución das formas da P<sub>1</sub> do presente de indicativo e do presente de subxuntivo de *valer*, cfr. *ALGa*, mapas 121, 133-134.

non comparecen nin *salo*, *sala* nin *salio*, *salia*. No caso de *valer* as formas etimolóxicas son así mesmo as máis frecuentes. Temos exemplos delas na *Gaita gallega*: *valla* (pp. 23, 182), *vallan* (p. 27); na poesía de Rosalía: *valla* (*Follas*, pp. xxiii, 174, 181), *vallan* (*Cantares*, p. 39); en *Aires*: *valla* (p. 16), *vallan* (p. 33); en *Queixumes*: *valla* (p. 55 -3 veces-); en *Saudades*: *vallo* (pp. 9, 38), *valla* (p. 17), *vallan* (p. 70); no *Cancionero popular*: *valla* (I, pp. 36, 143; II, pp. 4, 17, 67, 206, 223; III, p. 62, 92, 267, 268), *vallan* (II, pp. 275, 295), e na *Literatura popular*: *valla* (p. 197 -2 veces-). Fronte a estas documentacións os analóxicos *valo*, *vala* preséntanse como solucións minoritarias. As únicas obras en que atopamos *vala* son *Follas novas* (p. 89) e a *Literatura popular* (pp. 124, 151, 198).

É preciso facer referencia ademais á penetración das solucións castelás *salgo* - *salga*, *valgo* - *valga*, particularmente frecuentes nas compilacións de poesía popular. *Valga* aparece tamén de forma esporádica en *Cantares gallegos* (pp. 176, 177) e máis a miúdo no *Cancionero* de Pérez Ballesteros (I, pp. 4, 53, 130; II, p. 208; III, pp. 23, 292, 296) e na *Literatura popular* de Saco (pp. 59 -2 veces-, 63, 79, 90, 100 -2 veces, 115, 144, 162 -2 veces-). Nesta segunda obra rexistramos tamén as formas *salgo* (p. 326) e *salga* (pp. 118, 233 -2 veces-).

Por último, Saco rexistra ademais a existencia dunha solución *veiga*, que interpreta como presente de subxuntivo de *valer* (p. 103). Tal vez fose a semellanza co castelán dialectal ou vulgar *vaiga*, por *valga*, o que lle suxeriu esta atribución<sup>130</sup>. Sen embargo, o *veiga* ou *vaiga* que aparece

---

<sup>130</sup> Cfr. Menéndez Pidal, *Manual*, pp. 292-293.

empregado ocasionalmente nalgúns textos<sup>131</sup> é probablemente o resultado de BENEDICAT.

#### 14.15. Ser.

##### 14.15.1. O presente de indicativo.

O paradigma que ofrecen os nosos autores para o presente de indicativo ofrece algunhas formas que paga a pena salientar aquí. Para a primeira persoa de singular as gramáticas de Mirás (p. 17), Cuveiro (p. 15), Saco (p. 82), Valladares (p. 76) e Rodríguez ("Apuntes", p. 61) presentan ó lado de *son*, que é o resultado etimolóxico e maioritario de *sũm*, unha forma *so*, que Pidal documenta no español do século XVI<sup>132</sup> e que, segundo o testemuño de Fernão de Oliveira, estaba tamén vixente no portugués do quiñentos<sup>133</sup>.

No caso do galego, os estudos dialectolóxicos máis recentes xa non documentan a solución *so* en ningún punto<sup>134</sup>. Sen embargo, pola información que nos subministran os textos literarios, semella que esta forma logrou sobrevivir cando menos ata ben entrado o século XIX, se ben sempre en

---

<sup>131</sup> De *vaiga* atopamos unha ocorrencia illada na *Literatura popular* (p. 191). Para *veiga* as documentacións son máis numerosas. Atopámolo, por exemplo, nos textos do *Compendio* de Mirás: *veja* (p. 128), *veijan* (p. 103), e na *Gaita gallega: veiga* (p. 21).

<sup>132</sup> Cfr. Menéndez Pidal, *Manual*, p. 302.

<sup>133</sup> O gramático quiñentista refire ata catro variantes distintas para a  $P_1$  do presente de indicativo de *ser*: "uns pronunciam em *om*, como *som*, e outros em *ou*, como *sou*, e outros em *ãõ*, como *sãõ*, e também outros, que eu mais favoreço, em *o* pequeno, como *so*. No parecer da primeira pronunciação com *o* e *m*, que diz *som*, é o mui nobre João de Barros, e a razão que dá por si é esta: que de *som* mais perto vem a formação do seu plural, o qual diz *somos*. Contudo, sendo eu moço pequeno, fui criado em S. Domingos de Évora, onde faziam zombaria de mim os da terra, porque eu assim o pronunciava, segundo que o aprendera na Beira" (Cito pola edición de Maria Leonor Carvalhão Buescu, *A Gramática da linguagem portuguesa de Fernão de Oliveira*, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1975, p. 121).

<sup>134</sup> Cfr. ALGa, mapa 352.



competencia desigual con *son*. No seu estudio sobre o galego escrito no primeiro tercio do XIX Ramón Mariño detecta a súa presenza en varios dos textos redactados durante ese período, e ademais rexístraa na obra do Cura de Fruíme<sup>135</sup>. Na literatura do Rexurdimento a penas atopamos máis que algún que outro exemplo illado<sup>136</sup>. De tódolos xeitos, o feito de que tódolos textos gramaticais producidos durante este período coincidan en sinala-la súa existencia non pode ser casual. Para explicar esta coincidencia poderíase pensar tamén en *so* como unha desas formas fantasma, similar ás que a miúdo aparecen nos nosos dicionarios, transmitidas de autor a autor por copia, pero sen unha base real que as autorice. Cabe tamén a posibilidade de que se trate, como sospeita Mariño, dunha "forma verbal vista en lecturas anteriores e non escoitada ou empregada na fala viva" (*Estudio*, p. 644). Persoalmente creo que non é este o caso. Calquera destas explicacións podería servir para xustificar-la presenza de *so* en autores como Valladares, que tiña sempre moi presente a obra de Saco, ou como Rodríguez, que coñecía tamén a gramática do ourensán e que ademais tivera ocasión de constata-la existencia de formas como *soo* ou *sõo* nos textos antigos. Sen embargo, o caso de Saco non é equiparable ó destes autores. En primeiro lugar, cando o crego ourensán redacta a súa obra non dispón de máis precedentes có humilde *Compendio* de Mirás, ó que, por outra parte, non creo que o noso autor lle concedese unha grande fiabilidade. Por outra banda, debe terse en conta que cando Saco recolle na súa obra unha forma que él só coñece a través da literatura adoita introducila en nota aclarando a

---

<sup>135</sup> Cfr. Mariño, *Estudio*, pp. 641 e 643.

<sup>136</sup> *So* aparece empregado na *Gaita gallega* (p. 29), nos textos do *Compendio* de Mirás (p. 62) e nun dos refráns recollidos na *Literatura popular* de Saco (p. 316). Sen embargo, este último non foi obtido directamente polo ourensán, senón tirado da recopilación do comendador Hernán Núñez.

súa procedencia<sup>137</sup>. Así pois, creo que os testemuños dos gramáticos permiten afirmar que, aínda que a súa presenza literaria é exigua se a comparamos coa de *son*, so debeu sobrevivir na fala ata época relativamente serodia.

Para a segunda persoa de singular as gramáticas de Saco, Valladares e Rodríguez recollen unicamente a solución etimolóxica *es*. Mirás e Cuveiro, pola súa parte, non ofrecen máis cá forma *eres*, que, aínda que documentada xa en textos antigos, parece debe-la súa puxanza actual á poderosa influencia do castelán. Así o deberon entender os tres primeiros autores, e de aí que a excluísen das súas descrições. Sen embargo, a súa postura non foi compartida polos escritores contemporáneos, nin sequera polos máis escrupulosamente puristas, que nas súas obras empregan indistintamente unha ou outra forma<sup>138</sup>. É máis, en ocasións a alternancia entre *es* e *eres* é buscada deliberadamente, sen dúbida para producir un efecto estilístico<sup>139</sup>.

---

<sup>137</sup> Así o fai nas numerosas ocasións en que rexistra formas lidas na obra de Sarmiento, ou mesmo cando dá conta de formas como *cantín*, observadas nos *Cantares* de Rosalía.

<sup>138</sup> A única excepción notable constitúena os *Queixumes* de Pondal, onde *es* aparece de forma constante (pp. 33, 38, 53, 54, 70, 133). Os demais autores combinan *es* e *eres* en proporcións similares. Así sucede na *Gaita gallega*: *es* (pp. 7, 8, 9, 11 -2 veces-, 20, 32, 125, 128, 190) / *eres* (pp. 30, 61, 189 -2 veces-, 197); na poesía de Rosalía: *es* (*Cantares*, pp. 154, 155 -3 veces-, 156, 201; *Follas*, pp. 9 -2 veces-, 52 -7 veces-, 111 -2 veces-, 139, 152, 154, 173, 205, 217, 250, 262, 263 -2 veces-) / *eres* (*Cantares*, pp. 22, 109, 113 -2 veces-, 149, 155, 172, 204; *Follas*, pp. 52 -2 veces-, 97, 109 -2 veces-, 154, 160); ou na poesía de Curros: *es* (*Aires*, pp. 23, 161; *Sainete*, p. 107) / *eres* (*Aires*, p. 119; *Sainete*, pp. 22 -2 veces-, 50). En *Saudades*, en cambio, non temos máis ca *eres* (pp. 6, 34, 98, 106, 112, 113 -2 veces-).

<sup>139</sup> Entre os exemplos que se poderían citar escollemos dous tirados da obra de Rosalía: "anqu' *es* bonita / *eres* traidora" (*Cantares*, p. 155), "cando maxino qu' *és* ida / n'o mesmo sol te m'amostras, / y *eres* a estrela que brila, / y *eres* o vento que zóa. / Si cantan, *és* tí que cantas, / si choran, *és* tí que choras..." (*Follas*, p. 52).

## 14.15.2. O presente de subxuntivo.

Tocante ás formas propostas para o presente de subxuntivo de *ser*, cómpre destacar en primeiro lugar a presenza coincidente de *sea* nas obras de tódolos gramáticos. Mirás (p. 19) e Cuveiro (p. 17) dana como solución única. Os restantes autores inclúen ademais algúns resultados alternativos: *sexa* e *sía* no caso de Saco (p. 83), *seja* e *seña* no de Valladares, e *sía* no de Rodríguez ("Apuntes", p. 62)<sup>140</sup>.

Na miña opinión, o recoñecemento de *sea*, unha forma coincidente co castelán e, conseguintemente, sospeitosa de castelanismo, é todo un síntoma da difusión que alcanzara na linguaxe oral. En efecto, deixando xa á parte traballos pouco rigorosos coma os de Mirás ou de Cuveiro, para explica-la presenza desta solución na obra dun purista convencido como Saco, que exclúe polo xeral as formas que cre castelanizantes, debemos supoñer que este autor vía xa como moi minoritarias as outras variantes. En caso contrario é máis que probable que *sea* non figurase no paradigma.

Esta impresión confírmase se acudimos ós textos literarios contemporáneos<sup>141</sup>, nos que *sea* predomina de maneira absoluta. En boa parte das obras tomadas como referencia é a única solución rexistrada. Así ocorre na poesía de Rosalía, onde temos *sea* (*Cantares*, pp. vi -3 veces-, vii, x, 18, 40, 52, 55, 90, 144, 156, 173; *Follas*, pp. xxiv, 27, 35, 63, 89, 181, 247, 248), *seas* (*Cantares*, p. 150), *séades* (*Follas*, p. 112), *sean* (*Cantares*, p. 49); ou na de Curros, onde recollemos *sea* (*Aires*, pp. 9, 27; *Sainete*,

---

<sup>140</sup> Para a distribución actual de todos estes resultados, cfr. *ALGa*, mapa 366. Para a explicación histórica, véxase *Normas*, pp. 114-115.

<sup>141</sup> Para a presenza de *sea* en textos medievais, cfr. Clarinda de Azevedo Maia, *História*, pp. 828-830.

p. 24), *seas* (Aires, p. 72), *sean* (Aires, p. 121); ou na de Pondal, que ofrece só un par de exemplos: *sea* (p. 35), *seas* (p. 112). Noutras obras a presenza de *sexa* é practicamente anecdótica. Dela temos un único exemplo na *Gaita gallega*, *sexan* (p. 30), en contra de innumerables aparicións de *sea*: *sea* (tít., pp. 23 -2 veces-, 31 -2 veces-, 33, 37, 49, 52, 58, 154 -3 veces-, 166, 177, 196, 203), *seas* (pp. 8, 9, 21, 26, 27, 130, 156, 157, 201), *sean* (p. 52). Algo semellante sucede na *Literatura popular* de Saco, onde temos *sexas* (p. 335) fronte a *sea* (pp. 57, 63, 71, 84, 93, 94 -2 veces-, 104, 115, 129, 132, 135 -2 veces-, 154, 327 -4 veces-, 335, 337), *seas* (pp. 64, 68, 81, 103, 112, 145), *sean* (pp. 119, 327 -2 veces-). As proporcións repítense no caso do *Cancionero popular* de Pérez Ballesteros, que rexistra unha soa vez unha forma *señas* (II, p. 127) -non se esqueza que unha boa parte das cántigas que compoñen a súa obra foi recollida no norte das provincias da Coruña e Lugo, precisamente onde hoxe se escoita *seña*-. Fronte a este exemplo illado *sea* preséntase como a solución maioritaria: *sea* (I, pp. 9, 11, 35, 194; II, p. 3, 5, 25, 52, 79, 107, 131, 165, 190 -2 veces-, 262; III, pp. 53, 146, 157, 201, 202 -4 veces-, 254 -2 veces-, 275, 290), *seas* (I, p. 133; II, p. 248; III, pp. 74, 178, 194 -2 veces-), *sean* (I, pp. 51, 158; II, p. 155; III, pp. 193, 195, 269 -2 veces-). Lamas constitúe a única excepción a esta tendencia xeral. Nas súas *Saudades gallegas* non encontramos máis ca *sexa*: *sexa* (p. 102), *sexas* (p. 55 -2 veces-), *sexan* (pp. 46, 70).

O resultado *sía*, recollido por Saco e por Rodríguez e vivo hoxe no galego de Asturias e nun punto illado da provincia de Ourense<sup>142</sup>, non comparece en ningún dos textos revisados. Por esta razón, o feito de que Saco o rexistrese e

---

<sup>142</sup> Concretamente no punto 0<sub>17</sub>, que corresponde a Viana do Bolo. Cfr. *ALGa*, mapa 366.

o empregue nos exemplos (p. 191) pode indicar que daquela a súa presenza na fala era diferente e algo maior do que é hoxe.

#### 14.15.3. O pretérito de indicativo.

Entre os tempos do tema de perfecto de *ser*, que, como é sabido, é común co de *ir*, o único que presenta algunha particularidade digna de comentario é o pretérito de indicativo. Refírome concretamente á vacilación *fu-* / *fo-* que afecta ó radical das persoas segunda de singular e primeira e segunda de plural: *fuches* / *foches*, *fumos* / *fomos*, *fustes* / *fostes*.

Aínda que os tres casos se presentan formalmente como idénticos, sepáranos notables diferencias, tanto no relativo á súa orixe coma no tocante á súa distribución xeográfica. No caso da P<sub>2</sub> *fuches*, con vocal radical /u/ debida ó influxo metafonético de *-ī* final, é o resultado fonético esperable do lat. *fūstī*, do mesmo xeito que sucede na P<sub>1</sub> *fun* (lat. *fūī*)<sup>143</sup>. *Foches*, en cambio, toma o radical do resto das formas do tema de perfecto (*fomos*, *fostes*, *foron*, *fora*, *fose*). Os casos da P<sub>4</sub> e da P<sub>5</sub> representan, en certa maneira, o proceso inverso. Neles *fo-* é o radical etimolóxico (lat. *fū-*), en tanto que *fu-* se debe moi probablemente a unha nivelación analóxica con respecto á P<sub>1</sub> e á P<sub>2</sub> (*fun*, *fuches*).

Por outra banda, tampouco a súa distribución xeográfica é coincidente. *Fuches* ocupa a maior parte do territorio galego, salvo a metade occidental das provincias da Coruña e Pontevedra, que teñen nesta persoa un radical *fo-* (*foches* ou *fostes*). *Fumos* e *fustes*, en cambio, escóitanse

---

<sup>143</sup> Cfr. Santamarina, *El verbo*, p. 46.

principalmente nas falas do galego oriental e en puntos do norte das provincias da Coruña e Lugo<sup>144</sup>.

Os nosos gramáticos deberon intuír estas diferencias, pois nas súas descrições podemos apreciar un marcado contraste entre o tratamento dispensado á P<sub>2</sub> e o reservado para a a P<sub>4</sub> e a P<sub>5</sub>. Así, mentres que no primeiro dos casos é bastante xeral o recoñecemento das dúas solucións, no das persoas primeira e segunda de plural, case tódolos autores recollen simplemente as formas etimolóxicas con radical *fo-*. Vexamos caso por caso cales son as formas propostas. Para a segunda persoa de singular tódolos autores, coa soa excepción de Rodríguez, admiten as dúas formas, *fuche(s)* e *foche(s)* no paradigma de *ser*<sup>145</sup>. Sen embargo, paradoxalmente só Saco (p. 101) e Cuveiro as rexistran no de *ir* (p. 26); Mirás (p. 29) e Valladares (p. 84) inclúen só o resultado con vocal radical /u/. En calquera caso, non me parece que estas diferencias entre os paradigmas de *ser* e *ir* obedezan a algunha escura razón; pola contra, seméllanme omisións indeliberadas. Por outra banda, polo que se refire ós "Apuntes" de Rodríguez, a única forma consignada, válida tanto para *ser* como para *ir*, é *fuche* (p. 62).

A distribución xeográfica de *fuches* e *foches* non debía ser moi desemeillante da actual. De feito, a forma *foche(s)* atopámola só entre escritores de procedencia occidental como Pintos (*Gaita*, pp. 161, 188) ou Rosalía (*Cantares*, pp. 161 -2 veces-, 204; *Follas* (pp. 135, 200, 247). Non obstante, esta última emprega tamén *fuches* (*Follas*, pp. 52, 64, 95). Nos demais escritores en que rexistrámo-la aparición dunha P<sub>2</sub>, *fuche(s)* preséntase como solución única (*Aires*, pp. 15,

<sup>144</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 97, e *ALGa*, mapas 360 (*fuches*), 362 (*fomos*) e 363 (*fostes*).

<sup>145</sup> Mirás (p. 17), Cuveiro (p. 15), Saco (p. 82), Valladares (p. 76).

79, 91, 150, 151, 159, 161; *Saudades*, pp. 9, 113). Por outra banda, nas compilacións de literatura oral o predominio de formas con radical *fu-* é tamén absoluto<sup>146</sup>.

Así pois, o recoñecemento de *foches* por parte dos gramáticos, e especialmente por parte de Saco, que seguramente só coñecía *fuches* como forma nativa, débese sen dúbida ó seu emprego por parte de escritores de prestixio como os arriba citados.

O caso da P<sub>4</sub> e da P<sub>5</sub> é ben diferente. Nesta ocasión Mirás, Cuveiro e Valladares soamente inclúen nas súas descrições as solucións maioritarias con radical *fo-*. Saco, pola súa parte, recolle a vacilación *fo-* / *fu-* e Rodríguez, por último, non rexistra máis solucións que *fumos* e *fústedes*. Na miña opinión non é casual que sexan precisamente Saco e Rodríguez os únicos autores en recolle-los resultados analóxicos de tema *fu-*. Non debe esquecerse que a banda oriental de Ourense é unha das áreas en que hoxe en día esas formas se rexistran de forma máis regular. Segundo isto, Rodríguez, que procedía de Viana do Bolo, onde hoxe se rexistran *fumos* e *fustes*<sup>147</sup>, estaría limitándose a rexistra-las formas que coñecía como nativas. Por outra banda, as escasas documentacións literarias de *fumos* -de *fustes* non rexistramos ningunha- atopámolas tamén en obras debidas a escritores ourensáns<sup>148</sup>.

---

<sup>146</sup> No *Cancionero* rexistramos unha ocorrencia de *foche* (III, p. 50) fronte a *fuche(s)* (I, pp. 86, 142; II, pp. 19, 273, 286; III, pp. 9, 87, 122, 214, 240 -2 veces-). O mesmo sucede na *Literatura popular: fuche(s)* (pp. 65 -2 veces-, 108, 122, 147, 183, 217 -2 veces-, 323) fronte a *foches* (pp. 88, 114).

<sup>147</sup> Véxase o punto O<sub>17</sub> do *ALGa*, mapas 362 e 363.

<sup>148</sup> No corpus que tomamos como referencia rexistramos *fumos* en *Saudades* (p. 111) e na *Literatura popular* de Saco (p. 205), nunha cántiga recollida en Alongos, unha pequena parroquia do concello de Toén, preto de Ourense.

## 14.16. Ter.

## 14.16.1. O presente de indicativo e o imperativo.

No galego actual existe un paralelismo perfecto nestes dous tempos entre os resultados de *ter* e os de *vir*. Na P<sub>5</sub> do presente de indicativo e do imperativo a duplicidade de formas, *tende(s)* - *vinde(s)* / *tede(s)* - *vide(s)*, deriva do distinto tratamento que recibiu dependendo das zonas a nasalidade vocálica dos antigos *tēede(s)*, *vīide(s)*. Mentres que nunha área a nasalidade desapareceu nestes casos sen deixar rastro, noutra a súa perda compenseuse coa reposición dunha consoante nasal na marxe silábica<sup>149</sup>.

As gramáticas de Saco (pp. 88-90), Valladares (pp. 78 e 88-89) e Cuveiro (p. 14) recollen esta duplicidade de formas sen mostrar, alomenos aparentemente, preferencia por ningunha delas. Sen embargo, Mirás (p. 37) e Rodríguez ("Apuntes", p. 71), que soamente ofrecen o paradigma de *ter*, non rexistran máis ca *tedes*<sup>150</sup>.

Polo que se refire ós textos literarios, neles parecen impoñerse as formas con nasal, tanto no caso de *ter* coma no de *vir*. De feito estas son as únicas solucións que atopamos na poesía de Rosalía: *tendes* (*Cantares*, pp. 123, 158, 159 -2 veces-, 205; *Follas*, p. 256), *vindes* (*Follas*, pp. 134, 144), *vinde* (*Cantares*, p. 176; *Follas*, p. 249), en *Aires da miña terra*: *vinde* (pp. 39, 136); en *Saudades gallegas*: *tendes* (p. 76), ou en *Queixumes*: *tendes* (pp. 32, 143), *vindes* (p. 69),

---

<sup>149</sup> Cfr. *Normas*, p. 116, e Fernández Rei, *Dialectoloxía*, pp. 58-59. Para a distribución xeográfica dos resultados de *ter* e *vir* véxase, nesta última obra, a p. 101. Cfr. Ademais, *ALGa*, mapas 373 (*tendes* / *tedes*), 378 (*tende* / *tede*), 407 (*vindes* / *vides*) e 421 (*vinde* / *vide*). Para *pondes* / *podes*, un caso análogo pero non idéntico ó de *ter* e *vir*, vid. supra, pp. 605.

<sup>150</sup> Nos textos do *Compendio* de Mirás son tamén as formas sen nasal as únicas que se rexistran: *tedes* (p. 93), *vide* (p. 85).



*vinde* (p. 69). En Pintos ou na *Literatura popular* as formas sen consoante nasal rexístranse esporadicamente: *tedes* (*Gaita*, pp. 13 -3 veces-, 140), *vide* (*Literatura*, p. 128). De tódolos xeitos, a norma é *tende(s)*, *vinde(s)*: *tendes* (*Gaita*, pp. 13, 144, 183; *Literatura*, pp. 56, 57, 231 -2 veces-), *tende* (*Gaita*, p. 44; *Literatura*, pp. 75, 159), *vinde* (*Gaita*, pp. 13 -11 veces-, 164 -4 veces-; *Literatura*, pp. 57, 115 -2 veces-, 189, 204 -10 veces-). O único texto en que *tede(s)* e *vide(s)* teñen unha presenza destacada é o *Cancionero popular* de Pérez Ballesteros, que, segundo xa temos dito, foi recollido principalmente no norte das provincias da Coruña e Lugo, onde hoxe son comúns estas formas: *tedes* (II, p. 251), *vides* (II, p. 193), *vide* (I, pp. 23 -3 veces-, 151; II, pp. 166, 226, 302; III, pp. 27, 116, 171). Non obstante, nesta obra tampouco faltan os exemplos de formas con reposición de nasal: *tendes* (I, p. 198; III, pp. 61, 259 -2 veces-), *tende* (I, p. 197), *vinde* (I, pp. 103, 104, 107, 108 -2 veces-; II, p. 223; III, pp. 114, 132).

Para a P<sub>6</sub> do presente de indicativo as gramáticas de Saco e Valladares ofrecen, por unha banda, as solucións *ten* e *vén*, que son os resultados fonéticos esperables do medieval *tēen* e *vēen*, e, por outra, as formacións analóxicas *teñen* e *veñen*, con radicais *teñ-*, *veñ-* tirados da P<sub>1</sub> deste mesmo tempo e do presente de subxuntivo (*teño*, *veño*, *teña...*, *veña...*), que evitan o sincretismo entre a P<sub>3</sub> e a P<sub>6</sub> (*el ten / eles ten*, *el vén / eles vén*)<sup>151</sup>. Cuveiro (p. 14), pola súa parte, só se refire ó caso de *ter*, para o que rexistra os dous resultados. Por último, Mirás e Rodríguez non ofrecen máis có resultado con radical analóxico *teñen*. A

---

<sup>151</sup> Cfr. *Normas*, p. 116. Para a distribución actual destes resultados, cfr. *ALGa*, mapas 374 (*teñen*), 408 (*veñen*).

posición maioritaria entre os gramáticos parece efectivamente fundada na realidade lingüística do seu tempo. Así, a xulgar polo que sucede na maioría dos textos literarios, onde as formas hoxe maioritarias *teñen* - *veñen* alternan libremente e en proporcións similares con *ten* - *vén*<sup>152</sup>, a vacilación debía estar moi xeneralizada<sup>153</sup>. En moitos destes textos a variación, favorecida ás veces por necesidades métricas, pode mesmo adquirir un certo valor estilístico. Véxanse, por exemplo, os seguintes fragmentos tirados de *Follas novas*: "E nais que non *teñen* fillos / e fillos que non *ten* pais" (p. 214). "Non *teñen* / esas xentes concencia, nin *ten* alma" (p. 258).

Por outra banda, do resultado *tein*, característico do galego oriental, só temos noticia a través dunha breve indicación de Saco (p. 89 n. a), que a rexistra non como

---

<sup>152</sup> En Curros temos *teñen* (*Aires*, pp. 14, 46, 102 -2 veces-, 152; *Sainete*, p. 18), *veñen* (*Aires*, pp. 67 -3 veces-, 136; *Sainete*, p. 79), fronte a *ten* (*Aires*, pp. 78, 163; *Sainete*, pp. 54, 82), *vén* (*Aires*, pp. 51, 133). En *Queixumes* as ocorrencias están tamén bastante emparelladas: *teñen* (pp. 54, 195, 207), *reteñen* (pp. 177, 178) / *ten* (pp. 53, 62), *vén* (p. 121). O mesmo sucede na poesía de Rosalía: *teñen* (*Cantares*, pp. ix, 26, 109; *Follas*, pp. xxiii, xxiv, 2, 214, 222, 248, 258), *veñen* (*Cantares*, pp. 3, 7, 33, 37; *Follas*, p. 8, 27, 30, 62, 85, 94, 116, 117 -3 veces-, 250), fronte a *ten* (*Cantares*, p. 65; *Follas*, pp. xxiii, 5, 57, 94, 176, 203, 214, 220, 229, 231, 236, 246, 258), *vén* (*Cantares*, pp. 157 -2 veces-, 162 -2 veces-; *Follas*, pp. 41, 163), ou na *Literatura popular* de Saco, onde temos *teñen* (pp. 59, 77, 107, 144, 159, 196, 198, 212, 328), *veñen* (pp. 157, 205, 328 -2 veces-, 334), pero *ten* (pp. 64, 65, 92, 109, 119, 120, 121, 128, 183, 345), *detén* (p. 77), *vén* (pp. 59, 99, 121 -3 veces-, 125, 134, 136, 155, 161, 183, 234). Sen embargo, no *Cancionero popular* son maioritarias as formas analóxicas: *teñen* (I, pp. 35, 60, 61, 66 -2 veces-, 84, 111, 130, 148; II, pp. 30, 48, 149, 161, 193, 205 -2 veces-, 212, 228 -2 veces- 242, 256, 295; III, pp. 132, 210, 295), *veñen* (I, pp. 6, 93, 184; II, pp. 43, 151 -3 veces-, 234; III, p. 31), fronte a *ten* (II, p. 283; III, pp. 64, 162, 211), *vén* (I, pp. 115, 125 -2 veces-, 207, II, p. 285; III, pp. 86, 277). O mesmo sucede na *Gaita gallega*, onde atopamos *teñen* (pp. 14, 24, 28, 30, 34, 36 -4 veces-, 40, 63, 103, 124, 156, 158, 163, 180, 187), *manteñen* (p. 32), *veñen* (pp. 15, 52 -2 veces-, 63, 103, 154, 180, 186 -2 veces-) fronte a *ten* (p. 154), *vén* (p. 190). *Saudades gallegas* contrasta notablemente con todos estes textos, pois ofrece unicamente formas con radical analóxico: *teñen* (pp. 2, 4, 30, 37, 49, 64, 81, 93, 99 -2 veces-, 103, 112), *conteñen* (p. 94).

<sup>153</sup> A situación que reflicten os textos da segunda metade do século contrasta coa que nos ofrecen os redactados no primeiro tercio, onde *teñen*, *veñen* predomina de forma clara. Non obstante, téñase en conta que nas escasas mostras literarias que conservamos do século XVIII *ten* e *vén* son os resultados normais. Cfr. Mariño, *Estudio*, pp. 651-652 e 661-662.

forma viva e coñecida por el, senón como solución empregada por Sarmiento<sup>154</sup>.

Por último, cómpre subliñar que no presente de indicativo rexistrámo-la tentativa por parte de Valladares de regularizar analoxicamente as formas deste tempo tomando como base os radicais *teñ-*, *veñ-* que presentan a P<sub>1</sub>, e, de se-lo caso, tamén a P<sub>6</sub>, e mailo presente de subxuntivo. A nivelación afecta soamente á P<sub>2</sub> e á P<sub>3</sub>, que deste xeito se ven convertidas en *teñes - veñes* e *teñe - veñe*, unhas solucións que non parecen ter base real<sup>155</sup>. Naturalmente ó seu lado atopámo-los resultados comúns *tès - vès*, *tèn - vèn*<sup>156</sup>.

#### 14.16.2. O tema de perfecto.

As solucións recollidas para o radical dos tempos do tema de perfecto manteñen o paralelismo coas propostas para *estar*<sup>157</sup>. Así, Saco (pp. 90-91) e Rodríguez ("Apuntes, pp. 71-73) ofrecen só o resultado *tiv-*, herdeiro do medieval *tev-*, excluindo deliberadamente as formas castelanizadas con *tuv-*. Valladares (pp. 78-79), pola súa parte, rexistra tamén *tiv-*, pero ó seu lado recolle tamén radical castelán *tuv-* e o analóxico *touv-*, vivo aínda hoxe nalgún punto da provincia de Pontevedra<sup>158</sup>.

---

<sup>154</sup> Sen embargo, Mariño, *Estudio*, pp. 651-652, só localiza na súa obra a solución *ten*, coas variantes gráficas *tem*, *ten* e *tèn*. Quizais o gramático ourensán quería referirse a Pintos, que emprega *tein* na *Gaita* nunha ocasión (p. 4).

<sup>155</sup> Non obstante, *veñes* aparece dúas veces, dentro do mesmo poema nunha das cántigas recollidas na *Literatura popular* de Saco (p. 92).

<sup>156</sup> Para un caso análogo, vid. supra, p. 605.

<sup>157</sup> Vid. supra, pp. 583-585.

<sup>158</sup> Cfr. *ALGa*, mapa 376.

Polo que se refire ó emprego literario destas solucións, nos textos escrutados observamos unha decidida preferencia pola solución galega, que é a única que rexistramos nas obras de Curros<sup>159</sup> e nas *Saudades gallegas* de Lamas Carvajal<sup>160</sup>. Noutras obras como a *Gaita gallega*, a *Literatura popular* ou a poesía de Rosalía as formas con *tiv-* non son xa exclusivas, pero si claramente maioritarias<sup>161</sup>. De tódolos xeitos, a difusión das formas castelanizadas é patente en textos como a *Literatura popular*, onde as formas con radical *tiv-* están en minoría<sup>162</sup>.

---

<sup>159</sup> *Tiven* (*Aires*, pp. 42, 122, 142), *detiven* (*Sainete*, p. 22), *tiveches* (*Aires*, p. 43), *tivo* (*Aires*, pp. 5, 40, 129), *tivemos* (*Sainete*, p. 107), *tiveron* (*Aires*, p. 52; *Sainete*, p. 94), *tivera* (*Aires*, p. 67), *tiveras* (*Aires*, p. 24), *tiveran* (*Aires*, pp. 13, 52). Na versión manuscrita do *Sainete* aparecía un *detuven*, que significativamente foi corrixido na versión impresa por *detiven*. Cfr. Alonso, *Sainete*, p. 129.

<sup>160</sup> *Tiven* (pp. 5, 62, 99, 113), *tivo* (pp. 77, 98), *tiveron* (pp. 2, 28, 50), *tivera* (pp. 23, 45), *tivese* (pp. 94, 101), *tiveses* (p. 101), *tivesen* (pp. 48, 110).

<sup>161</sup> Na obra de Pintos atopamos *tiven* (p. 171), *tiveches* (p. 26), *tivo* (p. 50), *tiveron* (p. 55), *tivera* (pp. 49, 55, 182) fronte a *tuveche* (p. 55), *tuvo* (pp. 149, 167), *tuvera* (p. 171). Os seguintes exemplos corresponden á *Literatura popular*: *tiven* (pp. 73, 95, 113, 118), *tiveche(s)* (pp. 87, 88), *tivo* (p. 156, 202), *tivemos* (p. 58), *tivera* (pp. 79 -2 veces-, 86, 118, 133, 232, 327), *tiveras* (pp. 86, 137), *tiver* (pp. 54 -2 veces-, 326) fronte a *tuven* (p. 84), *tuvo* (pp. 70, 204). Por último, en Rosalía rexistramos *tiven* (*Cantares*, pp. 14, 57, 119 -2 veces-; *Follas*, p. 9, 10 -2 veces-, 169, 170), *tiveche(s)* (*Follas*, p. 234, 251), *tivera* (*Cantares*, pp. 76, 100, 141; *Follas*, p. 82), *tiveras* (*Cantares*, p. 106), *tivere* (*Follas*, p. 248) fronte a *tuven* (*Follas*, p. xxiii), *tuvo* (*Cantares*, p. vi; *Follas*, p. 184). Por outra banda, en *Queixumes* temos só un par de exemplos: *tiveran* (p. 189 -2 veces-), *tuvera* (p. 198).

<sup>162</sup> Nesta obra rexistrámo-las seguintes formas: *tiven* (I, p. 155; III, p. 294), *tivo* (II, p. 124), *tivera* (I, p. 17; II, p. 124), *tiveras* (I, p. 153), *tivere* (I, p. 11) fronte a *tuven* (I, p. 20; II, pp. 113, 222 -2 veces-, 245, 260; III, p. 166), *tuveche(s)* (I, pp. 9, 97, 102; II, p. 126), *tuvo* (II, pp. 28, 196, 197 -4 veces-), *tuvera* (I, p. 16 -2 veces-; III, p. 99), *tiveras* (II, pp. 8, 10; III, pp. 65, 241), *tivere* (I, p. 51).

14.17. Traer<sup>163</sup>.

As gramáticas de Saco (pp. 93-95) e de Valladares (p. 65 n.), as únicas que se refiren á conxugación deste verbo, aluden á existencia duns resultados *trag-* e *troug-* que compiten cos comúns *tra-* e *troux-* como radicais dos tempos dos temas de presente e de perfecto respectivamente<sup>164</sup>. Desafortunadamente a escasa precisión destas informacións fai que non sempre sexa fácil reconstruí-los paradigmas.

Os dous autores citados establecen un paralelismo entre a conxugación de *traer* e a de *facer*. Así, do mesmo xeito que sucede na exposición do paradigma deste último verbo, a obra de Saco unicamente inclúe no cadro de conxugación as formas comúns con tema de presente *tra-* e tema de perfecto *troux-*. A noticia da existencia de solucións alternativas dásenos nunha nota final que di o seguinte:

En varios puntos de Galicia se usa la *g* suave en vez de la *c* ó *x* en todos los tiempos de estos dos verbos donde haya una de dichas letras: *faguer, faguemos, faguía, figuen, figuera, &c., trouguen, trougo, trouguera, &c., por facer, hacemos, fixen, trouxen, &c.* (p. 95).

Interpretando literalmente a observación de Saco, debemos concluír que este autor só recoñecía a existencia dunha solución alternativa á común no caso dos tempos do tema de perfecto. Obsérvese ademais que os exemplos citados, entre os que unicamente figuran formas pertencentes a estes tempos, autorizan esta lectura restrictiva. Ora ben, tendo en conta o paralelismo que se establece entre *traer* e *facer*

---

<sup>163</sup> Para a vacilación *traer* / *traír* e para as variantes rexistradas nos presentes de indicativo e de subxuntivo de *traer*, véxase o dito máis arriba a propósito dos verbos en *-aer, -aír, -oer, -oír*, pp. 491-493 e 501-508.

<sup>164</sup> Para unha explicación sobre a orixe dos resultados *tra-* / *trag-* e *troux-* / *troug-*, cfr. Santamarina, *El verbo*, pp. 44-45; Normas, pp. 117-118; Williams, *Do latín*, pp. 245-246; Nunes, *Compêndio*, pp. 333-335; Huber, *Gramática*, pp. 223-224 e 244; Piel, "Flexão", p. 392, e Maia, *História*, 842-849.

/ *faguer* e a difusión de *traguer* no dominio ourensán<sup>165</sup>, cremos que tampouco sería descabelado supoñer que a omisión do radical *trag-* se debe simplemente a unha redacción pouco afortunada.

Valladares, pola súa parte, nin sequera reproduce a conxugación completa do verbo, senón que se limita a remitir en nota a *faguer*:

Como *faguer* se conjuga tambien *traguer*, por mas que en el pasado perfecto de indicativo muchos digan *tróujen*; en el pluscuamperfecto de íd. *troujèra*; en el pasado imperfecto de subjuntivo *troujèra*, *troujèse* y en el futuro imperfecto del mismo subjuntivo *troujère* (p. 65 n.).

Como se pode apreciar, as súas observacións non son moito máis explícitas cás de Saco. Neste caso o que non queda claro é se Valladares considera *traguer* como forma frecuente en pé de igualdade con *traer* (o mesmo que *faguer* e *facer*), ou se, pola contra, selecciona normativamente a primeira en detrimento da segunda.

Por outra banda, debemos preguntarnos se Valladares, ó indicar que *traguer* se conxuga como *faguer*, está pensando en *trag-* como radical constante para tódolos tempos do tema de presente (*trago - fago, traga - faga, traguer - faguer*, etc.). No galego actual, a inmensa maioría das falas que coñecen *traguer* presentan un radical *trag-* só nas formas arrizotónicas (*traguer, traguendo, traguemos, traguía...*, *traguerei...*, *traguede*), non sendo nas do presente de subxuntivo, que teñen *tra-* do mesmo xeito cás rizotónicas<sup>166</sup>. Pola contra, *trag-* como radical constante (*trago...*,

---

<sup>165</sup> Cfr., por exemplo, *ALGa*, mapa 394.

<sup>166</sup> Compárese a distribución xeográfica de *trag-* nas rizotónicas (*ALGa*, mapas 380-382, 384, 389, 390 e 392) coa deste mesmo radical nas arrizotónicas (mapas 383, 385, 388, 393, 395, 396).

*traga...*, *traguer*, etc.) só é hoxe coñecido nuns poucos puntos da costa occidental coruñesa situados na área bergantiñá e na subárea do Xallas. Alí probablemente o debeu escoitar Pondal, que en varias ocasións escribe *trague* (pp. 13, 14, 64, 185). Non obstante, hai indicios de que no século XIX este sistema ocupaba unha área considerablemente maior. Así, son varios os textos do prerrexurdimento que rexistran formas como *trago* e *traga*: *trajo* (*Tertulia de Picaños*), *trage* (*Diálogo segundo en la Alameda de Santiago*), *traga* (*Artículo comunicado*), *tràgamos* (*La Tertulia en la Quintana*). Cómpre reparar ademais en que en tódolos casos se trata de textos ambientados e redactados na comarca de Santiago<sup>167</sup>. *Trajo* 'traio' atopámolo tamén nos textos de Mirás, outro autor que pasa por representante da fala compostelá (p. 80). Parece claro, pois, que nesta zona as formas *trago*, *traga* eran cando menos coñecidas contra mediados de século, polo que non é imposible que Valladares soubese da súa existencia. De tódolos xeitos, fóra desta zona o usual debía ser ou ben o emprego constante de *tra-* en todo o tema de presente, ou ben o emprego combinado de *tra-* e *trag-*, o primeiro para as formas rizotónicas e para as arrizotónicas do presente de subxuntivo e o segundo para o resto das formas arrizotónicas<sup>168</sup>.

Polo que se refire ás solucións citadas para o tema de perfecto, os textos mostran un predominio notable da forma

<sup>167</sup> Para as referencias exactas, cfr. Mariño, *Estudio*, p. 657.

<sup>168</sup> Nos textos revisados, *trag-* só comparece nestas formas, ás veces alternando xa con *tra-*. En *Aires* temos *traguer* (p. 143); en *Saudades* atopamos *traguía* (p. 48), pero tamén *atraer* (p. 37); no *Cancionero popular* rexistramos *traguer* (III, p. 125, 205), *traguía* (I, p. 93; III, p. 56), *traguerei* (I, p. 99), pero *traer* (I, pp. 96, 99, 119; II, pp. 58, 220, 292; III, pp. 72, 130), *traemos* (II, pp. 194, 195; III, p. 7), *traía* (III, p. 48), *traerei* (I, p. 100; III, p. 180), *traerá* (III, p. 248 -2 veces-), *traede* (III, pp. 27, 72). Noutras obras só temos exemplos de formas con *tra-*. Así sucede na *Gaita*, onde temos *traía* (p. 33), ou na *Literatura popular* de Saco, que presenta *traer* (pp. 95, 104, 106, 125, 234, 336 -2 veces-), *traendo* (p. 64), *traedes* (p. 103), *traemos* (p. 331), *traía* (p. 70), *trarei* (p. 236).

común *troux-*, seguida inmediatamente por *troug-*, que cando comparece adoita facelo alternando con *troux-*<sup>169</sup>. Trátase, como é sabido, dos dous resultados maioritarios hoxe<sup>170</sup>. Así e todo, os textos ofrecen tamén resultados minoritarios que as gramáticas nin sequera refiren. Trátase de solucións hoxe moi minoritarias como é o caso das formas con radical *trui-* que emprega Pintos e que son características precisamente do occidente de Pontevedra: *truyen* (p. 27), *truyemos* (p. 63), *truyeron* (pp. 29, 170), pero tamén *trouxeron* (p. 33). Outras solucións hoxe escasamente documentadas son as formas con radical *troix-* e *trux-* que aparecen como formas illadas no *Cancionero* de Pérez Ballesteros: *troixo* (III, p. 217), *truxo* (III, p. 48 -2 veces-). As cántigas en que aparecen foron recollidas respectivamente en Viveiro e en Betanzos, dúas localidades cercanas a puntos en que o ALGa rexistrou estas solucións<sup>171</sup>.

#### 14.18. Valer.

As únicas formas que ofrecen certo interese son as correspondentes á P<sub>1</sub> do presente de indicativo e ó presente

---

<sup>169</sup> Así sucede no *Cancionero popular*, onde temos *trouxen* (I, pp. 93, 96; III, p. 203), *trouxo* (I, pp. 13 -2 veces-, 156; II, pp. 72 -2 veces-, 73, 130; III, p. 177, 264), *trouxera* (II, p. 44), fronte a *trouguen* (II, pp. 24, 302), *trougueche* (III, p. 50), *trougo* (III, p. 145), *trouguere* (III, p. 263); ou na *Literatura popular*: *trouxen* (pp. 108, 121), *trouxo* (p. 339), *trouxeno* (p. 53) fronte a *trougo* (p. 145). Non obstante, en Curros atopamos sempre *troux-*: *trouxeche* (*Aires*, p. 15), *trouxeron* (*Sainete*, p. 80), *trouxéramos* (*Sainete*, p. 92). O mesmo sucede en *Saudades*: *trouxen* (p. 40), *trouxo* (p. 2), *trouxeche* (p. 116), e mais na poesía de Rosalía: *trouxo* (*Follas*, pp. 146, 257), *trouxeron* (*Cantares*, p. 60; *Follas*, p. 178), *trouxera* (*Follas*, p. 95). Por último tampouco faltan os autores que, como Pondal, empregan *troug-* de maneira constante: *trougo* (pp. 36, 211), *trouguera* (p. 143).

<sup>170</sup> Cfr. ALGa, mapas 386-387 e 391.

<sup>171</sup> *Troixen* aparece, por exemplo, no Barqueiro (punto C<sub>1</sub> do ALGa), moi cerca de Viveiro; *truxen* no propio Betanzos (punto C<sub>15</sub>). Cfr. mapa 386.



de subxuntivo. Delas ocupámonos no capítulo correspondente a *salir*<sup>172</sup>.

14.19. Ver.

Ó tratarse dun verbo que no tema de perfecto pertence á terceira conxugación, *ver* vese afectado como calquera outro verbo desta clase pola neutralización da oposición entre a CII e a CIII, característica dos falares de boa parte do territorio galego<sup>173</sup>. Deste xeito, ó lado de *viu*, con vocal temática /i/ como *viron*, *vira*, *vise...*, atopamos tamén un resultado *veu*. As gramáticas de Saco (p. 110) e de Valladares (p. 80) recollen ámbalas solucións, mais sen precisaren que se trata de solucións complementarias xeograficamente. Aínda que ningún dos dous mostra explicitamente as súas preferencias por unha ou outra forma, é significativo que no paradigma que ofrece Saco *viu* figure en primeiro lugar, en tanto que no de Valladares este lugar estea ocupado por *veu*. Mirás (p. 30), pola súa parte, ofrece unicamente *veu*, resultado propio da área que polo xeral lle serve de referencia.

Polo que se pode deducir dos textos, a distribución xeográfica de *viu* / *veu* pouco debeu variar nestes cen anos. *Viu* témolo de maneira constante en escritores de procedencia ourensá, como Curros, (*Aires*, pp. 21, 27, 58, 75, 98, 102, 102, 107, 147, 151, 165), Lamas (*Saudades*, p. 28) ou Saco (*Literatura*, pp. 111, 204, 345 -3 veces-), ou no pontevedrés Pintos (*Gaita*, p. 40). *Ve*u, pola contra, atopámolo en escritores da comarca de Compostela, como Rosalía (*Cantares*, pp. 49, 104; *Follas*, pp. 68, 85, 87, 213, 225, 242), que non

---

<sup>172</sup> Vid. *supra*, pp. 613-616.

<sup>173</sup> Cfr. *ALGa*, mapa 402. Véxase ademais o dito arriba nas pp. 510-514.

obstante emprega *viu* nunha ocasión (*Follas*, p. 87), ou o propio Mirás (pp. 64, 67, 87, 88 -2 veces-, 89, 117, 141, 142), así como tamén no *Cancionero popular* de Pérez Ballesteros (I, p. 39; II, p. 304), que, como xa dixemos en máis dunha ocasión foi recollido fundamentalmente no norte das provincias da Coruña e de Lugo, onde hoxe é común a neutralización.

Por outra parte, na conxugación do pretérito de indicativo Valladares consigna unhas formas *véche(s)*, *véstes*, *véron* - *véno*, ó lado das comúns *viche(s)*, *vistes*, *viron* - *vinon*. Sen embargo, para a P<sub>4</sub> deste mesmo tempo e para tódalas demais formas do tema de perfecto soamente se ofrecen as formas con vocal temática /i/: *vimos*, *vira*, *vise*... Estas solucións con vocal temática /e/ constitúen probablemente un intento de reduci-la anomalía que supón que un mesmo verbo se integre nunha clase no tema de presente e noutra no de perfecto. Aínda que podería tratarse dunha invención de Valladares, moi afeccionado polo xeral a este tipo de intervencións, non debe perderse de vista que *veches* e *veron*, con vocal temática /e/, están documentadas hoxe nun par de puntos do sur da provincia de Pontevedra<sup>174</sup>.

Por último, o futuro de subxuntivo *ver*, *veres*... que aparece na gramática de Saco (p. 111) parece froito dun simple descoido, inducido tamén polo carácter híbrido do paradigma de *ver*. Téñase en conta, ademais, que o paradigma de *ver* aparece ó lado dos de *crer* e *ler*, que, a diferenza daquel, son regulares e teñen, polo tanto, o mesmo radical para os dous temas.

---

<sup>174</sup> Cfr. ALGa, mapas 401 (*viches*) e 404 (*viron*).

## 14.20. Vir.

## 14.20.1. O presente de indicativo e o imperativo.

Os casos de alternancia que afectan ás formas destes tempos, *vinde(s) / vide(s)*, *veñen / vén* e *veñes, veñe / vés, vén*, foron xa tratadas no epígrafe correspondente de *ter*, un verbo co que *vir* mantén un estreito paralelismo en todo o tema de presente.<sup>175</sup>

## 14.20.2. O tema de perfecto.

En primeiro termo, cómpre destacar que para a P<sub>1</sub> do pretérito de indicativo Saco (p. 90) e Valladares (p. 88) rexistran ó lado da solución común *vin* unha formación analóxica *viñen* que permite eliminar unha das dúas 'irregularidades' que presenta o tema de perfecto (P<sub>1</sub> *vin*, P<sub>3</sub> *veu*). Esta forma, que Saco debía coñecer ben, pois é característica, aínda que non exclusiva, do galego da metade sur de Lugo e do norte de Ourense<sup>176</sup>, non é con todo frecuente no galego escrito do XIX. De tódolos textos revisados soamente a atopamos na obra de dous ourensáns: Lamas Carvajal (*Saudades*, p. 56) e o propio Saco (*Literatura popular*, p. 314 -2 veces-), neste último caso en competencia co maioritario *vin* (pp. 56, 85, 98, 127, 133 -2 veces-, 160, 200, 203, 336).

Outro caso de concorrencia de solucións alternativas é o que se rexistra na P<sub>3</sub> deste mesmo tempo. Para esta forma Valladares ofrece o resultado común *veu* e, ademais, o analóxico *viu*, creado sobre a base dos verbos da terceira (*partir - partiu; vir - viu*) interpretando o -e- ([ε] ou

---

<sup>175</sup> Vid. supra, pp. 624-627.

<sup>176</sup> Cfr. Fernández Rei, *Dialectoloxía*, p. 102, e ALGa, mapa 411.

[e]) do radical coma se fose vocal temática<sup>177</sup>. Saco, en cambio, cita unicamente a forma *veu*. Fóra dunha pequena área do sur de Pontevedra *viu* a penas se rexistra máis que de forma moi ocasional. Por isto semella que a súa inclusión na obra do da Estrada obedece a un mecanismo de compensación que, tal vez inconscientemente, trata de nivela-los resultados de *vir* cos de *ver*. Non obstante, *viu* aparece documentado nos textos, pero sempre en posición moi minoritaria con respecto a *veu*, consagrada desde o principio como forma 'normal'<sup>178</sup>.

---

<sup>177</sup> Cfr. *Normas*, p. 122.

<sup>178</sup> Temos un exemplo en Rosalía (*Follas*, p. 114) e outro na *Literatura popular* (p. 115). Sen embargo, tanto na poesía rosaliana como na obra de Saco *veu* é a forma maioritaria (*Cantares*, pp. 44, 157; *Follas*, pp. 14, 64, 197; *Literatura*, pp. 63, 90, 115, 133, 198 -2 veces-, 203, 208 -6 veces-, 209 -2 veces-, 229, 232, 236).

## 15. O adverbio

### 15.1. Caracterización.

Prescindindo polo de agora das discrepancias que poidan existir acerca das clases de palabras sobre as que incide o adverbio, cómpre salientármola coincidencia básica entre as tres definicións da clase adverbio que atopamos nos textos galegos:

El adverbio es una palabra indeclinable, que modifica la significación de los verbos y adjetivos (Saco, p. 119).

Es una palabra invariable que sirve á calificar, bien un verbo, bien un adjetivo, ó bien otro adverbio (Valladares, p. 104).

El adverbio (*ad verbum*) es una palabra que sirve para modificar la acción del verbo, ampliando ó limitando su extensión (Rodríguez, "Apuntes", p. 74).

As tres definicións responden ó patrón caracterolóxico maioritariamente seguido pola tradición gramatical. Así, nelas os trazos de corte formal ocupan un lugar moi marxinal (Saco e mais Valladares límitanse a indicar que se trata dunha clase 'invariable' ou 'indeclinable'), ou ben nin sequera están presentes, como sucede no texto de Rodríguez. Non podía ser doutro xeito dada a insuficiencia do criterio formal para caracteriza-lo adverbio fronte ás demais clases de palabras invariables.

Pola contra, a súa caracterización como clase baséase en trazos de natureza semántica. Neste sentido, estimamos

moi atinadas as observacións de Gómez Asencio<sup>1</sup> acerca da interpretación do concepto 'modificar', que nestes gramáticos e en xeral en toda a produción gramatical do XIX debe entenderse como 'expresar unha modificación' e non como 'desempeñar na cláusula a función sintáctica de modificador'.

Por outra banda, das tres definicións vistas quizais sexa a de Valladares a que con maior claridade tende unha ponte de relación entre o adverbio e o adxectivo. O propio emprego do termo 'cualificar', co que define o papel do adverbio, parece apuntar a esta vinculación, que, por outra parte, xa fora posta de relevo anteriormente por numerosos gramáticos<sup>2</sup>.

Polo que se refire ó texto de Rodríguez, a caracterización do adverbio complétase coa equivalencia semántica que establece entre o adverbio e o sintagma formado por unha preposición e un substantivo, ou mesmo por un só substantivo:

Exceptuando el adverbio negativo *no* y el afirmativo *sí*, todos pueden resolverse por un nombre sustantivo, v. g.: *Estoy aquí*, ó lo que es igual *en este lugar*; *estudiaré pronto*, esto es *en breve tiempo*; *ganaré mucho* ó lo que es lo mismo *gran cantidad* ("Apuntes", p. 74).

Se as definicións citadas máis arriba pouco máis son ca unha repetición mecánica do modelo manexado pola tradición occidental, este novo enfoque que lle dá Rodríguez, se non orixinal, pois está presente xa en Port-Royal<sup>3</sup>, e logo en

---

<sup>1</sup> Cfr. *Gramática y categorías verbales*, pp. 223-226.

<sup>2</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 226, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 142-143.

Condillac ou Destutt Tracy<sup>4</sup>, resulta cando menos pouco frecuente na gramática española do XIX<sup>5</sup>.

Polo demais, segundo se bota de ver nas definicións, os nosos gramáticos discrepan con respecto ás clases de palabras que resultan 'modificadas' polo adverbio. Rodríguez, que neste aspecto se revela como o máis tradicionalista e conservador de todos eles, indica soamente o verbo, inducido tal vez pola propia etimoloxía do termo 'adverbio'. A pesar da evidente insuficiencia desta descrición, son moitos os gramáticos contemporáneos a el que seguen a repetila<sup>6</sup>. Saco, pola súa parte, engade na definición unha nova clase, o adxectivo, como facía a Academia nalgunhas edicións da súa gramática<sup>7</sup>. Sen embargo, inmediatamente despois o ourensán completa a nómina co substantivo e co propio adverbio.

Por último, Valladares, que cita o verbo, o adxectivo e mailo adverbio, ofrece a formulación que hoxe en día conta con máis seguidores dentro da gramática de corte tradicional. Non obstante, a pesar da súa antigüidade (aparece exposta por primeira vez en Jovellanos) e do seu

---

<sup>3</sup> Na *Grammaire* de Arnauld e Lancelot esta equivalencia exprésase do seguinte xeito: "Le désir que les hommes ont d'abrèger le discours, est ce qui a donné lieu aux adverbes, car la plupart de ces particules ne sont que pour signifier en un seul mot, ce qu'on ne porrait marquer que par une préposition et un nom" (p. 107). Tamén Rodríguez insiste na 'utilidade' do adverbio para abreviar a expresión: "aunque no son indispensables en las lenguas, contribuyen, sin embargo, á hacer más breve la expresión" (p. 74).

<sup>4</sup> Cfr. Brøndal, *Les parties*, p. 53.

<sup>5</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 222, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 141-142.

<sup>6</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, pp. 143-144.

<sup>7</sup> Na de 1866, por exemplo, tras defini-lo adverbio como a palabra que modifica o verbo, engadía: "También suele juntarse con el adjetivo, modificándole á la manera que al verbo" (p. 117).

arraigamento actual, non parece que esta postura contase con moitos seguidores dentro da gramática española do XIX<sup>8</sup>.

### 15.2. Clasificación.

Os modelos de clasificación que propoñen os nosos gramáticos tampouco achegan ningunha novidade de importancia con respecto ós sistemas habituais na tradición occidental. De tódolos xeitos, cómpre advertir que só Saco (pp. 119-124) manexa os dous criterios usuais: o formal e o semántico. Valladares (pp. 104-107) e Rodríguez ("Apuntes", pp. 74-76), pola contra, distinguen unicamente subclases semánticas.

Conforme ó criterio formal os adverbios poden ser, segundo Saco, simples, os que constan dunha soa palabra, ou compostos, os que constan de máis de unha palabra. Ora ben, a fronteira entre estes últimos e as chamadas locucións adverbiais ('modos' adverbiais segundo a terminoloxía de Saco) resulta difícil de precisar. Os *modos adverbiais* aparecen definidos como "ciertos idiotismos que generalmente se forman de alguna preposición con sustantivos ó adjetivos usados adverbialmente" (p. 124). Sen embargo, esta definición acáelle perfectamente a algunhas das formas que cita como exemplos de adverbios compostos. Deste xeito, mentres que *agusto* (p. 119) é, segundo el, un adverbio composto, *a modo*, *a rastro* (p. 125) ou *d'aquela* (p. 127) son modos adverbiais. A distinción entre uns e outros parece baseada, pois, no feito de que nuns casos o autor decida

---

<sup>8</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 231-232, e Calero Vaquera, *Historia*, p. 145.



convencionalmente grafa-los dous elementos unidos, formando unha soa palabra, ou ben separados<sup>9</sup>.

Polo demais, as clasificacións de base semántica que ofrecen Saco, Valladares e mais Rodríguez son as habituais en tódolos textos contemporáneos. De todas elas é a de Valladares (pp. 104-107) a que con máis fidelidade se axusta ó modelo das gramáticas españolas, que adoitan distinguir adverbios de afirmación, de negación, de dúbida, de lugar, de tempo, de modo, de cantidade, de comparación e de orde<sup>10</sup>. A de Saco é practicamente idéntica, coa única salvidade de que nela se suprimen os de comparación e de orde e se engaden os interrogativos. Rodríguez, por último, é moito máis restrictivo, e só recoñece os de lugar, tempo, modo e cantidade.

As formas relacionadas baixo cada un destes epígrafes e os valores a elas asignados a penas ofrecen datos de interese para o comentario. De tódolos xeitos, confrontando as solucións recollidas por Saco coas que ofrece Valladares, observamos no primeiro, se non unha predilección, si unha atención especial ás solucións características, e nalgún caso exclusivas, do seu galego nativo. Este é o caso, por exemplo, de *huxe*, que figura ó lado do común *hoxe* (p. 121), o de *despoixa* (p. 122), *eiquí*, *eí*, *elí* (p. 121), *esí* (p. 123), *eixiña* ou *aixiña* (p. 122), etc.

---

<sup>9</sup> A esta dificultade para establecer un límite entre o "mínimo" e o "estenso" refírese tamén Antón Santamarina, "El adverbio gallego", *Verba* 2 (1975), pp. 59, n. 1. O profesor Santamarina propón atender a dous criterios, o significado, pois "a un contenido simple corresponderá un adverbio mínimo", e a grafía: "en caso de que admita la grafía en una sola palabra será indicio de que es mínimo también; en caso contrario será extenso". Ora ben, cómpre recoñecer que a discrecionalidade con que os escritores optan por grafar unidas ou separadas certas formas, especialmente en períodos en que non existe unha norma consolidada, dificulta a aplicación deste segundo criterio.

<sup>10</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, pp. 147-149, e Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 170-173.

## 16. Os 'elementos de relación': preposición e conxunción

### 16.1. Definición.

As definicións de preposición e conxunción son enfocadas nos textos galegos desde unha perspectiva semántico-sintáctica, en tanto que elementos que 'expresan' a relación que se establece entre dous termos. Os trazos formais ('invariabilidade' ou 'indeclinabilidade') quedan novamente nun segundo plano dada a imposibilidade de asentar neles a distinción entre as dúas clases. Mesmo así, as definicións propostas para cada unha presentan, como veremos, serios problemas de colisión.

Dos tres autores que tratan da cuestión (Saco, Valladares e Rodríguez) é Saco o que advirte máis claramente a relación que existe entre as dúas clases. Así, considera que o seu papel é o de "expresar relaciones ya entre las ideas, ya entre los pensamientos" (p. 127). No primeiro caso estamos diante dunha preposición, no segundo diante dunha conxunción. Con respecto á súa caracterización cómpre destacar en primeiro lugar que os termos con que se designan os elementos entre os que se establece a relación ('ideas' e 'pensamentos') deixan translucir unha concepción loxicista da linguaxe, que conta, por outra parte, con bastantes defensores dentro da tradición gramatical española<sup>11</sup>. Ora ben, o que Saco non aclara é cal é, a seu entender, a diferencia entre as 'ideas' e os 'pensamentos'. En calquera caso, na miña opinión, este recurso a termos tirados da lóxica debe entenderse como un intento de evita-la

<sup>11</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 239-240, e Calero Vaquera, *Historia*, p. 151.

dificultade de distingui-las dúas clases partindo da categoría verbal ou sintáctica dos elementos relacionados.

Menos avisado ca Saco, Valladares ofrécenos dúas definicións basicamente idénticas. Vexámolas:

[Preposición] es tambien una palabra invariable que hace conocer la relación que existe entre dos nombres, dos frases, ó dos proposiciones (p. 108).

[Conxunción] es una palabra que sirve á unir y ligar entre si las frases de un discurso" (p. 112).

A imprecisión da terminoloxía lingüística que manexan os nosos autores impídenos coñecer exactamente o significado de termos como 'frase' ou 'proposición'. En calquera caso, contraponendo as dúas definicións semella factible deducir que, en opinión de Valladares, o que diferencia as preposicións das conxuncións é que mentres que as primeiras poden poñer en relación dúas palabras, as segundas están reservadas exclusivamente para face-lo propio con unidades sintagmáticas superiores. Esta é a postura seguida por un bo número dos gramáticos españois contemporáneos, que explican aqueles casos en que na estrutura superficial a conxunción aparece unindo 'palabras' mediante o recurso da elisión: *Xoan e Pedro van de paseo = Xoán vai de paseo + Pedro vai de paseo*<sup>12</sup>.

Por outra parte, Valladares, como moitos dos seus contemporáneos, reforza a súa caracterización da preposición establecendo os seus límites coa clase adverbio. Para iso recorre ó coñecido argumento de que a preposición "nada espera después de si y el sentido queda acabado, completo,

---

<sup>12</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, pp. 164-165.

sin necesidad de mas [...], mientras que la preposición espera alguna palabra despues de si" (p. 108)<sup>13</sup>.

Rodríguez sen dúbida percibiu tamén a dificultade de distinguir preposicións e conxuncións partindo só da natureza dos elementos relacionados. Para salvara recorre ó subterfuxio de empregar en cada unha das definicións termos tirados de disciplinas distintas (a lóxica e a lingüística), e, xa que logo, non homologables. Así, a preposición "es una palabra invariable que expresa la relación entre dos *ideas*" ("Declinación", p. 390; "Apuntes", p. 15) en tanto que as conxuncións "tienen la particularidad de unir las *oraciones* y todos los *vocablos*, que figuran en el discurso oratorio, á excepción de la preposición" ("Apuntes", p. 77).

De tódolos xeitos, a oposición entre as dúas clases fundaméntase principalmente no papel da preposición como sinalador do 'caso gramatical' ou, por dicilo con termos modernos, da función sintáctica do elemento que segue. neste sentido, a preposición serve de "índice para fijar la acepción, en que se toma la voz, á quien afecta" ("Declinación", p. 390; "Apuntes", p. 15").

## 16.2. Clasificación das preposicións.

As únicas tentativas que rexistramos para a clasificación das preposicións corresponden a Saco e a Rodríguez. O primeiro (pp. 127-128) ofrécenos ata tres modelos distintos en función do criterio empregado. Así, atendendo ó seu significado, as relacións que establecen as preposicións poden ser de lugar, de tempo, de causa, de contrariedade, etc. Por outra banda, de acordo coa súa constitución morfolóxica pódense distingui-las preposicións

<sup>13</sup> Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 255-258.

simples (*de, con, etc.*) das compostas (*descontra, dendesde, etc.*) e dos 'modos prepositivos':

Así como hemos visto modismos que equivalen á adverbios, los hay tambien que hacen el oficio de preposiciones, y que podrian llamarse *modos prepositivos*. Suelen componerse de algun sustantivo y una ó mas preposiciones (p. 129).

En realidade, a delimitación das 'preposicións compostas' e os 'modos prepositivos' non se establece de forma clara. Como no caso dos adverbios compostos e as locucións adverbiais semella que o trazo definitorio reside no feito de que mentres que nos primeiros os dous elementos se escriben convencionalmente unidos, nos segundos aparecen separados. Isto non impide que Saco confunda uns e outros:

Algunos adverbios, cuando van seguidos de alguna preposicion, equivalen á preposiciones compuestas, por mas que los dos elementos se escriban separadamente (p. 129).

Por último, dependendo da súa independencia formal, as preposicións poden tamén dividirse en inseparables ("no pueden usarse, sino en composicion con otras palabras") e separables ("las que pueden emplearse fuera de composicion") (pp. 127-128). En realidade, as chamadas preposicións inseparables son simplemente prefixos. A súa inclusión dentro da clase preposición é bastante frecuente entre os gramáticos decimonónicos, ó contrario do que sucedía na tradición anterior, en que adoitaban ser excluídos da clase<sup>14</sup>.

Semellante a esta última, mais non idéntica, é a única distinción que establece Rodríguez:

---

<sup>14</sup> Para as relacións entre preposicións e prefixos na tradición española cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 253-255, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 157-158.

Serán separables aquellas que tienen significado propio, y nunca se usan en palabras compuestas [...]. Preposiciones *inseparables* son aquellas que, aunque tienen significado, sólo se usan en composición ("Declinación", pp. 461-462; "Apuntes", pp. 15-16).

Obsérvese que para Rodríguez o trazo que define as 'separables' é a imposibilidade de empregalas como prefixos. Saco, máis prudente, recoñecía como tales as que podían aparecer illadas. A inadecuación da caracterización de Rodríguez maniféstase en canto confrontámo-las relacións de exemplos dos dous tipos e comprobamos que algunhas formas, como *con* ou *sobre*, aparecen nas dúas nóminas.

Valladares (pp. 108-112), pola súa parte, rexeita implicitamente a distinción entre separables e inseparables e só recolle na súa obra as que os outros dous autores denominan preposicións separables.

Noutra orde de cousas, as diverxencias entre os tres autores citados a propósito da nómina de preposicións 'separables' son mínimas. De tódolos xeitos, as máis completas son sen dúbida as de Saco e Valladares, practicamente coincidentes: *a*, *ante*, *baixo*, *cara*, *con*, *contra* ou *descontra* (*escontra* en Valladares), *de*, *deica*, *dende* ou *dendesde* (en lugar desta última en Valladares atopámo-la conxunción *desque*), *en*, *entre* ou *antre*, *hastra*, *onda* ou *unda*, *para* ou *pra*, *por*, *segun* (*asegún* en Valladares), *sin* ou *sen*, *sobre*, *su*, *tras*, *xunta* ou *xunto* (falta en Valladares)

Fronte a elas, a de Rodríguez mostra unha acusada influencia da relación que ofrecen habitualmente as gramáticas españolas<sup>15</sup>. Tanto é así que a supresión do *hacia*

---

<sup>15</sup> As formas recollidas son *á*, *ante*, *baixo*, *cabe*, *con*, *contra*, *de*, *dende*, *en*, *entre* ou *antre*, *hastra*, *ende*, *pra*, *por*, *según*, *sín*, *so*, *sobre*, *tras*.

castelán nin sequera queda compensada pola incorporación dalgún dos seus equivalentes galegos.

### 16.3. Clasificación das conxuncións.

Os sistemas de clasificación das conxuncións non son moi diferentes dos sinalados para as preposicións. Así, adoptando un criterio formal, Saco (pp. 136-137) distingue entre conxuncións simples (*que*), compostas (*porque*) e modismos conxuntivos (*para que*). Desde esta mesma perspectiva, Valladares (p. 114) fala só de simples e compostas. Aínda que nominalmente as dúas propostas coinciden, en realidade non é así, xa que as compostas de Valladares (*con tal que, así que, etc.*) son os modismos conxuntivos de Saco. En cambio, algunhas das simples de Valladares serían compostas para o ourensán (*siquera, emporeso, etc.*)

Polo que se refire á clasificación baseada en criterios semánticos, os tres autores que vimos manexando ofrecen cadansúa relación. Aínda que a coincidencia non é plena, detectamos un grupo bastante numeroso, formado polas copulativas, disxuntivas, adversativas, causais, condicionais e ilativas -conclusivas en Rodríguez-, que aparecen nas tres propostas. A este grupo hai que engadilas comparativas (Saco e Valladares), as concesivas (Saco e Rodríguez), as finais (Valladares e Rodríguez), as distributivas (Valladares e Rodríguez, que as denomina correlativas), as determinativas e temporais (Saco), as continuativas (Valladares) e as explicativas (Rodríguez).

Ora ben, cómpre aclarar que en Saco e en Valladares todos estes tipos aparecen enumerados sen ningunha clase de organización interna. En Rodríguez, pola contra, establécese

unha distinción, moderna e innovadora para o seu tempo<sup>16</sup>, entre as 'coordinativas' (copulativas, disxuntivas, adversativas, explicativas, conclusivas e correlativas), que "ligan tan sólo las oraciones", e as 'subordinativas' (finais, causais, condicionais e concesivas), que, ademais de ligar, "subordinan oraciones" (p. 77).

#### 16.4. Notas sobre o emprego dalgunhas preposicións.

Non podemos rematar este capítulo sen facermos referencia a certos empregos dalgunhas preposicións galegas que deron pé a opinións encontradas por parte dos gramáticos galegos. A controversia, que afecta unicamente a Saco e Valladares, xorde da distinta concepción que estes dous autores teñen acerca da función da gramática. En realidade, o que sucede é que Valladares, facendo súas as censuras contra o castelán de Galicia de Álvarez Giménez<sup>17</sup> e interpretando que as regras de corrección gramatical do español teñen validez universal e, en consecuencia, son aplicables a calquera lingua, condena como faltas contra a gramática e contra a pureza da linguaxe o que non son máis ca usos galegos non coincidentes co castelán. Neste caso está, por exemplo, o non emprego, que non 'supresión', da preposición *a* nas perífrases *ir*, *vir* ou *volver* + infinitivo, recomendadas por Saco (pp. 188 e 200) e condenadas por Valladares (p. 108). Algo semellante acontece co emprego da construción *a* + infinitivo con valor xerundial (Saco, p. 200; Valladares, p. 109). Por último, tamén a opcionalidade do emprego da preposición *de* na perífrase de futuridade *haber* + (*de*) + infinitivo, recoñecida por Saco (p. 180), foi

---

<sup>16</sup> Para os escasos precedentes desta distinción na gramática española, cfr. Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 177-182, e Calero Vaquera, *Historia*, pp. 166-169.

<sup>17</sup> *Los defectos del lenguaje*, pp. 62-68.



obxecto da crítica de Valladares, que condena a súa omisión (pp. 109-110).

Maior fortuna tiveron outros usos específicos destas e doutras preposicións, que Valladares nin sequera recolle na súa obra. Refírome, por exemplo, ó non emprego de *a* precedendo o "término de acción de los verbos activos", ou, con outras palabras, complemento directo (Saco, p. 200), ou á utilización da preposición *en* introducindo o complemento directo dun verbo que expresa unha acción en desenvolvemento: *comer no pan, apurar neles*, etc. (Saco, p. 203). Sen embargo, o da Estrada si condena o emprego desta preposición co verbo *ir* en construcións como *vai en Santiago* (p. 111).

## 17. A interxección

A interxección entra a formar parte das 'partes da oración' da man de gramáticos latinos como Donato ou Prisciano. A partir de aquí, o seu estatuto gramatical vai ser obxecto de discusión para os gramáticos, que se dividen en dous bandos: o dos que, seguindo a tradición latina, a inclúen na relación de clases de palabras e a dos que lle negan esta condición, normalmente por considerala non unha 'parte' da oración, senón a expresión dun pensamento completo<sup>18</sup>. Na tradición española máis próxima ós nosos autores esta segunda corrente é aínda claramente minoritaria. Sen embargo, mesmo entre os gramáticos que na práctica a tratan como clase de palabras é factible observar certa reticencia a dispensarlle un tratamento igual có que se lle dá, por exemplo, ó verbo ou ó pronome. Así, non é infrecuente que estes gramáticos eviten emprega-lo termo 'palabra' para se referiren a ela<sup>19</sup>. En última instancia este feito non é máis ca un índice da escasa convicción con que estes autores asumen a doutrina tradicional das 'partes da oración'.

Entre os autores galegos, Saco e Valladares manteñen rutinariamente a interxección entre as clases de palabras e ofrecen para ela unha definición de corte semántico similar ás que é posible atopar na maioría dos tratados da época:

Dase este nombre á certas palabras cortas é indeclinables con las que el alma expresa instintivamente sus afectos (Saco, p. 138).

Es una palabra que sirve unicamente á expresar las diferentes afecciones del ánimo (Valladares, p. 115).

---

<sup>18</sup> Cfr. García González, *Contribución*, pp. 71-75.

<sup>19</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, pp. 170-171.

Rodríguez, pola contra, encarna na gramática galega a posición dos autores que dubidan entre ser fieis ás súas propias conviccións ou acepta-lo criterio de autoridade da Academia. Así, aínda que na súa obra a interxección figura na relación inicial das 'partes da oración' ("Apuntes", p. 14), logo, no breve capítulo a ela dedicado (p. 79), discútelle este estatuto desde presupostos semánticos<sup>20</sup> ("encierra [...] la manifestación completa del pensamiento") e, sobre todo, sintácticos:

Como tales signos, al presente, no formulan, ni el sujeto, ni el verbo, ni el complemento, ni tampoco ninguno de los modificativos de tales elementos de la oración gramatical, sino que son el elemento único y resumen de la expresión del pensamiento, no están muy acertados los gramáticos en denominarlos partes de la oración ("Apuntes, p. 79)<sup>21</sup>.

Sen embargo, a pesar da solidez da súa argumentación, o noso autor acaba por pregarse diante do criterio de autoridade e decide incluí-las interxeccións "aunque no sea sinó por el respeto que nos merece el parecer de la ilustre Academia de la Lengua Española" (p. 79). A decisión de Rodríguez non deixa de ser chocante, sobre todo tendo en conta que a institución académica, xa desde a revisión gramatical de 1870, compartía esas mesmas dúbidas.

Por outra parte, a posibilidade de clasifica-las interxeccións foi un novo motivo de discrepancia entre os gramáticos. A dificultade dunha clasificación de base

---

<sup>20</sup> Coincide deste xeito cos autores que seguen a corrente filosófica de Condillac e Destutt Tracy. Con eles concorda tamén na idea de que na interxección están as raíces da linguaxe humana: "Es tan antiguo su origen que aseguran filólogos eruditos haber sentado con ellas el hombre, al constituirse en sociedad, la base del primitivo lenguaje" ("Apuntes", p. 79). Cfr. Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, pp. 295 e 310.

<sup>21</sup> Compárense as palabras de Rodríguez coas que case cen anos antes escribía o español Mata y Araujo: "no es parte, ni puede serlo, de la oración, porque no puede ser sujeto, ni verbo, ni atributo". Cito por Gómez Asencio, *Gramática y categorías verbales*, p. 303.

semántica era evidente dado o carácter ocasional do seu significado. Diante disto, un bo número de autores optan por non establecer ningunha división interna. Na gramática galega esta é a posición de Valladares ou de Rodríguez. Outros, en cambio, distinguen entre interxeccións propias (as formas usadas só como interxeccións) e as interxeccións impropias (palabras pertencentes a outras clases de palabras que poden funcionar ocasionalmente como interxeccións)<sup>22</sup>. Esta é a liña na que se inscribe Saco, que, se ben non emprega estas etiquetas, distingue as "únicas interjecciones verdaderas", que son "meros sonidos inarticulados, rápidas exhalaciones del alma, movida con vehemencia por algún afecto", como *ai*, *oi*, *hou*, *hui*, *ei* (p. 138), das que, funcionando como interxeccións, non son senón "monosílabos que tal vez se han formado por abreviacion de otras palabras" (p. 138) ou ben "verbos, nombres ó adverbios, usados en sentido exclamatorio" (p. 139).

---

<sup>22</sup> Cfr. Calero Vaquera, *Historia*, p. 179, e Gómez Asencio, *Subclases*, pp. 182-185.

### III. CONCLUSIÓN

## 1. O problema ortográfico.

No século XIX o galego comeza a manifesta-los primeiros indicios da súa recuperación como lingua escrita, timidamente nas primeiras décadas, con máis forza conforme vai decorrendo a centuria. Os longos séculos de silencio que preceden este período de renacencia foron paradoxalmente os que contemplaron as transformacións máis substanciais que experimentou a lingua antiga no seu camiño cara á súa conformación actual. Deste xeito, o enmudacemento do galego durante os Séculos Escuros, ó crear un hiato entre a lingua medieval e a moderna, supuxo unha ruptura na tradición escrita, o que en última instancia acabaría provocando que o noso idioma accedese á idade contemporánea como unha lingua practicamente ágrafa.

Diante da falta dunha tradición recente de que botar man, as primeiras persoas que, polas razóns que sexan, collen a pluma para escribiren en galego vense na obriga de inventar un patrón ortográfico á medida das características que naquela altura presentaba o idioma. Evidentemente as circunstancias con que se tiveron que enfronta-los escritores do Rexurdimento 'pleno' non foron as mesmas cás que deberon atopar homes como Fernández Neira, Boado ou Pardo de Andrade, que escribiron as súas obras sen a penas contaren con referentes inmediatos. Pola contra, co incremento da produccion escrita durante a segunda metade do século percíbese xa unha certa interacción entre os textos que van vendo a luz. Así e todo, aínda a pesar desta proliferación de autores e de obras, os escritores debían sentirse polo común bastante orfos. Así o confesa Rosalía no

seu prólogo a *Cantares gallegos* cando declara escribir "sin gramática, nin regras de ningun-ha clás". Non moi diferente debía de se-la impresión dos que a seguiron no tempo. Os escritos producidos durante o primeiro tercio do século carecían da entidade suficiente para convertérense en modelo para uns autores con vocación literaria culta. Polo demais, os autores máis próximos no tempo eran demasiado recentes para mereceren a consideración de autoridades en materia lingüística.

Por outra banda, o proceso de expansión do galego escrito, ó facer aflora-las diverxencias entre os escritores a propósito de certos problemas puntuais, permite distingui-las distintas tendencias que se ían perfilando con respecto ó establecemento do patrón ortográfico.

Foi precisamente esta cuestión a que máis atención concitou e máis controversias provocou entre gramáticos e curiosos en xeral. En certa medida é normal que fose así. As dificultades léxicas ou gramaticais podían salvarse de forma máis ou menos airosa acudindo ó dialecto nativo, pero o carácter carácter convencional e a miúdo arbitrario dos sistemas ortográficos non permitía este recurso.

Segundo sinalamos pouco máis arriba, a tradición escrita máis recente non reunía condicións para erixirse en modelo. Aínda que por razóns diversas, algo semellante sucedía cos textos antigos. O sistema gráfico característico do galego medieval, aínda que non tan descoñecido como se pretende, resultaba de escasa utilidade para o moderno debido ás transformacións experimentadas polo sistema fonolóxico ó longo dos séculos. Este proceso evolutivo facía da ortografía antiga un sistema pouco económico e, en consecuencia, enormemente complexo para os escritores

contemporáneos. Por esta razón a descuberta da tradición antiga do galego non se traduciu en propostas de adopción das súas convencións gráficas. Só en casos puntuais como o da discusión sobre a representación da prepalatal fricativa xorda se invocou o galego medieval como argumento en favor do emprego combinado de <g>, <j> e <x>. De tódolos xeitos, en ningún momento se chegou a propoñer de forma explícita como criterio de emprego destes tres grafemas o comunmente adoptado nos textos antigos. É máis, non faltaron as censuras dentro do propio bando etimoloxista contra algúns membros como Antonio de la Iglesia, que, contravindo os 'principios etimolóxicos', amosaba en ocasións unha certa debilidade polo sistema antigo.

Fóra disto, a tradición antiga non exerceu a penas influencia, cando menos no plano gráfico, sobre os gramáticos e escritores do Rexurdimento. A única excepción digna de mención constitúea a obra de López Ferreiro, onde este influxo si é claramente perceptible en cuestións como o emprego do grafema <ç>, a adopción dos sufixos antigos *-zón* / *-çón* e *-són*, o predominio dos plurais tipo *oficiaes*, a resolución en *ao* e *aa* dos encontros entre a preposición *a* e o artigo determinado, e o mantemento no plano gráfico dos hiatos xerados pola desaparición das consoantes intervocálicas (*avoo*, *teebras*, *campaa*, *orfaa*, *bees*, *corazoos*, etc.). De tódolos xeitos, coido que o de López Ferreiro en un caso illado dentro do panorama do XIX galego.

Tamén foi bastante marxinal o papel que desempeñou o portugués no proceso de discusión e fixación do patrón ortográfico do galego. As abondosas declaracións, máis frecuentes conforme avanza o século, sobre a proximidade ou mesmo sobre a identidade dos dous idiomas non conseguiron traspasa-la fronteira do puramente verbal e constitúen



simples afirmacións retóricas ou sentimentais sen a penas repercusións prácticas. Así, nin sequera nos defensores da reunificación detectamos tentativas serias de adoptar para o galego o sistema gráfico do portugués. Non obstante, nalgún caso concreto o exemplo do portugués sen dúbida exerceu unha influencia importante cando non decisiva. Refírome, por exemplo, ó debate xa citado sobre a representación do /ʃ/, no que o portugués é invocado como exemplo desde as posicións etimoloxistas. Ora ben, a simple adopción da triple representación non abonda para acepta-la influencia directa do portugués. De feito, na maioría dos escritos dos etimoloxistas o portugués non ocupa, contra o que cabía esperar, un lugar preeminente, senón que figura, aparentemente en pé de igualdade, con outros idiomas románicos como o francés ou o italiano. En cambio, a asunción deste sistema por parte do belixerante grupo de escritores que na última década do século proclaman a necesidade da 'reintegración' si parece obedecer a un intento deliberado de achegarse ó portugués.

Pola contra, outras cuestións que dificilmente podían pasar desapercibidas, como a representación das palatais lateral e nasal, non saen á luz máis ca incidentalmente, e nunca nas gramáticas nin nos escritos máis propiamente lingüísticos. Algúns intentos de adopción das grafías portuguesas, como o protagonizado por Pondal, axiña foron abandonados e non tiveron tempo de callar.

Se a influencia da ortografía portuguesa a penas é perceptible, a da española si xogou un papel máis destacado, mesmo a pesar da tendencia diferencialista que de modo incipiente se aprecia xa desde os primeiros tempos do Rexurdimento. Foron varios os factores que así o determinaron. En primeiro lugar, cómpre ter presente que os

gramáticos galegos, e os escritores en xeral, pola súa procedencia social e / ou pola súa formación intelectual tiñan o castelán como primeira lingua. En segundo termo, tampouco convirá esquecer que estas obras -e neste caso penso fundamentalmente nos traballos de corte gramatical- teñen sempre o castelán como punto de referencia: de feito, están pensadas desde o castelán e van dirixidas a un público eminentemente castelán-falante. Por último, os homes e mulleres que protagonizan o Rexurdimento en ningún momento aspiran a expulsa-lo castelán do dominio lingüístico galego, senón que de mellor ou de peor grado aceptan a súa presenza de facto. Os máis ambiciosos e atrevidos conformaríanse simplemente con que o galego gozase da mesma consideración e prestixio có seu competidor. Nestas circunstancias non debe resultar estraño que nalgúns autores opere, inconsciente ou deliberadamente, unha certa tendencia a non afastar en exceso o sistema gráfico galego do castelán. En caso contrario, ocasionaríanse -entenden eles- non poucas complicacións para a aprendizaxe nunhas persoas que parten dun coñecemento previo da ortografía española. Así, por exemplo, fóra duns poucos casos de emprego do acento con finalidade diacrítica, o sistema de acentuación gráfica maioritariamente empregado nos textos galegos do século XIX é moi semellante, cando non idéntico, ó prescrito pola Academia Española. Tentativas illadas como a de Valladares, que propón un sistema 'á francesa', en ningún momento acadaron o consenso necesario para impoñérense. Este mesmo desexo de facilita-la aprendizaxe da ortografía galega a un público que empregaba comunmente o castelán percíbese tamén nos criterios que Valladares propón para o emprego dos grafemas <g>, <j> e <x>. Por outra banda, por máis que nalgúns textos se recorde a necesidade de empregar <b>, <v> e <h> de acordo con criterios estrictamente etimolóxicos, o

certo é que moi a miúdo os escritores e os mesmos gramáticos se deixan arrastrar polos hábitos adquiridos durante a aprendizaxe do castelán: *hachar, hirmán, horfo, bran, abó, armonía...* Ora ben, estes e outros casos similares deben achacarse máis á inseguridade e asistematicidade características dos momentos aurorais da recuperación dunha lingua ca a unha vontade deliberada de asumir-la ortografía española. Os chamados a empregar <b>, <v> e <h> conforme á etimoloxía ou as advertencias de Saco contra a utilización de <y> nos ditongos decrecentes en posición final, aínda que en xeral serviron de ben pouco, son unha mostra da vontade inequívoca de conseguir para o galego un sistema gráfico autónomo. Do mesmo xeito hai que entender-la insistencia no emprego de signos gráficos como o apóstrofo ou o guión de enlace, que a miúdo asumen un valor emblemático como plasmación gráfica de certas virtudes tópicas (eufonía, dozura, etc.) atribuídas ó galego.

Sen descartar por completo que puidesen existir motivacións ocultas, creo que no debate sobre a ortografía do galego non xogou un papel destacado a vontade de achegamento ó español ou ó portugués. Pola contra, a discusión xurdiu principalmente polas distintas concepcións que tiñan estes autores acerca da natureza e da finalidade do sistema gráfico. Deste xeito, disputas sobre cuestións de detalle e mesmo triviais adquiren unha dimensión que transcende o simple plano anecdótico. A través dos debates particulares, e especialmente a través do debate sobre a representación do /ʃ/, percíbese a existencia de dúas tendencias fundamentais. A primeira delas, fortemente impregnada de pragmatismo, concibe a ortografía desde presupostos utilitarios. Desde estas posicións considérase, polo tanto, que o papel da ortografía é meramente secundario e que a súa fixación debe orientarse ó servicio da sinxeleza

e da facilidade da aprendizaxe. A outra tendencia nace con vocación elitista e parte dunha concepción sacramental da ortografía, que se entende como reflexo do xenio e da historia da lingua e que, polo tanto, non pode alterarse caprichosamente. A estas diferencias de criterio non son alleas as discrepancias no relativo ós límites da recuperación do galego. Aínda que a xeneralización do uso do galego e a súa implantación no ensino non se contemplan nun horizonte próximo, percíbese nos defensores da primeira postura, Saco e Lamas sinaladamente, unha preocupación por facilita-lo acceso ó galego escrito a todo tipo de persoas. En cambio, desde a outra perspectiva o galego enténdese máis ben como instrumento literario ou como xoguete erudito.

Agora ben, aínda que os distintos autores que viñemos estudiando neste traballo defendan ocasionalmente unha destas posicións, o certo é que ningún deles mantén de forma coherente e sistemática o mesmo criterio a propósito de tódolos problemas. Así, defensores da sinxeleza da representación única do /ʃ/ propoñen o emprego de apóstrofos, guións e acentos gráficos diversos conforme unhas normas confusas e complexas que eles mesmos transgreden a miúdo. Pola contra, outros autores, como Rodríguez Rodríguez, partidarios da racionalidade no emprego destes signos gráficos avogan pola representación triple da prepalatal fricativa xorda. Por outra parte, a dura polémica entre foneticistas e etimoloxistas esgótase na discusión sobre a grafía do /ʃ/, e así, problemas análogos como o de <b> / <v> ou <h> nunca chegaron a ser tratados coa mesma escrupulosidade. É probable que os etimoloxistas considerasen que non pagaba a pena insistir nestas cuestións, pois o sistema gráfico habitualmente empregado era o resultado de aplicar, aínda que non de forma sistemática, o criterio etimolóxico. Polo que se refire ós

foneticistas, o seu silencio explícase probablemente polo desexo de concilia-lo principio de modernización e simplificación da ortografía coa conveniencia de non afastar en exceso o sistema gráfico do galego do dos idiomas veciños e de non provocar unha ruptura radical e traumática coa tradición.

## 2. A descrición gramatical e o modelo de lingua.

Polo que se refire á descrición gramatical propiamente dita, cómpre sinalar en primeiro lugar o desinterese que se percibe en xeral en tódolos autores pola dimensión teórica das súas obras. Na miña opinión, esta actitude non pode achacarse a unha soa causa, senón que é consecuencia da acción combinada de diversos factores, singularmente das carencias na formación dalgúns autores e, sobre todo, da concepción da gramática galega como instrumento subsidiario ou complementario da española. Con estes presupostos é inútil esperar dos autores galegos propostas de análise radicalmente orixinais ou innovacións teóricas extraordinarias. Pola contra, en todos eles apreciamos en maior ou en menor grao un sometemento rutinario e ás veces irreflexivo á tradición gramatical española. Deste xeito, as obras estudadas acusan claramente a influencia das doutrinas da Academia Española e, no caso particular de Valladares, da gramática de Salvá. Da escasa vocación de orixinalidade dos gramáticos galegos pode servir como mostra a renuncia de Rodríguez a defende-las súas opinións críticas coa Academia verbo da inclusión da interxección na nómina das 'partes da oración'. Así e todo, é preciso aclarar que esta actitude submisa non é patrimonio exclusivo dos gramáticos galegos, senón que caracteriza tamén a unha boa parte dos textos españois contemporáneos a eles.

Por outra parte, aínda que podemos dicir que esta é a tónica xeral, é de xustiza recoñecer que nas gramáticas galegas non todo é reprodución mecánica e seguimento acrítico dos modelos escollidos. Así, nos nosos textos, e de forma especial na obra de Saco, atopamos solucións terminolóxicas (v. gr. a denominación 'lexioloxía'), definicións ou propostas de clasificación e subclasificación das 'partes da oración' que desde unha óptica actual poderán considerarse máis ou menos felices, pero que en todo caso agochan unha reflexión sobre os feitos lingüísticos e unha crítica das posicións máis conservadoras.

A partir da lingua recollida e proposta explícita ou implicitamente como modelo e, sobre todo, a partir das opinións expresadas con respecto a certas formas, usos e fenómenos pódense identificar dúas orientacións distintas, dúas maneiras diferentes de concibi-la gramática e de aborda-lo problema da constitución do patrón culto. Existe en primeiro lugar unha tendencia predominantemente descritiva, representada por Saco, que descansa sobre a idea de que toda solución é válida e aceptable no galego escrito coa única condición de que sexa galega. Consecuentemente con estes presupostos o gramático ourensán renuncia polo xeral á selección normativa e, en todo caso, límitase a manifestar, ou, máis a miúdo, a insinua-las súas preferencias. Cando así sucede, estas baséanse sempre en criterios de carácter interno, sobre todo na coherencia interna do sistema (*bateches* é preferible a *batiches* porque /e/ é a vocal temática da CII; *canciós* é mellor ca *cancións* porque en posición interior o grupo tautosilábico *-ns-* tende a reducirse en *-s-*) e, nalgúns casos, nas intuicións do autor acerca da frecuencia relativa de cada variante (por esta razón dáselles preferencia a *oír* e *ouír* fronte a *ouvir* e *\*ouzar*). Con todo, mesmo nestes casos o noso autor raramente

rexeita ou desaconsella abertamente o emprego das demais solucións. Esta tolerancia e permisividade con respecto a todo tipo de variantes diatópicas trócase en rixidez cando sobre unha determinada solución recaen dúbidas acerca da súa lexitimidade. Nestes casos Saco adopta unha postura escrupulosamente purista e rexeita ou omite calquera forma que supoña tomada do castelán. Aínda que os acertos derivados desta actitude son moi numerosos -para comprobalo abonda con repasa-las solucións recollidas nos capítulos correspondentes á morfoloxía verbal e confrontalas coas que dá Valladares-, o purismo de Saco condúceo ás veces a un diferencialismo que, se ben non atinxe as cotas que caracterizan o galego escrito nas primeiras décadas do XX, nunca é desexable por canto supón unha dependencia con respecto á outra lingua en conflito. Deste xeito, algunhas formas xenuinamente galegas pero coincidentes formalmente cos seus correspondentes casteláns quedan relegadas a un segundo plano ou simplemente son excluídas da descrición. Un caso extremo pode se-lo do pronome suxeito *tu*, xeral na área de procedencia de Saco e omitido na súa gramática, pero ademais pódense citar outros exemplos, como os dos demostrativos femininos *ista*, *isa*, que sen dúbida deben a súa presenza na obra ó feito de seren solucións diferenciais con respecto ó castelán. Nesta mesma dirección apunta a predilección que mostra o noso autor polas formas que presentan algún tipo de alteración fonética, singularmente a harmonización vocálica, ou polas solucións que lle permiten establecer un contraste co castelán que resulte vantaxoso para o galego (gal. *llo* / *llelo* fronte ó esp. *se lo*).

Os traballos representativos da segunda tendencia, singularmente os de Valladares e Rodríguez, aínda sendo eminentemente descritivos, acusan unha maior incidencia do

compoñente normativista. Polo común, esta circunstancia débese ós prexuízos antipopularistas destes autores, que ven con desconfianza a pretensión de Saco de toma-lo galego aldeán como modelo de corrección. Deste xeito, diante das imperfeccións que eles perciben na linguaxe 'rústica' e, sobre todo, diante da inexistencia dun rexistro culto que se poida adoptar como modelo, estes gramáticos considéranse autorizados para intervir máis activamente no proceso de selección. Un exemplo paradigmático desta intervención constitúeo o emprego do termo 'vulgarismo', un concepto que, se ben non pode aplicarse propiamente a unha lingua que a penas está introducida nos rexistros cultos, é manexado adoito nestes textos. En realidade o recurso ó vulgarismo é a miúdo un subterfuxio empregado para estigmatizar certas solucións que estes autores senten como rústicas ou como 'demasiado galegas'. Outra mostra clara da autosuficiencia destes gramáticos é a tentativa protagonizada por Valladares de regularizar artificialmente algúns paradigmas verbais irregulares -lémbrense, por exemplo, os casos de *poñes*, *teñes*, *veñes*-.

Esta coincidencia na consideración negativa do galego 'rústico' e na convicción de que o gramático non pode ser un simple notario da realidade lingüística non se mantén logo á hora de decidir cales son os criterios que deben rexe-la escolla normativa. Para Rodríguez, como xa dixemos en máis dunha ocasión ó longo deste traballo, o grao de fidelidade ó latín constitúe a medida da corrección dunha solución. Deste xeito, no caso de existir variantes, este autor adoita preferir aquela que formalmente máis se aproxime ó étimo. Así sucede, por exemplo, nos casos de *tu* / *ti*, *cantei* / *cantín*, *cantache* / *cantaches* ou *cantaron* / *cantano(n)*. Sen embargo, se nestas ocasións as preferencias de Rodríguez teñen efectivamente un fundamento etimolóxico, noutros casos



estas están baseadas en simples coincidencias superficiais, como ocorre, por exemplo, cos demostrativos *iste, ista, isto* que son presentados como herdeiros directos das correspondentes formas latinas.

En cambio, os pronunciamentos de Valladares en materia normativa fundaméntanse polo xeral na observancia dunhas regras de corrección de validez supostamente universal. En realidade, como xa queda dito, as súas propostas neste terreo resultan da aplicación ó galego de criterios de corrección tirados do castelán. Esta é a base que lle permite desaconsellar ou mesmo condenar usos e construcións sintácticas, entre eles o emprego de artigo con nome propio de persoa ou algunhas perífrases verbais, comúns en galego pero non admitidas no español culto.

De tódolos xeitos, é preciso advertir que fóra destes casos, que podemos considerar excepcionais, a gramática de Valladares en ningún momento revela unha vocación normativa clara. Pola contra, sobre todo no terreo morfolóxico, o da Estrada admite sen criterio aparente variantes alternativas sobre as que non manifesta as súas preferencias. Un bo exemplo disto pode se-lo capítulo da morfoloxía verbal, onde aparecen recollidas en pé de igualdade solucións características de diversas áreas dialectais ó lado de formas xurdidas da hibridación de galego e castelán. O mesmo sucede na atribución de xénero gramatical a certos substantivos que o teñen diferente en castelán e en galego. Nun bo número destes casos Valladares evita pronunciarse acudindo á cómoda etiqueta de 'substantivos de xénero ambiguo'.

Con tan fracos argumentos sería evidentemente esaxerado pretender situa-lo compoñente prescritivo como principal

trazo definitorio desta obra. Non obstante, non deixa de ser certo que as mostras desta inclinación normativista, por escasas que sexan, son un índice das opinións deste autor verbo do papel da gramática e dos prexuízos con que aborda a descrición do galego. Aínda así, a principal diferenza que separa a obra de Valladares da de Saco non é tanto o seu maior ou menor normativismo coma a súa tolerancia con respecto ó castelanismo.

En conclusión, despois de todo o visto podemos afirmar que, prescindindo dos aspectos puramente ortográficos, nos textos gramaticais a preocupación pola unificación do galego escrito ocupa un lugar moi secundario. A súa pretensión non é tanto a de conseguir un modelo de lingua que supere e transcenda o estado de dialectalización do idioma coma a de integrar toda esa realidade plural nun molde suficientemente amplo e flexible como para que nel teña cabida a variedade. Neste sentido, as gramáticas non supuxeron un avance notable no proceso de estandarización. A súa aportación fundamental neste terreo estriba na inequívoca afirmación da autonomía do galego e no esforzo despregado na procura dunha variedade culta singular e depurada de elementos alleos. Entendidas así, as gramáticas do XIX constitúen a primeira defensa explícita do galego 'identificado'. Polo demais, estes textos ofrecen sen dúbida un material de primeira man para o estudio do galego e para o coñecemento das ideas e actitudes lingüísticas no século pasado.

## IV. BIBLIOGRAFÍA

## 1. Referencias bibliográficas.

- Abad, Francisco, "Bello, Salvá y la Academia", *Revista de la Sociedad Española de Lingüística*, 11, 2 (1981), pp. 447-455.
- Alarcos Llorach, Emilio, *Estudios de gramática funcional del español*, Gredos, Madrid, 1980<sup>3</sup>.
- Alcalá Alba, Antonio, "La reforma ortográfica de Andrés Bello", in *Homenaje a Andrés Bello. Memoria*, Universidad Nacional Autónoma de México, México, 1983, pp. 75-107.
- Aldrey y Salvado, Cayetano Antonio (ed.), *Barbarismos de la inscripción del monumento á los Mártires de Carral*, Imprenta de Coni Hermanos, Buenos Aires, 1907.
- Alfonso X el Sabio, *Cantigas de Santa María de don Alfonso el Sabio*, Real Academia Española, Madrid, 1889.
- ALGa, vid. Francisco Fernández Rei, *Atlas Lingüístico Galego*.
- Alonso, Amado, "Estilística y gramática del artículo en español", in *Estudios lingüísticos. Temas españoles*, Gredos, Madrid, 1951, pp. 123-160.
- Alonso, Dámaso, "Gallego-asturiano «engalar» 'volar': casos y resultados de velarización de -N- en el dominio gallego", *Homenaje a Fritz Krüger*, vol. 2, Mendoza, 1952, pp. 209-215. Reproducido en *Obras Completas*, vol. I: *Estudios Lingüísticos Peninsulares*, Gredos, Madrid, 1972, pp. 457-464.
- Alonso, Dámaso, "B = V en la Península Hispánica", en *La fragmentación fonética peninsular*, suplemento ó tomo I da *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, C.S.I.C., Madrid, 1962, pp. 155-209. Reproducido en *Obras Completas*, I (*Estudios Lingüísticos Peninsulares*), Gredos, Madrid, 1972, pp. 215-290.
- Alonso Montero, Xesús, "Variantes do texto autógrafo", in Manuel Curros Enríquez, *O divino Sainete*. Edición de Xesús Alonso Montero, Edicións do Castro, A Coruña, 1969, pp. 127-136.
- Alonso Montero, Xesús, *O que compre saber da lingua galega*, Alborada, Buenos Aires, 1969.
- Alonso Montero, Xesús, *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica*, Celta, Lugo, 1970.

- Alonso Montero, Xesús, "Prehistoria da Academia. Á procura da norma culta de 1875 a 1905", *Grial* 99 (1988), pp. 8-18.
- Alonso Montero, Xesús, "O día en que se inaugurou a Academia Galega: o problema da(s) lingua(s)", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, Universidade de Santiago, 1991, pp. 7-18. Reproducido en *Informe(s) sobre a lingua galega (Presente e pasado)*, Edicións do Cumio, Vilaboa, 1991, pp. 157-170.
- Alvar, Manuel e Pottier, Bernard, *Morfología histórica del español*, Gredos, Madrid, 1983.
- Álvarez Blanco, Rosario, *O pronome persoal en galego*, 2 vols., tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 1980.
- Álvarez Blanco, Rosario, "O artigo en galego. Morfoloxía", *Verba* 10 (1983), pp. 169-182.
- Álvarez Blanco, Rosario, "Consideracións sobre a metafonía nominal galega", in Dieter Kremer (ed), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversario*, Max Niemeyer Verlag, Tübingen, 1988, pp. 141-158.
- Álvarez Blanco, Rosario, "Á procura dunhas bases para a unificación: A contribución de Antonio Couceiro Freixomil", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, Universidade de Santiago, 1991, pp. 19-31.
- Álvarez [Blanco], Rosario, Monteagudo, Henrique e Regueira, Xosé Luís, *Gramática galega*, Galaxia, Vigo, 1986.
- Álvarez de la Braña, Ramón, "Del origen y la formación del dialecto gallego", *El Buscapié*, n. 102 (10.04.1868), pp. 2-3, e 103 (18.04.1868), pp. 2-3. Reproducido na súa obra *Galicia, León y Asturias*, A. Martínez Salazar, Ed., A Coruña, 1894, pp. 255-264.
- Álvarez Giménez, Emilio, *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia*, Pontevedra, 1870. Reeditado co título de *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León*, Pontevedra, 1892. Manexo a terceira edición publicada pola Imprenta y Librería de Andrés Martín, Valladolid, 1909.
- Andrade, Eugénio d', "Sobre os plurais em galego", *Boletim de Filologia* 29 (1984), pp. 173-190.
- Arévalo, Joaquín de, "El dialecto", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 7 (07.1888), pp. 301-312.

- Ariza, Manuel, "Sobre la palatal sonora no rehilada en español antiguo", *Estudios ofrecidos a Emilio Alarcos Llorach*, Universidade de Oviedo, 1978, vol. 2, pp. 1-22.
- Arnauld, Antoine e Lancelot, Claude, *Grammaire générale et raisonnée de Port-Royal*, Slatkine Reprints, Genève, 1980.
- Balbín de Unquera, Antonio, "¿Cómo deben cultivarse los dialectos?", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, II (1880), n. 28, pp. 348-349.
- Balbín de Unquera, Antonio, "Estudios lingüísticos. El portugués y el gallego", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, III (1881), n. 27, pp. 315-316.
- Barreiro Meiro, José, "Á todos y á uno", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 5 (05.1888), pp. 211-214. Publicado orixinalmente en *El Ciclón*.
- Barreiro Meiro, José, "Dos cartas. I. Á uno, al mismo y á todos. II. En pro de mi lengua", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 7 (07.1888), pp. 335-341. Publicado orixinalmente en *El Ciclón*.
- Barros, João de, *Diálogo em louvor da nossa linguagem. Lettura critica dell'edizione del 1540 con una introudzione su "La questione della lingua in Portogallo"* a cura di Luciana Stegagno Picchio, Societá Tipografica Editrice Modenese, Modena, 1959.
- Bello, Andrés, *Análisis ideolóxico de los tiempos de la conjugación castellana*, Valparaíso, 1841. Edición facsimilar en Caracas, 1972.
- Bello, Andrés, *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*. Con las *Notas* de Rufino José Cuervo. Estudio y edición de Ramón Trujillo, 2 vols., Arco Libros, Madrid, 1988.
- Bello, Andrés, "Indicaciones sobre la conveniencia de simplificar y uniformar la ortografía en América", en *Antología general*, vol. I, Ediciones Edime, Caracas-Madrid, 1981, pp. 798-812.
- Benveniste, Émile, "Formes nouvelles de la composition nominale", in *Problèmes de linguistique générale*, vol. 2, Gallimard, Paris, 1974, pp. 163-176.
- Blanco Valdés, X.L., "Palabras compostas en galego-portugués", *Verba* 12 (1985), pp. 199-252.

- Bonaparte, L.-L. e Viana, A. R. Gonçalves Viana, "Correspondance philologique", *Revue Hispanique* 6 (1899), pp. 5-51.
- Braga, Teóphilo, *Cancioneiro portuguez da Vaticana. Edição crítica*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1878.
- Brea, Mercedes, "Aproximación ó estudio das palabras compostas", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. I, Universidade de Santiago, 1991, pp. 77-100.
- Brøndal, Viggo, *Les parties du discours. Parties orationis. Études sur les catégories linguistiques*, Einar Munksgaard, Copenhagen, 1948.
- Buescu, Maria Leonor Carvalhão, *A Gramática da linguagem portuguesa de Fernão de Oliveira*, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1975.
- Buescu, Maria Leonor Carvalhão, *Historiografia da língua portuguesa*, Sá da Costa, Lisboa, 1984.
- Calero Vaquera, María Luisa, *Historia de la gramática española (1847-1920)*, Gredos, Madrid, 1986.
- Câmara Jr., Joaquim Mattoso, *Princípios de Lingüística Geral*, Padrão, Rio de Janeiro, 1989<sup>7</sup>.
- Câmara Jr., Joaquim Mattoso, *Estrutura da língua portuguesa*, Vozes, Petrópolis, R.J., 1988<sup>18</sup>.
- Câmara Jr., Joaquim Mattoso, *Problemas de lingüística descritiva*, Vozes, Petrópolis, R.J., 1988<sup>13</sup>.
- Câmara Jr., Joaquim Mattoso, *História e estrutura da língua portuguesa*, Padrão, Rio de Janeiro, 1985<sup>4</sup>.
- Carballo Calero, Ricardo, "Un manuscrito de D. Mariano Cubí y Soler (Observaciones sobre el gallego y otras curiosidades lingüísticas)", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 24 (1969), pp. 275-289.
- Carballo Calero, Ricardo, "Sobre os dialectos do galego", *Grial* 23 (1969), pp. 1-15. Reeditado como "Modalidades do galego", in *Sobre lingua e literatura galega*, Galaxia, Vigo, 1973, pp. 211-228.
- Carballo Calero, Ricardo, *Sobre lingua e literatura galegas*, Galaxia, Vigo, 1973.
- Carballo Calero, Ricardo, *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Universidade de Santiago, 1972.

- Carballo Calero, Ricardo, "La constitución del gallego como lengua escrita", *Verba* 1 (1974), pp. 31-40. Reproducido como "A constituíçom do gallego como língua escrita", in *Problemas da língua galega*, Sá da Costa, Lisboa, 1981, pp. 37-51.
- Carballo Calero, Ricardo, "Sobre dialectoloxía do gallego", *Grial* 61 (1978), pp. 348-353. Reeditado como "Sobre dialectologia do gallego", in *Problemas da língua galega*, Sá da Costa, Lisboa, 1981, pp. 121-128.
- Carballo Calero, Ricardo, "Testemunhos gráficos do gallego *decer* 'dizer'", *Verba* 5 (1978), pp. 106-111.
- Carballo Calero, Ricardo, *Gramática elemental del gallego común*, Galaxia, Vigo, 1979<sup>7</sup>.
- Carballo Calero, Ricardo, "Novos testemunhos gráficos do gallego *decer* 'dizer'", *Verba* 7 (1980), pp. 203-207.
- Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, Galaxia, Vigo, 1981<sup>3</sup>.
- [Carré Alvarellos, Leandro], *Compendio de gramática galega*, Biblioteca Galeguista, Imprenta Nova, A Coruña, 1919. Asinada coas iniciais R.A.
- Carvalho, José G. Herculano de, "Sobre a evolução de LAUDARE > louvar, AUDIRE > ouvir", *Boletim de Filologia* 14 (1953), pp. 218-232.
- Carvalho, José G. Herculano de, *Estudos lingüísticos*, 3 vols., Coimbra Editora, Coimbra, 1984.
- Castro, Ivo e Leiria, Isabel, "As reformas ortográficas: do romantismo à actualidade", en Ivo Castro, Inês Duarte, Isabel Leiria (eds.), *A demanda da ortografia portuguesa. Comentário do Acordo Ortográfico de 1986 e subsídios para a compreensão da Questão que se lle seguiu*, Edições João Sá da Costa, Lisboa, 1987, pp. 204-218.
- Castro, Ivo, Duarte, Inês, e Leiria, Isabel (eds.), *A demanda da ortografia portuguesa. Comentário do Acordo Ortográfico de 1986 e subsídios para a compreensão da Questão que se lle seguiu*, Edições João Sá da Costa, Lisboa, 1987.
- Castro, Ivo, "Carolina Michaëlis e a arte de erguer monumentos", prefacio a Carolina Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro da Ajuda*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1990, vol. I, pp. j-l. Trátase dunha reimpresión facsimilar da primeira edición (Max Niemeyer, Halle a. S., 1904).



- Cid Hermida, Luciano, "Parolemos", *La Pequeña Patria*, I, n. 10 (10.02.1891), pp. 155-156.
- Cintra, Luís F. Lindley, *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo*, Publicações do Centro de Estudos Filológicos, Lisboa, 1959. Reedición facsimilar da Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1984.
- Cintra, Luís F. Lindley, *Sobre "formas de tratamento" na língua portuguesa*, Livros Horizonte, Lisboa, 1986<sup>2</sup>.
- Cornu, Jules, "Neugalizische Formenlehre", apéndice á súa obra *Grammatik der portugiesischen Sprache*, in G. Gröber (ed.), *Grundriss der romanischen Philologie*, vol. I, Karl J. Trübner, Strassburg, 1906<sup>2</sup>, pp. 1031-1037. Manexo a traducción ó español "Morfología del gallego moderno", *BRAG* I, n. 1 (20.05.1906), pp. 7-9; n. 2 (20.06.1906), pp. 28-30; n. 3 (20.07.1906), pp. 52-54; n. 4 (20.08.1906), pp. 75-77; n. 5 (20.09.1906), pp. 99-101.
- Corominas, Joan e Pascual, José Antonio, *Diccionario crítico-etimológico castellano e hispánico*, 6 vols., Gredos, Madrid, 1977-1991.
- Couceiro, José Luis, *El habla de Feás*. Anexo 5 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1976.
- Couceiro Freixomil, Antonio, "A nosa ortografía. Sobre o emprego do apóstrofo", *Nós* 24 (1925), pp. 5-8.
- Couceiro Freixomil, Antonio, "A nosa ortografía. De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras", *Nós* 25 (1926), pp. 7-9.
- Couceiro Freijomil, Antonio, *El idioma gallego. Historia, Gramática, Literatura*, Casa Editorial Alberto Martín, Barcelona, 1935.
- Couceiro Freijomil, Antonio, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, 3 vols., Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1954.
- Cunha, Celso e Cintra, Luis F. Lindley, *Nova gramática do português contemporâneo*, Sá da Costa, Lisboa, 1984<sup>2</sup>.
- Cuveiro Piñol, Juan, *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, Imp. de José A. Antunez y C<sup>a</sup>, Pontevedra, 1868.

- Cuveiro Piñol, Juan, *Diccionario gallego. El más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares y su pronunciación*, Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y C<sup>a</sup>, Barcelona, 1876.
- Davies, Catherine, *Rosalía de Castro no seu tempo*, Galaxia, Vigo, 1986.
- Diez, Friedrich, *Grammaire des langues romanes*, Librairie A. Franck, Paris 1874. Edición facsimilar de Slatkine e Laffitte Reprints, Genève / Marseille, 1973.
- Domínguez Caparrós, José, "La gramática de la Academia del siglo XVIII", *Revista de Filología Española* 58 (1976), pp. 81-108.
- Dyen, Isidore, "Portuguese *nosso* and *vosso*, *nós* and *vós*", *Language* 12 (1936), pp. 134-135.
- Echaide, Ana María, "El género del sustantivo en español: evolución y estructura", *Iberorromania* 1 (1969), pp. 89-124.
- Erotiguer, Ramón, vid. José María Riguera Montero.
- Fernández González, José Ramón, *Etnografía y cultura del valle de Ancares*. Anexo 10 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1978.
- Fernández y Morales, Antonio, "Catálogo y significación de las voces del subdialecto berciano, usadas en este libro", en *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, Establ. Tip. de la Viuda de Miñón, León, 1861, pp. 371-379.
- Fernández Neira, Santiago, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 45 (19.01.1896), p. 3.
- Fernández Pulpeiro, Juan Carlos, *Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia*, Edición do Castro, Sada, 1981.
- Fernández Rei, Francisco, *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega*, 2 vols., tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 1978 / 1979.
- Fernández Rei, Francisco, *Dialectoloxía da lingua galega*, Xerais, Vigo, 1990.
- Fernández Rei, Francisco (coord.), *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. I: Morfoloxía verbal, Fundación Barrié, A Coruña, 1990.

- Fernández del Riego, Francisco, *Historia da literatura galega*, Galaxia, Vigo, 1981<sup>5</sup>.
- Ferreiro, Manuel, *Pondal: do dandysmo á loucura. Biografía e correspondéncia*, Edicións Laiovento, Santiago, 1991.
- Ferreiro, Manuel, "A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego", *Cadernos de lingua* 4 (1991), pp. 49-70.
- Filgueira Valverde, José F., "El primer vocabulario gallego y su colector el Bachiller Olea", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 8 (1947), pp. 591-608
- Fulvio Vergodense, vid. Florencio Vaamonde Lores.
- Galmés de Fuentes, Alvaro, "El arcaísmo fonológico de los dialectos del norte portugués y su importancia para la lingüística románica general", *Actas do IX Congreso Internacional de Lingüística Românica*, vol. 3, Centro de Estudos Filolóxicos, Lisboa, 1962, pp. 19-30.
- García de Diego, Vicente, *Elementos de Gramática Histórica Gallega (Fonética - Morfología)*, Imprenta y Librería Hijos de Santiago Rodríguez, Burgos, 1909. Reproducción facsimilar como Anexo 23 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1884.
- G[arcía] Gondar, Francisco, *O infinitivo conxugado en galego*. Anexo 13 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1978.
- García González, Constantino, *Contribución a la historia de los conceptos gramaticales. La aportación del Brocense*, CSIC, Madrid, 1960.
- García González, Constantino, "Resultados del sufijo -ANA en gallego", *Verba* 2 (1975), pp. 151-156.
- García González, Constantino, *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1985.
- García González, Constantino, *Temas de lingüística galega*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1985.
- [García Ribera, Ventura] (?), "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 48 (09.02.1896), p. 4. Asinado coas iniciais R.G.V.
- García de la Riega, Celso, *Dialecto gallego. El artículo definido o, a, o y el Sr. Martínez Salazar*, Imp. Barros hno., Pontevedra, 1907.

- G[arcía] R[odríguez], C[arme] e F[ontoira] S[urís], L[ydia], s.v. 'Cancioneiros', *Gran Enciclopedia Gallega*, 4, pp. 240-241.
- García Vázquez Queipo, Antonio, *Enmienda de algunos vicios de locución á que propenden los naturales de Galicia*, Imprenta de José M. Paredes, Santiago, 1884.
- Gili Gaya, Samuel, *Curso superior de sintaxis española*, Bibliograf, Barcelona, 1980<sup>13</sup>.
- Golpe, Salvador, "Cuestión gramatical", *BRAG*, I, n. 2 (20.06.1906), pp. 32-36.
- Gómez Asencio, José J., *Gramática y categorías verbales en la tradición española (1771-1847)*, Universidade de Salamanca, 1981.
- Gómez Asencio, José J., *Subclases de palabras en la tradición española (1771-1847)*, Universidade de Salamanca, 1985.
- Gómez Clemente, Xosé María e Arias Freixedo, Xosé Bieito, "O 'Vocabulario gallego-castellano' de Eduardo Pondal", *Cadernos de lingua* 2 (1990), pp. 11-46.
- González Besada, Augusto, *Cuadro de la literatura gallega en los siglos XIII y XIV*, Tip. de Luis Carragal y Puga, Pontevedra, 1885.
- González Besada, Augusto, *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua*, Tip. de La Voz de Galicia, A Coruña, 1887.
- González Seoane, Ernesto, *Textos galegos de mediados do século XIX. Glosario do Álbum de la Caridad*, tese de licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1986.
- González Seoane, Ernesto, "Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX", en *Actas do XIX Congreso de Lingüística e Filoloxía Románicas*, en prensa.
- González Seoane, Ernesto, "O debate sobre o galego na prensa do XIX. Algúns datos para unha historia do antigaleguismo", *Grial* 110 (1991), pp. 275-287.
- González Seoane, Ernesto, "O debate sobre a independencia do galego na última década do século XIX", in *Homenaxe a Pilar Vázquez Cuesta*, Universidade de Santiago (en prensa).

- Graña y Orje, Valentín, *Tratado sobre corrección del lenguaje castellano al alcance de los niños, presentándose, con explicaciones, las principales faltas que, tanto en las variaciones gramaticales de aquel lenguaje como en el uso de sus palabras, suelen cometerse en Galicia, destinado como libro de lectura ó para premios á las escuelas y familias de este país*, Imprenta del Siglo, Pontevedra, 1867.
- Guillaume, Gustave, "Particularisation et généralisation dans le système des articles français", in *Langage et science du langage*, Librairie A.-G. Nizet / Presses de l'Université Laval, Paris / Québec, 1964, pp. 143-156.
- Hampejs, Zdeněk, "Alguns problemas do infinitivo conjugado no português", *Boletim de Filologia* 18 (1959), pp. 174-194.
- Henríquez Salido, Maria do Carmo, "As gramáticas do galego do século XIX", in *Actas. I Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*, AGAL, A Coruña, 1986, pp. 443-467.
- Hermida, Carme, *O artigo: funcións, valores e usos*, tese de licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1986.
- Hermida, Carme, "A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]", *Grial* 97 (1987), pp. 299-316.
- Hermida, Carme, "Contribución á caracterización sociolingüística da segunda metade do século XIX", *Cadernos de lingua* 1 (1990), pp. 57-78.
- Hermida, Carme, "A consideración social do galego no século XIX e os intentos de modificala", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, Universidade de Santiago, 1991, pp. 95-103.
- Hermida Carme, *O rexurdir da conciencia idiomática (1840-1891)*, tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 1991.
- Hermida, Carme, "Galego e portugués durante o século XIX (1840-1891)", in *Homenaxe a Pilar Vázquez Cuesta*, Universidade de Santiago (en prensa).
- Hermida, Carme, "O alomorfo *lo* do artigo nas cantigas medievais", *Cadernos de lingua* 4 (1991), pp. 71-85.
- Huber, Joseph, *Gramática do português antigo*, Fundação Calouste Gulbenkian, Lisboa, 1986.

- Iglesia, Antonio de la, "Portugal", *Galicia. Revista Universal de este Reino*, III, n. 7 (01.04.1862), pp. 97-99.
- Iglesia, Antonio de la, *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, 3 vols., Latorre y Martínez, editores, A Coruña, 1886. Reproducción facsimilar en *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1977.
- Iglesia, Antonio de la, "Ortografía gallega", *Galicia Humorística, Galicia Humorística*, ano I, tomo I, n. 10 (30.05.1888), pp. 305-307; n. 11 (15.06.1888), pp. 337-339; tomo II, n. 1 (15.07.1888), pp. 13-15. Previamente fora publicado en *El Ciclón*. A primeira entrega reproducíuna ademais *O tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 232 (10.06.1888), pp. 4-5.
- Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, ILG-RAG, Vigo, 1982.
- Krüger, Fritz, "El perfecto de los verbos en -ar en los dialectos de Sanabria y de sus zonas colindantes", *RFE* 38 (1954), pp. 45-82.
- [Lamas Cavajal, Valentín], "A o señor de Torre-Cores", *Revista de Galicia*, I, n. 12 (25.06.1880), pp. 149-150. Asinado co pseudónimo "Un gallego vello".
- [Lamas Carvajal, Valentín], "A custion X", *O tío Marcos da Portela*, X, parr. 238 (22.07.1888), pp. 1-2.
- [Lamas Carvajal, Valentín], "Cartas d'un maestro d'escola ô tío Marcos d'a Portela", *O tío Marcos da Portela*, X, parr. 239 (29.07.1888), pp. 1-2; 240 (05.08.1888), pp. 1-2; 242 (19.08.1888), pp. 1-2; 243 (26.08.1888), pp. 1-2; 244 (02.09.1888), pp. 1-2. Asinado como Alberte Vidueiros.
- [Lamas Carvajal, Valentín], "¡Alá eu vou co-a miña moca!", *O tío Marcos da Portela*, X, parr. 240 (05.08.1888), pp. 5-6.
- [Lamas Carvajal, Valentín], "¡Arde o eixe!", *O tío Marcos da Portela*, X, parr. 242 (19.08.1888), pp. 5-6.
- [Lamas Carvajal, Valentín], "A X n-un intrewieu", *O tío Marcos da Portela*, X, parr. 241 (12.08.1888), pp. 1-2. Asinado como Pedro d'Ourelo.
- [Lamas Carvajal, Valentín], "Que sigan", *O tío Marcos da Portela*, X, parr. 247 (30.09.1888), pp. 1-2. Asinado como Manoel de Lence.

- Lapesa, Rafael, *Historia de la lengua española*, Gredos, Madrid, 1981<sup>9</sup>.
- Lausberg, Heinrich, *Lingüística románica*, 2 vols., Gredos, Madrid, 1966.
- Lázaro Carreter, Fernando, "El problema del artículo en español. 'Una lanza por Bello'", in *Homenaje a la memoria de don Antonio Rodríguez Moñino*, Castalia, Madrid, 1975, pp. 347-371.
- Lázaro Carreter, Fernando, *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*, Crítica, Barcelona, 1985<sup>2</sup>.
- Leão, Duarte Nunes de, *Ortografia e origem da língua portuguesa*. Introdução, notas e leitura de Maria Leonor Carvalhão Buescu, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1983.
- Ledo Andiñón, Margarita, *Prensa e galeguismo*, Edicións do Castro, Sada, 1982.
- Lence, Manoel de, vid. Valentín Lamas Carvajal.
- López, Teresa, *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX*, Edicións Laiovento, Santiago, 1991.
- López Aydillo, Eugenio, "Los nuevos rumbos", *Estudios Gallegos*, I (1915), n. 6, s.p.
- López Ferreiro, Antonio, *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*, Impr. y Enc. del Seminario Conciliar Central, Santiago, 1895.
- López Ferreiro, Antonio, *Historia de la Santa A. M. Iglesia Catedral de Santiago de Compostela*, 11 vols., Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, Santiago, 1898-1909.
- [López Ferreiro, Antonio], "Un aviso ao bondoso lector", in *Novelas de López Ferreiro*, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1953, pp. 3-8.
- López Taboada, Carme, "Un Appendix Probi na Galicia do XIX", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 105-124.

- López de la Vega, José, "La poesía portuguesa y la poesía gallega", *Galicia. Revista Universal de este Reino*, IV, n. 5 (01.03.1863), p. 39-40; n. 6 (15.03.1863), pp. 43-45; n. 7 (01.04.1863), pp. 54-56; n. 9 (01.05.1863), pp. 68-72; n. 10 (15.05.1863), pp. 74-76; n. 11 (01.06.1863), pp. 95-98; n. 12 (15.06.1863), pp. 109-112; n. 14 (15.07.1863), pp. 142-144; n. 15 (01.08.1863), pp. 153-155; n. 20 (15.10.1863), pp. 240-243; ano V, n. 1 (01.01.1864), pp. 6-10; n. 5 (01.03.1864), pp. 74-76; n. 6 (15.03.1864), pp. 85-90; n. 7 (01.04.1864), pp. 104-109; n. 8 (15.04.1864), pp. 126-130; n. 9 (01.05.1864), pp. 144-145.
- Lorenzo, Ramón, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Primera Crónica de Castilla*. Edición anotada, con introducción, índice onomástico y glosario, 2 vols. (Vol. 1: Introducción, texto anotado e índice onomástico. Vol. 2: Glosario), Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», Ourense, 1975.
- Lorenzo, Ramón, "Gallego y portugués. Algunas semejanzas y diferencias", in *Filología y didáctica hispánica. Homenaje al profesor Hans-Karl Schneider*, Helmut Buske Verlag, Hamburg, 1975, pp. 155-175.
- Lorenzo Ramón, *Crónica Troiana*, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1985.
- Lorenzo, Ramón, "A lingua literaria na época de Rosalía", en *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, vol. 3, Consello da Cultura Galega - Universidade de Santiago, Santiago, 1986, pp. 7-41.
- Lorenzo, Ramón, "Algunhas consideracións sobre a *História do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia", *Verba* 14 (1987), pp. 441-448.
- Lorenzo, Ramón, "Un documento galego de 1466", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, Universidade de Santiago, 1991, pp. 361-385.
- Luca de Tena, Gustavo, *Lengua, cultura y periodismo en Galicia*, Cuadernos para el Diálogo, Madrid, 1976.
- Maia, Clarinda de Azevedo, *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*, Instituto Nacional de Investigação Científica, Coimbra, 1986.



- Mariño Paz, Ramón, "Glosario das Proezas de Galicia", en *Estudio dos primeiros textos en galego do século XIX, con especial atención ás Proezas de Galicia*, tese de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago, 1986.
- Mariño Paz, Ramón, "Motivacións para o emprego da lingua galega na literatura política dos primeiros anos do século XIX", *Grial* 105 (1990), pp. 35-67.
- Mariño Paz, Ramón, "Estudios, informacións e ideas sobre o galego entre os séculos XVI, XVII e XVIII", in *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, Universidade de Santiago, 1991, pp. 125-133.
- Mariño Paz, Ramón, *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do prerrexurdimento galego (1805-1837)*, 2 vols., tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago, 1991.
- Marsal, A., vid. Andrés Martínez Salazar.
- Martelo Paumán, Evaristo, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 50 (23.02.1896), pp. 2-3.
- Martínez Barbeito, Carlos, "Don José Cornide y su *Catálogo de palabras gallegas*", *Boletín de la Real Academia Gallega* 27 (1956), pp. 291-349. O *Catálogo* está entre as pp. 309 e 349.
- Martínez García, Ramón, *Curiosidades gramaticales. Gramática ampliada del idioma español y sus dialectos*, Librería de la Viuda de Hernando, Madrid, 1896<sup>3</sup>
- Martínez González, Manuel, "Tratado sobre el modo de escribir y hablar con propiedad el dialecto gallego", in *Poemas gallegos, seguidos d'un tratado sobre o modo de falar e escribir con propiedade ó dialeuto*, Tip. de J.M. Madrigal, Pontevedra, 1883, pp. 121-127.
- Martínez González, Manuel, "A-o meu estimado amigo o señor don Anton Maria d-a Igrexa", *Galicia Humorística*, ano I, tomo I, n. 11 (15.06.1888), pp. 346-347.
- Martínez González, Manuel, "La ortografía gallega del Sr. D. Antonio Maria de la Iglesia", *Galicia Humorística*, ano I, tomo II, n. 2 (30.07.1888), pp. 41-43.
- Martínez Merino, Juan, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 66 (07.06.1896), pp. 2-3.

- [Martínez Salazar, Andrés], "En tela de juicio", en *Galicia. Revista Regional*, II, n. 4 (04.1888), pp. 159-167. Asinado co pseudónimo de A. Marsal. Publicado orixinalmente en *Álbum literario*.
- [Martínez Salazar, Andrés], "Á uno, á otro y á todos", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 6 (06.1888), pp. 241-250. Asinado baixo o pseudónimo de A. Marsal. Publicado orixinalmente en *Álbum literario*.
- Martínez Salazar, Andrés, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 51 (01.03.1896), pp. 3-4; n. 52 (08.03.1896), pp. 2-3; n. 53 (15.03.1896), pp. 3-4; n. 55 (29.03.1896), pp. 2-3. Asinado coa inicial R.
- Martínez Salazar, Andrés, *Crónica Troyana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*, 2 vols., Imprenta de la Casa de Misericordia, A Coruña, 1900.
- Martínez Salazar, Andrés, "Por la lengua gallega", *Galicia Histórica*, II, n. 12 (1903), pp. 808-810.
- Martínez Salazar, Andrés, *Antiguallas de Galicia. Apuntes acerca del origen e historia del artículo definido gallego-portugués*, Imprenta y Fotograbado de Ferrer, A Coruña, 1907.
- Maurer Jr., Th. H., "O emprego do infinitivo pessoal e impessoal", *Revista Brasileira de Filologia* 3 (1957), pp. 19-57.
- Meier, Harri, "Dezasete, diecisiete, dixsept", *Boletim de Filologia* 9 (1948), pp. 287-292.
- Meier, Harri, "A génese do infinito flexionado português", *Boletim de Filologia* 11 (1950), pp. 115-132.
- Meier, Harri, "Problemas de gramática gallega (I)", *Verba* 1 (1974), pp. 7-15.
- Meier, Harri, "Problemas de gramática gallega (II)", *Verba* 2 (1975), pp. 39-44.
- Menéndez Pidal, Ramón, *El dialecto leonés*, Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo, 1962<sup>2</sup>.
- Menéndez Pidal, Ramón, *Manual de gramática histórica española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1982<sup>17</sup>.
- Mettmann, Walter, "Glossário", in Afonso X o Sabio, *Cantigas de Santa María*. Edición crítica de Walter Mettmann, vol. 2, Xerais, Vigo, 1981.

- Meyer Lübke, Wilhem, *Grammatik der Romanischen Sprache*, Fue's Verlag, Leipzig, 1890. Edición facsimilar de Georg Olms Verlag, Hildesheim / New York, 1972.
- Michael, Ian, *English Grammatical Categories and the Tradition to 1800*, Cambridge University Press, Cambridge, 1970.
- Michaëlis de Vasconcelos, Carolina, *Cancioneiro da Ajuda*, 2 vols., Max Niemeyer, Halle a.S., 1904. Existen dúas reproducións facsimilares. A máis recente é a publicada pola Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1990.
- Mirás, Francisco, *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La Creacion y Redencion. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*, Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás, Santiago, 1864. Reproducción facsimilar de Akal, Madrid, 1978.
- Molina, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1989.
- Molteni, Enrico, *Il canzoniere portoghese Colocci-Brancuti pubblicato nelle parti che completano il codice vaticano 4803*, Max Niemeyer, Halle a.S., 1880.
- Monaci, Ernesto, *Il canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Max Niemeyer, Halle a.S., 1875.
- Monteagudo, Henrique, "Portugués e galego nos gramáticos portugueses do quíñentos", in Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIII<sup>e</sup> Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, vol. V, Max Niemeyer, Tübingen, 1988, pp. 144-158.
- Mourelle Lema, Manuel, *La teoría lingüística en la España del siglo XIX*, Prensa Española, 1968.
- M[urguía], [Manuel], "Glosario", in Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*, Imprenta de D. Juan Compañel, Vigo, 1863, pp. 173-183.
- Murguía, Manuel, "¿Desaparecerán los dialectos?", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, I, n. 21 (1879), pp. 251-252.
- Navarro Tomás, Tomás, "«Vuesasted», 'usted'", *RFE* 10 (1923), pp. 310-311.

- Neira, Margarita e Roig Rechou, Blanca, "Introducción lingüística e criterios da edición", in Marcial Valladares, *Maxina*. Edición de Anxo Tarrío, Margarita Neira e Blanca Roig-Rechou, Xerais, Vigo, 1991, pp. 45-62.
- Nunes, José Joaquim, *Compêndio de gramática histórica portuguesa*, Clássica Editora, Lisboa, 1989<sup>9</sup>.
- Otero, Aníbal, "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXV, 75 (1970), pp. 70-88.
- Otero, Ramón, *Galicia médica. Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Galicia*, Establ. tip. de José R. Rubial, Santiago, 1867.
- Otro Fernández, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 47 (02.02.1896), pp. 2-3.
- Ourelo, Pedro d', vid. Valentín Lamas Carvajal.
- Palacio, X.A. e Roig, Blanca-Ana, "Introducción á lingua da novela", en Antonio López Ferreiro, *A tecedeira de Bonaval*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1985, pp. 37-64.
- Pardo Bazán, Emilia, "Saudades gallegas", *Revista de Galicia*, I, n. 11 (10.06.1880), pp. 136-137.
- Pardo Bazán, Emilia, "¿Idioma ó dialecto?", in *De mi tierra*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1984. Reproducción da primeira edición (Tipografía de la Casa de Misericordia, A Coruña, 1888).
- Pardo Becerra, Manuel, "D'a fala gallega", *A Monteira*, I, n. 1 (05.10.1889), pp. 4-6; n. 4 (26.10.1889), pp. 28-29; n. 10 (17.12.1889), pp. 74-75.
- P[az], J[ulián] (ed.), "Escritos filológicos del Padre Sarmiento", *BRAE* 15 (1928), pp. 22-28, 447-457 e 670-684; 16 (1929), pp. 244-255 e 366-382; 17 (1930), pp. 275-290, 571-592 e 721-742; 18 (1931), pp. 118-135.
- Paz González, María Ángeles, *El habla de Xunqueira de Ambía*, tese de licenciatura inédita, Universidade de Santiago, 1973.
- Pazos García, D., "Los ataques que al regionalismo gallego dirige el Excelentísimo Señor Don Juan Valera", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 1 (01.1888), pp. 15-19.

- Pedreira, Leopoldo, *El Regionalismo en Galicia*, La Linterna, Madrid, 1894.
- Pedreira, Leopoldo, *Descripción de España*, A Coruña, 1912.
- Pellegrini, Silvio e Marroni, Giovanna, *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica galego-portoghese*, Japadre Editore, L'Aquila, 1981.
- Pena, Jesús, "La voz en español. Intento de caracterización", *Verba* 9 (1982), pp. 215-252.
- Pensado Tomé, José Luis, "Un vocabulario gallego del siglo XIX", in *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo, 1958, pp. 275-286.
- Pensado Tomé, José Luis, "Estudio preliminar" a Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*, Universidade de Salamanca, 1970, pp. 7-70.
- Pensado Tomé, José Luis, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XIX*, Fundación Penzol - Galaxia, Vigo, 1974.
- Pensado Tomé, José Luis, *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F.J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*, Universidade de Salamanca, 1976.
- Pensado Tomé, José Luis, *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1985.
- Pensado Tomé, José Luis, "Nuestras letras conflictivas", en *Galicia en su lengua y en sus gentes (Ensayos)*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1991, pp. 7-9.
- Pereira, Aureliano J., "Academia gallega", *Galicia. Revista Regional*, I, n. 2 (02.1887), pp. 105-108.
- Pereira, Aureliano José, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 49 (16.02.1896), pp. 2-3; n. 56 (05.04.1896), pp. 3-4.
- Pérez Ballesteros, José, "Custión gramatical. Conto", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 5 (05.1888), pp. 237-238. Reproducido en José Pérez Ballesteros, *Foguetes*, Andrés Martínez Salazar, editor, A Coruña, 1888, pp. 145-150; en *O Novo Galiciano*, I, n. 18 (16.12.1888), pp. 2-3, e en *O tío Marcos d'a Portela*, X, parr. 257 (09.12.1888), pp. 2-3.
- Pérez Ballesteros, José, "Epigramas", *Galicia Humorística*, ano I, tomo II, n. 2 (30.07.1888), p. 50.

- Pérez Ballesteros, José, "Indicaciones acerca de la Prosodia y Ortografía gallegas", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 8 (08.1888), pp. 379-385.
- Pérez Ballesteros, José, "Prólogo" a Amador Montenegro Saavedra, *Muxenas*, Emp. de Anxel Varela, Vigo, 1896, pp. vii-xxiv.
- Pérez Ballesteros, José, "Unha opinión sobre prosódea e ortografía gallegas", en *Galicia. Revista Quincenal Ilustrada*, III, n. 1 (01.01.1908), p. 5.
- Pérez Placer, Heraclio, "*Líricas gallegas*, de Evaristo Martelo Paumán", *As Burgas*, II, n. 7 (03.02.1895), pp. 2-3.
- Pesqueira Crespo, Roque, "Cuestión de actualidad", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 8 (08.1888), pp. 403-411.
- Pesqueira Crespo, Roque, "Sobre la Academia gallega", *Álbum literario*, II, n. 70 (20.06.1889), p. 3.
- Piel, Joseph M., "A flexão verbal do português (Estudo de morfologia histórica)", *Biblos* 20 (1945), pp. 359-404.
- Pinto, Adelina Angélica, "A neutralização da oposição fonológica v/b em português: estudo sincrónico e diacrónico", *Biblos*, 56 (1980), pp. 597-651.
- Pintos, Xoán Manuel, *Breve diccionario gallego escrito por el tamborilero para facilitar la intelijencia de la Gaita gallega tocada por el gaitero*, Imprenta de José y Primitivo Vilas, Pontevedra, 1853.
- Pla Cárceles, José, "La evolución del tratamiento «vuestra-merced»", *RFE* 10 (1923), pp. 245-280.
- Portas, Manuel, "Reflexos da problemática ortográfica do galego através da correspondência de Manuel Antonio", in *Actas. I Congreso Internacional da Língua Galego-Porttuguesa na Galiza*, AGAL, A Coruña, 1986, 287-294.
- Porto Dapena, Xosé-Álvaro, "Encol da estrutura do verbo galego", *Grial* 35 (1972), pp. 13-28.
- Porto Dapena, José-Álvaro, "Alternancias vocálicas en los nombres y verbos gallego-portugueses: un intento de explicación diacrónica", *Thesaurus* 28, 3 (1975), pp. 526-544.
- Porto Dapena, José-Álvaro, "Fonología de la N velar gallega", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 32 (1976), pp. 467-477.

Porto Dapena, José-Álvaro, *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1977.

Quilis, Antonio, "Vigencia de las teorías ortológicas y métricas de Bello", in *Diálogos Hispánicos de Amsterdam. Homenaje a Andrés Bello en el bicentenario de su nacimiento (1781-1981)*, Universiteit van Amsterdam, Amsterdam, 1982, pp. 139-152.

Quilis, Antonio e Nederehe, Hans-J. (eds.), *The History of Linguistics in Spain*, John Benjamins Publishing Company, Amsterdam / Philadelphia, 1986.

R., vid. Andrés Martínez Salazar.

Rábade Castinheira, Joám Carlos, "As formas «proibidas» nos precursores, nos grandes mestres e nos gramáticos do século XIX", in *Actas. I Congreso Internacional da Língua Galego-Porttuguesa na Galiza*, AGAL, A Coruña, 1986, pp. 469-520.

Real Academia Española, *Gramática de la lengua castellana 1771*. Edición facsimilar da primeira edición cunha introducción de Ramón Sarmiento, Editora Nacional, Madrid, 1984.

Real Academia Española, *Ortografía de la lengua castellana*, Imprenta Real, Madrid, 1815<sup>8</sup>.

Real Academia Española, *Prontuario de ortografía de la lengua castellana, dispuesto de real orden para el uso de las escuelas públicas*, Imprenta Nacional, Madrid, 1854.

Real Academia Española, *Gramática de la lengua castellana*, Imprenta Nacional, Madrid, 1866.

Real Academia Española, *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Espasa-Calpe, Madrid, 1973.

Real Academia Gallega, "Constitución de la Academia", *BRAG*, I, n. 2 (20.06.1906), p. 25.

Real Academia Gallega, "Instrucciones para la redacción de papeletas para el Diccionario", *BRAG*, n. 11 (20.03.1907), pp. 244-245.

Real Academia Gallega (Comisión de Ortografía), "Ortografía gallega. Proposición. Dictamen", *BRAG*, IV, n. 26 (20.05.1909), pp. 46-47.

R.G.V., vid. Ventura García Ribera.

- Ribalta, Aurelio, "Nota sobre reforma da ortografía gallega", en *Libro de Konsagrazión. Feixe de poesias gallegas*, Librería de los Sucesores de Hernando, Madrid, 1910, pp. 139-165.
- Ribalta, Aurelio, "Por la ortografía gallega", *El Eco de Santiago*, ano XIV, 06.04.1910, p. 1; 20.04.1910, p. 1; 06.05.1910, p. 1.
- Riguera Montero, José María, *Películas académicas. Entresacadas de una copiosa y selecta variedad*, Papelería e Imprenta Garcibarra, A Coruña, 1908. Asinado co pseudónimo de Ramón Erotiguer.
- Riveiro Costa, Suso, "Nota sobre o vocabulario inédito galego-castelán de X. M. Pintos", *Cadernos de lingua* 1 (1990), pp. 145-153.
- Roca Pons, J., "Estudio morfológico del verbo español", *Revista de Filología Española* 49 (1966), pp. 73-89.
- Rodríguez, F. J., *Diccionario gallego*, editado por Galicia. *Revista Universal de este Reino*, Imprenta do Hospicio Provincial, A Coruña, 1863.
- R[odríguez] Rodríguez, Manuel, "Declinación gallega", *Galicia. Revista Regional*, I, 2ª época, n. 5 (11.1892), pp. 267-275; n. 6 (12.1892), pp. 335-345; n. 7 (01.1893), pp. 385-390; n. 8 (02.1893), pp. 461-469; n. 9 (03.1893), pp. 525-528.
- R[odríguez] Rodríguez, Manuel, "Los orígenes del gallego. La lengua lusitana no es el idioma propio y natural de los gallegos", *Revista Gallega*, II, n. 62 (10.05.1896), p. 4.
- R[odríguez] Rodríguez, Manuel, *Origen filológico del idioma gallego. Apuntes gramaticales sobre el romance gallego de la Crónica Troyana*, A Coruña, 1898.
- R[odríguez] Rodríguez, Manuel, "Apuntes gramaticales sobre el romance gallego de la *Crónica Troyana*", en Andrés Martínez Salazar (ed.), *Crónica Troiana*, vol. I, Imprenta de la Casa de Misericordia, A Coruña, 1900, pp. 1-87.
- R[odríguez] Rodríguez, Manuel, "Un bosquejo filológico sobre las lenguas neo-latinas", *Santiago. Revista literaria*, III (1902), n. 1, pp. 12-15; n. 2, pp. 12-15; n. 3, pp. 11-13.
- R[odríguez] Rodríguez, Manuel, *Origen filológico del romance castellano*, Santiago, 1905.



- Rodríguez Vilarinho, Felisindo, "Precursores dos estudos lingüísticos e gramaticais na Galiza", in *II Congreso Internacional. Galiza 1987. Actas*, AGAL, A Coruña, 1987, pp. 137-155.
- Rojo, Guillermo, "La temporalidad verbal en español", *Verba* 1 (1974), pp. 68-149.
- Rojo, Guillermo, *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Anexo 2 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1974.
- Rosemblat, Angel, "Las ideas ortográficas de Bello", in *Obras Completas de Andrés Bello*, vol. V (Estudios Gramaticales), Ministerio de Educación, Caracas, 1951, pp. ix-cxxxviii.
- Saco Arce, Juan Antonio, *Gramática gallega*, Imprenta de Soto Freire, Lugo, 1868. Existe unha segunda edición de Artes Gráficas Tanco, Ourense, 1967. Recensión en *Romania* (1872), pp. 243-244.
- Saco Arce, Juan Antonio, "Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes", *El Heraldo Gallego*, III, n. 104 (05.01.1876), pp. 3-5; n. 105 (08.01.1876), pp. 9-11; n. 106 (12.01.1876), pp. 17-18.
- Saco Arce, Juan Antonio, "El habla gallega ¿es léngua, idioma ó dialecto?", *El Heraldo Gallego*, III, n. 133 (19.04.1876), pp. 233-235.
- Salvá, Vicente, *Gramática de la lengua castellana según ahora se habla*. Edición y estudio de Margarita Lliteras, 2 vols., Arco Libros, Madrid, 1988.
- Santamarina, Antón, s.v. 'diccionarios', in *Gran Enciclopedia Gallega* 9, pp. 90-92.
- Santamarina, Antón, s.v. 'gramática', in *Gran Enciclopedia Gallega* 16, pp. 191-194.
- Santamarina, Antonio, *El verbo gallego*. Anexo 4 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1974.
- Santamarina, Antonio, "El adverbio gallego. Estudio basado en el habla del Valle de Suarna (Fonsagrada, Lugo)", *Verba* 2 (1975), pp. 59-106.
- Santamarina, Antón, "Dialectoloxía galega. Historia e resultados", in Ramón Lorenzo e Dieter Kremer (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, Xunta de Galicia, Santiago, 1982, pp. 153-187.

- Saralegui y Medina, Leandro de, "El Regionalismo en Galicia", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 7 (07.1888), pp. 289-296.
- Sarmiento, Fr. Martín, *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, Madrid, 1775.
- [Sarmiento, Fr. Martín], "Escritos filológicos del Padre Sarmiento", vid. Julián Paz.
- Sarmiento, Fr. Martín, *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Universidade de Salamanca, 1970.
- Sarmiento, Fr. Martín, *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Universidade de Salamanca, 1973.
- Sarmiento, Fr. Martín, *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*. Edición e estudio de J. L. Pensado, Universidade de Salamanca, 1986.
- Sarmiento, Ramon, "Sentimento e ideologia sobre a língua no Ressurdimento", in *Actas. I Congreso Internacional da Língua Galego-Porttuguesa na Galiza*, AGAL, A Coruña, 1986, pp. 161-171.
- Sarmiento, Ramón, "La gramática de la Academia: historia de una metodología", *BRAE* 58 (1978), pp. 435-446.
- Sarmiento, Ramón, "Introducción" a Real Academia Española, *Gramática de la lengua castellana 1771*. Edición facsimilar da primeira edición, Editora Nacional, Madrid, 1984.
- Segarra, Mila, *Història de l'ortografia catalana*, Empúries, Barcelona, 1985.
- Segarra, Mila, *Història de la normativa catalana*, Enciclopèdia catalana, Barcelona, 1985.
- Sieiro, Juan, "Porvenir del dialecto gallego", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, I (1879), n. 25, pp. 299-300.
- Sletsøe, Leif, "Nombre y lumbre - nome y lume. Las desinencias latinas -men y -minem en español y portugués", *Zietschrift für Romanische Philologie* 82, 3/4 (1966), pp. 275-297.
- Sobreira, Fr. Juan, *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio de J. L. Pensado, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», Ourense, 1979.

- Soto Campbs, José, "Diccionario gallego", *El Herald Gallego*, IV, n. 223 (10.10.1877), pp. 146-147; n. 224 (15.10.1877), pp. 153-154; n. 227 (30.10.1877), pp. 176-177; n. 251 (25.11.1877), pp. 208-209; n. 253 (05.12.1877), pp. 223-224.
- Sousa Fernández, Xulio César, "O artigo cos nomes propios de persoa no galego moderno", in *Actas do XIX Congreso de Lingüística e Filoloxía Románicas*, en prensa.
- Sten, H., "L'infinitivo impessoal et l'infinitivo pessoal en portugais moderne", *Boletim de Filologia* 13 (1952), pp. 83-142 e 210-256.
- Taboada Cid, Manuel, *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*, Universidade de Santiago, 1979.
- Taboada Cid, Manuel, "Notas para una edición de las primeras gramáticas de la Real Academia Española (1771, 1772, 1781 y 1788)", *Verba* 8 (1981), pp. 79-112.
- Tavani, Giuseppe, "Antecedentes históricos: a ortografía da língua portuguesa", en Ivo Castro, Inês Duarte, Isabel Leiria (eds.), *A demanda da ortografia portuguesa. Comentário do Acordo Ortográfico de 1986 e subsídios para a compreensão da Questão que se lle seguiu*, Sá da Costa, Lisboa, 1987, pp. 201-203.
- Teyssier, Paul, *História da língua portuguesa*, Sá da Costa, Lisboa, 1987<sup>3</sup>.
- Torre-Cores, "Respuesta á un gallego viejo", *Revista de Galicia*, I, n. 13 (10.07.1880), pp. 177-178.
- Un gallego vello, vid. Valentín Lamas Carvajal.
- Vaamonde Lores, Florencio, "Do idioma galego", *Revista Gallega*, II, n. 65 (31.05.1896), pp. 3-4. Asinado co pseudónimo de Fulvio Vergodense.
- Valcárcel, Marcos, *A prensa en Ourense e a súa provincia*, Deputación Provincial, Ourense, 1987.
- Valladares, Marcial, "Del apóstrofo en la escritura gallega", *La Ilustración Gallega y Asturiana*, I, n. 11 (1879), pp. 123-124.
- Valladares, Marcial, *Diccionario gallego-castellano*, Estab. tip. del Seminario Conciliar, Santiago, 1884.
- Valladares, Marcial, "Escritura gallega", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 6 (06.1888), p. 267-270.

- Valladares, Marcial, "Una reflexión", *Galicia. Revista Regional*, II, n. 8 (08.1888), pp. 397-399.
- Valladares, Marcial, *Elementos de gramática gallega* [1892], Galaxia-Penzol, Vigo, 1970.
- Varela, José Luis, "Cartas a Murguía", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 25 (1953), pp. 279-294; 27 (1954), pp. 125-141, e 28 (1954), pp. 293-307.
- Varela, José Luis, *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*, Gredos, Madrid, 1958.
- Varela Jácome, Benito, "Análise lingüística", in Manuel Curros Enríquez, *Aires da miña terra*, Edición de Benito Valera Jácome, Xerais, Vigo, 1990, pp. 49-53.
- Vasconcelos, Carolina Michaëlis de (ed.), *Cancioneiro da Ajuda*, 2 vols., Max Niemeyer, Halle a.S, 1904. Reproducción facsimilar de Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1990.
- Vasconcelos, Carolina Michaëlis de, "Glossário do Cancioneiro da Ajuda", *Revista Lusitana* 23 (1920), pp. 1-95. Reproducción facsimilar na reprodución, tamén facsimilar, da súa edición do *Cancioneiro da Ajuda*, vol. 1, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1990.
- Vasconcelos, Carolina Michaëlis de, "A ortografía nacional", in *Lições de Filologia Portuguesa, segundo as prelecções feitas aos cursos de 1911/12 e de 1912/13*, Dinalivro, Lisboa, s.d., pp. 100-123. Publicado orixinariamente en *O Primeiro de Janeiro*, en marzo de 1911 e recollido posteriormente na *Revista Lusitana*.
- Vasconcelos, Carolina Michaëlis de, *Lições de Filologia Portuguesa, segundo as prelecções feitas aos cursos de 1911/12 e de 1912/13*, Dinalivro, Lisboa, s.d.
- Vasconcellos, José Leite de, "Galego", in *Opúsculos*, IV, Imprensa da Universidade, Coimbra, 1929, pp. 621-669.
- Vasconcellos, José Leite de, *Lições de filologia portuguesa*, Livros de Portugal, Rio de Janeiro, 1966<sup>4</sup>.
- Vasconcellos, José Leite de, *Esquisse d'une dialectologie portugaise*, Instituto Nacional de Investigaçã Científica, 1987<sup>3</sup>.
- Vázquez Cuesta, Pilar e Luz, Maria Albertina Mendes da, *Gramática portuguesa*, 2 vols., Gredos, Madrid, 1971<sup>3</sup>.

- Veiga, Alexandre, "Verbo latino e verbo galego. Notas para unha análise comparativa", *Verba* 13 (1986), pp. 75-125.
- Vesteiro Torres, Teodosio, "Martín Códax", *El Heraldo Gallego*, n. 147 (07.07.1876).
- Viana, Aniceto dos Reis Gonçalvez e Abreu, Guilherme de Vasconcelos, *Bases de ortografía portuguesa*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1885.
- Viana, Aniceto dos Reis Gonçalvez, *Ortografía Nacional. Simplificación e uniformización sistemática das Ortografías Portuguesas*, Viuva Tavares Cardoso, Lisboa, 1904.
- Vidueiros, Alberte, vid. Valentín Lamas Carvajal.
- Viñas, Cristobo das, "Los orígenes del gallego", *Revista Gallega*, II, n. 67 (14.06.1896), pp. 2-3.
- Williams, Edwin B., *Do latim ao português*, Tempo Brasileiro, Rio de Janeiro, 1975<sup>3</sup>.
- Zamora Vicente, Alonso, *Dialectología española*, Gredos, Madrid, 1967<sup>2</sup>.
- Zamora Vicente, Alonso, *Estudios de dialectología hispánica. Anexo 25 de Verba*, Universidade de Santiago, 1986.

## 2. Textos literarios do século XIX.

- Álbum de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, Imprenta do Hospicio Provincial, A Coruña, 1862.
- Añón, Francisco, *Poesías gallegas y castellanas*. Prólogo de Victorino Novo y García, A. Martínez Salazar, editor, A Coruña, 1899.

Boado Sánchez, Pedro, *Diálogo entre dos Labradores gallegos afligidos y un Abogado instruido, despreocupado y compasivo. CUADERNO PRIMERO al cual seguirá el segundo. Contiene las principales disposiciones eclesiásticas y civiles, relativas á los que comunmente se llaman derechos de estola y pie de Altar*, Oficina de D. Juan María de Pazos, Ourense, 1823. *O Tío Farruco. Diálogo entre dos Labradores gallegos, afligidos, y un Abogado instruido, despreocupado y compasivo. Contiene las principales disposiciones eclesiásticas y civiles, relativas á los que se llaman comunmente derechos de estola y pie de Altar*, Ourense, Oficina de D. Juan María de Pazos, 1841<sup>2</sup>.

Castro de Murguía, Rosalía, *Cantares gallegos*, Imprenta de D. Juan Compañel, Vigo, 1863. Reproducción facsimilar na Biblioteca de la Gran Enciclopedia Gallega, Barcelona, 1986. A segunda edición, corrixida e aumentada foi editada na Imprenta de Ribadeneyra, Madrid, 1872.

Castro, Rosalía de, *Cantares gallegos*. Edición de Xavier Rodríguez Baixeras, Xerais, Vigo, 1990.

Castro de Murguía, Rosalía, *Follas novas. Versos en gallego. Precedidos de un prólogo de Emilio Castelar*, La Propaganda Literaria, La Habana, 1880. Reproducción facsimilar da Real Academia Gallega, A Coruña, 1982.

Castro, Rosalía de, *Follas novas*. Edición de Marina Mayoral e Blanca Roig, Xerais, Vigo, 1990.

Curros Enríquez, Manuel, *Aires d'a miña terra. Colección de poesías gallegas, c'un prólogo de D. José Ogea*, Tipografía de A. Otero, editor, Ourense, 1880. A terceira edición, corrixida e aumentada, foi publicada por Latorre y Martínez, editores, A Coruña, 1886.

Curros Enríquez, Manuel, *Aires da miña terra*, Edición de Benito Valera Jácome, Xerais, Vigo, 1990.

Curros Enríquez, Manuel, *O Divino Sainete. Poema en oito cantos*, Imprenta de Ferrer, A Coruña, 1888. A edición de Xesús Alonso Montero, Edicións do Castro, A Coruña, 1969, reproduce o texto da primeira edición e, ademais, informa acerca das variantes que esta presenta con respecto ó texto autógrafa.

- Fandiño, Antonio Benito, *Sainete en gallego para cuatro personas, del célebre literato D. Antonio Benito Fandiño. Juguete inédito, hallado entre los papeles de un curioso amigo del autor, y se da a luz para honrar su memoria* [1812], Oficina de D. Juan María Pazos, Ourense, 1849.
- Fernández y Morales, Antonio, *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, Establ. Tip. de la Viuda de Miñón, León, 1861.
- Iglesia, Antonio de la, "Reseña stórica de Galicia", *Galicia. Revista universal de este Reino*, II, n. 24 (15.09.1861), p. 369-371. Publicado posteriormente de forma parcial, pero con notables alteraci3ns en *A Monteira*, II, n. 58 (08.11.1890), pp. 41-42, e n. 63 (13.12.1890), pp. 81-82.
- Lamas Carvajal, Valentín, *Saudades gallegas*, Imp. de la Propaganda Gallega, Ourense, 1880. Reproducci3n fascimular da Real Academia Galega, A Coruña, 1981.
- L3pez Ferreiro, Antonio, *A tecedeira de Bonaval. Episodio da hest3rea de Compostela no sigro XVI*, El Pensamiento Gallego, Santiago, 1894.
- L3pez Ferreiro, Antonio, *A tecedeira de Bonaval*, Edici3ns Xerais de Galicia, Vigo, 1985.
- Martelo Paumán, Evaristo, *Os afillados do demo. Conto*, Establecemento Tipogr3fico de J. Puga, A Coruña, 1885. Reproducci3n facsimilar en Edici3ns do Cerne, Santiago, 1990.
- Martelo Paumán, Evaristo, *L3ricas gallegas*, Imp. de Viuda de Ferrer e Hijo, A Coruña, 1894.
- Mart3nez Gonz3lez, Manuel, *Poemas gallegos, seguidos d'un tratado sobre o modo de falar e escribir con propiedade 3 dialeuto*, Tip. de J.M. Madrigal, Pontevedra, 1883.
- Montenegro Saavedra, Amador, *Muxenas*, Emp. de Anxel Varela, Vigo, 1896.
- [Pardo de Andrade, Manuel], *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrirollas os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector*, Coruña, En la Caxa Tipogr3fica del Diario, 1813.

- Parola k'houbo entre Goriño Antelo, Farruco Allende, e Antón Terelo a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada ó pé da letra por un urbano que à oeu agachado tras d'unha pipa; que viña de camiño.* Manuscrito inédito.
- Pérez Ballesteros, José, *Versos en dialecto gallego y correspondencia castellana de sus principales voces. Con un prólogo por D. Juan Saco y Arce*, P. Calleja y Compañía, editores, Madrid, 1878.
- Pérez Ballesteros, José, "Paráfrasis d'o salmo 113 de David", *Revista de Galicia*, ano I, n. 19 (10.10.1880), p. 332.
- Pérez Ballesteros, José, *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña, con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theófilo Braga, y concordancias por Antonio Machado y Alvarez*, 3 vols., Est. tip. de Ricardo Fé, Madrid, 1885-1886. Reproducción facsimilar de Akal, Madrid, 1979, con prólogo de Xesús Alonso Montero.
- Pérez Ballesteros, José, *Foguetes*, Andrés Martínez Salazar, editor, A Coruña, 1888.
- Pintos, Xoán Manuel, *A gaita gallega tocada po lo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo, a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e ainda mais*, Imprenta de José y Primitivo Vilas, Pontevedra, 1853. Reproducción facsimilar da Real Academia Galega, A Coruña, 1981.
- Pondal, Eduardo, *Queixumes dos pinos*, Latorre y Martínez, editores, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1886.
- Pondal, Eduardo, *Poesía*. Edición de Manuel Forcadela, Xerais, Vigo, 1989.
- Saco Arce, Juan Antonio, *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Edición y estudio preliminar de Juan Luis Saco Cid, Deputación Provincial de Ourense, 1987.
- Valladares, Marcial, *Majina, ou a filla espúrea*, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, II (1880), nn. 21, p. 266; 22, p. 281; 23, pp. 293-294; 24, pp. 306-307; 25, pp. 317-318; 27, pp. 341-342; 30, pp. 376-377; 31, pp. 389-390; 32, pp. 402-403; 34, pp. 429-430; 36, pp. 460-461.



Valladares, Marcial, *Maxina*. Edición de Anxo Tarrío,  
Margarita Neira e Blanca Roig-Rechou, Xerais, Vigo,  
1991.



## ÍNDICE XERAL

I. ORTOGRAFÍA.....	18
1. Introducción.....	19
1.1. O Rexurdimento literario e o espertar dunha conciencia normativa.....	19
1.2. A tradición escrita e o establecemento da norma ortográfica.....	25
1.3. Á procura dun modelo. Galego fronte a español e portugués.....	32
1.3.1. Galego e portugués.....	33
1.3.2. O peso da ortografía española.....	51
1.4. O galego diante dos procesos de reforma ortográfica de fins do XIX e principios do XX. A polémica entre etimoloxistas e foneticistas.....	57
2. A representación da prepalatal fricativa xorda....	65
2.1. A representación gráfica do /ʃ/ no galego moderno.....	66
2.2. O debate sobre a representación do /ʃ/.....	78
2.2.1. Xoán Manuel Pintos.....	79
2.2.2. O período 1853-1868.....	83
2.2.3. Cuveiro.....	85
2.2.4. A gramática de Saco.....	88
2.2.5. O período 1868-1888.....	91
2.2.6. 1888, o ano da polémica.....	94
2.2.6.1. O desenvolvemento do debate.....	96
2.2.6.2. As propostas ortográficas.....	100
2.2.6.3. Os argumentos do debate.....	103
a. Tradición vs. actualización.....	104
b. O 'elemento democrático' fronte á 'auctoritas'.....	108
c. A ortografía, ¿para quen e para que?.	112
d. A solidariedade coas linguas románicas e a coherencia co propio sistema fonolóxico.....	116
e. A sistematicidade e a coherencia interna das propostas.....	119
2.2.6.4. A singular proposta de Valladares.	121
2.2.7. Despois da polémica.....	124

3. O emprego do grafema <h>.....	130
4. A representación do fonema /b/.....	142
5. A representación da nasal velar en posición intervocálica.....	152
6. O emprego do grafema <y>.....	161
7. O sistema de acentuación gráfica e as vocais de abertura media.....	173
8. Encontros vocálicos e contraccións: o uso do apóstrofo e do guión de enlace.....	187
<b>II. GRAMÁTICA.....</b>	<b>205</b>
1. Introducción. O concepto de gramática e a procura da norma culta.....	206
1.1. A gramática e a súa división.....	206
1.2. A procura dun 'modelo de corrección' para o galego.....	208
1.3. A pluralidade dialectal e o establecemento da norma.....	218
2. As 'partes da oración'.....	224
3. O artigo.....	227
3.1. O artigo como 'parte da oración'. Caracterización.....	227
3.2. O artigo determinado.....	233
3.2.1. Morfoloxía.....	233
3.2.1.1. A segunda forma do artigo.....	235
3.2.1.2. O terceiro alomorfo.....	246
3.2.1.3. Contraccións.....	248
3.2.2. Usos do artigo determinado.....	258
3.2.2.1. Artigo con posesivo.....	258
3.2.2.2. Artigo con nomes propios.....	260
3.3. O artigo indeterminado.....	264
4. O pronome persoal.....	268
4.1. O pronome. Caracterización e tipos.....	268
4.2. O pronome persoal.....	273
4.2.1. Formas.....	274

4.2.1.1. Os paradigmas.....	277
4.2.1.2. <i>Ti / tu, el / il</i> .....	283
4.2.1.3. O neutro <i>elo</i> .....	288
4.2.1.4. <i>Nós, vós / nosoutros, vosoutros</i> ...	289
4.2.1.5. Formas de tratamento cortés para o interlocutor.....	293
4.2.1.6. Formas oblicuas ligadas.....	297
4.2.1.7. <i>Te / che</i> .....	299
4.2.1.8. O pronome acusativo de terceira persoa.....	300
4.2.1.9. <i>Lle / ñe</i> .....	308
4.2.1.10. <i>Lle / lles</i> .....	309
4.2.1.11. Contraccións.....	314
4.2.2. Funcións e usos.....	316
4.2.2.1. Formas tónicas. O emprego das formas rectas de terceira persoa.....	317
4.2.2.2. Formas átonas.....	319
4.2.2.1. Construcións pleonásticas.....	319
4.2.2.2. Dativo de solidariedade.....	320
4.2.2.3. As formas de acusativo de terceira persoa.....	321
4.2.3. Posición do pronome átono.....	322
4.2.4. A interpolación.....	325
4.2.5. Secuencias de pronomes átonos.....	327
5. O demostrativo.....	329
5.1. Caracterización.....	329
5.2. O paradigma.....	331
5.3. Contraccións.....	336
5.4. <i>Tal e mesmo</i> , demostrativos.....	337
6. O posesivo.....	339
6.1. Caracterización.....	339
6.2. Formas.....	340
7. Os indefinidos.....	343
7.1. Caracterización.....	343
7.2. As formas.....	346
7.2.1. <i>Outro / outro</i> .....	346
7.2.2. <i>Calquera, calquer, calqueira</i> .....	349
7.2.3. <i>Ninguén / nadie, naide, nadia</i> .....	351
7.2.4. <i>Ningún / nengún</i> .....	353
7.2.5. <i>Algún</i> posposto ó substantivo en frases de sentido negativo.....	354
8. Os relativos.....	356
8.1. Caracterización.....	356
8.2. Formas.....	358

9. Os interrogativos.....	364
10. Os numerais.....	366
10.1. Caracterización xeral. A adscrición dos numerais.....	366
10.2. Clasificación interna.....	368
10.3. Formas.....	370
11. Os elementos nominais.....	374
11.1. Concepto de nome. Substantivo e adxectivo...	374
11.2. Clasificación do substantivo.....	379
11.2.1. Clasificación semántica.....	379
11.2.2. Clasificación morfolóxica.....	382
11.3. Clasificación do adxectivo.....	383
11.4. Caracterización morfolóxica.....	385
11.4.1. O xénero.....	385
11.4.1.1. Tipos de xénero.....	385
11.4.1.2. O xénero no substantivo.....	388
11.4.2. O número. Formación do plural.....	407
11.4.2.1. O plural dos substantivos compostos.....	426
12. O verbo (I). Caracterización xeral.....	430
12.1. Concepto de verbo.....	430
12.1.1. Saco.....	430
12.1.2. Valladares.....	433
12.2. Os tipos de verbo.....	435
12.2.1. Saco.....	435
12.2.1.1. Verbos afirmativos vs. atributivos.....	435
12.2.1.2. Verbos derivados e compostos.....	436
12.2.1.3. Verbos transitivos, intransitivos e reflexivos.....	438
12.2.1.4. Outros tipos de verbo.....	439
12.2.2. Valladares.....	440
12.3. A voz. O problema da pasiva.....	442
12.4. Concepto de modo. Os modos verbais.....	445
12.5. A temporalidade verbal. Organización temporal do verbo galego.....	447
12.5.1. As formas compostas.....	453
12.5.2. Infinitivo persoal e infinitivo invariable.....	459
12.5.3. O participio.....	464
13. O verbo (II). Morfoloxía regular.....	466
13.1. O radical.....	467
13.1.1. Alternancias na vocal radical dos verbos da CII con vocal radical /e/ ou /o/.....	467

13.1.2. Alternancias na vocal radical dos verbos da CIII.....	471
13.1.2.1. Verbos con vocal radical /e/.....	471
13.1.2.2. Verbos con vocal radical /u/.....	476
13.2. A vocal temática.....	479
13.2.1. As clases mórficas.....	479
13.2.1.1. Verbos procedentes da CIII latina con vocal radical /i/ ou /u/.....	480
13.2.1.2. Outros verbos con vacilación entre a CII e a CIII: <i>bater / batir, xemer / xemir, etc.</i> .....	489
13.2.1.3. Vacilación <i>-aer / -aír, -oer / -oír</i> .....	491
13.2.2. A P <sub>1</sub> do perfecto da CI: <i>cantei / cantín</i> .....	494
13.2.3. Vacilación e / $\emptyset$ na P <sub>3</sub> do presente de indicativo e na P <sub>2</sub> do imperativo nalgúns verbos da CII.....	497
13.2.4. A vocal temática nos verbos en <i>-aer, -aír, -oer, -oír</i> .....	501
13.2.4.1. A P <sub>1</sub> do presente de indicativo e o presente de subxuntivo.....	501
13.2.4.2. A P <sub>2</sub> e P <sub>6</sub> do presente de indicativo.....	503
13.2.4.3. Vacilación /i/ - /e/ na P <sub>3</sub> do presente de indicativo e na P <sub>2</sub> do imperativo.....	506
13.2.5. Vacilación /e/ /i/ na <i>vr</i> dos perfectos fracos de CII e CIII.....	508
13.2.5.1. A P <sub>2</sub> dos perfectos de CII.....	508
13.2.5.2. A P <sub>3</sub> dos perfectos fracos de CII e CIII.....	510
13.2.5.3. A P <sub>4</sub> e a P <sub>5</sub> dos perfectos fracos de CII.....	514
13.2.6. A vocal temática nos futuros.....	515
13.3. O sufixo modo-temporal.....	520
13.3.1. Desprazamentos acentuais na P <sub>4</sub> e na P <sub>5</sub> do presente de subxuntivo.....	520
13.3.2. Vacilación <i>-r- / -re-</i> no infinitivo conxugado e no futuro de subxuntivo.....	523
13.3.3. A P <sub>4</sub> e a P <sub>5</sub> do copretérito, antepretérito e pospretérito de indicativo e do pretérito de subxuntivo.....	529
13.4. O sufixo número-persoal.....	533
13.4.1. A P <sub>1</sub> do pretérito e do futuro de indicativo.....	533
13.4.2. A P <sub>2</sub> do pretérito.....	534
13.4.3. Os sufixos número-persoais da P <sub>5</sub> .....	540
13.4.3.1. O SNP <i>-des / -s</i> .....	540
13.4.3.2. A P <sub>5</sub> do imperativo.....	548
13.4.3.3. A P <sub>5</sub> do pretérito.....	551
13.4.4. A P <sub>6</sub> do pretérito.....	554

14. O verbo (III). Morfoloxía irregular.....	558
14.1. Andar.....	558
14.2. Caber.....	563
14.2.1. A P <sub>1</sub> do presente de indicativo e o presente de subxuntivo.....	563
14.2.2. O tema de perfecto.....	566
14.3. Dar.....	567
14.3.1. A P <sub>1</sub> do pretérito de indicativo.....	567
14.3.2. As restantes formas do tema de perfecto.....	569
14.3.3. O presente de subxuntivo.....	574
14.4. Dicir.....	576
14.4.1. A P <sub>2</sub> , P <sub>3</sub> e P <sub>6</sub> do presente de indicativo e a P <sub>2</sub> do imperativo.....	576
14.4.2. O radical do futuro e do pospretérito de indicativo.....	578
14.4.3. O tema de perfecto.....	580
14.5. Estar.....	581
14.5.1. O presente de subxuntivo.....	581
14.5.2. O tema de perfecto.....	583
14.6. Facer.....	585
14.6.1. O tema de presente.....	585
14.6.2. O tema de perfecto.....	588
14.7. Haber.....	589
14.7.1. O presente de indicativo.....	589
14.7.2. O presente de subxuntivo.....	591
14.7.3. O tema de perfecto.....	591
14.8. Ir.....	592
14.8.1. A P <sub>4</sub> e a P <sub>5</sub> do presente de indicativo e a P <sub>5</sub> do imperativo.....	592
14.8.2. O copretérito de indicativo.....	593
14.8.3. O presente de subxuntivo.....	594
14.8.4. O tema de perfecto.....	595
14.9. Oír.....	595
14.10. Poder.....	600
14.10.1. O tema de presente.....	600
14.10.2. O tema de perfecto.....	601
14.11. Poñer / pór.....	603
14.11.1. Os tempos do tema de presente.....	603
14.11.2. O tema de perfecto.....	606
14.12. Querer.....	607
14.13. Saber.....	609
14.13.1. A P <sub>1</sub> do presente de indicativo e o presente de subxuntivo.....	609
14.13.2. O tema de perfecto.....	612
14.14. Salir.....	613
14.15. Ser.....	616
14.15.1. O presente de indicativo.....	616
14.15.2. O presente de subxuntivo.....	619
14.15.3. O pretérito de indicativo.....	621
14.16. Ter.....	624
14.16.1. O presente de indicativo e o imperativo.....	624



14.16.2. O tema de perfecto.....	627
14.17. Traer.....	629
14.18. Valer.....	632
14.19. Ver.....	633
14.20. Vir.....	635
14.20.1. O presente de indicativo e o imperativo.....	635
14.20.2. O tema de perfecto.....	635
15. O adverbio.....	637
15.1. Caracterización.....	637
15.2. Clasificación.....	640
16. Os 'elementos de relación': preposición e conxunción.....	642
16.1. Definición.....	642
16.2. Clasificación das preposicións.....	644
16.3. Clasificación das conxuncións.....	647
16.4. Notas sobre o emprego dalgunhas preposicións.....	648
17. A interxección.....	650
III. CONCLUSIÓNS.....	653
1. O problema ortográfico.....	654
2. A descrición gramatical e o modelo de lingua.....	661
IV. BIBLIOGRAFÍA.....	667
1. Referencias bibliográficas.....	668
2. Textos literarios do século XIX.....	693